

2007

# A Lingua Galega na Cidade no Século XX : Unha Aproximación Sociolingüística

Gabriel Rei-Doval

University of Wisconsin - Milwaukee, reidoval@uwm.edu

Follow this and additional works at: [https://dc.uwm.edu/spa\\_por\\_facbooks](https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks)



Part of the [Other Spanish and Portuguese Language and Literature Commons](#)




---




## Recommended Citation

Rei-Doval, Gabriel, "A Lingua Galega na Cidade no Século XX : Unha Aproximación Sociolingüística" (2007). *Spanish and Portuguese Faculty Books*. 6.

[https://dc.uwm.edu/spa\\_por\\_facbooks/6](https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks/6)

This Book is brought to you for free and open access by UWM Digital Commons. It has been accepted for inclusion in Spanish and Portuguese Faculty Books by an authorized administrator of UWM Digital Commons. For more information, please contact [open-access@uwm.edu](mailto:open-access@uwm.edu).





UNIVERSITARIA

Deseño da colección: RE-VISIÓN  
Fotografía da cuberta: Vari Caramés

© Gabriel Rei-Doval, 2007

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2007

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9782-525-2

Depósito Legal: VG. 22-2007

Impreso en Gráficas Varona, S. A.

Polígono Industrial El Montalvo, P. 49

37008 Salamanca

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

UNIVERSITARIA

# A LINGUA GALEGA NA CIDADE NO SÉCULO XX




**Unha aproximación sociolingüística**

**Gabriel Rei-Doval**

---




EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA





*Para Teresa Grela Pereira, in memoriam.  
Pola súa enerxía e por aprenderme a ser monolingüe.*





## INTRODUCCIÓN

Falar da lingua galega a comezos do século XXI implica necesariamente tomar perspectiva do proceso de mantemento e recuperación social do galego na época contemporánea. Esta investigación que presentamos aparece trala segunda transición de século desde comezara a recuperación da cultura galega no Rexurdimento. Non é este o lugar para deternos na análise da historia social do galego, pero si son chegados os tempos de avaliala situación da lingua galega tras case dous séculos de recuperación da nosa cultura, a nosa lingua e a nosa identidade.

Este foi e segue sendo o obxectivo, tan necesario coma ambicioso, de moitas investigacións realizadas nos últimos tempos. A nosa pretende contribuír a tan necesario labor para, desde a avaliación da situación sociolingüística actual, sermos quen de, nunha fase posterior, procurar e deseña-las alternativas correspondentes.

En principio, esta é unha investigación centrada no momento presente, xa que parte de datos sincrónicos recollidos en 1992. Así e todo, como teremos ocasión de expoñer en diante, trataremos tamén de ver a través da investigación *en tempo aparente* algunhas características da evolución da nosa lingua no medio urbano ó longo do século que acaba de rematar. Así mesmo, ofreceremos non previsións do que pode acontecer no futuro, porque iso corresponde máis ó terreo da historia-ficción ca ó da realidade, pero si algunhas pautas que sirvan para deseñar –desde as liñas básicas da

situación— unha serie de prioridades cara á planificación lingüística.

Este volume que hoxe presentamos inscríbese pois na investigación realizada nos últimos tempos para coñecer a situación social da lingua galega. Pertence, polo tanto, á tradición investigadora en socioloxía da lingua ou macrosociolingüística que se ten xerado no noso país nas tres últimas décadas, e que tivo como máximo expoñente a realización do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) (1990-1996). No marco deste, aspira a contribuír ó mellor coñecemento da situación sociolingüística da Galicia urbana.

O seu principal obxectivo, xa que logo, non é o contacto de linguas en Galicia en si mesmo, senón o estudo das relacións entre as linguas galega e castelá e os seus usuarios desde a óptica social. Naturalmente, dada a convivencia, tan pouco harmónica como equilibrada, entre galego e castelán, non se pode obviar que o estudo tamén atinxe dalgún xeito a presenza do castelán e mailos seus falantes en Galicia. Pero o seu principal obxectivo está no que de galego hai na realidade analizada.

Somos conscientes, con Habermas (1994a), de que na ciencia, coma na técnica, é imposible prescindir da ideoloxía. Se esta afirmación é válida incluso nas ciencias chamadas experimentais, a súa pertinencia móstrase dificilmente rebatible desde a perspectiva dunha ciencia humana e social como a sociolingüística. Outro achegamento levaría, sen dúbida, a realizar unha investigación non menos ideolóxica cá nosa, aínda que si máis próxima ó poder político e económico dominante ou a calquera outro.

Xa que logo, asumimos que este traballo forma parte dos esforzos sociais polo mantemento e a recuperación da lingua galega, e pretende achegar, na medida das posibilidades, argumentos de descrición e interpretación da nosa lingua na sociedade contemporánea. Isto non quere dicir, desde logo, que os datos analizados sexan unha mera escusa para realizar unha crítica ideolóxica da situación presente. Fronte

a esa visión perversa da investigación social, asumímo-lo carácter necesariamente ideolóxico de calquera investigación social, mesmo aquelas pretendidamente feitas desde a asepsia científica, mais non renunciámos a segui-los procederes e métodos habituais na investigación macrosociolingüística.

Por outra banda, o tema que abordamos, a situación sociolingüística do medio urbano, tense mostrado nos últimos anos como un dos aspectos máis relevantes e decisivos no estudo do status da lingua galega. De modo especial trala aparición do Mapa Sociolingüístico de Galicia (entre 1993 e 1996), témo-la constatación de que neste medio urbano é onde se producen as maiores perdas na vitalidade e no uso do galego. Por outra banda, sabemos da heteroxeneidade de situacións que abeira a etiqueta *urbano*, tanto desde o punto de vista xeoespacial como social. Así mesmo, grazas ó interese da xeografía humana e da socioloxía polos espazos urbanos, sabemos da pertinencia e necesidade de coñecer estes hábitat en profundidade, xa que na sociedade contemporánea moitos fenómenos e procesos que principian neste medio, desde alí comezan a difundirse a outros ámbitos de tipoloxía parcial ou plenamente rural. Esta importancia capital do medio urbano, que lidera en boa medida a vida social actual, lémbrennola tamén a dialectoloxía social e o variacionismo (socio) lingüístico coas súas múltiples análises do contorno urbano.

Temos polo tanto certeza, trala publicación do MSG, de que no medio urbano a situación é sensiblemente menos favorable ó galego ca no vilego ou o rural. Xa que logo, a realización desta investigación supón enfrontarse a aspectos *pouco gratos* á perspectiva optimista que ás veces suxiren algúns estudos destas características, e pode supoñer tamén unha posible fonte de desencanto e desilusión para algúns entusiastas acrícticos do noso idioma. Ante esa tesitura, poderíase pensar que é preferible ignorar e oculta-los aspectos problemáticos da situación social do galego, e centra-la atención en cuestións máis positivas e en principio susceptibles da cons-

trucción dun discurso lingüístico triunfalista, pero iso tamén nos levaría fóra dos lindes do traballo científico.

Mais a misión dunha investigación non pode nin debe ser fornecer argumentos para a construción do discurso sociopolítico, aínda que este feito poida derivarse dela con posterioridade, como acontece con frecuencia nos estudos sociolóxicos. Sen dúbida, o traballo científico debe fundamentarse na análise de todo tipo de situacións, sexan estas acordes ou non cos desexos e as preferencias do investigador. Porque, en todo caso, só desde o coñecemento profundo e rigoroso dunha realidade poderá afrontarse a súa mellora ou modificación.

Neste sentido, e a pesar do coñecemento xa moi considerable da realidade sociolingüística galega, esta investigación centrada no medio urbano pode servir para avaliar coa suficiente profundidade unha área do noso idioma aínda necesitada dunha máis detallada análise. Confiamos en que, máis cedo que tarde, o poder político galego tome conciencia e actúe coa suficiente vontade e valentía na promoción da nosa lingua nacional. Pola nosa banda, conformámonos con axudar a deitar algo de luz sobre unha desas áreas aínda escuras da lingua galega.

Por outra banda, este é tamén un traballo de corte macrosociolingüístico, no que se analizarán cuestións de carácter global, e iso implica deixar fóra da análise situacións e fenómenos concretos da fala, dos que se adoitan preocupalos enfoques microsociolingüísticos, que constitúen outro paradigma interpretativo interesante mais diferente do utilizado nesta investigación. Pola contra, en traballos coma o noso acostúmanse analizar variables relativas ó coñecemento ou competencia lingüística, ós usos e ás actitudes lingüísticas. Algúns combínanas todas para ofrecer unha visión de conxunto e outros prefiren centrarse unicamente en certos aspectos. No noso caso optamos por limitarnos a tres grandes bloques de cuestións que consideramos capitais para comprender a situación do galego no medio urbano: a competencia lingüística, a lingua inicial e os usos lingüísticos.

Deixaremos a unha banda, polo tanto, as actitudes lingüísticas que, dada a magnitude dos datos recollidos, necesitarían un estudo monográfico de seu e, de seren incluídas, converterían a nosa investigación noutra de carácter enciclopédico e levaríannos así a excede-los límites do razoable. Polo tanto, o noso achegamento restrinxirase ó ámbito dos comportamentos e prescindiremos das opinións e actitudes lingüísticas.

Sabemos que a utilización de material empírico, recollido nun cuestionario en forma de preguntas realizadas directamente por un entrevistador a un informante mediante unha entrevista guiada, obriga a considera-los datos obtidos como autovaloracións das prácticas lingüísticas e non constatacións directas de comportamentos da vida cotiá, como acontece nas investigacións destas características. Feita tal precisión, podemos dicir que analizaremos as prácticas, procedencia e comportamentos lingüísticos da poboación urbana galega a través dunha mostra de informantes.

A selección de temas de partida incluía a lingua inicial, o ámbito de adquisición do idioma, a competencia lingüística e tódolos usos sociais recollidos no cuestionario do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Mais esta escolma acabou revelándose tamén como demasiado ampla para unha investigación monográfica. A nosa estratexia de non utilizar procedementos estatísticos de resumo facía que necesitásemos un esforzo e espazo superiores ó posible e razoable. Por iso decidimos cingui-lo noso estudo ó ámbito dos usos lingüísticos. Así, limitámo-la análise das principais áreas no estudo do uso lingüístico á familia, a escola e o traballo, alén da lingua inicial, a habitual, o ámbito de adquisición do idioma e mailos niveis de competencia. Nestes últimos, cinguímonos a estudar a información fornecida directamente polos informantes –e, en todo caso, analizala en perspectiva histórica– prescindindo dos datos referentes ó dominio do galego dos pais e os avós dos informantes que estes subministraran, xa que se trataba dunha información menos detallada e nalgúns casos redundante coa análise por idade da competencia dos entrevistados.

No que se refire á organización deste volume, comezaremos por referirnos brevemente á importancia do medio urbano no conxunto da investigación social (capítulo I). Presentaremos a seguir algunhas consideracións sobre a historia externa da lingua galega no medio urbano, principalmente no século XX (capítulo II) e tamén situarémola nosa investigación na perspectiva metodolóxica que caracteriza estes traballos sociolingüísticos (capítulo III). Aquelas cuestións conceptuais máis directamente relacionadas con cada un dos capítulos serán analizadas ó comezo de cada un deles, para facer máis áxil e cómoda a exposición.

No corpo central deste volume achegarémonos ás principais áreas do noso estudo, que trataremos en capítulos independentes: a lingua inicial e os ámbitos de adquisición da lingua (IV), a competencia lingüística (V), a lingua habitual e os usos escritos (VI), os usos na familia (VII), os usos na escola (VIII) e os usos no traballo (IX). A seguir, dedicaremos atención pormenorizada ó cambio e á variación sociolingüística. No capítulo X analízase o cambio lingüístico consciente ó longo do tempo, de acordo coa percepción e declaracións directas fornecidas polos informantes e no XI ocupámonos da dimensión diatópica, ó tratármolas diferenzas que existen en relación cunha selección de parámetros sociolingüísticos básicos entre as sete cidades de Galicia.

Rematarémola nosa exposición coas conclusións, referencias bibliográficas e táboas xerais necesarias para entender algunhas das análises realizadas ó longo do volume. Somos conscientes de que con esta análise non se esgotan as posibilidades de estudo das cidades desde unha perspectiva sociolingüística. Pero tamén sabemos das regras e límites dunha monografía de investigación que, como dixemos, nunca debe converterse na acumulación enciclopédica de saberes.

Quixera salientar tamén nesta introdución o meu fondo agradecemento a diferentes persoas e institucións que fixeron posible de diversas maneiras a realización deste traballo. En primeiro lugar, debo referirme á Real Academia Galega, que

xenerosamente me permitiu utiliza-lo banco de datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG), e mais ó Seminario de Sociolingüística, do que formei parte entre 1990 e 1997. Sen o estímulo académico e intelectual que recibín naquela altura dificilmente podería chegar a escribir esta monografía.

Guillermo Rojo, primeiro director do Seminario de Sociolingüística, animoume en 1990 a realizar unha tese de doutoramento a partir dos materiais do MSG (1992-1996), e velaquí o resultado daquela suxestión. O alimento intelectual recibido de Mauro Fernández e Modesto A. Rodríguez Neira, coordinadores do equipo e do MSG, é máis intenso do que podería referir neste momento, mais non por iso quixera mostrarme menos agradecido. Naturalmente, co profesor Rodríguez Neira teño unha débeda aínda maior, por dirixir, con paciencia, dedicación e xenerosidade o curso da tese de doutoramento da que esta publicación é debedora.

Tampouco podo esquece-los múltiples comentarios e enriquecedores debates que sostiven durante aqueles anos de aventura investigadora cos meus compañeiros Luzia Domínguez Seco, Manuel Fernández Ferreiro, Montserrat Recalde e Fernando Ramallo. A débeda contraída con este último é probablemente moito maior do que este espazo me permitiría sequera suxerir, non só porque se vén prolongando desde hai máis dunha década senón porque, entre outras cousas, excede con moito os límites do MSG.

Esta publicación ten a súa orixe na tese de doutoramento *A lingua galega no medio urbano. Unha visión desde a macrosociolingüística*, dirixida polo profesor Modesto A. Rodríguez Neira e defendida en xullo de 2001 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O tribunal, formado por Antón Santamarina (presidente, USC), Henrique Monteagudo (secretario, USC), Andrés Barrera (Universidade Complutense de Madrid), Xosé Rubal (USC) e Glyn Williams (Universidade de Gales, Bangor), creuna merecente da máxima cualificación por unanimidade.



Nesta publicación que hoxe presento, porén, ademais dun cambio parcial de título, realicei diversas e nalgúns casos substanciais modificacións, malia a seguir na concepción xeral a mesma idea da tese de doutoramento. Reducín substancialmente o aparello teórico e estatístico, e obviei algunhas análises de datos que considereí menos relevantes nunha publicación coma esta. Así mesmo, tiven en conta as suxestións realizadas polo tribunal anteriormente mencionado para revisar algunhas formulacións. Naturalmente, das solucións finalmente adoptadas só eu son responsable.




Nestas sempre incompletas mostras de gratitude quixera lembrar tamén a Xesús Ferro Ruibal, que soubo ver e cataliza-lo meu interese adolescente pola lingua do país e, con amizade e xenerosidade, conducirme sen pretendelo ó terreo académico da filoloxía galega. Non por distante no tempo podo esquece-la súa decisiva axuda, porque para un mestre, lévenos onde nos leve a vida, unicamente caben boas palabras.

A realización da tese de doutoramento de que este volume é debedor tampouco sería posible sen a diaria, prolongada e silenciosa colaboración da miña familia en Mugardos. Eles –e sobre todo elas– saben de que falo. Igualmente, o meu posterior periplo por terras ben distantes levoume a contraer débedas adicionais, tanto na miña estancia na Universidade de Birmingham, coma no meu máxico bienio na Universidade de Oxford. Finalmente, quixera mostra-la miña gratitude a Ana Boullón, pola súa axuda para prepara-la versión final deste texto.

Con tódalas limitacións e aspectos mellorables deste volume, espero que os seus contidos contribúan a un mellor coñecemento da situación sociolingüística da Galicia urbana para, desde alí, axudar a fornecer argumentos útiles no proceso de mantemento e recuperación da nosa lingua nacional.

Entre Mugardos, Birmingham, Oxford e Milwaukee,  
mar por medio. Xaneiro de 2005

**I**  
**O MEDIO URBANO NA INVESTIGACIÓN**  
**DO COMPORTAMENTO**



A importancia da cidade e do medio urbano non precisa ser descuberta aquí, coñecida a súa decisiva repercusión nas formas de vida dos individuos e das sociedades contemporáneas. Por outra banda, a transcendencia dos movementos migratorios vén sendo obxecto de intensa análise desde hai décadas. Así, as características, as consecuencias e as implicacións do aumento da poboación en determinados hábitat viñeron sendo foco de interese en disciplinas como a xeografía, a economía, a socioloxía ou a lingüística do século XX.

Na actualidade, malia que os modelos de explicación global da realidade social foron abandonados por unha parte importante da comunidade científica, estase a impoñer unha concepción interdisciplinaria na análise desa realidade social. Porque, como lembra Lois González (1996, 451-452) precisamente verbo da análise do medio urbano:

(...) É posible desenvolver o achegamento a unha temática concreta mediante a combinación de diversas perspectivas de análise que poñan de manifesto distintos aspectos da mesma realidade estudada. As explicacións pechadas e unidireccionais baseadas no emprego dun modelo interpretativo de carácter totalizador constitúen a expresión dunha forma de traballo científico felizmente superada, pois a enorme complexidade das estruturas sociais, económicas e espaciais do mundo contemporáneo obriga a recurrir a un certo relativismo metodolóxico.

Esta perspectiva resulta especialmente rendible cando limita as súas análises a niveis parciais, establecendo así unha perspectiva concreta e asemade o máis integradora posible (Rodríguez Lestegás 1989, 7). Esta é a perspectiva coa que abordamos esta investigación: busca-la xeneralidade desde a análise dos feitos parciais que se deducen dos datos utilizados.

Desde o punto de vista cronolóxico, foi a xeografía a primeira en encargarse do estudo do medio urbano, moi especialmente tralos cambios sociodemográficos producidos na segunda metade do século XX, debidos en parte á necesidade de reconstrución das cidades derivada do remate da segunda guerra mundial e tamén resultado da aceleración que sofren a nivel mundial os procesos de urbanización e de éxodo campo-cidade. Os achegamentos do último medio século teñen sido variados e complementarios en moitos sentidos, froito da evolución das ciencias humanas e sociais no referido período. Na actualidade, o tratamento da realidade urbana desde a xeografía dá lugar a unha disciplina na que conviven achegamentos ecolóxicos, económicos, sociais e formais, entre outros. Cada vez presenta máis interese o coñecemento das representacións e proxeccións do individuo («the world in the head»); é dicir, en que sentido esas imaxes, tanto os elementos reais como as olladas diversas, mesmo as baseadas en ideas falsas, inflúen na percepción e vida das cidades contemporáneas.

A socioloxía é outra das disciplinas que dedicou atención especial ó estudo das cidades. A interrelación entre a industrialización e o fenómeno urbano non foi allea a tal interese, desde Marx e Engels ata Castells, pasando por Dürkheim, Weber, Wirth ou a Escola de Chicago. As formas de vida e a súa relación coas formas de produción, as razóns dos cambios experimentados polas cidades e outros espazos, os efectos destes procesos sobre os contactos e a organización social e as formas culturais ou as relacións ecolóxicas que se manteñen no medio urbano son só algúns exemplos dos aspectos estudados ó longo do último século na socioloxía urbana. A súa interacción coas perspectivas doutras disciplinas e

achegamentos son evidentes, e polo tanto semella inevitable tomalas en consideración á hora de realizar análises atinadas de calquera aspecto da realidade urbana estudada.

### **Os procesos de urbanización no mundo contemporáneo**

A pesar de que o comezo dos procesos de urbanización se adoita situar a mediados do século XVIII e, máis intensamente, no século XIX, en realidade só Gran Bretaña seguiu ese ritmo. Nos demais países de Europa, a auténtica expansión urbana prodúcese no século XX e, como no caso do Estado Español, mesmo na segunda metade dese século. Os datos ofrecidos por De Vries (1987) apuntan en tal dirección: a finais do século XIX só Gran Bretaña tiña máis do 60 por cento da poboación situada en espazos urbanos, mentres o país que máis se aproximaba era Bélxica, con unicamente o 34 por cento (cfr. Vinuesa Angulo & Vidal Domínguez 1991, 77-78, 191 e ss.). O proceso ten dúas dimensións complementarias que reforzan o seu efecto, xa que non só as cidades aumentan espectacularmente a súa poboación, senón que ademais xorden novos núcleos que non tiñan (apenas) carácter urbano, e que se suman con forza ó proceso emerxente. Paralelamente, as cidades van consolidando tamén a súa capacidade de liderado e dirección sobre os asentamentos rurais próximos, o que contribuirá a incrementa-lo seu dinamismo como área dominante.

Este medre espectacular que experimentaron no mundo as cidades a partir da revolución industrial provocou, no entanto, diversos problemas de amoreamento da poboación, contaminación, caos urbanístico, etc. Ante tal situación, desde principios do século XIX comezaron a aparecer diversos intentos de planificación, entre eles os de Owen ou Fourier, que deseñan desde perspectivas idealistas organizacións alternativas do espazo para face-las cidades máis habitables desde a perspectiva das persoas que viven nelas. Plans semellantes de desenvolvemento espacial deséñanse para as cidades ame-

ricanas con fins nomeadamente prácticos. En Europa acométese diversas actuación urbanísticas dirixidas á reforma interior das cidades. En España son de salientar os plans de Cerdá para Barcelona e o de Castro para Madrid (ámbolos dous de 1860), que deron paso a moitos outros deseñados para diversas cidades españolas. Así, nesta época prodúcese unha importante reestruturación dos sectores urbanos, así como a perda de centralidade dos cascos antigos como núcleo económico das cidades (Lois González 1996, 455).

A pesar de que se acometeron diferentes actuacións e cada vez se fixo máis patente a necesidade de tomar medidas para garanti-la salubridade física e mental das cidades, as forzas contrarias, exemplarizadas na especulación urbanística e mais na ideoloxía urbanística do *laissez faire, laissez passer* contribuíron a que os éxitos fosen sensiblemente inferiores ós desexables. A situación de despreocupación ante importantes elementos da cidade xa fora denunciada por Engels, que fixera esperta-los intereses de moitos burgueses intelectuais e filántropos. Iso daría lugar ós antecedentes do urbanismo moderno (Terán 1969, 42). Neste contexto prodúcese as actuacións dos empresarios, que comezan a favorecer ou mesmo promove-la construción de vivendas minimamente dignas para os seus traballadores. E tamén neste clima intelectual de finais do XIX hai que entende-la aparición de conceptualizacións coma a cidade xardín de Howard, que procura o mantemento do vínculo entre o home e a natureza e asemade achegar un modelo válido para o crecemento urbano das cidades. Estes son os antecedentes inmediatos da urbanización tal como hoxe a concibimos, a urbanización da cidade contemporánea resultado da revolución industrial e que dá lugar a formas de vida coincidentes coas da sociedade actual.

A sociedade dos nosos días asiste desde hai máis dun século, como dixemos, ó incremento espectacular do continxente de poboación urbana, cunha poboación que deu paso a modificacións substanciais na organización do sistema de asentamentos humanos. Porque crecementos nas cidades

como os experimentados na época contemporánea só poden ter lugar se concorren os necesarios transvasamentos masivos de poboación, que normalmente se teñen efectuado desde as áreas rurais, aínda que nalgúns casos, como aconteceu coa poboación galega de finais do XIX e boa parte do XX, se viron favorecidas por migracións masivas cara a outros países.

Tales transformacións levan asociados importantes cambios no comportamento demográfico, que producen fortes desequilibrios nas pirámides de poboación do lugar de chegada, é dicir, das cidades, e dan lugar a novos tipos de interaccións afectivas e de relacións familiares.

O cambio máis importante é a *transición demográfica*, que se produce cando unha comunidade pasa dunhas taxas de natalidade e de mortalidade moi elevadas a unha etapa posterior en que ámbalas dúas presentan uns índices moi baixos, é dicir, a situación do momento presente nos países occidentais máis desenvolvidos. Entre unha e outra fase da transición, atopamos etapas en que a mortalidade diminúe drasticamente mentres a natalidade decrece a un ritmo menor, o que leva a un crecemento natural moi elevado e, polo tanto, crea excedentes de poboación, que se convarten así en potenciais masas de emigrantes ó hábitat urbano.

O proceso de urbanización está a actuar no momento presente en áreas diferentes daquelas nas que naceu. Áreas que, porén, en moitos casos non son quen de absorber todos eses excedentes de poboación, que acaban emigrando a países máis desenvolvidos.

Este proceso ten consecuencias tamén sobre a estrutura familiar. A urbanización dá lugar a unha familia de tamaño máis reducido e dun só núcleo, fronte á familia extensa do concepto tradicional propia do rural, na que existen varios núcleos. Este cambio familiar ten que ver coas novas formas de organización social, e co feito de que a familia non é xa unidade de produción senón de consumo. As limitacións verbo da adquisición de vivenda contribúen a reforzar tal fenómeno, dadas as maiores limitacións de espazo que caracteri-



zan as vivendas urbanas. A urbanización afecta tamén ó número de familias dun ou dous membros, ó quedaren moitos matrimonios maiores sos nas súas casas despois de que os fillos se independizan e ó aumentar asemade a idade na que os mozos forman a súa propia familia e ficaren moitos deles vivindo sos ata decidiren forma-la súa propia familia.

Unha maior taxa de actividade económica é tamén outra das características do proceso de urbanización, en especial naquelas situacións onde o proceso está máis avanzado. Isto provoca que exista unha forte asociación entre este proceso e o paso de importantes masas de poboación de profesións agrícolas a outras de corte industrial e terciario.

Na actualidade, o proceso de urbanización parece que se modificou substancialmente respecto ás dinámicas das décadas precedentes. Como moi ben sinala Lois González (1996, 461):

Nos últimos tempos en Europa occidental e América do Norte a tendencia cara a concentración demográfica e da actividade productiva nas cidades principais, denominada proceso de urbanización, semella ter finalizado e asistimos a un forte crecemento dos espazos próximos ás grandes poboacións mentres que os núcleos urbanos clásicos comencan a perder habitantes e o monopolio de certas funcións económicas, como a industria ou o comercio minorista.

Isto levou a que ultimamente se comezase a analiza-lo fenómeno da urbanización dunha maneira máis ampla, considerando parte deste tanto o que acontece nos núcleos urbanos tradicionais coma o que sucede nos territorios próximos a estes (Lois González 1996). Esta perspectiva leva á análise non só das cidades *tradicionais* senón tamén dos espazos que as rodean e que cada vez máis teñen un carácter eminentemente urbano, for en pautas de vida for na tipoloxía construtiva.

## A evolución da poboación urbana

Os incrementos demográficos de maior envergadura producíronse en occidente, como apuntamos anteriormente, entre a segunda metade do século XIX e o XX. No que se refire ó século XX, lapso temporal correspondente á nosa investigación, e a unha prospectiva a curto prazo, as diferenzas son moi salientables. Así, a evolución da poboación urbana e a relación entre esta e a total do mundo experimentou unha forte evolución entre o ano 1900 e a prevista para o 2025, ó pasar dunha proporción de case 1/10 a menos de 1/2, o que amosa con claridade a importancia que as áreas urbanas foron e están acadando nos últimos tempos respecto á poboación mundial.

Igualmente, o crecemento da poboación urbana é considerable en diferentes latitudes. Así, agárdase que o 80% da poboación de EUA, Europa e América Latina sexa urbana no ano 2010 (Bettini 1998, 16).

Ó mesmo tempo, apréciase como o crecemento da poboación urbana dos últimos tempos e as previsións cara ó futuro nos países de occidente se reducen considerablemente, mentres aínda mantén cifras de certa relevancia en África e Asia. Esta circunstancia pode apreciarse con maior nitidez na táboa 1.1., na que se individualizan os comportamentos entre os países desenvolvidos e os países en desenvolvemento.

Táboa 1.1 Evolución da poboación urbana  
(en millóns de habitantes)

	1960	1985
Europa	250	357
URSS	101	187
EUA e Canadá	140	201
Xapón	63	92
Australia e Nova Zelandia	10	17
Total países desenvolvidos	564	854
Asia (sen Xapón)	270	838
África	40	190
América latina	90	297
Total países en desenvolvemento	400	1.325

Fonte: Banco Mundial (1987). Tomado de Vinuesa Angulo & Vidal Domínguez (1991, 96).

Nos países desenvolvidos os procesos de urbanización masiva deben darse por pechados como tales, cunhas taxas de crecemento case nulas e un aumento dos censos que con frecuencia se apoia na inmigración recibida desde outros países subdesenvolvidos, que *expulsan* os seus habitantes na procura de mellores oportunidades de vida no prometedor occidente europeo e norteamericano. No caso de non existir este tipo de migración, só os países con moita poboación rural poderán xerar grandes fluxos migratorios cara ás cidades. A iso débese que nos últimos vinte anos as grandes áreas urbanas experimentasen crecementos demográficos bastante cativos, mentres os núcleos con grandes incrementos de poboación corresponden a países subdesenvolvidos ou en fase de desenvolvemento.

### Os procesos de urbanización en Galicia

Parece existir un acordo unánime en considera-la Idade Media o período de inicio do proceso de urbanización en Galicia, aínda que certamente nunha forma diferente da actual (Souto González 1988, Lois González 1996, 453). Por esta razón, e porque a revisión histórica deste proceso excede con moito os límites deste traballo, parece correcto comezala revisión deste fenómeno na Galicia do século XIX.

Efectivamente, no século XIX teñen lugar incrementos da poboación importantes, aínda que tamén de difícil cuantificación. Así, segundo Barreiro Fernández (1981, 14), no comezo do século XIX a poboación oscilaría entre 1.300.000 e 1.400.000 habitantes, cifra que sitúa nuns 1.585.000 habitantes transcorridos vinte e cinco anos (segundo os recontos procedentes das oficinas da policía). Este incremento tería que ver, segundo Barreiro Fernández, coa mellora da economía galega nese período, e sería aproximadamente o mesmo que se produciría ata 1857, data do primeiro censo de carácter estatístico, con 1.799.224 habitantes. Mesmo así, a Galicia do

século XIX segue sendo abrumadoramente rural, xa que neste hábitat vive o 90% da poboación do país (ibíd. 17).

No que se refire ó século XX, a información que posuímos é bastante máis completa, e permite realizar comparacións máis sistemáticas ó contarmos con datos procedentes dos censos cunha aceptable fiabilidade. Segundo Beiras & López (1999, 25), o aumento da poboación entre a primeira década do século XX e a última foi de algo máis de 700 mil habitantes:

Táboa 1.2 Evolución da poboación galega de feito no século XX

1900	1.980.515
1910	2.063.589
1920	2.124.244
1930	2.230.281
1940	2.495.860
1950	2.604.200
1960	2.602.962
1970	2.583.674
1981	2.753.836
1991	2.720.445

O albor do século XX acolle un aumento demográfico de case 200 mil persoas, respecto ós datos do censo recollidos en 1857. A cifra seguirá a aumentar constantemente ó longo do século XX ata a década de 1960, en que se produce unha min-gua demográfica que abrangue esa década e a de 1970, mentres nos 80 xorde unha pequena recuperación, que se invertirá novamente nos anos 90.

En conxunto, pois, o crecemento demográfico de Galicia nas nove primeiras décadas é do 37%, a maior parte del na primeira metade do século, mentres que na segunda a poboación apenas aumentou en 100 mil persoas. O cal non deixa de ser significativo e revelador do comportamento disimétrico da poboación galega, dado que a poboación mundial e a española, como vimos anteriormente, medrou de maneira moi significativa desde 1960 ata a actualidade.

Fronte ó 37% do crecemento galego ó longo do século XX, a poboación de España medra nun 111% e Galicia perde peso demográfico no conxunto do Estado (do 10% ó 7%) e todo iso malia que a densidade de poboación galega (92 hab./km<sup>2</sup>) segue sendo superior á española (78 hab./km<sup>2</sup>) (Beiras & López 1999, 31).

Así mesmo, o desequilibrio demográfico entre a costa e o interior agudízase sensiblemente ó longo do presente século. Mentres en 1900 as provincias da Coruña e Pontevedra posuían o 56% da poboación, fronte ó 44% de Lugo e Ourense, en 1991 as cifras son, respectivamente, o 73% e o 27%. Isto dá proba da importante perda de poboación das provincias do interior, ó longo do século XX, paralelo ó correspondente incremento das costeiras.

### A poboación urbana de Galicia na actualidade

Os estudos desenvolvidos nos últimos anos (Beiras & López 1999) permiten, así mesmo, avalía-la demografía histórica da poboación urbana galega do século XX con maior nitidez. Nesta análise (véxase a táboa 1.3) pode apreciarse o enorme aumento que a poboación urbana experimentou ó longo do século, ó pasar de ser apenas un 10 por cento a case o corenta, coa conseguente diminución da poboación rural.

Táboa 1.3. Evolución da poboación galega rural e urbana durante o século XX

ano	poboac. urbana		poboac. rural	
1900	196.199	9,9%	1.784.316	90,1%
1910	235.576	11,4%	1.828.013	88,6%
1920	269.395	12,7%	1.854.849	87,3%
1930	296.514	13,3%	1.933.767	86,7%
1940	445.144	17,8%	2.050.716	82,2%
1950	556.838	21,4%	2.047.362	78,6%
1960	627.281	24,1%	1.975.681	75,9%
1970	735.088	28,5%	1.848.586	71,5%
1981	911.747	33,1%	1.842.089	66,9%
1991	992.862	36,5%	1.727.583	63,5%

Fonte: Adaptado de Beiras & López (1999, 42-43).

Ese forte traslado de efectivos humanos do rural á cidade fixo que a poboación urbana se multiplicase por cinco, mentres a rural apenas variou entre principios e finais de século. En realidade, no medio rural o incremento prodúcese ata os anos 50, e posteriormente diminúe ata situarse novamente nas cifras de principios de século<sup>1</sup>.

Así e todo, esta transición demográfica e espacial non se viu acompañada dunha planificación consciente nin aceptablemente programada. Aínda que a eiva pode atribuírselle ó conxunto da planificación territorial en España, que sempre mirou pola rendibilidade a curto prazo, no caso de Galicia esta situación foi particularmente caótica, se cadra como consecuencia de que

o paso dunha sociedade tradicional agraria a outra industrial e urbana realízase dun xeito «forzado» polas circunstancias externas, pola coiuntura socioeconómica de Europa occidental, onde se integra Galicia. (Souto González 1988, 158)

Esta maioría de poboación de carácter rural é unha das características que diferencian, desde unha perspectiva xeral, a poboación galega da española, xa que mentres no noso país o 58% da poboación vive nunha zona rural e o 31,9% nunha zona urbana, en España as porcentaxes son respectivamente o 18% e o 65% (Beiras & López 1999, 40).

<sup>1</sup> Hai que lembrar, con todo, que as sete cidades galegas absorberon outros municipios limítrofes entre 1900 e 1970, o que supuxo os seguintes incrementos demográficos. Estas serían as porcentaxes de poboación urbana dos sete grandes concellos se incluísemos esas poboacións en cada unha das décadas:

1900	242.785	1950	564.720
1910	274.804	1960	633.081
1920	302.449	1970	735.088
1930	357.879	1981	911.747
1940	465.221	1991	992.862

Fonte: Beiras & López (1999, 44)

Por outra banda, non existe equivalencia de ningún tipo entre superficie e poboación nos sete grandes núcleos urbanos galegos, como se aprecia na táboa seguinte:

Táboa 1.4. Superficie, poboación e densidade dos sete grandes concellos de Galicia

	Km <sup>2</sup>	Poboación	Densidade
A Coruña	36.2	252.694	6.980
Santiago	223.6	105.851	473
Ferrol	87.1	85.132	977
Lugo	339.3	87.605	258
Ourense	81.2	108.382	1.335
Pontevedra	118.7	75.148	633
Vigo	106.2	278.050	2.612

Tomado de Beiras & López 1999, 70.

Así mesmo, existen diferenzas moi importantes entre unhas cidades e outras respecto á poboación que vive no núcleo urbano. Como se aprecia na táboa 1.5, Vigo, e sobre todo Pontevedra, presentan unha importante porcentaxe de poboación vivindo en núcleos distintos da capital, moitos deles de tipoloxía próxima ó rural:

Táboa 1.5. Poboación no núcleo e en diseminado nos sete grandes concellos en 1991

	Capital	Núcleos rest.	P. en diseminado	Total
A Coruña	239.149	13.162	383	252.694
Santiago	91.043	9.057	5.751	105.851
Ferrol	76.162	1.039	7.931 <sup>2</sup>	85.132
Lugo	76.162	1.039	7.931	85.132
Ourense	98.207	9.058	1.117	108.382
Pontevedra	51.404	19.681	4.062	75.148
Vigo	210.726	65.969	1.355	278.050

Fonte: Beiras & López 1999, 71.

<sup>2</sup> Beiras e López (1999, 71) e López (1996, 75-76) consideran as cifras de poboación en diseminado de Ferrol dificilmente cribles e froito dalgún erro na elaboración censual.

Na análise da poboación urbana por grupos de idade obsérvanse algunhas diferenzas entre o correspondente ó último censo e os anteriores (Beiras & López 1999, 105-106). En primeiro lugar, o incremento dos grupos de poboación máis vella, que presentaban porcentaxes moito máis reducidas na primeira metade do século, debidas sen dúbida ó aumento da esperanza de vida da poboación. En segundo lugar, hai que salientar a notable diminución no censo de 1991 das porcentaxes de nenos e poboación nova en xeral, consecuencia da importante baixa na natalidade experimentada pola poboación galega nos últimos tempos.

A estes fenómenos hai que engadi-la importancia do avellentamento da poboación, que nas últimas décadas comeza a ser importante mesmo no medio urbano, e que ten como causa basicamente o descenso da natalidade, sumada á chegada de retornados da emigración (normalmente en idade de xubilación), que acostuman instalarse nos núcleos urbanos. Este avellentamento demográfico fai que aumente o número de persoas de idade avanzada e, ademais dos efectos sobre o sistema de protección social e sanitaria, é probable que teña tamén influencias de tipo sociolóxico se, seguindo a Pressat (1985, 44-51) ou Gini (1963, 321 e ss.), consideramos que un aumento da importancia relativa das persoas de idade fai que gañen forza as súas ideas, as súas actitudes e os seus comportamentos, convertendo a sociedade en política e socialmente máis conservadora. En capítulos vindeiros analizarémo-la importancia desta hipótese e a súa posible influencia sobre a irremisibilidade e ritmo dos procesos de castelaniación na poboación galega, xa que para algúns autores (Fernández 1983, 1991) é a poboación máis nova e desgaleguizada a que marca as pautas e as innovacións sociais no comportamento lingüístico.

Unha análise do movemento natural na zona urbana deita algúns resultados especialmente significativos desde a nosa perspectiva. Así, o contraste entre o número de nacementos e de defuncións ó longo deste século volve poñer de



relevo os momentos en que se produce o maior despegue demográfico no medio urbano, como pon de manifesto a táboa 1.6.

Táboa 1.6. Evolución do movemento natural na zona urbana

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo	Taxa natalidade
1901–1910	76.039	55.723	20.316	35,22
1911–1920	78.305	62.309	15.996	31,01
1921–1930	90.158	61.549	28.609	31,86
1931–1940	87.300	66.507	20.793	23,54
1941–1950	110.850	64.545	46.305	22,13
1951–1960	118.278	48.796	69.482	20,05
1961–1970	152.084	52.557	99.527	22,59
1971–1980	171.250	67.170	104.080	21,17
1981–1990	104.749	74.163	30.586	11,39
Total	989.013	553.319	435.694	

Adaptado de Beiras & López 1999, 163, 165.

Efectivamente, na táboa 1.6 pode apreciarse o gran despegue do medio urbano galego no período que comprende as décadas dos 50 e, sobre todo, os 60 e os 70, cun crecemento vexetativo próximo ás 300 mil persoas. É de destacar, así mesmo, o descenso da natalidade experimentado na década dos 80, que se sitúa por baixo mesmo da década dos 40, a pesar da notoria diferenza entre o conxunto da poboación urbana das dúas décadas.

Así mesmo, o tipo de actividade ocupacional cambiou substancialmente en Galicia desde principios de século ata hoxe. En 1900 a actividade principal era o sector primario, dada a importancia que a agricultura e a pesca tiñan na economía da época. A pesar diso, o sector servizos tiña tamén un importante peso específico. O sector secundario (industria e construción) medra desde principios de século ata a década dos 50 e a partir de aí estáncase, para diminuír desde a década dos 80 ata a actualidade, como consecuencia do traslado das instalacións fabrís ós concellos próximos ás cidades, que reservan así a maior parte da súa actividade económica ó sector servizos, como veremos a seguir. Outro fenómeno desta-

cado é a importante porcentaxe de poboación ocupada en actividades agrarias que vive en moitas das cidades galegas, en especial ata 1960, relacionada coa diversidade de hábitat que presentan eses sete termos municipais, en principio plenamente urbanos (cfr. Beiras & López 1999, 212, 250).

Esta é a situación macrodemográfica na que se encontra Galicia nestes momentos. Pero, aínda non sendo este o obxectivo nin o perfil da nosa investigación, que tamén adopta unha perspectiva macrosociolóxica, esa caracterización xeográfica global do medio urbano galego sería moi parcial e fragmentaria se non prestásemos unha maior atención á dimensión microespacial que caracteriza outro tipo de análises, felizmente desenvolvidas desde finais dos anos 80 e ó longo dos 90 en Galicia (Lois González 1993, 1996; Rodríguez González 1997).

Desde este punto de vista, a cidade preséntase como un medio en continua transformación, que vai mudando funcións e espazos asignados para tales funcións ó longo do tempo. Este proceso, que se inicia a finais do século XIX e principios do XX, foi apartando progresivamente as instalacións fabrís dos cascos antigos e trasladándoos ós arredores das cidades, que cobran así nova vida.

En realidade, os núcleos urbanos do conxunto do Estado principiaran un proceso de transformación a raíz da nova división provincial promovida pola Administración do Estado en 1830. De aí arrinca o despegue da cidade da Coruña, que comezara a ampliar as súas reducidas dimensións da Idade Moderna a raíz do desenvolvemento das actividades portuarias, pero que tivera ata entón unha importancia moi relativa entre as urbes galegas, así como a expansión de Lugo, Ourense e Pontevedra, que incrementan o seu poder económico e administrativo, ata tal punto que para algúns autores (Lois González 1996, 456) «pódese afirmar, sen temor á esaxeración, que de non ter sido designadas como capitais provinciais a súa conversión en auténticas cidades nos últimos cento cincuenta anos non sería posible». A unha decisión estatal

consciente obedeceron tamén a instalación da fábrica de tabacos na Coruña ou o reforzamento de Ferrol como cidade centrada na construción e loxística naval. Nesta mesma época asistimos á expansión comercial das cidades, tanto nos intercambios entre moitas delas coma na aparición de lugares onde adquiri-los correspondentes produtos. Este fenómeno tivo un dobre efecto, porque incrementou a importancia das cidades e asemade contribuíu ó seu crecemento demográfico, ó crear novos postos de traballo que atraeron a poboación doutros lugares.

A dimensión portuaria foi decisiva, como dicimos, para a consolidación da Coruña e Vigo, que medraron considerablemente tanto desde o punto de vista económico coma xeográfico cando os portos comezaron a adquirir maior dinamismo polo establecemento de liñas regulares de mercancías e de pasaxeiros a mediados-finais do século XIX. Segundo Souto González (1988, 161), a consolidación destas dúas áreas como núcleos principais de Galicia tería que ver cos custos do transporte, tanto públicos coma privados. A situación de partida no comezo do proceso urbanizador destes dous núcleos preséntanos unha Coruña centrada nas actividades comerciais, que foron as tradicionalmente predominantes, á par dun Vigo onde predominaron as actividades pesqueiras e a construción naval.

Pola súa banda, Santiago asistiu ata hai pouco tempo a un relativo estancamento do seu tecido urbano, malia a funcionar como núcleo urbano de referencia para a parte sur da provincia da Coruña e o norte da de Pontevedra.

Estes fenómenos expansivos, que se dan normalmente fóra do marco da cidade amurallada de orixe medieval, favoreceron a construción de amplas avenidas e construcións en altura, consonte o tipo de urbanismo máis acorde coas novas aplicacións do solo urbano. Este proceso imprime unha fashía diferente ós núcleos urbanos galegos, incrementa o seu dinamismo e proxecta a imaxe dun espazo máis acorde coas esixencias da nova mentalidade urbana. Este fenómeno pode

apreciarse en cidades como Vigo ou A Coruña, que remodelan sucesivamente o seu aspecto, desprazando cada vez máis lonxe dos antigos núcleos amurallados o novo centro urbano. No caso da Coruña, foi importante o proceso urbanizador experimentado no XIX coa instalación da fábrica de tabacos e algunhas outras industrias de menor entidade. Tamén o comercio con América e os intercambios coas colonias de ultramar contribuíron ó crecemento desta cidade, que consolidou a súa estrutura urbana tal como hoxe a coñecemos no século XIX. Desde entón, a ordenación da cidade estivo reixida por sucesivos plans urbanísticos que ensancharon o seu territorio. O reducido perímetro da cidade —ó que xa fixemos referencia— condicionou grandemente a súa expansión, que a partir dos anos 60 comezou a realizarse cara ós concellos limítrofes, ante a imposibilidade de facelo no seu propio perímetro.

Vigo tivo unha poboación reducida durante bastantes séculos. A súa dependencia, primeiro real e despois arcebispal, fixo que se mantivese nun segundo plano ata polo menos o século XVIII, cando trala batalla de Rande e outros sucesos bélicos de importancia comeza a ser tida en conta como alternativa a Baiona para a entrada do comercio. A chegada da inmigración catalá nese mesmo século transformou e modernizou o tecido industrial vigués da época, o que levou a un importante incremento demográfico a finais do XVIII e principios do XIX. En 1904 Vigo absorbe Bouzas e en 1941 Lavadores, pero o primeiro plan urbanístico non aparece ata 1943. Malia apareceren outros plans posteriores, a cidade medra sen organización, e o crecemento caótico aumenta coa filosofía “desarrollista” dos anos 60, 70 e principios dos 80. Tralo crecemento espectacular experimentado a partir dos anos 50 ó abeiro da instalación de Citroën e outras empresas do sector naval e pesqueiro, Vigo convértese na cidade máis poboada de Galicia, e tamén na de maior dinamismo demográfico. Ademais, na actualidade aglutina a única rexión urbana de Galicia con saldo demográfico positivo.

O proceso noutras cidades de menor entidade económica como Santiago, Ourense ou Pontevedra foi moito máis lento e non chegou a completarse de todo ata tempos moi recentes.

O caso de Santiago é sintomático dos diversos camiños a que a historia pode levar unha cidade, xa que ata o século XVIII foi a principal capital de Galicia. Mais, sobre todo coa chegada da revolución industrial, a puxanza da Coruña e Vigo desprazan Santiago, que perderá o seu papel reitor, e que só comezará a recuperar coa conversión desta cidade na capital política da Administración autonómica galega a partir dos anos 80 do século XX. Ata ese momento, a importancia de Santiago consistía en se-la capital relixiosa e universitaria de Galicia. O asentamento da súa poboación universitaria contribuíu a expandi-los límites da cidade a partir dos anos 70, cando se constrúe o caótico ensanche que constituíu durante varias décadas a parte nova da cidade. Outros servizos fixeron aumenta-la súa importancia nas últimas décadas, entre os que hai que salienta-lo aeroporto internacional ou o Hospital Xeral de Galicia —e moi recentemente o Hospital Clínico— onde se concentra o cadro médico máis importante do noso país. O polígono industrial do Tambre e algunhas outras pequenas actuacións fixeron tamén de Santiago un incipiente núcleo industrial.

Ferrol, a pesar de que coñeceu unha importante expansión urbana que parte do século XVIII a raíz da instalación dos arsenais e os continxentes militares, tivo centrada a súa actividade ata os anos 60 do século XX no centro monumental, basicamente arredor do barrio da Magdalena. O gran despegue demográfico, xa que logo, experimentouno no século XVIII, ó supera-los 30 mil habitantes<sup>3</sup>. A actividade económica durante os séculos XIX e XX seguiu estando vinculada á

---

<sup>3</sup> De acordo cos datos ofrecidos por Souto González (1988, 205–207), a poboación en 1746 era de 20.000 habitantes, mentres en 1778 eran xa 30.000. No s. XIX prodúcese un retroceso, resultado da crise dos estaleiros, o que fai que a poboación en 1813 sexa de unicamente 12.412, malia recuperarse para acadar en 1899 os 25.264 habitantes.

construción naval e maila dirección militar do noroeste de España, o que provocou unha severa crise económica e demográfica na comarca nos anos 80 do século XX, ó trasladárense parte das instalacións militares a outros lugares do Estado. As actividades terciarias e certa vitalidade do seu porto, en especial para dar subministro a industrias da comarca como Endesa, situada nas Pontes, serviron para que o declive non fose de maior relevancia.

O crecemento de Ourense é moi significativo, para Lois González (1996, 459), de como «o crecemento edificativo dun núcleo principal ó longo deste período foi condicionado polas vías de comunicación». Estas comunicacións contribuíron a conectar Ourense con Vigo, e a achega-la actividade produtiva da primeira á puxanza industrial da segunda. Este exemplo, analizado con certa profundidade por Precedo (1991) permite observar como a instalación das edificacións se viu fortemente influída tanto pola rede de estradas –a de Vigo– como polas liñas de ferrocarril. Porén, aínda que de forma quizais non tan notable, este proceso pode apreciarse tamén en calquera das outras seis cidades galegas.

O caso de Lugo, coma o de Santiago, presenta unha cidade de certa importancia en tempos antigos que con posterioridade á época romana nunca volveu ter unha importancia central nunha perspectiva xeral. Iso converteuna nunha cidade interior que artellou a súa economía arredor do sector agrario, con numerosos problemas nas últimas décadas –como é coñecido– e con pouco atractivo para o asentamento de actividades industriais (Souto González 1988, 194). Se cadra, esta crise continua fixo que a súa expansión non tivese a envergadura do acontecido noutras áreas urbanas de Galicia, e a pesar de que a terciarización dos espazos urbanos contribuíu a asentala tamén como a cidade de servizos da provincia de Lugo. Quizais o crecemento, tanto demográfico como en peso específico, de Santiago nas últimas décadas teña contribuído a integrar mellor Lugo no tecido urbano galego.

A historia de Pontevedra na época contemporánea lémbra-nos que a importancia dun núcleo urbano trala revolución industrial está marcada pola puxanza económica. Así, malia se-la capital administrativa da provincia desde o século XIX, Pontevedra configúrase ó abeiro da expansión económica de Vigo, que a converte en satélite da súa área urbana. No pasado parece que tivo un papel reitor das actividades mercantís, como lembra o nome de prazas como a da Leña. Ó mingua-la súa importancia marítima (pesca da sardiña) e desapareceren os gremios coa expansión capitalista comezou a decadencia de Pontevedra. A forte expansión industrial de Vigo dos séculos XIX e XX acabou convertendo Pontevedra nunha cidade de servizos, que mesmo pelexa con Vigo por seguir mantendo algúns dos aparellos administrativos e terciarios do Estado, que cada vez reclama con máis forza o próspero e agora moi próximo Vigo.

Xa nos referimos anteriormente a outro fenómeno importante na historia das sete cidades galegas, que é a absorción de concellos limítrofes a elas ó longo deste século. Este proceso, paralelo a outros existentes noutros núcleos urbanos de España (Capel, 1981), non tería lugar sen a expansión do fenómeno urbano, o crecemento espacial e o conseguinte medre demográfico, que obrigaba eses concellos a buscar unha saída para poderen expansionarse nun territorio en moitos casos estreito para as súas necesidades (Fariña Jamardo 1990, cfr. Beiras & López 1999, 43). Pero pon de manifesto dunha maneira moi especial o papel de liderado que esas cidades exerceron ata os últimos tempos. Porén, como ben indica Lois González (1996, 460),

o crecemento das urbes galegas con anterioridade ós anos 1950 e 1960 non significou mudanzas sustanciais na organización do territorio das catro provincias que continuaban a definirse como predominantemente rurais. Será a partir desas datas cando se comece a falar con plena propiedade dun proceso de urbanización que afecta a todo o país e que vai supor unha

expansión sen precedentes das sete cidades principais e das vilas que exercen como cabeceiras de comarca, nunha etapa que se estende ata os anos 1980.

É dicir, no lapso de tempo que vai de 1960 a 1980 producíronse transformacións decisivas nas diferentes cidades galegas, con cambios a tódolos niveis, que noutros países tiveron lugar ó longo de moito tempo. Este feito probablemente tivo tamén a súa incidencia nos comportamentos sociais e sociolingüísticos, xa que obrigou a adaptarse á vida urbana a xentes que viviran e aprenderan desde moitas xeracións atrás a convivir cun medio como o rural de características ben distintas. Quizais iso fíxese que se perpetuasen ata practicamente a actualidade hábitos e costumes moi propios da vida rural en barrios eminentemente urbanos, e que o contacto coa *aldea* estivese presente en moitos dos nenos nados na cidade que acudían nas fins de semana a visita-la familia e aprendían en parte o tipo de socialización propio da vida rural, nunha Galicia que experimenta «a crise do mundo rural tradicional, os procesos migratorios, unha industrialización dirixista que afonda os desequilibrios interterritoriais e a terciarización da sociedade» (Lois González 1996, 461).

Coincidimos plenamente coas opinións de Lois González en que «os anos 1960 e 1970 son considerados como o período clave das transformacións socioeconómicas que supuxeron unha completa reorganización do espacio galego» (ibíd. 461). Iso reforza, ó noso entender, o interese da análise detida dos cambios sociolingüísticos desta época. En efecto, a interpretación da realidade sociolingüística urbana, pensamos, ten especial relevancia para comprende-lo que aconteceu e está a acontecer no conxunto do territorio galego, xa que, como moi ben sinala novamente este autor:

Galicia nun breve período de tempo deixou de ser unha sociedade maioritariamente rural, un «vello complexo agrario» ou unha economía definida por un atraso secular, para convertir-



se nunha realidade que debe ser interpretada a partir dos seus espazos urbanos onde se localizan os centros económicos e de decisión principais, e a partir dos cales podemos entender as transformacións operadas nas comarcas agrícolas e gandeiras definidas cada vez máis como «periferia». (ibíd. 462)

Con todo, este proceso non se produciu sen que existisen intentos previos de transformación da economía e o sistema produtivo agrícola galegos. Eses intentos non chegaron a callar debido a diversas causas, entre elas a pechazón que caracterizou a sociedade galega e española na posguerra civil, e a imposibilidade de subsistir se non era apegándose á base campesiña e maila economía asociada con esta. Todas esas circunstancias fixeron que a caída do sistema rural tradicional galego se producise coa plena instauración no noso país da economía capitalista de libre mercado, froito da cultura *desarrollista* do tardo franquismo español.

Neste marco prodúcese tamén a chegada de importantes empresas multinacionais que se instalan en Galicia como Citroën ou a creación doutras de capital galego como Coren ou Pescanova, da man das cales comezará a transformarse a cultura produtiva galega. O despoboamento que arrasa a Galicia rural nos anos 70 e 80 acelera este proceso, e a pesar da crise que, sobre todo nesa última década e nas seguintes, caracterizará parte da produción industrial no noso país (sector naval de Vigo e Ferrol, industria pesada, etc.). Todo iso irá acompañado dunha maior expansión e xeneralización do sector terciario, ó abeiro das novas necesidades de vida dunha sociedade que transforma tamén os seus hábitos, as súas preferencias e os seus comportamentos. Por todo isto, «o mundo rural deixou de ser a referencia básica para entender a realidade socioeconómica de Galicia» (Lois González 1996, 464) e levou os cidadáns galegos a modificaren en parte o seu marco social de referencia, perdido unhas veces na ausencia de modelos, debruzado noutras ante referentes culturais e sociais alleos ó noso país, e mesmo en ocasións sen querer despegar-

se completamente dos costumes, afeccións e lecer propios do medio rural (por exemplo, con retornos case semanais á *aldea* da que fornecerse de bens alimentarios).

Estes procesos de, primeiro industrialización e logo terciarización, da actividade produtiva dos núcleos urbanos, acaban enchéndoo de clases medias que pasan a se-lo sector predominante. Levaron consigo, como parte positiva, a mellora das condicións laborais e de vida dos habitantes deses núcleos, co conseguinte incremento no nivel de renda, pero tamén provocaron a monetarización da sociedade.

Isto deu lugar a importantes cambios na estrutura socio-profesional das cidades, que pasaron a estar poboadas por unha maior porcentaxe de persoas que traballan no sector servizos, e en particular os que traballan por conta das diferentes divisións da administración (sanitaria, funcional, ensino, servizos sociais, etc.), que acadara maiores dimensións, de acordo con pautas equivalentes en calquera outro lugar do mundo desenvolvido. A este proceso non foi allea a iniciativa privada, que contribuíu decisivamente á expansión do proceso urbanizador, moi especialmente no que atinxe ó fomento da edificación e mais á difusión no medio urbano dun maior número de servizos de diversos tipos (bancos, axencias de seguros, etc.) respecto a tempos precedentes.

Este crecemento económico vai acompañado doutro de tipo espacial, que na maior parte dos casos ten sido caótico, arbitrario e rexido por intereses basicamente especulativos e lucrativos dos actores inmobiliarios e financeiros. Así se constrúen nos anos 60 e 70 os ensanches das cidades galegas, cunha filosofía contraria a calquera tipo de harmonización co ambiente e á integración dos novos habitantes nun espazo habitable que os vinculase coa vida que se desenvolve neste (rúas estreitas, reducido número de prazas e pouco acolledoras, edificios mal acondicionados tanto interna como externamente, etc.). E todo iso malia a existencia dunha lexislación urbanística homologable coas dos países do contorno occidental, pero que non se cumpriu na maior parte dos casos

(Terán, 1982). Convén logo non perder de vista esta «degradación xeneralizada das condicións de vida urbana» (Lois González 1996, 472), porque quizais estea relacionada coa degradación da vitalidade da lingua galega nas sete cidades galegas, cuestión que corresponde ó cerne desta investigación.

Nestes aspectos atópase, ó noso entender, un dos condicionantes centrais da modificación das pautas sociais experimentada en Galicia nos últimos tempos, e que abrangue tanto aspectos demográficos como socioeconómicos ou culturais:

O abandono dun mundo rural en crise plantexouse como unha necesidade na maioría das ocasións, pero ó mesmo tempo xustificábase nunha cultura tendente a hipervalorar o urbano (no senso clásico do termo) e aquelas actividades que podía desenvolver o habitante da cidade ou da pequena cabeceira. (Lois González 1996, 474).

Neste proceso ten lugar logo unha importante modificación dos comportamentos e os hábitos sociais, así como dos esquemas de pensamento, que adquiren unha crecente orientación economicista (González Pérez, coord. 1991). Comeza a producirse unha máis intensa interacción entre a poboación da cidade e a do campo e esta última pasará moito máis tempo no hábitat urbano, que cada vez será menos estraño para a poboación rural. Este fenómeno ten a súa influencia tanto sobre as relacións socioeconómicas como sobre a ampliación das relacións humanas da poboación rural. A modernización dos sistemas de comunicación e os avances no transporte contribúen a esta mobilidade rural (Rodríguez González 1997, 118–119), que non só será xeográfica, senón tamén nos sistemas actitudinais e de pensamento. A rede de relacións, a partir dos anos 60 irá ampliándose dos veciños, coñecidos e familiares das parroquias a un radio de acción moito máis amplo. Iso contribuirá á homoxeneización dos hábitos sociais, que se reforzará coa difusión e xeneralización dos medios de

comunicación masivos, en especial a radio e a TV, a universalización educativa e o incremento das actividades de lecer. Todo isto non fixo máis que reforzala-la importancia do medio urbano como canalizador e reitor das pautas e regras de comportamento e os valores e formas de comportamento social.

Estes cambios experimentados en Galicia no período 1960-1980 significaron logo unha despoboación manifesta do medio rural e un crecemento moi significativo dos núcleos urbanos. As sete cidades galegas aumentaron así de xeito considerable a súa poboación, como vimos anteriormente, paralelamente ó medre de diversos núcleos vilegos que funcionan como cabeceira de comarca (Rodríguez González 1997). Pero significaron tamén, nunha fase posterior, un forte incremento de diversos concellos próximos a esas cidades, de acordo co fenómeno coñecido como *suburbanización* ou *periurbanización*, resultado de diversas dinámicas da poboación, entre as que destacan a perda de interese das clases medias polas edificacións en altura no centro das cidades en beneficio de vivendas unifamiliares –ou en todo caso de menor altura– e en lugares cunha menor concentración demográfica. Ademais, ten influído decisivamente a nova cultura de procura dun maior contacto coa natureza ou cunha vida máis tranquila. Este fenómeno pode apreciarse, en diferentes medidas, en calquera das sete cidades galegas, e detéctase xa a partir da década de 1980 (Ferrás Sexto 1994). O referido cambio demográfico das cidades galegas supuxo un certo avellentamento da estrutura por idades, unido a un menor dinamismo da poboación (Piñeira 1995). Este proceso demográfico é paralelo ó cambio das instalacións fabrís do núcleo das cidades a espazos próximos pero alleos a elas. Todo isto veu incrementa-la terciarización do núcleo das cidades galegas, que se converteron e están a converter en lugares preferentes para o desenvolvemento dos servizos.

Tendo en conta todos estes factores, Lois González (1996, 480 e ss.) establece unha organización interna dos

espazos urbanos, nos que integra así mesmo territorios vilegos que, na súa opinión, coida que están sendo influídos por eses espazos. Nesta clasificación, aprecia a forte interrelación existente nos espazos do *Golfo Ártabro*. Nesta área non existe, porén, acordo xeneralizado sobre se A Coruña e Ferrol deben formar unha mesma unidade. Así, Souto (1988, 205) coida que Ferrol, a este respecto, «complementa á cidade de A Coruña na configuración da súa Rexión urbana». Do mesmo xeito, Rodríguez González (1997, 30) declárase partidario da opción de Precado Ledo (1987) de considera-lo eixe litoral como unha rede urbana policéntrica bipolar –A Coruña e Vigo– rexida por unha complementación funcional entre os diferentes núcleos. Lois González (1996, 480) formula un punto de vista diferente:

Nalgúns estudos tense afirmado que a área ferrolá debe incluírse, nunha posición de dependencia, dentro dunha gran Rexión Urbana centralizada polo núcleo coruñés (Souto, 1988). A este respecto, cómpre sinalar que na nosa opinión esta lectura da realidade territorial é cando menos discutible xa que a continuidade que presentan os espazos fortemente urbanizados do Golfo Ártabro non se traduce nunha completa integración de todo este espacio.

A conexión entre Vigo e Pontevedra e a dependencia da segunda respecto á primeira é clara, dado o claro papel nuclear que Vigo exerce sobre toda esta área e a continuidade espacial que os seus asentamentos presentan. A medio camiño encóntrase Santiago, unida nos últimos tempos cos outros dous eixes grazas á comunicación por autoestrada. Estas tres áreas urbanas dan lugar ó que Lois González (1996, 481) denomina «eixo urbano atlántico». Este mapa urbano completárase coas dúas capitais do interior, Lugo e Ourense, que nos últimos tempos comparten o seu dinamismo con algunhas cabeceiras de comarca das dúas provincias ás que dan nome; con todo, as capitais provinciais seguen tendo un

notable posto de privilexio respecto a esoutras áreas urbanas. En opinión de Rodríguez González (1997, 29), este tecido e o das vilas urbanizadas permite considerar Galicia un territorio dual<sup>4</sup>, no que a estrutura da Galicia interior e a costeira poñen de manifesto distintos ritmos de crecemento e diferentes formas de ocupación do espazo. Tal formulación leva este autor a reafirmar-la división urbana litoral vs. interior, coas implicacións espaciais e socioeconómicas que iso supón. Así, esa disxuntiva maniféstase en aspectos tan variados coma o dinamismo demográfico, a distribución das actividades comerciais ou a puxanza económica. Por iso Rodríguez González (1997, 40) conclúe que é posible formular

la existencia de dos realidades espaciales, sociales y económicas bien diferenciadas en Galicia, respondiendo a un modelo de especialización territorial de carácter regional. A esta escala se puede diferenciar un área central, las regiones urbanas litorales, y otra dependiente, el espacio interior agrario. Entre ambas realidades se genera un sistema de relaciones e intercambios donde el interior suministra al litoral una serie de recursos (...) que a medio plazo implican una pérdida de peso socioeconómico del interior respecto al eje urbano.

Segundo Rodríguez González (1997, 46), a preponderancia da Coruña e Vigo sobre os demais núcleos urbanos galegos débese á forza das actividades secundarias e terciarias, que dá lugar á creación de claras áreas metropolitanas. Ferrol e Pontevedra manteríanse «entre la oferta de funciones especializadas para la área metropolitana correspondiente, y su papel que, como centros individuales, desempeñan dentro




---

<sup>4</sup> A consideración *dual* de Galicia é antiga entre os estudos sobre o noso país. No ámbito da economía fora xa formulada por Beiras en 1972 no seu *Atraso económico*, pero tivo numerosos antecedentes e consecuentes. Cfr. Beiras 1984, 13 e ss; 1995, 51. Desde a perspectiva dos modelos de organización espacial da xeografía máis clásica, o dualismo foi tamén defendido por Torres Luna *et alii* (1991).

de cada área urbanizada» (ibíd. 46). En calquera caso, segundo este autor «se cuenta en Galicia con dous espacios metropolitanos perfectamente consolidados, las áreas metropolitanas de A Coruña y Vigo, y otra, alrededor de Santiago de Compostela, en actual proceso de formación» (ibíd. 47). Pero, como xa dixemos, esta realidade excede os límites espaciais e temporais e maila formulación da presente investigación, o que nos libera de deternos con máis detalle na súa análise.

**II**  
**LINGUA E SOCIEDADE EN GALICIA**  
**(SÉCULOS XIX E XX)**





Co obxecto de dar unha visión panorámica da situación social do galego no período temporal en que desenvolveron a súa vida os informantes considerados nesta investigación, e que nalgúns casos se retrotrae ó século XIX e abrangue ata a actualidade, quixeramos presentar algunhas reflexións básicas sobre os camiños que a situación social do noso idioma seguiu no período considerado. Para iso faremos referencia a algúns dos principais materiais dispoñibles sobre esta cuestión (Hermida 1992, Mariño 1998, Monteagudo 1999). No caso das últimas décadas do século XX, prescindiremos en boa medida desa interpretación, xa que tal visión será probablemente unha consecuencia das análises que presentamos a seguir, e que sen dúbida han constituír en parte as conclusións a este volume.

Segundo os diversos testemuños escritos e mailos estudos realizados nos últimos anos, a lingua galega chega ó século XIX cunha importante vitalidade. O seu uso, en boa medida monolingüe, é completamente xeneralizado entre a poboación rural e a mediados dese século probablemente tamén entre a urbana. Segundo Hermida (1992, 24), o galego «era a lingua maioritariamente falada en Galicia durante a segunda metade do século XIX e principios do XX»<sup>5</sup>. Os diversos testemuños, ós que se refiren tamén os demais estu-

---

<sup>5</sup> En Hermida (1992, 23-25) poden atoparse os datos sobre os cálculos que autores da época facían sobre a porcentaxe de galegofalantes naquela altura.

dos sobre a historia social do galego, deben ser tomados con cautela xa que, como indica Monteagudo (1999, 329), «case nunca pretenden ser exactos, senón aproximados, e case sempre, máis que *reflectir* unha realidade obxectiva, *refractan* imaxes sociais, preconceptos particulares e/ou intencións concretas do informante». Con todo, estas análises confirman en boa medida os datos empíricos ofrecidos polo Mapa Sociolingüístico de Galicia para o conxunto do país (SemSoc 1995, 51-55), ós que os estudos recentes sobre a historia social do galego fan reiterada referencia.

En calquera caso, é evidente que esa análise dos textos da época ofrece diversos arquetipos, se cadra por veces algo deformados, pero de enorme utilidade para coñecer a vitalidade e funcionamento da lingua galega durante o século XIX. Segundo Monteagudo (ibíd. 331), «antes da metade do século XIX, o galego aínda era a lingua *ambiental* do medio urbano galego». Como xa vimos, precisamente a partir de mediados de século, iníciase o primeiro crecemento demográfico importante das cidades galegas, sobre todo A Coruña, e tamén a instalación dos primeiros aparellos administrativos do Estado, o que dá lugar a unha incipiente burguesía urbana, que

tendeu entón a imita-la lingua utilizada pola gran maioría daqueles homes de negocios de fóra que se foran aveciñando nas nosas vilas e cidades desde o século XVIII. Esa lingua —é obvio— non podía ser outra cá única que o estado recoñecía como oficial, a que se quería impoñer e estender a través das escolas, dos seminarios, dos púlpitos, das oficinas da administración, a única que debían fala-las persoas de certo rango e señorío da Galicia do XIX a non ser que estivesen en situacións de carácter informal ou distendido ou que tivesen a ben comunicarse en galego con aqueles que non conseguiran unha competencia en castelán daquela reservada aínda a unha reducida minoría (Mariño 1998, 345).

Xa que logo, a medida que as cidades van expandíndose chega a elas unha burguesía que se instala no castelán e que vai asentar esa asociación entre cidade e idioma do Estado. Así chegaríamos a finais do século XIX, cunha situación sometida a un cambio importante, pero na que aínda a maior parte da poboación urbana traballa no sector primario<sup>6</sup>.

Este contexto parece favorecer unha situación sociolingüística moi variada e pouco homoxénea, tal como indica Monteagudo (1999, 331):

A situación lingüística do medio urbano no período de cambio de século estaba lonxe de ser uniforme: en primeiro lugar, porque o castelán probablemente non penetrara de xeito homoxéneo e simultáneo nas distintas cidades galegas, en segundo lugar, e sobre todo, o ambiente lingüístico destas era bastante máis variado do que estas fontes dan a entender.

Así mesmo, Monteagudo coida, en función dos testemuños escritos da época, que se pode «datar unha mudanza notable nos usos lingüísticos domésticos das *clases medias* urbanas do galego cara ó castelán contra mediados do século XIX» (ibíd. 334). É dicir, que o proceso de desgaleguización no hábitat urbano chegaría xa ós usos coloquiais na clase media, feito importante porque, en realidade, sabemos que este é o síntoma máis evidente de que a substitución dunha lingua por outra está consolidándose eficazmente. Polo tanto, nesa altura de mediados do XIX, ademais da minoritaria clase alta, en boa medida foránea e xa castelanfalante, a clase media urbana está bastante castelanizada. Só as clases baixas,

---

<sup>6</sup> Segundo Beiras & López (1999, 250), en 1900 o 44,3% da poboación urbana traballaba no sector primario, o 20,2% na construción ou a industria e o 35,5% nos servizos. En 1910 o sector servizos xa é o máis numeroso nas cidades galegas (39,9%), e a partir de aí o crecemento deste (salvo no período de ruralización 1930-1950) non fixo máis ca aumentar. Na actualidade (1991) traballa nese sector o 65,6% da poboación urbana, o 30,1% traballa na construción ou na industria e unicamente o 4,3% no sector agrícola ou pesqueiro.

formadas polo moi incipiente proletariado procedente do maioritario mundo rural, estarían aínda sen castelanizar. No entanto, non debemos perder de vista que as cidades apenas supoñen nesta altura o cinco ou o dez por cento do total galego<sup>7</sup>.

Con todo, a pauta castelanizadora das cidades a mediados ou finais do século XIX está xa creada e consolidada, e a poboación que se irá asentando nelas, cada vez con máis forza, sobre todo a partir dos anos 60, non fará máis que asimilar acriticamente unha dualidade que co tempo irá pasando a formar parte do subconsciente colectivo dos galegos.

Así se chega a principios do século XX, co castelán arraigado como lingua familiar nos fogares da burguesía acomodada das cidades, que no XIX recibira importantes achegas foráneas. Segundo Monteagudo, «a pequena burguesía urbana e semiurbana no seu conxunto presentaba unha situación máis complexa» (ibíd. 335), dado que

en primeiro lugar trátase dunha clase *de aluvión* e atravesada de tensións, xa que por unha parte está recibindo novos membros *ascendidos* gracias á mobilidade social, e por outra parte está inzada de ambicións de promoción e ascenso (...). En segundo lugar, aínda que abranxe sectores sociais non especialmente *instruídos* (por exemplo, os pequenos empresarios da industria, o artesanato, o comercio e a agricultura), tamén inclúe outros que se caracterizan precisamente pola súa *instrucción*. En terceiro lugar, polo que se refire a estes últimos, ó integrar moitas categorías sociais ás que se accede vía títulos conseguidos no sistema educativo (clero medio, médicos, avogados, boticarios, profesores...) e/ou nos que un manexo experto da lingua escrita é fundamental (burócratas en xeral e distintas castes de funcionarios públicos en particular), a

---

<sup>7</sup> Segundo Barreiro Fernández (1981, 17), «a mediados do século XIX o índice de ruralidade en toda Galicia acada o 90% e nalgúnas provincias, como Lugo e Ourense, non baixa do 95%. Segundo este mesmo autor –cfr. Beiras (1972, 21)– a porcentaxe de poboación urbana en 1900 sería o 6,6% do total de Galicia.

pequena burguesía tende a ser meritocrática e especialmente sensible ó valor da instrución e da cultura (por iso é tan propensa ó fetichismo en materia lingüística). (ibíd. 335-336).

Todas estas cuestións fan concluír a Monteagudo que

as experiencias, competencias, práctica e actitudes lingüísticas podían ser moi distintas segundo se tratase de individuos *recén ascendidos* á pequena burguesía, situados na franxa inferior desta, que procederían de medios familiares e sociais galegófonos, ou ben de individuos de traxectoria familiar *consolidada* e situados na franxa media ou alta, que procederían de medios máis castelanófonos; especialmente na medida en que procedesen de, fosen recén chegados a ou mantivesen contacto máis ou menos intenso cos mundos urbano ou o non urbano. (ibíd. 336).

Esta situación complexa e favorable ó castelán nas clases dominantes non impediu que os participantes nas polémicas lingüísticas da época pertencesen precisamente á pequena burguesía urbana ou semiurbana.

Por todo isto, semella que existía unha importante converxencia lingüística entre os habitantes das cidades galegas, mesmo os dos grupos sociais máis favorecidos. Segundo Hermida (1992, 39), «o galego era considerado polos castelanfalantes unicamente como un medio para comunicárense co grupo socialmente inferior que o tiña como lingua habitual», e «estaba inducido unicamente pola presenza no acto comunicativo dun individuo que falaba outra lingua e que, probablemente tivese dificultades para entende-lo castelán» (ibíd. 42).

Pola súa banda, segundo se deduce dos textos da época, os galegofalantes «utilizaban o castelán cando querían ser aceptados como membros do grupo que o tiña como medio de expresión (*motivación integradora*) ou cando buscaban que os seus iguais os identificasen co estatus superior, aínda

que continuasen a ser membros do grupo inferior (*motivación distanciadora*)». (Hermida 1992, 44).

Con toda esta información, Hermida traza un panorama bastante claro dos motivos que, na súa opinión conduciron á substitución lingüística do galego polo castelán na segunda metade do século XIX. A pesar da súa lonxitude, cremos pertinente a explicación desta autora respecto ós diversos factores relacionados con tal substitución:

As distintas situacións que propiciaron o cambio de lingua dos galegofalantes permiten distinguir catro variantes posibles no proceso de adquisición do castelán. A primeira delas constituíaa un ascenso efectivo na escala socioeconómica que compartimentaba a comunidade lingüística, manifestado fundamentalmente na adquisición dalgún dos trazos definidores do estatus superior (...). A posesión dunha característica que se identificaba popularmente co estatus superior –aínda que non fose exclusiva del nin se acompañase dun ascenso social– foi a segunda das desencadeantes do abandono idiomático. Para os habitantes do medio rural que acudían ás cidades, o uso do castelán non era indicativo dun ascenso efectivo na escala socioeconómica –pasar de labregos a criados non presupuña a entrada nunha clase distinta– senón que remitía a un intento de reducir as distancias que os separaban dos cidadáns –pertencentes na súa maioría ó estatus medio alto e falantes de castelán–. A presión do propio medio xeográfico, xa convenientemente caracterizado como castelanizador, tamén debeu influír na adopción do castelán.

A terceira causa fundaméntase no desexo de elevarse socialmente, de entrar no estatus superior (...). Este mesmo mecanismo explica tamén a represión no uso do idioma. Os pais aspiraban a que o fillo mellorase a súa posición e para iso cumpría que o neno se expresase na lingua dos dominadores e, mesmo, reprimi-lo uso da asignada ós inferiores.

E, en cuarto lugar, hai que salientar que o proceso de substitución podía estar producido polo desexo de interpor barreiras

que marcasen as diferencias cos iguais. No caso dos emigrantes que volvían á aldea, pero non ó seu idioma, a persistencia no uso do castelán derivaba dunha necesidade diferenciadora. O vivir nunha cidade ou o saír fóra do país concedíalle á persoa en cuestión un certo grao de superioridade, unha nota de prestixio que só se podía facer visible a través do uso dun idioma distinto ó dos veciños.

Pesie ás diferencias postas de manifesto, tódalas razóns sinaladas para xustifica-lo cambio de lingua remitían a unha causa única, a derivada do funcionamento dos idiomas como marca de clase. A mobilidade social [real ou ficticia] era o verdadeiro motor do cambio de idioma, axudado iso si por unha negativa consideración social do galego. (ibíd. 47-49).

Os autores que tratan o tema (cfr. Hermida 1992, 56; Monteagudo 1999, 337-339) non conceden demasiada credibilidade á opinión de que o galego non se falase fóra da clase obreira e das situacións informais. Aínda que tampouco chegan a dar unha opinión precisa sobre os usos informais e familiares existentes nos estratos medios e altos da sociedade<sup>8</sup>, cousa se cadra non demasiado doada de establecer, e que quizais responda tamén a factores persoais.

Finalmente, cómpre lembrar –e isto será especialmente importante desde a perspectiva do capítulo XI dedicado ó deseglose por cidades– que o proceso de substitución lingüística foi moito máis intenso «nas urbes máis grandes e mais nas costeiras (A Coruña e Vigo, Ferrol e Pontevedra) onde, ó tender a concentrarse nelas o desenvolvemento industrial de Galicia» (Mariño 1998, 348) a entrada do castelán foi máis temperá, mentres que «se viviu con menos crueza nas cidades do interior (Santiago, Lugo e Ourense), caracterizadas por un

---

<sup>8</sup> Ámbolos autores refírense á coñecida opinión de Murguía en 1889 de que «Si en nuestras más populosas ciudades se habla la lengua de Castilla, es por las clases acomodadas y eso en sus relaciones exteriores: en la vida íntima y entre la mayor parte de[l] pueblo, el gallego es el dominante» (tomado de Hermida 1992, 56).



menor nivel de desenvolvemento industrial e por unha maior vinculación ó mundo agrícola das súas respectivas zonas de influencia» (ibíd. 348).

A medida que se vaia producindo a expansión da Galicia urbana, xa no século XX, estes fenómenos serán cuantitativamente máis importantes. Xa dixemos que esta expansión comeza no primeiro terzo do século, pero que será a partir dos anos 60 cando coñeza o seu maior apoxeo. Entrementres, podemos dicir que as cidades galegas experimentaron algunhas novas influencias, entre as que cómpre salientalas exercidas polo poder político, moi especialmente a través da lexislación e do sistema educativo. En relación con este último, porén, «a súa universalización e a consecución dos niveis de calidade esixibles na prestación deste servizo terían que esperar ata moi avanzado o século XX. Por tal motivo, a castelaniación de Galicia a través da escola primaria non puido ser cuantitativamente importante aínda no século XIX» (Mariño 1998, 358). Segundo Narciso de Gabriel (1988, 39), a finais do XIX a metade da poboación infantil galega non fora escolarizada en absoluto. Ademais, nesa centuria a inmensa maioría dos mestres procedían do medio rural e posuían unha formación moi básica en lingua castelá e, probablemente, tanto moitos alumnos coma os profesores se atopasen máis seguros falando en galego ca na lingua do Estado. Con todo, esta é a situación do medio rural galego. Non posuímos información detallada da situación sociolingüística das escolas urbanas, aínda que sospeitamos que sería ben distinta, e que a lingua ambiental sería en moita maior medida o castelán có galego. Como ben indica Monteagudo en referencia ós últimos anos do XIX, «en Galicia xa se viñera despregando un tecido de vida urbana moderna, co seu típico ámbito de vida pública, de *boa sociedade* ó que estaba caracteristicamente asociado o castelán» (ibíd. 338). Nesa «nova *publicidade* burguesa» o idioma do ensino sería un referente importante da distinción social que se pretendía transmitir desde os núcleos irradiadores da nova mentalidade, promovida polo Estado Español

contemporáneo, do que formaba parte fundamental o castelán. Nese sentido, probablemente colaboraron as disposicións legais da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), que «impuxo unha escalada de medidas represivas contra as linguas periféricas» (Monteagudo 1999, 399). Efectivamente, a escola foi un dos ámbitos sobre os que máis recaeu a acción do aparello represivo do Estado, de grande importancia e intensidade «nun período coma este, no que se acelerou considerablemente o ritmo de construción de escolas» (ibíd. 400).

Polo tanto, se o medio urbano foi o buque insignia da actuación do Estado moderno sobre os cidadáns e no establecemento dunha *publicidade* dirixida a todos, é evidente que, xunto co aparello burocrático-administrativo e a organización mercantil da sociedade, a escola é unha das puntas de lanza máis influentes nas sociedades contemporáneas, sobre todo de cara a establece-las pautas de comportamento e os valores das xeracións que se encontran en período de constitución como persoas adultas, é dicir, os escolares. E, nese aspecto, o período que estamos considerando puido ser decisivo de cara á modelación das conciencias.

Porén, no período da II República ábrese a posibilidade dunha «mellora efectiva do *status* legal do idioma galego (...) por primeira vez como un obxectivo alcanzable» (ibíd. 402). Nos debates sobre as posibles lexislacións lingüísticas atopamos datos sobre a situación do medio urbano de especial interese. Segundo Monteagudo, a situación da escola reflicte como «no medio urbano e semiurbano, os alumnos das escolas públicas de procedencia social *modesta* teñen como lingua primeira maioritariamente o galego, e os bilingües presentan un repertorio lingüístico moi empobrecido, xa que o seu castelán está inzado de *vicios*. Por outra banda, no medio rural, o *monoglotismo* (...) en galego é a norma xeral».

Con todo, no seu estudo sobre o ensino primario en Galicia, Costa Rico (1989, 102-103) sitúa a poboación escolarizada nas escolas públicas arredor do 40 por cento, no 50 por cento en 1923 e no 55 por cento en 1933, porcentaxes estas

ás que habería que engadir entre un 5 e un 10 por cento máis de escolas privadas (cfr. Monteagudo 1999, 441). Todo isto dános idea de que estamos lonxe aínda da escolarización universal, en boa medida porque os rapaces teñen que colaborar en labores agrícolas na casa e porque, en consecuencia, a escolarización –que dependía destes– non era en absoluto regular (Costa 1989, 106-113). Todo isto facía que a efectividade da escola para influír na vida e nas condutas lingüísticas dos alumnos fose aínda reducida.

Naturalmente, esta situación é basicamente a do medio rural. Pero tampouco temos datos precisos sobre as pautas lingüísticas nas cidades desta época. Se, como dixemos, a cidade constituíu o núcleo principal de difusión e control da *publicidade* promovida polo Estado, parece lóxico supoñer que neste medio se utilizase e requirise o uso do castelán. Aínda que quizais a poboación que chegaba do medio rural e que en moitos casos posuía un dominio máis ben cativo do castelán usase con certa asiduidade o galego e se cadra mesmo os mestres tiveron algún tipo de conduta diferencial con ese sector de escolares. Hai que lembrar que a presenza do mundo rural nas cidades galegas durante a primeira metade do século XX foi moi importante, tanto porque os intercambios comerciais e de servizos eran habituais como porque no perímetro de moitos dos termos municipais urbanos había territorios que pertencían, daquela aínda máis ca hoxe, a un hábitat de tipoloxía rural. Xa que logo, non parece descamiñado pensar que nalgúns casos o galego fose unha lingua vehicular frecuente sobre todo nos intercambios comunicativos informais dos escolares urbanos<sup>9</sup>. A esta cuestión referirémonos no capítulo

---

<sup>9</sup> Aínda que, desde a perspectiva dos mestres, Monteagudo (1999, 444) parece apuntar en sentido contrario: «a grande maioría dos mestres nin sequera por motivos pedagóxicos usaban o galego como lingua auxiliar nas aulas». Mesmo así, segundo este autor, puido haber algunhas variacións: «Queremos crer que a situación evolucionaría durante o período republicano, onde tanto o marco legal (...) coma a mentalidade do profesorado (...) e a propia presenza de galeguistas nas Inspeccións de ensino favorecerían unha mellor acollida á lingua galega no medio escolar» (ibíd. 445).

8, dedicado ós usos escolares. En relación coas escolas creadas con capital dos emigrantes, semella que os seus intereses lingüísticos estaban sobre todo no castelán, a lingua que eses rapaces, de seguiren o mesmo camiño cós promotores das escolas, habían necesitar nos seus destinos centro e sudamericanos. De por parte, o que non atoparemos serán proxectos de galeguización substancial do ensino, mesmo en iniciativas tan significadas coma as «Escolas do Insiño Galego»<sup>10</sup>. Por iso, as escolas urbanas da Galicia anterior ó 36 probablemente ensinaban en castelán con concesións ós alumnos que precisaban algunha *axuda* para integrárense neste idioma a partir do seu galego materno.

Polo que respecta á etapa franquista, é ben sabido que o idioma promovido polo Estado foi en exclusiva o castelán. Se ben as dúas primeiras décadas deste sistema foron de rerruralización e diminución da poboación urbana, é de supoñer que os sectores urbanos seguiron intensificando a instalación no castelán que, agora dunha forma moi clara e taxativa, era a lingua da *publicidade* pública e de todos aqueles aspectos que podía controla-lo Estado, e dos que só quedaba excluído o ámbito privado e íntimo, no que nunca o Estado, por moi ditatorial que fose, puido influír directamente.

Xa que logo, a contribución franquista á situación sociolingüística das cidades o que conseguiu ata os anos 60 foi intensificar e reforza-la promoción do idioma do Estado. É ben coñecida a asociación do sistema ditatorial coa lingua *nacional* española, e a súa antipatía polas linguas *rexionais* (catalán, vasco e galego). Con todo, diferentes autores teñen sinalado que a intransixencia nesta materia debeu ser menor

---

<sup>10</sup> Na iniciativa ideada desde as Irmandades da Fala da Coruña, e dirixida polo tanto para unha poboación urbana e galegofalante, establecíase que «O insiño n'estas escolas farase no idioma hespañol, si ben utilizando tamén o galego na letura da nosa literatura peculiar e demais libros didáticos que se poidan outer, e para algunhas espricaciós de leiciós prácticas, a fin de qu-os nenos poidan comprender mellor as ensinanzas d-os mestres» (cito por Monteagudo 1999, 454). Todo isto indica que non se chegou a formular en serio ningún plan de galeguización efectiva do ensino, polo menos ó estilo dos que hoxe coñecemos.

en Galicia ca en Euskadi e Cataluña (cfr. Mariño 1998, 415), pola menor significación que as forzas nacionalistas galegas tiveron na II República respecto a esoutras comunidades. Esa presunta maior permisividade non excluía que as persoas con estudos que utilizaban o galego nas parolas de café da época fosen sospeitosas e mal vistas pola sociedade e o réxime franquista, sobre todo a dos primeiros tempos (Fernández del Riego 1990, 137), nun contexto no que «a erosión da dignidade que a nosa lingua e os seus usuarios padeceron durante o franquismo foi moi intensa» (Mariño 1998, 416). Con todo, algúns autores sinalan que a importancia de folletos como o coñecido «Hable bien, sea patriota, no sea bárbaro» distribuído na Coruña en 1955 é máis ben anecdótica desde o punto de vista cuantitativo, dentro das actuacións sociais conscientes do sistema en contra do galego, pero sen dúbida reflicte a situación e clima xeral creado polo poder cara á lingua galega. Desde logo, as actuacións sobre o ensino e os medios de comunicación, que se desenvolverán en grande medida a partir da década dos 50 e os 60, así o indican. A ausencia total do galego de tódolos ámbitos que non fosen os intentos de loita cultural organizada por iniciativas como Galaxia fan pensar nunhas cidades, agora si, plenamente castellanizadas no ámbito público, e con camadas populares procedentes, nalgúns casos en cantidades moi considerables, do medio rural, que usan en privado o galego, pero que saben que deben adaptarse á lingua do medio e do sistema: o castelán. Algunhas informacións fan referencia a que, alén das actuacións dos colectivos culturais —e máis tarde tamén políticos— galeguistas e nacionalistas, o galego era nas cidades un síntoma de pertenza á clase baixa, como por outra banda xa vimos que acontecía desde mediados do século XIX. As deslealdades lingüísticas ó galego entre os sectores desa mesma procedencia lingüística poden apreciarse na literatura da época<sup>11</sup>.




---

<sup>11</sup> En 1962 publícase *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, onde atopámo-lo desgarrador poema «Língua proletaria do meu pobo», que pon

A historia social do noso idioma nas últimas décadas foi aínda pouco estudada, salvo no que se refire á promoción do idioma desde os diversos foros e sectores galeguistas e nacionalistas. Porén, necesitamos saber máis sobre a distribución das linguas e os procesos de mantemento e cambio da lingua ó longo deste século. E é nese labor no que investigacións coma a nosa –ou, desde unha perspectiva xeral galega, o MSG– teñen a palabra.

---




de manifesto a deserción lingüística existente entre sectores orixinariamente galegofalantes, que abandonan o seu idioma para instalárense no máis prestixiante castelán. O fenómeno pode atoparse tamén noutros autores, como Manuel María. Cfr. Mariño (1998, 424).



### **III**

## **SOCIOLINGÜÍSTICA E METODOLOXÍA**





A sociolingüística foi, sen dúbida, unha disciplina fundamental na investigación sobre a linguaxe das últimas catro décadas. En todo ese tempo, sociólogos, antropólogos, lingüistas e psicólogos sociais téñense ocupado extensamente da relación entre lingua e sociedade. Variadas foron tanto as procedencias académicas coma as formulacións teóricas e metodolóxicas e os contextos sociopolíticos que favoreceron o seu desenvolvemento. Así, o proceso de modernización dos países do terceiro mundo estivo relacionado coa aparición da planificación lingüística, os problemas sociais coa aparición dos estudos sobre lingua e clase social en Gran Bretaña, sobre lingua e raza en EUA e sobre lingua e políticas de inmigración na Alemaña occidental e noutras sociedades europeas (Bolton 1992, 9).

Esta realidade, á que xa aludimos noutra ocasión (Rei-Doval 1999), tivo unha enorme influencia sobre a multiplicidade de concepcións, achegamentos e marcos teóricos e metodolóxicos xurdidos no seo da sociolingüística. Sen pretender entrar de cheo nunha cuestión aínda non resolta polos estudosos da teoría sociolingüística, cómpre mencionar que aproximacións pretendidamente de conxunto, como a meta-teórica de Figueroa (1994), deixan fóra do seu ámbito de análise, entre outras, a liña macrosociolingüística proposta por Fishman, na que baseamos esta investigación, ou a frutífera liña de estudos sobre o bilingüismo proposta por William F. Mackey. Efectivamente, Figueroa (1994) sitúa como princi-

pais marcos teóricos da sociolingüística a etnografía da comunicación de Hymes, o variacionismo de William Labov e maila sociolingüística interaccional de Dell Hymes, esquecendo boa parte dos estudos sobre o cambio, encabezados por Einar Haugen, ademais da socioloxía da lingua de raíz fishmaniana, os estudos sobre pidgins e crioulos ou toda a planificación lingüística (cfr. Wardhaugh 1992).

No outro extremo, toda esta diversidade de temas e aproximacións podería levarnos á conclusión de que a sociolingüística é a ciencia que se ocupa de todos aqueles feitos e fenómenos lingüísticos que non son sistemáticos, regulares e estables, sobre todo se, como coida Calvet (1998, 21) «non hai razón para facer distincións entre unha lingüística xeral que estudaría as linguas e unha sociolingüística que tería en conta o aspecto social destas linguas: noutras palabras, *a sociolingüística é a lingüística*».

Vista esta diversidade e multiplicidade de puntos de vista, que obviamente non poden aquí ser sequera expostos cunha mínima sistematicidade, queremos referirnos brevemente ó modelo macrosociolingüístico de raíz fishmaniana no que se insire a nosa investigación.

Segundo diversos autores, unha das primeiras distincións que cómpre realizar é a que diferencia a sociolingüística da socioloxía da lingua. Segundo algúns (cfr. López Morales 1989, 19-39; Moreno Fernández 1990, 15), a primeira antepón o estudo da lingua e a segunda o da sociedade. Desde esta perspectiva, cabería preguntarse a cal destes dous termos da dualidade se adscribe a análise das competencias e os usos lingüísticos. Se estes últimos constitúen ante todo feitos lingüísticos, deberían ser estudados pola sociolingüística e se se entenden como feitos sociais deberían incluírse na socioloxía da lingua. Naturalmente, pode argumentarse que o uso da lingua é *lingüístico* na medida en que afecta á elección dunhas ou outras formas (i.e. o *corpus*) mentres que é social na medida en que a elección consciente ou inconsciente dunha ou outra variedade lingüística segue parámetros *sociais*. Segundo

Hudson (1980, 4-5), a sociolingüística estudaría a lingua en relación coa sociedade e a socioloxía da lingua a sociedade en relación coa lingua, perspectiva que, entre outros autores que se achegan á sociolingüística desde a lingüística, tamén apoia Chambers (1995). Así e todo, o propio Hudson vén recoñecer que:

A diferencia entre a sociolingüística e a socioloxía da lingua-xe é máis ben unha cuestión de énfase, segundo o investigador estea máis interesado na lingua ou na sociedade, e tamén segundo sexa máis destro na análise das estruturas lingüísticas ou das sociais. *Hai unha área moi grande de superposición das dúas disciplinas e resulta aparentemente inútil intentar dividilas máis nitidamente do que están* (Hudson 1980, 5; citamos pola versión galega en Wardhaugh 1992, 29, cursivas nosas)

O mesmo Trudgill (1978, 15), que trata de deslinda-lo lingüístico do social, ó falar de *lingua en sociedade* fronte a *sociolingüística*, recoñece as dificultades para traza-lo linde entre as dúas subdisciplinas e observa que diferentes especialistas trazan esta fronteira en sitios diferentes<sup>12</sup>.

Como reflexión máis xeral, poderíamos preguntarnos ata que punto é posible diferencia-lo fenómeno *lingua* do fenómeno *sociedade*, e se esa distinción ten utilidade alén da blindaxe das áreas de coñecemento e maila protección dos intereses académicos de lingüistas e sociólogos fronte a influencias externas de investigadores doutras procedencias curriculares. Neste sentido, parécennos plenamente xustificadas as palabras de Wardhaugh (1992, 27), ó afirmar que «unha sociolingüística que evite deliberadamente tirar conclusións sobre a sociedade parece innecesariamente restritiva, tanto coma unha socioloxía da linguaxe que ignore conscien-

---

<sup>12</sup> Sobre as escolas e fundamentacións teóricas da sociolingüística, ten especial interese o comprensivo volume de García Marcos (1999).

temente os descubrimentos feitos sobre a lingua no curso dunha investigación sociolóxica». Desde esa visión comprensiva trataremos de orienta-la nosa investigación.

### **Os estudos sobre o mantemento e a substitución lingüística**

O mundo de hoxe, no que se falan entre 3.000 e 6.000 linguas, asiste a procesos sociais que, segundo os máis diversos autores, conducen á desaparición de moitas destas linguas, á que se pode chegar logo de intensos procesos de substitución lingüística. Este fenómeno e o interese que, desde hai máis de corenta anos, veñen espertando as linguas sen Estado e as de países en desenvolvemento deu lugar á creación dunha área de estudo coñecida co nome de *mantemento e substitución lingüística* (*language maintenance e language shift*). Con todo, existen xa importantes antecedentes no estudo destes procesos a finais do século pasado e comezos deste, co interese que diversas minorías europeas e americanas (especialmente a alemá) teñen espertado en diversos estudosos. De feito, o termo *substitution* débese a Meillet e *shift* arrinca de Bloomfield contra 1930 (Boix e Vila 1998, 185; Fishman 1997), mais o cerne destas investigacións trasládase ós Estados Unidos tralo remate da IIª guerra mundial.

#### ***A achega de Fishman (1964)***

A constitución do campo de estudo sería moi distinta sen os esforzos de Fishman (1964, 1991), que deu peso específico e dimensión propia a tales estudos. Precisamente a un estudo de Fishman (1964), publicado hai poucos anos en lingua galega (1997), debémo-la primeira descrición desde o punto de vista teórico do campo de estudo:

O estudio do mantemento e cambio de lingua ocúpase por unha banda da relación entre o cambio ou a estabilidade no uso

habitual das linguas e, por outra, dos procesos psicolóxicos, sociais ou culturais en curso cando poboacións con linguas diferentes están en contacto. (Fishman 1964; citamos sempre pola tradución galega, 1997, 3).

Para Fishman, os estudos sobre a cuantificación do uso habitual das linguas teñen que ver cunha cuestión anterior: determina-lo grao de bilingüismo, labor ó que se dedicaban daquela (1964) investigadores de diferentes procedencias: lingüística, psicosocial e sociolóxica.

Así mesmo, Fishman fai énfase en que «son necesarias DIVERSAS medicións se se teñen que reflectir as realidades sociais dos ámbitos multilingües» (ibíd. 7) e introduce asemade diferentes consideracións sobre a variación. A primeira delas, sobre a variación segundo a forma en que se manifesta a lingua: escrita, lida ou falada. Isto ten repercusións importantes, porque o grao de mantemento ou cambio pode ser bastante distinto segundo cal sexa a manifestación da lingua que esteamos a considerar. Así, por exemplo, se a alfabetización se realizou antes de producirse o contacto coa outra lingua quizais a primeira resista mellor o cambio, mentres que se, como no caso galego, a alfabetización na lingua da comunidade se fixo despois de esta-lo cambio en marcha, a situación vai ser menos favorable.

Por outra banda, Fishman reconece que a variación no tipo de rol establecido entre emisor e receptor (fala interior/compreensión/produción lingüística) introduce tamén variación no cambio, como tamén o fai a situación de que se trate (formal, semiformal, informal, íntima, etc.).

E, en cuarto lugar, fala dunha variación en función do dominio. Este foi un dos aspectos máis desenvolvidos da teoría fishmaniana sobre o cambio. Isto débese a que:

O xeito máis doado de aclarar os aspectos CUALITATIVOS do bilingüismo é poñéndoos en relación coa UBICACIÓN do mantemento e o cambio de lingua en termos de DOMINIOS da conducta lingüística. O que aquí nos interesa é elaborar o listado

máis breve e productivo posible das ocasións nas que unha lingua (variante, dialecto, estilo, etc.) é habitualmente empregada antes ca (ou xunto con) outra. (Ibíd. 9)

Aínda que nesa época outros autores como Haugen, Weinrich e Mackey están a difundir-lo termo *funcións*, Fishman cre que ten un alcance diferente e propón a recuperación do termo *dominio*, que introducira tres décadas antes Schmidt-Rohr. Pero, este marco analítico ten a dificultade de que non existe tradición nin consenso á hora de «clasificar os dominios da conducta lingüística en comunidades bilingües» (ibíd. 10), aínda que si en considera-la pertinencia de determinados ámbitos, o status doutros non está tan claro. Schmidt-Rohr (1932) diferenciaba nove dominios: a familia, o patio de xogos e a rúa, a escola, a igrexa, a literatura, a prensa, o exército, os xulgados e a burocracia gobernamental. Tamén a Schmidt atribúe Fishman o mérito de comprender que unha análise rigorosa do bilingüismo implica estudar e coñecer illadamente cada un dos dominios.

Outros autores como Mackey (1962) limitaran os dominios a cinco: o fogar, a comunidade, a escola os medios de comunicación e a correspondencia, mentres Barker (1947) e Barber (1952) os reducían a catro: o familiar (íntimo), o informal, o formal e o intergrupar, e Frey (1945) quedaba unicamente con tres: fogar, escola e igrexa.

Ademais desta división en dominios, e logo de contemplar outras posibilidades –como posibles *subdominios*– Fishman conclúe que é necesario analiza-las interaccións dentro de cada dominio en termos de *relacións de rol*, dado que a dominios amplos como a familia cómprenlles maiores diferenciacións, que segundo el veñen da análise das relacións de rol máis importantes. Pola súa vez, estas relacións poden analizarse máis a fondo segundo diferentes ocasións sociais e encontros<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Outros autores, como Dohrenwend & Smith (1962) ou Jones & Lambert (1959) téñense ocupado tamén de cuestións semellantes a propósito dos procesos de aculturización, e entenderon por dominios «actividades ordenadas, interdependentes, estruturais» ou «esferas de actividade». Cfr. Fishman (1964, 12).

Outra consideración moi importante, que afecta decisivamente á nosa investigación, é o feito de que

Mesmo pode ser necesario considerar os dominios da conduta lingüística dun xeito algo diferente dependendo de que o noso propósito sexa estudar principalmente ou nenos ou ben adultos. (Ibíd. 12).

Esta circunstancia marcou de forma decisiva a formulación do propio MSG, que se atopou cunha tradición galega anterior que estaba pensada para realizar estudos aplicados ó ámbito escolar. Isto fixo que houbera que adapta-las circunstancias máis «simples» nas que se elaboraran eses traballos previos a necesidades máis complexas nunha investigación que, como o MSG, cubría a práctica totalidade do abano social.

Fishman tamén utiliza no estudo do mantemento e o cambio lingüístico o concepto de *función*. Esta refírese a «por qué falou e dixo iso dese xeito cando o dixo» (ibíd. 16), é dicir, a categorías máis concretas cunha menor utilidade para explica-lo mantemento e o cambio de lingua cá dos dominios.

En calquera caso, a medición precisa do mantemento e o cambio lingüístico precisa coñecer con detalle tanto os dominios da conduta lingüística coma as relacións de rol ou as ocasións sociais en que se usa a lingua:

Con estes instrumentos poderanse estudar as intercorrelacións entre os diversos compoñentes da variación do grao de bilingüismo, así coma a variación de tales intercorrelacións de acordo coa idade ou cos graos cambiantes de competencia lingüística, conveniencia e motivación. (Ibíd. 17).

Conclúe tamén Fishman que, polo menos en 1964, non existía un modelo que integrase tódalas fontes e dominios teoricamente posibles da variación da conduta lingüística. E real-



mente non foi este un aspecto especialmente estudado posteriormente. O propio Fishman recoñecía en 1997<sup>14</sup> que non tiña plans inmediatos para revisar esa formulación, e que se o fixe-se sería desde a perspectiva do *Reversing Language Shift*, en lugar de desde o propio proceso de substitución lingüística.

Este modelo non exclúe a «a relación *entre* os datos do uso lingüístico habitual obtidos de tal forma nuns dominios ou fontes de variación determinados e as observacións dos traballadores de campo ou as producións dos individuos» (ibíd. 23). Mesmo así, o paradigma fishmaniano ten recibido intensas críticas desde sectores da microsociolingüística por, presuntamente, desbota-la visión da variación lingüística desde os actos de fala.

É importante tamén a cuestión formulada por Fishman de se os habitantes urbanos son máis propensos ó cambio cós do rural e estes últimos son pola súa banda máis conservadores, e menos propensos a este.

En principio, Fishman considera que «esta é unha das xeneralizacións máis razoables e mellor documentadas do estudio do mantemento e o cambio de lingua» (ibíd. 29)<sup>15</sup>. Con todo, se existise unha relación biunívoca entre ámbolos dous fenómenos (desprazamento da lingua minoritaria e procesos de urbanización) non se entendería por que moitos movementos de conciencia e adhesión nacionalista foron esencialmente urbanos e por que nese medio acadaron máis impacto diversos procesos promovidos desde a esfera intelectual e desde as clases medias cara ó mantemento de linguas minorizadas. Segundo Fishman (ibíd. 29) «os grupos urbanos foron polo xeral os primeiros impulsores, organizadores ou mobilizadores» destes movementos, o que choca directamente coa idea de partida. Mais, esta aparente contradición ten para Fishman (ibíd. 29) explicación:

---

<sup>14</sup> *Postscript* á versión galega do citado artigo, p. 52.

<sup>15</sup> Neste sentido, destaca os históricos estudos de Carman (1962), Haugen (1953), Kloss (1966), Pihlblad (1932), ou Willems (1943), entre outros.

Os pequenos grupos rurais quizais tiveron máis éxito ao estableceren comunidades relativamente autárquicas, que mantiveron a lingua gracias á conservación dos modelos de interacción e as estruturas sociais tradicionais. Pola súa banda, os grupos urbanos, expostos á interacción nunhas redes máis fragmentadas e especializadas, poden amosar uns intentos máis conscientes, organizados e novidosos de preservar, revitalizar ou cambiar a súa lingua tradicional. O medio urbano si facilita o cambio. Sen embargo, a DIRECCIÓN DE TAL CAMBIO non sempre favoreceu o cambio de lingua a costa do seu mantemento.

Fishman coloca esta cuestión en relación coa xeneralización referente a que as clases alta e media son máis propensas ó cambio cás baixas. E achega argumentos de diversos autores ó respecto, que non sempre coinciden na interpretación do problema.

Outro dos tópicos de interese que formula é se a lingua máis prestixiosa despraza sempre a menos prestixiosa. Neste caso considera que «o prestixio lingüístico non é un trazo unitario nin unha etiqueta que se poida asociar en todas as circunstancias cunha determinada lingua» (ibíd. 30). Así mesmo, o denominado *prestixio* agacha tantas consideracións distintas que fai difícil manexar con facilidade tal concepto. De aí que opte pola necesidade de reformulalo para así poder utilizalo coa debida eficacia na investigación sociolingüística sobre o mantemento e o cambio de lingua.

Cómpre non perder de vista tampouco algúns aspectos dos procesos de mantemento e cambio de lingua que teñen dado lugar a diversos debates moi conectados con cuestións de corte ideolóxico. Entre eles está o significado que para o mantemento dunha lingua ten o fenómeno da bilingüización xeneralizada dunha poboación nunha lingua que non é a propia desa comunidade. Nestes procesos ten unha grande importancia tamén o fenómeno da diglosia e todo o debate xerado ó seu redor, en especial trala ampliación do concepto

proposta por Fishman (1963)<sup>16</sup> e os desenvolvementos ós que deu lugar.

### ***A reformulación –parcial– do modelo de Fishman (1991)***

Na xa longa e dilatada traxectoria deste cofundador da sociolingüística, a cuestión do mantemento e o cambio de lingua estivo presente ó longo de practicamente tódalas súas investigacións. Con todo, como el mesmo recoñecía hai uns anos (1997), aínda está por revisar completamente ese traballo inicial e iniciático que cumpriu xa 40 anos e que necesitaría unha sistemática actualización. Se ben esa revisión aínda non se realizou, no volume de 1991 Fishman propón algunhas visións e análises alternativas ó respecto. Por iso queremos referirnos con algo máis de vagar a esta ampliación e revisión parcial do modelo inicial.

En primeiro lugar, e partindo da dificultade que supón facer un diagnóstico sobre un proceso social pola complexidade que iso implica, Fishman (1991, 40) constata que a substitución lingüística é con frecuencia un proceso lento e acumulativo, o que implica unha importante dificultade de datación. Por outra banda, desde unha perspectiva mundial, existe unha importante carencia de estudos sobre o mantemento e o cambio de grupos lingüísticos que non poden dedicar moitos esforzos nin diñeiro a investigar estas cuestións<sup>17</sup>.

No que se refire á realización de estudos, e considerando todo o realizado ata a data sobre o particular, Fishman coida que é desexable que en toda situación lingüística existise un estudo previo que servise como punto de referencia para establecer comparacións. Así e todo, «the number of minority languages that can expect to be this fortunate is still relative».

---

<sup>16</sup> Sobre o status e a historia do termo *diglosia* pode verse o traballo de Fernández (1995).

<sup>17</sup> Poucas veces –en realidade teríamos que dicir ningunha– deuse a existencia dunha macroenquisa tan detallada como a MSG, que permitise coñecer con tanto detalle o proceso de mantemento e cambio dunha lingua.

vely small» (Fishman 1991, 41), e dado o avance experimentado pola sociolingüística nas últimas décadas é bastante habitual que estes estudos preliminares «rarely will they be found to be fully adequate for current comparative purposes» (ibíd. 41).

Por iso a alternativa acostuma se-la realización dun estudo *cros-sectional* no momento presente e a partir del realízalas comparacións e inferencias interxeracionais oportunas. Nalgúns estudos as comparacións temporais realízanse a través das declaracións dos informantes sobre o uso da lingua actual en relación con un ou máis momentos do pasado. O outro tipo de estudos é o que fai comparacións entre os grupos de poboación de diferente idade. Efectivamente, esta estratexia ten a vantaxe de que non obriga os informantes a faceren xeneralizacións de momentos precedentes que quizais xa non lembren con exactitude, e establece unha medición *age-grading* ou gradación interxeracional estable. Deste xeito, as diferenzas que se observan na actualidade entre grupos de idade enténdese que responden a diferenzas diacrónicas do uso lingüístico.

Así e todo, este método pode presenta-lo problema de estar medindo outras cuestións diferentes do cambio de lingua segundo a idade. Diversas son as limitacións que afectan a este tipo de medicións:

there is no way of being completely sure that the former (the different subjects at each age) are really comparable in all relevant language-related aspects. It is possible that they might be different in their degrees of language use (...) due to factors on which they have not been or cannot be equated (...), and these factors could be responsible for the differences between the age groups with respect to language-use claiming, rather than the passage of time per se. (...). Ultimately not age per se (...) interests us but, rather, age-related *cultural experiences*, i.e. things that increasingly happened to Xish-speaking Xmen as time passed (Fishman 1991, 42).

No que se refire ás dimensións da substitución lingüística, a primeira diferenciación que fai Fishman é entre comprensión, fala, lectura e escritura, que constitúen, ó seu ver, unha *escala implicacional*, xa que un termo da serie de catro implica o cumprimento dos anteriores.

Ademais, se no modelo de 1964 tiña un importante papel o concepto de *dominio*, agora en 1991 parece reforzarse o lugar das *relacións de rol*, como forma de completa-la visión da variación existente nas prácticas lingüísticas dunha comunidade.

Por outra banda, o uso lingüístico é para Fishman un pouco máis doado de avaliar e medir cá competencia e as actitudes lingüísticas, xa que resulta máis evidente, aínda que non o ve completamente ausente de dificultades. Así, xulga problemático saber cal é o criterio para decidi-la proporción de enunciacións que alguén emite nunha lingua, é dicir, cal é o uso real nunha situación determinada.

### ***As causas da substitución lingüística***

Segundo Fishman, a causa e o lugar onde ocorre o cambio de lingua están moi relacionados, sobre todo nas primeiras fases do proceso de cambio:

The location of shift in the total ‘sociocultural space’ of a speech community is an indication of just where the stresses and strains of cross-cultural contact have eroded the ability of the smaller and weaker to withstand with the stronger and larger. (Ibíd. 55).

Xa que logo, pode ser útil comprender como se produce este proceso de substitución nun ámbito xeográfico determinado –poñamos o medio urbano– e relacionalo co conxunto da sociedade, para integrar esa perspectiva nas causas do propio cambio. Naturalmente, hai que ter presente como esas dúas perspectivas interactúan co tempo e o proceso histórico no que se inscriben e ó que dan lugar. Así mesmo, pode acon-

tecer que se produza unha dislocación xeodemográfica por mor de cambios relacionados co proceso de industrialización ou con modificacións no sistema produtivo e os conseguintes movementos de poboacións. Todos estes procesos acostuman te-la súa influencia sobre a transmisión interxeracional da lingua, punto clave do mantemento e o cambio de lingua para Fishman:

Cultures are dependent on familiar and traditional places and products, as much as they are on familiar coparticipants and on an established consensus among them as to cultural values, norms and processes. Demographic dislocation may undermine the latter (culturally familiar interlocutors) every bit as much as it does the former (culturally familiar contexts), the two, the demographic and the cultural, being immediately linked to each other. (Ibíd. 58).

Estas consideracións introdúcennos no auténtico cerne da substitución lingüística, é dicir, as motivacións do proceso: que leva os individuos a deixaren de utiliza-la variedade lingüística que era propia desa comunidade para se instalaren noutra, tal como aconteceu na Galicia urbana:

Even such a widespread and seemingly innocuous demographic process as the urbanization of a hitherto rural or non-sedentary population usually has drastically negative physical and therefore, ultimately, negative sociocultural dislocative consequences. Urbanization of hitherto rural newcomers involves interacting with strangers at almost every step: in the neighbourhood, at work, at school, in shopping, in transportation, in entertainment and at civic functions, on the one hand; and a greatly increased density of communication, on the other hand. The result of this co-occurrence is an endless deluge of ethnolinguistic messages in the lingua franca which any urban environment either develops or adopts, a language which is different from that of most Xish homes and families and which

easily comes to rival and displace the language of dislocated home and family, particularly for the young. Urbanization neatly exemplifies the basic point that we are trying to make here. There are few, if any, culturally innocent physical and demographic arrangements (...). Physical and demographic dislocation is immediately translatable into cultural (and, therefore, into language-in-culture) dislocation. (Ibíd. 58).

Estes procesos poden levar tamén a pensar que son culturalmente desexables, xa que van acompañados dunha *democratización*, *civilización* e *modernización* da vida das persoas. E estas son precisamente algunhas das circunstancias máis valoradas polos membros de comunidades rurais que se achegan ó mundo urbano, e poden levar a moitos nostálxicos do pasado *perfecto* galegófono a pensar que «they undercut the very cultural and identity distinctions on which minority language maintenance must be based» (ibíd. 63). Pero esta conclusión é incorrecta, como tamén indica Fishman. Desde a perspectiva da reversión desta situación, os promotores da lingua orixinaria da comunidade deben entender que o novo contorno e o novo tipo de vida non son os seus inimigos:

They need merely champion the logical and ethical continuation and culmination of democracy by extending it to the cultural realm as well, that is, to the protection and cultivation of the cultural (and, therefore, of the language-in-culture) rights of minorities that seek such protection and cultivation. (ibíd. 64).

Estamos falando en boa medida de como abri-lo horizonte dunha lingua que ata pouco tempo antes restrinxía a súa cultura a fontes diferentes, a novas necesidades e novos mundos. E falamos tamén de como introducir unha mensaxe e unha práctica que favorezan socialmente ese idioma. Trátase en boa medida de introducir unha nova mentalidade tanto nos que falan ese idioma minorizado coma nos que forman parte da comunidade urbana e non o falan ou nin sequera están sensibilizados con el.

Ó mesmo tempo, cómpre valora-lo feito de que, no caso do galego, nos atopamos ante unha situación de dúas culturas que comparten un espazo político desde hai varios séculos e que asemade posúen dous idiomas en boa medida comprensibles entre si, o que por unha banda facilita as cousas, pero por outra as complica, xa que parte desa poboación que abandonou o galego, ou que viu ese abandono xa na xeración de seus pais, pode sentir que non merece a pena o esforzo de cambia-lo seu hábito lingüístico se vai ser perfectamente comprendido da outra maneira. Pero as dificultades forman parte de procesos que se poden inverter sen necesidade, en principio, de grandes transformacións sociais:

Its difficulties are reversible, precisely because RLS basically depends on processes that are just as mundane and normal as are those pertaining to language convergence, language attrition and language death. (ibíd. 65).

Finalmente, desde esta perspectiva xeral, Fishman preguntase por que a substitución lingüística ocorre sen a aparente existencia dunha planificación lingüística deliberada mentres a reversión desa substitución precisa tanta reflexión, esforzo e convicción. E conclúe que probablemente se deba a que o auténtico cerne da transmisión interxeracional implica procesos colectivos naturais (casa, familia, veciñanza) que non son facilmente accesibles ou influenciábles pola planificación lingüística. Precisamente por iso, considera, os esforzos que se fagan, sen perder de vista a escola e outros ámbitos da vida *pública*, deben tratar de buscar estratexias desde a actuación sectorial na familia, na comunidade e no rueiro.

### ***A crítica do modelo fishmaniano: Williams (1992)***

O sociólogo galés presenta importantes discrepancias teóricas co marco proposto por Fishman. Para Williams, o modelo fishmaniano está na liña das teorías de Durkheim, e



os cambios na lingua serían reflexo de cambios na sociedade. O problema, en opinión de Williams, está no mecanicismo asociado a esa teoría e na inevitabilidade do proceso, que exclúe o concepto de conflito, ademais de na rixidez da sociedade fishmaniana:

Ese modelo de sociedade procedería da teoría parsoniana do rol, de corte estrutural, na que a subxectividade parte non do actor senón do sistema de rol central. Isto está relacionado cun modelo de carácter determinista e psicolóxico, no que a xente se adapta a sistemas externos, obxectivos, normativos e culturais, e exclúe a intencionalidade subxectiva e consciente da análise da actividade humana. Polo que

It is no longer necessary to know why people do things from their point of view (...) and also, as a consequence of the internalization of external constraints in a never-ending process of interaction. Once the social system, seen as a system of roles, is conceived, the concept of the actors and the reason for their actions become largely irrelevant. (ibíd. 99).

Williams considera tamén que se trata dunha teoría de carácter conservador, xa que na teoría de Fishman

there is an implicit claim that the elimination of minority languages is a natural, evolutionary process which makes struggle irrelevant. (ibíd. 100).

Esta liña de análise leva a Williams a pensar que a teoría fishmaniana está obviando o feito de que a sociedade non é un sistema onde tódolos individuos teñen as mesmas posibilidades, ó adoptar unha perspectiva liberalista fronte á sociedade.

Por outra banda, o sociólogo galés critica a visión evolutiva da sociedade que de seu tende a transformarse de formas *tradicionais* a outras máis modernas e complexas. Este marco explicaría para Williams a teoría fishmaniana sobre o uso.

As transformacións desde a perspectiva do cambio no ámbito privado vs. público, reflectirían así unha concepción restrictiva e simplista da socialización que ignora o contraste político de poderes entre as institucións rivais. Williams critica o feito de que Fishman non sitúe como elementos importantes do seu modelo o conflito e a loita social, e que a iso contrapón, como factores explicativos, os efectos da industrialización, a alfabetización xeneralizada e a educación, a democratización e a modernización. Trátase dunha despolitización do proceso que, segundo Williams, non é acorde coa realidade de linguas dominadas por outras máis poderosas. Neste sentido, non acepta que os cambios se desenvolvan no nivel do individuo:

The 'success' of this process seems to have nothing to do with power and conflict, rather, we are presented with an image of consenting *individuals* bowing to a superior status separate from any causal agency. (ibíd. 103).

A pesar de que en ocasións as explicacións de Fishman utilizan algúns conceptos de corte marxista como *división cultural/lingüística do traballo*, na opinión de Williams esta mestura de discurso funcionalista e conceptos marxistas é máis confusa ca reveladora. Porén, o maior problema que ve no modelo fishmaniano é a explicación do proceso, que considera sospeitosamente espontáneo e natural:

The process is one of voluntary assimilation followed by an uncomplicated absorption into the privileged group, that is, we have the conventional thesis of individual social mobility for the complaint and industrious individual. (ibíd. 104).

Admitindo como certo que a natureza do cambio fishmaniano é de carácter individual, non cremos que faga recaer-las *culpas* da substitución lingüística en decisións basicamente individuais relacionadas co progreso social que todo

individuo desexa, senón que pola contra contempla tamén outros factores relacionados coa súa dimensión colectiva. De feito, algunhas das actuacións que propón establécense desde a perspectiva da familia, a comunidade e outros axentes sociais. Aínda que é certo que Fishman obvia na súa explicación do cambio lingüístico o problema do conflito e as relacións de poder, a diferenza dos autores de corte marxista.

Finalmente, consideramos interesante recolle-las reflexións de Williams respecto á visión fishmaniana do cambio lingüístico en espazos urbanos vs. no medio rural. Esta dicotomía, que ten particular interese desde a perspectiva da nosa investigación, é desbotada por Williams, xa que na súa opinión implica

to claim that the basic feature of society, be it social class or some other dimension, differs fundamentally in urban and rural settings respectively. Rather than claiming the existence of fundamentally different societies, and employing this difference as the basis for explaining variation in language phenomena, it is necessary to consider the ownership and control of economic forces in the respective settings before relating this variation to power as it relates to the respective languages. (ibíd. 109).

Esta crítica parece estar moi relacionada co desinterese que a socioloxía marxista tivo durante varias décadas polos modelos de explicación dos cambios sociais que atribuían un papel importante á realidade urbana en si mesma, visión parcialmente revisada a partir da década de 1990.

### ***O modelo de Susan Gal***

Outro dos modelos máis coñecidos na explicación do cambio lingüístico é o utilizado por Susan Gal (1979) para describi-la substitución do húngaro polo alemán en Oberwart (Austria). Partindo de que o cambio lingüístico é un fenómeno que vén afectando a todo o mundo desde tempos antigos,

e que en Europa e no mundo occidental temos documentado nos últimos trescentos anos, Gal critica a concepción decimonónica dalgúns autores que poñían en relación a lingua do pobo coa súa cultura e nacionalidade, e trata de contribuír á explicación de cales son as causas sociais que explican tales procesos. Coida que é particularmente difícil illar unha serie concreta de factores que axuden a predici-lo cambio lingüístico: nuns casos a urbanización favorece ese cambio e noutros o contrario, ás veces a vinculación étnica leva consigo a fidelidade á lingua do grupo e noutras non ten nada que ver con esta (Gal 1979, 3).

Trataríase non de pescudar se por exemplo a industrialización está asociada co cambio lingüístico, senón de determinar mediante que procesos a industrialización ou calquera outro cambio social conseguen produci-los seus efectos sobre os usos lingüísticos dos falantes nas interaccións cotiás ou como afectan ás súas estratexias comunicativas.

Para contestar estes interrogantes, pon en funcionamento métodos procedentes da etnografía da fala. Na súa opinión, as comunidades bilingües son manifestacións destacadas dun fenómeno universal: a multiplicidade e distinción funcional de variedades lingüísticas en comunidades de fala. Todo isto levará a descubrir como o cambio lingüístico ten a súa fonte na heteroxeneidade que, desde unha perspectiva sincrónica, se dá na comunidade de fala, e tamén como o cambio lingüístico non é nin tan lento nin tan rápido como para non ser observable (ibíd. 4).

Xa que logo, o cambio consistiría na «socially motivated redistribution of synchronic variants to different speakers and different social environments» (ibíd. 17). Así mesmo, os cambios non se producirían de forma categórica. Non afectarían a unha xeración de falantes en tódalas situacións, do mesmo xeito que en ningunha xeración sería apropiado o uso único da nova variedade introducida en tódalas situacións.

Glyn Williams (1992, 109-122) tense referido tamén a este modelo explicativo do cambio lingüístico con agudeza e

profundidade. Dirixíndose coma noutras ocasións ó trasfondo do marco teórico proposto, observa que existe unha importante inclinación deste cara a teorías funcional-estruturalistas que pexan a súa capacidade explicativa, posto que a sociedade de Gal

is seen as a series of functionally integrated parts which must always strive towards equilibrium or order. Consequently, social change tends to focus upon the role of adaptation in terms of a reassertion of equilibrium. (Williams 1992, 109-110).

A visión presentada por Gal do cambio establece unha relación estreita entre a transformación do sistema produtivo e os cambios nos comportamentos lingüísticos. O paso dunha economía campesiña a outra de carácter industrial estaría relacionado coa transición entre o húngaro e o alemán, favorecido tanto polo feito de que o alemán era a lingua do estado como da actividade industrial. As variables máis asociadas con este proceso foron a idade, o cambio xeracional e a natureza da rede social.

Williams critica, así mesmo, o achegamento fenomenolóxico á descrición e interpretación que practica Gal, e que tamén atribúe a Fasold (1984, 221). Esta visión ten o problema, ó que o galés se refire en diferentes fases da súa crítica, de poñer-la énfase do modelo na importancia da cultura como estilo de vida que implica valores específicos e excluír da análise as implicacións de diferenzas de clase social e as ramificacións políticas da desigualdade económica. Trátase dun exemplo, segundo Williams (ibíd. 116), das teses da modernización do funcionalismo estrutural.

As normas de Gal derivan da interacción na rede social, entendida esta en termos condutistas; é dicir, a norma condiciona a conduta. Deste xeito, a participación nas redes sociais condiciona o acceso ó status social. Este modelo, segundo Williams, supón unha mestura entre os principios weberianos e a orientación culturalista da antropoloxía norteamericana.

En consecuencia, para Williams o modelo de Gal, a pesar de presentarse como innovador respecto de estudos precedentes, non difire substancialmente deles. As teses da modernización, que implican unha continuidade entre campesiño e industrial e entre tradición e urbanización, desbotan a forza explicativa das clases sociais, en beneficio da cultura vista como forma de vida. O dominio da sociedade moderna e industrial estaría obrigando a realizar un cambio na estrutura normativa, a través da asunción dun sistema de valores común. Iso levaría a considera-lo cambio como unha adopción tranquila dun consenso que só romperían aqueles que se pegan inútil e irracionalmente á tradición.

Tamén presenta problemas para Williams o feito de que a énfase se poña no individuo como actor racional, de xeito que o que se arreda diso asume un comportamento individual irracional, e a retención da minoría lingüística convértese nun elemento tamén irracional. Así, estaríanse excluindo sistematicamente o conflito e a loita.

No que se refire á concepción do Estado, Gal atribúelle unha función non especialmente negativa na substitución lingüística, doutro xeito batería coa visión do individuo como ser libre para exercer-la súa función de axente racional que toma decisións e inflúe na situación por riba doutros factores. En caso contrario, o sistema superaría o individuo. Este marco tería asemade o problema engadido de ve-los grupos lingüísticos non como grupos sociais senón como sumas de individuos que manteñen unha interacción, aínda compartindo un sentido de identidade.

### ***O modelo analítico do proxecto Euromosaic***

En relación coa análise de situacións lingüísticas de minorización, consideramos interesantes as reflexións de Glyn Williams (1987), e que tamén rexeron, dalgún xeito, o desenvolvemento do proxecto Euromosaic (1996), no que Williams liderou o marco teórico utilizado nese estudo, dirixido tamén

por Peter Nelde e Miquel Strubell. Euromosaic tratou a situación das linguas minorizadas da Unión Europea, para analiza-lo seu status e propoñer medidas e estratexias de planificación lingüística. Segundo os autores do proxecto,

o concepto de minoría non fai referencia a medidas empíricas, senón a cuestións de poder. Trátase de grupos lingüísticos concibidos como grupos sociais, caracterizados por unha lingua e cultura específicas, que existen dentro da sociedade e do Estado en xeral, pero que carecen de estruturas políticas, institucionais e ideolóxicas que poidan garanti-la pertinencia desas linguas para a vida cotiá dos seus grupos. (Euromosaic 1996, 23).

Na forma en que o coñecemos hoxe, «o fenómeno da minorización iníciase con ocasión da aparición e consolidación do Estado *moderno*, o cal non quere dicir que non existisen linguas minoritarias con anterioridade ó século XVIII» (ibíd. 23). Este status, ou mellor dito, a carencia del, dado por moitos Estados europeos ás linguas que non adoptaron como propias, situounas fóra do ámbito de promoción e en moitos casos levou á súa clara marxinación.

Desde a perspectiva dos investigadores de Euromosaic, o proceso de minorización lingüística insírese no conxunto dos procesos sociais. Iso lévaos a establecer diversos puntos de partida: un grupo lingüístico é un grupo social, esencialmente un de moitos, que se deben analizar na súa relación recíproca. Con todo, o grupo lingüístico constitúe unha das bases de formación dos grupos sociais. Ademais, o mesmo individuo pode pertencer a máis dun grupo social, o que implica a posibilidade de posuír varias identidades sociais superpostas e entremesturadas. Así mesmo, en tanto que grupos sociais, poden coexistir varios grupos lingüísticos, e un mesmo individuo pode ter acceso a máis dun deses grupos e, polo tanto, a máis dunha identidade baseada na lingua (Euromosaic 1996, 30).

Con tales presupostos, estes autores desmárcanse dos conceptos de mantemento e cambio de lingua, que consideran demasiado estáticos, en beneficio de conceptos máis dinámicos como *producción e reproducción lingüística*. Por motivos semellantes, desbotan a utilización do concepto de *dominio*, que consideran de natureza ideal-tipolóxica, con demasiado fincapé no contexto en detrimento da interacción (ibíd. 31).

Na opinión destes autores,

A expresión *reproducción da lingua* refírese á súa transmisión interxeracional. A produción da lingua, pola súa parte, refírese á aprendizaxe dunha lingua por parte daqueles cuns pais que non a falaban. Á inversa, a non reprodución refírese ó proceso en virtude do cal os fillos non falan a lingua que falaban os seus pais. (Euromosaic 1996, 31).

Desde este punto de vista, resulta evidente que os tres conceptos están relacionados coa idea de grupo lingüístico como grupo social. Substitúese así a idea de mantemento e cambio de lingua, para estes autores demasiado estática.

Así mesmo, cubrindo o espazo que na teoría fishmaniana ocupaban os *dominios*, atopamos nestes autores a existencia das *axencias*. As principais, na súa opinión, son tres: familia, educación e comunidade, mentres os medios de comunicación constituirían unha axencia secundaria.

Desde un punto de vista xeral, estes autores consideran que «a transmisión interxeracional da lingua prodúcese en gran parte a través da socialización familiar, ou a través do proceso de socialización da educación formal. Por outra parte, a comunidade, como institución social, pode desempeñar tamén un papel fundamental na adquisición da lingua» (ibíd. 31).

Ademais, existen diversas restricións ante as posibles combinacións. A primeira tería que ver coa escasa probabilidade de que unha familia contribúa á produción dunha lingua que eles non falan, salvo en casos quizais de forte revitalización da lingua, en conexión cunha recuperación do senti-



mento de etnicidade política e/ou relixiosa. Ó mesmo tempo, a educación formal pode dar lugar a unha non reprodución da lingua, cando as expectativas dos pais respecto a esta lingua en termos de progreso social chocan coa intención de promocionala. Igualmente, a posibilidade de utiliza-lo sistema educativo como axente de reprodución pode non estar suficientemente avalado por unha conduta coherente do poder que o controla, é dicir, da vontade política deste, o cal pode dar lugar a posturas contraditorias e mesmo a procesos que camiñen en sentido contrario do inicialmente previsto.

Existen, logo, diversos factores que inflúen na capacidade destas axencias para cumprir-las funcións de produción e reprodución dos grupos lingüísticos. Segundo Strubell (1991) e Williams (1987), no caso da familia esta capacidade vai depender de que membro pode desempeña-la función de transmisión; é dicir, se os matrimonios están formados por persoas do mesmo grupo lingüístico, o que estabiliza as condicións para a reprodución da lingua, ou se se dá a exogamia.

Este modelo asigna tamén unha importancia relevante á comunidade como axencia de produción e reprodución das linguas minorizadas. Neste sentido, «as diferentes institucións da comunidade desempeñan unha función crucial polo que respecta á produción da lingua e ó reforzamento simultáneo dos procesos de produción» (ibíd. 33).

A terceira axencia primaria de produción e reprodución é a educación. Xa nos referimos á forte interacción existente entre vontade política e capacidade desta axencia para influír. A súa capacidade ten que ver cunha dobre función: por unha banda ofrece un soporte ideolóxico á vida do individuo e, por outra, prepáralo para inserirse no mercado laboral. Por iso, a preparación que estes leven pode condicionar grandemente a súa futura actuación no mundo socioeconómico que previsiblemente o vai acoller. Neste contexto, é moi interesante poñer en relación as tres axencias fundamentais para determina-las posibilidades reais de transforma-las capacidades en competencia e despois en uso.

Na perspectiva deste marco teórico, a posición e relacións económicas dos grupos son de capital importancia, e mesmo esas relacións chegan a ser decisivas na súa definición. Neste sentido, a dimensión espacial «é un aspecto destacado da súa relación coa orde económica, xa que a distribución xeográfica dá conta da influencia das forzas económicas nos diferentes lugares» (ibíd. 34).

Neste marco hai que sitúa-las relacións entre a dimensión espacial e a propiedade e control económico, que confire especial relevancia ó papel das cidades:

A propiedade e o control do capital tenden a concentrarse nas localidades centrais que constitúen «A Cidade» ou «O Triángulo Dourado», etc. É tamén nelas onde se concentran as tarefas políticas e administrativas ligadas á concentración do capital. Son os centros ou lugares centrais nos que se toman as iniciativas de aproveitamento deses recursos encamiñadas a xerar riqueza. A miúdo implican unha forma transferida e impersoal de control que apela ó concepto de «capital internacional». (ibíd. 35).

Así mesmo, este modelo reconece a importancia da política e dos factores políticos neste debate que, con todo, sitúan maiormente no terreo socioeconómico:

O capital circula a través dos mercados de traballo e a migración prodúcese en resposta ás diferentes condicións de mercado de traballo fomentadas por esta circulación (...). É tamén no mercado de traballo onde se xera a desigualdade. (ibíd. 37).

Este modelo de interpretación da relación entre lingua e mercado de traballo destaca as diferenzas entre núcleo e periferia, e coida que «cando se atribúe á lingua minoritaria unha gran pertinencia e importancia para postos concretos, pode producirse unha segmentación do mercado de traballo» (ibíd. 40). Esta situación pode dar lugar á aparición de «nichos

específicos dominados por grupos lingüísticos minoritarios capaces de utiliza-la súa lingua para controlar polo menos parte dalgún dos mercados de traballo» (ibid. 40).

Este contexto laboral é o que serve como soporte para o concepto de *prestixio da lingua*, que estes autores consideran fundamental no seu marco teórico. Prestixio que definen como o valor dunha lingua para a mobilidade social (Williams 1978). Porque «por suposto, a investigación das linguas minoritarias esixe comprender claramente as forzas económicas que operan nun sistema global» (Euromosaic 1996, 41).

Porén, o modelo presenta algúns problemas de aplicación á sociedade galega do século XX. Porque está pensado para situacións nas que se produciu un transvasamento de poboación desde fóra da comunidade que posúe unha lingua propia:

A reestructuración económica implica unha intensificación da circulación de capital que se acompaña da circulación de persoas, ou migración. Cando as zonas autóctonas experimentan un elevado grao de inmigración asociada coa reestructuración, pode decrece-lo grao de endogamia do grupo lingüístico e, con iso, diminuí-la capacidade da familia como axencia de reprodución da lingua minoritaria. Analogamente, o acceso á comunidade dun elevado número de persoas que non falan a lingua correspondente pode socava-la capacidade da comunidade para a reprodución e produción da lingua minoritaria. (ibid. 41).

Este escenario reflicte, sen dúbida, os desprazamentos sociolingüísticos en comunidades lingüísticas europeas como a galesa ou a catalá. Mais cómpre preguntarse se é igualmente válido para o caso galego, no que os movementos de poboación foron cara a fóra en moitos casos (emigración) e as modificacións que experimentou a nosa estrutura de poboación tiveron que ver con achegas e cambios dentro da comunidade, en boa medida do medio rural ó urbano, pero sempre realizados por individuos de procedencia endóxena e

moi raras veces esóxenas, salvo en reducidas elites económicas e políticas<sup>18</sup>.

Finalmente, cómpre referirse á crítica que este modelo teórico fai do concepto de *dominio*, proposto por Fishman, e ó que xa nos referimos anteriormente. Segundo estes autores, trátase dun substituto do concepto sociolóxico máis xenérico de *institucionalización*, a «medida en que a práctica social se dá por *suposta* ou inconsciente». Este marco teórico está pensado para as *institucións*, pero «a súa funcionalización se refire á medida en que o uso da lingua en contextos específicos se axusta a pautas esperadas de conducta, dunha maneira que se dá por *suposta*» (ibíd. 42).

Segundo eles, ignora o que denominan *capacitación*: a capacidade dos interlocutores para fala-las respectivas linguas e a conseguinte influencia desta cuestión no uso da lingua, e implica ó seu entender que estamos a falar dunha elección racional desprovista de factores de poder. Por iso os autores de Euromosaic (1996) prefiren utiliza-lo concepto de *institucionalización*: «unha lingua está institucionalizada en diversos contextos de modo que o público en xeral a emprega inconscientemente» (ibíd. 42). Este concepto equivalería ó que na tradición máis próxima a nós denominamos *normalización*.

Para rematar, neste marco teórico témo-lo concepto de *lexitimación*, cunha «relación máis directa coas axencias oficiais de formulación da política», e que acostuma estar asociada á forma de lexislar e ó establecemento de políticas lingüísticas no ámbito da política social, en relación coas forzas lexitimadoras que con frecuencia operan no plano do discurso.

---

<sup>18</sup> Sen dúbida, a situación está a cambiar de forma significativa no século XXI, coa chegada da inmigración, sobre todo africana e sudamericana, a Galicia. Pero tal situación é posterior á recollida dos datos utilizados na nosa investigación.

## Metodoloxía

A metodoloxía desta investigación ten a súa orixe na utilizada para a elaboración do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG). Con certeza, foi a realización deste proxecto o que nos permitiu obter os datos necesarios. Como pode apreciarse na historia da sociolingüística galega (Rei-Doval 1999, 2000a), a realización de macroestudos de carácter empírico estivo reducida ata a década dos 90 ó ámbito escolar<sup>19</sup>. O custo económico e humano de realizar un inquérito de carácter global, aplicado sobre o conxunto da poboación nun territorio diseminado coma o galego limitou na práctica a realización de investigacións individuais cunha mostra especificamente concibida para ese fin.

Mais utiliza-lo banco de datos do MSG levounos tamén a aceptar a maior parte das premisas teórico-metodolóxicas coas que nacera aquel proxecto. Nos volumes derivados do Mapa Sociolingüístico de Galicia (Seminario de Sociolingüística, 1993, 1994, 1995, 1996) pode atoparse unha descrición detallada do proceso, os procederes e os camiños metodolóxicos seguidos na súa elaboración. Nesas publicacións poderán completarse, se se considera pertinente, as explicacións que ofreceremos a seguir.

## *Cuestionario e mostraxe*

O cuestionario é, sen dúbida, unha das ferramentas máis habituais e contrastadas nos procesos de recollida da información na investigación lingüística e sociolóxica. Probablemente porque posúe entre as súas virtudes a capacidade de presentar respostas homoxeneizadas e homologables entre sectores amplos e diversos de poboación. E permite tamén realizar medias, estandarizar medicións e establecer unha certa orde no con frecuencia contraditorio e caótico pensamento humano.

<sup>19</sup> Excepción a esta regra foi o traballo de Ayestarán e De la Cueva (1974).

En realidade, desde que as ciencias sociais comezaron a explota-la estatística con ferramentas informáticas estas potencialidades incrementaron o valor universal dos estudos realizados con cuestionario. Agora é posible entrar non unicamente no cómputo de cifras globais e transformalas en porcentaxes, senón tamén na descrición de fenómenos e sub-fenómenos derivados desas outrora inxentes e inabarcables cantidades de datos.

A posibilidade de utiliza-la colosal e infrautilizada base de datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia permitiunos selecciona-las entrevistas realizadas para aquel proxecto no medio urbano. No deseño do Mapa Sociolingüístico de Galicia (cfr. SemSoc 1994, 1995, 1996) tratouse de que a mostra recollida en cada cidade fose estatisticamente representativa de seu, é dicir, que se puidese analizar por separado cada unha delas. Para iso partiuse do módulo base de entrevistas necesario para conseguir este fin, que supón 1.111 informantes. A partir dese requirimento fixéronse os cálculos pertinentes para saber, segundo a poboación exacta de cada cidade, a cantidade de entrevistas que sería necesaria para mante-lo nivel de confianza e marxe de erro máximo aceptable. Esta marxe é o  $\pm 3\%$  para unha característica cualitativa dicotómica con máxima dispersión (proporción igual a 0,5) e un nivel de confianza do 95%. Esta estratexia mostral permitiu a análise individual de cada unha desas cidades cunhas garantías de representatividade abundas.

Así mesmo, con estas garantías, a análise da mostra ó nivel de todo o medio urbano presenta aínda unha marxe de erro máis reducida:  $\pm 1,08\%$  para un nivel de confianza do 95%. Isto permite dispoñer dunha mostra para o conxunto do medio urbano galego de garantías óptimas. Este achegamento deu lugar a unha diferente cantidade de entrevistas en cada unha das sete cidades, tal como se pode apreciar na táboa 3.1. Nela figura, en primeiro lugar, a cantidade de entrevistas realizadas en cada unha das sete cidades, que oscilan entre as 1.146 de Pontevedra e as 1.170 de Vigo e A Coruña.

Táboa 3.1. Mostra e poboación das sete cidades galegas

Cidade	Entrevistas feitas	Poboación +15	Entrevistas proporcionais	Coefficiente
A Coruña	1.170	200.126	2.146	1,834538051
Ferrol	1.155	67.665	726	0,628334885
Santiago	1.153	68.968	740	0,6415454
Lugo	1.152	66.682	715	0,620819298
Ourense	1.157	81.584	875	0,756276675
Pontevedra	1.146	54.692	587	0,511856542
Vigo	1.170	215.787	2.314	1,978101108
Total	8.103	755.504	8.103	

Esta estratexia mostral, como dicimos, tiña como obxectivo poder realizar análises en cada unha das sete cidades, de xeito que as análises fosen estatisticamente fiables en cada unha delas por separado. Pero, ó considera-lo conxunto das sete cidades galegas, o número de entrevistas de cada unha non é proporcional ó total urbano. Así, as cidades máis pequenas, como Pontevedra ou Lugo (con pouco máis de 54 e 66 mil habitantes respectivamente no período de aplicación do inquérito) teñen un número de entrevistas moi próximo ó doutras como Vigo ou A Coruña, con máis do triplo de poboación.

Por este motivo procedemos a pondera-lo peso das entrevistas de cada unha das cidades, en función do seu peso sobre o total de Galicia. Para iso, calculamos un coeficiente, que no caso das cidades sobrerrepresentadas (as máis pequenas) é inferior á unidade e no das infrarrepresentadas (as máis grandes) supera a unidade. Na táboa 3.1 poden apreciarse tamén os coeficientes resultantes do axuste da mostra á poboación real maior de 15 anos.

### *A idade*

A escolla da idade dos individuos entrevistados foi outra das decisións importantes tomadas no deseño da investigación. As posibilidades de elección acostuman corresponder tanto ó deseño e tipoloxía do traballo como ás posibilidades loxísticas e económicas existentes. En estudos semellantes, a solución finalmente adoptada variou segundo tales criterios.

En primeiro lugar, hai que destaca-lo traballo dos censos, onde se recolle información relativa ás persoas maiores de tres anos. Naturalmente, os respondentes en moitos casos non son os propios suxeitos, sobre todo se, como é lóxico, a súa idade non permite que estes contesten un cuestionario pensado desde a perspectiva mental dun adulto<sup>20</sup>. Nestes casos posuímos así información desde unha idade moi temperá, pero esta non sempre se obtén directamente nin logo de que o informante emita a súa opinión.

Polo que se refire ós outros tipos de estudos realizados en Galicia durante os anos 70 e 80, a maior parte deles estiveron centrados, como xa dixemos, no ámbito escolar, ben no sector dos profesores (Maure 1975, Rojo 1979) ben no dos alumnos (Noia 1980, Fernández 1983, Rodríguez Neira 1985, Rubal 1985, entre outros). No primeiro caso, a idade seleccionada viña marcada pola que acostuman posuí-los docentes, sempre superior ós 20 anos e, no segundo, inferior á vintena.

Na década dos 90, ademais da mostra utilizada para o MSG, en Galicia só posuímos como referencia a do censo –coas características e limitacións xa comentadas– e a utilizada por Ramallo e Rei-Doval (1995, 1997) para estudar as actitudes dos consumidores galegos, e que era máis reducida ca esta, ó comeza-la banda de idade nos 18 anos. Así mesmo, a fase galega do proxecto Euromosaic (1996) traballou coa mesma banda de poboación utilizada no MSG.

---

<sup>20</sup> Existe perfecta constancia de que moitos destes cuestionarios non son respondidos polos propios informantes. O feito de que as entrevistas do censo, polo menos as realizadas en España, non teñan lugar en presenza da persoa á que van dirixidas, permiten situar a fiabilidade desta información. Por iso García Ferrando (1982, 130) afirma que «a veces un buen plan de muestreo ofrece mejores estimaciones de los valores de una población que el propio Censo de Población. Este hecho ha sido, no obstante, destacado muchas veces por los propios estadísticos que elaboran los censos nacionales de población, ya que un proyecto de tal magnitud produce más errores no muestrales y de mayor magnitud que el propio error de muestreo que se origina al estudiar los parámetros de la población por medio de la muestra».



Xa que logo, na experiencia galega polo menos, a mostra da que partimos é, no que á idade se refire, a máis ampla e completa. Naturalmente, podía pensarse en incluí-la poboación por baixo de 16 anos, pero esa decisión obrigaría a modificarlo perfil dalgunhas das preguntas establecidas –por non seren axeitadas á mentalidade de persoas non-adultas– ademais de a eliminar unha parte dos ítems que constituíron o cuestionario, xa que eses sectores de poboación teñen un abano de relacións sociais, laborais e familiares moito máis reducido.

Así mesmo, como xa se ten posto de manifesto repetidas veces (cfr. Seminario de Sociolingüística 1995, 21), é arredor desta idade dos 16 anos cando comezan a configurarse e/ou consolidarse as tendencias de uso propias da idade adulta. Nesta época teñen lugar importantes cambios relacionados con factores como a incorporación a centros de ensino urbanos e a novas redes sociais, cambios de mentalidade, ou a chegada da época da rebeldía, entre outros.

A idade fora tamén unha variable utilizada como cota no deseño da mostra; polo que fora obxecto dunha primeira clasificación, de acordo cos seguintes grupos:

De 16 a 19 anos.

De 20 a 29 anos.

De 30 a 39 anos.

De 40 a 49 anos.

De 50 a 59 anos.

De 60 a 64 anos.

De 65 anos en diante.

Tal clasificación serviu para manter, en canto á idade, a proporcionalidade da mostra de informantes respecto ó conxunto da poboación urbana.

Con todo, a clasificación de idades utilizada durante as análises acostumou coincidir coa máis habitual durante a elaboración do MSG, e que constaba destes catro grupos:

16 a 25 anos.  
26 a 40 anos.  
41 a 65 anos.  
máis de 65 anos.

Esta división responde ós principais períodos na vida dunha persoa. O primeiro coincide coa mocidade, é dicir, os anos previos á entrada no mundo dos adultos. No segundo acostuman fixarse as relacións afectivas da familia que un constrúe e adoita coincidir coa aparición e crianza dos fillos. O terceiro período (41 a 65) corresponde á época da madurez e previo á entrada na vellez. Esta última corresponde ós individuos do cuarto grupo (maiores de 65 anos), de poboación adoito xubilada e, polo tanto, non-activa.

Táboa 3.2. Grupos de idade da poboación urbana (8 grupos)

	Frecuencia	Porcentaxe
16 a 25	1692	20,9
26 a 35	1601	19,8
36 a 45	1328	16,4
46 a 55	1158	14,3
56 a 65	1237	15,3
66 a 75	765	9,4
76 a 85	283	3,5
86 a 99	38	0,5
Total	8103	100,0

Nalgúns casos, e co obxecto de analizar con maior detalle certos fenómenos, decidimos realizar unha maior pormenorización por grupos de idade, tomándoos de 10 en 10 anos. Esta clasificación deu lugar á tipoloxía e frecuencias que poden apreciarse na táboa 3.2.

Así mesmo, servímonos tamén doutras organizacións temporais da variable idade. De xeito especial, foi moi útil realizar agrupacións a partir da data de nacemento dos informantes, e clasificar esa información en grupos. Utilizámola

de forma especial na análise da evolución histórica de certos fenómenos como a lingua inicial (capítulo IV) ou os usos familiares (capítulo VII), entre outros.

Nalgúns casos, as limitacións da submostra utilizada impedíronnos realizar un pormenor tan detallado por ano de nacemento e procedemos a realizar catro cortes equivalentes ós grupos de idade estándar da mostra, o que deu lugar ás categorías que aparecen na táboa 3.3.

Táboa 3.3. Mostra de poboación segundo o ano de nacemento (I)

	Frecuencia	Porcentaxe
1967-76	1692	20,9
1952-66	2275	28,1
1927-51	3050	37,6
ata 1926	1087	13,4
Total	8103	100,0

As outras dúas táboas que seguen (3.4 e 3.5) corresponden a clasificacións máis detalladas do ano de nacemento, en 6 e 7 grupos respectivamente. Os nados ata 1916 constitúen o grupo máis reducido, polo que nalgúns casos resultou problemático traballar con eles por separado, o que obrigou a reagrupalos tal como recolle a táboa 3.4.

Táboa 3.4. Mostra de poboación segundo o ano de nacemento (II)

	Frecuencia	Porcentaxe
1967-76	1692	20,9
1957-66	1601	19,8
1947-56	1328	16,4
1937-46	1158	14,3
1927-36	1237	15,3
ata 1926	1087	13,4
Total	8103	100,0

Táboa 3.5. Mostra de poboación segundo o ano de nacemento (III)

	Frecuencia	Porcentaxe
1967-76	1692	20,9
1957-66	1601	19,8
1947-56	1328	16,4
1937-46	1158	14,3
1927-36	1237	15,3
1917-26	765	9,4
ata 1916	322	4,0
Total	8103	100,0

En calquera dos casos, o ano de nacemento calculouse tomando como referencia a idade declarada durante a entrevista. Como as entrevistas se realizaron durante o ano 1992, restamos da cifra deste ano a idade declarada, o que nos situou no nacemento da persoa. Logo deste proceso, agrupámo-los anos segundo o criterio exposto nas táboas anteriores, e obtivemos como resultado as frecuencias e porcentaxes presentadas nas mesmas.

### *O hábitat*

No conxunto do deseño do MSG a tipoloxía de hábitat considerada foi moi ampla. Cinxíndonos á tipoloxía urbana desta investigación, cómpre dicir que o hábitat de residencia establecido para clasifica-la poboación entrevistada diferenciou *urbano-1* (núcleo das dúas cidades con máis de 100.000 habitantes), *urbano-2* (as cinco restantes), *periurbano rural disperso* (lugares separados fisicamente das cidades e de tipoloxía rural, pero pertencentes administrativamente ós sete principais termos municipais galegos), *periurbano infra-vivenda* (ámbitos de residencias de moi baixas condicións de habitabilidade existentes na periferia dalgunhas cidades) e *periurbano bloques* (urbanizacións de bloques de vivendas existentes en polígonos periféricos ás cidades galegas).

Como se pode apreciar na táboa 3.6, as frecuencias correspondentes a algúns destes prototipos de hábitat son moi reducidas, polo que calquera análise que se fose realizar a partir desa variable aconsellaba a súa redución a tres categorías: urbano-1, urbano-2 e periurbano. Nalgúns casos demostrouse que a única distinción realmente significativa era a existente entre urbano e periurbano, polo que decidimos tomala para a maior parte dos cruzamentos.

Táboa 3.6. Hábitat de residencia (medio urbano galego)

	Frecuencia	Porcentaxe válida
urbano-1	3786	46,7
urbano-2	2634	32,5
periurbano rural disperso	1517	18,7
periurbano infravivenda	40	0,5
periurbano bloques	127	1,6
Total	8103	100,0

No que se refire ó hábitat de nacemento, como se aprecia na táboa 3.7, a información recolleuse dun xeito moi detallado. Esta circunstancia permite a realización de pesqudas máis detalladas, pero é un inconveniente para as análises en grandes bloques, polo que tamén procedemos á súa agrupación dando preferencia ós grandes tipos de hábitat que xacen baixo esa listaxe tan detallada. Referímonos ó *urbano*, as *vilas* e o *rural*. A orixe de *fóra de Galicia* foi considerada naqueles cruzamentos nos que semellaba conveniente a súa inclusión.

Táboa 3.7. Hábitat de nacemento (detallado)

	Frecuencia	Porcentaxe
Válidos:		
urbano-1	2003	24,7
urbano-2	1570	19,4
periurb rural disperso	862	10,6
periurb bloques	16	0,2
periurb residenciais	2	0,0
vila-1	78	1,0
vila-2	164	2,0
vila-2 área Vigo	31	0,4
vila-3	296	3,7
vila-3 área A Coruña	30	0,4
vila-3 área Ferrol	41	0,5
rural-1	543	6,7
rural-1 área A Coruña	21	0,3
rural-1 área Ferrol	16	0,2
rural-1 área Santiago	1	0,0
rural-1 área Vigo	17	0,2
rural-2	1433	17,7
rural-2 área A Coruña	38	0,5
rural-2 área Ferrol	41	0,5
rural-2 área Santiago	37	0,5
rural-2 área Vigo	28	0,3
nacidos fóra Galicia	837	10,3
Total	8103	100,0

### *A profesión*

Esta variable foi recollida dunha forma moi detallada, para así permitir realizar a posteriori as correspondentes clasificacións e reagrupacións segundo as necesidades de cada análise. A tipoloxía de profesións coa que se codificou a descrición da actividade profesional incluía unha detallada e completa batería de 51 categorías. A partir desta, realizouse unha agrupación, tanto máis necesaria canto máis detalladas eran as análises e menor o número de casos sobre o que facer desagregacións.

A listaxe estándar de profesións incluía 14 categorías, tal como se pode apreciar na táboa 3.8.

Táboa 3.8. Clasificación das profesións (14 categorías)

	Frecuencia	Porcentaxe
empresarios	380	4,7
tit sup/media	395	4,9
prof. liberais	72	0,9
docentes	425	5,2
FFAA	135	1,7
admin. subalt.	937	11,6
servizos	403	5,0
autónomos	359	4,4
labradores	188	2,3
maríñeiros	82	1,0
obreiros	1585	19,6
estudantes	1224	15,1
amas casa	1821	22,5
non activos	96	1,2
Total	8103	100,0

Así e todo, nalgúns casos, cando se trataron de analizar en profundidade os grupos poboacionais apareceron categorías con frecuencias moi baixas, o que nos decidiu a realizar unha nova reagrupación, tal como se expresa na táboa seguinte:

Táboa 3.9. Clasificación das profesións (8 categorías)

	Frecuencia	Porcentaxe
Válidos empresarios-autón.	739	9,2
tit.sup.&med/prof.lib.	467	5,8
docentes	425	5,3
ffaa/adm.sub/serv	1475	18,4
labrad-maríñeiros	270	3,4
obreiros	1585	19,8
estudantes	1224	15,3
amas de casa	1821	22,7
Total	8007	100,0
Non-comp.	96	
Total	8103	

Como se pode ver na táboa 3.9, incluímo-los 96 informantes da categoría «non activos» da táboa 3.8 en casos non computados. Trátase de exemplos de persoas que, segundo os criterios utilizados no MSG, estaban á procura do primeiro emprego e que, polo tanto, nunca traballaron. Como non se pode afirmar en sentido estrito que teñan unha profesión, cremos xustificado incluílos no grupo dos casos non computados.

### *A clase social*

A clase social constituíu un dos ítems que debía ser cuberto polo entrevistador a partir da súa percepción persoal, en canto avaliación da realidade que observaba na entrevista e no contorno que atopaba no domicilio do informante. Esta información estaba tamén apoiada polo total de ingresos familiares mensuais que declaraba cada entrevistado (pregunta 140 no MSG). Evidentemente, a clase social sempre é unha categoría subxectiva, que acostuma corresponder a uns prototipos socioeconómicos, adoito asociada con determinados hábitos de vida e de estilo persoal. En calquera caso, tal como nós tratamos esta variable, pretendemos que fose unha medición máis do status do individuo, xunto con outras variables existentes no cuestionario. As análises realizadas amosan que se converteu nun importante preditor de diversas condutas e comportamentos, polo que semella máis ca xustificada a súa inclusión como variable sociolóxica de control.

A información recolleuse arredor de cinco categorías, que corresponderon ás clases baixa, media-baixa, media, media-alta e alta, de acordo coa práctica habitual nos estudos sociolóxicos do noso contorno occidental, e en particular no hispánico. Porén, tras analiza-los resultados, observámo-la cativa presenza de casos da clase denominada *alta*, polo que procedemos á súa reagrupación coa *media-alta*, e establecemos así esta última como etiqueta para ámbalas dúas categorías agora unidas nunha soa. Os resultados son os que aparecen na táboa 3.10.



Táboa 3.10. Porcentaxes de clases sociais da mostra

	Frecuencia	Porcentaxe
baixa	498	6,1
media-baixa	2957	36,5
media	4085	50,4
media-alta	562	6,9
Total	8103	100,0

*Os estudos*

A formación académico-escolar constituíu outra das variables sociais utilizadas como contraste ó longo da investigación. Co obxecto de deixar o máis aberta posible a súa explotación recolleuse dunha forma moi detallada, e foi clasificada no proceso de codificación como figura na táboa 3.11.

Táboa 3.11. Estudos realizados pola poboación da mostra

	Frecuencia	Porcentaxe
ningún	364	4,5
primarios incompletos	1982	24,5
primarios completos	1987	24,5
FP	611	7,5
bacharelato	1264	15,6
carreira g. medio	782	9,7
carreira g. superior	1002	12,4
outros estudos	112	1,4
Total	8103	100,0

Con posterioridade, procedemos á agrupación de moitas destas etiquetas para chegar a catro únicas categorías e poder así utiliza-la variable dunha maneira homoxénea. Froito deste proceso de simplificación, chegamos á tipoloxía do cadro 3.12. Hai que notar que decidimos eliminar das nosas análises a poboación que realizou outros estudos fóra da secuencia habitual desas catro categorías, xa que non podía ser tratada en exploracións que mantivesen o carácter ordinal da variable; de aí que os considerásemos casos non computables.

Táboa 3.12. Estudos realizados pola poboación da mostra (4 categorías)

		Frecuencia	Porcentaxe
Válidos	ningún	364	4,6
	primarios	3968	49,7
	secundarios	1875	23,5
	universitarios	1784	22,3
	Total	7991	100,0
N-Comp.	outros	112	
Total		8103	

Así chegamos a unha agrupación en catro valores, que corresponden á categoría dos estudos que realizou ou está realizando o informante. Isto permitiunos utilizar con propiedade a formación académica nas nosas análises, de acordo cos criterios xa expostos.

### *Variables dependentes analizadas*

Nesta investigación, como dixemos, tratámo-las variables relativas ás habelencias e os usos lingüísticos máis salientables nos dominios da familia, a escola e o traballo, ademais da lingua inicial e o ámbito de adquisición do galego.

A lingua inicial tratouse como unha variable ordinal. Aínda que non sempre foi este o caso na nosa tradición, existen importantes antecedentes para facelo así (Fernández 1983, Rubal 1985, Seminario de Sociolingüística 1994, 1995, 1996 e Ramallo e Rei-Doval 1997, entre outros). Para chegar a esta consideración foi necesario prescindir do grupo de informantes que se socializaron nunha lingua diferente do galego e do castelán (categoría «outras»), porque non forma parte do continuo lingüístico galego-castelán. Considerando que o bilingüismo inicial con frecuencia é un paso intermedio entre o monolingüismo en galego e en castelán, chegamos ó acordo de considera-la escala *castelán-as dúas-galego* como ordinal, e así asignarlles a estas categorías, respectivamente, os valores numéricos 1, 2 e 3.

Os valores resultantes da codificación da lingua habitual (só castelán, máis castelán, máis galego, só galego) foron tamén os utilizados, en tanto que escala ordinal, nas estratexias analíticas desta variable. Con todo, na maior parte dos casos, realizamos unha análise porcentual dos resultados.

As habilidades lingüísticas recolléronse dun xeito bastante detallado no que ó galego se refire. Ante a pescuda de cal era o dominio do galego (entender, falar, ler e escribir) cabían catro posibilidades: moito, bastante, pouco e nada. A rendibilidade de recolle-la información con este grao de detalle foi distinta segundo a variable. Así, a diferenza entre os valores *pouco* e *nada* mostrouse moi pouco relevante no relativo á comprensión, dada a reducida porcentaxe de casos existente nesas categorías. Por outra banda, as diferenzas entre as opcións de resposta *bastante* e *moito* acostumaron corresponder basicamente a unha cuestión de énfase na resposta, polo que adoitamos prescindir delas.

Outra variable básica na nosa descrición da situación do medio urbano foi o ámbito ou modo de aprende-lo galego. A batería de respostas inicialmente recollía seis posibilidades: familia, escola, amigos, veciños, traballo e outros. Esta última opción de resposta podía, en principio, abranger unha variada tipoloxía de casos, pero na fase final da codificación optouse por non ter en conta esas diferenzas, xa que nada engadía a un tratamento de corte cuantitativo como o que estabamos utilizando. Neste mesmo sentido, decidimos reducir aínda máis o número de categorías da variable xa que, fóra da descrición xeral desta, pouco achegaba ós contrastes realizados ter cinco ou seis categorías en lugar de tres. Tratábase de categorías de corte cualitativo, que non permitían a súa conversión nunha escala ordinal nin moito menos interval, o que convertía en inoperativa a súa utilización na maior parte das análises.

Outra importante serie de variables foi a que recolleu a información relativa á lingua na familia. En principio, dedicouse unha parte considerable do cuestionario a tal labor, co

fin de contar con información referente a cada interacción familiar, mirando tamén de garanti-la existencia de información sobre familiares de ámbolos sexos, para que non se escapase ningún elemento de digresión.

Porén, dada a amplitude de cuestións pescudadas, e a posible redundancia dalgunhas delas, decidimos realizar análises de correlación entre esas variables. Nas análises obtivemos que as correlacións entre a lingua utilizada cos fillos homes, coas fillas, cos fillos máis novos e cos fillos máis vellos, oscilaban entre .960 e .985, o que fixo inútil calquera análise por separado.

Este fenómeno, en sintonía co que xa se apreciaba nas análises do MSG, levounos a simplificar substancialmente a serie de variables utilizadas, e pode apreciarse tamén nas seguintes series de correlacións:

Lingua cos irmáns homes, lingua coas irmás, lingua cos irmáns máis novos e lingua coas irmás máis novas (entre .963 e .984). Lingua co pai e lingua coa nai (.954). Lingua cos avós maternos e lingua cos avós paternos (.921).

Tendo en conta toda esta serie de correlacións, optamos por simplificar-las variables da familia ás seguintes: lingua cos avós, lingua cos pais, lingua cos irmáns, lingua coa parella, lingua cos fillos. A estas, que foron as interaccións básicas, decidimos engadir, para comentar en determinados casos, a lingua utilizada nas discusións, a lingua utilizada cos familiares máis vellos e a lingua cos familiares máis novos.

Por outra banda, tivemos en conta os contrastes con variables que poderían pertencer á mesma banda de idade. Estamos a referirnos a casos como *lingua cos avós* vs. *lingua con familiares máis vellos* ou *lingua cos irmáns* vs. *lingua cos familiares máis novos*. Igualmente, pareceunos de interese compara-la lingua utilizada cos fillos coa lingua utilizada para reprendelos, que pola súa vez contrastamos coa lingua utilizada nas discusións.

Á hora de construír aquelas variables comúns que non estaban formuladas dese xeito no cuestionario, é dicir, que se

trataba de variables construídas por adición de dúas ou máis previamente codificadas, procedemos á creación dun único ítem, tomando as puntuacións 1, 2, 3 e 4 das opcións de resposta (de «só castelán» a «só galego») como puntuacións asignadas a cada individuo. Para reduci-las preguntas calculouse a media das puntuacións de resposta, asignando, por exemplo, a unha persoa con dúas contestacións «só galego» e dúas «máis galego» a puntuación  $(4+4+3+3)/4 = 3,5$ . As puntuacións resultantes agrupáronse nestes catro valores: 1 (de 1 a 1,49), 2 (de 1,5 a 2,49), 3 (de 2,5 a 3,49) e 4 (de 3,5 a 4). Con todo, as probas estatísticas aplicadas a estas variables para ve-lo grao de fiabilidade en cruzamentos con outras variables son as pertinentes, como máximo, a variables ordinais. A pesar de que existe tradición en considera-las variables intervalos a este respecto (cfr. SemSoc 1995, 38-40; 1996, 37-38), optamos pola opción máis conservadora de tratalas como ordinais. Neste proceso de agrupación de variables foron particularmente útiles as posibilidades técnicas do paquete estatístico utilizado: SPSS para Windows, versión 7.5.

Así mesmo, o eido dos usos escolares (capítulo VIII) presentárase como un dos máis importantes dentro da análise dos usos lingüísticos. As variables referentes a este eido consistiron na análise dunha primeira afirmación sobre a posibilidade de estudar ou non galego na escola e durante canto tempo. Posteriormente, inquiriuse sobre o nivel do uso do galego en diversas situacións con diferente grao de formalidade (lingua escrita na escola, lingua cos compañeiros na clase, lingua cos compañeiros no recreo, lingua cos profesores).

Naturalmente, nestas variables estamos preguntando por unha fase que nalgúns casos pode estar xa lonxe na vida daquelas persoas de máis idade, que asistiron á escola varias décadas antes de recollerse a información, ou podemos estar falando dun período inmediatamente anterior ó momento de fala para os informantes máis novos. En calquera caso é unha proba de como varían e teñen variado os usos lingüísticos no dominio escolar. O achegamento analítico partiu tamén da

análise das porcentaxes correspondentes en cada un dos grupos, considerando as habituais variables de control.

Outra das áreas preferentes da nosa investigación foi a lingua no traballo, á que dedicámo-lo capítulo IX. As variables introducidas no cuestionario nesta área tiñan que ver con dous tipos de dedicación profesional: os profesionais liberais e os non liberais. Ós primeiros ía destinada a pregunta «¿Que lingua fala/ba no seu traballo cos seus clientes?», e ós demais as seguintes: «¿Que lingua fala/ba no seu traballo cos seus compañeiros?», «¿Que lingua fala/ba no seu traballo cos seus empregados/ subordinados?» e «¿Que lingua fala/ba no seu traballo cos seus superiores?». Tanto a uns coma a outros preguntóuselles se a lingua do traballo condiciona/ou a súa habitual e, nese caso, que sentido tivera tal influencia.

Así mesmo, incluímos un capítulo sobre o cambio lingüístico que completase a información obtida a partir da análise da lingua habitual (capítulo X). A análise da evolución e cambios nos usos lingüísticos é fundamental para estudar calquera situación macrosociolingüística. Por iso, dispoñer desta información expresamente relacionada co cambio consciente foi importante cara á análise cunha maior profundidade dos mecanismos que o rexen. Tratamos, por iso, de explotar todo o que nos pareceu razoable estas informacións obtidas directamente. As preguntas introducidas ó respecto achegan información unicamente daquelas persoas que recoñecen que existiu algún tipo de cambio lingüístico na súa vida pero, como veremos, achega claves ben interesantes.

Finalmente, dedicámo-lo capítulo XI ó contraste dalgúns fenómenos cidade a cidade, para así apreciar-las diferenzas existentes entre uns núcleos urbanos e outros en diversas cuestións. As diferenzas levarannos a apreciar como incidiron as diferentes historias sociolingüísticas en entidades urbanas entre as que existen notables diferenzas. De cara á maior simplicidade na análise e na presentación da información, optamos tamén neste caso por trata-las variables analizadas neste capítulo en forma de porcentaxes, para así facer máis plasti-

camente mensurables as diferenzas, por riba das ás veces escuras presentacións ás que dá lugar a utilización das medias ou outras sofisticacións estatísticas. Estas estratexias, se ben simplifican os cálculos e a creación de táboas, teñen porén o inconveniente de ofrecer unha información en ocasións difícil de calibrar e facer corresponder a avaliacións non estritamente cuantitativas.

### ***Aclaración sobre procedementos estatísticos***




Co obxecto de facer máis áxil a lectura desta monografía, prescindiremos da descrición e eséxese de diferentes cuestións técnicas que caracterizaron as estratexias de análise da nosa investigación, e que figura no seu detalle na tese de doutoramento da que este volume é herdeiro. Con todo, cremos necesario facer unha precisión que non debería ser obviada.

Aínda sendo este un traballo claramente de investigación, un dos nosos obxectivos consistiu en conseguir unha descrición o máis transparente posible. Iso levounos a optar antes pola claridade ca pola sofisticación estatística. Por tal motivo optamos, na maior parte dos casos, pola utilización de táboas de continxencia baseadas en frecuencias e porcentaxes. As táboas, utilizadas deste xeito, como afirma Davis (1989), teñen a marabillosa propiedade de que amplían os «niveis intelectuais», é dicir, axudan ó coñecemento da profundidade sociolóxica que xace baixo os datos, o que non sempre se pode afirmar dalgunhas análises con outros procedementos, utilizados extensivamente nas ciencias sociais en xeral, e na macrosociolingüística en particular, xa que o que se gaña en brillantez e descrición rutilante pérdese por veces en agudeza interpretativa. Neste sentido, coincidimos con Sánchez Carrión (1995, 267) en que o mellor estatístico que hai para ver a asociación entre variables é a diferenza de porcentaxes. A matización que estas permiten non é posible unha vez que convertémolos datos a medias ou outro tipo de formatos de datos. De aí que a inmensa maioría das análises que realicemos vaia partir de datos computados e estudados en forma de porcentaxes.

# **IV**

## **LINGUA INICIAL E ÁMBITO DE ADQUISICIÓN DO GALEGO**





A lingua inicial ou lingua materna é un dos caracterizadores máis habituais das sociedades multilingües. Aínda que, salvo excepcións, todo individuo nace aprendendo unha ou varias linguas iniciais coa(s) que comeza a súa socialización, a importancia atribuída ó seu estudo desde unha perspectiva macrosociolingüística acadará a súa máxima expresión na aplicación a sociedades onde conviven diferentes variedades lingüísticas. Pola súa banda, o ámbito de adquisición da lingua indica a importancia dos diferentes dominios sociais na transmisión do idioma e achega elementos de análise complementarios ós da lingua inicial.

### **O estudo da lingua inicial ou materna**

*Lingua materna* é o concepto sobre o que quizais máis se ten reflexionado nos estudos sobre minorías lingüísticas. Como ben observan Skutnabb-Kangas & Phillipson (1989, 451-452), aqueles que son e sempre foron monolingües non teñen problemas á hora de defini-la súa lingua materna, a non ser que aprendesen a falar nunha lingua e máis tarde a esquecesen completamente (nenos inmigrados a países cunha forte tendencia asimiladora ou nenos adoptados noutra comunidade). Esta área de estudo desenvolveuse dunha maneira moi especial grazas ás investigacións sobre multilingüismo realizadas nas últimas décadas. Así, Tulasiewicz & Adams (1998, 3) entenden por *mother tongue* o que os lingüistas normalmente denominan L1, é dicir,

the language first acquired by a child and the first one to find expression developed from the Language Acquisition device posited by Chomsky.

De todas maneiras, estiman estes autores que pode ser tamén a lingua preferida nunha situación multilingüe e presupoñer así unha elección feita desde dous sistemas ou máis, definición que xa non se correspondería coa dada anteriormente. Tal duplicidade, establecida sinteticamente por estes autores, apunta á existencia de diversas definicións para o concepto de lingua materna.

Con todo, o termo ten máis de mil anos de existencia. Xurdiu no latín medieval, estendeuse a través de linguas tanto románicas coma non-románicas e a súa xeneralización é total no mundo occidental, con adaptacións fonéticas ou lingüísticas para cada unha desas linguas. Porén, a fonte e a referencia de todas elas foi con certeza o inglés *mother tongue*, que Tulasiewicz & Adams (1998, 4) retrotraen ata 1380. O proceso de asociación de *lingua materna* e *lingua nacional* deberíase así a estudosos alemáns de finais do século XVIII como Hamann, e a figura máis coñecida parece ser Humboldt, quen en 1836 establecía o vínculo entre a lingua e o *espírito da nación*. Lamentablemente, a asociación deu lugar tamén a infraproductos como a sinistra vinculación entre lingua materna e *volk* realizada na Alemaña nazi, e as coñecidas ideas de nacións e razas superiores e inferiores.

Segundo Tulasiewicz & Adams (1998, 6), podemos recoñecer tres usos básicos do termo *lingua materna*: a) unha lingua *privada* usada entre «intimate groups of speakers» (ibíd. 6), b) un *vernáculo* que pode ser usado como lingua *rexional* e c) unha lingua que consegue «national status». Neste sentido, os devanditos autores conclúen que:

*Mother tongue* comes to be seen as the distinguishing mark of identity which accounts for the often made claim that independent states must have their own language. (ibíd. 6).

Como vemos, con estas consideracións estase a identificar *lingua materna* con conceptos que pertencen a outro ámbito diferente do que nós establecemos nesta investigación. Así, mestúrase a idea de *mother tongue* con outras como *official language* ou *home language*. Neste sentido, fálase de «regional mother tongues» por oposición a «official languages of communication» e establecen oposicións de carácter social e político para un concepto que, desde a nosa perspectiva, tratamos unicamente como a(s) primeira(s) lingua(s) en que un neno aprende a falar. Por iso, quizais o termo que máis se axusta a *lingua inicial* dentro das terminoloxías de fala inglesa sexa *first language*, que posúe en menor medida as connotacións ás que acabamos de facer referencia.

Algúns outros termos aparecen tamén nas bibliografías de fala inglesa para referirse a este mesmo concepto, aínda que con connotacións non sempre coincidentes. Entre eles, cómpre citar «natural language» ou mesmo «the language of here», neste último caso tomado do polaco (ibíd. 8).

Como proba da confusión que por veces rodea este ámbito conceptual, podemos salientar que mesmo ten aparecido o termo *preferred language* (ibíd. 8), que indicaría:

the choice of a user who can choose between at least two languages, although this choice may be restricted as a consequence of the context of communication in which one language may be more useful.

Baixo esta denominación atopamos, desde logo, escasos elementos relacionados coa lingua inicial, e si moitos co uso e os factores implicados na elección de lingua nunha situación de contacto, o que parece apuntar a certa inconsistencia nas definicións habitualmente manexadas para a lingua materna, que toman en consideración factores claramente alleos a esta:

With all the different circumstances taken into account it is not possible to separate a definition of *mother tongue* from that of

*national*, let alone *official*, language. Such a definition must consider the linguistic, socio-political, economic, cultural and personal factors involved in the territory where the language is used. This has implications for mother tongue education and government policies which relate to the status of the official languages and the dialects used. (ibíd. 10).

Xa que logo, consideramos que, salvo a primeira, as demais definicións de lingua materna ofrecidas e comentadas por Tulasiewicz & Adams (1998) non son válidas para a análise desta variable, tal como a abordaremos no noso estudo.

Como ben indican Skutnabb-Kangas e Phillipson (1989, 451), é necesario clarifica-lo concepto de lingua materna. Para estes autores, dependendo de como definámo-lo multilingüismo algunhas persoas poden ter dificultades á hora de saber cal é a súa lingua materna, e mesmo poida que algúns nunca pensasen en absoluto nesa posibilidade.

Así e todo, especialmente naqueles lugares onde non se recoñecen diversas linguas indíxenas ou de inmigrantes, a toma en consideración da lingua materna convértese nunha cuestión política que pode condiciona-la maneira de ve-las poboacións que habitan nun territorio, e levar así a ter que recoñecer e asumir dereitos e singularidades de determinados grupos sociais que dean lugar a demandas incómodas para ese Estado. Tamén esa información pode resultar significativa para outras organizacións, tanto de ámbito infra coma supraestatal, de cara ó deseño de programas e planificacións diversas. En calquera caso, o máis interesante desde a nosa perspectiva é a definición do termo e mailos criterios que se agochan nel.

Na definición da lingua materna teñen aparecido tamén criterios *populares* (Skutnabb-Kangas e Phillipson 1989, 452), relativos á automaticidade ó falar, unha visión particular do mundo, etc. (trataríase de casos como «a lingua materna é aquela na que contamos/ soñamos/ escribimos poesía/ un diario/ usamos na fala consciente». Porén, estas definicións reflicten máis a estrutura da personalidade do individuo que

cuestións de carácter social. Así mesmo, a importancia atribuída á lingua materna varía segundo as diferentes sociedades, o que tamén ten contribuído a considerar, adicional ou alternativamente, outros criterios para avalia-las diversas situacións lingüísticas.

En definitiva, Skutnabb-Kangas e Phillipson (1989, 452 e ss.) recoñecen catro criterios para defini-lo concepto *lingua materna*: orixe, competencia, función e identificación. Estes autores acláranos que os criterios están relacionados co contexto das loitas lingüísticas ocorridas entre as minorías indíxenas e de inmigrantes dos países occidentais. Así mesmo, asóciáanos con tres teses sobre a lingua materna e unha cuarta sobre as definicións:

Unha persoa pode ter varias linguas maternas.

A mesma persoa pode ter diferentes linguas maternas dependendo de que definición se use.

A lingua materna dunha persoa pode cambiar ó longo da súa vida, mesmo varias veces, de acordo con tódalas outras definicións agás a definición por orixe.

As definicións da lingua materna poden organizarse xerarquicamente de acordo co grao de conciencia dos dereitos lingüísticos dunha sociedade.

De acordo con todo isto<sup>21</sup>, establecen os seguintes criterios e definicións de lingua materna:

Táboa 4.1. Criterios para a definición da lingua materna.

Criterio	Definición
<i>orixe</i>	a(s) lingua(s) que se aprenden primeiro
<i>competencia</i>	a(s) lingua(s) que mellor se coñecen
<i>función</i>	a(s) lingua(s) que máis se usa
identificación	
a. interna	a(s) lingua(s) coa(s) que un se identifica
b. externa	a(s) lingua(s) coa(s) que é identificado como falante nativo por outros

<sup>21</sup> Skutnabb-Kangas & Phillipson (1989, 453).

Naturalmente, cada unha destas definicións leva a lugares moi diferentes segundo a que situacións lingüísticas e mesmo persoais as apliquemos. Deixando a unha banda consideracións máis particulares, cómpre salientar primeiro o criterio da identificación, porque foi –e aínda é– o utilizado en comunidades privadas dos seus dereitos lingüísticos, nas que por veces os propios membros non saben ou non queren declararse falantes dunha determinada lingua.

Desde o punto de vista da lingua galega, cremos que cómpren algunhas consideracións. En primeiro lugar, o que semella agromar detrás destas definicións é un interese por ter un indicador fiable para caracterizar unha comunidade lingüística. De feito, se analizámo-las definicións, vemos agachadas detrás delas diferentes ítems, que en estudos coma o que estamos a realizar se recollen en variables diferentes. Así, *a lingua que se coñece mellor* pertence ó ámbito das *language skills* ou, desde a terminoloxía do noso estudo, *coñecemento* ou *habilencias lingüísticas*, que nós medimos na epígrafe de competencia lingüística (*comprender, falar, ler e escribir* a lingua).

Por outra banda, *a lingua que un usa máis*, definición baseada na *función*, corresponde á nosa *lingua habitual*, e que ten que ver non con algo relativamente *dado* –a lingua materna– senón adquirido ou produto das decisións do propio individuo<sup>22</sup>.

Os criterios relacionados coa identificación, tanto interna coma externa (lingua coa que un se identifica e coa que o identifican os demais), teñen que ver co uso lingüístico e ase-

---

<sup>22</sup> Non queremos con isto dicir que o individuo *escolla* no sentido pleno da palabra a lingua que fala en moitos casos. Probablemente, esta interpretación só valla para os casos de militancia lingüística e, mesmo así, en casos nos que o uso da lingua minorizada non supoña problemas de comunicación (basicamente comprensión) nas redes en que se move. Para unha crítica detallada do carácter parcialmente alieo a decisións propias da conduta lingüística (mantemento e cambio lingüístico) pode consultarse Williams (1992, especialmente 97-122).

made coas crenzas e actitudes lingüísticas, xa que obrigan o individuo a valorar algo que xa non é factual senón basicamente intencional, volitivo ou actitudinal. As cuestións identitarias son, na nosa opinión, moi interesantes para coñecerla vitalidade dunha lingua, pero non forman parte da investigación sobre a lingua materna nunha situación como a galega ou a de linguas dun paradigma homologable.

Xa falamos da utilidade dalgunhas destas definicións para determinadas situacións lingüísticas, sobre todo se a utilización do concepto vai dirixida a conseguilo recoñecemento da comunidade de persoas dunha determinada lingua materna, como se deduce da exposición de Skutnabb-Kangas & Phillipson (1989, 454 e ss.), que mesmo buscan «grading the definitions according to their degree of linguistic human rights awareness». Esta formulación, que desde o punto de vista da consecución do recoñecemento dunha lingua e/ou un grupo lingüístico é absolutamente lexítima, conduce, ó noso entender, a unha rúa cega na investigación dunha situación como a galega. Basicamente porque pexa as posibilidades analíticas que o estudo macrosociolingüístico da lingua inicial permite, e exclúe a posibilidade de achegarse a este desde outros indicadores.

Cómpre ve-la importancia complementaria das diferentes variables, e ser conscientes da necesidade de asignarlle a cada unha delas un espazo cognitivo propio que non invada cuestións conectadas pero diferentes. Por iso, desde unha perspectiva integradora e *comprehensiva*, trataremos de diferenciar ata onde nos sexa posible áreas como lingua inicial, competencia, lingua habitual e outros usos.

Xa que logo, o criterio máis axeitado para defini-la lingua materna sería o da orixe, é dicir, *a lingua que se aprendeu primeiro*<sup>23</sup>, aínda que matizándoo coas precisións tamén

---

<sup>23</sup> Esta concepción de «primeira lingua en aprender» ten tamén unha forte tradición no seo da sociolingüística desde os seus comezos. É o caso de Trudgill (1983, 122).



apuntadas por Skutnabb-Kangas e Phillipson, relativas a que unha persoa pode ter varias linguas maternas, mais eliminando a posibilidade de que poida cambiar ó longo da vida. Nós usáremo-lo concepto consonte o criterio utilizado na elaboración do MSG, onde a *lingua materna* ou *lingua inicial* (etiqueta menos exposta a ambigüidades), trataría de avaliar en que idioma(s) aprende a fala-lo individuo<sup>24</sup>, é dicir, baixo que marco lingüístico se produce a súa socialización.

Neste sentido, un individuo residente en Galicia pode socializarse e socialízase, en galego, en castelán ou nos dous idiomas (alén de casos residuais de socialización noutras linguas, sobre todo se a persoa naceu fóra de Galicia).

Mais, a denominación das variedades sociais non está exenta de condicionantes e factores ideolóxicos. Neste sentido, a propia consideración do galego como unha lingua ou un dialecto ten sido obxecto de longos debates, tanto no nivel académico coma noutros. Así, a consolidación da nosa lingua como idioma de seu é resultado tamén da acción dos poderes públicos e das elites intelectuais galegas. Sen pretender entrar neste debate, non exento de polémica e que ten dado lugar a posicionamentos e puntos de vista diversos, queremos salienta que, socioloxicamente, aceptámo-la consideración do galego como entidade lingüística diferenciada, que convive con outra, o castelán, imposta de diferentes maneiras ó longo dos últimos cinco séculos en Galicia.

Por outra banda, ademais destas dúas entidades, galego e castelán, na formulación das investigacións sociolingüísticas xorde a cuestión de se tomar en consideración a existencia do bilingüismo inicial. É dicir, se acepta-la existencia de persoas que aprenden a falar simultaneamente en dous idiomas.

Alguns autores (Rubal 1985, 302; Rubal-Veiga-Arza 1992, 26-27) ven importantes dificultades en acepta-la existencia dun bilingüismo inicial en Galicia, ó considerar que a

---

<sup>24</sup> De feito, esta foi a formulación adoptada na pregunta introducida no cuestionario do MSG: ¿en que lingua aprendeu a falar?

primeira aprendizaxe lingüística, desde o punto de vista psicoevolutivo, se realiza sempre nunha lingua antes ca outra, pero non nunha combinación de ambas<sup>25</sup>. Baixo este punto de partida está a consideración da lingua materna como *a primeira que aprendeu a falar na casa* (Rubal, Veiga & Arza 1992, 27), é dicir «tratando de fixa-la atención do respondente sobre a lingua na que primeiro conseguiu unha competencia activa». Desde esta perspectiva, os problemas na avaliación da lingua materna poderían vir dados por resultar difícil precisar tal eventualidade ou porque «o respondente non teña un coñecemento preciso diso» (ibíd. 27).

Desde outro prisma, defendido en Galicia por Fernández (1983a), en moitos individuos non é posible determinar cal é a variedade lingüística na que aprenderon a falar<sup>26</sup>, posto que en períodos moi temperáns teñen as dúas linguas como propias e non posúen conciencia de ter aprendido unha lingua

---

<sup>25</sup> Segundo Rubal (1985, 302), «non resulta doada de concebir desde un punto de vista funcional e dende a mesma teoría dos dominios lingüísticos, unha utilización alternada de dúas linguas como norma de actuación considerablemente extendida no ámbito da intimidade nin quizais tampouco en calquera outro eido entre as mesmas persoas e nas mesmas situacións».

<sup>26</sup> En palabras de Fernández (1983, 25-26), «Es práctica habitual en las encuestas de este tipo, que las opciones de respuesta a la pregunta sobre la lengua materna sean solamente dos, o tantas como lenguas en situaciones de multilingüismo. Aunque este planteamiento sea correcto en muchas situaciones, pensamos que, en ciertas condiciones, es posible que haya un importante sector de población que tenga más de una lengua materna. Ello es relativamente frecuente en el nivel individual del bilingüismo, en los casos de niños cuyos padres tienen lenguas maternas diferentes y, aunque una de ellas sea la habitual en la comunicación de los padres entre sí, cada uno utiliza la suya al dirigirse a los hijos. Esta situación está ampliamente documentada en la bibliografía sobre el bilingüismo. Ahora bien, cuando la distancia entre dos sistemas lingüísticos en contacto no es muy grande, de tal modo que existe un alto grado de intercomprensión entre sus usuarios, y cuando existe un bilingüismo generalizado en el medio ambiente del niño, especialmente en su ámbito familiar –bien porque las personas que mantienen estrecho contacto con el niño en la época de su aprendizaje lingüístico usan ambas lenguas, bien porque algunas de estas personas usan siempre o preferentemente la otra– el número de niños bilingües desde que comienzan a hablar será bastante elevado».

despois da outra, polo que non lles resulta doado determinar cal foi a súa lingua inicial<sup>27</sup>. En casos deste tipo estaríamos ante bilingües iniciais. Para determinados autores, ademais, tal circunstancia constitúe un marcador moi importante na caracterización psicosociolóxica dos individuos, que vai influír noutros indicadores e cuestións. Este punto de vista, sostido tamén polo equipo do Mapa Sociolingüístico de Galicia, é tamén asumido nesta publicación.

Cómpre salientar tamén o debate creado arredor do trasfondo ideolóxico do concepto de lingua materna, que acadou certo protagonismo no ámbito galego e hispánico nas décadas dos 70, 80 e comezos dos 90. Semella que a orixe desta polémica comezou co libro de Ninyoles (1972) e o seu capítulo «La lengua materna: proceso a una ideología». Rodríguez (1976) recolleu a polémica parcialmente: «Debaxo desta postura [as teses da morte da lingua], está a concepción da lingua como fenómeno vivo nun senso biolóxico. Por iso, fálase moito de lingua materna, e pouco de lingua asoballada e dominada; por iso, dáselle moita importancia á perda do galego como lingua materna» (Rodríguez 1976; cito pola ed. de 1980, 43).

---

<sup>27</sup> En realidade, Fernández refírese a casos de nenos que no seu inquérito piloto afirmaran aprender a falar en galego, pero que «no recordaban en qué momento ni cómo habían aprendido el castellano. No hubo, en cambio, vacilaciones entre los que respondieron que su primera lengua había sido el castellano» (ibíd., 26). Desde o noso punto de vista, de aceptar tal hipótese, habería que admiti-las dúas posibilidades, polo menos na Galicia de hoxe, onde os dous fenómenos poden presentarse se consideramos lingua(s) inicial(is) aquela(s) que un non lembra cando aprendeu durante a súa infancia. Outra cousa é que preguntemos que lingua aprendemos a falar *primeiro*, como suxire Rubal. Probablemente, esa diferenza na formulación da pregunta explica por que nuns estudos se obtén unha porcentaxe substancialmente superior de bilingües iniciais: «Esto [os datos de Rubal] contrasta cos datos aportados por Fernández (1984) no estudio anteriormente citado [o que nós damos como Fernández (1983)]. Creemos, non obstante, que a concreción e univocidade interpretativa da pregunta formulada neste caso –lingua materna descrita como *a primeira* aprendida na casa– (aínda que poida resultar algo restrictiva) pode explicar en boa medida as diferencias contrastadas nas respostas obtidas» (cursivas nosas) (Rubal 1985, 302).

Porén, no ámbito galego a polémica desenvolveríase sobre todo na década dos 80 e comezos dos 90. Pilar García Negro (1993, 76), recollendo e reelaborando parcialmente as opinións de Ninyoles, observa diferentes circunstancias que fan recomendable prescindir de tal concepto nos estudos sociolingüísticos: «Língua materna suxere, así, un fenómeno tan «natural» e «biolóxico» como os outros que completan a maternidade. E isto semella unha falácia en que incorren todos aqueles que imaxinan que a pervivencia dun idioma é unha lei da natureza». Así mesmo, observa importantes inconvenientes no concepto por contrapoñe-lo mundo infantil ó dos adultos e o da nai e a maternidade (dozura, sentimento, etc.) ó mundo exterior, asociado con valores –na súa opinión– masculinos (racionalidade, necesariedade...). Por iso, segundo esta autora, «o concepto é obxecto dun uso diferenciado, con aplicación reiterada e tópica –ou case exclusiva– ás linguas que non o son de forma completa. Xa que logo, a linguaxe «nunca é un produto individual, vinculado á nai, ao pai ou a calquera outra figura doméstica, senón (...) axente de socialización, e, ao mesmo tempo, froito dunha necesidade, a de os individuos humanos viviren en sociedades dadas (...). Non hai pois robinsonismo posíbel (...) mais tampouco non hai bioloxismo posíbel: o idioma non nace nen se transmite á criatura como o leite materno, porque non é o idioma da nai en canto tal senón en canto membro dun grupo social que á súa vez lla facilitou ou lla impuxo» (ibíd. 78). García Negro parece prioriza-los argumentos de carácter ideolóxico á hora de desacredita-lo concepto de lingua materna, porque «a figura da nai ten sido a metonímia e, tamén, a metáfora, da propia muller, no estereotipo sexista e segregador que amplamente se distribuiu desde o arsenal ideolóxico tanto do patriarcado como do capitalismo» (ibíd. 78). Isto leva a unha asociación entre lingua e xénero altamente insatisfactoria para García Negro: «Así, o galego, ou o catalán ou outras, serían como ese depósito de cariño e veneración que sempre se debe gardar á figura da nai, mais inábeis para o

mundo non natural: a vida adulta, a praxe social, os negocios, as relacións sociais, a vida política, económica ou científica» (ibíd. 78). Aínda que esta crítica afecta sobre todo a usos diferentes dos utilizados nos estudos macrosociolingüísticos, quizais tamén se podería estender a eles, como parecen apuntar outras opinións de García Negro (ibíd. 42): «Non falamos gratuítamente de estratexia deliberada. Examinen-se algúns froitos desa política nos tres últimos anos: (...) ou a elaboración dun “Mapa Sociolingüístico de Galicia”, dirixido polo “Seminario de Sociolingüística” da “Real Academia Galega”, con preguntas tan obxectivas e ecuanímes como: “¿As asignaturas diferentes da Lingua e Literatura Españolas deben explicarse en galego?”».


Evidentemente, trátase dun debate complexo e con múltiples ramificacións, que excede os límites e obxectivos desta publicación. En calquera caso, cremos que as anteriores opinións en absoluto contradín a formulación teórico-metodolóxica que practicamos aquí. O que na literatura macrosociolingüística se ten definido con frecuencia como *lingua materna*, e que nós preferimos denominar *lingua inicial*, é unicamente a lingua ou linguas en que un aprende a falar. Polo demais, como moi ben indican Rubal, Veiga e Arza (1992, 26), «dende o estudio do desenvolvemento temperán da linguaxe nos bilingües familiares, as evidencias apuntan a que en situacións así predomina a linguaxe das nais sobre a dos pais, “dado que son estas as que asumen a maior parte das tarefas relacionadas co coidado infantil”. Por iso, e malia ás dificultades que poida presentar ás veces a súa denominación, a lingua materna adoita ser un dato non só relevante senón tamén básico nos estudos sociolingüísticos e demolingüísticos».

Desde a perspectiva propia desta investigación, a macrosociolingüística, pasamos logo a ocuparnos da lingua inicial ou lingua materna.

### ***A lingua inicial no medio urbano***

De forma global, a distribución da lingua inicial na poboación urbana segue parámetros bastante diferentes dos que se observan no conxunto de Galicia<sup>28</sup>. O galego é nas nosas cidades a lingua na que aprendeu a falar unicamente o 35,3% da poboación, mentres o castelán pasa a se-la lingua inicial do 48,4%. A porcentaxe de bilingües iniciais sitúase no 15,7%, e as persoas que teñen outro idioma como inicial constitúen unha moi reducida minoría (0,6%).

Grafico 4.1. Lingua inicial no medio urbano



Polo tanto, esta distribución pon de relevo como a lingua inicial maioritaria da cidade non é o galego, como acontecía no conxunto de Galicia, senón o castelán. Aínda que, desde unha perspectiva máis positiva, podemos dicir que o galego está presente na lingua inicial do 51% da poboación urbana, considerando os galegofalantes e os bilingües iniciais conxuntamente. Claro que, segundo esa mesma liña argumentativa, poderíamos dicir tamén que o castelán é a lingua inicial do 64,1% dos habitantes das cidades. En todo caso, parece evidente que no momento presente o galego non desapareceu

---

<sup>28</sup> Este aspecto foi tratado no Mapa Sociolingüístico de Galicia (SemSoc 1994, 39 e ss.). Segundo os datos que alí se ofrecen o galego é a lingua inicial do 62,4% da poboación galega, o castelán do 25,6% e son bilingües iniciais o 11,4% da poboación. Aprenderon a falar noutro idioma diferente o 0,6%.

nin pasou a ser residual na liña de transmisión familiar nas cidades galegas. Aínda que si reduciu moi considerablemente a súa vitalidade como elemento de transmisión interxeracional e como vía de socialización na Galicia urbana.

É xa un lugar común entre os investigadores que teñen estudado a lingua inicial<sup>29</sup> referirse ó xa clásico traballo de Lieberman (1980) como referencia para a análise desta variable desde unha perspectiva macrosociolingüística. Segundo este punto de vista, a lingua materna da poboación sería o mellor xeito de cuantifica-lo proceso de substitución lingüística cando os datos que posuímos proceden dun único momento temporal. Baséase esta liña de argumentación en que a lingua materna é unha invariante das persoas, mentres que o uso, por exemplo, pode variar nunha mesma persoa ó longo da vida<sup>30</sup>. Desde o noso punto de vista, o modelo ideal para cuantifica-los procesos de mantemento e cambio lingüístico é a combinación simultánea dos indicadores correspondentes á competencia, a lingua materna e o uso lingüístico, que en conxunto nos han dar unha visión máis completa e rica deses procesos<sup>31</sup>. Por outra banda, ó longo desta investigación poderemos constata-la importante interacción existente entre todos eses indicadores e variables.

Porén, do referido marco teórico suxerido por Lieberman (1980) ten xurdido a consideración e o interese polo cambio

---

<sup>29</sup> Véxanse, para o caso galego, os traballos de Fernández (1993) e Fernández Ramallo (1996).

<sup>30</sup> Mais, na opinión de Fernández (1993, 29), «en Galicia la lengua materna no *determina* (o no determinaba hasta hace poco tiempo) la conducta lingüística de la población, aunque sea, sin duda, un factor importante. La escasa distancia lingüística entre el gallego y el español, y la fuerte presencia ambiental del gallego hacían que este se aprendiese de forma espontánea por parte de muchos de los que no lo tenían como lengua materna».

<sup>31</sup> Naturalmente, moitas veces os datos de que dispoñemos non son tan completos, polo que debemos limitarnos a outros de maior simplicidade. Probablemente baixo algunhas destas teorizacións latexe o intento de xustificar desde unha perspectiva teórica a elección realizada polo investigador, que se sente obrigado a imprimir unha dimensión transcendente ós datos que posúe.

lingüístico nunha dobre dimensión. Por unha banda, medi-lo cambio en tempo real cando se posúen datos do mesmo tipo en dous ou máis momentos temporais diferentes, o que constituiría unha análise do cambio *en tempo real*, e, por outra, a medición deses cambios comparando a distribución dos fenómenos en función de parámetros como a idade, é dicir, *en tempo aparente*. Os primeiros datos poderanse obter e analizar probablemente cando dispoñamos de sucesivos censos de poboación onde figure esa información. A segunda vía, en tempo aparente, é a máis apropiada ós datos dos que dispoñemos e con eles realizaremos-lo achegamento diacrónico ós procesos de cambio lingüístico, cuestión á que nos referiremos a seguir.


Esta perspectiva vainos levar a estuda-la lingua inicial comezando precisamente pola análise segundo a idade. Malia a que as variables máis asociadas con ela parecen se-lo ámbito en que se aprende a lingua, o hábitat de nacemento, a capacidade para fala-lo galego e os estudos. Pero comezaremos por ve-la interacción coa idade, que tradicionalmente ten recibido maior atención entre os diversos cruzamentos.

### ***Lingua inicial segundo a idade***

O proceso de substitución do galego polo castelán pode apreciarse con nitidez na distribución da lingua materna en función da idade. A medida que esta diminúe, fano tamén os que aprenderon a falar en galego e aumentan as persoas socializadas en castelán (gráfico 4.2). E aínda que o bilingüismo inicial tamén aumenta conforme diminúe a idade (12% nos maiores de 65 e 18,2% nos de 16 a 25), en realidade a maior parte das perdas de galegofalantes iniciais teñen que ver con incrementos proporcionais do castelán. Neste sentido, pode interpretarse que existe un cambio diacrónico na lingua inicial que se manifesta a través da diminución do galego consonte a idade.



Gráfico 4.2. Lingua inicial segundo a idade



Existe unha drástica perda interxeracional do galego como lingua inicial da poboación urbana entre o grupo máis novo e o máis vello, perda que se aproxima ós 50 puntos e dá idea da desaparición do galego do background dos informantes urbanos ó longo do tempo. O incremento paralelo do castelán, que é na xeración de 16 a 25 anos o idioma inicial do 69,4% da poboación, ofrécenos unha ollada nítida do proceso de desgaleguización que se está a producir na Galicia urbana. Este feito ten unha particular transcendencia, porque a lingua en que se aprende a falar marca de forma decisiva as expectativas e o universo emocional futuro do individuo.

Como dato curioso, observamos que apenas existe poboación que aprendese a falar noutro idioma diferente do galego e/ou o castelán, mesmo nas xeracións máis novas (véxanse as táboas finais). As porcentaxes inferiores ó 1% indican que as achegas de persoas con linguas diferentes das do Estado Español son moi reducidas e irrelevantes no período temporal estudado.


O galego só é idioma inicial maioritario no grupo de maiores de 65 anos (59,8%), e ten unha presenza importante na poboación de 41 a 65 (45,2%). Como contrapartida, o cas-

telán é maioritario nos dous grupos máis novos. En consecuencia, podemos dicir que o galego deixa de ser maioritario como lingua inicial a partir da xeración de mediana idade (41 a 65 anos). A situación é acorde coa tendencia xeral salientada polo MSG, pero a intensidade da perda da transmisión do galego de pais a fillos é moito máis acusada no medio urbano, e supón un elemento fundamental que se debe considerar de cara a preserva-la continuidade do noso idioma.

### *Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento*

O hábitat de procedencia é outro dos indicadores fundamentais no estudo da lingua inicial. No caso galego é, sen dubida, xunto coa idade, o factor que se ten amosado máis rendible para explica-las variacións existentes (cfr. Fernández, 1983b, 1993; Fernández Ramallo, 1996). Efectivamente, tras as análises realizadas<sup>32</sup>, concluimos que é unha variable fundamental na explicación da lingua inicial no medio urbano.

Gráfico 4.3. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento



<sup>32</sup> A influencia deste indicador pode apreciarse tanto na comparación dos índices estatísticos do hi-cadrado e derivados como na análise realizada con SPSS Chaid. En todos estes procesos analíticos móstrase como o predictor máis potente para a lingua inicial, tralo ámbito de adquisición do galego.

A asociación entre as dúas variables camiña no sentido de que canto máis rural é o hábitat de procedencia máis presente está o galego, e canto maior é o carácter urbano máis habitual é a aprendizaxe en castelán. Como comentamos noutros lugares, non cremos sostible que a substitución do galego polo castelán sexa un efecto mecanicamente derivado do cambio de hábitat e modo de vida como un fenómeno estrutural inevitable. Ese marco explicativo, de raíz durkheimana, aceptaría a inevitabilidade do cambio do galego ó castelán como un resultado da maior concentración do hábitat e o progreso subseguinte. Desde o noso punto de vista, cómpre considera-la notable influencia que os factores económicos<sup>33</sup>, culturais, antropolóxicos e psicosociais exercen, ó lado dos demográficos, sobre a substitución lingüística. Todo isto lévanos a preguntarnos que pautas de comportamento fan que un individuo deixe de transmitir ós seus fillos o idioma que aprendeu e que é o propio do grupo social ó que pertence. Tense argumentado que se trata dunha forma de prepara-los fillos para un futuro no que van necesita-lo castelán, que é a lingua útil e eficaz para a vida. Pero cómpre preguntarse se esa *necesidade* é realmente un acto de xenerosidade e renuncia ó propio por parte dos pais. Non é posible nunha investigación destas características entrar en toda a profundidade de tales consideracións. Pero debería valorarse se no fondo non existirá unha convicción de que os fillos van precisar dun cambio nas súas pautas de vida, na procura quizais dun mellor modo de vida e mellor ocupación profesional, quizais un cambio de hábitat e un medio de ruptura con ese mundo cultural e emocional que se debe deixar partir. Isto implicaría a busca dun universo mellor que na cultura social e política galega está asociado ó castelán<sup>34</sup>. Polo menos isto é o que

<sup>33</sup> Cfr. Rocher (1981, 117-128) e, sobre todo, as diversas críticas e alternativas teóricas ás teorías de Durkheim, nomeadamente as de Williams (1991).

<sup>34</sup> Alonso Montero (1973, 31) coidaba que «Cuando se predica la superioridad del castellano sobre el gallego, lo que en realidad se postula es la superioridad del mundo A sobre el mundo B, lo cual es correcto para quienes aceptan los módulos de valoración que la generalidad no discute».

sucedía hai varias décadas<sup>35</sup>, cando se produce a desgaleguización do medio rural e a masiva emigración á cidade.

Neste contexto hai que entender que só un de cada dez individuos urbanos (14,5%) nados no rural se socializasen en castelán. Efectivamente, aprender a falar en castelán no medio rural foi ata hai moi pouco tempo un feito basicamente excepcional<sup>36</sup>. Aínda que probablemente tamén se debería ter en conta que a media de idade das persoas nadas no medio rural é moi superior á dos outros hábitat (a esta cuestión referirémonos un pouco máis adiante, ó analiza-la lingua inicial por hábitat controlando a idade), parece que a realidade que describiu hai varias décadas Alonso Montero é aínda en boa medida a dos inmigrantes rurais das cidades galegas. Con todo, a recesión na transmisión do galego non adoptou aínda cifras terminais entre os nados na cidade, como as

---

<sup>35</sup> Alonso Montero (1973, 38-39) describiu esta situación tal como a vía a comezos da década dos 70:

«La aldea hasta hace muy pocos años se regía por un código que nadie violaba. Según este código ningún campesino podía educar a sus hijos en castellano, hecho que sería interpretado por el vecindario como un afán de mostrarse superior. (...) Pues bien, desde hace unos cuantos años la ley se vulnera una y otra vez, vulneraciones que ya no son objeto de sanción por parte del vecindario campesino. Ello significa que el código de ayer carece de vigencia hoy. En efecto, algunos campesinos ya «educan» a sus hijos en castellano.

Un poco antes algo similar sucedió en el suburbio y en los barrios modestos de las ciudades gallegas. Obreros, artesanos, criadas de servir, dependientes, semicampesinos, etc., «educan» —y el número es ya muy elevado— a sus hijos en la lengua que ellos mal hablan».

Entre as causas que explicarían esta deserción lingüística estaría a continua minusvaloración e desprestixio dos galegofalantes rurais. E, como factores coaduvantes, a difusión da cultura masiva en castelán a través dos medios de comunicación radiofónicos e televisivos, que reforzarían a imaxe de progreso e prestixio do castelán, en contraste coa miseria, o atraso e o pasado asociados ó galego. Todo este proceso permitiría que «de pronto, en Galicia, con un poco de arte, uno puede acercarse a los de arriba por vía del idioma. Ya aquí los padres se sienten satisfechos de su tiranía idiomática y, años después, los hijos, cómo-dos en la pequeña burguesía conquistada, recuerdan, sin rencor alguno, los azotes de la niñez» (ibíd. 41).

<sup>36</sup> No conxunto de Galicia (cfr. SemSoc 1994), este grupo constitúe un de cada dez individuos. A porcentaxe de lingua materna castelán na nosa mostra urbana apenas sobe catro ou cinco puntos respecto ó total de Galicia.

reflexións anteriores poderían facer supoñer. Un de cada cinco nados nas cidades galegas (22,9%) aprendeu a falar no noso idioma. Iso indica que existen aínda bolsas de poboación que non seguen sistematicamente a pauta social teoricamente prestixiada. É un grupo social formado en maior medida por persoas de clase media-baixa (51,6%)<sup>37</sup>, pero as diferenzas non permiten establecer unha asociación abondo taxativa entre galegofalantes iniciais urbanos e grupos sociais menos favorecidos, nin xa que logo corrobora-las afirmacións que Alonso Montero facía ó respecto hai case 30 anos<sup>38</sup>.

Se botamos unha ollada ás táboas finais, observamos, así mesmo, como os nados fóra de Galicia adquiriron aínda máis o castelán como lingua inicial cós orixinarios das cidades, polo que poderían ser colocados no extremo da escala, máis castelanizados na orixe cós propios residentes no centro das cidades. Dado que unha parte considerable desa poboación é de familia galega residente ou emigrada fóra de Galicia, esta circunstancia pode estar indicando unha perda de identidade lingüística daqueles galegos residentes no exterior que abandonan case completamente a transmisión da lingua propia de Galicia ós seus fillos<sup>39</sup>, aínda que se

<sup>37</sup> Se contrastamos coas porcentaxes totais de persoas de clase media-baixa, vemos que esta é inferior (36,5%). Así mesmo, os de clase baixa son o 9,9%, fronte ó 6,1% do total da mostra. Pola súa banda, na clase media a porcentaxe é case 15 puntos inferior á xeral, como tamén é inferior a de cidadáns de clase media-alta.

<sup>38</sup> Neste sentido afirmacións como «Para promocionarnos todos, campesinos o no, tenemos a nuestro alcance el castellano. Cuatro pinceladas de lengua castellana –siempre fáciles de conseguir– son la puerta, la trampa, para pactar con la alienación» semellan pouco válidas na Galicia actual. Tralas *desercións* lingüísticas de que fala Alonso, non existen grandes correspondencias entre transmisión familiar do galego na cidade e inferior nivel social, aínda que ese fenómeno sen dúbida funcionou na súa orixe.

<sup>39</sup> Non podemos dicir con exactitude cantos teñen familia galega e cantos proceden doutras latitudes do Estado, aínda que supoñemos que a inmensa maioría son ou proceden de familias de emigrantes galegos retornados. O 5,1% dos que naceron fóra de Galicia afirman que foron socializados noutra lingua, o que pode indicar tanto que son de familia galega emigrada a países onde se fala outra lingua ou ben persoas doutros países que viñeron vivir a Galicia sendo novos.

debe considera-la importante influencia que, sobre calquera individuo, independentemente da súa lealdade etnolingüística, exerce a lingua predominante no medio onde se desenvolve. Como vemos, o 85,3% dese grupo de nados fóra aprendeu a falar en castelán, que moi probablemente era a lingua do contorno.

Pero, volvendo á poboación nacida en Galicia, que achega os datos máis reveladores e influentes para a vitalidade do noso idioma no medio urbano, temos que salienta-las notables diferenzas existentes. Os nados na cidade socializáronse en galego só no 22,9% dos casos, a metade cós nados nas vilas (44,7%) e menos dunha terceira parte dos nados no medio rural (70,2%). Non se poden manter visións discretas de galego = rural vs. urbano = castelán, pero así e todo esa pauta funciona como horizonte de referencia. Naturalmente, esta regresión na transmisión do galego consonte a urbanización do hábitat é paralela ó incremento da transmisión do castelán no medio urbano (59,6%) e vilego (38%). Nos nados no rural a socialización fíxose en castelán unicamente no 15,5% dos casos. Así mesmo, as porcentaxes de bilingües iniciais (entre o 15 e o 17 por cento) son moi semellantes en calquera dos hábitat de procedencia dos residentes nas cidades galegas.

Xa que logo, a diminución na transmisión do galego a medida que o hábitat é máis urbano reflíctese directamente no incremento da socialización en castelán. O bilingüismo inicial semella ser un fenómeno independente do medio de procedencia do cidadán. Sobre a importancia deste e a interpretación do fenómeno ten habido diferentes interpretacións, que van desde un fracaso parcial no proceso de castelanización ata unha estratexia equivocada por parte dos pais de preparar lingüísticamente mellor os seus fillos cara á idade adulta (cfr. Fernández 1983a, 1991; Fernández Ramallo 1996, SemSoc 1994).

### *Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento e a idade*

Dado que, como dixemos anteriormente, existe unha distribución disimétrica da idade segundo o hábitat de nacemento, ó posuíren os nacidos no medio rural unha media de idade máis elevada, é conveniente controlar esta no cruzamento da lingua inicial co hábitat de nacemento. Na táboa seguinte presentamos tal análise.

Táboa 4.2. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento e a idade

			HÁBITAT DE NACEMENTO			Total
			urbano	vilas	rural	
16 a 25 (nacidos entre 1967 e 1976)	LINGUA INICIAL	castelán	71,8%	65,3%	30,5%	68,0%
		as dúas	19,2%	16,3%	14,8%	18,8%
		galego	8,9%	18,4%	54,7%	13,2%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
26 a 35 (nacidos entre 1957 e 1966)	LINGUA INICIAL	castelán	67,3%	51,1%	17,2%	53,4%
		as dúas	17,4%	18,2%	20,6%	18,3%
		galego	15,3%	30,7%	62,2%	28,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
36 a 45 (nacidos entre 1947 e 1956)	LINGUA INICIAL	castelán	58,4%	36,6%	16,8%	43,4%
		as dúas	18,4%	16,0%	12,6%	16,3%
		galego	23,3%	47,3%	70,7%	40,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
46 a 55 (nacidos entre 1937 e 1946)	LINGUA INICIAL	castelán	52,2%	41,3%	13,5%	36,2%
		as dúas	16,6%	20,2%	17,7%	17,4%
		galego	31,2%	38,5%	68,7%	46,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
56 a 65 (nacidos entre 1927 e 1936)	LINGUA INICIAL	castelán	44,5%	21,2%	11,8%	28,8%
		as dúas	16,4%	15,9%	16,7%	16,5%
		galego	39,1%	62,8%	71,5%	54,7%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
66 a 75 (nacidos entre 1917 e 1926)	LINGUA INICIAL	castelán	40,0%	20,3%	10,8%	24,4%
		as dúas	15,7%	13,6%	8,7%	12,2%
		galego	44,3%	66,1%	80,5%	63,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
máis de 75 (nacidos ata 1916)	LINGUA INICIAL	castelán	29,8%	31,0%	8,8%	20,5%
		as dúas	9,7%	19,0%	11,0%	11,6%
		galego	60,5%	50,0%	80,1%	67,9%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

A táboa anterior ofrece diferentes aspectos de interese, ó permitir analiza-la transmisión interxeracional do galego en tempo aparente tanto no medio urbano coma no vilego e o rural. Nela pode apreciarse como seis de cada dez dos nados entre os últimos anos do XIX e 1916 (maiores de 75 anos) aprenderon a falar en galego (60,5%), mentres case un terzo (29,8%) se socializou en castelán, e os bilingües apenas chegan ó 10 por cento. Iso indica que a comezos do século as persoas nadas na cidade aínda aprendían a falar basicamente en galego. A pesar de que, como vimos no capítulo 3, dedicado á historia social do idioma, sobre todo nas clases urbanas máis acomodadas, o galego non semellaba utilizarse na conversa espontánea, a lingua materna desas persoas era maioritariamente o galego. Esta situación é a que atopamos entre os nados ata 1916. No grupo dos nados entre 1917 e 1926 era aínda máis frecuente aprender a falar en galego (44,3%) ca en castelán (40%), pero as diferenzas son mínimas. A partir da década dos 30 os rapaces que nacían nas cidades eran socializados xa cada vez máis maioritariamente en castelán. O galego pasaría así a ser un elemento menor na socialización dos infantes urbanos desde hai bastante tempo e, polo tanto, supoñería desde unha perspectiva global, unha pauta antiga.

Antigos son tamén os comezos da introdución do castelán como lingua inicial do medio rural: o 8,8% dos residentes urbanos nados neste medio ata 1916 aprendía a falar en castelán. Era aínda unha conduta minoritaria, pero xa naquela época comezaba a violación do *código* da que falaba Alonso Montero (1973, 38). Con todo, pode dicirse que esa práctica afectaba no mundo rural a unha parte moi minoritaria da poboación, e seguiu sendo así ó longo de boa parte do século (cfr. SemSoc 1994, 37 e ss.). No caso dos nados no rural que hoxe viven nas cidades, a porcentaxe experimentou crecementos cativos ata os anos 60 (un 17,2% nos nados entre 1957 e 1966), pero dóbrase no período seguinte (30,5% nos nados entre 1967 e 1976). Isto parece indicar que o corte



máis importante na transmisión interxeracional do galego na poboación urbana de orixe rural se produciu coincidindo precisamente con ese período de explosión urbanizadora.

Volvendo ó mundo estritamente urbano, cómpre lembrar que a transmisión interxeracional da lingua nas cidades foi maioritariamente en galego ata aproximadamente a chegada da ditadura de Primo de Rivera. Non afirmaremos que este período influíse directamente na redución da transmisión do galego na cidade, porque coidamos que tales influencias non serían probablemente tan inmediatas nin afectarían a aspectos tan íntimos e privados coma a lingua na que os pais lles falan ós seus fillos. Máis ben pensamos que as dinámicas sociais e demográficas en curso (por suposto cunha base ideolóxica) contribuíron a que os pais deixasen de transmitir ós seus fillos un idioma que probablemente consideraban pouco útil para a súa vida futura.

No período da posguerra parece observarse outra redución substancial da transmisión interxeracional do galego na cidade (do 39,1% nos nacidos entre 1927 e 1936 ó 23,3% nos nacidos entre 1947 e 1956). A pesar da coñecida e comentada represión do período ditatorial franquista, quizais se poida postular que esta cuestión non influíu tan decisivamente, senón que funcionou unha dinámica social en marcha que, desde logo, o franquismo non fixo máis ca alimentar.

O bilingüismo inicial mantívose bastante estable nas súas proporcións a partir de 1916, cando parece experimentar un lixeiro incremento (do 9,7% no último período ó 15,7% no anterior). A partir dese momento, o incremento ó longo do tempo será de apenas 5 puntos, se comparámo-los nacidos entre 1917 e 1926 cos nacidos entre 1967 e 1976. Polo tanto, aínda existindo un incremento do bilingüismo inicial no medio urbano, trátase dun fenómeno de pouca entidade, sobre todo en comparación coas diferenzas correspondentes ás opcións monolingües no mesmo período.

En definitiva, podemos dicir que ó longo do século XX se foi producindo a perda da transmisión familiar do galego

no medio urbano. A comezos deste período a maior parte da poboación nacida nas cidades aínda aprendía a falar maioritariamente en galego, mentres menos da terceira parte se socializaba en castelán. Mais a dinámica social foi marcando a aprendizaxe en castelán, que na preguerra española era xa maioritaria nas persoas de nacemento urbana. A partir deste momento podemos dicir que a socialización dos nados neste medio se fai basicamente en castelán.

Os orixinarios das vilas aprendían a falar en castelán tanto coma os de orixe urbana desde principios de século. O que acontece é que non podemos garantir cal era esa orixe vilega e se diferenzas no lugar de procedencia desa inmigración das vilas ás cidades teñen máis peso có propio feito de que sexa vilega. É coñecido que non tódolos hábitat vilegos presentan as mesmas características históricas, demográficas e sociais. Cada vila ten a súa historia e socioloxía particular, o mesmo que cada cidade. Por iso é perfectamente plausible que a emigración ás sete cidades galegas se producise desde lugares diferentes segundo o período en cuestión. Lamentablemente, non temos información tan precisa da procedencia dos individuos e moito menos —e este é o problema— da historia local de cada unha desas vilas, e polo tanto non podemos valoralo nesgo que iso introduce nos datos. Moito menos precisa aínda é a información que poderíamos recadar de cada un dos lugares de procedencia dos nados nas diversas aldeas e lugares rurais de Galicia, aínda que sabemos por outras investigacións (SemSoc 1994, 1995, 1996) que a situación social do galego ten sido sensiblemente máis homoxénea no medio rural ca no vilego.

Esta maior homoxeneidade rural respecto ás vilas quizais axude a comprender que o aumento da socialización en castelán dos nados neste hábitat sexa progresivamente maior canto menor é a idade, mentres esa regularidade non se cumpre de forma sistemática entre a poboación nacida nas vilas.

### ***Lingua inicial segundo o hábitat de residencia***

A análise por hábitat de residencia reflicte a mesma tendencia a que canto máis urbano sexa o medio, menos presenza teña o galego. Nos barrios periféricos das cidades o galego é a lingua inicial da metade da poboación (50,8%), e o castelán de menos dun terzo desta (31,9%). No centro das cidades, pola contra, os termos invértense: o galego foi a primeira lingua só para o 30,8%, e o castelán para o 52,8%. O bilingüismo inicial é moi semellante nos dous hábitat, aínda que lixeiramente superior no periurbano.

Poida que de entrada as diferenzas resulten maiores do que podería agardarse nun hábitat correspondente a un termo municipal urbano. Porén, cómpre considerar que moitas cidades galegas posúen unha importante masa de poboación que reside neses lugares, ás veces parroquias que están tan afastadas do centro urbano coma algunhas vilas próximas que administrativamente non pertencen a esas cidades<sup>40</sup>. O medio de vida de moitos deses ámbitos considerados periurbanos con frecuencia parécese máis ó vilego e mesmo ó rural ca ó urbano, de aí quizais as notables diferenzas que os comportamentos deses asentamentos teñen respecto ó hábitat tipicamente urbano.

### ***Lingua inicial segundo os estudos***


No que se refire á lingua inicial segundo os estudos, chama a atención como as persoas sen estudos teñen nun 84% o galego como lingua inicial, porcentaxe de procedencia galegófona que entre os diversos grupos sociais só igualan labradores e mariñeiros (véxanse as táboas finais). Non obstante,

---

<sup>40</sup> Entre as sete cidades, algunhas teñen unha porcentaxe moi importante de poboación neste hábitat periurbano, como Pontevedra (co 51,6% das entrevistas neste medio), e noutras, como na Coruña (só o 1,2%), é practicamente nula. O termo municipal de Lugo é tamén basicamente urbano e nos demais a porcentaxe de entrevistas periurbanas oscila entre o 20 e o 30%.

para comprender este fenómeno debemos ter en conta que o 45,5% das persoas sen estudos ten entre 41 e 65 anos e o 52,9% máis de 65 anos. Isto lévanos a pensar que no medio urbano existe unha forte asociación entre lingua inicial, estudos, idade e, en menor medida, clase social. Así, a consideración conxunta de agrupacións destas tres variables dá conta dunha importante cantidade das variacións intergrupais.

Grafico 4.4. Lingua inicial segundo os estudos



Nas persoas sen estudos ou con estudos primarios, o galego volve se-la lingua maioritaria, pero na poboación con formación de tipo medio ou universitario é xa o castelán o idioma no que se socializou a maioría dos residentes urbanos. O grupo de cidadáns sen estudos ou con nivel primario está constituído en boa medida por individuos de idade avanzada e de procedencia máis rural. Pola contra, nos grupos de estudos medios e universitarios a media de idade é máis elevada e a procedencia en maior medida urbana.

Con todo, entre as relacións que se poden establecer coa lingua inicial, a existente coa variable «estudos» presenta un carácter parcialmente diferente, xa que o nivel educativo que alguén consegue na súa vida non depende de condicións intrínsecas, senón da propia evolución persoal do individuo, e

polo tanto debe considerarse unha circunstancia posterior respecto á lingua inicial. As persoas dunha ou outra lingua inicial tiveron posibilidades de realizar estudos de signo diferente. Porén, a lingua inicial socioloxicamente non pode verse en si mesma como un condicionante do nivel de estudos que ese individuo vaia realizar ó longo da súa vida. Pola contra, débese poñer en relación tal variable cunha serie de circunstancias como o seu status social e económico e as expectativas de vida que se lle ofrecen no contorno social en que vive<sup>41</sup>.

### ***Lingua inicial segundo a clase social***

As diferenzas entre clases sociais, como se observa no gráfico 5.6, tamén están moi relacionadas coa lingua inicial. O máis salientable é a forte presenza do castelán na clase media-alta (76,9%). Neste grupo social a aprendizaxe en galego é moi minoritaria, como tamén o bilingüismo inicial, todo o cal parece indicar que naquelas familias urbanas de posición elevada a transmisión do noso idioma está particularmente interrompida. Trátase dunha pauta que oscila tamén en función da idade, pero no caso máis favorable para o noso idioma (maiores de 65 de clase media-alta) nin sequera un de cada cinco teñen o galego como lingua inicial.

Xa que logo, a perda da transmisión interxeracional do galego como lingua materna na clase media-alta urbana produciuse hai xa varias xeracións, e non fai máis ca incrementarse unha tendencia en curso de bastantes décadas de antigüidade, hogano de intensidade moito menor, sobre todo polo reducidas que son as cifras sobre as que poderían operar novas diminucións.

---

<sup>41</sup> Por iso probablemente as correlacións máis altas entre as variables consideradas xorden entre os estudos e a clase social (.407) e os estudos e a idade (-.457). Isto parece indicar que, efectivamente, como apuntamos noutros lugares desta investigación, a medida que a idade diminúe as posibilidades de realizar estudos aumentan. Esta relación entre variables é a máis importante dentro das variables relacionadas coa clase social.

Cómpre sinalar tamén que na clase media-alta aparece unha menor porcentaxe de bilingües iniciais. Por outra banda, as maiores diminucións na transmisión interxeracional do galego prodúcense no paso da clase media-baixa á media e desta última á media-alta, con diferenzas de máis de 15 puntos.

### ***Lingua inicial segundo a clase social ó longo do século XX***

Xa dixemos anteriormente que a relación entre a lingua inicial e a clase social debe ser entendida de forma diferente a outras como o hábitat, xa que non semella lóxico pensar que unha categorización correspondente á idade adulta dos individuos (a clase social) vaia influír na lingua que se adquire cando un é novo, basicamente por transmisión familiar. Poderíase pensar que a lingua inicial é unha variable máis relacionada co nivel social dos pais, pois adoito son estes os que *escollen* a lingua inicial dos seus fillos, pero non posuímos esa información referente ós pais e polo tanto non podemos realizar tal contraste. Por outra banda, hai que considerar que na Galicia urbana contemporánea existiu unha importante mobilidade social, polo que con certa frecuencia individuos de procedencia social baixa tiveron posibilidades de situarse en niveis máis elevados. En consecuencia, a clase actual tampouco ten por que ser un indicador preciso da súa procedencia social.

Xa que logo, a asociación entre lingua inicial e clase social debe entenderse dunha maneira diferente. A lingua na que alguén aprende a falar integra o individuo nun grupo social determinado e, dese xeito, pode levar a ter diferentes posibilidades de proxección e progreso na idade adulta. Neste sentido, as persoas que se socializaron nun determinado idioma, polas circunstancias en que ese grupo desenvolve a súa vida, poden verse condicionadas nas súas posibilidades cara ó futuro. En calquera caso, tomaremos novamente as declaracións dos informantes respecto á lingua inicial segundo a clase social en cada grupo de idade. Así estableceremos

cal era a distribución das linguas cando eles aprenderon a falar, é dicir, dous ou tres anos despois de naceren. Iso vai permitírnos, coas reservas apuntadas, establece-la distribución por clase social en sete períodos diferentes. Para que as afirmacións sirvan para describi-las aprendizaxes propiamente do medio urbano seleccionamos unicamente a poboación nacida neste hábitat.

En principio, como se observa na táboa 4.3, a lingua materna é tanto máis o galego canto máis baixa é a clase social. E esta pauta vale para calquera dos períodos temporais establecidos.

Táboa 4.3. Lingua inicial segundo a clase social e o ano de nacemento (poboación nacida nas cidades)

				CLASE SOCIAL				Total
				baixa	media-baixa	media	media-alta	
ANO DE NACEMENTO	1967-76	LINGUA INICIAL	castelán	52,1%	68,7%	73,3%	84,6%	71,8%
			as dúas	28,2%	18,8%	20,1%	9,4%	19,2%
			galego	19,7%	12,5%	6,6%	6,0%	9,0%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	1957-66	LINGUA INICIAL	castelán	38,7%	62,7%	69,8%	82,6%	67,4%
			as dúas	19,4%	19,3%	17,1%	11,6%	17,5%
			galego	41,9%	18,0%	13,2%	5,8%	15,2%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	1947-56	LINGUA INICIAL	castelán	58,3%	48,1%	60,9%	79,2%	58,4%
			as dúas	20,8%	17,3%	19,3%	15,6%	18,2%
			galego	20,8%	34,6%	19,8%	5,2%	23,4%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	1937-46	LINGUA INICIAL	castelán	33,3%	42,5%	58,2%	80,8%	52,2%
			as dúas	13,9%	15,1%	18,4%	11,5%	16,6%
			galego	52,8%	42,5%	23,5%	7,7%	31,2%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	1927-36	LINGUA INICIAL	castelán	22,9%	30,7%	57,3%	87,9%	44,6%
			as dúas	25,7%	15,3%	18,1%	3,0%	16,4%
			galego	51,4%	54,0%	24,6%	9,1%	39,0%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	1917-26	LINGUA INICIAL	castelán	16,2%	31,0%	56,4%	64,7%	40,2%
			as dúas	16,2%	14,1%	14,5%	29,4%	15,4%
			galego	67,6%	54,9%	29,1%	5,9%	44,4%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	ata 1916	LINGUA INICIAL	castelán	25,0%	14,8%	39,6%	85,7%	29,6%
			as dúas	31,3%	9,3%	4,2%	14,3%	16,4%
			galego	43,8%	75,9%	56,3%		60,0%
		Total		100% *	100,0%	100,0%	100% *	100,0%

\* Frecuencias moi baixas nesta categoría

Pero a perspectiva máis interesante que nos ofrece a táboa é a referente ó momento temporal en que se produce a maior ruptura na transmisión interxeracional do galego en cada unha das categorías sociais.

É ben coñecida a relatividade con que sempre debemos trata-lo concepto de clase social, como se ten comentado en diversos estudos<sup>42</sup>. Por outra banda, xa apuntamos no capítulo dedicado á historia social do idioma que a amplitude, composición e importancia das diferentes clases sociais variou sensiblemente ó longo deste século. O significado social de ser obreiro na Galicia urbana anterior á IIª República era ben diferente do atribuído a este grupo na década dos 70 ou na actualidade. E polo tanto este e outros sectores formantes das diversas clases sociais mudaron sensiblemente ó longo do tempo, do mesmo xeito que estas transformaron a súa composición e natureza. Probablemente, a clase baixa ou traballadora non teña socioloxicamente o mesmo significado hoxe ca hai cincuenta anos. Pero os construtos sociais, como tales, axúdanos a establecer prototipos e esquemas cos que interpreta-la realidade existente. E a iso imos dedicarnos deseguido.

En conxunto, semella que a substitución do galego polo castelán no medio urbano se produciu en períodos diferentes en cada clase social. Por iso, resulta de moito interese precisar cronoloxicamente a cuestión no que ó século XX se refire.

A información que figura na táboa 4.3, correspondente á poboación nacida nalgunha das sete cidades galegas, indica que a clase media-alta urbana de principios de século deixara xa de transmitir-lo galego ós seus fillos. A pesar de que os datos anteriores a 1927 presentan algúns problemas<sup>43</sup>, parece moi probable que nese período a transmisión do galego fose xa realmente testemuñal. Na clase media-alta non se transmitía apenas o galego, e non cremos que se incrementase a súa presenza como lingua inicial a partir de 1916. As baixas por-

<sup>42</sup> Véxase ó respecto SemSoc (1994, 50–51; 1995, 57 e ss.).

<sup>43</sup> As dúas últimas categorías teñen baixas frecuencias en diversas celas.



centaxes indican que se trata dun comportamento social moi frecuente naquel sector de poboación, que quizais nalgúns casos era de orixe foránea e que noutros probablemente xa arrastraba unha tradición de máis de medio século de non transmiti-lo galego ós fillos. Os casos contados de lingua materna galega neste grupo quizais se deban a factores como ascenso na escala social, a seren socializados eses individuos por persoas diferentes dos seus pais ou a algunha outra circunstancia excepcional. Quizais a isto obedezan tamén as porcentaxes de bilingües iniciais que apreciamos no resto das celas correspondentes á clase media-alta ó longo de todo o século. É ben coñecido o papel que as amas de cría e o persoal colaborador na crianza dos nenos desempeñou en familias de posición social elevada ó longo da historia, e non só en Galicia. Así mesmo, é sabido que a familia tradicional galega se caracterizou, e en parte aínda o fai hogano, por reunir con frecuencia nun mesmo fogar tres ou máis xeracións.

Non resulta doado equipara-la definición da clase media urbana galega de principios de século á actual. Por iso non estamos certos de se se pode afirmar que existiu un certo corremento dos comportamentos ó longo do tempo, de xeito que o que era habitual ata unha data para a clase media-alta pasou a selo tamén uns anos despois para a media. O caso é que nesta última os nacidos ata 1916 aínda aprenderon a falar maioritariamente en galego ata 1916 (56,3%), mentres a lingua aprendida ós rapaces no seguinte período considerado era xa o castelán (56,4%). Xa que logo, ou ben este proceso *mimético* funcionou co paso do tempo ou ben esta clase foi obxecto, a partir da xeración nacida entre 1917 e 1926, dos efectos da asociación entre castelán e *ben falar*. Debemos lembrar novamente que os grupos sociais ocupados en funcións relacionadas co aparello do Estado, e nas que este en principio tería máis posibilidades de influír, aumentaron considerablemente a medida que o século avanzaba. A *publicidade pública* da que fala Habermas (1994a) debeu ser moi intensa na transmisión da utilidade do castelán, e da impor-

tancia de que os rapaces aprendesen este idioma xa desde a infancia.

Tamén resulta significativo comprobar como na clase media-baixa urbana o galego deixou de transmitirse sobre todo a partir da posguerra española. O primeiro grupo desta clase que recibe maioritariamente o castelán como lingua inicial é o dos nados entre 1937 e 1946. Polo tanto, pode postularse que serán os nenos urbanos de clase media-baixa da posguerra os primeiros que se socializarán maioritariamente en castelán.

E, finalmente, na clase baixa, o galego será o idioma inicial maioritario ata as xeracións nadas despois de 1967, a das persoas que actualmente teñen máis de 30 anos; é dicir, ata épocas moi recentes. A xeración actual de clase baixa aprendeu a falar xa maioritariamente en castelán (52,1%), e só de forma menor en galego (19,7%) e nas dúas linguas (28,2%).

Observamos algúns outros fenómenos de interese, entre os que destacariámola importante diferenza de galegofalantes iniciais existente no período de 1957 a 1966 entre a clase baixa (41,9%) e a media-baixa (18%), que parece coincidir co punto de inflexión (nos nados entre 1967-1976) a partir do cal xa non se transmitirá o galego maioritariamente nin sequera nas clases máis baixas. Chega un momento onde mesmo os grupos máis baixos da poboación parecen asumir a transmisión do castelán ós seus fillos para desenvolvérense nese medio urbano abrumadoramente castelanizante, e probablemente coa idea de igualarse, aínda que só sexa lingüisticamente, con eles.

### ***Lingua inicial segundo a profesión***

A análise por profesión (cfr. táboa 5 final) permite apreciar como o único grupo profesional que aprendeu maioritariamente a falar en galego é o dos labradores e mariñeiros (84%), mentres menos da metade dos empresarios e autónomos (49,3%), amas de casa (48%) e obreiros (44,4%) son

galegofalantes iniciais. Tamén coidamos conveniente destacar outros grupos ocupacionais, como o dos docentes, que se socializou en castelán no 62% dos casos, ou o dos titulados superiores e medios e os profesionais liberais (76,2%). No primeiro caso, pola influencia sobre o sistema de ensino, que dispón dun persoal que tivo como primeira lingua o castelán, e no segundo polo lastre que supón contar cunhas elites de cadros medios e persoal especializado castelanfalantes iniciais en máis das súas tres cuartas partes. Tamén debemos ter presente que o 72% dos estudantes urbanos é castelanfalante inicial, o que nos fai reflexionar sobre o papel do sistema educativo no medio urbano e sobre o futuro que agarda a unha sociedade na que as súas camadas mellor preparadas proceden dun contorno lingüístico non galego.

### *Lingua inicial segundo o ámbito de adquisición do galego*

Quizais aqueles que definan a lingua inicial como a aprendida na familia durante a primeira infancia consideren unha tautoloxía a asociación que presentamos a seguir, xa que –desde esa perspectiva– quen aprendese o galego na escola ou noutros ámbitos non tería posibilidades de telo como lingua inicial. O 0,1% e o 0,5% de cidadáns de lingua materna galega e que aprenderon esta lingua, respectivamente, na escola e noutros ámbitos, podería ser considerado un importante aval para tal consideración.

Os índices estatísticos apuntan tamén a unha forte asociación entre as dúas variables, aínda que tal asociación non é perfecta. Non toda a poboación que manifesta ter aprendido o galego na familia considera esta a súa única lingua materna. A biunivocidade entre aprendizaxe en galego e na familia mantense só no 52,6% dos casos. Os nenos urbanos, sobre todo nas últimas décadas, teñen contacto e intercambios lingüísticos frecuentes durante os primeiros anos de vida con outras persoas á parte de seus pais: a gardería, outras persoas que os coidan mentres os pais traballan ou os medios de

comunicación que ven e escoitan. E, se na casa lles aprenden o galego, o castelán ben puido entrar por algún deses medios.

Se analizamos unicamente os residentes urbanos nacidos no medio rural, que en principio deberían estar exentos en maior medida do contacto co castelán nos primeiros anos de vida, atopamos que só o 75,8% dos que aprenderon o galego na familia considera esta a súa única lingua materna<sup>44</sup>.

Isto quere dicir, polo tanto, que aprende-lo galego na familia non impide aprender asemade o castelán neste ou noutro ámbito. Non temos datos de onde aprendeu o castelán o 24,8% dos bilingües iniciais e o 25,5% dos monolingües en castelán que aprenderon o galego na familia. Pero estes fenómenos poden estar indicando que os informantes, neste caso urbanos, están relativizando o concepto da lingua na que un aprende a falar. Nun contexto de tan intenso contacto entre os dous idiomas e de ampla intercomprensión entre os dous códigos, probablemente as dúas aprendizaxes, entendidas como proceso de socialización, realízanse de forma simultánea en moitos casos, polo menos cando se transmite o galego na familia. No medio urbano, o contorno encárgase de que a aprendizaxe do castelán se produza –mesmo nunha etapa inicial– como consecuencia do contacto con outros elementos ambientais como os referidos medios de comunicación ou outras persoas alleas á familia que en boa medida falan ese idioma. O sintomático –e preocupante– é que cando o galego non se aprende na familia apenas existen outros resortes que conducen nunha cidade galega a que os nenos adquiran o galego como lingua inicial.

Así mesmo, o feito de que transmiti-lo galego ós fillos como lingua materna non supoña, nas circunstancias actuais, unha eiva para a súa posible aprendizaxe simultánea do castelán constitúe un interesante argumento na promoción do galego. Porque, como temos dito, é moi probable que moitos

---

<sup>44</sup> No conxunto de Galicia, a porcentaxe de poboación nestas mesmas circunstancias sería aínda menor: o 73,9%.


pais teñan educado os seus fillos en castelán precisamente co fin de preparalos para gozaren na sociedade da necesaria competencia dunha lingua que consideraban necesaria. Mesmo aceptando que esa necesidade sexa real na Galicia de hoxe, a análise dos nosos datos revela que nas circunstancias actuais o bilingüismo pasivo estaría garantido sempre que a lingua en que os pais falan ós seus fillos sexa o galego. Outra cousa supón claramente a perda da transmisión interxeracional do galego, sen ningunha vantaxe engadida para a competencia en castelán.

### **Ámbito de adquisición do galego**

Unha lingua non minorizada adquirese normalmente durante a infancia, no seo da familia. Esta institución social é a encargada normalmente de socializar os individuos, garantíndolles dese xeito tanto a espontaneidade na adquisición como importantes vínculos emocionais coa lingua aprendida nos seus primeiros anos de vida, que o seguirán acompañando na súa idade adulta. Esas dúas circunstancias, que fan máis doado e intenso o proceso de adquisición, non sempre aparecen no caso das linguas minorizadas, suxeitas a outros condicionantes e inmersas en situacións parcialmente diferentes.

Como se aprecia no gráfico 4.5, no medio urbano a lingua galega veuse adquirindo ata o de agora maioritariamente no seo da familia. O 70 por cento dos cidadáns galegos atópase nesta situación. De entre as demais institucións socializadoras, a escola semella se-la máis importante transmisora do idioma: o 10,9% dos casos. Pero debemos ter en conta a diferente natureza desta institución. Porque a gran maioría dos escolares non asiste á escola en réxime de internado e polo tanto non bota nela a maior parte do día –aínda que si ás veces moitas horas– e polo tanto non se lle pode atribuír tanta influencia sobre a vida, sobre todo informal, dos rapaces. Por outra banda, acostúmase acudir á escola cando xa está avanzada a aprendizaxe da lingua inicial, e polo tanto esta

Gráfico 4.5. Ámbito de adquisición do galego.



non pode facerse cargo de todo o proceso de aprendizaxe desde o comezo. En terceiro lugar, o contacto lingüístico coa escola é moito máis formal e menos espontáneo có existente noutras relacións, coma as establecidas cos amigos, os veciños ou a familia. Finalmente, non debemos esquecer que a maior parte da poboación careceu de ensino de galego na escola, que data de épocas moi recentes. Por todo iso, como veremos máis adiante, a espontaneidade, a eficacia e a fidelidade lingüística existente na poboación que aprendeu o galego na escola é menor cá da familia, onde emoción e lingua inicial camiñan moito máis próximas.

Fóra da familia, a importancia dos demais dominios como entes socializadores oscila entre o 7% dos amigos e o 2,6% do traballo. En realidade, a natureza destes entes socializadores é tamén bastante heteroxénea, xa que nalgúns casos esa aprendizaxe non se pode realizar ata a idade adulta e necesariamente vai asociada cunha etapa serodia da vida. Así acontece co medio laboral, por exemplo. Por outra banda, en moitos casos é perfectamente plausible que concorran varios destes factores na aprendizaxe, caso dos veciños e os amigos, por exemplo, que poden mesmo estar moi relacionados. Como non se permitiu a multirresposta nesta pregunta consideramos que este argumento pode ser unha razón máis para agrupa-las opcións diferentes da familia e a escola, que teñen

unha presenza bastante definida no proceso de adquisición da lingua e que conectan socioloxicamente con dúas formas diferentes de adquiri-lo galego, ademais de remitiren a fenómenos singulares que describiremos nas páxinas que seguen.

Como era de esperar, e de acordo coas pautas suxeridas anteriormente, a práctica totalidade dos que aprenderon a falar en galego adquiriron esta lingua na familia. Non obstante, a relación entre lingua inicial e ámbito de aprendizaxe xa dixemos que non é biunívoca. Deste xeito, un 38,6% dos castelanfalantes iniciais tamén aprenderon o galego na familia<sup>45</sup>. Para este fenómeno volvemos ofrece-la explicación xa apuntada. Ser castelanfalante inicial, é dicir, te-lo castelán como único idioma no que se aprende a falar, non impide que durante o período que o individuo permanece no seo da familia (que, sobre todo na familia tradicional galega, se prolongaba durante bastantes anos) este poida adquirir tamén o galego. Cremos que a capacidade e a seguridade para fala-lo galego deste sector da poboación non é tan grande coma a dos que aprenderon a falar primeiro en galego.

Táboa 4.4. Capacidade para fala-lo galego segundo o ámbito de adquisición

		SABE FALAR GALEGO		Total
		pouco	bastante-moito	
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	12,1%	87,9%	100,0%
	escola	38,2%	61,8%	100,0%
	outros	44,3%	55,7%	100,0%
Total		21,1%	78,9%	100,0%

En efecto, observamos que a aprendizaxe na familia é a que parece garantir mellor unha certa seguridade dos individuos á hora de falar en galego. Así, saben falalo ben ou moi

<sup>45</sup> As porcentaxes sempre corresponden, loxicamente, á poboación que contestou esta pregunta nalgún sentido. Cómpre lembrar que, sobre todo no grupo dos castelanfalantes, unha parte da poboación considera que nunca aprendeu o galego e que non domina esta lingua.

ben o 87,9% dos que o aprenderon neste eido, mentres a aprendizaxe escolar e noutros ámbitos só parece transmitir esa seguridade ó 61,8% e 55,7% respectivamente, todo o cal non fai máis ca salienta-la importancia da familia como dominio máis eficaz na adquisición do idioma.

### *Ámbito de adquisición do galego segundo a idade*

Existe tamén unha dimensión xeracional no xeito de adquiri-lo galego no medio urbano, fenómeno que pode verse con nitidez nas porcentaxes de adquisición do galego na familia segundo a idade. Así, canto máis novos son os individuos menos frecuente é adquiri-lo galego neste ámbito: 83,6% nos maiores de 65 anos, 78,4% no grupo de 41 a 65, 66,1% no de 26 a 40 e 51,4% no de 16 a 25 anos. A progresión sistemática e a diferenza de máis de 30 puntos entre o grupo máis vello e o máis novo non deixa lugar a dúbidas sobre a veracidade da evolución. A redución da poboación que aprende o galego na familia compénsase no grupo de menor idade pola aprendizaxe na escola (43,1%), e no seguinte (26 a 40), en certa medida, coa aprendizaxe noutros ámbitos (28,2%). Nos dous grupos de máis idade, de por parte, a adquisición na familia é moito máis frecuente (78,4% e 83,6% respectivamente).

Táboa 4.5. Ámbito de adquisición do galego segundo a idade

		IDADE				Total
		16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	+ de 65 anos	
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	51,4%	66,1%	78,4%	83,6%	70,0%
	escola	43,1%	5,7%	,4%	,1%	10,9%
	outros	5,5%	28,2%	21,1%	16,3%	19,1%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%



Pero, tanto estatística como socioloxicamente, o máis importante é o feito de que só o 51,4% de cidadáns entre 16 e 25 anos adquiriu o galego na familia, mentres o 43,1% fíxoo na escola, o que sitúa as dúas institucións sociais nun nivel que en ningunha outra xeración fora tan parello, e eleva a importancia da escola na aprendizaxe do galego a niveis sen precedentes. Este fenómeno supón un dos cambios máis importantes para o status, a transmisión e o uso do galego por parte da poboación. Sobre todo na situación actual, parece claro que é imposible adquirir na escola toda a riqueza polilectal, naturalidade e espontaneidade lingüística que porén transmite a familia. Isto eiva dun xeito fundamental estas persoas para participaren co mesmo éxito nas interaccións espontáneas de tódolos días, e se cadra está facendo que a percepción do seu nivel de lingua por parte dos demais falantes sexa radicalmente diferente. En estudos doutra natureza haberá que contrastar cal é o concepto e a imaxe que esoutros falantes teñen deles, alén desde logo da súa capacidade para interactuaren con éxito en diversos contextos. A artificialidade da aprendizaxe na escola, se esta non se completa con outra máis espontánea, pode ser un impedimento para que ese individuo se desenvolva con éxito e fluidez na interacción social con outros galegofalantes.

### *Ámbito de adquisición segundo os estudos*

Esta análise indícanos que a poboación sen estudos, que –como dixemos anteriormente– ten unha alta media de idade, adquiriu o galego na familia case na súa totalidade (96,4%). Na poboación con estudos primarios interviñeron tamén outros axentes sociais, sen que destaque ningún en particular. A poboación con estudos secundarios, porén, só aprendeu o galego na familia no 57,7% dos casos, mentres o 23,6% o fixo na escola.

Táboa 4.6. Ámbitos de adquisición da lingua e nivel de estudos

		ESTUDOS				Total
		ningún	primarios	secundarios	universitarios	
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	96,4%	80,8%	57,7%	53,2%	70,0%
	escola		3,5%	23,6%	16,6%	10,9%
	outros	3,6%	15,7%	18,7%	30,2%	19,0%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Finalmente, no grupo con estudos universitarios, a porcentaxe dos que adquiriron o galego na familia redúcese a pouco máis da metade (53,2%), mentres o 16,6% o aprendeu na escola e o 11% o fixo na súa relación cos amigos.

Unha análise detallada da capacidade para fala-lo galego e maila lingua habitual segundo os ámbitos de adquisición entre a poboación universitaria sitúanos de novo ante a ineficacia da escola e doutros ámbitos sociais como o dos amigos para garantir unha transmisión eficaz da lingua. Mentres só o 15,5% dos universitarios que aprenderon o galego na familia afirma poder falar pouco o galego, a porcentaxe dóbrase ó 32,2% cando o aprenderon na escola e sobe ó 36,2% cando o fixeron cos amigos. E, se vémo-la influencia do ámbito de adquisición sobre o uso lingüístico, atopamos que mentres só o 10,7% deste grupo de poboación é monolingüe en castelán cando o ámbito de adquisición é a familia, a porcentaxe case se multiplica por cinco no caso da escola (47,8%) e da familia (45,9%).

Táboa 4.7. Capacidade para fala-lo galego e lingua habitual segundo os ámbitos de adquisición na poboación universitaria.


		ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN		
		familia	escola	amigos
FALA O GALEGO	pouco	15,5%	32,2%	36,2%
	bastante	36,2%	37,8%	30,9%
	moito	48,3%	30,0%	32,9%
LINGUA HABITUAL	só castelán	10,7%	47,8%	45,9%
	máis castelán	55,2%	48,5%	44,6%
	máis galego	26,9%	2,5%	6,3%
	só galego	7,2%	1,2%	3,2%

Polo tanto, se de garanti-la competencia e o uso do galego se trata, só a familia parece favorecer esa función cunha aceptable eficacia na Galicia urbana. Naturalmente, o peso e importancia da familia na sociedade urbana de hoxe é diferente da de épocas pasadas e tamén da correspondente á Galicia rural, e se cadra tamén habería que valora-las posibilidades actuais da familia para incidir tan decisivamente na lingua de instalación que os rapaces adoptan na súa mocidade. Son ben coñecidos os casos de pais galegofalantes que non conseguen criar os seus fillos co galego como primeira lingua, debido a circunstancias do contorno familiar, amical e escolar. Neste sentido, non son infrecuentes os casos de nenos que se dirixen en galego unicamente ós seus pais e a persoas de significada constancia no uso do galego, mentres a lingua de comunicación cos seus amigos urbanos, ás veces asemade pertencentes a familias onde o galego está tamén presente, é o castelán, que falan na escola, nos xogos e nas relacións inter-pares. A familia contemporánea non é xa sempre a responsable dos valores e comportamentos básicos do individuo, xa que esoutros axentes exercen con frecuencia unha influencia de relevancia semellante. Por suposto, sen a contribución familiar a vitalidade do galego sería moi inferior, pero cómpre ter unha visión global e ecolóxica do conxunto da situación.

### ***Ámbito de adquisición do galego segundo o hábitat de nacemento***




A análise por hábitat de nacemento (véxase o gráfico 4.6) tamén ofrece algúns feitos salientables. En primeiro lugar, volvemos ver como o hábitat rural é tamén o que mellor garante a transmisión da lingua a través da familia, de xeito que nese hábitat atinxe o 93,3%, máis de 30 puntos por riba do medio urbano (62,4%) e 15 por riba do vilego (66,3%).

Gráfico 4.6. Ámbito de adquisición do galego segundo o hábitat de nacemento.






Pero é tamén interesante comprobar como case dous terzos da poboación de orixe urbana (62,4%) adquiriu o galego na familia. Naturalmente, a lingua transmítese menos no medio urbano ca nos outros, pero isto non obsta para que nacer no medio urbano impida aprende-lo galego no seo da familia. Desde logo, estamos falando de potencialidades, co obxecto de facer ver como sería a Galicia urbana posible en termos lingüísticos, máis que constatando unha situación que está lonxe de se-la ideal.

Como alternativas á perda de transmisión familiar do idioma, a escola desempeña un importante papel entre os nados no medio urbano, mentres outros axentes coma os amigos ou os veciños cumpren esa función tanto no medio urbano como nas vilas (véxanse as táboas finais).



**V**  
**COMPETENCIA LINGÜÍSTICA**



## O estudo da competencia lingüística ou coñecemento da lingua

Nesta investigación alternaremos como sinónimos os termos *competencia lingüística* e *coñecemento da lingua*, basicamente por necesidades expresivas, que por veces levan a considerar e utilizar como sinónimos termos que non sempre se utilizan deste xeito.

O termo *competencia* ten en lingüística unha dilatada tradición. A máis coñecida e citada quizais sexa a asociada á tradición xenerativista. Na terminoloxía da gramática xenerativa, *competencia* designa o sistema de regras interiorizado polos falantes e que constitúe o seu saber lingüístico, mediante o cal poden pronunciar ou comprender un número infinito de frases (Dubois et al. 1993, 120-121). A definición desta competencia sería precisamente o obxectivo da lingüística, que correspondería parcialmente á *lingua* da lingüística estrutural e opoñeríase á *actuación*, relacionada esta última cos diversos usos da lingua nos actos de fala. Coa evolución do xenerativismo imos vendo como xorde, entre os obxectivos da investigación e a exposición, a distinción entre *competencia gramatical* e *competencia pragmática*. A primeira restrinxiríase ó coñecemento da forma e do significado e a segunda ó coñecemento das condicións e maneiras apropiadas de utilización segundo o propósito de que se trate (Chomsky 1981, 169). Con todo, esta apertura do modelo chomskyano á com-



poñente pragmática non implica a perda da autonomía formal e substantiva da gramática nin a existencia dunha competencia que englobe o compoñente sintáctico, semántico e pragmático.

Esta apertura do termo competencia a novos factores está sen dúbida relacionado coas críticas que recibiu desde a súa aparición a competencia chomskyana. Entre elas, quizais a máis influínte e difundida fose a realizada por Dell Hymes desde a etnografía da fala, ó expresa-la necesidade de substituír este termo por *competencia comunicativa*, que coñecería a súa máxima expansión no ámbito da sociolingüística, da pragmática e mesmo na psicolingüística. Hymes (1974) considera que a *competencia* chomskyana non toma en consideración factores fundamentais da comunicación lingüística —é dicir, os *actos de fala*— en toda a súa amplitude e importancia. Porque o falante debe dispoñer non só dun sistema de regras fonolóxicas, sintácticas e semánticas como as chomskyanas senón tamén das necesarias regras situacionais relativas á situación na que realiza os seus actos de fala. Trataríase logo dunha ampliación da competencia ó eido da pragmática.

Esta *competencia comunicativa* de Hymes ten tamén implicacións no eixe multilectal, xa que supón a capacidade do individuo para interactuar en diferentes subsistemas dialectais, sociolectais ou estilístico-funcionais, ademais de en determinados contextos situacionais (Hymes 1974, 1471-1472).

Este marco teórico ten atopado unha boa recepción entre investigadores de procedencia e intereses diversos, entre os que cómpre salientar Halliday (1976), Dittmar (1976, 162 e ss.) ou Lyons (1977, 573 e ss.), alén doutros autores como Habermas ou van Dijk. Este último (van Dijk 1972, 331) considera que a competencia comunicativa é adquirida nun contexto histórico-social, e que só desde este pode exercerse, mesmo se os interlocutores parecen moverse na esfera da privacidade.

Semella que este marco conceptual da competencia comunicativa foi o que deu lugar a maiores desenvolvementos,

por exemplo, desde o ámbito da sociolingüística interaccional e da análise da conversa. Autores como Gumperz (1972) teñen caracterizado a competencia comunicativa, fronte á competencia chomskyana, como todo aquilo que un falante necesita saber para comunicarse eficazmente nun determinado contexto cultural.

Entre as diversas propostas realizadas para refina-lo concepto *competencia comunicativa* destaca a de Canale & Swain (1980), que a subdivide en catro tipos: competencia gramatical (máis ou menos coincidente coa competencia chomskyana), competencia sociolingüística (capacidade para axeitarse ás variedades lingüísticas e ó contexto dun determinado feito discursivo), competencia discursiva (capacidade para mante-la coherencia e cohesión textual de acordo co tipo de discurso) e a competencia estratéxica (todo tipo de habilidades verbais e non verbais que permiten solucionar problemas comunicativos).

Así mesmo, foi asumida como hipótese de traballo por boa parte da lingüística aplicada, que a someteu a diversas reformulacións (Castellà 1992, 103-113). Por outra banda, ten presentado interese en relación coa competencia comunicativa a visión dos propios falantes de cada comunidade ou grupo social do que significa *falar ben* (Fillmore 1979, 93). A este respecto tamén cómpre destaca-las consideracións de Berruto (1995, 84-85), que reflexiona sobre a imposibilidade de controlar desde a sociolingüística tódolos factores que poden influír na competencia lingüística.

En calquera caso, logo desta exposición queda claro que ningunha das diferentes definicións e usos dados ó termo *competencia comunicativa* que acabamos de ver se axeitán a utilización máis xeral e se cadra menos matizada que nós utilizaremos na nosa investigación.

Tampouco podemos dicir que exista unha elaboración teórica expresa máis acabada para o termo *coñecemento lingüístico/da lingua* tal como o utilizaremos para os nosos propósitos. En principio, a definición e delimitación dos aspec-

tos referentes ó *coñecemento* corresponde a disciplinas filosóficas como a *teoría do coñecemento*, *crítica do coñecemento*, *gnoseoloxía* ou *epistemoloxía* (Ferrater Mora 1991, 597 e ss.). Como tal, este problema presenta unha amplitude case ilimitada, na medida en que tódolos filósofos desde o comezo da historia se teñen ocupado dunha categoría tan universal como *coñecer* e os aspectos que esta comporta, e que poden levarnos a preguntas tan amplas e complexas como a propia definición do termo *realidade*. Tamén desde a socioloxía, téñense producido múltiples contribucións ó que se deu en denominar *socioloxía do coñecemento*. Con todo, ningunha destas achegas ten relación directa co noso campo de estudo. Por iso, e dadas as limitacións físicas e conceptuais dunha investigación como a nosa, obviaremos esta interesantísima pescuda para centrarnos nos aspectos máis próximos ós obxectivos centrais desta tese.

Haugen (1987, 15) diferencia unha escala na que o punto máis elevado estaría representado pola *native competence* e o máis baixo pola *zero competence*. Trátase dunha escala gradual sen liñas de división evidentes na que, non obstante, coida que podemos establecer niveis arbitrarios. Tamén se refire este autor á avaliación a que os educadores someten habitualmente os alumnos en canto á súa habilidade lingüística, en catro aspectos: comprensión, fala, lectura e escritura. Este modelo procedente do mundo educativo pode servírnos de referencia para avaliala competencia desde a nosa perspectiva.

No dominio hispánico a etiqueta máis habitual quizais sexa precisamente *coñecemento*, nas súas diversas equivalencias nesas linguas<sup>46</sup>, aínda que nalgunhas ocasións aparece como etiqueta sinónima *competencia* lingüística. Así ocorreu no Mapa Sociolingüístico de Galicia, onde este termo foi o escollido mesmo para o título do primeiro volume do MSG (1994). Buscando equivalencias nunha lingua como o inglés,

---

<sup>46</sup> Véxase, por exemplo, Reixach (1990).

quizais a etiqueta que máis se aproxima a este valor sexa *language skills*, que de feito aparece en diversos estudos sobre multilingüismo desde unha perspectiva macrosociolóxica realizados en todo o mundo, ó lado doutras posibilidades máis xerais como *language ability* (de Vries 1990, 62-63). Tanto *skills* como *ability* poderían corresponderse na tradición galega con *habelencia* (ou *habilidade*), termo repetidamente utilizado por Rubal, Arza & Veiga (1991, 1992a, 1992b) nos seus traballos.

Polo tanto, o significado da nosa competencia e coñecemento da lingua ten que ver cunha variable de autoestimación da capacidade para empregar-lo idioma. Nela o informante debía situar a súa capacidade para entender, falar, ler e escribir en galego nunha escala que inclúe as categorías *nada*, *pouco*, *bastante* e *moito*. Sabemos, polo tanto, que se trata dunha autoavaliación e non dunha constatación directa, e que detrás dela poden estar latexantes, como de feito analizaremos de forma puntual nalgúns casos, factores actitudinais ou doutro tipo que distorsionen a *realidade* obtida nunha observación directa dos fenómenos. Porén, nun estudo destas características, no que se recolleu información dunha mostra tan ampla, non é posible proceder doutro xeito.

### A competencia lingüística no medio urbano

O primeiro indicador que atopamos nesta sección é o nivel de comprensión do galego. E podemos dicir claramente que é practicamente total no conxunto do medio urbano. O 95,2% da poboación afirma que entende moito ou bastante o noso idioma, mentres un 4,5% afirma entendelo pouco e só un 0,2% di non entendelo nada.

Cunha metodoloxía de recollida da información como a utilizada neste estudo non é posible coñecer cales son as dificultades de comprensión que a lingua galega presenta. En principio, podemos pensar en que se trate de problemas para entender-lo galego de persoas con variedades lingüísticas máis

afastadas dos estándares orais coñecidos por un falante urbano, nomeadamente variedades habituais en determinadas zonas rurais ou en áreas diferentes das máis familiares para os habitantes das cidades. En segundo lugar, podemos supoñer que o modelo de lingua dos medios de comunicación, outro dos referentes habituais do *bo galego*, presente dificultades para algunhas persoas alleas, por exemplo, á creación de neoloxismos ou a determinados campos léxicos propios de supostos específicos. En terceiro lugar, podemos pensar en que existan, especialmente no medio urbano que estamos a analizar, persoas tan desconectadas dos círculos galegofalantes, que lles resulte estraño e mesmo inintelixible por veces o idioma galego, fenómeno dificilmente crible nunha sociedade galega dos anos 90 que asistiu á introdución do noso idioma no ensino, no mundo cultural e social e, sobre todo, nos medios de comunicación que, masivamente, chegan a tódolos fogares do país. En último lugar, podemos supoñer que se trate de persoas nadas fóra de Galicia e que, unha vez chegados ó país, non estiveron en suficiente contacto co noso idioma como para enténdelo aceptablemente. A escasa distancia interlingüística existente entre os dous idiomas, unida á ampla presenza social do galego fan dificilmente posible esta última hipótese como explicación xeral desa porcentaxe, salvo en casos moi puntuais de estranxeiros que unicamente se relacionan con xente non galega e que dificilmente se mesturan con persoas do noso país.

En calquera caso, cos medios utilizados nesta investigación non é posible determinar a que corresponde exactamente a resposta daqueles que afirman entender pouco ou nada o galego. Outras metodoloxías, como a utilizada por Ramallo e Rei-Doval (1995, 1997), permiten tirar algunhas conclusións de interese ó respecto, que alí poden atoparse analizadas, pero das que aquí prescindiremos.

A capacidade para falar en galego, a competencia oral activa, é unha habilidade tamén moi estendida, aínda que non tan xeneralizada coma a pasiva. Comprende-la variedade oral

da lingua precisa unicamente dunha actitude pasiva, pero o coñecemento activo desta supón, como dixemos, dominar unha máis ampla serie de habilidades, ademais dunha maior implicación no comportamento, xa que precisa dunha práctica, esporádica ou non, desa variedade.


Certamente, podemos describi-los niveis de competencia de diferentes maneiras, por separado cada un dos valores ou agrupándoos de diferentes maneiras segundo o propósito que persigamos. En principio, pensamos que a forma máis áxil de analiza-la competencia é a partir da distinción dicotómica entre *competencia* e *non competencia*. Este será o achegamento máis habitual nesta investigación, tras agrupar *pouco* e *nada* baixo por unha banda e *bastante* e *moito* pola outra. Pero, para comezar, e co fin de realizar unha descrición máis pormenorizada dos diferentes niveis de coñecemento, imos detalla-las porcentaxes correspondentes a *pouco* e *ningún* dominio. Con esta perspectiva abordaremos unha primeira aproximación ós diferentes niveis de competencia lingüística en galego<sup>47</sup>.

Acabamos de dicir que a porcentaxe de poboación urbana que afirma entende-lo galego bastante ou moito é o 94,5%,

---

<sup>47</sup> Naturalmente, pódese pensar que sería aínda máis detallada a descrición considerando as catro posibilidades de resposta por separado e describindo así os fenómenos globais desde esa visión máis ampla. Non obstante, desde a perspectiva da análise dos datos cremos que non achega demasiados matices tal presentación da información, e pode mesmo priorizar información que, no fondo, ten que ver basicamente cun carácter máis asertivo. Ás veces, coidamos que falantes cun bo nivel de coñecemento optan pola opción *bastante* en lugar de *moito* simplemente porque presentan unha menor asertividade ou unha maior prudencia. Este feito coidamos que non é equiparable ó paralelo nos niveis de *pouco* vs. *ningún* dominio. Neste partimos da dicotomía entre a negación total ou non do fenómeno, mentres no anterior o que hai é unha maior ou menor intensidade baixo as etiquetas *bastante* e *moito*. Repárese en que esta última non indica *dominio pleno*, senón simplemente *dominio maior* cá opción precedente. Por este motivo, pensamos tamén que nestas catro variables é especialmente pouco apropiado o seu tratamento como intervalos: non podemos garantir que a distancia e situación duns valores a outros sexa da mesma envergadura, aínda que sen dúbida existe unha relación de orde ascendente entre os catro valores.

Gráfico 5.1. Competencias orais e escritas en galego



mentres un 5,3% sente que o entende pouco e unicamente o 0,2% di non entendelo nada. Esta porcentaxe é moi indicativa de ata que punto en Galicia, mesmo no medio urbano onde en principio menos se fala, unha situación diferente de uso preferente do galego non presentaría grandes dificultades de cara á intercomunicación entre a poboación. Aínda que non posuímos información tan detallada coma a nosa noutras comunidades con lingua propia, nin sequera as de España, podemos afirmar que este fenómeno non se dá no País Vasco nin tampouco en Cataluña<sup>48</sup>, onde importantes bolsas de inmigrantes se concentran precisamente nas áreas metropolitanas de cidades como Barcelona, integradas en parte na sociedade e a cultura catalá, pero non da mesma maneira cós castelanfalantes de procedencia galega que na Galicia urbana servirían de contraste.

No que se refire á capacidade declarada para fala-lo galego, as diferenzas son moito máis notables e pronuncia-

<sup>48</sup> Este fenómeno, non desde a perspectiva urbana, pero si desde un prisma global, parece recibir confirmación do estudo de Siguán, coord. (1994, 14), onde se reflicte que Galicia é a comunidade de España onde menos xente (1%) declara non coñecer-la lingua da comunidade.

das. Tres cuartas partes da poboación urbana (75,6%) declara que o sabe falar, a maior parte do resto afirma ter un coñecemento reducido (20,3%) e só un 4,1% di non poder expresar-se en galego.

O dominio do galego falado é maior entre os labradores (97,7%), os mariñeiros (91%), os obreiros (84,1%) e os empresarios (82,9%). Pola contra, os grupos ocupacionais con menor dominio do galego son os individuos na procura do primeiro emprego (61,7%), o persoal con titulación superior ou media (66,3%) e os profesionais liberais (64,5%).

A asociación parece facilmente identificable: se o galego non se aprende na infancia a competencia para falalo na idade adulta diminúe, e se non se practica habitualmente acontece o mesmo, sobre todo tendo en conta que a actual sociedade da comunicación e consumo promove basicamente o castelán. Aqueles grupos sociais que estiveron menos en contacto co galego na súa infancia, ou que viviron en lugares onde o galego non estaba tan presente, manifestan dominar menos a nosa lingua ca outros grupos sociais<sup>49</sup>.

Pola súa banda, as capacidades da lectura e a escritura están moito menos estendidas no medio urbano galego. No

---

<sup>49</sup> Outra das variables explicativas de importancia é o hábitat. Na nosa investigación o hábitat de residencia corresponde ós sete termos municipais galegos prototipicamente urbanos, polo que a heteroxeneidade na residencia é cativa. Con todo, unha análise polo miúdo do lugar de residencia e de nacemento dos informantes permite apreciar algunhas diferenzas. No referente ó de residencia, globalmente o dominio do galego falado é máis alto entre os habitantes das áreas periféricas das cidades de tipoloxía rural (87,3%), e diminúe nas cidades de menos de 100 mil habitantes (75,1%) e aínda máis nas dúas cidades maiores (71,6%). Polo que respecta ó hábitat de nacemento, a progresión é sistemática: canto máis rural é este, máis dominio do galego falado teñen os informantes. Se observamos dun xeito máis detallado a procedencia dos informantes, considerando a zona de Galicia na que naceron, apreciamos novos matices. Así (aínda que por veces o número de celas con frecuencias esperadas menores ca cinco superan o límite do desexable) os nacidos na zona de Ferrol parecen dominar menos o galego cás persoas nadas en hábitat equivalente noutros lugares (rural-1: 88,8%; rural-1 área Ferrol: 83,3%; rural-2: 93,2%; rural-2 área Ferrol: 84,7%).



caso da lectura, son pouco máis da metade os que manifestan posuír un dominio efectivo desta, mentres só un de cada tres galegos manifesta que sabe escribir no noso idioma. Ademais, os que non saben ler nada en galego apenas son un de cada dez cidadáns galegos, mentres no caso da escrita un terzo da poboación está nesta situación. Obviamente, a complexidade da escritura é sempre maior cá da lectura e en condicións sociais e ambientais semellantes, esta sempre vai presentar máis dificultades ca aquela.

### **Competencia lingüística segundo a lingua inicial**

Unha primeira ollada á situación da competencia lingüística segundo a lingua inicial mostra varios aspectos de interese. Se utilizamos, co fin de simplificala descrición, o *dominio efectivo* para analiza-los fenómenos principais, observamos que a comprensión do galego é practicamente total na poboación urbana (táboa 1, p. 475).

Non resulta estraño que, como dixemos, nunha comunidade onde conviven dúas linguas moi semellantes e cunha doada intercomprensión, mesmo o 90,4% dos castelanfalantes iniciais urbanos afirmen que entenden (bastante ou moito) o galego. Así mesmo, as porcentaxes entre os monolingües e bilingües son próximas ó 100%. Os exiguos cocientes restantes probablemente están relacionados con cuestións actitudinais diversas, que tampouco temos garantías de que non aparecesen dalgunha forma nunha comunidade monolingüe. Moi probablemente estean relacionadas coa percepción do modelo estándar e dalgunhas das súas particularidades, como xa comentamos. Quizais estes factores estean tamén moi relacionados con ese case 10 por cento de castelanfalantes que din entender pouco ou nada o galego. Un estudo detallado das actitudes lingüísticas, sobre todo realizado desde unha perspectiva microsociolingüística, permitiría afinar máis tales precisións.

Nas destrezas escritas, os galegofalantes iniciais presentan os niveis de competencia máis baixos (cfr. táboas 3-4, pp.

477-478). No caso da lectura, o máis elevado é o dos castelanfalantes (59,3%), aínda que moi próximo ó dos bilingües (58,7%), e case dez puntos superior ó dos galegofalantes (50,8%). Pola súa banda, na competencia escrita o nivel de coñecemento máis elevado é o dos bilingües iniciais (38%), catro puntos superior ó dos castelanfalantes (34,2%) e quince ó dos galegofalantes (23,4%).

Na capacidade para falar, as variacións son maiores (cfr. táboa 2, p. 476). En principio parece plausible que as persoas que se socializaron en castelán non teñan a suficiente soltura para expresarse en galego. Mais non estamos certos se da mesma maneira ca nos bilingües iniciais. Se realmente os bilingües aprenderon galego e castelán nos seus primeiros anos de vida e consideran que as dúas son linguas iniciais, resulta estraño que non dominen na idade adulta un deses idiomas, neste caso o galego. Neste punto volvemos topar co concepto de lingua inicial, ó que xa nos referimos no capítulo 4. Se a aprendizaxe do galego se realizou na infancia, e na entrada na puberdade existe un dominio semellante dos dous idiomas, ¿cal pode se-la razón que faga perde-lo dominio dese idioma na idade adulta? Temos experiencia de persoas afastadas do ámbito territorial de Galicia durante tempo como consecuencia da emigración que, logo de retornaren, seguen sendo capaces de falar galego con soltura. Por iso semella estraña esta dificultade cando o 87,4% aprendeu o galego na familia, o 69,4% viviu sempre en Galicia e a media de anos fóra dos que marcharon é bastante baixa. Entre as características do seu perfil social cómpre salientar que o 46% ten estudos primarios, o 32,9% secundarios e o 88,9% é de clase media ou media-baixa. Como dato adicional que dá proba de que unha parte desta poboación si podería conversar con soltura en galego digamos que o 5,8% fala sempre en galego. En definitiva, é evidente que estamos traballando non coa constatación da competencia lingüística senón coas declaracións dos informantes sobre esa cuestión. Polo tanto, os datos deben ser tomados sempre coa necesaria cautela e,

en xeral, cremos que poden reflectir uns niveis de competencia en galego inferiores ós que obteríamos se fixésemos unha investigación experimental. Naturalmente, un traballo desas características dificilmente podería levarse a cabo cunha mostra tan ampla, e polo tanto as posibles conclusións que obteríamos non terían as suficientes garantías para poder facerse extensibles ó conxunto da poboación. É ben sabido que, durante anos, unha das características que teñen definido a conciencia lingüística dos galegos é a baixa autoestima, tamén no que se refire á autoavaliación do seu propio dominio do idioma<sup>50</sup>, se cadra alimentada pola carencia dun estándar e polo fenómeno do multidialectalismo.

A capacidade para falar baixa sensiblemente entre os monolingües en castelán, mesmo por baixo da súa capacidade para ler. Este dato rompe a sistematicidade do carácter acumulativo das destrezas lingüísticas<sup>51</sup>, que se cumpre no resto dos casos. Esta secuencia cumprírase en principio en calquera idioma que non convivise no seu territorio con outro cunha distribución disimétrica. Nunha sociedade monolingüe, normalmente, a aprendizaxe da fala é un feito marcado case pola necesidade de falar, e o seu dominio non é un plus engadido senón unha cuestión imperiosa. Agora ben, a aprendizaxe da lectura e da escritura, como códigos substitutorios da lingua humana, acostuma estar máis desenvolvida naquelas camadas de poboación que tiveron máis acceso e oportunidades de estudar.

Esa sería a secuencia nunha situación monolingüe ou nunha situación bilingüe na que existe distribución funcional entre os idiomas en contacto. Pero tal situación dista de se-la

---

<sup>50</sup> Aínda que os datos non son da mesma natureza nin obtidos na mesma área xeográfica, en SemSoc (1993, 164) reflectíase como só o 27,2% da poboación da comarca de Ferrol estimaba que o seu galego era moi bo, bo ou regular.

<sup>51</sup> Fishman (1991, 43-44) fala dunha «implicational scale» entre a comprensión, a capacidade para falar, a lectura e a escritura, que afectaría ós falantes de xeito que «those whose highest attainments come later in the list can be assumed to be in control of the earlier attainments as well» (ibíd. 44).

galega, como podemos apreciar nas táboas 2 e 3 (pp. 476-477). O dominio do galego oral baixa sensiblemente na poboación socializada en castelán (57%) e, porén, é esa poboación precisamente a que máis domina a lectura en galego (59,3%).

En efecto, a medida que o galego está máis presente como lingua materna, curiosamente, menos dominio existe da súa lectura (táboa 3), e na escritura (táboa 4) o dos galegofalantes iniciais (23,4%) é sensiblemente menor ó dos outros dous grupos (38% nos bilingües e 34,2% nos monolingües en castelán)<sup>52</sup>. Este feito, aparentemente contradictorio, necesita unha explicación.

Táboa 5.1. Lingua inicial segundo o nivel de estudos

		LINGUA INICIAL			Total
		castelán	as dúas	galego	
ESTUDOS	ningún	,8%	2,2%	10,9%	4,6%
	primarios	35,5%	48,1%	70,0%	49,7%
	secundarios	32,0%	26,4%	10,6%	23,5%
	universitarios	31,8%	23,3%	8,6%	22,2%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Se ollámo-la táboa anterior, observamos como o nivel de estudos dos galegofalantes iniciais é diferente do dos castelanfalantes e mais dos bilingües. En principio, canto menos presente está o galego na lingua materna, máis nivel de estudos existe. As diferenzas son de moita envergadura: o 70% dos galegofalantes urbanos ten estudos primarios e o 10,9% non ten estudos, mentres os castelanfalantes posúen nun 32% estudos secundarios e nun 31,8% estudos universitarios, e a poboación con estudos primarios é xusto a metade (35,5%). A posición dos bilingües iniciais é intermedia entre estas dúas<sup>53</sup>.

<sup>52</sup> Unha distribución moi semellante pode apreciarse tamén no conxunto de Galicia. Cfr. SemSoc 1994, 79-80.

<sup>53</sup> Para máis detalles, véxase o capítulo 4, dedicado á lingua inicial.

Todo isto non quere dicir que exista unha causalidade sociolóxica entre ter poucos estudos e aprender a falar en galego. Trátase unicamente dunha causalidade estatística, relacionada co feito sociolóxico de que os galegofalantes iniciais proceden en maior medida do medio rural, onde tradicionalmente as posibilidades de estudar eran menores ca na cidade. Por iso os grupos sociolingüísticos de lingua inicial son heteroxéneos en diversos aspectos sociais<sup>54</sup>. Os galegofalantes iniciais urbanos, no seu conxunto, teñen un menor nivel de estudos, unha idade máis avanzada e pertencen a unha clase social máis baixa.

Estas circunstancias explican en boa medida por que os que máis falan galego son precisamente os que menos o saben ler e escribir. Por outra banda, as destrezas teñen un carácter case sempre acumulativo, como en principio sería esperable: o 97,3% dos que o saben escribir declaran sabelo ler e o 91,4% sabelo falar. En principio suponse que o acto de escribir nunha lingua implica que se pode ler con soltura. Con todo, nalgúns falantes pode estar pesando o feito de que na lingua escrita, sobre todo a literaria, ás veces non entenden determinadas palabras de utilización restrinxida no uso corrente. Así mesmo, dadas as condicións particulares en que viviu o galego no medio urbano pode darse a circunstancia de que alguén teña a capacidade para expresarse por escrito en galego pero non teña suficientemente desenvolvida a súa fluidez para interactuar na conversa espontánea, como require falar unha lingua. En calquera caso, a porcentaxe deste fenómeno no medio urbano, en principio o que máis o podería favorecer no contexto galego, é abondo reducida (8,6%) como para evitar maiores comentarios.

---

<sup>54</sup> Esta circunstancia foi tamén notada por Fishman en repetidas ocasións. Véxase, por exemplo, Fishman (1991, 59), onde se fai referencia á *social dislocation* e ó poder desigual que caracteriza os falantes de linguas minorizadas. Por outra banda, a perspectiva de que existen diferenzas de poder social e educativo entre uns grupos lingüísticos e outros ten sido analizada por Williams (1992). Cfr., desde a perspectiva europea, Euromosaic (1996).

Os totais de competencia lectora e escrita en galego seguen resultando un tanto reducidos en calquera dos grupos de lingua inicial, considerando a cativa distancia entre o castelán e o galego —e a conseguinte escasa dificultade de pasar dun código escrito ó outro— e que o medio urbano se caracteriza pola masiva presenza de mensaxes escritas cos máis diversos supostos. Aínda que hoxe en día, trece anos despois de seren recollidos os datos (1992), probablemente existan máis mensaxes en galego, non estamos certos de se iso redundaría nun aumento realmente importante desta competencia. Desde unha perspectiva máis ampla, hai que lembrar que a aprendizaxe da lectoescritura normalmente se fixa no ámbito escolar e que o galego non comezou a ensinársese de xeito xeneralizado ata 1983, trala aplicación sistemática da lexislación sobre o ensino da lingua galega, que arrincou co coñecido como «decreto de bilingüismo» de 1979.

Xa que logo, precisamos máis referencias temporais para pescudar con maior profundidade no impacto que o ensino do galego tivo sobre a aprendizaxe lectoescrita do noso idioma. Así e todo, podemos analiza-la eficacia do sistema educativo para este fin estudando unicamente a poboación que cursou galego na escola. Pero antes de entrar nesa análise temos algúns outros aspectos máis por estudar na mostra xeral.

### **Competencia lingüística segundo a lingua habitual**

No que se refire á lingua habitual, observamos como nos monolingües en castelán o nivel de comprensión é do 82,8%, o único das catro categorías que se sitúa por baixo do 95%, e 13 puntos por baixo dos bilingües que usan preferentemente este idioma. Xa vimos que a porcentaxe de informantes que declaran entender pouco ou nada o galego é moi cativa. Entre os subgrupos que declaran unha comprensión baixa este é quizais o máis significativo pola importancia que podería ter que un grupo lingüístico estivese á marxe da lingua galega. Por iso quixemos sabe-la dimensión das difi-

cultades de comprensión que manifesta este sector da poboación urbana.

A nosa hipótese de partida, avalada pola experiencia directa da interacción con diversos tipos de castelanfalantes habituais urbanos, é que non existen problemas no intercambio de información se un falante usa sistematicamente o galego e outro o castelán, salvo que se trate dun individuo acabado de chegar a Galicia e con pouca ou ningunha disposición para integrarse na comunidade de acollida<sup>55</sup>. Non obstante, cómpre analiza-los datos que posuímos co maior coidado e detalle posible.

Por todo o anterior procedemos a contrastar diversos indicadores de uso deses castelanfalantes iniciais. Así, e grazas ás inesgotables posibilidades de contraste do noso banco de datos, escollemos nove variables que nos pareceron significativas<sup>56</sup> de interaccións comunicativas habituais —ademais do ámbito de adquisición do galego— e que darían pistas sobre a presenza do galego na vida e/ou no pasado lingüístico do individuo. O sentido deste contraste é que unha persoa que aprendeu o galego, por exemplo na familia, dificilmente pode considerarse, en sentido estrito, que non o entende. Do mesmo xeito, un individuo que escoitaba falar a seus pais en galego ou que utiliza este idioma durante a entrevista tampouco parece que se poida pensar que non o entende<sup>57</sup>. Xa que logo,

<sup>55</sup> Entre os demais grupos sociais, só observamos como os nados fóra de Galicia afirman nun 86,1% entender moito ou bastante o galego. En conxunto, podemos dicir que este grupo, xuntamente cos monolingües habituais en castelán e persoas que aprenderon a falar noutra lingua diferente do galego e o castelán, é o que declara entender en menor medida o galego.

<sup>56</sup> Ámbito de adquisición da lingua; lingua do pai co entrevistado; lingua da nai co entrevistado; lingua dos pais entre si; lingua do lugar de traballo; lingua nas discusións; lingua(s) observada(s) no ámbito familiar polo entrevistador; lingua(s) observadas no ámbito relacional polo entrevistador e lingua utilizada polo informante durante a entrevista.

<sup>57</sup> Pode considerarse que, se nos encontramos avaliando linguas cunha menor proximidade e maior dificultade de aprendizaxe, quizais se poida da-la circunstancia de que alguén se exprese no idioma que non é o seu pero que, por

seleccionámo-lo total de informantes urbanos que din falar sempre en castelán e entender pouco ou nada o galego (304 casos). E procedemos a ver se, nas interaccións ou situacións descritas nas que eles participaban, como emisores ou como receptores, se utilizaba de xeito preferente o galego. Así mesmo, no caso do ámbito de aprendizaxe consideramos que aqueles que afirmaban ter aprendido o galego nalgún dos ámbitos podían entender esta lingua. Pois ben, deses 304 casos, 288 asistían a intercambios lingüísticos onde o galego era a lingua única ou preferente e 7 dos restantes afirmaban que aprenderan o galego nalgún dos ámbitos relacionais considerados. Xa que logo, só 9 informantes non tiñan en principio contacto habitual co galego nas situacións comunicativas establecidas e, en consecuencia, podía postularse que poderían non entende-lo galego. Este número de informantes supoñen o 2,96% desa submostra do 17,4% de castelanfalantes que non entendían o galego e, en conxunto, supoñen o 0,1% do total da mostra urbana.

Isto lévanos a considerar, de acordo con tendencias xa suxeridas nas investigacións do MSG, que a porcentaxe de non-comprensión do galego, xa de seu mínima –sobre todo se a comparamos coa existente noutras linguas minorizadas– é aínda máis insignificante do que en principio reflicten as porcentaxes globais de dominio efectivo presentadas na información xeral.

Por outra banda, a competencia oral activa está moi asociada á utilización real do galego. Mentres só o 33,1% dos

---

dificultades de carácter fonético, de entoación ou, en xeral, coa variedade oral desa lingua, non entenda un discurso espontáneo nesoutra lingua. Este pode se-lo caso dun falante de galego que está a aprender inglés e é quen de producir secuencias e mesmo levar unha conversa básica nese idioma, pero pérdese cando un falante nativo lle comeza a falar en inglés coa fluidez e a velocidade habituais na conversa oral espontánea. Con todo, esta situación non parece aplicable ó caso galego, onde a lingua do país presenta unha forte proximidade ó castelán e cando existe un hábito pasivo de escoita-lo noso idioma practicamente en calquera zona do país, en especial trala difusión dos medios de comunicación que se expresan na lingua nacional.




monolingües en castelán afirman saber fala-lo galego, a porcentaxe nos bilingües que utilizan preferentemente o castelán sobe ó 73,8% e nos que utilizan preferentemente o galego ó 98%, puntuación moi próxima á dos que o utilizan sempre (99,6%). Xa que logo, a ausencia de uso total do galego leva os informantes urbanos a sentírense pouco seguros na súa práctica lingüística: o descenso de máis de 40 puntos entre bilingües con uso do castelán e monolingües neste idioma, e de case 25 entre os dous grupos de bilingües, son ben eloquentes ó respecto. En efecto, a práctica do idioma adoita axudar a sentirse máis seguros á hora de falalo. No caso do galego urbano, a maior diferenza está entre non falalo e fala-lo esporadicamente e, en menor medida, entre esta conduta e o uso preferente. Pouca máis seguridade achega falalo preferentemente ou de xeito exclusivo, porque a práctica é xa abondo habitual como para que o informante se sinta seguro da calidade do seu galego.

Así e todo, considerámo-las porcentaxes de competencia declarada bastante favorables para a situación do galego, sobre todo se temos en conta a tendencia da nosa poboación a infravalora-las súas capacidades. Desde a comparación con outras situacións lingüísticas minorizadas (cfr. Euromosaic 1996), podemos dicir que o galego se encontra con potencialidades abundas para recuperar boa parte dos seus falantes nun período de tempo non excesivamente longo. O investimento en formación semella menos custoso ca na práctica totalidade desoutras situacións de minorización lingüística.

As competencias escritas, porén, non presentan este tipo de distribución (gráfico 5.2), xa que os máis competentes para ler e escribir en galego son os bilingües, tanto os que usan preferentemente o galego coma o castelán, por riba dos dous grupos de monolingües e, o que é máis significativo, dos monolingües en galego. Con todo, as porcentaxes só superan a metade dos casos na lectura: os bilingües que falan máis castelán saben ler en galego no 63,4% dos casos e os que falan máis en galego no 54,8%. Entrementres, sabe escri-

Gráfico 5.2. Competencias efectivas segundo a lingua habitual



bir en galego só o 39,8% dos que falan máis castelán e o 26,5% dos que falan máis galego. Xa comentamos anteriormente a tipoloxía social dos bilingües e castelanfalantes iniciais fronte ós monolingües en galego e o maior nivel educativo e social dos primeiros fronte ós segundos. O argumento é parcialmente válido tamén para a lingua habitual, aínda que temos que considerar que neste caso probablemente existan outros factores que deben ser tidos en conta. En primeiro lugar, como se pode observar no capítulo dedicado á lingua habitual, aínda existindo unha asociación importante, a lingua inicial non coincide coa habitual en diversos aspectos. En segundo lugar, pode estar influíndo en parte o feito apuntado a respecto das competencias orais: a falta de práctica diaria do galego nos monolingües en castelán pode facelos dubidar das súas aptitudes, feito incrementado se cadra por actitudes menos positivas cara á lingua<sup>58</sup> neste sector da poboación. Quizais o recoñecemento da competencia oral en galego dáse

<sup>58</sup> A este respecto pode verse, desde a perspectiva do conxunto de Galicia, SemSoc (1996).

como algo máis espontáneo, adquirido de forma inconsciente e sen que teña excesivas vinculacións con factores de identificación ou conciencia lingüística, mentres as competencias escritas son con frecuencia resultado, ou ben da súa adquisición na escola na poboación máis nova, ou ben dun interese particular polo galego na maioría da poboación. E é evidente que ese interese existe menos entre os monolingües en castelán ca no resto da poboación. Neste sentido, os bilingües en castelán (e, en menor medida, en galego) combinan un status social que favoreceu máis o contacto coa cultura e o mundo escrito coa práctica e a identidade lingüística do galego<sup>59</sup>, fronte ós monolingües en castelán. As diferenzas na competencia escrita a favor dos bilingües que falan máis castelán respecto ós que falan máis galego cremos que poden ser explicadas basicamente polas notables diferenzas de nivel de estudos, idade —e, polo tanto, aprendizaxe do galego na escola— existentes entre estes dous sectores de poboación<sup>60</sup>.


### Competencia lingüística segundo a idade

A tendencia analizada anteriormente, tendo en conta que se estudase ou non galego na escola, é paralela á distribución da competencia lingüística en función da idade (gráfico 5.3). Deste xeito, a capacidade para falar aumenta en 15 puntos entre as persoas de 16 a 25 anos (69,7%) e os maiores de 65 (84%). Con todo, as diferenzas máis importantes aparecen nas competencias escritas, xa que as distancias entre os gru-

<sup>59</sup> Aínda que os datos non deben considerarse concluíntes ó respecto, á hora de contesta-la pregunta «¿quen é máis galego?» o 17,4% opina que «quen fala galego», mentres a porcentaxe correspondente entre os monolingües en castelán é unicamente o 9,1%. As dos que falan máis galego (16,7%) e só galego (16,1%) son moi semellantes.

<sup>60</sup> Os bilingües que falan máis castelán nun 39,2% teñen máis de 41 anos e nun 29,8% de 16 a 25, fronte a un 65,9% e 8,7%, respectivamente, no grupo dos que falan máis galego. Ademais, o 38,8% dos que usan máis o castelán teñen, como máximo, estudos primarios, mentres a porcentaxe correspondente nos que usan máis o galego é o 73,8%.

Gráfico 5.3. Competencias efectivas segundo a idade



pos de 16 a 25 e 26 a 40 anos son de 40,7 puntos na capacidade para ler e de 55,4 puntos na capacidade para escribir.

De quitado na comprensión, que é moi similar en calquera dos grupos de idade, os mozos urbanos menores de 26 anos presentan porcentaxes moi semellantes nos diferentes niveis de dominio. A pesar de que, como dixemos, polo xeral as destrezas asociadas á competencia lingüística son acumulativas (é dicir, saber falar implica entender, ler implica falar, e escribir ler) neste segmento de poboación urbana son máis os que o poden ler cós que o poden falar. Parece ser que os diversos procesos de adquisición que se dan nos individuos que viven neste medio favorecen a aprendizaxe formal tanto ou máis cá adquisición espontánea da lingua. Isto enténdese tendo en conta a diminución do uso habitual do galego na xente máis nova, en especial nos menores de 26 anos, que vai acompañada dun intenso proceso de aprendizaxe da variedade escrita da lingua.

Este fenómeno apréciase dun xeito máis intenso na variable referente á competencia escrita. Pódese aprender a ler en galego sen a necesidade dunha aprendizaxe dirixida e pro-

gramada, pero a escritura precisa dun maior control por parte de axentes externos, sobre todo o escolar. Así, compréndese que do 66,4% de mozos de 16 a 25 anos que saben escribir en galego pasemos ó 33,1% no grupo de 26 a 40 e que cheguemos a unicamente o 8,7% nos maiores de 65 anos. Hai que considerar novamente o feito, xa comentado, de que o hábitat de nacemento, e por tanto de socialización na maior parte dos casos, non foi o mesmo nos grupos de idade máis vellos ca nos máis novos. Entre os menores de 26 anos naceu no medio urbano o 77%, pero no grupo de 26 a 40 son xa pouco máis da metade (o 56,6%), e nos maiores de 65 anos baixan ata o 39,4% (táboa 5.2). Entrementres, a porcentaxe de nados no medio rural incrementase de xeito paralelo, pasando do 7,6% no grupo dos máis novos ó 43,4% no dos máis vellos.

Táboa 5.2. Hábitat de nacemento por grupos de idade

	Urbano	Vilas	Rural	Fóra de Galicia
16-25	77,0%	2,9%	7,6%	12,5%
26-40	56,6%	8,8%	22,6%	12,1%
41-65	47,0%	9,5%	34,7%	8,7%
+ de 65	39,4%	9,4%	43,4%	7,8%

Todas estas circunstancias axudan a explicar ó noso entender a proximidade dos graos de dominio e que, tamén neste caso, o grupo de 16 a 25 anos presente un nivel de competencia oral cinco puntos inferior ó da competencia lectora, e só un pouco superior á competencia escrita. Polo tanto, este grupo de idade, o que menos sabe falar e menos fala galego, é precisamente o que mellor di saber lelo e escribilo. Ademais, as diferenzas con respecto ós outros grupos de idade son bastante notables, sobre todo no caso da escrita, onde a competencia efectiva deste sector de poboación é xustamente o dobre (66,4%) da que presenta o grupo de 26 a 40 anos (33,1%). Estes datos formulan un dos paradoxos máis particulares da situación sociolingüística galega: o grupo de idade

máis novo é o que mellor competencia lecto-escrita e actitudes presenta<sup>61</sup>, pero é tamén o que menos sabe falar e fala en galego. Unha perspectiva desde a planificación lingüística, que non é a que corresponde aquí, debería considerar en profundidade estas circunstancias para formular un máis efectivo programa de actuación sobre o status e mailo prestixio da lingua galega.

Nos demais grupos de idade, as catro destrezas presentan xa un carácter acumulativo. No de 26 a 40, a capacidade para falar distánciase bastante da comprensión (máis de 20 puntos), pero nos outros dous as liñas correspondentes a competencias orais por un lado e escritas polo outro comezan a separarse dunha forma importante. Isto é consecuencia da tradicional dicotomía entre lingua oral e lingua escrita<sup>62</sup>, que como vemos se está a igualar nas xeracións máis novas como consecuencia dos importantes cambios ocorridos nos dous tipos de destrezas.

Así mesmo, cómpre salienta-los baixos niveis de competencia escrita nos grupos de maior idade, sobre todo no de maiores de 65 anos, no que é practicamente nulo (8,7%). Esta circunstancia alimenta a caracterización tradicional da poboación galega como analfabeta no seu idioma na variedade escrita e perfecta coñecedora deste na oral, malia o baixo nivel de autoestima.

### **Competencia lingüística segundo a clase social**

A seguir imos referirnos ós fenómenos máis importantes que afectan á distribución das competencias lingüísticas segundo a clase social.


En conxunto, podemos dicir que mentres a capacidade para falar diminúe canda a clase social, o dominio da lectura

---

<sup>61</sup> Sobre as actitudes da poboación galega, e a súa mellora a medida que a idade é menor, véxase SemSoc (1996).

<sup>62</sup> Véxase ó respecto Rei-Doval (1996, 160-169).

Gráfico 5.4. Competencias efectivas segundo a clase social



e a escrita seguen unha pauta inversa. En efecto, na clase baixa o 81,6% da poboación pode falar con soltura o galego, porcentaxe moi semellante á que atopamos na clase media-baixa (79,6%); a partir de aí atopamos xa maiores diminucións, na clase media (73,7%) e, sobre todo, na media-alta (62,4%). Como se verá no capítulo dedicado á lingua habitual, ámbalas variables están fortemente asociadas, e esta asociación pode apreciarse tamén ó analízalas segundo a clase social.

Porén, a evolución das competencias escritas é a contraria: o seu aumento canda a clase social. Como analizaremos en detalle máis adiante, as oportunidades de acceso á cultura teñen sido moito maiores nos estratos altos da poboación e ese factor é máis importante có feito de falar ou domina-la variedade oral desa lingua. Por iso, paradoxalmente, os que menos saben falar e falan o galego son tamén con frecuencia os que mellor o saben ler e escribir. As diferenzas entre os estratos de poboación extremos son de máis do dobre na escritura (21,9% fronte ó 43,9%) e de case trinta puntos na lectura (45% fronte ó 71%). Pero ese paradoxo desaparece cando, como facemos no lugar pertinente, analizámo-lo nivel de estudos e clase social dos galegofalantes. Máis adiante

veremos como esta situación cambia na poboación que estudou galego na escola, que ten unha media de idade inferior e que viviu unhas circunstancias sociais diferentes e non tan duras para a supervivencia do noso idioma nacional.

Finalmente, cómpre dicir que o carácter acumulativo das competencias se rompe unicamente na clase media-alta, onde a porcentaxe de competencia lectora é superior á capacidade para fala-lo galego. A esta cuestión volverémonos referir máis adiante.

### **Competencia lingüística segundo os estudos**

A análise por estudos permite apreciar grandes diferenzas entre uns grupos e outros (véxanse as táboas finais 2-4). En principio, resulta esperable que aconteza isto no que se refire ás competencias escritas, para as que as persoas sen estudos en principio non recibiron educación regrada<sup>63</sup>. Por iso nada hai de estrañar no escaso 2,1% de persoas sen estudos que afirman poder escribir en galego.

Algo semellante pode dicirse respecto ó 15,2% de persoas sen estudos que pode ler en galego. En principio semella máis doado chegar a ler un idioma grazas a unha aprendizaxe autodidacta que chegar a escribilo. Por outra banda, ese grupo sen estudos presenta tamén un dominio practicamente pleno das competencias de carácter oral. Iso fai que exista unha dualidade moi acusada entre uns usos e outros<sup>64</sup>. No resto dos niveis educativos, a diferenza vai diminuindo progre-

---

<sup>63</sup> Cómpre lembrar que no grupo «sen estudos» tamén se incluiron os individuos escolarizados ocasionalmente algúns meses soltos durante un ano ou máis. Esta situación era moi frecuente na primeira metade deste século en Galicia. Por outra banda, nada exclúe que parte da poboación aprendese a ler e escribir (en galego) fóra do ensino regrado, aínda que esta situación probablemente afectase a sectores minoritarios da poboación.

<sup>64</sup> Os estatísticos correspondentes ó cruzamento por estudos indican que existe unha maior asociación entre as variables respecto ó que acontecía no caso da clase social. Así mesmo, pode apreciarse tamén que esta asociación é gradualmente máis intensa na escala entender-falar-ler-escribir.



sivamente conforme aumentan estes. Con todo, debemos volver lembrar que a poboación de estudos medios e universitarios procede nunha medida moito maior das cidades, e que as circunstancias ambientais e sociais nas que se produciu o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe son bastante diferentes dos individuos con estudos primarios ou sen estudos, grupos, de por parte, constituídos en moita maior media por persoas de idade avanzada.

No grupo de estudos universitarios (e case tamén no de estudos medios) as competencias deixan de ser acumulativas, ó apareceren de novo índices de lectura superiores ós do dominio oral.

En conxunto, observamos como as diferenzas na competencia lectora son superiores ós 60 puntos entre os extremos da escala, mentres na escritura suman 50 puntos. Poucos cruzamentos atoparemos nos fenómenos e variables analizadas onde as diferenzas sexan tan acusadas como as que aquí aparecen. Iso indica que, como volveremos ver máis adiante, as competencias relacionadas coa lectoescritura en galego teñen máis que ver coas particularidades da habilidade en cuestión do que coa lingua de referencia desta.


### **Competencia lingüística segundo se estudase galego na escola**

Un dos fundamentos básicos da presenza do galego no sistema educativo é que no remate do ciclo educativo exista unha igual competencia en galego e en castelán<sup>65</sup>. Este feito ten unha especial importancia nunha comunidade como a nosa, onde o galego, como é sabido, estivo ausente da vida pública durante séculos, e onde ata 1983 non principiou o seu

---

<sup>65</sup> Este fenómeno foi estudado por Rodríguez Neira, coord. (1998, esp. 27-34), onde se pode apreciar que tal igualdade non existe unha vez rematado o ensino secundario, cando eses alumnos entran na universidade. Nese momento a competencia en galego é moita menos ca en castelán.

Gráfico 5.5. Competencias lingüísticas segundo se estudase ou non galego na escola



ensino xeneralizado no sistema escolar<sup>66</sup>. Por iso queremos dedicar tamén atención á influencia que este ensino regrado do galego exerceu sobre as competencias lingüísticas, tanto orais como escritas.

Como pauta xeral, cómpre dicir que o feito de estudar galego na escola incidiu dun xeito distinto sobre a adquisición da competencia oral e a lectoescrita. Os actuais métodos e programas de aprendizaxe da lingua priman dunha maneira evidente a adquisición da variedade escrita do idioma, a pesar do interese de moitos sistemas de renovación pedagóxica e os correspondentes métodos de ensino da lingua pola competencia comunicativa, baseada en patróns de corte oral. Non obstante, quizais axudados tamén pola constatación empírica dun aceptable dominio oral da lingua galega por parte da poboación, xunto coa necesidade de extensión da norma escrita da lingua, de fixación aínda recente, a maior parte destes métodos de ensinanza baseáronse na procura de comprensión e produción de textos escritos.

<sup>66</sup> No capítulo dedicado ós usos escolares farase un seguimento máis detallado da situación da lingua galega no ámbito educativo.


Este sistema de ensinanza contribuíu en certa medida a mante-la tendencia a que a maior competencia oral apareza na poboación que non estudou galego na escola, que se manifesta máis segura para falar esta lingua (o 76,5% dos casos), fronte ó 72,6% nos que non estudaron galego na escola. Con todo, sobre estas porcentaxes está pesando de forma decisiva a maior idade dos que non estudaron galego na escola, e polo tanto un maior nivel de uso e competencia oral en galego, como acabamos de ver.

Porén, a tendencia nas competencias escritas é de signo contrario. Mentres saben ler o 76,7% e escribir o 66,6% dos que estudaron galego na escola, entre os que non o estudaron as porcentaxes redúcense ó 48% e o 20% respectivamente. Nestes últimos, un interese persoal e unha aprendizaxe autodidacta, ou ben a asistencia a cursos de galego, poderían ter que ver co dominio da variedade escrita do galego.

A análise do grupo dos que non estudaron galego na escola pero que dominan bastante ou moito a capacidade para escribilo indica que só o 36,3% deles realizou cursos fóra da escola. Iso obríganos a buscar outras explicacións para poder comprender mellor tal fenómeno. Os estudos poderían ofrecer unha posible vía de explicación, na medida en que posuír unha alta capacitación académica induza a sentirse capaz de escribi-lo galego. Efectivamente, cumprindo as condicións anteriores témo-lo 43% de persoas de formación universitaria, pero tamén o 36% de individuos con estudos primarios. Os datos da clase social dan lugar a unha distribución que permite explicar mellor esta cuestión, xa que o 72,1% son persoas de clase media ou media-alta. Se cadra, pertencer a un grupo social prestixiado leva a sentirse capaz de escribir en galego, aínda que non se seguise a disciplina da súa aprendizaxe no sistema escolar nunha porcentaxe moi elevada.

Porén, malia a mellora da competencia na poboación que estudou galego na escola respecto ó conxunto da poboación e o beneficioso efecto que iso supuxo para a lingua galega, a eficacia desta medida tampouco foi plena. Así, seguen exis-

**Gráfico 5.6.**  
**Lectura e escritura (efectiva) en galego segundo os estudos na**  
**poboación que estudou galego na escola: diferenzas segundo os**  
**anos de ensino do galego recibidos.**



tindo aínda porcentaxes importantes de ausencia de dominio efectivo destas capacidades<sup>67</sup>.

Por iso quixemos saber se unha aprendizaxe do galego non esporádica no ámbito escolar beneficia substancialmente ese dominio. No gráfico 5.6 comparámo-la porcentaxe do conxunto da poboación que estudou galego na escola coa dos que prolongaron esa aprendizaxe durante máis de 5 anos. O resultado é que as porcentaxes melloran, pero as diferenzas non son de envergadura.

Semella preocupante que só o 67,7% da poboación de estudos primarios que cursou galego na escola durante máis de 5 anos declare que pode ler correctamente nesta lingua e que unicamente o 51,1% dela diga que o sabe escribir. Tendo

<sup>67</sup> Quizais para realizar un contraste máis preciso fose útil poder comparar-lo dominio da lectura e escritura en galego coas correspondentes en castelán. Pero os datos que posuímos, neste aspecto, só recollen información sobre a lingua galega.

en conta a relativa proximidade entre ámbolos dous sistemas escritos e entre as dúas linguas, este fenómeno parece sintomático do grao de efectividade que o ensino do galego escrito tivo ata o de agora. Cómpre volver lembrar, ademais, que a adquisición da capacidade lectora e escrita é, de acordo cos currículos, a que máis atención recibiu. Podemos argüír que a escola por si soa non pode garantir un dominio pleno do galego falado, xa que esta habelencia require unha práctica e un uso en contextos informais que non acostuman producirse na escola. Pero tal limitación non é extensible á lectoescritura, que se adquire sobre todo a través de ensino regrado, aínda que obviamente unha utilización fóra deste contorno potencia e incrementa a efectividade da aprendizaxe formal<sup>68</sup>.

<sup>68</sup> Sobre a importancia da escola nos procesos de substitución lingüística e a súa reversión, teñen especial interese, ó noso entender, as reflexións de Fishman (1991, especialmente 368-380: «Limitations on School Effectiveness in Connection with Mother Tongue Transmission»). Na opinión deste autor, como xa apuntamos no capítulo VIII, a escola por si mesma non pode revertela substitución lingüística, nin se lle pode atribuír-lo papel de lograr vencer procesos que noutros ámbitos da sociedade non se están vendo favorecidos. En palabras de Fishman (ibíd. 373):

«threatened mother tongues and co-mother tongues require even more societal pre-school, out-of-school and after-school linkages and reinforcements if they are to become self-maintaining with the entire Xmen-via-Xish idea and lifestyle. (...) [Bonds of identity] depend much more basically on out-of-school factors than on in-schools factors, that is, out-of-school factors provide the strongest affective and instrumental reinforcements for taking that extra-step from funtional mastery and language spread to the discharge and transmission of the affect-identity-societal bonding mother-tongue *per se*.»

Aínda que as palabras de Fishman están enfocadas basicamente á transmisión da lingua e á lingua de uso habitual, cremos que as consideracións son perfectamente válidas para as competencias escritas. A competencia lectora e escrita poderíase mellorar máis doadamente se os alumnos e a poboación nova tivesen máis necesidade de ler e escribir en galego. Mentres a aprendizaxe estea vinculada basicamente a unha materia que hai que superar no currículo, a eficacia da aprendizaxe non mellorará substancialmente. Do mesmo xeito que a aprendizaxe de certas habilidades matemáticas diminuíu nos últimos tempos, desque a utilización de computadores e calculadoras suplen moitas desas necesidades básicas, saber ler e escribir en galego con frecuencia non serve máis que para aproba-la materia de lingua e literatura galegas, porque o neno non ten a necesidade de utilizar esa variedade escrita con eficacia na sociedade civil ou

Pero, na situación actual, nin sequera entre os grupos de maior instrución (universitarios) a competencia lectora e escrita son plenas, xa que os individuos con este nivel de estudos que cursaron galego na escola durante máis de 5 anos len con fluidez neste idioma nun 88,1%.

Esta situación é particularmente grave no caso das persoas con estudos primarios. En realidade, a desvantaxe deste grupo social é importante respecto ós demais. A análise conxunta da competencia e a lingua habitual do grupo que estudou galego na escola máis de 5 anos e ten estudos primarios non permite obter respostas concluíntes no medio urbano, posto que os galegofalantes urbanos que cumpren esas condicións constitúen un grupo bastante reducido. Aínda con tales reservas, cremos que non é a lingua habitual a que estimula ou contribúe a esas baixas porcentaxes. Quizais un menor trato e familiaridade co texto escrito neste grupo de poboación e recibir menos estímulos desde o mundo da cultura impresa poida estar relacionado coa menor competencia escrita en galego deste sector da poboación<sup>69</sup>.

En definitiva, semella necesario un esforzo suplementario do sistema educativo e do conxunto da sociedade galega para garanti-la aprendizaxe da variedade escrita do noso idioma.


### **Competencias efectivas segundo a lingua inicial na poboación que estudou galego na escola**

No cruzamento anterior temos que destacar, por unha banda, a igualación das porcentaxes na competencia lectora e escrita. As diferenzas que viamos no conxunto da poboación, relativas a que os monolingües iniciais en galego eran os que

---

no terreo laboral. Este terreo da interacción entre os diversos ámbitos de actuación social promete ser un dos máis interesantes cara ós novos retos da planificación da lingua galega.

<sup>69</sup> Trátase de circunstancias que non podemos contrastar suficientemente con datos da nosa mostra, polo que deixaremos tales afirmacións como posible hipótese que nestes momentos non pode ser verificada.



presentaban menor competencia escrita aquí desaparecen<sup>70</sup>. Como apuntabamos anteriormente, as diferenzas de competencia teñen como primeiro condicionante as condicións sociais e oportunidades de aprendizaxe da poboación. Así é, neste grupo, onde este se iguala ó tratarse de poboación toda ela escolarizada, as diferenzas entre os grupos de lingua inicial son mínimas, e sempre as opcións máis galegófonas presentan puntuacións lixeiramente superiores. Non excluímo-la posibilidade de que nalgúns casos poida existir mesmo unha maior conciencia lingüística na poboación socializada en galego, pero cremos en calquera caso que o indicador fundamental é o feito de ter cursado materias de lingua galega no sistema escolar.

Si é moi importante o descenso da competencia oral entre os bilingües (82,8%) e os monolingües iniciais en castelán (64,6%). O sistema escolar, como apuntabamos anteriormente, non parece ser na actualidade un axente eficaz

<sup>70</sup> De feito, xa vemos que no caso da lectura a maior parte dos estatísticos presentan puntuacións non significativas. E, na escritura, os estatísticos, aínda sendo significativos en varios casos, teñen unha rendibilidade menor.

para garanti-lo bo dominio oral do galego cando o cidadán non procede dese fondo lingüístico.


Por outra banda, nos monolingües iniciais en castelán volve detectarse o carácter non-acumulativo das competencias lingüísticas, xa que poden ler e escribir en galego mellor do que falar esta lingua. Entrementres, nos bilingües mantense ese carácter acumulativo, pero as diferenzas entre unhas capacidades e outras redúcense bastante. No que se refire ós monolingües en galego, hai que destaca-la inseguridade que caracteriza unha parte dese sector de poboación: só o 64,5% afirma poder escribir con garantías no seu idioma materno. Admitindo a posibilidade de que algúns deles se incorporasen tarde á aprendizaxe formal do galego, parece mesmo así que a eficacia das aulas de lingua galega presenta aínda lagoas importantes, e aspectos que deberían ser revisados para conseguir un ensino realmente galego, eficaz e de calidade.

### **Competencias efectivas segundo a lingua habitual na poboación que estudou galego na escola**

O gráfico 5.8, que presenta a relación entre as competencias efectivas e a lingua habitual na poboación urbana, pon de manifesto varias cuestións de interese. En primeiro lugar, segundo se deduce dos estatísticos correspondentes, a variable que está máis asociada coa lingua habitual é a capacidade para falar. Xa se observaba o mesmo fenómeno na poboación xeral e, en principio, parece comprensible que a práctica dunha lingua teña relación coa habilidade para falala. Aquilo que se exercita pouco pode resultar por veces difícil. Neste caso, unha cuarta parte dos que falan preferentemente castelán afirman non saber falar ben en galego. Porén, o feito de usar ás veces o castelán, cunha conduta bilingüe que dá preferencia ó galego, non inflúe na falta de dominio do galego. O dominio diminúe sensiblemente nos monolingües en castelán (50,4%), aínda que non tanto coma no conxunto dos monolingües en castelán urbanos (lembremos, 33,1%). Isto




Gráfico 5.8. Competencias efectivas segundo a lingua habitual (poboación que estudou galego na escola)



pode permitírnos afirmar que introduci-lo galego no sistema educativo non é un traballo espurio e intranscendente, senón que contribúe á mellora da competencia naqueles casos en que non existía o seu uso. Desde logo, se estes datos confirman a realidade da competencia, parece que hai que reforza-las estratexias de aprendizaxe nos individuos castelanfalantes. Tal cometido non é superfluo para garanti-lo igual dominio do galego e o castelán cando remate o sistema de educación obrigatoria.

Cómpre indicar que o carácter acumulativo das competencias tampouco se mantén nalgúns destes grupos sociais: os castelanfalantes habituais –tanto monolingües como bilingües– aínda que si nos galegofalantes. A razón é novamente a baixada da competencia oral e asemade o relativo mantemento da escrita nos castelanfalantes. Ó mesmo tempo, os galegofalantes presentan uns niveis de competencia oral do cen por cen, o que supón un feito excepcional entre tódolos grupos analizados ata o de agora.

Gráfico 5.9. Competencias efectivas segundo os estudos (poboación que cursou galego na escola)



### Competencias efectivas segundo o nivel de estudos na poboación que cursou galego na escola

Xa vimos que o nivel de estudos influía sobre o dominio efectivo do galego, sobre todo no que se refire á lingua escrita. Pero ó seleccionar nesta análise unicamente os individuos que estudaron galego na escola estamos homoxeneizando o perfil medio dos informantes. Así, todos eles tiveron contacto co ámbito escolar e mailo ensino da lingua galega, comparten así mesmo unha época histórica moi próxima: o período posterior á introdución do galego no ensino, e posúen polo tanto unha idade bastante parella. É, xa que logo, un grupo onde desaparecen boa parte dos factores disgregadores e se refórzan as semellanzas.

En primeiro lugar, se ollámo-los estatísticos, observamos que os cruzamentos onde existe unha maior asociación son os referentes á lingua escrita<sup>71</sup>. Efectivamente, atopamos que as

<sup>71</sup> Aínda que normalmente guiámo-las verificacións estatísticas para o conxunto do medio urbano polos datos que achegan os índices de carácter nominal (V de Cramer) e, cando é posible, ordinal (tau, gamma), nesta sub-

diferenzas na competencia oral activa non son estatisticamente significativas, a pesar de que as porcentaxes aumentan progresivamente canda o nivel de estudos, cunha diferenza entre o grupo con estudos primarios (70,8%) e os universitarios (75,3%) de case cinco puntos. Neste caso, pensamos que ó tratarse dunha competencia non directamente vinculada á aprendizaxe escolar –polo menos tal como está formulado o sistema de ensino (vid. supra)– tampouco existe significación sociolóxica no cruzamento.

Tendo en conta os comentarios realizados máis arriba sobre o nivel de non-comprensión, cremos que socioloxicamente o máis interesante son as variables relativas á lingua escrita. A pesar de que, sobre todo na universidade, non se ensina dun xeito explícito a lingua galega nin a súa presenza é especialmente importante<sup>72</sup>, si se pode manter que existe unha relación entre a práctica prolongada da lectura e a escritura –polo menos esporádica– en galego e un incremento da seguridade na avaliación de tales competencias. Ó mesmo tempo, esta práctica –con todo o esporádica que poida ser– vai poñendo o estudante en contacto cada vez cun maior nivel de maior dificultade conceptual, e probablemente vai facendo baixa-las precaucións que a poboación ten con certos niveis de lectura, con frecuencia non tanto pola súa dificultade intrínseca coma polo descoñecemento desta e os posibles problemas que poida presentar.




Sen excluí-la existencia doutros factores de difícil detección nunha investigación destas características, pensamos que a anterior pode ser unha explicación plausible para dar conta

---

mostra de poboación que estudou galego na escola o número de casos redúcese sensiblemente, a menos de 2.000 casos, o que pode facer máis fiables probas como o  $\chi^2$ . De feito, podemos observar que na análise das competencias segundo os estudos tanto os niveis de relación entre variables como as marxes de significación coinciden. Neste sentido, cremos que resulta fiable a non-significación na variable «capacidade para falar».




<sup>72</sup> Véxase Rodríguez Neira & López Martínez (1988), Rodríguez Neira, coord. (1998), Lorenzo et al. (1999).

de por que a poboación escolarizada ata o nivel primario co galego como materia de estudo presenta niveis de dominio efectivo da lectura (63,6%) e a escrita (48,7%) sensiblemente inferiores ós da poboación con estudos secundarios (76,4% e 68,4% respectivamente), e estas pola súa vez cos universitarios (85,3% e 75%). A pesar de que a progresión é sistemática nas dúas variables, as diferenzas son maiores entre a poboación urbana con estudos primarios e a de nivel secundario. Así mesmo, parece que a asociación entre os estudos e a competencia é maior na capacidade para escribir ca para ler. O carácter acumulativo das competencias tampouco se mantén en ningún dos niveis de estudos, seguindo tendencias xa vistas anteriormente, salvo na poboación con estudos primarios. Este fenómeno ten que ver coa redución das porcentaxes de competencia oral activa nos outros dous grupos.



## **VI**

### **LINGUA HABITUAL E USOS ESCRITOS**



## O estudo do uso lingüístico

Dentro da nosa investigación dedicaremos unha atención especial a todo o relacionado co uso lingüístico. En principio, o termo *uso lingüístico* aparece con diferentes acepcións na investigación sobre as linguas e pode facer alusión tanto ó corpus coma ó status do idioma, é dicir, tanto á forma como á función que desempeña unha lingua nunha determinada sociedade.

Inicialmente, o termo *uso* utilizábase na tradición gramatical para referirse ó emprego medio que os falantes fan da lingua, e que se tomaba como referencia para determinala corrección lingüística (Lázaro Carreter 1984, 402) ou, segundo outros autores, o conxunto de regras gramaticais relativamente estabilizadas e utilizadas polo maior número de falantes nun momento dado e nun contexto social determinado (Dubois et alii 1993, 607). Naturalmente, sobre este paradigma ten habido na lingüística sucesivas achegas e novas definicións, entre as que quizais a máis divulgada sexa a utilización que Hjelmslev fixo do termo como oposto a *norma*.

Pero as acepcións que aquí nos interesan son as que medraron no ámbito da sociolingüística. Para non estender esta reflexión máis aló do razoable, imos quedarnos coa utilización máis próxima ó tipo de estudo que realizamos aquí. Trátase do concepto de uso adoptado por Fishman (1964) que, porén, pode rastrexarse de forma parcial xa en autores como Schmidt-Rohr (1933) aplicado á realidade alemá.



Fishman estableceu a noción de *ámbito de uso* aplicada a situacións de multilingüismo, tratando de explica-las variacións que se producen neses contextos. E con ese obxectivo estableceu espazos como a familia, a escola ou o rueiro. *Ámbito de uso* é un construto teórico de corte sociocultural, unha abstracción que reúne o conxunto de situacións de interacción humana, agrupadas arredor do mesmo campo de experiencia e unidas por unha serie de obxectivos e obrigas compartidas (cfr. Boix & Vila Moreno 1998, 86). Os ámbitos de uso permiten distinguir entre o comportamento particular de cada individuo e o comportamento teoricamente esperable segundo as normas do grupo ó cal pertence e responderían ás realidades socioculturais de cada grupo humano. Así mesmo, os elementos que definen os ámbitos estrutúranse de forma distinta en cada comunidade.

É importante salientar que a noción de ámbito de uso non foi concibida para analizar calquera situación plurilingüe senón para aquelas nas que se dá un multilingüismo endo-grupal, é dicir, o uso de máis dunha lingua nunha comunidade determinada nos seus usos internos. Desde esta perspectiva, como indican Boix e Vila Moreno (1998, 87),

L'àmbit d'us reflectiria un suposat acord social entre els membres de la comunitat plurilingüe consistent a reservar cadascuna de les llegües presents per a unes funcions determinades.

Esta teorización do *ámbito de uso* foi validada experimentalmente na investigación sobre o *barrio* portorriqueño de Nova Jersey (Fishman e Greenfield 1970) nunha investigación participante. A súa achega consistiría logo en concibi-la realidade social non como un todo uniforme senón como parcelada en territorios sociais diferenciados con requisitos lingüísticos propios ós que os falantes se deberían adaptar.

Esta análise por ámbitos tense asociado a unha descrición gráfica mediante diagramas de uso lingüístico como o de Rubin (1968) para a distribución entre castelán e guaraní

en Paraguai, que inclúe unha serie de trazos entre os que figura a caracterización espacial, o grao de formalidade, de intimidade e a seriedade no discurso. Pero, no noso caso, o concepto uso non debe dar lugar a equívoco, na medida en que se supón que o entrevistado pode distinguir dous idiomas e decidir en cal deles fala no correspondente dominio.

Entre os indicadores pertencentes ó terreo do *uso*, a lingua habitual permite formarnos unha idea xenérica da práctica lingüística en situacións non marcadas nin condicionadas por fins específicos. En certo sentido, é a pauta de *cal* é a lingua coa que cadaquén se move con máis comodidade, cal é a súa lingua.

Así mesmo, a lingua habitual é un importante indicador da vitalidade dun idioma nunha situación multilingüe, quizais o máis decisivo para coñece-la situación presente, posto que informa dun comportamento actual, relacionado sen dúbida con diversas cuestións, pero que ten como eixe temporal de referencia a actualidade.

Xa comentamos en capítulos precedentes que as teorías clásicas de Lieberman (1980) primaban o estudo da lingua inicial sobre outros indicadores. Con todo, tamén comentamos que eses marcos teóricos se elaboraron para situacións e momentos temporais onde a case única posibilidade de realizar estudos eran os censos de poboación que con frecuencia recollían a lingua inicial pero non o uso actual. Marco teórico e posibilidades de investigación móstranse de novo fortemente vinculados.

En estudos posteriores, outros autores, como Fernández (1983b, 1991), teñen mostrado os beneficios que reporta empregar-lo uso habitual como primeira variable de referencia á hora de avaliar unha situación lingüística e comparala con outras situacións homologables. Polo tanto, e sen máis prolegómenos, ocuparémonos desta materia decontado.

Nas investigacións macrosociolingüísticas realizadas en Galicia nos últimos anos (sobre todo SemSoc 1993, 1995), a lingua habitual estúdase desde diferentes perspectivas, tanto

a través da comparación entre o uso de varias xeracións (avós, pais, entrevistados) como establecendo unha evolución desta mediante a combinación desas respostas coa idade dos informantes (SemSoc 1995, 52-55). A última das posibilidades presenta importantes problemas para ser aplicada ó estudo do medio urbano, xa que non poderíamos establecer con certeza o hábitat de nacemento e/ou residencia de moitos deses informantes<sup>73</sup>.

Por iso, prescindiremos de falar do uso lingüístico ó longo do último século coa referida metodoloxía, por ser inadecuada ás circunstancias particulares da nosa mostra urbana. Con todo, como veremos, os datos do cruzamento coa idade poden utilizarse para aprecia-la evolución do comportamento lingüístico ó longo do tempo.


### *Lingua habitual en tres xeracións*

Como se pode ver no gráfico 6.1, a distribución da lingua habitual nas tres xeracións analizadas pon de manifesto unha importante regresión da lingua galega no medio urbano galego. Aínda sendo parcialmente válida esta afirmación, cómpre ter en conta que o hábitat de residencia das tres xeracións<sup>74</sup> non é o mesmo. É evidente que nos encontramos ante

<sup>73</sup> Mesmo seleccionando aqueles que naceron no medio urbano non temos garantía de onde naceron e viviron a maior parte da súa vida seus pais, e moito menos seus avós. Xa que logo, se realizamos unha evolución temporal tomando por base a resposta á lingua dos pais e dos avós, na medición da evolución interxeracional do uso lingüístico estarán interferindo de forma fatal e irremediable cuestións relativas ós diferentes hábitat de residencia das xeracións. Neste sentido, non podemos dicir en absoluto que o uso dos avós poida equivaler nunha escala temporal ó uso dos entrevistados. E, dadas as importantes diferenzas existentes na lingua habitual en función do hábitat estaríamos introducindo, inxustificada e innecesariamente, un nesgo nunha escala que pretende reflecti-lo uso do galego ó longo do tempo.

<sup>74</sup> Tomamos como referencia da lingua dos pais a lingua que fala(ba) a nai co entrevistado e da lingua dos avós a que falaba a avoa. As fortes correlacións existentes entre estas variables (véxase o capítulo 7, dedicado ós usos familiares) avalan suficientemente esta decisión.

Gráfico 6.1. Lingua habitual en tres xeracións



individuos urbanos na xeración dos entrevistados, porque este é o carácter da mostra utilizada na investigación, pero –como dixemos– non temos garantía de que os pais, e moito menos os avós dos informantes, nacesen e vivisen no hábitat urbano, o cal fai só parcialmente válida a comparación. Se, como estamos vendo, o lugar de residencia marca decisivamente a lingua utilizada polos informantes, a comparación entre tres xeracións obriga a ser particularmente cautelosos nas conclusións a partir deses datos<sup>75</sup>. Con todo, e coas devanditas res-

<sup>75</sup> Se observámo-la seguinte táboa, na que se recollen datos unicamente de persoas nadas no medio urbano e a comparamos co gráfico 6.1, apréciase que as cifras se ven notablemente modificadas, aínda que a tendencia xeral se mantén en boa medida.

Táboa 6.1. Usos lingüísticos de tres xeracións de persoas nadas no medio urbano

	lingua da avoa materna	lingua nai con entrevistado	lingua habitual do entrevistado
só castelán	20,0%	42,7%	24,3%
máis castelán	7,2%	16,2%	43,0%
máis galego	11,0%	10,5%	23,5%
só galego	61,8%	30,6%	9,2%

tricións, cremos que é evidente a diminución do uso do galego nos individuos de residencia urbana respecto ós seus antecesores.

Efectivamente, se nas avoas dos informantes residentes no medio urbano temos un 72,1% de monolingües en galego, na xeración dos entrevistados a porcentaxe é de unicamente o 11,8%. En realidade, na xeración das avoas parece que o monolingüismo en galego era a opción amplamente maioritaria, mentres na das nais medra xa considerablemente a porcentaxe de monolingües en castelán, que se duplica e pasa do 14,2% ó 32,8%, incremento paralelo ó dos bilingües que falan máis galego, que entre as avoas era o 4,9% e nas nais é xa o 12,4%.

Con todo, estas diferenzas, que nalgúns casos son certamente considerables, manteñen un panorama que sufrirá as modificacións máis importantes na xeración actual. Así, os entrevistados constitúen a primeira xeración urbana na que os monolingües en galego son unha clara minoría, ó constituíren só o 11,8%, e nin sequera sumando as dúas opcións galegófonas (só galego e máis galego) chegamos ó cincuenta por cento. Xa que logo, podemos afirmar que nas cidades o uso do galego foi superado na actual xeración polo castelán.

Porén, e como contrapartida, podemos afirmar, no que á lingua habitual se refire, que o galego unicamente está ausente da vida da quinta parte da poboación urbana. É dicir, só o 21,5% dos cidadáns galegos declara non usar nunca o noso idioma na súa práctica diaria. Este feito, na nosa opinión, permite afirmar, xunto con outros que veremos ó analiza-las relacións interpersoais, que, a pesar da importante perda de vitalidade neste hábitat, o noso idioma non é alleo á vida urbana.


A presenza social do galego, con todo, non é homoxénea en tódolos grupos. É maior nas persoas que aprenderon a falar nese idioma, de maior idade, con menos estudos, de menor clase social e nados en hábitat menos urbanos. Estas tendencias son ben coñecidas nos últimos anos, e foron abon-

do descritas para o conxunto da poboación galega a partir da publicación do Mapa Sociolingüístico de Galicia (SemSoc 1995, 47 e ss.). Así e todo, presentan intensidade e características suficientemente particulares como para describilas con certo detalle desde a perspectiva do medio urbano.

### *Lingua habitual segundo a lingua inicial*<sup>76</sup>

A lingua inicial semella se-lo mellor predictor da lingua habitual da poboación urbana, aínda que unha non sempre presupón a outra. Malia que comprender de xeito completo e eficaz o uso lingüístico urbano precisa a toma en consideración de diferentes condicionantes, a predición que permite realiza-la lingua inicial é moi considerable.

Gráfico 6.2. Lingua habitual segundo a lingua inicial



A pesar de que outros aspectos como o hábitat de nacemento, a capacidade para fala-lo galego ou o lugar onde se aprendeu este son tamén importantes para predici-la lingua habitual, a procedencia lingüística do individuo, é dicir, a lin-

<sup>76</sup> Nesta variable tódolos índices estatísticos acadan as puntuacións máis altas. Isto permítenos dicir que este cruzamento é o máis rendible e permite predicir mellor ca ningún outro os resultados na variable dependente «lingua habitual».

gua en que se socializou como persoa, preséntase como o argumento máis permanente na súa estabilización lingüística. Esta cuestión parécenos de especial interese para a situación do galego na cidade, porque indica, de acordo con diversas teorías<sup>77</sup>, que a clave para o mantemento e a recuperación do galego nun hábitat onde esta lingua presenta problemas de vitalidade está na transmisión interxeracional da lingua, que ten como máxima expresión a lingua inicial da poboación, por riba doutros parámetros como o hábitat de nacemento, tamén moi importante, pero menos decisivo. Aínda que este traballo non está enfocado á planificación lingüística senón á descrición e análise da situación existente, non podemos obviar unha constatación de tanta envergadura, que singulariza ademais a situación das cidades fronte ó conxunto de Galicia (SemSoc 1995), onde a idade e o hábitat teñen un peso moito máis importante. No caso da cidade, a capacidade preditora desas variables, como dixemos, é menor.

En conxunto, podemos dicir que existe un importante mantemento da lingua inicial na lingua habitual. Ademais, ese é superior cando a lingua inicial é o castelán: o 43,1% dos residentes urbanos manteñen o seu castelán, mentres só o 30,9% mantén o seu galego. Nestes últimos existe unha maior tendencia a introducir de forma ocasional a outra lingua –o castelán<sup>78</sup>. Este proceso, polo tanto, incrementa a substitución do galego polo castelán, característica do medio urbano. Non obstante, aqueles que deixan de falar sempre a lingua inicial poucas veces introducen o outro idioma de forma preferente<sup>79</sup>.

Así mesmo, os bilingües iniciais urbanos tenden a manter-la conduta bilingüe na idade adulta. A tendencia neles é usar máis o castelán (52,7%) có galego (43,5). O 2,5% deste

---

<sup>77</sup> Véxase o xa dito no capítulo 4 respecto á reversibilidade da substitución lingüística (Fishman 1991).

<sup>78</sup> Esta tendencia tamén contrasta coa observada para o mesmo fenómeno no conxunto de Galicia (SemSoc 1994, 48-50). Cfr. infra.

<sup>79</sup> Para máis detalles, véxase o capítulo 10, correspondente ó cambio lingüístico.

grupo que pasou a utilizar sempre o galego probablemente teña que ver con cuestións relacionadas cunha autoconciencia ou certo tipo de compromiso coa lingua galega.

Analizado desde outro punto de vista, o 86,2% dos monolingües iniciais en galego son na actualidade galegofalantes, ó ser este idioma o único ou máis utilizado na súa vida. Un efecto semellante pode observarse entre os castelanfalantes iniciais, que conservan o seu idioma inicial só ou dando algunha cabida ó galego na práctica habitual no 89,9% dos casos. O grao de retención lingüística é, polo tanto, algo superior nos castelanfalantes iniciais.

Tamén considerando a liña monolingües iniciais-monolingües habituais hai unha descompensación a favor do castelán: 43,1%, fronte ó 30,9% en galego. Tanto neste aspecto do monolingüismo como en xeral na conservación da lingua materna como a preferente, como dixemos, confirmámo-la ruptura co fenómeno observado no conxunto de Galicia, que xa se puxera de relevo no MSG (SemSoc 1994, 48-50)<sup>80</sup>. É dicir, o medio urbano galego non parece permiti-la recuperación dunha parte da caída interxeracional do galego ó longo da vida dos individuos, senón que incrementa este proceso de castelanización, a diferenza do que acontecía no conxunto de Galicia.

Este fenómeno ten moita importancia, porque está intimamente relacionado coas posibilidades e estratexias para afronta-la reversibilidade da substitución lingüística<sup>81</sup>. E cóm-

---

<sup>80</sup> Segundo eses datos, correspondentes a toda Galicia, do 62,4% de galegofalantes iniciais, o 63,7% seguiría sendo monolingüe en galego e o 31,5% falaría máis en galego. Entrementres, do 25,6% de monolingües iniciais en castelán, os que se manterían como monolingües neste idioma sería o 36,9% e o 45,8% usaríao preferentemente. É dicir, no conxunto de Galicia, desfaríanse menos monolingües en galego ca en castelán, e en conxunto os galego-falantes de lingua materna galego serían o 95,2%, mentres os castelanfalantes de lingua materna castelán serían só o 82,7%.

<sup>81</sup> Non é obxectivo desta monografía tratar ou suxerir pautas para a consecución dese proceso en Galicia. Con todo, apuntaremos nalgúns ocasións algúns fenómenos que merecerían ser observados desde esa perspectiva. Para un tratamento detallado desta cuestión desde unha perspectiva xeral, cfr. Fishman 1991.



pre sinalar, desde a nosa perspectiva, que na situación actual, as dinámicas existentes na cidade non favorecen a reversibilidade lingüística e si a substitución da lingua materna galega polo castelán alí onde esta aínda non se produciu.


### ***Lingua habitual segundo o dominio do galego oral***

Outro dos parámetros moi asociados coa lingua habitual é o coñecemento do galego oral. Realmente, a asociación entre estas dúas variables pode explicarse tanto nunha dirección coma na outra: a capacidade para fala-lo galego é un predictor da lingua habitual, xa que non é habitual falar unha lingua que non se domina ben, e asemade porque a competencia para fala-lo galego se ve influída pola frecuencia con que se fala este, que se converte así tamén nun predictor da primeira.

Da última destas perspectivas xa nos ocupamos no capítulo 5, correspondente á competencia lingüística. Por iso trataremos agora os aspectos relativos á primeira.

Unha capacidade escasa ou nula para fala-lo galego, como parecería lóxico, está relacionada coa ausencia do seu uso. Só o 2,7% dos que carecen desa competencia o fala de xeito preferente ou único. Entrementres, o 58,9% usa sempre e o 38,3% preferentemente o castelán. Non obstante, podemos realizar tamén a lectura contraria: o 38,3% dos que afirman falar pouco ou nada o galego utiliza este idioma esporadicamente. Este feito pode explicarse en dúas direccións: ou ben neste sector de poboación existe unha importante falta de autoestima á hora de fala-la lingua e declaran dominalo menos do que en realidade o fan ou ben estamos ante casos de usos tan esporádicos que apenas se reducen a pouco máis ca frases soltas para as que non é necesario un gran dominio do idioma. Non é doado establecer unha explicación máis detallada, que requiriría unha análise de corte microsociolingüístico, na que se observasen usos concretos en situacións tamén concretas. Sexa como for, débese ter en conta que a proximidade entre galego e castelán é tal que a mínima apren-

Gráfico 6.3. Lingua habitual segundo a capacidade para fala-lo galego



dizaxe necesaria permite utiliza-lo galego nas situacións que, en opinión do falante, o requiran sen unha fase demasiado dilatada nin dificultosa.

Con todo, esta relación non é biunívoca, xa que unha competencia elevada para fala-lo galego non é garante suficiente para o seu uso xeneralizado. Así, só o 15,6% e o 40,1% dos que se consideran ben capacitados para falalo o utilizan, respectivamente, de forma exclusiva e preferente. Entrementes, un 34,9% e un 9,4% da poboación competente para falar en galego están instalados, respectivamente, de forma preferente ou exclusiva no castelán.

Así mesmo, para coñecer coa suficiente profundidade a situación do uso lingüístico na Galicia urbana cómpre coñecer os procesos de mantemento e substitución lingüística ó longo dos diferentes grupos sociais.

### ***Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento***

O hábitat de nacemento tamén está moi asociado ás diferenzas entre galego e castelanfalantes. Como xa suxerimos


anteriormente, o contorno rural favorece en maior medida o mantemento do noso idioma, mentres a urbanización do medio vén acompañada dunha maior presenza do castelán. Este fenómeno afecta tanto ó fenómeno do monolingüismo coma ó propio uso social do galego, aínda que de diferente maneira. Na actualidade semella que proceder dun lugar de tipoloxía rural non está asociado xa necesariamente co mantemento dunha conduta monolingüe en galego (só o 21,1%), aínda que si leva habitualmente a manterse neste idioma como comportamento prioritario (o 52,3%). Pola contra, a procedencia urbana dá lugar a que case a metade dese sector de poboación use preferentemente o castelán e un de cada catro o teña como idioma exclusivo.

Desde outra perspectiva, podemos dicir que o uso único do galego só ten unha certa importancia entre os nacidos no rural, o dobre ca entre os nacidos no medio vilego ou urbano. Esta preponderancia tamén se observa nos bilingües que usan máis o galego, aínda que nese caso o comportamento é progresiva e sistematicamente menor canda a urbanización do hábitat; con todo, a diferenza entre o rural e o urbano é máis do dobre (52,3% fronte ó 23,5%). Así mesmo, a importancia do bilingüismo con uso preferente do castelán é menor entre os nacidos fóra de Galicia, efecto que compensa o feito de que neste sector de poboación os monolingües en castelán son o 56%.

En conxunto, os nacidos fóra de Galicia son os que máis usan única ou preferentemente o castelán: o 88,5%. Nun contexto demográfico sen fluxos migratorios importantes, este fenómeno podería considerarse ligado á poboación foránea chegada a Galicia e co castelán como lingua de instalación.

Da pescuda realizada sobre este grupo de poboación dedúcese que só unha ínfima parte é susceptible de ter procedencia familiar e cultural non-galega. Se controlamos conxuntamente, ademais do seu hábitat de nacemento e a súa lingua habitual, o ámbito de adquisición do galego e os comportamentos lingüísticos familiares, observamos que entre 80

Gráfico 6.4. Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento



e 90 casos son susceptibles de pertenceren a esa extracción non galega. É dicir, sobre unha mostra de 8.106 individuos, a porcentaxe de poboación con posibilidades de ser estranxeira (fóra de Galicia) oscilaría entre o 1,1% e o 1,2%.

Esta circunstancia lévanos a pensar que as baixas porcentaxes de uso do galego teñen que ver non co *background* familiar e persoal deste sector de poboación senón coa desvinculación dos emigrantes galegos do noso país e as circunstancias psicosociolóxicas que se adoitan vincular a iso, en especial nunha comunidade como a galega sen os fortes vínculos etnolingüísticos que caracterizan outras comunidades máis cohesionadas na diáspora, como por exemplo as de falantes de linguas con estado propio.

### ***Lingua habitual segundo o hábitat de residencia***

Tamén a análise por hábitat de residencia permite tirar conclusións interesantes. Dentro da homoxeneidade do perfil urbano que ten a nosa investigación, hai que dicir que o carácter periférico dalgúns asentamentos urbanos catalogados como «periurbano rural disperso» incide nun maior uso do galego nese medio.

En efecto, se analizamos con certo detalle o hábitat das sete cidades galegas presentes na nosa mostra, atopámo-la seguinte distribución:

Táboa 6.2. Hábitat de residencia urbano (agrupado e detallado)


	HÁBITAT ONDE VIVE		HÁBITAT ONDE VIVE (DESGLOSADO)	
	Reconto	%	Reconto	%
urbano	6586	81,3%		
periurbano	1517	18,7%		
urbano-1			3786	46,7%
urbano-2			2634	32,5%
periurbano rural disperso			1517	18,7%
periurbano infravivenda			40	,5%
periurbano bloques			127	1,6%

Como vemos, case un de cada cinco habitantes dos termos municipais que se consideran cidades galegas vive nun hábitat considerado periurbano. Segundo a división dicotómica que figura en primeiro lugar, temos un 81,3% de poboación *plenamente* urbana e un 18,7% de poboación periurbana. Entrementes, se analizámo-la distribución do hábitat dun xeito máis detallado observamos que os núcleos urbanos ocupan unha porcentaxe inferior da poboación. Así, os núcleos das dúas cidades principais (A Coruña e Vigo) ocupan o 46,7% da mostra, e os das outras cinco o 32,5%. Pero, ademais, hai que contar cunha porcentaxe de entrevistas feitas en bloques de edificios pertencentes ó termo municipal das cidades, pero localizados fóra do centro destas (1,6%) e unha porcentaxe aínda menor da mostra (0,5%) que reside en infravivendas.

Xa que logo, co obxectivo de dispoñer dunha certa discriminación dentro do hábitat urbano e asemade do suficiente número de casos por categoría, imponse neste caso traballar co hábitat de residencia diferenciando unicamente o urbano do periurbano.

De acordo con esta clasificación, vemos que, en efecto, o galego é a lingua que utiliza de forma exclusiva o 23,8%

Gráfico 6.5. Lingua habitual segundo o hábitat de residencia



e de forma preferente o 40,9% da poboación periurbana. A pesar de que a porcentaxe de monolingües é discreta, os que utilizan unicamente o noso idioma constitúen un grupo bastante numeroso, e tomando en consideración as dúas opcións podemos afirmar que nesas zonas periféricas periurbanas o galego é a lingua maioritaria (64,7%), moi preto da porcentaxe correspondente ó conxunto de Galicia (68,6%), aínda que con menos monolingües neste caso<sup>82</sup>. Entrementes, nos núcleos das cidades só o 9,1% fala unicamente e o 28,6% preferentemente galego, co cal poderíamos considerar galegofalantes só o 37,7% da poboación centralmente urbana. Estas diferenzas poden apreciarse tamén no monolingüismo en castelán, que nos residentes nos cascos urbanos é algo máis do dobre (24,1% fronte ó 10,2%).

En consecuencia, podemos afirmar que nos propios termos municipais das cidades existen dúas realidades bastantes diferenciadas. Unha, a dos barrios centrais, onde o galego é a lingua de algo máis dun terzo da poboación, apenas nun 10% de forma monolingüe. Outra situación é a das zonas perifé-

<sup>82</sup> Cfr. SemSoc (1995).

ricas e das aforas das cidades, de carácter mixto ou próximo á tipoloxía rural, onde o galego ten unha vitalidade moi superior e dous terzos da poboación son galegofalantes. Neste caso, porén, aínda que o bilingüismo é un fenómeno moi xeneralizado, o galego é a lingua predominante (en conxunto, o 64,7%).

### ***Lingua habitual segundo a idade***

En todo estudo macrosociolingüístico, a medición do cambio lingüístico é un dos esteos da descrición. Ó non dispoñermos de datos homologables e obtidos de forma consecutiva, xa dixemos que non é posible realizar medicións en tempo real dese proceso. Tamén dixemos que, ante a falta de garantías nos datos relativos ós pais e avós dos entrevistados en canto a que correspondan a poboación urbana, non semella apropiado establecer evolucións temporais e/ou xeracionais a partir desa información. Xa que logo, a mellor comparación temporal que podemos realizar nun caso coma este é a investigación en *tempo aparente*, é dicir, a comparación entre grupos de idade. A esta cuestión imos referirnos deseguido.

A idade mostrábase no conxunto de Galicia como un indicador decisivo, xunto co hábitat, na explicación do cambio lingüístico en curso no conxunto da poboación galega<sup>83</sup>. Xa vimos anteriormente que no medio urbano a idade segue sendo un importante medidor do cambio, aínda que a asociación co uso é de menor envergadura.

As porcentaxes de uso máis favorables ó galego corresponden ós maiores de 65 anos. Neste grupo, como observamos no gráfico 6.6, os galegofalantes son o 64,1%, moi preto dos dous terzos da poboación, que como dixemos é unha cifra moi próxima á existente no conxunto de Galicia. No seguinte grupo de idade (41 a 65 anos), o galego segue sendo a lingua máis utilizada (53,8%) se sumámo-las porcentaxes

---


<sup>83</sup> Cfr. SemSoc (1995, 49 e ss.).

correspondentes ás dúas opcións nas que é a lingua preferente ou única. Os outros dous grupos, os máis novos, presentan un uso máis elevado do castelán, que se converte así na lingua maioritaria entre a poboación menor de 41 anos.

Ó mesmo tempo, queremos destaca-la redución ata cifras case límite do monolingüismo en galego. Este comportamento, que abrangue o 24,9% da poboación entre os maiores de 65 anos, redúcese a case a metade no grupo de 16 a 25 anos e chega ó 4,1% entre a poboación de 16 a 25 anos.

Ata o de agora pode apreciarse aínda unha retención parcial do galego entre a poboación urbana máis nova (16 a 25 anos), que conserva o uso do galego basicamente como unha segunda opción. Referímonos a ese 51% que utiliza esporadicamente este idioma nas súas relacións habituais, aínda que non hai que esquecer que o uso preferente da nosa lingua se reduce neste sector a pouco máis do 10 por cento dos casos (12,9%) e que un de cada tres é xa monolingüe en castelán. No grupo de 26 a 40 o monolingüismo en castelán unicamente afecta a un de cada catro cidadáns e aínda existe un grupo de un de cada catro que fala preferentemente o idioma de Galicia, ademais de case un 40% que fala ás veces este idioma.

Gráfico 6.6. Lingua habitual segundo a idade






En conxunto, podemos dicir que o monolingüismo en galego non é unha opción maioritaria (se é que algunha vez o foi) nin para a poboación urbana máis vella (que utiliza en maior medida o galego). Ademais, o galego é en conxunto a lingua máis utilizada nos dous grupos de maior idade. Finalmente, o galego aínda ten un uso bilingüe de importancia na poboación adulta nova (26 a 40 anos), mentres no grupo máis novo (16 a 25) o galego ten unha presenza xa un tanto residual.

### *Lingua habitual segundo os estudos*

Na análise por estudos, as diferenzas entre os diferentes grupos son moito máis importantes. A asociación entre as dúas variables é máis intensa e dá lugar case a unha dicotomía. A diferenza entre a poboación sen estudos ou con escolarización de tipo primario é moi pronunciada respecto á poboación con estudos medios ou universitarios. Naturalmente, non coidamos que un alto nivel de escolaridade e unha maior cultura leve os habitantes das cidades a falar castelán como algo natural e inevitable. Ese punto de vista situaríanos nunha perspectiva estrutural-funcionalista coa que xa dixemos non coincidir no capítulo 3, dedicado ás teorías sobre a substitución lingüística.

Gráfico 6.7. Lingua habitual segundo os estudos



Pola contra, pensamos que os sectores de poboación con estudos medios ou universitarios se ven inmersos nun mundo cultural e social que fala en castelán, e polo tanto adáptanse a el ou pertencen a el, non como algo natural nin inevitable, senón como resultado das políticas sociais e culturais postas en práctica en España, como mínimo, nos dous últimos séculos. Ata hai poucas décadas a cultura que favorecían os poderes do Estado desenvolvíase unicamente en castelán. Nas cidades, esta *domesticación* da poboación foi máis doada de realizar, ó posuír neste medio unha serie de axentes e resortes que garantiron esa dinámica e o logro desa pauta de comportamento social, favorecida desde logo pola importante masa de poboación que emigrou do campo á cidade na procura dun novo medio de vida e dun suposto benestar social.

A pesar do anterior, case a metade da poboación sen estudos fala exclusivamente galego. Este feito sen dúbida condicionou e condiciona a percepción dos galegofalantes na cidade<sup>84</sup>, e probablemente teña unha importante incidencia nos mecanismos que levan o individuo a falar unha lingua ou outra. Non obstante, cunha metodoloxía como a que utiliza-

<sup>84</sup> De feito, nas preguntas realizadas no medio urbano sobre que lingua fala a xente con e sen estudos obtivéronse estes resultados:

Táboa 7.3. Opinión sobre a lingua da xente con e sen estudos

	Hoxe en día a xente con estudos fala ...	Hoxe en día a xente sen estudos fala...
só castelán	2,0%	0,8%
máis castelán	37,9%	20,4%
igual	36,2%	29,5%
máis galego	23,3%	43,5%
só galego	0,7%	5,7%

Se consultámo-las táboas correspondentes ó conxunto de Galicia (Sem-Soc 1996, táboas finais: p. 104 e p. 105), vemos que existe a percepción de que a xente con estudos fala en maior medida o galego ca na cidade, e na xente sen estudos acontece o mesmo. Con todo, a dicotomía entre xente con estudos-máis uso do castelán vs. xente sen estudos-máis uso do galego mantense en ámbolos dous hábitat.

mos resulta difícil establecer cando alguén modifica ou axusta o seu comportamento lingüístico a estes factores de prestixio e status. En calquera caso, queda apuntada a tendencia e as hipóteses que deben ser confirmadas en estudos dunha maior profundidade en psicoloxía individual.

Neste sentido, e de acordo cos nosos datos, os galegofalantes (opcións *só* ou *máis galego*) son o 87,9% entre a poboación sen estudos e o 57,8% no grupo de estudos primarios. Entrementres, no grupo de estudos medios e universitarios as porcentaxes correspondentes son, respectivamente, o 23,4% e o 20,3%. Como contrapartida, case a metade da poboación de estudos medios ou universitarios fala preferentemente en castelán e case un terzo utiliza de xeito exclusivo este idioma.

Como acostuma suceder nestes casos, percepción e realidade están relacionadas, aínda que non está claro cal é a vinculación existente entrámbalas dúas.

### ***Lingua habitual segundo a clase social***


Aínda recoñecendo as limitacións epistemolóxicas inherentes ó concepto de clase social, e que foron cumpridamente debatidas na sociolingüística galega<sup>85</sup>, na análise en función desta variable atopamos unha dicotomía ben coñecida: a poboación de clase baixa e media-baixa utiliza o galego notablemente máis cá de clase media ou media-alta. Así, se na clase baixa os galegofalantes son o 62,2% e na media-baixa o 55,4%, na media e media-alta supoñen o 34,6% e o 14,4% respectivamente.

Quizais na explicación desta distribución da lingua habitual debamos ter en conta dous fenómenos contrarios que manteñen unha relación dialéctica. Por unha banda, o mencionado funcionamento do castelán como a lingua do Estado e das súas elites políticas, sociais e económicas, en detrimento do idioma galego, que ademais non dispuxo historicamen-

---

<sup>85</sup> Cfr., no nivel macroestrutural, SemSoc (1995, 57-58).

Gráfico 6.8. Lingua habitual segundo a clase social



te dunha burguesía galegofalante que promocionase o idioma propio da comunidade. Todo isto estableceu a coñecida dicotomía entre o castelán como a lingua dos poderosos en Galicia e o galego como lingua da xente con pouca influencia social.


Pero, por outra banda, é evidente que nun sistema produtivo de corte capitalista coma o galego é posible o ascenso social da poboación. Así, o movemento campo-cidade trouxo consigo que poboación de extracción galegofalante se instalase na cidade sen abandonar en tódolos casos o seu idioma orixinario, ó mesmo tempo que unha parte da poboación urbana da parte inferior da escala social se instala no castelán como un intento parcial de ascenso social ou polo menos de imita-los modelos sociais de prestixio.

Aínda que este estigma do galego como lingua da clase baixa probablemente xa non ten na actualidade o mesmo valor que gozou en décadas precedentes, a modificación dos hábitos e a correspondente inercia está xa xerada, e empurra camadas importantes desas clases menos favorecidas a continuar na imitación do uso do castelán que, de xeito preferente

ou exclusivo, usa o 38,2% dos cidadáns de clase baixa e o 44,7% dos da media-baixa.

### *Lingua habitual segundo o ámbito de adquisición do galego*

Gráfico 6.9. Lingua habitual segundo o ámbito de adquisición do galego



Polo que respecta ós ámbitos de adquisición, queremos salientarmos como a familia é o único eido que parece garantir nestes momentos o uso do galego na idade adulta. Un 42,7% dos que o aprenderon neste ámbito fala máis galego e un 17,1% usa unicamente esta lingua. Xa que logo, o grupo de residentes urbanos que aprenderon o galego na familia é o único no que o noso idioma é maioritario (59,8%). En calquera dos outros ámbitos de adquisición, o uso do galego é claramente minoritario, e só está relacionado con importantes continxentes de poboación que o usan en certas ocasións, pero case sempre en menor medida có castelán.

Naturalmente, a cantidade de persoas que adquiriron o galego fóra da familia é aínda reducido, aínda que cada vez atopamos máis persoas que afirman aprendelo na escola.

E, neste sentido, hai que volver destacar que a escola é o axente que menos garante na situación actual o uso futuro da nosa lingua. A porcentaxe dos que o aprenderon neste ámbito e que na idade adulta o falan única ou predominantemente non supera o 3,4% da poboación urbana; pola contra, case a metade nunca usa o galego, aínda que o coñece, e case outra metade fai un uso moi esporádico do noso idioma. Isto debe facernos reflexionar sobre a capacidade da escola para influír sobre a conduta lingüística na situación actual<sup>86</sup> e sobre a eficacia das políticas educativas en Galicia en relación con cuestións de carácter sociolingüístico.

### ***Lingua habitual segundo a actividade profesional***

A análise por profesións ofrécenos varios feitos de interese<sup>87</sup>. En primeiro lugar, vemos como o grupo con máis uso do galego é o dos labradores e mariñeiros, cun 53,7% de monolingües en galego e un 37,9% de persoas que falan preferentemente a nosa lingua, é dicir, que nove de cada dez persoas con esta ocupación están instalados no galego. Trátase dun caso único na análise por profesións neste hábitat urbano, porque ningún outro grupo ocupacional ten unha porcentaxe tan elevada de individuos monolingües en galego nin, en conxunto, de persoas que teñen este idioma como primeira lingua de instalación. Repárese en que os seguintes grupos profesionais con máis presenza do galego son o dos empresarios e autónomos (58,2%), o dos obreiros (57,4%) e o das amas de casa (52,7%). Nestes o galego é maioritario fronte ó castelán, aínda que sexa en usos con frecuencia bilingües nos que este último idioma ten tamén certa presenza. Destes datos parécenos interesante comprobar como algunhas actividades

---

<sup>86</sup> Sobre este debate, desde a perspectiva conceptual, véxase ó respecto o comentado no capítulo sobre os usos no ámbito escolar.

<sup>87</sup> Nas táboas finais pode atoparse o detalle das porcentaxes para cada unha das profesións.

profesionais seguen asociadas ó uso do galego, nomeadamente as agrícolas, mesmo no medio urbano. En realidade, calquera que coñeza o medio urbano galego sabe que neses hábitat periurbanos existen persoas que se ocupan de actividades agrícolas aínda na actualidade, certamente en moitos casos combinadas de xeito complementario con outras enfocadas ó sector industrial ou ós servizos. Tamén se debe considerar que a maior parte desa poboación é de media ou avanzada idade (o 42% ten máis de 65 anos e o 45,6% ten entre 41 e 65), e probablemente para moitos deles esa actividade ocupacional estea asociada a un período vital anterior fóra do medio urbano (só o 13,1% naceu no hábitat urbano, un 30,4% procede dun hábitat periurbano, un 13% naceu nunha vila e un 42,4% no medio rural).

Se seleccionámo-la poboación que vive nun hábitat plenamente urbano e que ten esta actividade ocupacional, atopamos que as porcentaxes de uso do galego seguen manténdose en niveis moi altos e semellantes ós descritos nos grupos de idade de 41 a 65 e de maiores de 65 anos. O reducido do grupo de persoas de ata 40 anos que cumpren estas características impídenos realizar afirmacións concluíntes ó respecto sobre el.

En calquera caso, coidamos que as pautas psicossociolóxicas que caracterizan os individuos de profesión agrícola residentes no medio urbano, tanto nos núcleos coma no medio periurbano permiten afirmar que esta actividade estivo ata o de agora asociada a un uso da lingua galega como referente cultural e vital básico. Esta realidade ocupacional parece ter unha influencia cando menos tan importante, se non máis, có feito de residir nun núcleo urbano, habitualmente asociado ó uso do castelán.

As amas de casa sitúanse nunha posición na que o galego é lingua lixeiramente maioritaria có castelán (52,7%), aínda que neste grupo ocupacional existen xa máis monolingües en castelán ca en galego (véxase a táboa final 7).

Unha profesión tan típica do sector secundario como a obreira, no entanto, está moito menos asociada co emprego

do galego. En realidade, só un 14,2% deste grupo profesional mantivo o galego como lingua única, aínda que un 43,2% combina o seu uso maioritario co castelán. Isto parece indicar que a posición social –entendida esta como un lugar nunha escala na que obreiros, campesiños e mariñeiros estarían na súa parte baixa– non é o factor de inflexión prioritario dos comportamentos lingüísticos. Pola contra, semella que a integración nun marco cultural e vivencial específico, como é o da produción de bens primarios e o tipo de actividade cotiá asociado con esta ocupación, ten máis importancia ca esa *escala* social.

Neste sentido, consideramos sintomático que outras profesións asociadas ós sectores industrial e de servizos reflectan unha importante presenza do galego. É o que acontece cos empresarios e autónomos, que nun 58,2% teñen o galego como lingua de referencia. Porén, outros grupos profesionais máis prototipicamente asociados co sector servizos, como os profesionais liberais, o persoal con titulación superior ou media ou os docentes presentan xa un uso predominante do castelán, igual có persoal que traballa en categorías medio-baixas dos servizos ou nas forzas armadas.

Todo isto lévanos a pensar que unha posición máis alta na escala profesional non está necesariamente asociada cun menor uso do galego. Os fenómenos e casos anteriormente apuntados dan proba abondo do que estamos a dicir. Desde o noso punto de vista, diríamos que cada grupo profesional ten un diferente imaxinario cultural, do cal forma parte a lingua que falan.

### ***Lingua habitual segundo o sexo***

No ámbito internacional, sobre todo o de fala inglesa, ten existido un amplo debate sobre as diferenzas no uso lingüístico en función do sexo dos informantes. Os achegamentos a esta cuestión realizáronse desde diferentes perspectivas e puntos de vista. Non nos interesa aquí achegarnos a outros



debates que non sexan o macrosociolingüístico, nin tampouco estenderémo-la nosa pescuda alén das fronteiras de Galicia, co fin de que a nosa investigación non exceda os límites do razoable.

Entre as elites culturais e no conxunto das persoas interesadas pola situación da lingua galega tense debatido abondo a cuestión de se as mulleres usan máis ou menos o galego cós homes, tratando de buscar unha interpretación sociolóxica ás diferencias de uso entre homes e mulleres tendo en conta as funcións que uns e outros desempeñan na sociedade.

Se consultámo-los estudos macrosociolingüísticos realizados en Galicia, veremos que moitos deles non incorporan o cruzamento de lingua habitual por sexo nin explican a razón desa exclusión. Outros traballos, non obstante, téñense referido a el, aínda que sempre dun xeito breve<sup>88</sup>.

Con todo, se comparámo-los resultados obtidos en todos eses estudos<sup>89</sup> observamos, con lixeiras oscilacións, sempre a mesma tendencia: hai máis mulleres monolingües en castelán ca homes. As diferenzas non son de grande envergadura, pero si abondo como para poñer de manifesto, ó noso entender, a apuntada realidade sociolóxica, sistematicamente corroborada por tódolos traballos: que hai menos mulleres ca homes bilingües e asemade que hai máis mulleres ca homes que falan sempre en castelán.

<sup>88</sup> Nunha tese de doutoramento realizada entre finais dos anos 70 e comezos dos 80 coa poboación escolar da provincia de Lugo, Rodríguez Neira (1985, 274) trataba xa este aspecto. Nos anos 90, Rodríguez Neira, coord., (1998, 20) estudou a cuestión na Universidade de Santiago. Vaamonde Liste et alii (1998, 41-42) tamén se referiron moi brevemente a esta cuestión, aínda que, coma no caso anterior, pouco máis que constatando a tendencia existente e sen entrar na súa representatividade estatística ou significación sociolóxica. En realidade, os únicos estudos onde podemos atopar afirmacións sobre a súa significación estatística e sociolóxica son os realizados polo Seminario de Sociolingüística (1993, 1995), onde se nega que este cruzamento sexa estatisticamente significativo e se desbota a pertinencia sociolóxica da súa análise.

<sup>89</sup> Ademais dos xa indicados, realizámo-la comprobación coa base de datos utilizada no estudo sobre o uso do galego no mundo económico e comercial, realizado para o Consello da Cultura Galega por Ramallo e Rei-Doval (1995, 1997).

Segundo os datos que posuímos relativos ó medio urbano galego, esta hipótese debe manterse, aínda que coa suficiente matización. En xeral, o cruzamento entre lingua habitual e sexo é pouco produtivo se o comparamos con outras variables sociais e sociolingüísticas. Pero, desde a perspectiva estatística e sociolóxica, a súa validez non pode obviarse. Nas cidades galegas, a diferenza de uso entre os dous sexos é de unicamente sete puntos, pero correspóndese coa tendencia existente nos outros estudos ós que fixemos referencia.

Táboa 6.4. Lingua habitual segundo o sexo

		SEXO		Total
		home	muller	
LINGUA HABITUAL	só castelán	17,6%	24,8%	21,5%
	máis castelán	36,7%	34,9%	35,7%
	máis galego	34,1%	28,3%	30,9%
	só galego	11,6%	12,0%	11,8%
Total		100,0%	100,0%	100,0%

A porcentaxe de monolingües en galego é a mesma pero, como contrapartida, existen máis bilingües no grupo dos homes ca no das mulleres.

Esta tendencia, que como dicimos é de menor envergadura ca calquera das outras existentes, mantense tamén nas demais submostras urbanas comprobadas, tanto nas sete cidades galegas por separado coma en mostras cun menor número de casos, nas que os indicadores estatísticos seguen sinalando que se debe considerar unha asociación significativa aínda que baixa. A interpretación das táboas de continxencia mantén a tendencia anteriormente sinalada.

En definitiva, debemos concluír que existe unha menor tendencia á converxencia lingüística entre as mulleres urbanas galegas, que están máis instaladas nunha conduta monolingüe en castelán. Así mesmo, este feito suxire matizar algunhas afirmacións previas respecto ó conxunto de Galicia,

realizadas en estudos sociolingüísticos onde se utilizou esta mesma metodoloxía, coma o do MSG, e no que se negaba a pertinencia dese cruzamento.


### **O uso escrito do galego**

O uso escrito e a lectoescritura en xeral é outro dos indicadores que pode dar conta da saúde dunha lingua no seo da sociedade en que esta se desenvolve. Porén, as circunstancias nas que viviu o noso idioma ata épocas moi recentes fixeron que, como apuntamos, a capacidade para ler e escribir en galego estivese moi limitada por circunstancias alleas á vontade dos cidadáns. Unha escola que ignorou o galego ata momentos moi recentes, a carencia de textos escritos no idioma de Galicia ou a falta de alfabetización de amplos sectores da poboación son só algúns dos factores relacionados coas devanditas limitacións. É por iso que non podemos xulga-la lingua en que le ou escribe a poboación galega como se dunha simple opción se tratase. Aínda que na cidade contemporánea en principio existe un maior contacto co texto escrito e coa información impresa, existen diversos factores psicosociolóxicos, hábitos de vida e inercias sociais por veces dificilmente mensurables que xogaron e, en parte, aínda xogan, en contra da lingua galega.

### ***Lingua de lectura***

Con todas estas limitacións e reservas hai que entende-las carencias que hoxe presenta o uso escrito do galego, e tamén por suposto as preferencias ou, mellor dito, os hábitos, dos habitantes das cidades. Quizais todo isto nos axude a entender que só o 0,3% dos cidadáns afirme ler sempre en galego, e que un 3,7% lea neste idioma de forma preferente. En realidade, hai que preguntarse se unha persoa que lea, por exemplo, preferentemente en castelán, rexeita co seu comportamento máis a lectura en galego ca unha persoa que le só ou preferente-

Gráfico 6.10. Lingua de lectura




mente en galego. Dada a oferta existente en galego no mercado editorial e no mundo impreso en xeral, non estamos certos de se ler máis en castelán implica interesarse menos polo galego impreso ou se, simplemente, equivale a ter uns horizontes de lectura nos que non existe oferta en galego (abondo).

Dado que na nosa investigación non temos datos que nos permitan resolver esta cuestión, imos trata-lo problema dun xeito basicamente descritivo, sen entrar nas razóns ou as causas que, dun xeito máis profundo, condicionan ou rexen a lectura en galego.

### *Lingua de lectura segundo a lingua habitual*

A análise das cifras segundo a lingua habitual parece apuntar nunha dirección única, como se observa no gráfico seguinte: canto máis galego fala o individuo máis presenza ten este idioma nas súas lecturas. Así, os que falan só en castelán len unicamente neste idioma no 69,3% dos casos. Entrementres, tanto os bilingües coma os monolingües en galego teñen maiores niveis de lectura en galego, mais case sempre nunha proporción minoritaria respecto ó castelán. No caso dos monolingües habituais en galego, unicamente un de cada dez (9,2%) manifesta ler na que é a súa lingua habitual.


Gráfico 6.11. Lingua de lectura segundo a lingua habitual

*Lingua de escritura (notas breves)*

En principio, unha actividade como deixar unha nota a alguén ten carácter espontáneo e non precisa de máis factores cá habilidade lingüística para facelo. Quérese dicir, non depende da existencia dese texto como acontecía no caso da lectura. Non obstante, si posúe outros condicionantes como o hábito adquirido –con frecuencia en épocas en que non se escribía en galego– de usa-lo castelán para calquera intercambio comunicativo no que non existe a inmediatez do cara a cara. Así mesmo, non podemos esquecer que a dificultade para aprender a escribir unha lingua, mesmo se esta é próxima á outra existente na mesma comunidade, é moito maior cá da lectura, xa que se trata dunha capacidade activa e non pasiva.

Por iso non debe resultar estraño que as porcentaxes de escritura exclusiva en castelán sexan sensiblemente superiores ás da lectura: o 77,5% da poboación urbana escribe unha nota simple para deixar a alguén sempre en castelán, un 11,1% faíno máis neste idioma, un 5,5% faíno preferentemente no noso idioma e só o 5,9% deixa estas mensaxes sempre en galego. Porén, a porcentaxe de persoas que escriben sempre (5,9%) ou preferentemente (5,5%) en galego é case o dobre da lectura.

Gráfico 6.12. Lingua en que escribe as notas




Ademais, estas cifras globais, teñen como contrapartida a existencia dunha serie de grupos nos que o uso único do galego é moito máis importante. Vexámolo deseguido.

### *Lingua das notas breves segundo a lingua inicial*

Tal como podemos apreciar neste gráfico, os galegofalantes iniciais acostuman redactar máis notas en galego có resto dos grupos de lingua inicial. De feito, a porcentaxe dos

Gráfico 6.13. Lingua das notas escritas segundo a lingua inicial




que escriben as súas notas sempre en castelán diminúe nese grupo ata o 64,2% e, pola contra, atopamos un 12,1% que deixa eses textos breves sempre en galego, así como un 10,1% que fai esas anotacións preferentemente no noso idioma.

### *Lingua das notas breves segundo a lingua habitual*

A distribución do uso escrito en notas breves segundo a lingua habitual semella máis produtiva. Así, como podemos ver no gráfico seguinte, a porcentaxe de persoas que deixan as súas mensaxes sempre en castelán redúcese a medida que o galego está máis presente nos seus usos habituais. De ser practicamente a única lingua na que escriben os monolingües en castelán pasamos á metade de persoas que escriben en castelán nos monolingües habituais en galego. A progresión é regular e nos bilingües con uso preferente do galego o uso escrito desta lingua reflíctese como utilización esporádica da escrita no noso idioma. Nos bilingües con uso preferente do galego o que atopamos son basicamente porcentaxes maiores de usos escritos bilingües e nos monolingües en galego aparece unha porcentaxe de case un terzo de persoas que escriben as súas notas sempre en galego.


Gráfico 6.14. Lingua das notas segundo a lingua habitual






*Lingua das notas breves segundo a competencia escrita.*

Entre os cruzamentos coas habilidades lingüísticas, queremos destaca-lo que se produce coa capacidade para escribi-lo galego. Aínda que as diferenzas intergrupos non son tan importantes como as existentes nalgún dos cruzamentos anteriores (véxase o gráfico 6.15), a progresión é sistemática. A medida que o dominio do galego vai aumentando, aumenta tamén o seu uso escrito en comunicacións simples como as que estamos a describir. Hai que dicir, ademais, que os incrementos se producen sobre todo na opción de «máis galego» e nun uso monolingüe deste idioma. Deste xeito, os que poden escribir «moito» o galego deixan os seus textos nesta lingua no 18% dos casos. Así e todo, non debemos perder de vista que o 54,2% dos que poden escribir sen problemas en galego redactan as súas comunicacións en castelán. Polo tanto, podemos afirmar que existe unha interacción clara, aínda que menos intensa ca noutros fenómenos analizados, entre a capacidade e o uso escrito en galego, que se manifesta dun xeito máis nítido nos monolingües en galego.




Gráfico 6.15. Lingua das notas segundo a capacidade de escribi-lo galego







**VII**  
**USOS NA FAMILIA**



A familia é un dos principais ámbitos da vida social do individuo. Quizais a máis importante porque, polo menos nas sociedades occidentais contemporáneas, é onde se produce o seu crecemento como persoa e a súa constitución como ser social.

A concepción de familia varía dunhas sociedades a outras, sobre todo cando establecémo-la comparación entre unha sociedade occidental como a nosa e outras máis afastadas xeográfica e culturalmente.

Nunha sociedade como a galega, as relacións de parentesco tradicionais proceden dunha familia rural ampla, na que os nexos fóra dos establecidos entre pais e fillos eran frecuentes e importantes, e na que varias xeracións convivían no mesmo domicilio. Naturalmente, este modelo sufriu importantes transformacións, na transición do século XIX e comezos do XX, coa xeneralización do proceso de industrialización e urbanización. Precisamente este fenómeno, a urbanización, ten que ver con modificacións de moito calado na estrutura familiar da poboación galega. Pero, antes de referirnos a esta cuestión, cómpre situar nun contexto máis global a situación da familia no mundo contemporáneo.

En xeral, acostúmase distinguir entre *familia nuclear* e *familia extensa* (Giddens 1995, 425-458). A primeira estaría constituída por dous adultos –habitualmente home e muller– que viven xuntos nun fogar. A segunda estaría formada, ademais, por outros parentes que conviven ben no mesmo fogar ben en contacto íntimo e continuo. Así, a *familia extensa*

acostuma definirse como un grupo de tres ou máis xeracións que moran na mesma vivenda ou en vivendas próximas, e tipicamente adoita incluí-los avós, os irmáns e/ou as súas mulleres, tíos ou sobriños.

Por outra banda, acostuma fálarse tamén de familias de *orientación* e familias de *procreación*. A primeira corresponde á familia en que un nace e a segunda a aquela que o individuo crea cando é adulto. A socioloxía da familia tamén adoita prestar atención ó lugar de residencia da parella: un lugar autónomo, na casa ou preto dos pais da muller (*matri-local*) ou do marido (*patrilocal*).

Por riba doutras circunstancias que, inicialmente, non forman parte ou non deberían influír excesivamente sobre os usos lingüísticos, como a poligamia, o divorcio ou desviacións e patoloxías familiares, é importante sinalar algúns trazos xerais da historia da familia en Europa.

Antes da chegada da industrialización ó noso continente, as familias desempeñaban entre outras unha función de unidades de produción, vinculadas ó traballo das terras ou ó desempeño dun oficio. Por iso a selección da parella matrimonial non estaba gobernada, en primeiro termo, por criterios relacionados co amor ou o afecto, senón por unha serie de intereses sociais e económicos relacionados coa empresa familiar e as persoas que formaban parte desta. Se ben a situación de Galicia se diferenciaba bastante da doutros países, por exemplo, de Europa central, cómpre recoñecer que tamén era sensiblemente diferente da actual.

En conxunto, poderíamos establecer unha evolución relativamente simple na historia da familia, que, segundo Prost (1991, 61)<sup>90</sup>, perdería as súas funcións *públicas* e mantería as *privadas*. Coa chegada da sociedade industrial e urbana

---

<sup>90</sup> Seguiremos bastante de preto as consideracións deste autor no que se refire á historia da vida privada. Aínda que as súas descripcións están feitas desde unha perspectiva europea, e moi especialmente francesa, diversas xeneralidades son perfectamente aplicables ó caso galego, aínda que cunha cronoloxía parcialmente diferente.

difundiranse novos hábitos familiares que irán penetrando de forma desigual nas sociedades rurais en función de diversos parámetros culturais, económicos e sociopolíticos.

A familia máis relacionada coa nosa investigación, a familia urbana, experimentou importantes cambios nos últimos 150 anos. Estes cambios conduciron a unha *privatización*; é dicir, a certo grao de desinstitucionalización, acompañada dun incremento da vida privada individual, paralela á vida familiar (Prost, ibíd. 61). Este proceso estivo tamén vinculado ó espazo físico en que se desenvolveu: o mundo urbano, sometido nos últimos cen anos a importantes cambios na casa e no aspecto das cidades.

Na casa rural, durante o século XIX e parte do XX, vivíase nun só cuarto, concentrado arredor do lume. As posibilidades desta vivenda rural, fóra dos espazos exteriores, son moi limitadas comparadas coas que se xeneralizarán nas cidades, no caso galego a partir da segunda metade do século XX. Ademais, falta de electricidade ou auga corrente eran circunstancias perfectamente normais en calquera lugar do medio rural –e nalgúns casos tamén urbano– no século pasado e parte deste; mais a partir dos anos 50 as condicións de habitabilidade das vivendas cambiarán substancialmente.

Por iso, no pasado o contacto físico entre os membros dunha familia era continuo e difícil de evitar. Os membros da unidade familiar víanse así continuamente presionados por esta falta de intimidade. Neste espazo era difícil dispoñer de espazo para un mesmo. Ata tal punto que a noción de intimidade apenas tiña sentido. A intimidade será unha das conquistas máis importantes do século XX, xunto á autonomía de movementos que supón a posibilidade de desprazarse en automóbil a outros lugares. Mesmo podería falarse dunha reestruturación da vida das persoas, relacionada co aumento da privacidade e a diminución da interacción continua no ámbito familiar.

Na familia urbana, ata hai poucas décadas o pai traballaba fóra da casa e a nai ocupábase dos labores domésticos, o

que implicaba tamén un maior contacto coa vida dos fillos. Por iso non semella arriscado afirmar que a antedita distribución de funcións entre pais e fillos puido ser parcialmente válida para a familia urbana ata hai moi pouco tempo, cando a muller comezou a traballar fóra e a compartir en maior medida a tradicional misión de ocuparse dos fillos co marido. Pódese dicir que a ampliación do nivel de instrución das mulleres e a súa incorporación ó mundo laboral e á esfera pública deu lugar á aparición da idea moderna de parella. Claro que este modelo de distribución de funcións familiares probablemente afecte só ás xeracións máis inmediatas a nós, algunhas delas xa non incluídas na poboación obxecto de estudo nesta tese.

Paralelamente ó incremento de comodidades na vivenda urbana, que en diferentes medidas foi impregnando tódalas camadas sociais, produciuse unha ampliación do espazo doméstico, de xeito que a propia vivenda comezou a facerse máis ampla e habitable. Ese cambio probablemente incrementase o peche do individuo urbano en si mesmo e no seu contorno máis inmediato, arredándoo mesmo da rúa en moitos casos (non sempre na mesma medida, dado que as condicións de *habitabilidade* das sete cidades galegas –e dentro destas duns barrios a outros– son distintas). En calquera caso, é evidente que esta evolución permitiu gozar de máis momentos de lecer no interior do fogar.

Na sociedade tradicional ninguén poñía en dúbida a autoridade dos pais sobre os fillos: os pais tiñan mesmo dereito a dispoñer da súa vida privada. De acordo con este esquema, decidían mesmo o seu porvir, feito especialmente destacado na burguesía, onde se elixían os estudos e/ou a profesión en función das imaxes e expectativas sociais correspondentes.

Nas camadas sociais máis desfavorecidas a situación era parcialmente diferente, dado que con frecuencia non existían grandes expectativas no eido laboral. O matrimonio dos fillos raramente era concertado, xa que tampouco existían intereses

económicos que manter ou mellorar por esa vía, coma na burguesía e nas clases altas. Porén, ata hai pouco tempo foi común a visión do matrimonio como o momento de emancipación dos fillos, que escapaban así ó poder dos pais.

Estes procesos de transformación espacial viñeron acompañados de cambios tamén nos costumes e mailas pautas de comportamento. É difícil establecer unha relación entre causas e consecuencias en tal proceso, e quizais todos estes cambios forman parte de algo máis xeral con manifestacións diversas en cada un dos niveis que forman a vida social e individual das persoas.

Segundo diversos autores, a importancia da familia no proceso de socialización do neno irá diminuindo ó longo do século XX (cfr. Habermas 1994a, 184-187). Unha das institucións fundamentais para ocupar parte do espazo que deixa a familia sería a escola. Trátase ademais dunha evolución que se produce nun curto lapso de tempo de apenas unha ou dúas xeracións. A familia, tralas transformacións ocorridas na década dos 60 e 70 comeza a sentirse insegura na transmisión da aprendizaxe da vida pública, o obxectivo da educación nos últimos tempos. Os pais con frecuencia non saben que facer cos fillos cando estes rompen o seu ritmo de asistencia á escola. Deste xeito, á familia quedalle unicamente o espazo destinado ó lecer e o tempo libre. Desposuída das funcións produtivas asígnaselle unicamente o eido das funcións consumistas. Os ingresos económicos non dependen xa unicamente do cabeza de familia, o que diminúe as funcións non só *na* produción, como viña sucedendo desde tempo antes senón tamén *a respecto da* produción (Habermas, 1994a, 184). Ademais, as axudas que fornece o Estado á familia para satisfacer-las necesidades básicas (paro, enfermidade, vellez...) tamén dilúen en parte as obrigas do pai de familia. Deste xeito, o Estado penetra en facetas privadas que ata pouco tempo antes lle estaban vedadas, e contribúe a que a familia perda funcións na cría e protección dos seus membros. Así, o Estado consegue novas vías para imprimir certo carácter a aspec-



tos da vida privada que dependían de opcións tomadas desde o interior da familia.

Esta intromisión, como suxerimos anteriormente, é maior nas funcións relacionadas co consumo ca nas conectadas coa produción. Iso dá certa aparencia de intimidade en cuestións en principio privadas, pero que no fondo están condicionadas por modas e pautas de comportamento derivadas da sociedade de consumo. En calquera caso, na percepción do cidadán prodúcese unha crecente escisión entre vida pública e vida privada. As relacións familiares íntimas estarían inmersas nun proceso de *cousificación* paralelo á perda de importancia da institución familiar como axente social primario.

Baixo todas estas influencias, xa que logo, a familia estaría a perder non só as súas funcións socializadoras no ámbito público, senón, sobre todo, unha parte da súa parcela íntima. Esta intimidade veríase acosada, en fase de disgregación individualizadora e camiño de constituír unha *esfera da pseudo-privacidade* (Habermas 1994a, 186).

Neste contexto, os rapaces comezan a reivindicar a súa parcela privada ó tempo que aceptan a institución escolar como medio socializador porque recoñecen a súa necesidade como ente integrador no mundo laboral. Mais fica a área do lecer, que con frecuencia escapa tanto á influencia da escola como da familia, e xorden outras institucións sociais e veciñais que ocupan o seu espazo. Isto leva á propia familia a unha vía morta, xa que se por unha banda debe deixar unha certa liberdade para que os fillos non se aparten demasiado dela, ó mesmo tempo a dispersión da dinámica social obríga a establecer un mínimo de regras coas que sobrevivir.

As familias deixaron hai xa varias décadas de influír tan decisivamente no futuro profesional dos seus fillos, que comeza a depender da escola e doutras institucións intermediarias. Con todo, acéptase que só ós fillos corresponde a decisión do seu porvir. Nesta situación á familia réstalle a función de alimentar, coidar e quere-los fillos, aínda que sempre baixo a supervisión e control do poder público. Deste xe-

to a familia abandona as súas funcións de microsociedade e pasa a converterse nun simple lugar de encontro das vidas privadas (Prost 1991, 87).

Por outra banda, o propio concepto de matrimonio cambiou substancialmente nas últimas décadas. Deixou de ser un *contrato* previo a fundar un fogar, procurar axuda para a dura vida que agardaba e colocarse nunha posición social apropiada, acorde coas expectativas de fortuna e profesión esperables da parella, a ser unha unión en certa medida baseada en afinidades estéticas e psicolóxicas. No que se refire ós fillos, procedemos dunha tradición na que os obxectivos eran legarlles un patrimonio e procura-lo seu éxito, como unha forma tamén de conseguilo éxito propio. Neste contexto, os fracasos emocionais eran menos importantes cós materiais e o amor na parella non era unha condición necesaria para o éxito matrimonial, porque casar era sobre todo formar un grupo.

Esta transformación é difícil de datar, tanto no contexto global occidental coma no caso galego. Quizais o discurso da «espiritualidade do matrimonio», promovido desde a igrexa católica, contribuíse neste sentido. Co tempo, a idea de amor romántico pasará a ser central na escala, e os cónxuxes comezarán a prestar atención a aspectos como a boa comunicación sexual, que obviamente sempre foi importante na parella, pero que non era recoñecida como socialmente lexítima. Con todo, a institución familiar lexítima menos a sexualidade có amor, e en certos sectores aquela segue vinculada á procreación.

En calquera caso, o matrimonio vai abandonando a súa condición de institución para converterse nunha formalidade social. Sobre todo nas cidades, xa non é necesario casar para abandonar-lo fogar paterno, aínda que, curiosamente, na época máis contemporánea moitos fillos que gozan dunha importante independencia respecto á familia non abandonan o fogar dos pais ata moi tarde. Esta situación leva tanto a parellas que conviven sen estaren casadas como á proliferación de mozos

que fan a súa vida independente sen deixaren de convivir con seus pais por cuestións de comodidade.

Este marco pode servir como referencia do contexto para entende-la evolución da vida familiar ó longo deste século, e polo tanto os cambios diacrónicos que poden incidir en pautas de comportamento diverxentes entre xeracións tamén diferentes. Por iso, tales diferenzas deberán tomarse en consideración á hora de avalia-la importancia e posible influencia da familia sobre os comportamentos lingüísticos do individuo.

### **As interaccións lingüísticas familiares**

Na nosa investigación recolleuse información bastante detallada sobre diversos aspectos relativos ós usos familiares, que abranguen diferentes xeracións, diferentes sexos e non só membros da familia nuclear senón tamén a extensa. A ampla batería de ítems dos que partimos permite así considerar que diferenciacións son estatística e socioloxicamente rendibles desde múltiples perspectivas.

Pola literatura de divulgación e mailo ensaio lingüístico galego circulan diversos tópicos relativos a un uso diferencial en función do sexo cos fillos e coas fillas, en función da idade cos irmáns máis vellos e os máis novos ou, en función da procedencia familiar, cos avós maternos e os paternos, por poñer só algúns exemplos.

Neste sentido, a investigación que presentamos pode contribuír a confirmar ou desbotar estes presupostos desde unha perspectiva empírica, ó dispoñermos de datos abondo detallados. Xa no desenvolvemento do MSG puido comprobarse a veracidade desas formulacións desde a perspectiva xeral de Galicia. Nós procederemos deseguido a separar aquelas interaccións que supoñen algún tipo de variación relevante das que non engaden matices adicionais á descrición máis xeral.

Con ese fin realizamos unha análise de correlacións entre os usos lingüísticos das múltiples interaccións estable-

cidas. Aquelas correlacións que superan o 0,90 fan absolutamente inútil calquera análise por separado das variables incluídas nelas. Así mesmo, coidamos que as que superen o 0,85 poden perfectamente homologarse como correlacións moi altas que na maior parte dos casos fan prescindible a análise por separado das variables que presenten tales puntuacións. Con todo, nalgúns casos analizaremos por separado certas variables con correlacións altas (lingua cos fillos vs. lingua para reprende-los fillos ou lingua cos avós vs. lingua cos familiares máis vellos), pero nas que a constatación de proximidade estatística xunto a diferenzas nalgúns subgrupos poden ser importantes desde o punto de vista sociolóxico<sup>91</sup>.


Nesta análise obtivemos diversos resultados de interese. En primeiro lugar, o uso cos avós maternos correlaciona co uso cos paternos en 0.921, o que fai inútil calquera análise por separado. O mesmo acontece co par lingua coa nai e lingua co pai, cunha correlación aínda superior (0,954). As correlacións relativas ás catro variables que fan referencia á lingua cos irmáns oscilan entre 0,963 e 0,984, polo que o tratamento debe se-lo mesmo. Igual acontece nas variables relativas ó uso cos fillos, con correlacións entre 0,960 e 0,985.

Por outra banda, a lingua utilizada nas discusións presenta correlacións máis elevadas coa lingua para reprende-los fillos (0.858) e a lingua coa parella (0,830). Con todo, entre as correlacións da lingua para reprende-los fillos a máis alta é a establecida co uso cos fillos, polo que dedicaremos atención a todas elas. Pola súa banda, a lingua nas discusións será brevemente cotexada coa lingua para reprende-los fillos, co fin de dar conta do sentido das diferenzas entre unha e outra variable asociadas ó elemento emocional «rabia».

---

<sup>91</sup> Como xa temos comentado, en ocasións a non-relevancia estatística dunha proba é salientable desde o punto de vista sociolóxico.

Gráfico 7.1. Usos lingüísticos en diversas interaccións



No gráfico anterior pode apreciarse unha comparativa das principais variables relacionadas cos usos lingüísticos familiares –unha vez desbotadas distribucións non significativas e outras de menor envergadura. A primeira característica que cómpre destacar é que canto maior é a idade da persoa coa que se establece a interacción, máis presenza ten o galego. Esta progresión sistemática só parece verse alterada polo aparente repunte do galego na interacción coa parella (e, en menor medida, cos fillos). Pero debe terse en conta que no cálculo do uso nesta interacción están excluídas as persoas que non teñen parella. Trátase, evidentemente, dos sectores de poboación máis novos que, como xa dixemos (vid. supra «Lingua habitual segundo a idade», p. 214), son os que menos falan galego. Polo tanto, co fin de homoxeneizala mostra para que as comparacións sexan máis coherentes, presentamos a seguir os mesmos datos, pero unicamente referidos a aquelas persoas que teñen parella<sup>92</sup>. Na táboa 7.1 pode

<sup>92</sup> Este mesmo fenómeno producíase tamén no conxunto de Galicia. Cfr. SemSoc (1995, 168 e ss.).

apreciarse como, efectivamente, unha vez que se igualan as condicións de partida, desaparece ese lixeiro aumento do galego que apreciabamos no gráfico anterior no uso coa parella e como o uso é menor na dimensión intraxeracional<sup>93</sup> a medida que pasamos de avós a fillos.

Como se aprecia, os monolingües en galego cos irmáns son agora o 44,8% (fronte ó 36,8% da mostra xeral), case seis puntos máis ca na interacción coa parella.

Táboa 7.1. Usos familiares da poboación con parella.

	lingua cos avós	lingua cos pais	lingua cos irmáns	lingua coa parella	lingua cos fillos
só castelán	23,9%	29,6%	32,7%	36,3%	40,3%
máis castelán	7,8%	9,9%	12,3%	14,4%	20,0%
máis galego	9,2%	8,4%	10,2%	10,3%	14,4%
só galego	59,1%	52,0%	44,8%	39,1%	25,3%

Polo tanto, a tendencia é clara. Os individuos urbanos castelanzan os seus usos a medida que se van facendo maiores e comezan a intervir nas súas vidas persoas de menor idade e procedentes de contextos diferentes.

As diferenzas entre uns usos e outros non son en tódolos casos da mesma envergadura. Feita a salvidade que supón o uso coa parella na mostra global, observamos diferentes ritmos de diminución no uso do galego. Fixándonos no uso monolingüe en galego, apreciamos unha diminución uniformemente acelerada entre os avós, os pais e os irmáns. Entre o uso con estes últimos e coa parella, a diminución (táboa 7.1)

<sup>93</sup> Dicimos *intraxeracional* porque se trata dos usos dun mesmo individuo con persoas coas que vai interactuando, simultánea ou sucesivamente, ó longo da súa vida. Naturalmente, esas persoas pertencen a polo menos tres xeracións diferentes, pero os nosos datos recollen a perspectiva dun único emisor: o informante.

é lixeiramente inferior. Pero, na última fase, a mingua no uso cos fillos é moi importante (case 14 puntos). Iso quere dicir que o proceso de castelanización é sensiblemente máis intenso xustamente naquela interacción na que é o individuo o que *crea* a pauta lingüística do interlocutor<sup>94</sup>. Evidentemente, o uso cos fillos está condicionado por múltiples factores e é en boa medida o informante o que o establece. A lingua que se fala cos avós, os pais e, en certa medida, cos irmáns establécese na infancia en condicións ben distintas. O individuo é un neno e interactúa cun comportamento (o dos avós e os pais) que está establecido desde atrás ou que se establece (cos irmáns) sen as regras de *negociación* da conversa que caracterizan a idade adulta. Non é que non exista unha conciencia ou adaptación á lingua do interlocutor na infancia, pero loxicamente os factores de status, expectativas, poder, ideoloxía, etc. que xorden nos intercambios dos adultos non se producen do mesmo xeito na conversa espontánea entre os irmáns. O uso lingüístico coa muller, que para algúns autores constituiría a última fase da desgaleguización intraxeracional<sup>95</sup>, supón a interacción cunha persoa con frecuencia descoñecida para o informante antes do establecemento da relación, e polo tanto unha descontinuidade adicional nesta sucesión de interaccións consideradas. Non obstante, as diferenzas respecto ó uso cos irmáns non son de consideración. Aínda que, en discrepancia cos argumentos anteriores, prodúcese a referida diminución no uso do galego, de dimensións importantes.

Realmente non temos datos máis precisos sobre o cambio lingüístico na interacción cos fillos, nin sobre a posible influencia sobre as prácticas do individuo nin sobre as razóns que o puideron condicionar. Por iso non é posible ofrecer

<sup>94</sup> Máis adiante observáremo-la validez desta afirmación na perspectiva diacrónica, ó ver se o ritmo da castelanización intraxeracional familiar foi o mesmo ó longo de todo o século XX.

<sup>95</sup> Fernández (1983a, 85) afirmaba que «tomando como punto de origen el momento en que los abuelos aprenden a hablar, habrá una desgaleguización en esa generación que, en lo que al ámbito familiar se refiere, no es probable que continúe tras la formación de su pareja familiar».

argumentos baseados en material empírico. Non obstante, nesa interacción existe a posibilidade de que os pais se sentisen obrigados, por diversas razóns, a influír sobre a conduta dos seus fillos co seu propio exemplo, feito que desde logo non acontece nos outros casos.

Táboa 7.2. Condicionamento de lingua pola parella e sentido do condicionamento

	a parella condicionou	a parella non condicionou
total urbano	11,8%	88,2%
a favor do castelán	53,2%	
a favor do galego	46,8%	

No caso da lingua coa parella podemos realizar unha análise máis detallada, xa que posuímos información sobre a influencia que esta exerceu sobre a conduta dos informantes. Como se observa na táboa 7.2, un 11,8% da poboación urbana reconece que a súa parella condicionou o seu uso lingüístico, mentres un 88,2% estima que non motivou cambios importantes. A porcentaxe de recoñecemento da influencia é maior cá que se aprecia no conxunto de Galicia (cfr. SemSoc 1995, 169-170): unicamente o 7,6%.

Esa influencia favoreceu máis o uso do castelán (53,2%) có do galego (46,8%), pero como se ve as diferenzas non son moi importantes. Con todo, ó observa-lo fenómeno segundo o sexo vemos que os homes se viron máis castelanizados, mentres nas mulleres as opcións están completamente equilibradas:

Táboa 7.3. Dirección do condicionamento lingüístico da parella segundo o sexo.

		SEXO		Total
		home	muller	
dirección do condicionamento	a favor do castelán	58,5%	49,7%	53,2%
	a favor do galego	41,5%	50,3%	46,8%
Total		100,0%	100,0%	100,0%



Non resulta doado separa-la influencia que neste proceso ten o cambio de interacción ou o cambio de xeración á que pertence a persoa coa que esta se establece, da influencia que exerce o propio proceso xeral de substitución do galego polo castelán que se reflicte na sucesión das cinco xeracións consideradas, cada unha delas establecida nun momento posterior á precedente. Polo tanto, resulta difícil saber en que medida un individuo fala sempre en galego cos avós e máis en castelán cos fillos como consecuencia dun diferente status familiar e xeracional do interlocutor, e en que medida isto se debe a cuestións máis xerais relacionadas coa castelanización sufrida pola súa vida e pola dunha porcentaxe moi considerable da poboación urbana.

Así mesmo, unha importante proporción da poboación urbana, como vimos, naceu e desenvolveu a parte da súa vida correspondente á fixación dos comportamentos con polo menos os avós, os pais e os irmáns nun hábitat diferente daquel en que reside –o urbano– hábitat que supón, xunto coa idade, un dos máis potentes preditores das condutas lingüísticas. Por iso é especialmente útil e interesante observar as diferenzas xerais que nesta evolución existen segundo o hábitat de nacemento.

### **Usos familiares segundo o hábitat de nacemento**

A análise dos usos familiares segundo o lugar de nacemento permite apreciar os diferentes ritmos de uso do galego na poboación de orixe urbana fronte á vilega e a rural. No uso cos avós existen diferenzas moi considerables entre os cidadáns de procedencia rural (que no 82,9% dos casos falaban sempre en galego) e os de orixe vilega (54,5%) e urbana (36,3%). En realidade, na poboación urbana os galegofalantes (só ou máis galego) son xa apenas a metade dos casos (48,3%).

Táboa 7.4. Usos familiares segundo o hábitat de nacemento

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
LINGUA COS AVÓS	só castelán	38,6%	24,4%	6,9%
	máis castelán	13,1%	8,6%	3,3%
	máis galego	12,0%	12,5%	6,9%
	só galego	36,3%	54,5%	82,9%
LINGUA COS PAIS	só castelán	47,1%	31,5%	8,6%
	máis castelán	15,5%	10,7%	4,7%
	máis galego	8,4%	9,6%	7,9%
	só galego	29,0%	48,2%	78,8%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	53,2%	34,7%	11,3%
	máis castelán	15,1%	15,4%	8,1%
	máis galego	7,7%	10,9%	11,4%
	só galego	23,9%	39,0%	69,3%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	43,3%	35,8%	13,1%
	máis castelán	17,3%	15,0%	11,1%
	máis galego	9,1%	12,1%	13,0%
	só galego	30,3%	37,2%	62,7%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	46,3%	38,4%	22,0%
	máis castelán	21,2%	22,9%	20,3%
	máis galego	12,5%	14,4%	19,1%
	só galego	20,0%	24,3%	38,6%

Naturalmente, na poboación nacida nas cidades as diferenzas entre o uso cos avós e cos fillos é máis reducida ca na inmigrada, xa que as porcentaxes de uso do galego cos avós das que parten os orixinarios das cidades son sempre menores. Non temos información precisa de onde interactúa(ba)n netos e avós de cada un dos grupos, pero non parece arriscado supoñer que a poboación nacida no rural fala(ba) cos seus avós no lugar de procedencia, nalgunha das aldeas galegas. Entrementres, é probable que o ámbito de interacción cos avós dos nados na cidade fose en moitos casos xa o medio

urbano. Aínda que, naturalmente, parte das interaccións cos avós puideron producirse no medio urbano ó que con frecuencia foron vivir moitas persoas maiores unha vez que os seus fillos (os pais dos informantes) se instaloron definitivamente na cidade, é evidente tamén que unha parte dos avós da poboación nacida nas cidades é tamén cidadina de nacemento ou cando menos de adopción desde períodos antigos. Por iso, algúns dos avós de informantes urbanos serían xa castelanfalantes e a interacción con eles non podería contribuír logo a unha maior galeguización deses informantes.

A redución no uso do galego entre a interacción cos avós e cos fillos, como dixemos, é de menos importancia na poboación orixinaria da cidade. Do 36,3% de monolingües en galego cos avós pasamos ó 20% no uso cos fillos, polo que a diferenza é de só 16,3 puntos. Entrementres, a mesma redución na poboación de orixe rural é de 44,3 puntos. Pero debemos considerar tamén que no caso dos orixinarios das cidades o cambio de interacción non sempre vai asociado a outro de hábitat.

A pesar de todo, seguen existindo diferenzas no uso cos fillos que fan rendible a análise por hábitat nesa interacción: 20% de monolingües en galego cos fillos no medio urbano fronte a un 38,6% no rural. Isto lévanos a preguntarnos se estas diferenzas se manteñen co cambio de idade. Máis adiante referirémonos a esta cuestión ó analiza-los usos familiares dos nacidos na cidade segundo o ano de nacemento, o que nos ha permitir tamén facer un pouco de historia das interaccións lingüísticas no seo das familias urbanas.

### Usos lingüísticos segundo a idade

Neste epígrafe referirémonos á evolución dos usos lingüísticos familiares segundo a idade en toda a poboación urbana. Iso hanos permitir considera-lo pasado lingüístico dos catro segmentos de poboación urbana en función da idade, para así explicar cales son os seus referentes familiares.

Como se pode apreciar na táboa 7.5, a poboación urbana menor de 26 anos é basicamente castelanfalante mesmo no uso cos avós, no que os galegofalantes non superan o 39,5%. Coma no resto dos casos, canto máis tarde se coñeceu a xeración coa que se interactúa menos uso do galego existe. Probablemente, tamén canto máis nova é a pretendida idade desas persoas, menos galego falarán, o que dalgún xeito ha condiciona-lo uso dos informantes.

Táboa 7.5. Usos familiares segundo a idade

		IDADE			
		16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	+ de 65 anos
LINGUA COS AVÓS	só castelán	44,2%	33,9%	21,4%	13,7%
	máis castelán	16,3%	9,8%	6,5%	6,0%
	máis galego	14,2%	10,5%	9,4%	7,5%
	só galego	25,3%	45,8%	62,6%	72,9%
LINGUA COS PAIS	só castelán	56,3%	40,2%	27,5%	20,4%
	máis castelán	19,0%	13,0%	8,8%	6,9%
	máis galego	8,0%	8,9%	8,6%	7,2%
	só galego	16,8%	38,0%	55,0%	65,5%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	69,6%	46,4%	28,7%	21,9%
	máis castelán	14,9%	14,7%	12,3%	8,1%
	máis galego	3,4%	7,3%	12,1%	11,6%
	só galego	12,1%	31,6%	46,8%	58,5%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	58,3%	47,7%	31,8%	23,0%
	máis castelán	17,4%	16,3%	13,8%	11,7%
	máis galego	6,8%	9,0%	11,3%	10,6%
	só galego	17,5%	27,1%	43,1%	54,8%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	61,9%	49,5%	38,2%	29,5%
	máis castelán	14,5%	23,0%	20,3%	14,7%
	máis galego	6,7%	12,1%	15,8%	14,7%
	só galego	16,9%	15,4%	25,6%	41,0%

No grupo de 26 a 40 anos, que como é sabido utiliza máis o galego có anterior, o galego é a lingua máis utilizada cos avós (56,3%), pero xa non acontece o mesmo cos pais (46,9%). No grupo de 41 a 65 anos, o uso do galego só é minoritario (41,4%) na interacción cos fillos, e nos maiores de 65 anos, a pesar de que se mantén o descenso consonte a interacción é máis próxima no tempo, o galego é a lingua máis utilizada.

Esta descrición está feita sobre toda a poboación urbana e, como dixemos, dá unha imaxe do que foi o pasado da poboación residente nas cidades na actualidade. Pero non pode dar conta con precisión da conduta lingüística en cada grupo de idade e en cada época, porque se mestura o que foi a evolución no tempo co cambio de hábitat; por iso, co fin de dar unha descrición máis precisa, imos establecer –como facemos noutros casos– a data de nacemento dos informantes e considerar así unicamente a poboación nacida nas cidades.

### **Usos familiares da poboación orixinaria das cidades segundo a idade**

Non posuímos información demasiado precisa sobre a vida das familias galegas ó longo de todo o século XX coa que poder contrasta-los nosos materiais. Polo tanto, partiremos dos datos que posuímos sobre os niveis de inmigración ás cidades galegas no período indicado para avaliar e contrasta-los resultados dos usos lingüísticos.

En primeiro termo, é de significar que o uso na familia é un indicador que, nas tres primeiras interaccións consideradas, sitúa o informante na súa infancia, polo que pode ser unha referencia –sen dúbida non tan precisa coma a da lingua materna ou os usos da época escolar– para establecer evolucións en tempo aparente. Por iso, aínda non constituíndo unha invariante<sup>96</sup>, os usos familiares poden axudar a construír unha

---

<sup>96</sup> De feito, no capítulo 10, dedicado ó cambio lingüístico pode apreciarse como un sector importante de poboación modifica a súa conduta lingüística

imaxe da evolución lingüística do individuo. Como dixemos, algúns destes usos fíxanse na infancia (avós, pais, irmáns) e outros adoitan establecerse na mocidade (parella) e na idade adulta. Polo tanto, en certo sentido tamén serven como unha pauta do mantemento ou cambio no uso privado máis espontáneo ó longo da vida.

Táboa 7.6. Usos familiares segundo a idade (poboación nacida nas cidades)

		ANO DE NACEMENTO						
		1967-76	1957-66	1947-56	1937-46	1927-36	1917-26	ata 1916
LINGUA COS AVÓS	só castelán	46,3%	43,0%	38,9%	30,5%	28,9%	25,9%	11,4%
	máis castelán	18,5%	13,7%	9,4%	9,8%	7,3%	9,1%	11,1%
	máis galego	14,3%	12,5%	10,0%	10,7%	11,8%	8,1%	6,7%
	só galego	20,9%	30,8%	41,7%	49,0%	52,0%	56,9%	70,8%
LINGUA COS PAIS	só castelán	59,6%	51,4%	43,1%	39,7%	35,0%	34,0%	23,9%
	máis castelán	19,8%	17,4%	13,0%	12,3%	12,4%	10,4%	9,3%
	máis galego	8,1%	8,8%	8,7%	9,2%	9,1%	5,7%	6,5%
	só galego	12,5%	22,4%	35,2%	38,8%	43,5%	49,9%	60,4%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	72,4%	59,1%	47,2%	40,5%	35,4%	33,0%	27,5%
	máis castelán	15,9%	16,6%	16,3%	15,0%	14,3%	10,2%	5,7%
	máis galego	3,6%	6,6%	7,6%	12,4%	11,9%	11,4%	10,5%
	só galego	8,1%	17,6%	28,8%	32,0%	38,4%	45,4%	56,2%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	59,4%	54,6%	44,5%	40,6%	34,3%	33,0%	24,3%
	máis castelán	21,1%	20,4%	18,1%	15,7%	16,6%	11,0%	14,6%
	máis galego	6,8%	8,1%	8,5%	11,7%	8,8%	11,3%	5,4%
	só galego	12,7%	17,0%	28,8%	31,9%	40,2%	44,7%	55,7%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	69,5%	56,5%	48,0%	40,5%	41,7%	39,5%	30,5%
	máis castelán	12,4%	23,9%	23,2%	25,0%	17,6%	15,3%	17,9%
	máis galego	4,3%	9,9%	11,8%	15,7%	15,0%	14,7%	5,1%
	só galego	13,8%	9,7%	17,0%	18,8%	25,7%	30,5%	46,6%

ó longo da vida. Quizais o uso coa parella se manteña máis estable ó longo da vida, pero a lingua cos pais e cos fillos, e quizais cos irmáns, nalgúns casos pode verse modificada ó longo do tempo. A chegada á idade adulta do interloctur e/ou do informante pode modifica-lo modelo de relación e as implicacións inherentes a esta. Ás veces, pode suceder que, por exemplo, o fillo castelanfalante recupere o galego co pai unha vez que se incorpora ó mundo dos adultos, fenómeno nada infrecuente nos fillos de pais galegofalantes que os educaron en castelán e que ó acada-lo rol de adultos volven á lingua de orixe. Quizais este comportamento sexa máis frecuente no medio rural, onde o galego pode realizar máis *presión*, pero non nos parece desbotable tamén desde a perspectiva da cidade. En calquera caso, aínda que nas nosas preguntas non se especificou a que etapa da vida se refería a interacción lingüística cos pais, pensamos que a análise por ano de nacemento pode achegar argumentos interesantes para coñecer a historia das interaccións familiares ó longo do século XX.

En conxunto, podemos apreciar que nas dúas últimas décadas consideradas os usos familiares son xa preferentemente castelanófonos. Nestas, en ningunha das interaccións se utiliza de forma única ou preferente o galego. Son as xeracións que naceron nas cidades a partir da expansión urbana de comezos dos anos 60. Nese momento parece que a castelanización das cidades xa estaba plenamente instalada no ámbito familiar. O uso único ou preferente do galego cos avós era nos anos 60 (nacidos entre 1957-1966) o 43,3%, e nos 70 diminúe aínda máis (35,2%). Como é sabido, a emigración ás cidades nas décadas dos 40 e os 50 viuse cortada como consecuencia do proceso de rerruralización que experimenta Galicia durante a autarquía franquista. Podemos supoñer que os avós deses informantes eran en maior medida rurais e que o maior uso do galego se debe a este motivo, aínda que tamén a un menor grao de castelanización, incluso privada, da vida dos habitantes das cidades.

A análise da lingua cos pais permite observar como a última xeración, na que os usos galegófonos son maioritarios, é a dos nacidos antes da Guerra civil. Serían os nenos urbanos da posguerra (nacidos entre 1937 e 1946) os primeiros que falarían con seus pais maioritariamente en castelán (52%). Aceptando que a ditadura franquista desde a súa instauración fixo o posible por que o galego –igual cás outras linguas diferentes do castelán– deixase de falarse, inclinámonos a pensar que esta diminución está relacionada ante todo cunha dinámica sociolingüística xa en marcha, que desde logo o sistema ditatorial non fixo máis ca alimentar e, nalgunha medida, acelerar. Con todo, as diminucións observables ata a década dos 60 (nacidos entre 1957 e 1966) no uso cos pais son progresivas e non permiten falar de transicións especialmente pronunciadas. A pesar de que os usos familiares nas cidades galegas franquistas son xa preferentemente castelanófonos, o maior salto dáse precisamente nos anos 60. E este salto prodúcese a pesar de que nesa altura as cidades comezan a recibir moita poboación rural que ten os seus fillos

na cidade pero que se criaron no campo. Eses nenos parecen xa asociar claramente vivir na cidade con usa-lo castelán, mesmo nun medio tan privado como a familia.

Ese uso preferentemente castelanófono, que na interacción cos pais dataría, como dicimos, da posguerra, no uso cos irmáns sería algo anterior. O 50,3% da xeración nacida nas cidades galegas entre 1927 e 1936 fala en galego cos irmáns, pero a partir de aí o castelán irá converténdose cada vez máis na lingua dominante. En realidade, non podemos dicir que a relación entre irmáns sexa menos íntima do que é cos pais. Por iso, o menor uso cos irmáns, que sistematicamente aparece en calquera dos períodos e grupos considerados, probablemente haxa que interpretalo noutro sentido. A pesar de que as interaccións cos irmáns e cos pais se establecen na maior parte dos casos na mesma época, o trato cos primeiros prolóngase máis no tempo e, malia a que a maior parte dos cambios parecen producirse ata o matrimonio e a chegada dos fillos, con certeza a castelanización é máis factible con quen, como os irmáns, segue adaptándose á lingua ambiental ca cun pai de avanzada idade que previsiblemente non modifica xa os seus hábitos lingüísticos.

Ademais, previsiblemente, os pais han ter unha procedencia rural en máis casos cós irmáns e, polo tanto, a súa lingua será tamén en maior medida o galego. Non temos datos sobre a lingua que falaban os irmáns cos nosos informantes, pero, como persoas de menor idade cós pais, parece plausible pensar que estivesen instalados en maior medida no castelán. E, dada a relación entre a lingua que a un lle falan e a que un fala, como resultado dos procesos de converxencia lingüística, non se pode desbota-la súa influencia.

No caso da interacción coa parella, non temos datos sobre a procedencia desta. Que un deles nacesse na cidade non implica necesariamente que o outro tivese a mesma procedencia. As diferenzas sociais entre un individuo nacido na cidade e outro nacido nunha vila ou unha aldea non parece que sexan suficientemente importantes como para ser confli-



tivo un matrimonio *mixto*, como sucede noutras culturas (por exemplo, nalgunhas centroamericanas, como a peruana ou a guatemalteca), onde as diferenzas culturais –e normalmente tamén raciais– entre os nados na cidade e no medio rural *impiden* os matrimonios mixtos.

Aínda que xa dixemos que os homes se viron máis influenciados cara ó castelán pola súa parella cás mulleres, o uso coa parella en función do sexo está moi igualado entre homes e mulleres e non permite obter resultados concluíntes ó respecto. Ese uso, en calquera caso, é lixeiramente desfavorable ó galego nas persoas nadas inmediatamente antes da guerra (49%), momento a partir do cal as parellas formadas por nados na cidade falarán máis en castelán ca en galego. Non obstante, como apuntamos anteriormente respecto ó uso cos pais, o maior incremento do castelán dáse na xeración nacida entre 1957 e 1966.

A pesar de que o uso coa parella se establece cunha persoa con frecuencia coñecida posteriormente á familia de orixe, o cambio cara ó castelán, en comparanza, non é excesivamente importante. Cabe a posibilidade de que ó comezo da relación de parella existisen usos lingüísticos *estratéxicos*, nos que quizais o castelán fose a lingua da fase de *ligue* ou achegamento –como aínda sucede hoxe–, pero o uso lingüístico definitivo entre os esposos é resultado ante todo dunha negociación latexante ó propio proceso de comunicación. Ese hábito de achegarse e establece-la relación en castelán pode ser unha pexa cara ó futuro da relación e levar a que sexa esta a lingua na que se *basea* a comunicación entre os esposos. Existe tamén a posibilidade de que ó desaparece-lo efecto inicial de *sedución* se pase novamente do castelán ó galego –sempre que sexa esta a lingua dos cónxuxes– que sería logo a lingua da intimidade e a confianza. Así mesmo, é factible que unha vez que a relación se funda en castelán, o cambio non teña xa marcha atrás. As relacións de parella, para os efectos de regras de comunicación lingüística, con frecuencia son bastante estables ó longo do tempo. O marido non cambia a súa percepción da muller nin viceversa neste sentido,

porque, aínda que a relación poida *medrar*, as pautas de vida e comportamento son moito máis estables ca en idades máis temperás. Os fillos medran, cambian de carácter, de gustos, de horizonte de vida, de referentes culturais, de amigos e de ocupación. Pero este cambio é moito máis limitado dentro da parella, que comparte ademais o ámbito da intimidade e a relación estreita, que nos fillos muda co paso do tempo. Neste sentido, de cambiar algún dos dous cónxuxes a súa pauta lingüística, podería mesmo darse a circunstancia de que un chegase a inquirir nas razóns que levaron a súa parella a *viol*lar as regras lingüísticas de xogo previamente establecidas. En realidade, esta circunstancia sempre se pode dar cando se produce o cambio de lingua –aínda que será máis probable nun hábitat como o urbano onde o cambio castelán-galego non vén favorecido pola lingua do medio– pero presumiblemente ha afectar con máis intensidade a unha relación tan estreita e neste sentido pautada como a relación home-muller.

O uso cos fillos reflicte un paso máis dentro do proceso de desgaleguización da familia urbana. De aceptarmos que os cambios intraxeracionais producen en parte os interxeracionais<sup>97</sup>, este uso podería supoñer un dos elos fundamentais dese proceso en cadea.

En primeiro lugar, ó compara-lo uso cos fillos e coa parella vemos que entre estas dúas interaccións é onde máis cae o emprego do galego de entre todas elas, practicamente en calquera dos períodos considerados, o que parece contradicilas opinións de Fernández respecto a que os últimos cambios no proceso interxeracional rematarían coa constitución da parella<sup>98</sup>. Ademais, a proximidade temporal entre un

---

<sup>97</sup> Segundo Fernández (1983a, 85), «si aceptamos que en Galicia los cambios intra e intergeneracionales van en la misma dirección, se puede afirmar que los primeros son una de las causas de los segundos y, por consiguiente, los cambios intergeneracionales incluyen los intrageneracionales».

<sup>98</sup> Segundo este autor (ibíd. 85), «es un error pensar que los cambios intrageneracionales duran toda la vida. Ya hemos indicado que, en lo que al ámbito familiar se refiere, no es probable que haya cambios después del establecimiento de la relación de pareja».

e outro é evidente, xa que normalmente o momento en que se establece a parella e a relación cos fillos acostuman estar próximos. Con todo, os roles son diferentes, e as expectativas e regras comunicativas tamén. Naturalmente, coñecer con certo detalle as razóns que motivan o cambio e a elección dun código en determinadas situacións e outro noutras precisa dunha metodoloxía e uns datos cualitativos que non posuímos aquí. Pero permítasenos avanzar algunhas hipóteses respecto á diferenza entrámbalas interaccións. En principio, cremos que cando un pai tende a falar en castelán cos seus fillos está sentíndose especialmente marcado polo feito de ser esa a lingua do medio. Porque nese caso é a do medio en que naceu e viviu o pai e tamén o fillo. Os referentes galegofonos, que podían existir no caso da familia *de orientación*, desaparecen na *de procreación*, para a que —na situación social actual— se o galego non é o idioma do pai (o informante) apenas existen razóns para usalo nin, probablemente, referentes cognitivos para usa-lo galego.

Por outra banda, quizais o motivo de falarlles en castelán ós fillos fose diferente en décadas precedentes e hoxe en día, ou segundo o individuo se socializase en castelán e aprendese despois a falar en galego ou non. Os pais galegofalantes de moitos informantes urbanos quizais falaban en castelán cos fillos porque coidaban que así os preparaban mellor para o futuro, no que o castelán era unha lingua útil e socialmente prestixiante, mentres o galego os vincularía ó atraso, ó fracaso e ó estancamento social. Porén, para aqueles pais urbanos que se socializasen en castelán aínda que logo recuperasen (parcialmente) o galego, falar en castelán ós fillos é unha cuestión de inercia, unha educación que imita, pola súa vez, un comportamento que eles mesmos xa observaran nos seus pais, levados máis por esa inercia ca por unha convicción de que iso é social ou persoalmente mellor para os fillos. Naturalmente, para confirmar tales hipóteses necesitamos información precisa e detallada sobre os motivos que leva(ro)n unha persoa a cambiar de lingua cos seus descendentes, e iso só pode obter-

se mediante investigacións cualitativas. Quede, en calquera caso, suxerida a posible diferenza entre a castellanización dos fillos na actualidade e a producida hai unhas décadas.

### Usos familiares segundo a clase social

Na táboa 7.7 presentámo-los usos familiares segundo a clase social no medio urbano galego. Os datos corresponden a tódolos residentes urbanos e neles podemos aprecia-las notables diferenzas entre uns grupos sociais e outros. En conxunto, canto maior é a clase social menor é o uso do galego con eses familiares. Así mesmo, en calquera dos grupos sociais o uso do galego diminúe de interacción en interacción, coa salvidade xa apuntada e explicada no referente á lingua coa parella.

Polo tanto, vemos que a poboación urbana actual fala(ba) en galego cos seus avós sobre todo nas clases baixa e media-baixa. A clase media falaría aínda en galego se considerámo-lo conxunto dos galegofalantes –os que falan sempre ou maioritariamente en galego– 54,6%, mentres na clase media alta falaríase claramente en castelán mesmo cos avós. O uso cos pais sería aínda preferentemente galegófono nas clases baixa e media-baixa, e o mesmo cos irmáns e probablemente tamén coa parella. No uso cos fillos só a clase baixa sería preferentemente galegófona, aínda que xa cunha importante presenza de bilingües e a conseguinte redución de pautas monolingües en galego.

Táboa 7.7. Usos familiares segundo a clase social

		CLASE SOCIAL			
		baixa	media -baixa	media	media -alta
LINGUA COS AVÓS	só castelán	13,9%	21,5%	34,6%	50,0%
	máis castelán	6,2%	8,2%	10,8%	13,3%
	máis galego	6,8%	10,1%	11,1%	13,6%
	só galego	73,0%	60,2%	43,5%	23,1%

<b>LINGUA COS PAIS</b>	só castelán	19,4%	26,9%	42,1%	61,1%
	máis castelán	7,4%	10,8%	12,7%	16,5%
	máis galego	6,8%	8,7%	8,5%	6,7%
	só galego	66,3%	53,7%	36,7%	15,8%
<b>LINGUA COS IRMÁNS</b>	só castelán	24,6%	31,6%	47,2%	66,5%
	máis castelán	11,7%	11,9%	13,6%	14,9%
	máis galego	8,7%	10,3%	8,4%	4,7%
	só galego	55,0%	46,2%	30,8%	13,9%
<b>LINGUA COA PARELLA</b>	só castelán	20,3%	25,5%	42,8%	69,5%
	máis castelán	12,3%	12,8%	15,9%	14,3%
	máis galego	11,8%	11,9%	9,4%	5,2%
	só galego	55,6%	49,7%	31,9%	10,9%
<b>LINGUA COS FILLOS</b>	só castelán	28,5%	31,4%	46,0%	69,2%
	máis castelán	15,7%	19,2%	21,3%	19,2%
	máis galego	17,5%	16,4%	13,3%	5,4%
	só galego	38,3%	33,0%	19,3%	6,2%

Porén, nestes datos relativos ás diferentes clases sociais aparecen mesturados os individuos emigrados ás cidades e aqueles que naceron neste hábitat. Xa que logo, co fin de realizar avaliacións históricas, como fixemos noutros casos, ocupámonos a seguir deste sector orixinario da cidade, para poder analiza-lo comportamento lingüístico en cada unha das clases sociais ó longo deste século<sup>99</sup>.

### **Usos familiares da poboación nacida nas cidades segundo a clase social, no século XX**

En primeiro lugar, cómpre referirse ós diferentes niveis de uso cos avós ó longo do tempo en cada clase social. A clase media-alta sempre presentou un escaso uso do galego cos

<sup>99</sup> Nesta análise establecemos unicamente catro períodos temporais, porque de establecer sete, coma noutros casos, apareceríannos demasiadas celas con frecuencias menores ca 5, o que podería nesga-las porcentaxes obtidas e faría diminuí-la súa fiabilidade. Sobre todo a clase media-alta, e nalgunha medida a baixa, presentan poucos casos en determinadas categorías.

avós, mentres na baixa aparecen os niveis máis altos. Pola contra, nas clases media e media-baixa as diferenzas semellan máis importantes, sobre todo porque no momento presente a utilización do galego é xa bastante reducida. A caída é tamén importante na clase baixa (33,3 puntos), pero nese caso os monolingües en galego son aínda a metade dos membros do grupo social.

Táboa 7.8. Lingua cos avós segundo o ano de nacemento e a clase social (poboación nacida na cidade)

				ANO DE NACEMENTO				Total
				1967-76	1952-66	1927-51	ata 1926	
CLASE SOCIAL	baixa	LINGUA COS AVÓS	só castelán	33,9%	30,6%	17,5%	9,5%	22,8%
			máis castelán	10,7%	8,3%	9,5%		7,6%
			máis galego	5,4%	13,9%	9,5%	7,1%	8,6%
			só galego	50,0%	47,2%	63,5%	83,3%	60,9%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-baixa	LINGUA COS AVÓS	só castelán	39,4%	32,2%	19,3%	16,7%	28,1%
			máis castelán	21,2%	10,7%	6,3%	12,7%	12,4%
			máis galego	14,2%	11,9%	13,4%	5,3%	12,2%
			só galego	25,2%	45,2%	61,0%	65,3%	47,3%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media	LINGUA COS AVÓS	só castelán	49,8%	47,6%	39,1%	28,1%	45,0%
			máis castelán	17,8%	12,6%	10,5%	10,4%	13,8%
			máis galego	15,3%	11,4%	9,6%	9,4%	12,2%
			só galego	17,0%	28,5%	40,8%	52,1%	29,1%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-alta	LINGUA COS AVÓS	só castelán	53,8%	56,0%	57,9%	57,9%	55,8%
			máis castelán	17,9%	16,7%	10,5%		14,4%
			máis galego	12,3%	15,5%	7,9%	21,1%	12,6%
			só galego	16,0%	11,9%	23,7%	21,1%	17,2%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

A comezos da década dos 70, xa que logo, a clase baixa urbana parece usar aínda preferentemente o galego cos avós, mentres a media-baixa abandonaría o uso familiar da nosa lingua con estes devanceiros. A castelanización do uso cos avós sería algo anterior na clase media, aproximadamente na década anterior, mentres que na media-alta esa castelanización do uso cos avós semella ter existido ó longo de todo o

século. Iso dános idea da evolución sociolingüística familiar cun interlocutor no que se combinan fortes lazos emocionais e asemade un uso na maior parte dos casos importante do galego.

O uso cos pais (táboa 7.9) diminúe en relación co observado cos avós. Non obstante, comparando os resultados de ámbalas dúas interaccións desde esta perspectiva apréciase un diferente ritmo segundo a clase social e a idade.

Táboa 7.9. Lingua cos pais segundo a clase social e o ano de nacemento (poboación nacida na cidade)

				ANO DE NACEMENTO				Total
				1967-76	1952-66	1927-51	ata 1926	
CLASE SOCIAL	baixa	LINGUA COS PAIS	só castelán	40,3%	40,5%	21,2%	11,3%	27,5%
			máis castelán	18,1%	10,8%	11,8%		10,9%
			máis galego	12,5%	5,4%	4,7%	9,4%	8,1%
			só galego	29,2%	43,2%	62,4%	79,2%	53,4%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media -baixa	LINGUA COS PAIS	só castelán	54,3%	37,6%	27,5%	20,1%	36,0%
			máis castelán	20,2%	16,1%	10,9%	12,2%	14,8%
			máis galego	9,2%	11,7%	9,1%	4,8%	9,3%
			só galego	16,3%	34,6%	52,4%	63,0%	39,9%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media	LINGUA COS PAIS	só castelán	63,4%	54,2%	44,9%	45,2%	53,7%
			máis castelán	19,3%	16,3%	14,3%	9,7%	16,2%
			máis galego	8,1%	7,9%	9,3%	7,1%	8,3%
			só galego	9,2%	21,6%	31,4%	38,1%	21,7%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media -alta	LINGUA COS PAIS	só castelán	65,8%	71,6%	67,4%	69,6%	68,3%
			máis castelán	22,2%	16,5%	10,5%	21,7%	17,2%
			máis galego	2,6%	3,7%	10,5%		4,9%
			só galego	9,4%	8,3%	11,6%	8,7%	9,6%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Na clase baixa urbana, o galego era a lingua máis utilizada cos pais ata a década dos 60, en que o castelán pasa a ser-lo idioma que os rapaces urbanos de clase baixa máis usan cos seus antecesores. No grupo nacido ata 1951 o 62,4% falaba sempre en galego co pai, mentres nos nados entre 1952 e 1966 esta porcentaxe é de unicamente o 43,2%. Por iso pensamos que foi precisamente a explosión urbanizadora a que

máis contribuíu a que os nenos de clase baixa pasasen a falar en castelán con seus pais.

Por outra banda, se a comparamos cos avós, a maior diminución do uso na clase baixa prodúcese no último dos períodos. A metade dos nados entre 1967 e 1976 falan sempre en galego cos seus avós, pero unicamente o 29,2% o fala cos pais.

No que se refire á clase media-baixa, existe unha retención apreciable no uso do galego cos pais ata os anos 50. O 52,4% dos nados ata 1951 usa sempre o galego, pero os nados entre 1952 e 1966 fala sempre en galego cos pais xa unicamente no 34,6% dos casos.

Os individuos de clase media xa apenas falaban en galego cos pais no primeiro cuarto de século. O máis significativo no seu comportamento é o ritmo da mingua no seu uso do galego, proceso que se acentúa de forma considerable a partir de mediados dos anos 50. Con todo, antes de 1951 unicamente unha terceira parte semellaba utilizar xa o galego cos pais.

No que se refire á clase media-alta, o uso do galego cos pais foi sempre residual ó longo de todo o século. A pesar de que nalgúns casos (poboación de máis idade) a mostra non é demasiado ampla, podemos dicir que no mellor dos casos nunca foron máis dunha quinta parte os membros desta clase social que utilizaron o galego cos pais. Se comparámo-las porcentaxes coas do uso do galego cos avós –que se reducen case á metade– parece que neste grupo a familia nuclear axudou de forma importante a que avanzase a castelanización. Claro que sempre cabe a posibilidade de que a procedencia dos avós desta poboación fose substancialmente máis rural cá dos pais, e incluso que o status social dos avós non fose o mesmo có dos pais ou o dos entrevistados. Lamentablemente, non posuímos información detallada deste particular, o que impide realiza-lo pertinente contraste. Pero parece plausible que, alén das familias de máis tradición na oligarquía urbana, unha parte dos membros desta clase social proveñan



dunha mellora social interxeracional, o que axudaría a explicar tal fenómeno.

O uso cos irmáns (táboa 7.10) sufriría unha caída importante na clase baixa entre o grupo nacido antes de 1926 e o seguinte: os monolingües en galego diminúen en case 20 puntos, mentres os comportamentos monolingües en castelán case se multiplican por tres nese mesmo período. Así e todo, a pesar de que nese momento se reduce substancialmente a interacción en galego entre os irmáns na clase baixa, será a partir dos anos 60 (nacidos entre 1952 e 1966) cando a lingua máis usada cos irmáns comece a se-lo castelán. A finais da década dos 60 poderíase datar outra gran redución no emprego do galego nesta interacción. A partir dese período o uso do galego será minoritario entre a clase baixa urbana.

Táboa 7.10. Uso cos irmáns segundo a clase social e o ano de nacemento (poboación nacida nas cidades)

				ANO DE NACEMENTO				Total
				1967-76	1952-66	1927-51	ata 1926	
CLASE SOCIAL	baixa	LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	51,4%	44,1%	27,3%	10,2%	33,5%
			máis castelán	25,7%	8,8%	13,0%		13,5%
			máis galego	2,9%	2,9%	5,2%	16,3%	6,5%
			só galego	20,0%	44,1%	54,5%	73,5%	46,5%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-baixa	LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	66,7%	48,2%	29,2%	20,8%	42,4%
			máis castelán	17,3%	17,1%	13,1%	9,8%	14,8%
			máis galego	5,8%	8,4%	13,1%	9,2%	9,6%
			só galego	10,2%	26,3%	44,7%	60,1%	33,3%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media	LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	76,3%	61,2%	44,4%	43,9%	59,7%
			máis castelán	14,8%	15,1%	18,1%	10,1%	15,6%
			máis galego	2,9%	6,3%	11,9%	12,2%	7,3%
			só galego	6,0%	17,4%	25,6%	33,8%	17,4%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-alta	LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	80,0%	70,6%	70,8%	81,8%	74,6%
			máis castelán	12,7%	20,6%	12,4%	13,6%	15,2%
			máis galego	,9%	2,0%	3,4%	4,5%	2,2%
			só galego	6,4%	6,9%	13,5%		8,0%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En conxunto, na clase baixa e a media-baixa é onde aparecen as maiores caídas no nivel de uso do galego na interacción cos pais e cos irmáns. Non se debe esquecer que nestas interaccións o uso do galego é importante, mentres na clase media e a media-alta o galego, en calquera dos períodos considerados, é un idioma minoritario. De aí que as reducións no uso non teñan moito sobre onde actuar e polo tanto presenten unha menor envergadura. Así, na clase media-baixa o uso monolingüe do noso idioma diminúe a ritmo de 20 puntos menos de grupo en grupo, salvo no último, que pasa do 26,3% ó 10,2%, unha cifra xa francamente baixa.

Na clase media obsérvase unha redución relativamente uniforme da presenza do galego, que a partir do grupo nacido entre 1952 e 1966 está asociada cun notable incremento do uso exclusivo do castelán. Na clase media-alta o uso do galego, como acontecía na interacción cos pais, é moi reducido. Pero as frecuencias non demasiado altas dalgunhas celas aconsellan non tirar conclusións máis detalladas ó respecto.

O uso coa parella –insistimos na maior media de idade necesariamente asociada a esta interacción– reflicte diferentes ritmos de desgaleguización nas diversas clases sociais urbanas (táboa 7.11). Na clase baixa e media baixa, a maior redución do uso do galego obsérvase no grupo nacido entre 1952 e 1966, respecto ó anterior. Ata ese momento, aínda que xa se produciran reducións importantes na comunicación en galego entre os cónxuxes, o galego aínda era a lingua máis usada polas parellas de clase baixa nadas nas cidades. No grupo nacido entre 1927 e 1951 o 55,7% das parellas oriúndas das cidades falaba sempre en galego cos seus homes ou mulleres, mentres no período seguinte son xa unicamente o 33,3%, exactamente os mesmos que usan sempre o castelán. Nese momento, semella que a comunicación en galego xustamente na clase que máis mantivera o idioma sofre unha min-gua moi considerable.

Algo parecido acontece no grupo de clase media-baixa, aínda que as porcentaxes varían. Pero tamén levan a consi-

derar minoritario o uso do galego coa parella nese período que poderíamos datar a partir de comezos dos anos 70<sup>100</sup>. A redución do uso entre os membros desa xeración é moi importante: case a metade respecto á precedente. Ademais, a xeración actual presentaría un uso xa claramente moi minoritario (12,5% de monolingües) e practicamente a metade da poboación emprega sempre o castelán.

Táboa 7.11. Uso coa parella segundo a clase social e o ano de nacemento (poboación nacida nas cidades)

				ANO DE NACEMENTO				Total
				1967-76	1952-66	1927-51	ata 1926	
CLASE SOCIAL	baixa	LINGUA COA PARELLA	só castelán	33,3%	33,3%	21,5%	8,5%	21,1%
			máis castelán	22,2%	14,8%	15,2%	8,5%	14,0%
			máis galego	11,1%	18,5%	7,6%	19,1%	12,9%
			só galego	33,3%	33,3%	55,7%	63,8%	52,0%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-baixa	LINGUA COA PARELLA	só castelán	48,4%	37,8%	27,8%	19,3%	30,7%
			máis castelán	29,7%	22,5%	13,2%	12,7%	17,0%
			máis galego	9,4%	11,0%	10,9%	10,3%	10,7%
			só galego	12,5%	28,8%	48,2%	57,5%	41,6%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media	LINGUA COA PARELLA	só castelán	70,3%	58,8%	45,5%	44,1%	52,0%
			máis castelán	16,5%	17,9%	20,3%	13,3%	18,4%
			máis galego	4,4%	6,3%	9,8%	6,3%	7,8%
			só galego	8,8%	17,0%	24,4%	36,4%	21,8%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media-alta	LINGUA COA PARELLA	só castelán	77,8%	73,6%	70,0%	85,0%	73,3%
			máis castelán	11,1%	19,4%	12,2%	10,0%	14,7%
			máis galego		4,2%	6,7%		4,7%
			só galego	11,1%	2,8%	11,1%	5,0%	7,3%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

<sup>100</sup> Cómpre lembrar que, se ben os individuos que xa non usan maioritariamente o galego naceron entre 1952 e 1966, a formación da parella deberá situarse entre vinte ou vinte e cinco anos máis tarde como media. Entrementes, o establecemento das relacións coas xeracións analizadas anteriormente hase situar nos cinco ou dez primeiros anos de vida.

O uso coa parella da clase media parece facer supoñer que, se nalgún momento mantivo as súas conversas maritais en galego, iso aconteceu nunha época antiga. A xeración nacida antes de 1926 expresábase sempre en galego só no 36,4% dos casos. A redución, porén, séguese producindo, e xa unicamente un terzo dos matrimonios de clase media formados entre mediados de século e comezos ou mediados dos setenta usan o galego entre eles.

Na clase media-alta pouco se pode engadir ó visto na interacción precedente. O uso do galego é absolutamente residual. Novamente, as baixas frecuencias nalgúns dos grupos de idade desta clase aconséllannos ser especialmente prudentes na procura de análises máis detalladas.

No estudo do uso lingüístico cos fillos (táboa 7.12) debemos ser especialmente prudentes, porque non temos garantías de se houbo ou non cambios ó longo do tempo, e porque tampouco sabemos exactamente cando naceron os fillos. Por outra banda, a poboación nacida despois de 1967 en moitos casos aínda non tivera fillos en 1992, data de recollida da información.

En calquera caso, e coa prudencia necesaria, podemos afirmar que nas familias orixinarias das cidades, o uso do castelán cos fillos parece ser bastante antigo. Seguramente, a clase media-alta sempre falou en castelán ós seus fillos desde comezos deste século, tratando de *preparalos* para actuar como membros dos grupos sociais máis favorecidos na lingua máis prestixiante e que axudaba a marca-lo seu status.

Na clase media urbana, o costume de falar en castelán ós fillos debe de ser tamén antigo. Só o 22,1% dos informantes nados antes de 1926 fala(ba) sempre en galego ós seus descendentes, e en conxunto os galegofalantes supoñen un terzo do total. Na clase media-baixa só o grupo nacido antes de 1926 afirma falar cos fillos maioritariamente en galego. Na clase baixa, este uso maioritario do galego pode adiarse ata os nados entre 1927 e 1951, pero xa cunha presenza moi considerable do castelán.

Tboa 7.12. Uso cos fillos segundo a clase social e o ano de nacemento (poboacin nacida nas cidades)

				ANO DE NACEMENTO				Total
				1967-76	1952-66	1927-51	ata 1926	
CLASE SOCIAL	baixa	LINGUA COS FILLOS	s casteln	66,7%	30,8%	28,8%	18,2%	30,4%
			mis casteln	11,1%	15,4%	12,3%	9,1%	11,8%
			mis galego		23,1%	20,5%	22,7%	19,3%
			s galego	22,2%	30,8%	38,4%	50,0%	38,5%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media -baixa	LINGUA COS FILLOS	s casteln	64,1%	45,2%	34,1%	24,8%	37,1%
			mis casteln	15,4%	24,1%	19,8%	18,8%	20,7%
			mis galego	5,1%	14,5%	16,2%	10,3%	14,3%
			s galego	15,4%	16,2%	29,9%	46,1%	27,8%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media	LINGUA COS FILLOS	s casteln	76,7%	56,6%	48,9%	48,9%	52,4%
			mis casteln	10,0%	24,2%	25,0%	17,6%	23,5%
			mis galego	6,7%	8,7%	12,8%	11,5%	11,0%
			s galego	6,7%	10,6%	13,3%	22,1%	13,1%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	media -alta	LINGUA COS FILLOS	s casteln		72,9%	67,4%	95,2%	72,9%
			mis casteln		16,9%	20,9%		16,9%
			mis galego		8,5%	4,7%		5,4%
			s galego		1,7%	7,0%	4,8%	4,8%
		Total			100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En definitiva, o costume de falar en casteln cos fillos debeu de ser antigo en calquera dos grupos sociais de orixe urbana  longo deste sculo. O ascenso social e as expectativas dun mellor futuro, xunto  abandono e a pechazn de miras vinculada  medio rural e a sa lingua maioritaria, probablemente influse de forma decisiva neste feito.

Usos familiares segundo os estudos

A anlise por estudos (tboa 7.13) permite apreciar variacins moi importantes nos usos lingsticos segundo a formacin do individuo. As diferenzas entre a poboacin sen estudos e con formacin universitaria son de arredor de 60 puntos en tdalas interaccins, o que mostra a pertinencia da anlise.

Por outra banda, as persoas sen estudos mantiveron uns usos familiares moi homoxéneos, con porcentaxes próximas ou superiores ó 80 por cento de monolingüismo en galego, salvo na interacción cos fillos, onde este uso monolingüe atinxía ó 65,2% dos cidadáns. A medida que avanza o nivel de estudos, as diferenzas entre os monolingües en galego das interaccións cronoloxicamente máis antigas e as máis recentes van diminuindo: no nivel primario achéganse ós 30 puntos, no grupo con educación de tipo medio é de 20 puntos e nos universitarios aproxímase tamén ós 20 puntos. Iso quere dicir que os individuos urbanos diferencian menos o interlocutor á hora de fixa-la súa conduta lingüística na familia cantos máis estudos teñen.

Na poboación con estudos secundarios ou universitarios máis da metade da poboación, como mínimo, interactúa(ba) en castelán en calquera ámbito da súa familia.

A lingua utilizada cos fillos foi, salvo para a poboación sen estudos, maioritariamente o castelán. A pesar de que o nivel educativo, como xa temos apuntado, progresou substancialmente ó longo deste século, é de destacar que os fillos de pais con estudos foron educados en castelán, o que desde logo puido contribuír a fixa-lo arquetipo das persoas que falaban en castelán ós fillos como as persoas con máis preparación e que podían ofrecer mellores perspectivas educacionais ós seus descendentes: só o 15,1% dos universitarios urbanos fala(ba)n ós seus fillos en galego.

A pesar de que o nivel de estudos é unha variable anterior ó establecemento da relación cos avós e ás veces os pais, non cabe dúbida de que ó instalarse o rapaz na escola, e te-la oportunidade de interactuar con este ámbito castelanizador, puido producirse algunha interacción coa lingua utilizada na familia. Mesmo é posible que algúns rapaces tomasen conciencia da situación lingüística na escola e iso influíse nas súas condutas familiares. Como suxerimos no capítulo IX, dedicado ó ámbito educativo, a influencia desta institución na regaleguización é ben cativa, aínda que si axudou, porén, a incrementa-lo proceso de castelanización. Resulta difícil

Táboa 7.13. Usos familiares segundo o nivel de estudos do informante

		ESTUDOS			
		ningún	primarios	secundarios	universitarios
LINGUA COS AVÓS	só castelán	1,3%	18,7%	41,0%	44,8%
	máis castelán	2,6%	6,4%	14,5%	12,9%
	máis galego	7,9%	8,3%	13,8%	12,9%
	só galego	88,3%	66,6%	30,7%	29,4%
LINGUA COS PAIS	só castelán	3,3%	24,8%	50,4%	54,0%
	máis castelán	1,6%	7,9%	16,3%	18,3%
	máis galego	7,7%	8,0%	10,1%	7,6%
	só galego	87,4%	59,3%	23,2%	20,0%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	4,5%	27,1%	60,3%	62,4%
	máis castelán	3,5%	10,8%	16,2%	16,6%
	máis galego	10,3%	11,5%	5,9%	5,5%
	só galego	81,7%	50,5%	17,6%	15,5%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	6,8%	26,4%	52,9%	63,3%
	máis castelán	4,4%	12,6%	20,6%	17,6%
	máis galego	10,2%	12,0%	9,4%	5,6%
	só galego	78,5%	49,0%	17,2%	13,5%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	10,4%	33,7%	55,8%	63,5%
	máis castelán	9,7%	19,9%	23,0%	21,4%
	máis galego	14,6%	17,2%	11,0%	6,9%
	só galego	65,2%	29,2%	10,2%	8,2%

cuantificar e separar esta influencia da que se debe atribuír ó proceso xeral de substitución lingüística. Con todo, a influencia é notoria, e a análise realizada pode contribuír a xustificala.

### Usos familiares segundo o hábitat de nacemento e de residencia

Como vimos noutros capítulos desta investigación, o hábitat é un dos indicadores máis importantes para a análise do uso lingüístico. Nesta epígrafe queremos prestar atención á diferenza existente, por unha banda, entre as persoas naci-

das na cidade e as que inmigraron desde outro hábitat<sup>101</sup> e, pola outra, entre os que viven no centro das cidades e os que residen no hábitat periurbano, con frecuencia de tipoloxía rural.

Táboa 7.14. Usos familiares segundo o hábitat de nacemento e de residencia

		HÁBITAT DE NACEMENTO		HÁBITAT ONDE VIVE	
		urbano	inmigrados	urbano	periurbano
LINGUA COS AVÓS	só castelán	38,6%	10,9%	32,7%	16,7%
	máis castelán	13,1%	4,5%	10,7%	5,7%
	máis galego	12,0%	8,2%	10,9%	9,7%
	só galego	36,3%	76,4%	45,8%	67,9%
LINGUA COS PAIS	só castelán	47,1%	13,7%	40,2%	19,9%
	máis castelán	15,5%	6,0%	12,6%	9,3%
	máis galego	8,4%	8,3%	8,4%	8,3%
	só galego	29,0%	71,9%	38,9%	62,6%
LINGUA COS IRMÃNS	só castelán	53,2%	16,7%	45,0%	25,5%
	máis castelán	15,1%	9,8%	13,3%	11,2%
	máis galego	7,7%	11,3%	8,6%	10,1%
	só galego	23,9%	62,3%	33,1%	53,1%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	43,3%	18,1%	40,5%	18,6%
	máis castelán	17,3%	12,0%	15,4%	10,0%
	máis galego	9,1%	12,8%	10,4%	9,5%
	só galego	30,3%	57,1%	33,6%	61,8%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	46,3%	25,5%	44,9%	22,9%
	máis castelán	21,2%	20,9%	20,5%	17,9%
	máis galego	12,5%	18,1%	13,4%	18,1%
	só galego	20,0%	35,5%	21,2%	41,1%

<sup>101</sup> No grupo dos *inmigrados* incluímos tanto aqueles procedentes das vilas como do medio rural e prescindimos, coma noutros casos, dos nados fóra de Galicia, co fin de non complicar máis a descrición.



Polo que respecta ó hábitat de nacemento, os nacidos na cidade usan sensiblemente menos o galego cós orixinarios doutros hábitat de Galicia. As diferenzas son de case o dobre na interacción cos avós (36,3% de monolingües urbanos e 76,4% nos inmigrados) e increméntanse aínda máis no uso cos pais (29% fronte ó 71,9%). En xeral, esta ratio mantense nas demais interaccións, salvo cos fillos, contexto no que tamén os inmigrados ás cidades comezan a usar en boa medida o castelán. Semella que o rol pai-fillo e a crenza na necesidade do castelán ou en que coñezan este idioma desde a época familiar afecta de xeito especial ós pais emigrados á cidade. Se a perda de monolingües entre a xeración dos avós e dos irmáns é de 14 puntos, entre esta última e os fillos é de case o dobre (27 puntos). Neste sector de poboación inmigrada está o groso do proceso de substitución lingüística familiar.

Na poboación nacida nas cidades, como vemos, tamén existe unha diminución no uso do galego conforme pasamos das primeiras ás últimas interaccións consideradas, pero o ritmo é menor, entre outras cousas porque as porcentaxes iniciais son xa máis reducidas (o uso monolingüe cos avós era de unicamente o 36,3%).

Tamén son considerables as diferenzas, no hábitat en que vive, entre o urbano e o periurbano. A dicotomía non é tan notable como a que observabamos no hábitat de nacemento, pero si abondo sistemática. Os habitantes do centro das cidades fala(ba)n maioritariamente en galego cos avós, pero nos demais casos o castelán é xa a lingua dominante. Entremetres, os residentes nas áreas periféricas dos concellos urbanos seguen usando na familia basicamente o galego (considerando conxuntamente os que falan sempre ou máis en galego). Isto quere dicir que neses lugares, cunha tipoloxía por veces escasamente urbana, a transmisión do galego, malia as reducións, aínda presenta unha importante vitalidade.

### Usos familiares segundo o sexo

Unha das ideas que máis ten circulado entre os publicistas da lingua galega é que as mulleres utilizan menos o galego cós homes. Xa nos referimos a esta cuestión no capítulo VI, a propósito da lingua habitual, pero cremos interesante analizar tamén a cuestión desde a perspectiva dos usos familiares.

En conxunto, debemos dicir que as diferenzas observadas en homes e mulleres nos usos familiares son de escasa envergadura, o que pode dar validez á opinión de Wardhaugh (1992, 353) de que a relación entre lingua e sexo é un «tema que con demasiada frecuencia parece inspirar *grandes* argumentos baseados en *pequenos* datos». No caso do uso cos irmáns, tales diferenzas nin sequera son estatisticamente significativas. Así e todo, pode apreciarse unha lixeira tendencia a que as mulleres usen menos o galego cós homes. Este fenómeno, que xa se observaba noutros usos, ten no entanto diferente intensidade segundo a interacción de que se trate.

En conxunto, o máis notable é a redución das condutas monolingües en galego entre as mulleres. Esta pauta, observable en tódolos casos, é algo máis nítida no uso cos avós e, sobre todo, cos fillos. No primeiro caso, non resulta doado dar unha explicación particular á interacción, pero si no uso cos fillos.

Na literatura lingüística e sociolingüística contemporánea tense reflexionado con frecuencia sobre a relación entre uso lingüístico e sexo. A maior parte deses traballos están centrados máis no corpus ca no status da lingua e máis nas variedades dunha lingua con estado ca na alternativa utilización de linguas diferentes, unha das cales está nunha situación minorizada.

Pero, en efecto, este é un tema non exento de polémica, que ademais conecta con frecuencia con diatribas de corte emocional en moitos estudosos. En calquera caso, tanto en estudos de corte *gramatical* coma nos centrados na análise da conversa parece existir acordo en que as distincións reflicten

Táboa 7.15. Usos familiares segundo o sexo

		SEXO	
		home	muller
LINGUA COS AVÓS	só castelán	27,0%	31,6%
	máis castelán	9,3%	10,0%
	máis galego	11,7%	9,7%
	só galego	51,9%	48,7%
LINGUA COS PAIS	só castelán	34,3%	37,9%
	máis castelán	12,2%	11,7%
	máis galego	9,4%	7,5%
	só galego	44,1%	42,8%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	40,7%	41,8%
	máis castelán	12,5%	13,3%
	máis galego	9,5%	8,4%
	só galego	37,3%	36,6%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	33,8%	38,3%
	máis castelán	15,6%	13,4%
	máis galego	11,3%	9,5%
	só galego	39,3%	38,9%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	37,3%	42,9%
	máis castelán	19,0%	20,7%
	máis galego	16,0%	13,1%
	só galego	27,7%	23,3%

as relacións de *poder* existentes entre homes e mulleres na sociedade, na que o home ten desempeñado historicamente o papel de *dominador* e a muller o de *dominada*. Tamén parece claro que esta distribución de roles non é resultado dunha predisposición biolóxica senón de factores culturais e educativos (Lakoff 1975, Preisler 1986). Non obstante, Maltz e Borker (1982) chegan a afirmar que, polo menos en Norteamérica, homes e mulleres pertencen a subculturas sociolingüísticas diferentes.

Desde a perspectiva das linguas minorizadas, a cuestión ten sido tratada en Cataluña desde hai varias décadas. A ausencia de estudos macrosociolingüísticos de amplo espectro sobre o uso nesa comunidade impídenos compara-la pertinencia dos nosos datos. Desde o punto de vista da competencia, véñse considerando que «la correlació entre coneixement del català i sexe és tan poc significativa que en realitat ens la podríem estalviar» (Reixach 1990, 133). Con todo, en tódolos grupos esas diferenzas reflicten un menor coñecemento por parte das mulleres. Neste sentido, hai case dúas décadas, Aracil (1983, 207-217) estableceu a hipótese do «sprint de les dones», segundo a cal as mulleres percorreren moito antes a fase de transición entre a substitución da lingua *x* pola lingua *y*. Os homes serían os primeiros en aprender e coloquializa-la nova lingua, pero as mulleres serían as primeiras en deixar de utiliza-la lingua substituída. Outros estudos deste ámbito lingüístico (Montoya 1996), concretamente en Alacante, poderían confirmar un máis activo papel das mulleres no proceso de substitución lingüística.

A pesar da existencia de diversos contraexemplos, semella que a literatura científica se inclina por salientar que o comportamento das mulleres tende en maior medida a utiliza-las variedades máis prestixiosas, mentres que os homes estarían máis preto das variedades locais (Boix i Fuster & Vila i Moreno 1998, 67).

Entre as teorías para explica-las diferenzas sociolingüísticas entre homes e mulleres (Cameron & Coates 1988), cómpre destaca-la xustificación de Trudgill (1972). Este autor coidaba que as mulleres, ó verse subordinadas e, polo tanto, máis inseguras, reafirman o seu status por medio da utilización de variedades sociais máis prestixiosas. Sen argumentos para corroborar abondo tal hipótese consideramos que esta pode ser (unh)a explicación para os fenómenos que apreciamos nos usos familiares.

De tódalas maneiras, e volvendo á opinión de Wardhaugh que expoñíamos ó comezo, cómpre dar ás diferenzas

por sexo a dimensión que lles corresponde. Efectivamente, nos usos lingüísticos cos avós e, aínda máis, cos fillos, parece que as mulleres utilizan lixeiramente máis o castelán como único idioma de comunicación. Na lingua cos fillos a diferenza supera os 5 puntos. Ó controla-la idade, vemos que as maiores diferenzas entre homes e mulleres se producen en grupos de idade avanzada (56 a 75 e, sobre todo, maiores de 75 anos). Ó non ser sistemática esta conduta non coidamos poder establecer unha relación que permita unha explicación sociolóxica completamente sólida. Así e todo, na interacción cos fillos si parece que, nas mulleres nadas no primeiro cuarto do século XX, existe unha tendencia algo máis acentuada nesta mesma dirección. Isto podería indicar que se cadra existiu no pasado unha tendencia nas mulleres a introducir con máis rapidez o castelán para falar coas persoas da súa familia. De ser iso así poderíanse asumir –polo menos parcialmente– os argumentos de Aracil ós que fixemos referencia. Con todo, non temos confirmación empírica abondo para segui-la ruta desta hipótese ó longo da historia, polo que deixaremos que sexa simplemente iso, unha hipótese.

### Usos na familia segundo a lingua inicial

A análise dos usos familiares segundo a lingua inicial permite aprecia-la evolución da lingua galega ó longo do tempo, desde a época en que esta se adquiriu ata os diferentes momentos e situacións a que corresponden tales usos. En certo sentido, pode dicirse que a lingua inicial sería o punto de partida familiar do individuo, o principal herdo e influencia que recibe da familia *de orientación*, mentres os cinco usos considerados van supoñendo sucesivos pasos no percorrido lingüístico familiar. Os dous últimos –a parella e os fillos– constitúen así mesmo os usos correspondentes á familia *de creación* na que, en principio, o individuo ten máis capacidade de elección de lingua en interaccións que se establecen sendo el/a adulto/a.

A primeira das interaccións consideradas, cos avós, permite apreciar como a retención do galego como lingua inicial é bastante maior cá do castelán. O 93,8% dos monolingües iniciais en galego manteñen sempre esta lingua cos avós, mentres nos castelanfalantes só ocorre o mesmo no 61,4% dos casos. As motivacións destas diverxencias parecen ser diferentes nos dous casos. A inmensa maioría dos nenos que introducen/ían o galego cos avós aínda que non sexa/fose a súa lingua materna teñen avós que fala(ba)n en galego, o que parece suxerir diferentes graos de converxencia cara á lingua destes. Porén, o reducido número de rapaces que, tendo o galego como lingua inicial, se expresaban cos avós en castelán, parece estar relacionado cunha diverxencia lingüística, xa que a lingua dos avós é tamén na maior parte dos casos o galego. A pesar de se-lo galego a lingua materna, non parece existi-la suficiente lealdade lingüística para mantelo ó falar cos avós, a pesar de que estes o utilicen e de que normalmente a relación dos nenos cos avós é de confianza e proximidade. Diversos factores sociais e persoais poden estar asociados con tal comportamento que, con todo, xa dixemos que é cuantitativamente moi reducido. Por outra banda, os bilingües tenden a utiliza-lo galego cos avós (o 53,5% úsao sempre e o 24,2% preferentemente).

A retención da lingua inicial dos castelanfalantes é maior no uso cos pais (71,6%), xa que estes presentan un menor uso do galego. Con todo, nos monolingües en galego a retención da lingua inicial diminúe lixeiramente (91,9%). Mesmo así, a converxencia cara ó castelán é sensiblemente maior nos bilingües iniciais, que só teñen como lingua única ou preferente o galego cos pais no 60,5% dos casos.

Este aumento da retención do castelán paralela á diminución da do galego é tanto máis importante canto máis próxima á actualidade está a interacción familiar. Do uso cos irmáns destacaríamos que os bilingües xa utilizan máis o castelán (52,1%) có galego con eles.

Táboa 7.16. Usos familiares segundo a lingua inicial.

		LINGUA INICIAL		
		castelán	as dúas	galego
LINGUA COS AVÓS	só castelán	61,4%	8,0%	1,1%
	máis castelán	15,6%	14,3%	,7%
	máis galego	10,8%	24,2%	4,3%
	só galego	12,2%	53,5%	93,8%
LINGUA COS PAIS	só castelán	71,6%	14,3%	1,3%
	máis castelán	15,3%	25,2%	1,7%
	máis galego	6,2%	21,7%	5,1%
	só galego	6,9%	38,8%	91,9%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	76,1%	26,5%	3,4%
	máis castelán	14,9%	25,6%	5,0%
	máis galego	4,5%	18,3%	10,2%
	só galego	4,6%	29,6%	81,4%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	69,4%	24,2%	7,4%
	máis castelán	18,3%	24,5%	7,0%
	máis galego	6,5%	18,9%	10,8%
	só galego	5,8%	32,4%	74,8%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	73,5%	28,3%	14,3%
	máis castelán	17,7%	31,9%	18,1%
	máis galego	6,0%	24,4%	18,4%
	só galego	2,8%	15,3%	49,2%

No uso coa parella obsérvase un aparente incremento do uso do galego, resultado, como dixemos, do aumento da media de idade do sector de poboación que ten cónxuxe. Porén, no uso cos fillos obsérvase unha importante diminución do galego nos monolingües neste idioma (só o 49,2% o utiliza sempre e o 18,4% maioritariamente).

A pesar de que nese grupo o galego seguiría sendo a lingua predominante cos fillos (67,6%), a mingua é de consideración (arredor de 20 puntos). O 53,5% desa poboación naceu no medio rural, pero un 35,9% é de orixe urbana. A pesar de

que, novamente, non temos maneira de confirmar empiricamente a causa dese comportamento, probablemente poidamos pensar de novo na maior utilidade e prestixio que para eses pais ofrece a socialización en castelán dos seus fillos, a pesar de non ser esa a súa orixe lingüística.

Polo tanto, podemos dicir que, en conxunto, existe un proceso de converxencia lingüística, polo cal progresivamente se vai incorporando outra lingua diferente da inicial no seo da familia. Mais, este proceso conduce a un emprego preferente do castelán, aínda que non sexa esa a lingua inicial.

### **Usos familiares segundo a lingua habitual**

Esta análise permite completar, no seo da familia, a traxectoria lingüística dos individuos. Non podemos precisar exactamente a medida en que o cambio lingüístico vén favorecido pola familia e ata que punto é o conxunto da vida social das cidades a que guía eses cambios. Pero si podemos ver polo menos a dirección dese proceso.

Da análise da táboa 7.17 dedúcese que o uso cos avós se mantivo máis no caso dos castelanfalantes ca no dos galegofalantes. O 59,4% dos monolingües en castelán cos avós segue mantendo esa conduta na súa lingua habitual. Entrementres, só o 24,4% dos monolingües en galego cos avós segue utilizando sempre o galego. Na interacción cos pais acontece algo semellante, pero a converxencia é algo menos desfavorable ó galego, fenómeno máis patente aínda na lingua cos irmáns. Podemos supoñer que o período correspondente á fixación máis ou menos definitiva da lingua habitual coincide coa lingua coa parella e a lingua cos fillos, polo que pode ser difícil determinar en que medida as diferenzas nas interaccións anteriores se deben a fenómenos directamente relacionados coa familia e en que medida obedecen a un proceso de cambio lingüístico en marcha.



Táboa 7.17. Usos familiares segundo a lingua habitual.

		LINGUA HABITUAL			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA COS AVÓS	só castelán	59,4%	37,5%	2,8%	0,3%
	máis castelán	8,9%	84,6%	6,2%	0,3%
	máis galego	4,4%	58,9%	35,6%	1,0%
	só galego	0,4%	20,2%	55,1%	24,4%
LINGUA COS PAIS	só castelán	51,3%	45,3%	3,3%	0,0%
	máis castelán	2,1%	86,5%	11,4%	
	máis galego	0,7%	47,5%	50,1%	1,7%
	só galego	0,2%	13,4%	58,5%	27,9%
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	47,0%	48,6%	4,4%	0,0%
	máis castelán	1,0%	83,6%	15,1%	0,2%
	máis galego	0,1%	27,1%	72,5%	0,3%
	só galego	0,0%	7,6%	59,5%	32,9%
LINGUA COA PARELLA	só castelán	49,1%	44,8%	6,1%	0,0%
	máis castelán	2,3%	78,5%	19,2%	
	máis galego	0,1%	24,0%	75,4%	0,4%
	só galego	0,0%	3,8%	60,5%	35,7%
LINGUA COS FILLOS	só castelán	43,1%	46,1%	10,7%	0,2%
	máis castelán	0,4%	52,1%	46,7%	0,9%
	máis galego		8,4%	89,0%	2,6%
	só galego	0,0%	0,7%	44,8%	54,5%

Porén, as interaccións coa parella e cos fillos deberían estar moi próximas á lingua habitual na idade adulta. Por iso cremos que as desviacións con respecto a esta poden perfectamente corresponder á influencia que esas interaccións exercen sobre as condutas lingüísticas do individuo, o que reforza o interese desta análise.

No que respecta á parella, parece existir bastante coincidencia coa lingua habitual. Se tomámo-los monolingües como referencia, vemos que os castelanfalantes coa parella introducen nunha porcentaxe importante o galego nas súas prácticas habituais, sexa de forma minoritaria (44,8%) ou

preferente (6,1%). Isto pode indicar ou ben unha certa capacidade castelanizadora do uso conxugal ou ben algún poder galeguizador da sociedade, que demanda a introdución deste idioma en determinadas circunstancias. No caso dos monolingües en galego, inclinámonos a pensar que a sociedade urbana leva a utiliza-lo castelán en diversas situacións, a pesar de que na intimidade da familia a pauta sexa o galego. De tódalas maneiras, cómpre sinalar que esa adaptación lingüística non produce como resultado, naturalmente, un abandono completo da lingua utilizada coa parella.

Fixándonos nos monolingües, a análise dos resultados relativos ó uso cos fillos ofrece tamén pautas interesantes. O comportamento monolingüe en castelán cos fillos só corresponde no 43,1% dos casos con persoas que na súa vida habitual son monolingües, o que quere dicir que interactuar cos fillos leva moitas persoas a usar en maior medida o castelán. Ó mesmo tempo, cando os pais falan en galego cos fillos pero non o usan sempre no seu comportamento habitual probablemente se deba á influencia castelanizadora da sociedade urbana, de xeito que aqueles que non abandonan o galego cos fillos fano esporadicamente na súa vida social, a pesar de chegar á idade adulta coa decisión suficiente como para transmitírlle-lo galego.

Todo isto pon de manifesto a multidimensionalidade das condutas lingüísticas no seo da familia que, a pesar da intimidade inherente a estas, dá lugar a importantes procesos de converxencia e adaptación lingüística. O que fai pensar que na Galicia urbana a substitución lingüística está instalada dunha forma moi imporante nun eido tan informal e privado coma a vida familiar.

### **Usos da poboación urbana na familia segundo a lingua que lles falan nesas interaccións**

Co fin de coñecer mellor a relación dos usos familiares con regras comunicativas internas da familia, e dado que en

dúas das interaccións consideradas anteriormente posuímos información tamén do idioma que utilizaban eses familiares cos nosos informantes, imos deternos a seguir no contraste entre ese uso dos entrevistados e a retroalimentación que reciben dos respectivos interlocutores na familia.

### **Lingua utilizada cos avós e lingua que falan os avós cos informantes**

Esta análise permítenos contrasta-la posible influencia que o uso dos avós tiña sobre a lingua empregada polos informantes con eles e, desde unha perspectiva máis xeral, o grao de converxencia entre un e outro uso lingüístico.

Inicialmente, podemos dicir que existe bastante proximidade entrámbolos dous usos, aínda que esta afirmación debe ser matizada en función da opción lingüística.

Así, cando os avós falan sempre en castelán, esta conduta coincide no 96,4% dos casos coa do informante (o neto) con eles, e só o 0,1% se diferencia (ás veces) dela. Neste grupo os informantes naceron en maior medida no medio urbano e fóra de Galicia, e é probable que correspondan a avós e familias plenamente instaladas no castelán –non só nos usos familiares.

Cando os avós falan cos informantes sempre en galego, estes correspóndenlles coa mesma conduta no 73,2% dos casos. Un 12,7% fálalles sempre en castelán e un 14,1% alterna as dúas linguas. Isto indica que existen máis factores fóra da interacción en si mesma que marcan a pauta de uso. De feito, arredor do 95 por cento destes informantes están instalados nese idioma como pauta habitual. Ademais, nove de cada dez dos que falan con eles sempre en castelán xa se socializaron neste idioma na infancia.

Se observámo-los usos bilingües vemos tamén algúns fenómenos de interese. Cando a lingua dos avós é preferentemente o castelán os netos (informantes) falan no 61,1% dos casos sempre neste idioma, só no 29,1% manteñen a pauta

dos avós (máis castelán) e unicamente o 9,8% supera o nivel de utilización do galego dos avós.

Cando os avós falan máis en galego acontece o mesmo. Só o 7,3% fala sempre e o 29,8% máis en galego, mentres un 62,9% fala máis ou sempre en castelán. Este contraste permite apreciar como cando non hai correspondencia entre uso con avós e dos avós, este uso favorece en maior medida o castelán có galego. Non pensamos que os netos poidan castelaniza-la conduta xeral dos avós, que xa se encontran na idade adulta e pretendidamente son pouco susceptibles de modifica-lo seu comportamento lingüístico pola influencia dos netos ou doutros membros da familia. Así e todo, pode dicirse que a *publicidade pública* entrou e segue entrando nas condutas lingüísticas familiares, de formas con frecuencia inconscientes e sutís, pero inevitablemente existe permeabilidade entre os dous mundos.

Táboa 7.18. Lingua do entrevistado cos avós e lingua dos avós co entrevistado

		LINGUA DOS AVÓS				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
LINGUA COS AVÓS	só castelán	38,0%	13,7%	19,5%	28,8%	100,0%
		96,4%	61,1%	38,7%	12,7%	29,5%
	máis castelán	4,2%	19,9%	37,1%	38,9%	100,0%
		3,5%	29,1%	24,2%	5,7%	9,7%
	máis galego	0,2%	5,0%	41,8%	53,0%	100,0%
		0,1%	8,1%	29,8%	8,4%	10,6%
	só galego		0,2%	2,2%	97,6%	100,0%
			1,7%	7,3%	73,2%	50,1%
	Total	11,6%	6,6%	14,9%	66,8%	100,0%
		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Todos estes datos indican, xa que logo, que, aínda sendo a familia unha importante institución socializadora dos individuos no que á lingua se refire, existen outros factores que tamén inflúen decisivamente nos comportamentos familiares. Naturalmente, existen outras interacción ademais da existen-

te cos avós que contribúen a fixa-lo uso na familia, por exemplo cos pais. Pero da análise desas interaccións dedúcese que en moitos casos a lingua dos pais cos informantes é tamén o galego, e porén a conduta destes non se corresponde na mesma medida. Probablemente, sen información de tipo cualitativo sobre estes usos e as motivacións que os rexen non sexa posible explicar en toda a súa profundidade o porqué destas diverxencias. En calquera caso, é evidente, tamén nos usos lingüísticos, que —como dixemos ó comezo deste capítulo— o mundo urbano contemporáneo asistiu a unha importante penetración da sociedade e mailos seus axentes na vida privada dos cidadáns. Esta constatación, provisional e necesitada dun maior desenvolvemento, lévanos a pensar así mesmo que, aínda que non é posible influír directamente na familia como se dun proceso causa-efecto se tratase, os seus comportamentos son claramente modificables a través dunha planificación tanto sectorial como de conxunto desde a sociedade e mailas súas institucións.

### **Lingua utilizada cos pais e lingua que falan os pais cos informantes**

O contraste de usos nesta interacción é tamén moi interesante no que á converxencia lingüística se refire. O uso monolingüe do castelán cos pais coincide no 77,5% dos casos con esta mesma conduta por parte destes (no uso cos avós só coincidía plenamente no 38% dos casos). Aínda que non é doado dar unha explicación detallada a esta cuestión cos datos que posuímos, non semella moi probable que os pais inciten menos cós avós a diverxer dos seus usos galegófonos, por exemplo por teren unha relación máis estreita e/ou controlaren mellor o comportamento lingüístico que con eles teñen os seus fillos. Isto quizais fose máis fácil nunha sociedade cunha forte autoridade paterna que incluíse o control estrito da lingua na que se expresan os fillos con eles (como podería suceder, se cadra, no pasado, cando os fillos non consideraban

conveniente ou non se atrevían a tratar de *ti* o pai ou a nai). Tendo en conta a importante evolución *democratizadora* que experimentou a familia galega ó longo do século esta explicación ten poucos visos de ser posible. Pola contra —e a pesar de que non temos datos precisos ó respecto— cremos que a conduta do fillo (o informante) co pai é máis próxima á deste porque na xeración dos pais o castelán ten xa moita máis presenza ca na dos avós, que como norma estaban máis arredados das pautas castelanizantes de comportamento lingüístico habitual nas cidades. Os pais da poboación urbana nalgúns casos mesmo é posible que vivan tamén na cidade, mentres é previsible que os avós residan en maior medida no medio rural, e que polo tanto se expresen máis frecuentemente en galego.

A pesar das escasas diferenzas, quizais apunte neste mesmo sentido a redución —4 puntos— na porcentaxe de pais que falan sempre en galego con fillos que tamén se expresan desta maneira. E quizais tamén esta diverxencia a favor do galego na conduta dos fillos respecto ós pais teña como causa algún tipo de conciencia lingüística dos primeiros. Con todo, insistimos, as diferenzas son de escasa envergadura. Supoñemos, ademais, que algunhas destas interaccións en galego pai-fillo non se producirían —na infancia polo menos— na cidade senón no medio rural.

Táboa 7.19. Lingua do entrevistado cos pais e lingua dos pais co entrevistado

		LINGUA DOS PAIS CO ENTREVISTADO				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
LINGUA COS PAIS	só castelán	77,5%	13,4%	6,1%	3,1%	100,0%
		93,5%	36,4%	18,6%	2,5%	36,5%
	máis castelán	10,2%	59,9%	22,8%	7,1%	100,0%
		4,0%	53,5%	23,0%	1,9%	12,0%
	máis galego	3,8%	10,4%	61,7%	24,1%	100,0%
		1,0%	6,4%	42,9%	4,5%	8,3%
	só galego	1,0%	1,2%	4,2%	93,6%	100,0%
		1,4%	3,8%	15,4%	91,1%	43,3%
Total		30,2%	13,4%	11,9%	44,5%	100,0%
		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

No que se refire ós usos bilingües cos pais, destaca a maior diverxencia cara ó castelán que cara ó galego na conduta dos fillos. Se nos fixamos na lectura vertical da táboa, apreciamos que o 53,5% dos fillos de pais que lles falan máis en castelán manteñen a mesma conduta. Non obstante, a diverxencia por parte dos fillos redunda máis no monolingüismo en castelán (36,4%) ca nun maior uso do galego (10,2%). O mesmo fenómeno pode observarse ó tomar como referencia os pais que utilizan máis o galego. Só o 15,4% (monolingües) incrementan o uso do galego respecto ós pais, mentres falan menos ca eles no 41,4% dos casos. De todo o anterior dedúcese que nas conversas bilingües entre pais e fillos o uso do galego aparece con máis frecuencia por iniciativa dos pais ca dos fillos, que, pola súa banda, interactúan con eles en maior medida en castelán.

### Outros usos familiares

Interésanos tamén aquí contrastar outros usos familiares dos que temos información na nosa investigación, para conseguirmos unha imaxe máis completa das interaccións lingüísticas no seo da familia urbana galega.

De xeito tamén breve, e unicamente para efectos de contraste, imos ve-las diferenzas entre o uso dos pais cos informantes co uso que mantiñan aqueles entre si. Así mesmo, imos referirnos ó uso dos pais cos avós fronte ó uso dos pais entre si e ó uso dos pais cos fillos. E, finalmente, prestaremos atención a algúns intercambios comunicativos que non incluímos na nosa descrición xeral (lingua nas discusións, para reprenderlos fillos e cos familiares máis vellos e máis novos), describindo as súas peculiaridades respecto a aquelas interaccións coas que están máis asociadas. Todo isto ha enriquece-la nosa visión da influencia dos roles familiares e as connotacións asociadas a eles sobre a variación das condutas lingüísticas.

En primeiro lugar, quixeramos destacar que os usos do pai e da nai co entrevistado son moi semellantes. A correla-

ción entrámbalas variables é de 0,919, o que fai inútil calquera exploración por separado, sexa cal sexa o subgrupo social considerado. En segundo lugar, na comunicación dos pais cos fillos fábase máis en castelán que cando falan os pais entre eles. As diferenzas son menores entre os nados no medio rural, pero a dirección do fenómeno é constante: os pais sempre falan máis en castelán cos fillos ca entre eles. Este fenómeno non vén máis que a confirmar, como non podía ser doutro xeito, os resultados da exploración realizada anteriormente entre os informantes relativa ó contraste entre a lingua utilizada coa parella e a lingua cos fillos.

Outro aspecto de interese é a comprobación da coherencia e converxencia dos usos lingüísticos dos pais no seo da parella e mais cando se dirixen ós seus antecesoros, os avós dos informantes, xa que ha permitir confirmar ou non as hipóteses relativas á influencia do rol familiar sobre o uso lingüístico.

### **Lingua dos pais cos avós segundo a lingua dos pais entre si**

Efectivamente, na táboa 7.20 apréciase como, mesmo cando a parella fala sempre en castelán, introduce o galego para falar cos avós. Neste caso, catro de cada dez parellas de pais usan o galego cos avós, aínda que non sexa este o idioma habitual, probablemente como unha forma de converxencia con eses avós que, probablemente, teñen o galego como lingua de instalación. Entrementres, cando o idioma dos pais entre si é o galego apenas aparecen usos do castelán na interacción cos pais (1,2%). Débese pensar que, dada a asociación do uso do galego co hábitat, probablemente eses avós correspondan só excepcionalmente ó hábitat urbano, e sexan un reflexo dun proceso de converxencia inverso ó visto anteriormente.



Táboa 7.20. Lingua dos pais cos avós segundo a lingua dos pais entre si.

		LINGUA PAIS CON AVÓS				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
língua pais entre si	só castelán	60,0%	19,9%	11,5%	8,7%	100,0%
	máis castelán	3,2%	33,6%	34,7%	28,5%	100,0%
	máis galego	1,2%	2,0%	48,1%	48,6%	100,0%
	só galego	0,1%	0,3%	0,8%	98,8%	100,0%
Total		16,2%	8,6%	10,9%	64,4%	100,0%

Así mesmo, os usos bilingües confirman o que xa vimos comentando: a maior converxencia cara ó galego por parte dos pais cando os avós están instalados nese idioma. Cando os pais falan entre si preferentemente en castelán, a interacción cos avós provoca que nun 63,2% incrementen o seu uso do galego ó dirixirse a eles, mentres só o 3,2% diminuiría ese uso. Así mesmo, cando os pais falan entre eles máis en galego, a presenza dos avós fai que nun 48,6% dos casos se convertan en monolingües neste idioma, mentres só no 3,2% dos casos comezan a utilizar en maior medida o castelán.

Todo isto confirma, sen dúbida, que a presenza dos avós supón un estímulo claramente galeguizador para quen interactúa con eles. A causa pode estar tanto no feito de que existe conciencia de que o galego é a lingua en que se *debe* falar ós avós, que van entender mellor o que se lles di nese seu idioma, como en que quizais nalgúns casos teñan algunha dificultade para comprende-lo castelán ou que expresándose na súa lingua se vai producir unha maior empatía e proximidade emocional con eles. Evidentemente, cos nosos datos non podemos decidir cal destas opcións ou combinacións delas se axustan máis á realidade. Non obstante, en espera de estudos máis cualitativos que definan en profundidade as motivacións do cambio lingüístico no eido familiar, intuímos que a proximidade emocional cos avós ha resultar un factor determinante da escolla lingüística.

## Lingua dos pais cos fillos segundo o hábitat de nacemento destes e a súa idade

Co fin de completa-la descrición do historial lingüístico dos residentes nas cidades galegas, e coñecer así un pouco mellor a súa procedencia lingüística familiar, cremos útil afondar na lingua utilizada polos pais para falar cos fillos nos tres hábitat de nacemento da poboación urbana e controlando a idade. Esa información preséntase na táboa que figura a seguir.

Táboa 7.21. Lingua dos pais cos fillos segundo o hábitat de nacemento destes e a súa idade.

				HÁBITAT DE NACEMENTO			Total
				urbano	vilas	rural	
IDADE	16 a 25 anos	LINGUA DOS PAIS CO ENTREVISTADO	só castelán	44,2%	47,9%	7,0%	41,1%
			máis castelán	24,2%	16,7%	10,9%	22,8%
			máis galego	14,8%	16,7%	11,7%	14,6%
			só galego	16,7%	18,8%	70,3%	21,5%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	26 a 40 anos	LINGUA DOS PAIS CO ENTREVISTADO	só castelán	43,1%	27,7%	6,9%	32,1%
			máis castelán	17,5%	20,2%	6,5%	14,9%
			máis galego	13,0%	10,6%	10,1%	12,0%
			só galego	26,4%	41,5%	76,5%	41,0%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	41 a 65 anos	LINGUA DOS PAIS CO ENTREVISTADO	só castelán	35,5%	22,6%	6,3%	22,9%
			máis castelán	14,2%	7,0%	3,7%	9,4%
			máis galego	11,7%	11,5%	9,5%	10,9%
			só galego	38,6%	58,9%	80,5%	56,8%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
	máis de 65 anos	LINGUA DOS PAIS CO ENTREVISTADO	só castelán	28,0%	17,2%	5,7%	16,1%
			máis castelán	8,2%	4,6%	3,4%	5,5%
			máis galego	11,4%	14,9%	5,3%	8,8%
			só galego	52,4%	63,2%	85,5%	69,7%
		Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Os datos anteriores confirman hipóteses xa suxeridas anteriormente ó describi-las variables referentes á lingua dos informantes cos seus fillos ó longo do século que rematou.

Os maiores de 65 anos fala(ba)n cos seus fillos nados na cidade en galego (o 52,4% sempre e o 11,4% maioritariamente). Porén, esta pauta foise modificando progresivamente, ata chegarmos a unicamente un 16,4% de pais de informantes nados no medio urbano que lles fala(ba)n en galego. Claro que quizais canto máis retrocedamos no tempo máis probable sexa que os pais nacesen e vivisen unha parte da súa vida no medio rural e, polo tanto, estivesen influídos de forma importante polos hábitos máis galegófonos dese medio. Os pais dos informantes nados no medio vilego parece que seguiron a mesma pauta lingüística. A pesar de que no grupo de maiores de 65 anos a porcentaxe de utilización do galego é arredor de quince puntos superior, no grupo de 16 a 25 anos as cifras practicamente se igualan. Unicamente os usos dos pais de individuos nados no medio rural parece que se mantiveron en boa medida entre a xeración máis vella e a máis nova: os monolingües só diminuíron en 15 puntos entrámbolos puntos xeracionais extremos, e o galego segue sendo a lingua que os pais utilizan maioritariamente con eses mozos urbanos de procedencia rural. Sen dúbida, un dos puntos positivos do historial lingüístico da poboación urbana.

### Lingua nas discusións

Das análises realizadas entre as diversas interaccións familiares dedúcese que a correlación máis alta desta variable é coa lingua coa parella (0,826) —só superada pola existente coa lingua habitual, 0,829, e coa lingua utilizada para reprender-los fillos, 0,857— e, a seguir, coa lingua cos irmáns (0,807), mentres na lingua cos pais a correlación diminúe a 0,784 e cos avós a 0,746. De entre outras variables non relacionadas coa familia, destaca a correlación coa lingua utilizada cos amigos, unha décima superior á existente cos irmáns.

Todo isto parece indicar que se trata dunha modalidade de discurso relacionado coa idade adulta, na que se fixan

definitivamente as eleccións de lingua para momentos nos que a carraxe entra na fala do individuo.

Ademais, débese ter en conta que, tal como está formulada esta pescuda, non se ofrece como pauta un interlocutor determinado co que se establece a discusión –como na variable relativa ós fillos que veremos a seguir. Porén, a variable coa que esta mellor correlaciona, como dixemos, é a lingua coa parella. Se cadra isto indica que é precisamente ese interlocutor co que cadaquén se sente máis próximo e cómodo para falar nunha situación de plena confianza, o que por outra banda semella comprensible. Vexamos, xa que logo, de que maneira coincide a lingua nas discusións coa da parella.

Táboa 7.22. Lingua nas discusións e lingua coa parella.

		LINGUA COA PARELLA				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
LINGUA NAS DISCUSIÓNS	só castelán	85,0%	11,6%	2,1%	1,2%	100,0%
		76,4%	26,4%	6,6%	1,0%	32,6%
	máis castelán	37,2%	45,3%	8,9%	8,6%	100,0%
		13,8%	42,5%	11,7%	2,9%	13,4%
	máis galego	15,0%	18,8%	35,2%	31,0%	100,0%
		6,4%	20,2%	53,1%	12,2%	15,4%
	só galego	3,2%	4,1%	7,6%	85,1%	100,0%
		3,4%	11,0%	28,6%	83,8%	38,6%
Total		36,2%	14,4%	10,2%	39,2%	100,0%
		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En principio non pode postularse unha relación causal evidente entrámbolos usos lingüísticos. Polo tanto, a interacción entre eles debe limitarse ó nivel da coincidencia e a asociación, sen entrar na causalidade, nin nunha dirección nin na outra. Establecida esta premisa, podemos dicir que cando nas discusións se utiliza sempre o castelán, no 85% dos casos esa é tamén a única lingua utilizada coa parella. O mesmo acontece cando a única lingua é o galego.

As asimetrías aparecen nos usos bilingües: cando as discusións se establecen máis en castelán, o mantemento desa pauta na parella prodúcese no 45,3% dos casos, mentres no 37,2% fálase sempre en castelán e só no 17,5% dos casos o uso coa parella tende máis ó galego. Na outra opción bilingüe, uso preferente do galego nas discusións, a coincidencia co uso coa parella prodúcese no 35,2% dos casos, e as discordancias entrámbolos usos están practicamente equilibradas cara ó castelán e cara ó galego.

Se, pola contra, tomámo-la lingua coa parella como unha constante e observámo-las porcentaxes por columnas decatámonos de que a tendencia é que se incrementen en maior medida os usos do galego do que cando a constante era a lingua nas discusións. O 76,4% dos que usan sempre o castelán coa parella amosan o mesmo comportamento nas discusións (case 10 puntos menos de coincidencia que cando a constante era o uso nas discusións), pero practicamente un de cada catro tende a usar máis o galego. No monolingüismo en galego a porcentaxe de coincidencia nos dous usos está moi próxima á existente cando a constante era a lingua nas discusións. E, finalmente, nos usos bilingües, cando non hai coincidencia entrámbalas opcións de resposta, é máis habitual que se tenda ó galego ca ó castelán.

Atopámonos logo ante dous usos lingüísticos nos que, de diferente maneira, existe unha forte implicación emocional por parte do individuo nos actos de fala. A lingua coa parella é tipicamente, e coas necesarias excepcións, aquela na que os individuos teñen unha maior implicación e intercambio emocional. O uso nas discusións está marcado normalmente por un incremento da enerxía emocional e unha diminución do control racional sobre o discurso. Quizais tamén por iso pode non sempre ser debidamente apreciado polo propio falante, que se encontra inmerso nun proceso que acostuma desbordalo. Neste sentido, podemos pensar que o uso coa parella é máis rico en posibilidades de intercambio emocional e tamén lingüístico, mentres que as discusións estarían marcadas por

unha maior direccionalidade emocional. Ademais, as discusións poden establecerse con múltiples interlocutores, non sempre persoas próximas ó individuo nin homoxéneos nos seus usos lingüísticos. Por iso non resulta doado interpretar socioloxicamente as diferenzas entrámbalas interaccións sen a concorrencia de material empírico de corte cualitativo –tanto verbal como non verbal– que permita axusta-la interpretación desas discrepancias no uso. Con todo, cómpre salientar que a presenza da parella dá lugar a un maior uso do galego có existente nas discusións.

O contraste coa lingua habitual tamén pode achegar claves interesantes para comprende-las prácticas comunicativas que estamos estudando nesta epígrafe. A relación entre as dúas variables semella doada de comprender. Nos monolingües habituais –como era de esperar– a introdución da outra lingua ten carácter residual. Probablemente se trate de casos nos que esporadicamente se introducen algunhas expresións en galego no medio do discurso en castelán ou viceversa. Pola súa banda, nas discusións os bilingües tenden a reforza-la lingua na que están máis instalados. Os cidadáns que habitualmente falan máis en castelán cando se enfadan tenden a usar sempre ese idioma (46%), e os que falan máis galego usan sempre esta lingua no 62,2% dos casos. Parece como se unha sobrecarga emocional levase a reforza-la lingua na que un se desenvolve con máis frecuencia. Sería esta unha forma de marcar ante o(s) seu(s) interlocutor(es) que o acto de fala ten unha énfase especial, fronte ó discurso *normal*.

Táboa 7.23. Lingua nas discusións segundo a lingua habitual.

		LINGUA HABITUAL				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
lingua nas discusións	só castelán	94,5%	46,0%	2,7%		37,5%
	máis castelán	4,4%	33,7%	5,7%	0,1%	14,8%
	máis galego	0,6%	14,1%	29,3%	1,5%	14,4%
	só galego	0,4%	6,2%	62,2%	98,4%	33,3%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

É importante a constatación da pertinencia do cambio situacional de lingua para incluír matices de contundencia e rotundidade asociada a situacións de irascibilidade. Así mesmo, é interesante sinalar que este non é un mecanismo universal, senón propio dos individuos bilingües, o que sen dúbida non implica que os monolingües non dispoñan de mecanismos lingüísticos e comunicativos para marca-las peculiaridades deste discurso. Estudos cualitativos, cos que agardamos poder contar nun futuro próximo en Galicia, probablemente reflectirían a existencia doutros marcadores como a utilización ou esaxeración de certos trazos dialectais, sociolectais ou pragmáticos. Pero iso, naturalmente, excede tamén os límites desta investigación.

Co fin de cotexar algunhas hipóteses suxeridas ó longo da descrición anterior, podemos tamén compara-las diferenzas no uso das linguas a partir dunha interacción, a lingua cos fillos, para a que posuímos información neste sentido. Desta cuestión ocupámonos a seguir.

### **Usos lingüísticos en situacións emocionais de rabia: a acción de reprende-los fillos e as discusións**

A lingua utilizada para reprende-los fillos comparte interlocutor coa interacción correspondente ó uso cos fillos, e presenta asemade moitas similitudes contextuais coa variable descrita anteriormente xa que, como suxerimos, as dúas corresponden a estados de ánimo nos que, dalgún xeito, está presente a emoción da rabia.

Por iso, parécenos útil coñece-la relación existente entre a lingua utilizada para reprende-los fillos por unha banda e por outra o uso xeral cos fillos e a lingua habitual. No primeiro caso, verémo-lo valor engadido que supón a situación de choque emocional con seres queridos, os fillos, e no segundo poderemos apreciar como e en que medida a lingua para reprendelos se aparta da conduta habitual e, en principio, non marcada, no individuo.

O contraste dos dous usos cos fillos parece mostrar que a situación de enfado contribúe a que os pais utilicen máis o galego. Partindo de que o uso habitual cos fillos é a situación non marcada, comprobamos que en cada opción desa variable existe unha porcentaxe de pais que incrementan o emprego do galego cando tratan de reprendelos. Na fila correspondente ós monolingües en castelán, case un 15 por cento utiliza o galego nesa situación a pesar de afirmaren non usalo nunca con eles. Como é natural, e xa comentamos, trátase dun uso moi circunstancial (alguén pode non reprender case nunca os seus fillos), e probablemente esa porcentaxe de individuos que presentan tal conduta consideren que é a única circunstancia que pode facelos abandona-lo castelán ó dirixirse a eles.

En canto ás filas correspondentes ó uso cos fillos, na opción «máis castelán» son máis os que incrementan o uso do galego (30,7%) cós que o diminúen (19,7). O mesmo acontece na fila «máis galego», onde o aumento do galego asociado ó enfado afecta ó 33,2% e a diminución a só o 3,1%. Naturalmente, entre os monolingües en galego tamén existe un 4,1% que deixa de usa-lo galego nesa situación de irascibilidade cos fillos, pero a porcentaxe é moi inferior á homóloga entre os monolingües en castelán.

Táboa 7.24. Lingua utilizada para reprende-los fillos segundo o uso cos fillos e a lingua habitual.

		lingua para reprender fillos			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
<b>LINGUA COS FILLOS</b>	só castelán	85,3%	9,8%	3,4%	1,6%
	máis castelán	19,6%	49,7%	19,0%	11,7%
	máis galego	3,2%	9,1%	54,5%	33,2%
	só galego	0,3%	1,3%	2,5%	95,9%
<b>LINGUA HABITUAL</b>	só castelán	97,3%	2,6%		0,1%
	máis castelán	61,2%	29,3%	6,6%	2,8%
	máis galego	8,5%	16,0%	30,1%	45,5%
	só galego	0,3%	1,3%	1,8%	96,6%



Polo que respecta  distribucin segundo a lingua habitual,  de salientar que os monolinges en casteln apenas modifican a sa conduta lingstica para reprende-los fillos. Nesa situacin, o 97,3% utiliza o casteln. A retencin nos monolinges en galego  practicamente a mesma: o 96,6%. Polo que respecta s bilinges, esta situacin contribe a reforza-la lingua habitual: os que falan mis casteln usan sempre o casteln cos fillos no 61,2% dos casos e  45% dos que falan mis en galego acontecelle-lo mesmo: reprenden os fillos sempre en galego.

Tboa 7.25. Lingua nas discusins e lingua para reprende-los fillos.

		lingua nas discusins				Total
		s casteln	mis casteln	mis galego	s galego	
lingua para reprender fillos	s casteln	93,6%	38,5%	15,9%	3,9%	39,1%
	mis casteln	5,4%	55,3%	26,3%	6,6%	15,6%
	mis galego	0,7%	4,2%	51,8%	12,6%	13,6%
	s galego	0,3%	2,0%	6,1%	76,8%	31,8%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Como se pode apreciar na tboa 7.25, os dos usos asociados co sentimento de ira no emisor (as discusins e reprende-los fillos) tenen moitas similitudes, sobre todo nos usos monolinges. A inmensa maiora dos que discuten sempre en casteln utilizan tamn este idioma cos fillos (93,6%). Porn, a plena coincidencia entre as das situacins  menor no grupo de monolinges en galego: s o 76,8% dos que discuten sempre neste idioma reprende os fillos utilizndoo.

Nos bilinges as coincidencias son menores. Os bilinges que falan mis en casteln nas discusins mantenen esta conduta para reprende-los fillos no 55,3% dos casos e no 38,5% utilizan sempre o casteln. Esta mesma tendencia a utilizar menos o galego cos fillos ca nas discusins aprciase nos que falan mis en galego, xa que o 51,8% mantn o mesmo comportamento, pero o 42,2% tende a utilizar mis

o castelán, e unicamente para un 6,1% rifar cos fillos leva a usar sempre o galego respecto á outra situación.

Xa que logo, en situacións de ira semellantes, a presenza dos fillos é un elemento engadido que favorece un maior uso do castelán. Probablemente, nesta interacción mestúrense as implicacións inherentes á lingua dos fillos (falarlles máis en castelán como unha forma de «preparalos» para o seu futuro) co reforzamento emocional da situación, que en si mesmo non sempre leva á castelanización.

### **Lingua cos familiares de maior e menor idade**

En último lugar, imos referirnos moi brevemente ó idioma utilizado cos parentes de menor e os de maior idade, simplemente para situar-la relación existente entre eses usos e mailos outros analizados nas interaccións familiares.

A correlación existente entre as variables correspondentes á lingua cos familiares máis vellos e cos máis novos é 0,770. Non obstante, a mellor correlación e a correspondente á lingua cos familiares máis vellos é a lingua cos avós (0,876). No caso da lingua cos familiares máis novos, a máis alta xorde coa lingua cos irmáns (0,796).

Polo tanto, semella que existe unha asociación importante entre a xeración á que pertence o interlocutor e a escolla de lingua que os informantes urbanos realizan con este. Esta circunstancia permite confirma-la existencia dunha dimensión xeracional no uso lingüístico. Naturalmente, as correlacións son máis altas nas xeracións máis vellas, cunhas pautas de uso máis homoxéneas e asemade máis galegófonas. Nas xeracións máis novas a heteroxeneidade é maior e o uso do galego máis reducido. Ademais, segundo o interlocutor de que se trate, como xa vimos, varía bastante o uso do noso idioma. Quizais por iso as correlacións da variable «lingua cos familiares máis novos» son máis baixas. Cómpre considerar que, ó contestar esta pregunta, o informante pode estar considerando persoas coas que mantén relacións de proximidades e

intensidades moi diversas, e polo tanto unha xeneralización realizada a partir desa información probablemente traia consigo un importante grao de heteroxeneidade nas repostas, a diferenza doutros usos máis concretos e definidos.

Táboa 7.26. Lingua cos familiares máis vellos segundo a lingua cos avós.

		lingua cos familiares máis vellos				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
LINGUA COS AVÓS	só castelán	88,6%	20,3%	6,9%	1,0%	30,1%
	máis castelán	5,5%	51,5%	7,1%	0,7%	9,4%
	máis galego	3,4%	15,5%	47,7%	2,4%	10,2%
	só galego	2,5%	12,8%	38,3%	95,9%	50,4%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Como se aprecia na táboa 7.26, a lingua cos familiares máis vellos coincide en maior medida co uso cos avós nos monolingües en galego (95,9%) ca nos monolingües en castelán (88,6%). Pola súa banda, o grupo de bilingües que non falan galego na mesma medida nas dúas interaccións tende a usar máis a nosa lingua cos avós ca cos familiares máis vellos en xeral. Isto acontece tanto se a lingua de uso preferente é o galego coma o castelán: no primeiro caso o 28,3% fronte ó 20,3%, e no segundo o 38,3% fronte ó 14%. Polo tanto, cando non coincide o emprego do galego nas dúas interaccións, é máis frecuente que se fale máis en galego cos avós e non máis en castelán.




Unha tendencia semellante pode observarse na interacción entre o uso cos familiares máis novos e cos irmáns (táboa 7.27). No que respecta ós monolingües, mesmo a distribución das porcentaxes é moi semellante. En conxunto, fálase máis en galego cos irmáns ca con outros familiares de idade equivalente. Probablemente neste feito incidan factores de asociación entre familiaridade e galego vs. menos proximidade e castelán, aínda que tamén cómpre salientalo feito de que a poboación urbana inmigrada puidese interaccionar

cos irmáns nun medio diferente do urbano, e polo tanto máis galeguizado. Esta circunstancia non sempre se dará na interacción con outros familiares máis novos, cos que en ocasións puido establece-la relación unha vez emigrados ás cidades.

Táboa 7.27. Lingua cos familiares máis novos segundo a lingua cos irmáns.




		lingua cos familiares máis novos				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
LINGUA COS IRMÁNS	só castelán	84,1%	26,9%	8,3%	1,4%	41,2%
	máis castelán	9,8%	34,3%	9,2%	1,0%	12,8%
	máis galego	2,0%	13,8%	28,6%	3,9%	8,9%
	só galego	4,1%	25,1%	53,9%	93,7%	37,1%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Polo tanto, a dobre dicotomía familiaridade vs. non familiaridade por unha banda, e urbano vs. inmigrado pola outra, pode axudar a explicar estas diferenzas. Hai que lembrar ademais que a familiaridade está unida, como dixemos, a unha fixación de usos na infancia, cando as xeracións anteriores tiñan máis posibilidades de incidir na conduta lingüística dos hoxe habitantes urbanos.



## **VIII**

### **USOS NA ESCOLA**



A escola e o sistema educativo constitúen un dos axentes fundamentais na formación do individuo adulto. Por iso, neste capítulo ocuparémonos do uso do galego no ámbito escolar e analizaremos as principais situacións comunicativas nas que participan os escolares. Naturalmente, esta non é unha monografía dedicada ó ámbito escolar, cuestión por outra banda abondo tratada na literatura macrosociolingüística galega<sup>102</sup>. Non pretendemos logo segui-lo patrón de análise utilizado en moitos deses traballos, pensados especificamente para o ensino ou para algún dos seus niveis, nos que se analizan cuestións como as referidas por Arnau e Boada (1986)<sup>103</sup>: situación das linguas en contacto no contexto bilingüe, a política lingüística, a lingua vehicular, os métodos e materiais de ensino, a formación lingüística dos profesores, política de formación do profesorado, modelos lingüísticos, etc.

A diferenza entre eses estudos e o achegamento que realizaremos nós está en que a nosa perspectiva analiza o con-

---

<sup>102</sup> Desde os seus inicios, a sociolingüística galega tense ocupado con profusión desta cuestión, como xa temos comentado noutros lugares (Rei-Doval 1999, 2000a). Deixando a unha banda estudos pioneiros coma os de Rojo (1979) e mailas teses de doutoramento realizadas nas dúas últimas décadas, pode atoparse información moi detallada e aínda vixente en boa medida en Rubal & Rodríguez Neira (1987), Rodríguez Neira & López Martínez (1988), Rubal, Veiga & Arza (1991, 1992a 1992b). Rodríguez Neira, coord. (1998) analizou a situación sociolingüística da Universidade de Santiago e Lorenzo et al. (1997) a da Universidade de Vigo.

<sup>103</sup> E recollidas por Arza, Campos, Veiga & Rubal (1990, 97).



xunto da poboación adulta, e non só a poboación en período escolar. Iso presenta como inconveniente que, sobre todo nas persoas de máis idade, a etapa escolar queda un pouco lonxe e non se posúe unha imaxe tan clara dela. Mais, en contrapartida, podemos obter información sucesiva de persoas pertencentes a grupos de idade distintos e polo tanto entrar a pesquisar diversos fenómenos *en tempo aparente*. Por todo isto, as nosas análises non deberán ser entendidas como «a situación da lingua na escola urbana» senón máis ben como «os usos da poboación urbana na súa etapa escolar». A esta precisión debemos engadi-las dificultades inherentes a avaliar acontecementos e condutas que, ó seren por veces antigas, puideron desenvolverse nun lugar e, o que é máis importante, hábitat diferente do actual. Como tamén sucede en parte con outras vivencias lingüísticas propias da infancia, como as familiares, estamos describindo fenómenos e situacións que nalgúns ocasións non sucederon no medio urbano senón no vilego ou o rural, onde naceron e viviron unha parte da súa vida os residentes urbanos actuais. Esta circunstancia, que xa comentamos noutros lugares desta investigación, debe terse moi en conta para comprende-lo porqué dalgúns resultados, nomeadamente os referentes ós usos informais da poboación de máis idade, como teremos ocasión de ver.

En conxunto, podemos dicir que a escola ten unha importante influencia sobre a vida das persoas en proceso de formación e sobre a súa configuración como seres adultos. Por outra banda, ten especial interese sabe-lo que acontece nas cidades, porque na sociedade galega a extensión do proceso de urbanización coincidiu en boa medida coa extensión da escola moderna, proceso que culminou ben avanzado o século XX e que nas cidades conseguiu o seu maior impacto.

Aínda que non posuímos datos detallados sobre os niveis de escolaridade dos diferentes lugares ó longo da historia, si sabemos que a asistencia regular á escola foi moi superior nas cidades ca no medio rural, polo menos desde unha perspectiva histórica (de Gabriel 1990). É ben sabido que o ensino

medio –e por suposto o superior– só podía cursarse nas cidades, mentres no mundo rural a escolarización ten sido moi inferior e normalmente condicionada pola ocupación dos rapaces en labores agrícolas moitos meses ó ano. Esta situación, que comezou a cambiar a mediados de século e que hoxe é substancialmente distinta, sen dúbida está relacionada coa falta de escolarización dunha parte da poboación nacida no medio rural –a de maior idade– que configura a nosa mostra, e polo tanto habemos telo en conta nas nosas análises.

En definitiva, no último século, e ata épocas moi recentes, a escola galega actuou de acordo con pautas xerais deseñadas desde fóra da nosa comunidade, o que a levou a estar «alejada de los problemas socio-económicos y culturales de su propio ámbito ecológico, constituyendo un elemento ajeno a sus realidades, fortaleciendo, en muchos casos, conductas y situaciones discriminatorias y sometedoras –aculturadoras e incluso colonizadoras– y en pocas ocasiones las de carácter integrador y liberador» (Caride 1983, 600). Estas palabras, especialmente acertadas desde a perspectiva rural, teñen tamén vixencia na escola urbana. Porque, como indican Caride e Rouco (1990, 34), «historicamente as institucións educativas, dominadas pola pequena burguesía e a clase media, ostentan a representación simbólico-espacial da cultura urbana», ata tal punto que «as escolas son, dende os seus inicios, un fenómeno netamente urbano». A súa función social e a conseguinte institucionalización estarían vinculadas, xa que logo, á cidade e ó seu desenvolvemento (Brembeck, 1975), o que levaría a «unha forte correspondencia entre os criterios de organización educativa e as pautas de organización social prevalectes no mundo urbano», converténdose as educativas en «institucións sociais lexitimadoras da aprendizaxe abstracta e conceptual propia da cultura urbana» (Caride e Rouco 1990, 34-35).

Todo isto produciu unha situación disimétrica entre a escola rural e a urbana, tanto máis evidente canto máis nos retrotraemos no tempo. Tales discrepancias fan ás veces difi-

cil comparar resultados, pautas e comportamentos existentes na cidade cos do medio rural:

A diversidade existente entre o mundo rural e o urbano, entre ocupacións e clases sociais, en canto a mentalidade, expectativas, relacións co entorno social e físico, dos seus compoñentes, etc., xeran posicións moi diferentes diante do fenómeno educativo, así como esixencias e necesidades distintas. Así, os «modos» ou pautas culturais (no senso máis amplo da expresión) campestres ou rurais son desprezados, dende un punto de vista sociocultural, fronte ós urbanos; é dicir, cultural e academicamente aqueles trazos, habilidades e contidos específicos do medio rural, son devaluados ou considerados como pouco estimables, moitas veces polos mesmos docentes, polo que o éxito escolar nesta sociedade suporá, en definitiva, a fuxida da mesma dentro dun ambivalente e paradoxal sistema de aspiracións e desexos familiares. (Caride e Rouco 1990, 37).

En definitiva, é evidente que o sistema escolar no seu conxunto, tal como hoxe o coñecemos foi deseñado desde, por e para as esixencias das cidades e do seu universo cultural. O mundo escolar reproduce o mundo urbano, os seus valores, as súas formas culturais, o seu racionalismo e a súa modernidade. Polo tanto, non nos debe estrañar que, na maior parte dos casos, os valores que fomenta e reproduce sexan os que a cidade e os poderes que a controlan tratan de implantar e difundir.

A pesar dos esforzos realizados na igualación, polo menos cuantitativa, dos niveis de alfabetización e escolarización, a penetración do sistema educativo foi sempre moi superior no medio urbano, e non só no pasado, senón tamén na actualidade (Caride e Rouco 1990, 40-44). A propia escolarización foi un motivo importante para cambia-lo medio rural pola cidade, ata tal punto que se pode afirmar que este abandono temporal do hábitat é en certo sentido unha anticipación do éxodo rural.

Por outra banda, o ámbito escolar vén sendo obxecto dunha especial atención e expectativas por parte das elites preocupadas pola substitución lingüística en Galicia e polas posibles alternativas a esta situación. Por iso cremos necesario dedicar certa atención a analiza-la relación e potencialidades da escola para contribuír a este proceso. Con tal fin imos volver ás consideracións de Fishman (1991, 368-380) sobre a reversibilidade da substitución lingüística desde a perspectiva escolar, retomando consideracións xa introducidas no capítulo 3 para aplicalas ó ámbito educativo.

### **A escola e a substitución lingüística**

Os procesos de mantemento e substitución lingüística no ámbito da escola foron estudados con profusión por Fishman (1991, 368-380), que considerou conveniente tratar por separado esta cuestión fronte a outros dominios de análise. Este dominio, tanto desde a perspectiva galega (Rei-Doval 1999, 2000a) como desde un prisma máis xeral, foi concibido durante décadas como a grande esperanza para revertela substitución lingüística:

Most modern RLS movements have quickly and naturally, almost as a matter of course, moved to emphasize schools and schooling as the central thrust and process of the entire RLS endeavor. (Fishman 1991, 368).

Non se trata logo dunha crenza e un fenómeno restrinxido ó ámbito galego nin hispánico, senón que está moi enraizado nas estratexias de militantes lingüísticos de medio mundo:

The assumption that 'proper schooling can really help a threatened ethnolinguistic entity to break out of this vicious cycle [...] is quite widespread, particularly among educators and other language-conscious segments of the lay public, and even among many sociolinguists too, although the latter should

really know better. This assumption that ‘the school can do it’, is symptomatic of two features of modern RLS movements: (a) it is a declaration of faith (albeit an exaggerated declaration, to be sure) in the view that practical, day-to-day educational steps *can* be taken that will be ‘good for RLS’, and (b) it is a reflection of the particularly modern and even the democratic nature of those very types of social change with which RLS movements are increasingly required to cope. (ibíd. 369).

Como indica Fishman, trátase dunha confianza xeneralizada dos activistas das linguas minorizadas. As palabras deste autor semellan tan axustadas á realidade da lingua galega que pouco se pode engadir:

The over-optimism of teachers that schools and schooling *per se* can solve society’s problems (equivalent though it be to a conviction on the part of medical practitioners that they can lead society to the fountain of eternal youth) feeds the very societal over-reliance on the school that then leads to teacher ‘burn-out’. (ibíd. 369).

Profesores concienciados da necesidade de galeguiza-la escola que, pasado un tempo, ven frustradas as súas expectativas e os seus esforzos loitan pola galeguización dunha sociedade –a galega– na que as medidas sobre ámbitos como o da sociedade civil, en especial nas súas esferas máis informais, apenas reciben atención. Por iso, é inxenuo pensar que galeguizando só a escola e os dominios máis *públicos* da vida social da comunidade se vaia conseguirlo mantemento e a recuperación lingüística. Esa actitude levou a unha notable frustración de moitos promotores da regaleguización que viron esvae-las súas esperanzas, e que, por veces sen outras referencias, optaron polo atrincheiramento en posturas belixerantes contra o que non fose o seu propio punto de vista ou ben por abandona-la empresa en vista da impotencia e frustración que esta lles producía. Fishman infórmanos de como

estes procesos son particularmente habituais en sociedades modernas:

This view of the school as an ‘all-purpose problem solver’ is particularly common in modern, pluralistic, democratic societies because such societies lack the compulsory, unifying youth movement and political party which are assigned major responsibilities for the socialization of children and youth in more traditional societies. (ibíd. 370).

Non obstante, tal visión das cousas non favorece en absoluto a capacidade e efectividade da escola para resolver problemas sociais, senón que non fai máis ca transmitirlle unha presión superior ás súas posibilidades. Especialmente cando sabemos que nos últimos tempos a capacidade da escola para resolver problemas coma estes diminuíu sensiblemente:

The unsuitability and the inefficiency of tackling societal problems via reliance on the school becomes even clearer when one realizes that the power and role of the school to influence the home-neighborhood-community complex, the complex that is at the very core of RLS as a whole and, in particular, at the heart of the nativization effort (...) has itself become weaker and more peripheral in the life of its own proper primary clientele: pupils and their parents. (ibíd. 370).

Polo tanto, a pregunta, vista a incapacidade da escola para reverter-la substitución lingüística, é se esta ten capacidade para promover polo menos a aprendizaxe da lingua. Segundo Fishman, isto só é posible se esa aprendizaxe no ámbito escolar se combina cun importante reforzo desde a sociedade antes, durante e despois da etapa escolar:

The corresponding need for out-of-school (including pre-school and post-school) reinforcement is doubly or triply great in conjunction with various aspects of language learning and this

is so due to the communicational and identificational roles of language. (...) Without considerable and repeated societal reinforcement schools cannot successfully teach either first or second languages and, furthermore, where such reinforcement is plentifully available, languages are acquired and retained even if they are not taught in school. (ibíd. 371).

Como é ben coñecido nas actuais tecnoloxías do ensino, non é posible ensinar con eficacia unha lingua para a que non existe o suficiente respaldo desde a familia, desde a sociedade ou desde ambas. O estímulo e o sentimento de que o que se está a aprender é útil son fundamentais, en particular nunha materia tan especial como a lingua, que só se domina plenamente coa práctica. Para que esta se dea é necesario que exista un uso social. En caso contrario, nin a competencia permitirá que os alumnos interactúen axeitadamente na sociedade nin esa competencia se ha manter moito máis aló do remate da época escolar. E, por suposto, esta aprendizaxe dificilmente pode producir como resultado a reversión da substitución lingüística:

The mother tongue role is reserved for those languages that are simultaneously early-childhood-acquired (...) and emotion-intimacy-identity infused and, therefore, societally binding on this basis. (...) [Mother tongue transmission] depend much more basically on out-of-school factors than on in-school factors, that is, out-of-school factors provide the strongest affective and instrumental reinforcements for taking that extra step of the affect-identity-societal bonding mother tongue role *per se*. After all, children arrive in the school already talking, i.e. at an age when it is too late for the school to influence mother tongue transmission from parents to children. Furthermore, the lapse between the end of schooling and the beginning of a subsequent generation is far too long for the school itself to be able to bridge that hiatus without the assiduous cooperation, intervention and influential follow-up by other-than-school institutions and processes. (ibíd. 372).

Estas esmagadoras palabras de Fishman deixan ben claros os límites das posibilidades de influencia da escola na transmisión da lingua. Comprendelo é necesario para avaliar na súa xusta medida o uso da lingua no ámbito escolar, cuestión central neste capítulo. Pero tamén é necesario para comprender-la verdadeira importancia que a familia e as institucións básicas de socialización do individuo desempeñan na súa constitución como persoa adulta e, neste caso, como falante dunha lingua minorizada:

More fundamental than the school by far (...) is the entire family-neighbourhood-community arena in which the school plays only a circumscribed role. A language which is not normatively operative throughout this intimate, affect-related and societally binding arena is not subsequently handed on as, or transmuted into, a mother tongue merely by virtue of the school's attention. Regardless of the rewards attained in adolescent and adult life in conjunction with the acquisition and mastery of X (...), almost all members of each successive generation will still begin anew in conjunction with it, at or near point zero. This is so unless and until a new generation arises that will introduce it to the subsequent one *much before schooling commences* and break through to its utilization and retention in the affective intimacy of the family-neighbourhood-community identity-and-society binding experience. Only such an experience, and not the school, will initiate an intergenerational mother tongue transmission experience. (ibíd. 373-374).

Estas afirmacións obrigan, logo, a reformular tanto a visión das políticas do *laissez faire* coma as crenzas cegas no sistema educativo en si mesmo como resucitador dunha lingua en situación de minorización:

It is often hard to appreciate the fact that the language or co-language of school, media, work and government does not



automatically or necessarily become the mother tongue of the next generation, neither when the original shift (...) takes place (...), unless and until a particular language obtains a secure niche in the early pre-school and co-school intimate socialization processes at the family-neighborhood-community level (...) The school cannot be reasonably expected to compensate for the absence, weakness or opposition of the foregoing arena (...) because the school itself is dependent on that very same arena for the effectiveness of its own. (ibíd. 374).

Realmente, Fishman trata de asignarlle a cada dominio o lugar que lle corresponde na acción social, sen pretender que os actores da dinámica social actúen saíndose das súas regras e, por suposto, das súas posibilidades.

Con todo, esta visión, que parte das experiencias e os testemuños existentes no mundo, non pretende obvia-la importancia dos dominios na recuperación da lingua. Simplemente, cómpre asignarlle-la función que realmente teñen, sen sobre-dimensionala nin minusvalorala:

This does not mean, however, that school-media-work sphere-government cannot contribute at all to converting a non-mother tongue into a mother tongue or a co-mother tongue. However, all that the latter 'higher order agencies' can do (...) is to constructively focus societal resources (...) on the family-neighborhood-community complex and on the problems and opportunities that it and it alone presents for the attainment of mother tongue role. In particular, the schools, media, work sphere and government can underscore the fact that successful mother tongue fostering requires fostering the *idea of the language*, the total language and culture complex of Xmen-via-Xish, rather than merely the language alone or first and foremost. And certainly the activation of this complex among the parents of the next generation requires and entails more than the school alone. (ibíd. 375).

Xa que logo, a alternativa, segundo Fishman, é o traballo desde as múltiples axencias intermediarias que interveñen na socialización nas sociedades urbanas modernas:

Indeed, modern, urban life is characterized by the growing periferalization of the family *vis-à-vis* the total child-socialization process, on the one hand, and by the bureaucratic fragmentation of the agencies that have arisen to complement the family in connection with this process, on the other hand. (ibíd. 375).


Así, traballar desde estes novos tipos de sociedade implica tamén ocuparse de organizar moitas pequenas cousas que inflúen nenas axencias, e que van desde as garderías ata os diversos lugares onde os nenos botan boa parte da súa vida.

### A presenza do galego na escola

Volvendo á perspectiva central da nosa investigación, pasamos deseguido a analiza-lo uso lingüístico dos cidadáns mentres asisten ou asistían á escola, así como a posible influencia que eses contextos puidesen exercer sobre a lingua habitual. Para tal fin consideraremos tanto o uso escrito coma a diferenza existente no oral entre niveis formais e informais.

Comezaremos-la nosa análise por considera-lo momento e a forma en que se introduciu o galego no sistema educativo do noso país. E, para iso, ademais de ter presente que o galego comezou a ser materia de ensino obrigatorio a partir do curso 1979-1980, ó abeiro do Real decreto 1981/79, observaremos-las informacións que nos fornecen os nosos informantes. No gráfico 8.1 vemos-las porcentaxes de individuos que estudaron galego na escola segundo a idade.


Grafico 8.1. Individuos que estudaron galego na escola  
segundo a idade (en 1992)



Como se aprecia no gráfico, o ensino do galego na escola afectou maiormente á poboación que en 1992 tiña menos de 27 anos. En realidade, parece que a introdución masiva se realizou entre os individuos que naquela altura tiñan entre 25 e 28 anos, que viviron unha época de transición na que os estudantes das cidades foron pasando a recibir cada vez máis ensino de lingua galega. É un feito relacionado coa decisión política de ir introducindo o ensino do galego no sistema educativo. Como incidencias neste proceso hai que sinala-la demora dalgúns centros educativos en aplica-la medida. Así mesmo, nalgúns casos e nalgúns centros, é sabido que se estiveron impartindo as ensinanzas de lingua galega en lingua castelá, privando os alumnos das xa reducidas horas de contacto, cando menos pasivo, co noso idioma.

A situación de falta de decisión á hora de promove-lo noso idioma no ensino foi xa amplamente comentada por outros autores, e posta de relevo nos máis diversos eidos (cfr. Rubal-Arza-Veiga 1992a), de aí que un dos esteos da estratexia presuntamente promovida pola administración –garantir ó

Gráfico 8.2. Anos de galego na escola segundo a idade



final do ciclo educativo igual competencia en galego e en castelán— en absoluto se cumpre<sup>104</sup>.

Pero, cinxíndonos ó que é a nosa mostra, vexamos outro indicador importante: a cantidade de anos de galego cursados na escola.

O gráfico 8.2 demostra como as persoas de maior idade tiveron ocasión de permanecer menos tempo nunha escola que introducira o idioma de Galicia como materia de ensino obrigado. Como vemos, no grupo de 16 a 25 anos, algo máis da metade estudou galego na escola durante 7 anos ou máis, mentres no grupo de 26 a 40 pouco máis do dez por cento estudou máis de 5 anos de galego na escola, o que supón un

<sup>104</sup> Xa nos referimos a esta cuestión no capítulo V. Cando os estudantes chegan o primeiro ano á universidade, o seu dominio do castelán é sensiblemente superior ó do galego. Remitimos de novo ó recente estudo de Rodríguez Neira, coord. (1998, 33), onde se documenta esta cuestión na Universidade de Santiago. Datos anteriores de Rubal Rodríguez & Rodríguez Neira (1987, 35) xa confirmaban este fenómeno hai dúas décadas.

menor contacto co galego escrito –no que ata agora se centrou basicamente o ensino do noso idioma.

Tamén temos que referirnos a outra forma de aprendizaxe da lingua galega existente na nosa historia recente: os cursos de formación en lingua galega, organizados na súa maior parte pola Administración autonómica, aínda que –sobre todo en décadas precedentes, antes do período autonómico– tamén algunhas asociacións cívicas realizaban eses cursos. Así, o 10,3% da poboación urbana galega realizou cursos de galego fóra da escola, nun 81% certificados pola Xunta de Galicia e no 19% restante sen ningunha homologación oficial.


Con todo, a maior influencia que exerceu o sistema educativo sobre a poboación urbana galega veu do ensino regrado e maila introdución do galego no ensino primario e secundario. A aprendizaxe do noso idioma no ensino prolóngase moito máis no tempo e, malia as múltiples limitacións que se lle poden obxectar, implica unha maior e mellor preparación cá conseguida desde cursos de formación para adultos, nos que nin existe o tempo nin con frecuencia a dedicación necesaria para conseguir avances de certa envergadura. A esta cuestión –a relación entre o ensino regrado e os usos lingüísticos– dedicáremo-la parte central desta exposición sobre o sistema escolar.

### Usos no ámbito escolar

No gráfico 8.3, que resume as opcións de uso lingüístico en diferentes contextos escolares, xunto á referencia da lingua habitual dos informantes urbanos, preséntanse varios fenómenos de interese.

En primeiro lugar, debemos destacar que, como xa coñecemos polo Mapa Sociolingüístico de Galicia (SemSoc 1995, 227-229), o uso do galego é menor canto máis formal é a interacción lingüística escolar. Como se aprecia, tamén no medio urbano, canto máis intervéñ o axente escolar na pauta lingüística, menos presente está o galego: na escrita o 77,7% da

Gráfico 8.3. Usos lingüísticos no ámbito escolar



poboación escribe sempre en castelán, porcentaxe que diminúe progresivamente ata o 53,8% na interacción cos compañeiros no recreo, que é pretendidamente a máis informal. Non tan sistematicamente, pero tamén diminúe co grao de formalidade a porcentaxe de individuos que usan preferentemente o castelán e asemade aumentan os galegofalantes, sobre todo os monolingües. Un de cada catro individuos urbanos fala(ba)n sempre en galego cos compañeiros no recreo.

Se comparámo-la situación coa da lingua habitual vemos que na escola hai máis usos monolingües. Mais para completa-la información ó respecto imos presenta-las medias de uso, que supoñen unha dimensión complementaria.

Na táboa 8.1 preséntase esa información, e observamos como a media da lingua habitual é superior á do uso cos compañeiros, tanto na interacción da clase coma no recreo. Este feito estanos indicando que nos usos escolares existe unha forte polarización entre condutas monolingües en galego e en castelán, mentres na lingua habitual os comportamentos bilingües teñen moito máis peso e importancia.

Táboa 8.1. Medias de uso escolar e habitual

<b>Estatísticos descritivos</b>					
	N			Media	Desv. típ.
lingua escritura na escola	7449	1	4	1,25	0,50
lingua cos compañeiros na clase	7448	1	4	1,90	1,21
lingua cos compañeiros no recreo	7435	1	4	2,05	1,28
lingua cos profesores	7446	1	4	1,46	0,81
LINGUA HABITUAL	8103	1	4	2,33	0,94
N válido (segundo lista)	7428				

Se na Galicia urbana contemporánea se deu un proceso de substitución do galego polo castelán, resulta sintomático que nunha interacción correspondente ó momento presente, a lingua habitual, se use máis o galego ca nunha propia da infancia ou adolescencia, para moitos xa lonxe no tempo. Antes que pensar nunha recuperación intraxeracional do galego entre a época da escola e a actual, coidamos que os datos nos están indicando como a escola, mesmo en interaccións relativamente espontáneas, ten provocado ó longo da historia a castelanización das prácticas comunicativas no seu ámbito.

### Usos escolares segundo a lingua inicial

A análise dos usos escolares en función de variables como a lingua inicial dos informantes pode ser útil para ve-las diferenzas entre dúas interaccións caracterizadas pola variación na formalidade-informalidade existente entre elas (lingua cos profesores vs. lingua cos compañeiros), e así comprobar se, controlando a lingua inicial, as dúas variables se comportan do

mesmo xeito. Na táboa 8.2 vemos que nos monolingües en galego se mantén a súa lingua inicial como uso exclusivo do galego nunha porcentaxe moi considerable (59,8%). Entrementres, na interacción cos profesores os monolingües en galego pasan a asumir a lingua dos profesores –presumiblemente o castelán– e falan neste idioma no 67,4% dos casos.

Táboa 8.2. Usos cos profesores e os compañeiros segundo a lingua inicial

		LINGUA INICIAL		
		castelán	as dúas	galego
lingua cos profesores	só castelán	71,9%	64,3%	67,4%
	máis castelán	25,3%	29,1%	13,9%
	máis galego	1,9%	4,4%	5,7%
	só galego	0,9%	2,3%	13,0%
lingua cos compañeiros no recreo	só castelán	83,4%	48,7%	17,7%
	máis castelán	12,7%	23,0%	7,5%
	máis galego	2,5%	11,6%	15,0%
	só galego	1,4%	16,8%	59,8%

Ó mesmo tempo, os usos dos castelanfalantes iniciais (que, lembremos, teñen unha media de idade máis elevada e asistiron ou asisten á escola urbana moito máis ca á rural) indican que na interacción máis espontánea (cos compañeiros no recreo) manteñen moi frecuentemente a súa lingua habitual (o 83,4% fálaos sempre) e apenas falan galego nesa situación. Na interacción cos profesores atopamos un uso tamén moi maioritario do castelán, xunto a unha porcentaxe de uso esporádico do galego (25,3%), nunha interacción cos profesores e nun grupo que non o ten como lingua de uso habitual, e que probablemente sexa un reflexo da necesidade dos alumnos, mesmo castelanfalantes, de utiliza-lo galego esporadicamente na aprendizaxe deste idioma ou inclusive pola influencia que algúns profesores que ensinan en galego exerceron sobre eles.




O efecto sobre os bilingües iniciais desta diferenza entre uso formal (cos profesores) e uso informal (cos compañeiros) é semellante ó existente nos monolingües en galego: o uso formal fai converxer coa lingua do profesor –na maior parte dos casos, é de supoñer, o castelán– (64,3% monolingües neste idioma e 2,3% monolingües en galego) e o informal favorece unha maior presenza do galego (só 48,7% monolingües en castelán e 16,8% monolingües en galego).

Ademais desta visión polarizada entre usos formais e informais, que é unha das tendencias xerais dos usos escolares, cremos conveniente analizar algúns outros aspectos. Unha posibilidade é simplificando a presentación dos datos, observa-lo que acontece cos galegofalantes (persoas que falan sempre ou maioritariamente galego). Como dixemos, a lingua galega é o obxectivo desta investigación e, ademais, débese considerar que a imaxe simétrica dos galegofalantes é a formada polos castelanfalantes, e polo tanto a súa realidade é a inversa á presentada no gráfico 8.4.

Como se pode apreciar, a lingua escrita da escola está completamente dominada polo castelán, independentemente do idioma inicial dos escolares. Nin sequera naqueles que se socializaron en galego existe unha porcentaxe apreciable de uso escrito deste idioma. A lingua cos profesores é algo máis variada: un de cada cinco galegofalantes iniciais (18,7%) usan o noso idioma cos profesores, mentres as porcentaxes nos bilingües e monolingües en castelán son realmente moi reducidas.

As porcentaxes de uso entre os galegofalantes iniciais son coherentes con esta procedencia lingüística nos usos cos compañeiros, tanto na clase coma no recreo (62,9% e 74,8% respectivamente). O uso do castelán neses contextos probablemente deba entenderse tanto como unha influencia do medio escolar como en canto indicio de substitución lingüística. Sobre todo en individuos actualmente urbanos, é probable que a migración á cidade ou algún outro factor ambiental fíxese que entre a primeira infancia –cando se adquiriu a lingua– e a época da escola se producise xa unha parte dese pro-

Gráfico 8.4. Galegofalantes na escola segundo a lingua inicial



ceso castelanizador. Fose o medio escolar ou outro factor diferente, pódese afirmar que en períodos temperáns xa se observan indicios de substitución lingüística. Claro que se fose a influencia da escola a causa da castelanización podería acontecer que a introdución do castelán fose só ocasional, e que non existise fóra dese ámbito ou mesmo que ó rematar ese período se producise unha recuperación do galego<sup>105</sup>. Por todo isto, debemos interpretar con cautela tal fenómeno e non estende-lo seu alcance máis aló do razoable.

A análise da lingua habitual, cun maior índice de galegofalantes entre os que aprenderon a falar neste idioma, podería ser un indicio do que acabamos de dicir<sup>106</sup>, a saber, que existe

<sup>105</sup> No capítulo X, referente ó cambio intraxeracional consciente, pode atoparse unha descrición destes procesos ó longo do tempo desde a perspectiva interxeracional.

<sup>106</sup> Aínda que convén lembrar que na porcentaxe de lingua habitual están incluídos tamén os datos das persoas sen estudos que non acudiron á escola. Estes individuos presentan un maior uso do galego. Pero eliminándoos da mostra e igualando esta coa das outras variables, as porcentaxes non varían substancialmente: os galegofalantes pasan unicamente a se-lo 85,8% no grupo dos monolingües iniciais en galego.

unha castelanización temporal dos usos lingüísticos ben por influencia do medio escolar ben porque, coa chegada da idade adulta, volve recuperarse parcialmente o idioma. En vista das análises que, como dixemos, se poden apreciar no capítulo 10, inclinámonos pola primeira opción: a escola constituíu un elemento castelanizador das prácticas lingüísticas dos alumnos orixinariamente monolingües, aínda que na idade adulta se reverte parte desta substitución lingüística. A causa pode estar en que a sociedade non foi tan castelanizante coma o sistema escolar, polo menos para os galegofalantes iniciais.

### Usos escolares segundo a lingua habitual

A análise segundo a lingua habitual deita resultados coherentes cos anteriores (véxase a táboa 8.3). Así, vemos que os castelanfalantes manteñen en boa medida a súa lingua habitual, aínda que no uso escrito e cos profesores existe unha porcentaxe de persoas que introducen ocasionalmente o galego, quizais por causa da apuntada necesidade de demostrar certa competencia naquelas materias nas que, coma na de lingua e literatura galegas, tal demostración pode ser curricularmente necesaria. De feito, o 89,8% destes monolingües en castelán que escriben ás veces en galego ten menos de 25 anos e só o 1,3% supera os 40 anos.

Resulta tamén curioso comprobar como os galegofalantes habituais escriben máis en castelán (85,8%) na escola cós propios castelanfalantes (71,2%). Non obstante, este aparente paradoxo esváese ó considerar que a media de idade dos galegofalantes é moi superior. Estes últimos estudaron en maior medida cando aínda o galego non estaba presente, nin sequera como materia de ensino, no sistema educativo. Na época en que acudiron á escola a maior parte deles, o castelán era a única lingua escrita posible.

A interacción cos profesores tamén se ve afectada en parte polo fenómeno que acabamos de comentar. Con todo, semella que nalgúns casos pesaba máis a espontaneidade da

Táboa 8.3. Usos escolares segundo a lingua habitual

		LINGUA HABITUAL			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
lingua escritura na escola	só castelán	71,2%	69,5%	87,9%	85,8%
	máis castelán	28,5%	29,3%	10,2%	8,2%
	máis galego	0,2%	1,0%	1,1%	2,1%
	só galego	0,1%	0,2%	0,8%	3,9%
lingua cos profesores	só castelán	76,2%	66,6%	71,2%	58,6%
	máis castelán	23,6%	28,9%	17,1%	9,4%
	máis galego	0,2%	2,9%	5,8%	6,1%
	só galego	0,1%	1,5%	5,9%	25,9%
lingua cos compañeiros na clase	só castelán	95,3%	70,1%	36,5%	19,8%
	máis castelán	4,1%	21,5%	13,1%	5,6%
	máis galego	0,0%	4,2%	17,3%	8,2%
	só galego	0,5%	4,1%	33,1%	66,3%
lingua cos compañeiros no recreo	só castelán	97,4%	67,8%	27,0%	11,9%
	máis castelán	2,0%	21,6%	11,4%	3,8%
	máis galego		4,8%	18,2%	7,6%
	só galego	0,6%	5,8%	43,4%	76,8%

conversa oral có feito de que fose o profesor o interlocutor. O 25,9% dos monolingües habituais en galego falaban sempre neste idioma co profesor<sup>107</sup>.

Porén, os monolingües en galego manteñen bastante a súa lingua cos compañeiros no recreo (76,8% monolingües) e, en menor medida, no contexto das clases (66,3% de monolingües). Esta diminución vén indicar novamente a capaci-

<sup>107</sup> O 45,3% ten entre 41 e 65 anos e o 29,9% máis de 65, o que nos inclina a pensar que non se trata, na maioría dos casos, de autoconciencia por razóns ideolóxicas, senón máis ben dun mantemento da lingua propia incluso en condicións en principio adversas. Quizais mesmo nalgúns casos non concorria unha proscripción expresa do seu comportamento lingüístico. O 57,1% naceu nun hábitat rural e, entre os que naceron no urbano, o 75% ten máis de 40 anos.

dade castellanizadora do medio escolar que, como dixemos, é tanto máis patente canto máis ten que ve-lo intercambio comunicativo coa actividade central da escola. Como contrapartida, observamos que os castelanfalantes (sobre todo os monolingües) manteñen en gran medida a súa lingua habitual no uso cos compañeiros, tanto na clase (95,3% de monolingües) coma no recreo (97,4% de monolingües). Como se observa na táboa, a retención lingüística dos bilingües que usan máis o castelán é tamén superior á dos que usan máis o galego.

### Usos escolares segundo a idade

O mantemento da lingua habitual na interacción cos compañeiros no recreo e maila converxencia cara ó castelán cos profesores teñen tamén o seu reflexo no detalle por idades (véxanse as táboas finais 20 e 22). E prodúcense efectos tan curiosos como que no grupo de 16 a 25 anos –o máis castellanizado de todos na lingua habitual– só o 26,6% son monolingües neste idioma nunha interacción claramente castellanizante como cos profesores, mentres cos compañeiros se dá o efecto contrario: a maioría son monolingües en castelán (64,4%). Todo isto vén indicar, novamente, que os menores de 26 anos normalmente manteñen o idioma que máis usan, o castelán, pero na escola precisan utiliza-lo galego nalgúnhas ocasións para atende-las demandas a que a introdución do galego no ensino deu lugar nos últimos quince anos. No grupo de 26 a 40 anos a situación é semellante, aínda que cun maior uso monolingüe en galego cos compañeiros no recreo (19,7%) e unha diminución do uso do galego cos profesores. Nos dous grupos de maior idade, o uso do galego é maior cos compañeiros e mantense máis ou menos igual cos profesores.

Pero, co fin de procurar datos máis precisos, correspondentes a períodos temporais mellor definidos, imos presentar, como fixemos no capítulo da lingua inicial, a análise dos usos da poboación orixinaria das cidades en sete períodos, cada un

deles dunha década, que nalgúns casos, ademais, corresponden a períodos significados da nosa historia no século XX. A obtención dos datos, como xa dixemos noutro lugar, fixa sete treitos temporais que corresponden á data de nacemento dos informantes. O comezo do seu período de escolarización pódese situar polo tanto catro ou cinco anos despois desa data.

Táboa 8.4. Usos escolares segundo o ano de nacemento (poboación nacida na cidade)

		ANO DE NACEMENTO						
		1967-76	1957-66	1947-56	1937-46	1927-36	1917-26	ata 1916
lingua escritura na escola	só castelán	21,3%	83,1%	97,7%	97,5%	96,8%	96,9%	95,5%
	mais castelán	74,7%	16,2%	1,4%	1,7%	1,7%	1,6%	1,7%
	mais galego	2,9%	0,6%	0,2%		0,1%	0,9%	
	só galego	1,2%	0,1%	0,7%	0,8%	1,4%	0,7%	2,7%
lingua cos profesores	só castelán	25,9%	76,5%	91,6%	89,8%	84,9%	80,7%	81,7%
	mais castelán	64,9%	19,8%	5,0%	5,7%	6,3%	9,5%	5,0%
	mais galego	6,2%	2,2%	0,6%	1,7%	2,2%	2,7%	3,9%
	só galego	2,9%	1,5%	2,8%	2,9%	6,5%	7,0%	9,4%
lingua cos compañeiros na clase	só castelán	60,1%	72,9%	75,2%	69,5%	62,2%	57,8%	53,6%
	mais castelán	29,9%	15,5%	7,6%	6,9%	7,7%	8,9%	6,5%
	mais galego	5,7%	4,9%	5,2%	8,2%	9,3%	10,6%	12,5%
	só galego	4,3%	6,7%	12,1%	15,4%	20,8%	22,6%	27,4%
lingua cos compañeiros no recreo	só castelán	66,0%	69,4%	70,0%	65,1%	54,6%	51,8%	44,0%
	mais castelán	23,8%	16,0%	9,3%	8,0%	9,5%	8,5%	5,6%
	mais galego	5,4%	4,9%	6,0%	6,5%	9,3%	11,4%	14,6%
	só galego	4,8%	9,7%	14,7%	20,4%	26,6%	28,3%	35,8%

Da táboa 8.4 dedúcese varios feitos de interese. O primeiro deles, coñecido por todos, é o baixo uso escrito do galego ó longo da historia. En realidade ata a década dos 60 o uso escrito do galego é practicamente inexistente. As porcentaxes residuais de persoas que escribían sempre en galego existentes ata ese momento poderían corresponder a persoas escolarizadas na idade adulta. Pero, dado que a maior parte deles declaran ser monolingües habituais en galego, son de clase baixa ou media-baixa e realizaron unicamente estudos primarios, inclinámonos por pensar que se trata de individuos

que botaron pouco tempo na escola e que se mantiveron relativamente á marxe da lingua desta.

Por outra banda, nos dous períodos máis próximos a nós comeza a aparecer unha porcentaxe significativa de persoas que escribían esporadicamente en galego no medio escolar (16,2% os nacidos entre 1957 e 1966 e o 74,7% os nacidos entre 1967 e 1976). Isto indica, novamente, que en ocasións, probablemente na materia de lingua galega e/ou con algún profesor que ensinaba en galego, víanse necesitados de escribir no noso idioma. Porén, o estímulo non é suficiente para que o galego pase a se-la lingua escrita preferente ou exclusiva máis que nunha porcentaxe moi residual. Cando así acontece, nos nacidos despois de 1957, as razóns están asociadas cunha sensibilidade de tipo ideolóxico a favor do galego (o 68,4% declararon ser votantes do BNG e o 10,5% do PSG-EG).

A dinámica da lingua cos profesores ten moitas similitudes coa do uso escrito. Ata a xeración nacida antes de 1956, o uso do castelán é amplamente maioritario. Nos nacidos antes de 1916 algúns rapaces escolarizados no medio urbano aínda falaban habitualmente en galego cos profesores (9,4%), pero esa porcentaxe vai diminuindo progresivamente, e practicamente desaparece nos nenos da posguerra (no grupo nacido entre 1937 e 1946 son xa unicamente o 2,9%). Do mesmo xeito increméntase o uso monolingüe do castelán neste período. Neste sentido, parece apreciarse un maior incremento do uso monolingüe do castelán nas xeracións escolarizadas inmediatamente despois da guerra civil e nos anos 40 (nacidos entre 1927-1936 e 1937-1946). Non podemos afirmar que iso se debese necesariamente á política educativa franquista, aínda que tampouco podemos excluír tal posibilidade<sup>108</sup>. Así mesmo, nos dous grupos máis novos observamos unha utilización esporádica do galego cos profesores, que obedece ás mesmas circunstancias xa apuntadas para o uso escrito.

---

<sup>108</sup> Lembremos que estamos a analizar persoas nacidas no medio urbano, onde en principio o control do sistema educativo desde o poder debeu ser máis doado e intenso.

Os usos orais cos compañeiros reflicten unha progresiva diminución do noso idioma canto máis nos achegamos ó presente. Os nacidos ata 1916 son o único grupo no que o emprego do galego (50,6%) é tan importante coma o do castelán. Así e todo, co mesmo interlocutor pero no marco da clase o galego era moito menos utilizado (39,9%). Isto indica que, como xa apuntamos, a escola foi un elemento castelanizador desde ben antigo, e tamén que a lingua utilizada en situacións espontáneas polos rapaces urbanos a comezos de século era o galego. Con todo, diferentes elementos da *publicidade* promovida polo Estado estaban influíndo na substitución cara ó castelán. A partir da xeración de 1917, o castelán é xa a lingua máis utilizada entre os escolares urbanos en situacións informais (37,7%). Mais a xeración nacida entre 1927 e 1936 aínda ten como lingua habitual maioritaria o galego (54,3%), o que reflicte o poder castelanizador da sociedade da época. Ou este era tan forte fóra da escola ou ben reverteuse ó chegaren eses estudantes á idade adulta.

Parece que os usos escolares cos compañeiros experimentaron tamén unha diminución significativa a partir da Guerra civil: ata o grupo nacido entre 1927 e 1936 un de cada catro escolares (26,6%) falaba sempre en galego cos compañeiros no recreo, pero a partir de aí vai diminuindo ata situarse nos nacidos entre 1947 e 1956 no 14,7%. Malia non se-lo galego xa lingua maioritaria na escola neste período, pode postularse que a escola urbana franquista contribuíu á castellanización dese sector de poboación.

Nas dúas xeracións máis novas (nacidas despois de 1957) obsérvase un certo estancamento e incluso retroceso do uso monolingüe do castelán, só compensado polo emprego esporádico do galego, mais sen que chegue a supoñer en conxunto un incremento importante do grupo dos galegofalantes na escola, que se sitúa arredor do 10 por cento nas interaccións cos compañeiros. Polo tanto, o uso espontáneo do galego na escola da poboación que hoxe ten arredor de 30 anos foi xa bastante e semellante á súa lingua habitual.



## Usos escolares segundo os estudos

Canto maior é o nivel de estudos menos se fala o galego na escola. Canto máis tempo tivo a escola para influír sobre os habitantes das cidades, máis castelanizou os seus usos lingüísticos, malia que a idade das persoas que forman os niveis de estudos máis baixos é superior á dos outros.

Táboa 8.5. Usos escolares segundo o nivel de estudos

		ESTUDOS			
		ningún	primarios	secundarios	universitarios
lingua escritura na escola	só castelán	96,0%	90,5%	56,4%	69,2%
	máis castelán	2,2%	8,1%	40,8%	29,2%
	máis galego		0,4%	2,3%	1,2%
	só galego	1,8%	1,0%	0,5%	0,3%
lingua cos profesores	só castelán	56,9%	76,2%	55,6%	68,1%
	máis castelán	4,2%	12,9%	37,3%	27,3%
	máis galego	7,0%	3,8%	4,3%	2,5%
	só galego	31,9%	7,0%	2,7%	2,1%
lingua cos compañeiros na clase	só castelán	20,5%	50,4%	65,4%	72,3%
	máis castelán	4,5%	9,5%	21,2%	16,1%
	máis galego	10,3%	10,8%	5,4%	4,8%
	só galego	64,7%	29,4%	8,0%	6,9%
lingua cos compañeiros no recreo	só castelán	15,3%	42,7%	65,2%	71,1%
	máis castelán	1,9%	9,0%	18,7%	14,9%
	máis galego	9,3%	11,0%	6,7%	4,9%
	só galego	73,6%	37,3%	9,5%	9,1%

\* Inclúese toda a poboación residente no medio urbano

As diferenzas entre unhas categorías e outras, como se aprecia na táboa 8.5, son importantes. En calquera dos grupos o uso escrito habitual do galego é completamente residual<sup>109</sup>. Non obstante, as persoas con estudos medios e universitarios (a poboación que estudou galego na escola) introduciron de forma esporádica o galego nas súas prácticas escolares (40,8% e 29,5% respectivamente).

<sup>109</sup> Cómpre lembrar que a poboación «sen estudos» está formada por persoas que asistiron esporadicamente á escola algún mes ó ano durante a súa vida escolar, pero que non seguiron regularmente as clases.

O uso cos profesores da poboación «sen estudos» reflicte como unha asistencia esporádica á escola supoñía en períodos antigos (o 86,3% ten máis de 55 anos) o mantemento do galego na interacción cos profesores. Un 31,9% era monolingüe no noso idioma, malia que a maioría (56,9%) o abandonaba completamente. Este fenómeno apréciase con máis nitidez nos usos cos compañeiros: o 64,7% falaba sempre en galego na clase e o 73,6% no recreo.

Así mesmo, o grupo con estudos secundarios e universitarios utiliza esporadicamente o galego cos profesores (37,3% e 27,3% respectivamente), como sucedía na lingua escrita.

Estes datos, porén, non fan máis ca reflecti-la idade dos individuos e o período histórico no que se desenvolveu a vida escolar. Cremos que a influencia da escola consistiu basicamente nunha castellanización dos usos, cando a asistencia foi abondo prolongada. Polo demais, o efecto principal é a idade, e tamén o hábitat de nacemento.

### **Usos escolares segundo o hábitat de nacemento**

A análise por hábitat de nacemento está asociada necesariamente cunha visión diacrónica dos usos escolares, porque a idade dos nados no rural é superior, e polo tanto o tipo de escola e as circunstancias vitais nas que se deron a maior parte das súas interaccións cambian substancialmente. Por iso, a comparación entre unha e outra escola debe matizarse debidamente. Unha parte moi importante dos que naceron no rural asistiron naquel medio á escola e non na cidade, e esa escola pertencía a unha sociedade rural franquista un tanto afastada da situación da Galicia urbana.

Se para os individuos urbanos que asistiron á escola nunha época máis ou menos contemporánea existe unha relativa inmediatez temporal na pregunta, no caso dos informantes procedentes do rural na maior parte dos casos estamos a pescudar nunha parte da súa vida máis antiga, ademais de

desenvolvida nun hábitat que, como dicimos, tiña unhas regras sociais e de comportamento diferentes das actuais.

Táboa 8.6. Usos escolares segundo o hábitat de nacemento

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
língua escritura na escola	só castelán	71,5%	88,4%	90,6%
	máis castelán	26,5%	9,5%	8,0%
	máis galego	1,1%	1,0%	0,9%
	só galego	0,9%	1,1%	0,6%
língua cos profesores	só castelán	66,8%	78,2%	71,7%
	máis castelán	26,6%	13,6%	12,4%
	máis galego	3,2%	3,4%	5,2%
	só galego	3,5%	4,8%	10,7%
língua cos compañeiros na clase	só castelán	66,3%	59,9%	36,8%
	máis castelán	15,9%	10,3%	9,8%
	máis galego	6,7%	9,0%	12,0%
	só galego	11,2%	20,8%	41,5%
língua cos compañeiros no recreo	só castelán	64,4%	53,3%	26,7%
	máis castelán	14,8%	9,4%	8,7%
	máis galego	6,6%	9,9%	13,2%
	só galego	14,2%	27,4%	51,4%

Con todas estas restricións, é máis doado entender que o 51,4% da poboación urbana nacida no medio rural afirme que falaba sempre en galego cos compañeiros no recreo, porcentaxe que se reduce á metade (27,4%) nas vilas e ó 14,2% no medio urbano.

Nas persoas orixinarias do medio urbano, a lingua máis utilizada é o castelán en calquera dos catro usos descritos. Na poboación nacida nas vilas acontece o mesmo, aínda que o uso monolingüe do galego dúplícase. Finalmente, os cidadáns de nacemento rural utilizaban o galego basicamente cos compañeiros: na clase os que falaban só ou preferentemente o galego sumaban conxuntamente o 53,5%, e no recreo o 64,6%. A dicotomía rural-non rural, polo tanto, apréciase tamén na perspectiva dos usos escolares.

## Usos escolares segundo o ámbito de adquisición do galego

A análise dos usos escolares segundo o ámbito de adquisición ten moito interese porque permite apreciar a influencia da aprendizaxe escolar sobre os usos existentes neste medio. En principio, poderíase esperar que unha aprendizaxe escolar estimulase a práctica lingüística xustamente alí onde se adquiriu a competencia lingüística nese idioma. Podería constituír un estímulo dado o coñecido das regras de comunicación, o tipo de lingua e que probablemente a confianza para botarse a falar esa lingua adquirida debería ser maior.

Táboa 8.7. Usos na escola segundo o ámbito de adquisición do galego

		ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN		
		familia	escola	outros
lingua escritura na escola	só castelán	81,6%	26,4%	93,4%
	máis castelán	16,4%	71,4%	5,7%
	máis galego	1,1%	1,5%	0,4%
	só galego	0,9%	0,7%	0,5%
lingua cos profesores	só castelán	68,4%	33,2%	91,4%
	máis castelán	19,6%	62,3%	7,0%
	máis galego	4,6%	3,1%	0,9%
	só galego	7,5%	1,4%	0,8%
lingua cos compañeiros na clase	só castelán	46,3%	74,2%	90,8%
	máis castelán	14,7%	22,0%	5,8%
	máis galego	10,8%	2,6%	1,7%
	só galego	28,1%	1,3%	1,7%
lingua cos compañeiros no recreo	só castelán	39,5%	80,0%	88,6%
	máis castelán	13,7%	16,4%	6,9%
	máis galego	11,4%	2,4%	2,2%
	só galego	35,4%	1,1%	2,4%

Con todo, non parece que os que aprenderon o galego na escola o usen ou usasen demasiado precisamente nese ámbito: só un 1,1% se expresaba sempre e un 2,4% ás veces en galego. A única vertente positiva que esta aprendizaxe na escola parece traer asociada é un maior uso esporádico do galego na interacción cos profesores (62,3%), que segura-

mente ten que ver co referido estímulo de determinadas materias ou mestres, pero non con outras cuestións máis globais e de maior calado.

Os usos cos compañeiros, porén, deixan ben claro que na aprendizaxe familiar o uso do galego se incrementa en contextos escolares informais. En realidade, esta forma de socializarse en galego é a única que garante unha importante vitalidade para o galego no mundo escolar urbano.


### **Usos escolares segundo a profesión**

Na análise por profesións, un grupo chama a nosa atención: os estudantes (táboas finais 19 á 22). Neste, a lingua cos compañeiros presenta un importante grao de castellanización (o 67,3% é monolingüe neste idioma e o 22,8% fálao preferentemente), mesmo máis cá lingua habitual (32,1% fala só castelán e 51% máis castelán no grupo de 16 a 25 anos). Isto parece indicar que, aínda tendo en conta o xa importante grao de castellanización actual da mocidade galega respecto a xeracións precedentes, a escola segue axudando na actualidade a reforzar ou completar esa castellanización. Para observar con maior nitidez os efectos do sistema escolar actual sobre a poboación urbana galega, vexamos con máis vagar a situación deste colectivo de estudantes respecto ós usos lingüísticos.

### **Usos lingüísticos dos estudantes**

Como podemos ver, nas interaccións lingüísticas escolares dos estudantes urbanos mantense a mesma tendencia dos grupos de idade máis novos: un aumento do uso esporádico do galego na lingua escrita e a correspondente diminución do monolingüismo en castelán, fenómeno que pode apreciarse do mesmo xeito na interacción cos profesores. Así mesmo, o uso preferente ou único do galego entre este sector de poboación é mínimo, en calquera das interaccións consideradas.

Gráfico 8.5. Usos lingüísticos dos estudantes



Chama a atención o baixo emprego esporádico do galego nas conversas cos compañeiros (frente á porcentaxe equivalente na lingua habitual, o 52,6%), de unicamente o 22,8% no recreo e o 29,5% na clase. De por parte, estas interaccións espontáneas na escola presentan unha preponderancia moito maior do monolingüismo en castelán. Isto indica, como acabamos de comentar, que, a pesar do avanzado que é de seu o proceso de desgaleguización no medio urbano, a escola aínda segue reforzando esa tendencia. Non só non frea a desgaleguización, senón que a promove.

Aceptando que este grupo de poboación experimenta un notable descenso no seu uso do galego, que se reflicte sobre todo en porcentaxes moi reducidas nas opcións «só galego» e «máis galego», mesmo así apréciase que nos usos informais as porcentaxes de uso esporádico do galego (opción «máis castelán») redúcense máis ca na lingua habitual e na lingua escrita e cos profesores. Como dixemos anteriormente, algúns profesores e algunhas materias poden estar contribuíndo a un uso polo menos esporádico do galego, pero a escola galega, como institución, contribúe aínda menos ó mantemento do noso idioma có conxunto da sociedade urbana.

Táboa 8.8. Usos dos estudantes segundo o hábitat e os estudos.

		lingua cos compañeiros no recreo				lingua cos profesores			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	68,1%	23,8%	5,0%	3,1%	25,0%	66,0%	6,5%	2,6%
	vilas	68,4%	20,9%	2,6%	8,2%	35,6%	58,0%	2,3%	4,1%
	rural	35,9%	29,6%	8,4%	26,1%	27,1%	49,6%	8,9%	14,4%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	70,7%	20,1%	4,2%	5,0%	27,6%	63,8%	5,5%	3,1%
	periurbano	50,6%	36,1%	8,3%	5,1%	18,0%	68,0%	8,8%	5,2%
ESTUDOS	primarios	66,3%	27,7%	5,2%	0,8%	26,4%	63,3%	10,4%	
	secundarios	66,0%	24,7%	4,6%	4,7%	22,6%	66,3%	7,1%	4,0%
	universitarios	68,8%	19,5%	5,4%	6,3%	30,5%	62,1%	4,0%	3,3%

Na táboa 8.8 podemos ver como de novo a procedencia rural, aínda que sexa na poboación urbana máis nova, é determinante para garantir certa vitalidade da lingua galega. Os mozos que naceron neste hábitat falan sempre en galego cos compañeiros no 26,1% dos casos. E, como proba de que a castelanización que exerce a escola aínda funciona hoxe, vemos como esta porcentaxe diminúe ó 14,4% na interacción cos profesores. Quere isto dicir que os profesores e, en xeral, as situacións máis formais do medio escolar seguen provocando hoxe en día a desgaleguización daqueles rapaces que falan galego.

En realidade, atopamos unha e outra vez como o medio escolar segue a desempeñar un importante papel castelanizador da poboación nova, reforzando ou promovendo que os mozos urbanos galegos utilicen en maior medida a lingua de fóra de Galicia. O único que o sistema actual está facendo é manter un tenue uso do galego de forma relativamente frecuente entre os estudantes galegos: só o 27,1% fala sempre en castelán cos seus profesores. Pero é evidente que uns usos lingüísticos esporádicos nunca han contribuír ó sostemento social dun idioma que presenta lagoas e carencias en tantos aspectos e ámbitos sociais.

Neste grupo de poboación estudantil pode apreciarse tamén un maior uso no hábitat periurbano, de acordo coas tendencias xerais xa descritas, o que incrementa a pertinencia

do hábitat como factor explicativo da variación lingüística, mesmo en grupos de poboación xeracional e socialmente homoxénea como os que acabamos de describir.

Por outra banda, cómpre referirse a un relativo aumento do monolingüismo a medida que o nivel de estudos é maior. Así, en primaria só o 0,8% dos rapaces falan sempre en galego, mentres a porcentaxe sobe ó 4,7% entre a poboación de secundaria e ó 6,3% nos universitarios. Estamos referíndonos a unha poboación de estudantes que, na súa maioría, tiñan unha idade inferior a 26 anos, aínda que, sobre todo no caso dos universitarios, por veces a superan. Polo tanto, non podemos dar unha idea certa de se este aumento das porcentaxes a medida que o fai a idade ten que ver cunha leve recuperación da lingua habitual ó longo da vida ou se, máis probablemente, é outro reflexo da redución do uso do galego conforme diminúe a idade. En calquera caso, esta diferenza non se dá xa na interacción cos profesores, na que os estudantes de secundaria afirman falar menos en galego do que o fan os estudantes universitarios.

Ó analiza-la lingua escrita dos estudantes urbanos (véxase a táboa final 19), curiosamente os que máis empregan sempre o castelán son aqueles que aprenderon a falar en galego (27,4%), aínda que este grupo é tamén o que presenta maiores niveis de uso preferente e exclusivo do galego escrito (11,6% en total). Entrementres, nos outros grupos de lingua inicial o comportamento máis frecuente é escribir preferentemente en castelán e introducir esporadicamente o galego.




O comportamento en función da lingua habitual é máis *esperable*: canto máis se fala galego máis se escribe en galego. Escriben sempre en castelán o 30,3% dos que falan sempre este idioma, máis de dez puntos por riba do seguinte grupo: os monolingües en galego (19,1%). Porén, estes monolingües en galego, a diferenza dos monolingües en castelán, escriben só ou preferentemente en galego no 33,7% dos casos, porcentaxe á que nin sequera os que falan máis en galego se achegan (13,7%).



En definitiva, atopámonos ante unha escola urbana cunha poboación moi castelanizada de seu, na que unha recuperación do galego, tanto sectorial como inserida en estratexias máis globais, precisa dunha aposta decidida. Ó mesmo tempo, é evidente que, tanto desde unha perspectiva diacrónica como sincrónica, se pode documenta-la tendencia castelanizadora da escola galega, que nin sequera garante unha boa competencia en galego naqueles que o aprenden no seu seo.

## **IX**

### **USOS NO TRABALLO**



Neste capítulo tratarémo-los usos lingüísticos da poboación urbana galega no contorno laboral. Para iso serviremonos, por unha banda, da información sobre o uso lingüístico en diversas situacións e contextos laborais e, pola outra, da pescuda realizada a respecto da profesión do informante.

En conxunto, podemos dicir que o ámbito laboral supón, para os cidadáns adultos, un ámbito no que se concentran moitas horas de convivencia diaria, ademais de, sobre todo nas sociedades urbanas contemporáneas, unha das referencias do día a día das persoas, das súas esperanzas de vida e dos seus proxectos, éxitos e frustracións.

En efecto, na inmensa maioría das sociedades contemporáneas o traballo ocupa unha parte importante do tempo dos individuos, máis ca calquera outra actividade. Esta ocupación, ademais, pode presentar múltiples formas, xa que as profesións, a diferenza do que acontecía na antigüidade, diversificáronse e multiplicáronse dunha forma sorprendente no mundo capitalista de hoxe.

### **As prácticas lingüísticas laborais da poboación galega**

A información sobre esta área temática obtívose na nosa investigación a partir de sete preguntas realizadas. A primeira delas consistía nunha pregunta xeral na que se pescudaba sobre «que lingua se fala no traballo», independentemente da ocupación laboral do informante. Nas dúas últimas o que se

tratou foi de coñecer se o medio laboral condicionaba/ou a lingua habitual e, en caso afirmativo, en que sentido se produciu tal influencia.

Ó mesmo tempo, tratouse de obter unha mínima información detallada na que, por unha banda, se explorase a lingua utilizada por aqueles empregados de profesións liberais nun contexto necesariamente común a todos eles, como é o establecido cos clientes e, por outra banda, se observasen as diferenzas existentes, nas profesións non liberais, entre a escolla de lingua con persoas do mesmo, inferior ou superior rango xerárquico no seu medio laboral.

En conxunto, podemos dicir que o castelán domina o medio laboral urbano galego. Unha cuarta parte (25,3%) dos cidadáns exprésase sempre en castelán neste contexto, e unha terceira parte (31,9%) úsao de forma preferente. Entrementes, algo máis dunha cuarta parte (27,2%) exprésase preferentemente no noso idioma e os que o usan sempre son apenas o 15,7%.

Aínda que a mostra de profesionais liberais urbanos é bastante reducida (67 casos) parece que o uso do castelán é máis frecuente neste subgrupo profesional: o 30 por cento úsao sempre e máis da metade (55,4%) emprégao de xeito preferente. Aínda non aceptando plenamente o detalle desas cifras, non parece estraño pensar que en traballos moi en contacto co mundo dos servizos coma este, historicamente vinculado ás clases medias e ó castelán, o noso idioma teña menos presenza.


Polo que se refire ós demais tipos de situacións laborais, en primeiro lugar cómpre indicar que teñen diferentes frecuencias e características. Os traballadores con compañeiros constitúen o grupo máis numeroso, un 55,9% do total urbano. Entrementes, os informantes con superiores supoñen o 49,6% e os que teñen empregados o 21,7% do total. Esta distribución está relacionada cunha estrutura laboral baseada en empregados basicamente por conta allea e cun peso relativamente pequeno dos autónomos con empregados propios. Con

todo, como é obvio, calquera das tres submostras correspondentes a estas tres preguntas superan amplamente os requirimentos mínimos para seren consideradas representativas cada unha delas en si mesmas, polo que nos absteremos de realizar máis comentarios ó respecto.

Globalmente, podemos dicir que o galego se usa máis na interacción cos compañeiros, é dicir, con persoas dun nivel xerárquico equivalente, mentres o emprego diminúe na interacción cos empregados e, aínda máis, para falar cos superiores. En principio, debemos pensar que a maior parte daqueles que teñen empregados non teñen superiores, polo que non deberíamos falar en sentido estrito da conduta dos mesmos individuos en diferentes situacións, senón da de diferentes persoas en contextos tamén diferentes.

En calquera caso, podemos falar de tendencias de uso no medio laboral urbano, nas que o status do interlocutor se amosa como importante (véxase o gráfico 9.1). O galego utilízase máis cando existe o mesmo nivel laboral. Cos compañeiros, polo tanto, estará máis presente. Porén, cando é un xefe ou superior quen fala cun empregado e, aínda máis, cando este se

Gráfico 9.1. Usos no traballo en diferentes situacións



dirixe ó primeiro, aparecen importantes sectores de poboación que usan máis o castelán. Resulta sintomático, non obstante, que os superiores falen máis en galego (ou menos en castelán) cos subordinados do que estes últimos fan cos primeiros. Nos empregados poderían estar actuando funcións de respecto ou mesmo certa precaución, que irían asociadas co idioma tradicionalmente prestixiado e propio das clases altas. Se isto fose así, podería suceder tamén que o *xefe* non tivese necesidade de mudar de lingua para conseguir ningún obxectivo comunicativo ou de consecución de status particular, xa que o tería garantido independentemente do código lingüístico empregado.

En calquera caso, non se debe perder de vista, como dixemos, que o uso do galego é minoritario respecto ó do castelán, o idioma predominante nas tres interaccións analizadas.

Táboa 9.1. Influencia recoñecida do medio de traballo sobre a lingua habitual e dirección da influencia.

Influía	si	non
	19,7%	80,3%
a favor do castelán	52,9%	
a favor do galego	47,1%	

Por outra banda, case un de cada cinco informantes (19,7%) considera que o seu medio laboral influíu de forma importante na súa conduta lingüística (táboa 9.1). Ademais, entre eles, o 52,9% considera que esta influencia fixo que usase máis o castelán e o 47,1% que usase máis o galego.

### Usos laborais segundo a profesión

Logo desta visión panorámica dos usos lingüísticos no ámbito profesional, cremos necesario realizar unha análise máis detallada das prácticas lingüísticas no medio laboral. Con este fin queremos presenta-la información correspondente ós usos de diferentes colectivos profesionais, tal como aparece na táboa 9.2. Nela pódense distingui-las importantes

diferenzas intergrupos. En primeiro lugar, apréciase como, tamén no medio urbano, o grupo profesional que máis emprega o galego no traballo é o dos labradores. Malia non seren as actividades agrícolas moi habituais no medio urbano nin, desde logo, propias deste, existe unha certa cantidade de persoas asociadas con tal actividade<sup>110</sup>. Neste grupo, o 86,6% fala sempre en galego mentres desenvolve a súa actividade, e o 9,5% úsao de forma preferente. Estas cifras permiten apreciar como a actividade ocupacional de tipo agrario é máis claramente asociada ó uso do galego. Quizais debamos relacionalo co mundo cultural que lle deu sustento, vinculado historicamente á lingua galega, e que se mantén mesmo a pesar do cambio de hábitat do individuo.

Táboa 9.2. Lingua do lugar de traballo segundo a profesión.

		lingua lugar de traballo				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
P R O F E S I Ó N	empresarios	20,3%	27,4%	38,3%	14,0%	100,0%
	tit sup/media	31,7%	48,6%	15,9%	3,8%	100,0%
	prof. liberais	33,8%	46,5%	15,5%	4,2%	100,0%
	docentes	28,7%	42,1%	20,8%	8,4%	100,0%
	FFAA	36,6%	30,6%	29,1%	3,7%	100,0%
	admin. subalt.	31,6%	37,8%	22,4%	8,2%	100,0%
	servizos	38,1%	38,8%	18,5%	4,5%	100,0%
	autónomos	28,6%	25,2%	25,8%	20,4%	100,0%
	labradores	2,8%	1,1%	9,5%	86,6%	100,0%
	maríneiros	9,8%	13,4%	37,8%	39,0%	100,0%
	obreiros	17,9%	26,5%	36,2%	19,5%	100,0%
	estudantes	85,7%		14,3%		100,0%
non activos		33,3%			66,7%	100,0%
Total		25,3%	31,9%	27,1%	15,7%	100,0%

<sup>110</sup> Na nosa mostra atopamos 179 individuos incluídos na epígrafe «labradores». Das pescudas realizadas dedúcese que algúns deles mesmo naceron nalgunha das sete cidades, polo que non pode supoñerse que sexan persoas necesariamente inmigradas e desconectadas do mundo urbano ata épocas recentes. De todas maneiras, debe terse en conta o feito xa sinalado noutras ocasións de que moitas das cidades galegas teñen un importante compoñente periurbano de tipoloxía rural. Así mesmo, nalgunhas delas ata hai ben pouco podíanse atopar cultivos en zonas moi próximas ó centro urbano. Xa que logo, debe postularse que a separación entre o mundo rural e o urbano non é total nin, desde logo, antiga.



Os outros grupos ocupacionais do sector primario presentan un emprego do galego sensiblemente máis reducido. Entre eles, destaca positivamente o dos mariñeiros, cun 39% de monolingües neste idioma e un 37,8% de persoas que o falan de xeito preferente. En principio, cómpre dicir que o sector etiquetado como «mariñeiros» é máis heteroxéneo có dos «labradores», xa que está formado non só por persoas directamente ocupadas na extracción dos produtos do mar, senón tamén por todas aquelas que, dun xeito ou doutro, teñen unha profesión relacionada coas viaxes marítimas (mariña mercante...), polo que a tipoloxía social é tamén máis heteroxénea. Ó mesmo tempo, é evidente que, mentres os intercambios comunicativos dos labradores ó desenvolve-lo seu traballo se establecen con persoas do seu contorno máis inmediato, no caso dos mariñeiros as posibilidades son moito máis amplas. Agás quizais os mariñeiros de baixura, que non tratan moita máis xente cá que frecuenta os seus portos base, os demais acostuman estar en contacto con persoas dun tipo e unha nacionalidade máis heteroxénea e, polo tanto, cunhas maiores necesidades de acomodación lingüística.

Non é este o caso do sector dos obreiros, que se moven habitualmente nun mundo máis reducido. Porén, os obreiros son persoas moito máis integradas na sociedade urbana, e máis susceptibles de recibir-la influencia dos axentes castellanizadores existentes naquela. Probablemente os obreiros urbanos teñan xefes que usan con frecuencia o castelán, e probablemente tamén eles teñan relacións, tanto no traballo coma fóra del, que se manteñen en castelán e que condicionan os seus usos lingüísticos laborais. En calquera caso, a diferenza de uso do galego é importante respecto ós dous grupos profesionais referidos anteriormente.

O outro único grupo con cifras semellantes é o dos autónomos, co mesmo nivel de usos laborais monolingües en galego (20,4%), aínda que cun maior uso monolingüe do castelán (28,6%, fronte ó 17,9% no grupo dos obreiros)<sup>111</sup>. Este grupo

<sup>111</sup> As porcentaxes dos estudantes e o persoal non activo (na procura do 1º emprego) deben considerarse marxinais, xa que están calculadas sobre series

está constituído por persoas de tipoloxía, ocupacións e procedencia moi distintas, xa que as actividades asociadas á condición de autónomos están en moitos casos conectadas co mundo dos servizos que caracteriza as cidades, pero noutros casos teñen que ver co pequeno comercio de tendas tradicionais, mesóns, bares e outras actividades asociadas á alimentación. Nestes sectores a procedencia galegófona semella que debeu ser importante, o mesmo cá vinculación a ese mundo rural ou semirrural que caracteriza algúns barrios das cidades, nos que a imaxe de tenda rural semirreconvertida aínda é frecuente.

Tamén nos parecen significativos os niveis de uso laboral do galego dos empresarios. Aínda que o monolingüismo no noso idioma é de unicamente o 14%, se sumamos esta opción coa dos que se expresan preferentemente en galego obtemos un 52,3% deste sector profesional que está instalado na lingua de Galicia. Este dato resulta de interese para avaliar a presenza do galego no eido económico e empresarial, e podería ser relevante desde a perspectiva da PL, se considerámo-la boa receptividade existente entre os consumidores galegos (cfr. Ramallo e Rei-Doval 1995, 1997) e o feito de que unha parte importante de empresarios se expresan no noso idioma no seu traballo. Con todo, cómpre considerar tamén a heteroxeneidade das persoas incluídas na epígrafe «empresarios», na que están tanto os propietarios de pequenos negocios con poucos empregados coma os medianos e grandes empresarios que dirixen compañías de maior entidade<sup>112</sup>. Esta heteroxeneidade afecta, sen dúbida, tanto á súa extracción social coma á procedencia xeográfica. Sen excluír que esta tipoloxía exista tamén noutros grupos profesionais,

---

moi reducidas de casos. En principio, ningún destes grupos debera contestar esta pregunta, xa que nunca traballaron.

<sup>112</sup> Unha análise deste grupo social indícanos, efectivamente, que apenas hai individuos de clase social alta. Salvando o posible intento dalgúns por ocultar unha posición social elevada como unha estratexia egoprotectora, atopamos que só o 6,3% se inclúe na clase media-alta, mentres o 55% se consideran de clase media, o 35% da media-baixa e o 3,7% da clase baixa.

coidamos que neste caso pode ter unha grande influencia na duplicidade dos datos aludidos anteriormente.

Por outra banda, debemos facer alusión ó reducido uso do galego existente noutros grupos profesionais, asociados a maior parte deles ó sector terciario. Referímonos ós titulados superiores e medios, ós profesionais liberais, ós membros das forzas armadas e ós empregados do sector servizos en xeral. Como podemos apreciar na táboa anterior, a situación é moi semellante entre estes grupos no que se refire ó uso monolingüe do galego, que oscila entre o 3,7% (forzas armadas) e o 4,5% (persoal de servizos). Porén, no uso preferente do galego existen maiores diferenzas entre estas categorías. Así, os titulados medios e superiores ou os profesionais liberais achéganse ó 15 por cento nesta opción, mentres no persoal das FFAA a porcentaxe é case o dobre (29,1%)<sup>113</sup>.

### Uso no lugar de traballo dos docentes

Queremos facer referencia tamén ós usos lingüísticos dos docentes, pola grande influencia que teñen cara á poboación sobre a que exercen o seu maxisterio, os alumnos, que se atopan nunha fase de transición cara á idade adulta e de formación no seo do sistema escolar. Polo tanto, cremos que posúen unha gran responsabilidade na lingua en que desenvolven o seu labor, e da que contribúen dun xeito importante a transmiti-la sensación de utilidade. Se o galego non está presente na escola como un feito habitual dificilmente han prestarlle atención os alumnos que se forman nel. Este feito, apuntado tantas veces, aparece de forma clara nos datos que estamos presentando. Só un 8,4% dos profesores traballan

---

<sup>113</sup> Nesta categoría inclúense todos aqueles individuos que traballan para as forzas e corpos de seguridade do Estado, da comunidade autónoma e das administracións locais. Xa que logo, é plausible que existan importantes diferenzas no uso do galego entre, por exemplo, un oficial da mariña española e un policía local, mesmo na concepción da sociedade en que viven e do papel que a lingua desempeña nela.

nun medio laboral monolingüe en galego, e unicamente un 20,8% nun lugar onde é a lingua preferente.

Táboa 9.3. Lingua do lugar de traballo segundo a idade (docentes)

		IDADE				Total
		16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	máis de 65 anos	
lingua lugar de traballo	só castelán	50,0%	23,9%	23,2%	58,3%	29,0%
	máis castelán	27,3%	43,5%	42,3%	39,6%	41,8%
	máis galego	18,2%	23,0%	23,9%	2,1%	20,7%
	só galego	4,5%	9,6%	10,6%		8,6%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

\*A columna dos docentes de 16 a 25 anos debe interpretarse con cautela, dado o reducido número de individuos que figura nela.

Como podemos apreciar nesta táboa, a presenza do galego no lugar de traballo dos docentes non parece que variase sensiblemente en calquera dos grupos de idade, se exceptuámo-la transición entre o grupo de idade máis vello (maiores de 65) e o anterior. No primeiro, os usos galegófonos unicamente supoñen o 2,1%. Nos dous grupos intermedios un de cada tres docentes desenvólvese nun medio laboral onde o galego é a lingua dominante, e no grupo de menor idade esta porcentaxe redúcese a pouco máis do 20 por cento (22,7%). Malia a non se-la submostra sobre a que se realizaron estes cálculos a óptima, semella que a introdución do galego no ensino e a transición democrática tiveron algunha influencia sobre unha maior difusión do galego no medio escolar, pero tamén dá a impresión de que no período máis próximo a nós se produciu unha desaceleración e mesmo un certo retroceso desa introdución do galego.

Uso cos compañeiros segundo a idade

O uso cos compañeiros en función da idade (véxase a táboa 9.4) segue as pautas da lingua habitual no conxunto da poboación urbana. Deste xeito, o emprego do galego decrece a medida que a idade é menor. Pola contra, no grupo de 41 a 65 anos e, sobre todo, no de maiores de 65, o uso é superior: 51,9% e 59,5% de galegofalantes, respectivamente.

Táboa 9.4 Lingua utilizada cos compañeiros segundo a idade


		IDADE				Total
		16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	máis de 65 anos	
lingua cos compañeiros	só castelán	48,4%	37,4%	26,5%	25,1%	32,3%
	máis castelán	21,9%	24,4%	21,6%	15,5%	21,8%
	máis galego	16,2%	19,4%	24,7%	22,4%	21,7%
	só galego	13,5%	18,7%	27,2%	37,1%	24,3%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Non presentámo-la información dos cruzamentos relativos ós usos cos superiores e empregados, porque seguen a mesma tendencia e porque as diferenzas entre uns grupos de idade e outros son menores. Semella que na interacción cos compañeiros –persoas do mesmo status no ámbito laboral– é onde se manifesta(ba)n con máis espontaneidade a opción lingüística de cadaquén, por iso as cifras de uso se aproximan relativamente ás da lingua habitual.

Uso cos compañeiros segundo o hábitat onde vive

No gráfico 9.2 presentámo-la información correspondente ó uso cos compañeiros segundo o lugar de residencia, é dicir, entre o medio máis prototipicamente urbano e os asentamentos periurbanos próximos ás cidades. Como vemos, as diferenzas entrámbolos medios son notables.

Grafico 9.2. Lingua cos compañeiros segundo o hábitat onde vive



A porcentaxe de uso monolingüe no noso idioma do hábitat periurbano (40,6%) é máis do dobre cá do urbano (20,4%). Do mesmo xeito, o uso preferente deste idioma no primeiro hábitat supera con creces o do medio máis nitidamente urbano. Complementariamente, a utilización do castelán aumenta no contorno estritamente urbano. Non temos información sobre o lugar onde traballan os residentes en cada un destes dous hábitat e, dada a distancia na que con frecuencia está o lugar de traballo respecto ó de residencia, é probable que non sempre se poidan identificar un e outro. Así e todo, parece que o lugar de residencia serve para establecer pautas lingüísticas que se han manter tamén no medio laboral. Non temos información abondo para coñecer polo miúdo a vida laboral duns e doutros individuos, mais as diferenzas parecen manterse ó observa-lo que acontece en cada un dos grupos profesionais por separado, o que fai pensar que, aínda introducindo importantes condicionantes o medio laboral, como estivemos vendo, unha parte das diferenzas relativas á lingua no traballo obedecen a dinámicas alleas a este e, en maior medida, relacionadas con factores máis de fondo.

Uso no lugar de traballo segundo a lingua habitual

A análise segundo a lingua habitual indica que existe unha tendencia manifesta a que tanto os monolingües en galego coma en castelán estean instalados en traballos onde ese é o idioma único ou, en todo caso, maioritario. Da mesma forma, entre os bilingües a lingua máis utilizada no traballo é tamén aquela que eles utilizan máis habitualmente (o 83,2% dos que falan máis en castelán din que ese é o idioma máis utilizado, e o 77,4% dos que falan máis en galego estiman que esa é a lingua preferente no medio).

Táboa 9.5. Lingua do lugar de traballo segundo a lingua habitual.

		LINGUA HABITUAL				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
lingua lugar de traballo	só castelán	72,3%	28,7%	5,9%	1,0%	25,3%
	máis castelán	22,7%	54,5%	23,0%	5,5%	31,9%
	máis galego	4,8%	14,4%	54,4%	19,3%	27,2%
	só galego	0,1%	2,4%	16,7%	74,2%	15,7%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Dadas as importantes dificultades para separalo que de percepción e realidade poida haber en tales cifras, cremos conveniente proceder a realiza-la mesma análise coa lingua utilizada cos compañeiros, información que presentamos deseguido.

Uso cos compañeiros segundo a lingua habitual

Nesta análise apréciase con bastante nitidez como interaccionan dúas condutas que, grosso modo, podemos facer corresponder coa idade adulta: a habitual e a mantida no traballo con persoas de equivalente nivel xerárquico, no que en principio os factores de rol e status deberían estar mitigados. En efecto, existe unha importante correspondencia entre uns

e outros usos (táboa 9.6). A retención lingüística é maior entre os monolingües en castelán ca entre os monolingües en galego, que ven en maior medida cós primeiros a motivación ou a necesidade de cambia-la súa práctica: o 96,9% e o 91,3%, respectivamente, mantén a súa lingua no traballo. As porcentaxes nos bilingües mostran que non existen grandes diferenzas, pero estas volven confirma-la tendencia a unha lixeira maior retención da lingua habitual no traballo entre os castelanfalantes ca entre os galegofalantes.

Táboa 9.6. Lingua cos compañeiros no traballo segundo a lingua habitual.

		LINGUA HABITUAL				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
lingua cos compañeiros	só castelán	96,9%	36,2%	5,7%	0,9%	32,3%
	máis castelán	2,7%	47,0%	14,0%	0,2%	21,8%
	máis galego	0,2%	12,7%	46,7%	7,6%	21,7%
	só galego	0,1%	4,0%	33,6%	91,3%	24,3%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Pasaremos deseguido a ocuparnos da relación entre os usos lingüísticos cos superiores e a lingua habitual. Esta asociación hanos dar unha medida de contraste da importancia do status do interlocutor no medio laboral sobre a escolla lingüística realizada polo cidadán.

### Uso cos superiores segundo a lingua habitual

Na táboa 9.7 pode apreciarse o grao de retención e mobilidade lingüística entre os usos no traballo cos superiores e a lingua habitual. No que fai ós monolingües, a práctica totalidade dos que teñen o castelán como lingua habitual (98,3%) utiliza este idioma para falar cos seus superiores.



Táboa 9.7. Usos lingüísticos cos superiores segundo a lingua habitual

		LINGUA HABITUAL				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
lingua cos superiores	só castelán	98,3%	60,4%	26,6%	3,7%	50,6%
	máis castelán	1,4%	29,8%	21,2%	6,0%	18,9%
	máis galego		6,2%	34,2%	10,2%	14,9%
	só galego	0,3%	3,6%	18,0%	80,0%	15,5%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Entrementres, existe unha menor retención entre os galegofalantes, que manteñen o seu idioma só no 80% dos casos: o 10,2% utiliza esporadicamente o castelán cos seus xefes, o 6% emprega sobre todo este idioma e o 3,7% emprégao sempre.

Uso cos empregados segundo a lingua habitual

Finalmente, queremos trata-lo contraste da lingua utilizada cos empregados coa habitual e que, como vemos na táboa 9.8, sinala unha importante retención da lingua habitual para falar cos empregados nos falantes monolingües, sobre todo cando esa lingua é o castelán.




Táboa 9.8. Lingua cos empregados segundo a lingua habitual

		LINGUA HABITUAL				Total
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego	
lingua cos empregados	só castelán	95,9%	38,0%	11,0%	2,6%	38,9%
	máis castelán	3,3%	44,4%	11,3%	1,3%	20,7%
	máis galego	0,5%	12,3%	43,7%	9,7%	19,7%
	só galego	0,3%	5,3%	34,0%	86,5%	20,7%
Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Cando esa práctica é bilingüe, a tendencia é que cos empregados domine a lingua máis usada habitualmente, pero de novo con certo desequilibrio a favor do castelán.




En xeral, podemos dicir que o cruzamento sinala unha lixeira maior preferencia polo castelán do que acontecía cos compañeiros, e un maior uso do galego se a comparación se fai cos superiores.

En conxunto, podemos afirmar que os usos laborais urbanos están fortemente castelanizados. Mesmo cando alguén utiliza o galego, a tendencia é a incorpora-lo castelán. Apréciase tamén unha certa vinculación entre a elección de lingua e o status do falante, que condiciona sobre todo as prácticas dos que se ven na parte máis baixa da escala, que cambian con frecuencia para dirixirse a persoas de nivel pretendidamente superior, ben por imitación deses modelos prestixiantes ben como unha forma de *respecto* ou promoción persoal que aínda funciona no mundo sociolaboral galego urbano de hoxe.



## **X**

### **A DIMENSIÓN DIACRÓNICA: O CAMBIO INTRAXERACIONAL CONSCIENTE**



Ocuparémonos neste capítulo dun dos aspectos máis interesantes do estudo das situacións de multilingüismo: o cambio de lingua, as súas razóns, o seu ritmo e a súa dirección. En realidade, do proceso de cambio ou non derivan moitos fenómenos observables en dominios ou ámbitos concretos. E sería moito máis doada a investigación se os falantes fosen sempre conscientes e transmitisen directamente as súas experiencias ó respecto. Porén, a conciencia deste proceso nin sempre se produce nin, cando así sucede, é doada de transmitir.

En calquera caso, a nosa misión nas páxinas que seguen será debullar tanto e tan a fondo como sexa posible a información que obtivemos no noso inquérito. No cuestionario do Mapa Sociolingüístico de Galicia figuraban diversas preguntas, entre as cales, en efecto, tiveron especial relevancia os cambios de lingua vistos polo propio informante avaliando a súa propia historia lingüística<sup>114</sup>. Esta información completa a ofrecida na análise de determinados ámbitos, como a familia ou o traballo, onde unha proporción determinada de persoas recoñecía que eses contactos ou intercambios (a parella, o traballo) influíran de xeito decisivo sobre as súas prácticas lingüísticas.

Como esoutros aspectos foron xa mostrados no lugar oportuno, imos mergullarnos directamente na análise do cambio intraxeracional consciente e nas etapas en que se produce.

---

<sup>114</sup> As preguntas introducidas en relación con estas cuestións foron: *¿Sempre falou a mesma lingua?*; *¿Que lingua falaba ata os 13 anos?*; *¿Que lingua falaba dos 14 ós 18 anos?*; *¿Que lingua falaba dos 19 ós 30 anos?*; *¿Que lingua fala(ba) dos 31 en diante?*; ademais da pregunta dirixida a sabe-la razón do cambio: *¿Por que fixo eses cambios de lingua?*

Gráfico 10.1. ¿Falou sempre a mesma lingua?



En principio, segundo as declaracións dos nosos informantes, atopamos que un 56,5% da poboación urbana afirma que experimentou cambios no seu comportamento lingüístico ó longo da vida, mentres o 43,5% restante estima que sempre falou a mesma lingua. Naturalmente, existen diversos procedementos para determina-lo cambio, como podemos apreciar noutras partes desta monografía, pero é moi sintomático que case a metade da poboación urbana recoñeza a súa existencia. Cremos que non só se trata dun efecto de empatía co entrevistador, senón que existe tamén unha conciencia xeneralizada de que achegarse a unha cidade ou o feito mesmo de vivir nela condiciona de maneira decisiva a lingua nas interaccións cotiás.

O efecto máis notable deste proceso de cambio lingüístico, que atinxe a máis da metade da poboación urbana, é a redución dos comportamentos monolingües, circunstancia máis ostensible e evidente cando a lingua de instalación é o galego. Trátase dun fenómeno que impregna a práctica totalidade das comunicacións interpersoais, porque modifica o propio individuo como ser *pensante* e *comunicante*. Mais vexamos este carácter xeneralizado do cambio urbano desde o contraste coas habituais variables sociolingüísticas.


### O cambio de lingua consciente segundo a lingua inicial

O cambio de lingua non ten os mesmos efectos en todos os grupos de lingua inicial. Como podemos ver no gráfico

10.2, as persoas que aprenderon a falar en galego cambiaron de lingua no 70,7% dos casos, mentres este proceso só afectou a pouco máis da metade dos que tiveron como primeiro idioma o castelán (57,3%). E os menos afectados por el foron os bilingües iniciais, que xa posuían os dous idiomas no seu repertorio comunicativo. Vista a asociación entre lingua inicial e habitual, e que a aprendizaxe bilingüe normalmente leva a un uso bilingüe na Galicia urbana, é comprensible que as pautas do uso se mantivesen máis neste grupo que aprendeu a falar nos dous idiomas ó longo da vida. É dicir, se o medio urbano conduce a patróns bilingües que favorecen máis o castelán có galego e o individuo xa é bilingüe de partida, existen menos necesidades de producir cambios ó longo da vida. Xa que logo, o punto de partida coincide en boa medida co de chegada.

Por iso, e a diferenza do que acontecía no conxunto de Galicia (SemSoc 1994, 44-45), no medio urbano o cambio de lingua é máis importante entre os galegofalantes ca entre os castelanfalantes iniciais. Esta é unha conclusión de particular importancia. Porque mentres en Galicia a perda interxera-

Grafico 10.2. Cambiou de lingua segundo a lingua inicial.





cional se ve compensada en parte por unha maior recuperación do galego entre os que non o falaban, este fenómeno semella moi atenuado na cidade. Aquí a incorporación do galego é menor cá do castelán. É dicir, na cidade é máis necesario introduci-lo castelán para aqueles que non o falan ca introduci-lo galego cando non se usa esa lingua. Non queremos dicir con isto que a necesidade sexa algo natural, teleolóxico e causalmente non condicionado. Pola contra, e de acordo con Williams (1992), pensamos que existe todo un tecido político e socioeconómico que contribúe á substitución, neste caso desgaleguización: diversas institucións sociais (o ensino, os medios de comunicación, a administración do Estado, a igrexa, o mundo socioeconómico) que condicionan e propoñen, con frecuencia de xeito tácito, o castelán como a lingua de instalación e do medio. Os contrapoderes, pola súa banda, non tiveron ata o de agora todo o éxito que sería necesario para inverter tal situación, en parte tamén polo limitado compromiso e reducido apoio que a Administración autonómica galega prestou ata o de agora ó proceso de mantemento e recuperación do idioma propio de Galicia e desde logo pola desidia pusilánime de amplos sectores da poboación do noso país.

### **O cambio consciente segundo a lingua habitual**

Polo que respecta ó cambio de lingua segundo o idioma de uso habitual cómpre destacar como o grupo sociolingüístico menos afectado por este fenómeno é o dos actuais monolingües en castelán, que se mantiveron nesa conduta no 96,8% dos casos. Isto parece indicar que nese numeroso grupo de poboación o comportamento é xa antigo e moi poucas veces se chegou a falar unicamente nese idioma logo de abandonar completamente o galego (3,2%).

Táboa 10.1. Cambio de lingua consciente segundo a lingua habitual

		falou sempre a mesma lingua	
		si	non
<b>LINGUA HABITUAL</b>	só castelán	96,8%	3,2%
	máis castelán	19,3%	80,7%
	máis galego	17,5%	82,5%
	só galego	87,9%	12,1%

Na poboación urbana, os monolingües habituais en galego, un grupo non demasiado numeroso, acostuman ser en maior medida resultado dun proceso de regaleguización, mentres os monolingües en castelán, nos que este fenómeno é menos frecuente pouco cambiaron de lingua ó longo da vida. Non obstante, quen máis cambiou de lingua foron os bilingües habituais.

### O cambio de lingua segundo o hábitat de nacemento

O cruzamento por hábitat de nacemento permite apreciar como o cambio de lingua presenta unha diferente intensidade consonte o hábitat en que se criou o individuo. Malia a non seren as diferenzas de grande envergadura, si é notoria a propensión a que canto menos urbano é o hábitat en maior medida se producisen cambios, probablemente porque na maior parte dos casos a lingua de chegada é o castelán. Se o proceso de cambio lingüístico castelanizou máis do que galeguizou as condutas da poboación urbana, é lóxico que actuase en maior medida nos lugares onde se encontran as persoas que máis falaban o galego: nas vilas e, sobre todo, no rural. Ó mesmo tempo, é comprensible que o cambio de hábitat dese lugar a cambios máis importantes nas condutas e pautas de comportamento social, entre as cales se encontran os hábitos de uso

lingüístico. Porque marchar do medio rural ou dunha vila galega supón sempre un corte co medio cultural do individuo, malia o movemento pendular de ida e volta á cidade existente en Galicia.

Táboa 10.2. Cambio de lingua segundo o hábitat de nacemento

		falou sempre a mesma lingua	
		si	non
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	45,3%	54,7%
	vilas	38,6%	61,4%
	rural	34,3%	65,7%
	fóra Galicia	61,6%	38,4%

Coma noutras ocasións, o comportamento dos nacidos fóra de Galicia apártase desta tendencia ou, en todo caso, é sensiblemente máis acorde coas tendencias castelanizantes có propio medio urbano. Probablemente, os nacidos fóra de Galicia, ó teren un uso xa importante do castelán cando chegaron ó país, non precisaron adaptarse tanto a ese idioma, que era tamén o máis utilizado no medio urbano.

### Razóns do cambio de idioma

Un dos aspectos máis interesantes do cambio de lingua é a razón ou razóns que o condicionan. Non sempre resulta doado determina-los factores desencadeantes de tales transformacións. Mesmo desde a perspectiva do especialista, non existen razóns monocausais, e polo tanto non podemos valorar esta cuestión como un proceso lineal resultado dunha relación biunívoca entre causa e consecuencia. Máis ben, o que parece ocorrer é que non só as razóns son multicompoñenciais, senón que ademais están interrelacionadas. Mesmo poderíamos falar dunha circularidade na que o resultado (ou

efecto) serve de retroalimentación ó cambio. Pois ben, esa mesma policausalidade afecta tamén ó informante, polo que resulta difícil establecer unha relación biunívoca. Porén, a pescuda da investigación macrosociolingüística sobre as razóns que levan o individuo a realizar determinados cambios na súa vida pode dar pistas interesantes para comprender a complexa tecedeira de motivacións que funcionan na vida social. É por iso que, sen tratar de asignarlles unha capacidade plenamente explicativa dos comportamentos, cremos que a análise destas razóns vai axudarnos a centrar mellor o complexo mundo da substitución lingüística.

En conxunto, a maior parte dos informantes (40,5%) estima que os cambios se producen por influxo do medio, o cal obriga a adaptarse a el tamén no uso lingüístico. Con todo, a vontade expresa de realiza-lo cambio afecta a case un de cada catro (23,3% dos cidadáns galegos).

### **Razóns do cambio de lingua segundo a lingua inicial**

A lingua inicial inflúe sobre esta cuestión de forma importante. Os que se socializaron en castelán dan como razón básica para o seu cambio case ó mesmo nivel a adaptación ó medio (33,7%) e unha decisión propia (30,2%). Nos bilingües parece pesar algo máis a adaptación ó medio (39,4%) e nos monolingües en galego case a metade fixeron ese cambio tamén para adaptárense ó medio (48,1%). Este motivo parece ser case o único (77,1%) que condicionou este proceso no reducido grupo de persoas que aprenderon a falar nun idioma que non era o galego nin o castelán, e que acabarían instalándose maioritariamente neste último.

Táboa 10.3. Razón dos cambios de lingua segundo a lingua inicial.

		razón cambios lingua					
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns
LINGUA INICIAL	galego	15,0%	15,2%	9,6%	48,1%	1,1%	11,0%
	castelán	30,2%	11,2%	10,2%	33,7%	3,2%	11,6%
	as dúas	27,4%	9,7%	11,3%	39,4%	4,3%	7,8%
	outras	2,7%	4,5%	6,7%	77,1%	2,3%	6,8%

Baixo estas cifras podería latexa-lo feito de que o abandono do galego entre os que o teñen como lingua materna se produce en menor medida por unha vontade expresa. É dicir, abandonarían menos o galego por unha desvinculación consciente e voluntaria da lingua do país, mentres existiría en maior medida esa pauta nos bilingües e nos castelanfalantes iniciais urbanos. Ese 27,4% e 30,2% respectivamente de bilingües e monolingües en castelán que declaran que cambiaron de lingua por vontade propia (aproximadamente o dobre ca nos monolingües en galego) poderían constituír en boa medida os casos de militancia e conciencia da situación lingüística de Galicia e actuación ó respecto desde o compromiso persoal.

A pesar de todo isto, resulta arriscado asocia-la toma de conciencia sociopolítica á explicación do fenómeno. Na nosa opinión, tal circunstancia non debe excluírse como causa, pero non pode darse sequera como primordial. A vontade propia para o cambio pode responder tamén a outros tipo de preferencias persoais cara ó galego menos *ideolóxicas* e, simultánea ou alternativamente, poida que na actual conxuntura a empatía ideolóxica non sexa suficiente para converxer cara ó uso preferente ou exclusivo do galego na nosa sociedade.

**Razóns do cambio de idioma segundo a lingua habitual**

No que atinxe á lingua habitual, salientámo-las diferenzas nos monolingües en galego que cambiaron de lingua (é

dicir, nos que, non sendo na orixe esa a súa lingua habitual, pasaron a falar sempre en galego). Trátase dun grupo moi reducido na mostra (n=116), como xa dixemos anteriormente, pero podemos comprobar como o cambio de lingua cara ó galego ten causas diferentes do cambio de lingua ó castelán.

Táboa 10.4. Razóns do cambio de lingua segundo a lingua habitual.

		razón cambios lingua				
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego
LINGUA HABITUAL	só castelán	24,1%	10,5%	4,3%	49,6%	11,5%
	máis castelán	25,1%	12,7%	11,1%	37,4%	2,3%
	máis galego	19,5%	12,4%	9,2%	45,8%	2,0%
	só galego	48,0%	23,4%	4,3%	11,9%	8,1%

Non é o medio o que condiciona eses cambios normalmente (só o 11,9% dos casos) senón unha vontade persoal de realizalos (48%), se cadra influída pola autoconciencia da realidade lingüística galega e unha militancia no noso idioma.

Tamén cremos interesante destacar, a pesar do seu carácter non maioritario, a opción dos que se senten influídos polo sistema escolar á hora de realizaren eses cambios (o 23,4%)<sup>115</sup>.

<sup>115</sup> Unha análise detida da táboa mostra que os únicos valores rendibles para a análise son «por vontade propia», «por influxo do ensino» e «para adaptarme ó medio». O contraste, en termos estatísticos, establécese, xa que logo, sobre todo entre os monolingües en galego fronte ó resto. Non hai que esquecer que a variable obxecto de análise presenta seis valores. Por outra banda, os estatísticos baseados na *redución proporcional do erro* (Costner 1965), máis apropiados cós baseados no hi-cadrado para evita-los nesgos que o tamaño da mostra introduce, teñen porén o problema de non achegar información interpretable sobre as diferenzas no interior das táboas, fronte á análise de residuos asociada ó hi-cadrado. (Cfr. García Ferrando 1982, 228; Sánchez Carrión 1995, 274).

Aquí cremos máis apropiado pensar que este grupo experimentou eses cambios non tanto pola capacidade do sistema escolar como tal ou pola vontade dos seus organizadores de revertela substitución lingüística, senón polo papel desempeñado por diversos ensinantes con vontade basicamente persoal para esperta-las consciencias dos alumnos máis receptivos á realidade social galega.

As mutacións no comportamento lingüístico das persoas que falan en diferentes medidas o castelán está condicionada basicamente pola necesidade de adaptarse ó medio (49,6% nos monolingües en castelán, 37,4% nos que falan máis castelán e 45,8% nos que falan máis galego). Así mesmo, nos bilingües que falan máis castelán e nos monolingües neste idioma a vontade propia foi a razón do cambio nun de cada catro casos.

### Razóns dos cambios de lingua segundo o hábitat de nacemento

En canto ó hábitat de nacemento, os orixinarios da cidade que cambiaron de idioma fixérono maioritariamente para adaptárense ó medio, pero existe tamén unha porcentaxe superior ós outros hábitat que o fixo por vontade propia (27,5%) e por influxo do ensino (13,9%).

Táboa 10.5. Razón dos cambios de lingua segundo o hábitat de nacemento.

		razón cambios lingua					
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	27,5%	13,9%	9,5%	34,9%	2,7%	11,5%
	vilas	23,0%	8,7%	8,4%	47,0%	2,9%	10,1%
	rural	17,3%	12,9%	10,4%	46,3%	1,7%	11,3%
	fóra Galicia	16,4%	9,2%	13,1%	51,8%	1,8%	7,8%

Os inmigrantes urbanos procedentes das vilas e do rural dan como razón máis importante para o seu cambio a adaptación ó medio (47% e 46,3% respectivamente), con moita diferenza sobre as demais posibilidades, e de acordo co proceso de adaptación lingüística campo-cidade tamén referido.

### Razóns dos cambios de lingua segundo a idade

A idade é outro factor que se debe ter en conta na explicación das razóns que levaron ó cambio. Os grupos de idade máis novos, sobre todo o de 16 a 25 anos, parecen estar máis influídos por factores de vontade persoal e polas experiencias vividas no eido do ensino para realizar estes cambios (29,3% e 29,1% respectivamente). Pero a partir do grupo de 26 a 40 anos cada vez comeza a ter máis importancia a adaptación ó medio como factor desencadeante do cambio de lingua (37% nos de 26 a 40, 45,9% no de 41 a 65 e 52,1% no de maiores de 65 anos).

Táboa 10.6. Razón dos cambios de lingua segundo a idade.

		razón cambios lingua					
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns
IDADE	16 a 25 anos	29,3%	29,1%	4,1%	27,5%	1,9%	8,2%
	26 a 40 anos	23,7%	12,2%	11,4%	37,0%	3,5%	12,2%
	41 a 65 anos	22,2%	7,8%	10,6%	45,9%	2,0%	11,5%
	máis de 65 anos	16,0%	6,0%	13,5%	52,1%	1,3%	11,2%

Esta diferenza ten que ver co feito de que ó aumenta-la idade a converxencia veu marcada con máis claridade pola inmigración á cidade e pola adaptación ós seus modos de vida, entre eles a lingua. Os individuos novos inmigraron á cidade en menor medida, e viviron un mundo urbano no que o castelán era xa a lingua maioritaria, e mesmo con frecuencia a de seus pais.



**Razóns do cambio de idioma segundo o ámbito de adquisición do galego**

Naturalmente, os que aprenderon o galego na familia tiveron e teñen este idioma como propio en moitos máis casos, e iso probablemente fixo que cando chegaron á cidade mudasen ó castelán e acabasen adaptándose a este idioma, por iso o medio foi a causa fundamental do seu cambio.

Táboa 10.7. Razón dos cambios de lingua segundo o ámbito de adquisición do galego.

		razón cambios lingua					
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	21,3%	12,2%	8,4%	44,1%	2,4%	11,6%
	escola	25,8%	40,9%	3,4%	18,8%	2,3%	8,7%
	outros	29,7%	1,7%	19,1%	37,2%	2,2%	10,2%

O 40,9% dos que aprenderon o galego na escola afirma que o seu cambio de lingua veu producido precisamente por esta escola. Non obstante, a maior parte deles (o 80%) acabaría falando en galego só esporadicamente, mentres un 17,3% usará preferentemente este idioma e só o 2,8% empregará de forma monolingüe o galego. É dicir, que a escola só contribuíu a unha regaleguización moi limitada.

**A dirección e o ritmo do cambio lingüístico consciente**

Propoñémonos a seguir toma-lo pulso ó ritmo do cambio consciente de lingua declarado polos informantes. Unha das constatacións máis antigas na historia da sociolingüística galega é o proceso de desgaleguización que se leva producindo durante polo menos o último século. Desde unha perspectiva máis precisa, e tamén dramática, este fenómeno fora xa comentado por Alonso Montero (1973) hai tres décadas.

A partir de aí diversos estudosos e investigadores téñense referido ó proceso límite de substitución da lingua galega polo castelán. Proceso que, tamén a partir de Alonso Montero (1973) ten sido visto como algo lineal e irreversible.

Xa expuxemos na epígrafe dedicada á interpretación do mantemento e o cambio de lingua que non existe unha teoría unificada e aceptada por tódolos investigadores para explicalas causas e o ritmo deste fenómeno. No ámbito da sociolingüística galega quizais fose Fernández (1983b) quen máis atención dedicou a esta cuestión desde unha perspectiva macrosociolingüística empírica. Segundo os datos recollidos por este autor no concello de Santiago, quedarían dúas xeracións e media para extinguirse completamente o galego (ibíd 208). Esta teoría, matizada polo mesmo autor en traballos posteriores (1991), calou porén con forza en Galicia.

Por outra banda, algúns estudosos, entre os que cómpre referirse sen dúbida a Ferro Ruibal<sup>116</sup>, téñense referido a como os ritmos teleolóxicos, constantes e inevitables que marcan a perda do galego xeración a xeración deben ser mitigados e sopesados por fenómenos como a recuperación intraxeracional da lingua galega que se produce entre a infancia e a chegada á idade adulta dos individuos.

Naturalmente, as dúas son por motivos distintos posturas extremas e necesitan a pertinente matización, que desde a nosa perspectiva só podemos achegar dunha maneira: con datos. Partimos, en primeiro termo, da constatación de cantos individuos cambiaron de lingua ó longo da súa vida e dos motivos que provocaron este cambio. A análise deses fenó-

---

<sup>116</sup> Este autor, que vén proclamando desde hai varias décadas o estado aínda esperanzado de saúde que ten a lingua galega, suxeriu, durante as consultas realizadas para mellora-lo cuestionario do MSG, a inclusión neste de preguntas que avaliasen o cambio de lingua experimentado entre a infancia e a chegada á idade adulta en moitos individuos. O que para el constituía unha apreciación intuitiva e contrastada pola experiencia persoal, converteuse, trala súa análise polo equipo do MSG, nunha das vías de análise e interpretación do proceso de cambio lingüístico que experimenta a sociedade e a lingua galega.

menos acaba de ser realizada desde a perspectiva xeral do medio urbano e os seus grupos sociais máis importantes. Cómpre logo entrar no detalle de como os cambios se foron realizando ó longo do período de maduración que iría dos 13 ós 30 anos, e que nós dividimos en catro fases.

A primeira delas estaría constituída pola infancia e a puberdade, ata os 13 anos, cando se acostuma situa-lo comezo da adolescencia. A segunda (dos 14 ós 18 anos) abranguería desde o comezo da adolescencia ata a chegada á maioría de idade, cando ademais moitos individuos principian unha nova etapa na súa vida, sexa polo comezo de novos estudos ou pola procura dunha primeira ocupación laboral. O terceiro período, dos 18 ós 30 anos, tradicionalmente viña marcado nos homes pola estabilización no eido laboral e, na inmensa maioría da poboación, polo establecemento dunha familia *de procreación*. Esta entrada plena no mundo dos adultos produciríase a partir dos 30 anos, cando en principio se dan menos cambios na situación persoal, á parte da evolución de mentalidade que poida derivarse da chegada da senectude, que *a priori* pensamos que non ten influencia salientable nunha pauta lingüística diferente.

Polo tanto, obtemos catro referencias temporais, ademais da lingua inicial e da habitual, o que nos permite establecer unha liña temporal na evolución lingüística dos individuos e seguir ó longo desta o percorrido dos individuos que manifestan ter cambiado de conduta lingüística. Esta liña comezaría coa lingua materna, seguiría coa lingua declarada neses catro períodos e remataría coa lingua habitual nos individuos adultos. Esta sucesión pode apreciarse na táboa seguinte<sup>117</sup>:

---

<sup>117</sup> Para o cálculo das porcentaxes desta táboa eliminamos tódolos casos non computados, correspondentes a ausencia de resposta nalgunha das seis variables e que, polo tanto, poderían distorsionarl as porcentaxes totais. Iso deu lugar a unha mostra de 3.065 casos, sobre os que se fan tódolos cómputos. Evítanse así diversas vías de distorsión dos datos, ó quedaren na mostra unicamente as persoas que contestaron todas estas preguntas e, xa que logo, elimina os menores de 31 anos, que non poderían responde-la última.

Táboa 10.8. Lingua inicial e usos da poboación que recoñece ter cambiado de lingua, en diferentes períodos.

		poboación con cambios de lingua
LINGUA INICIAL	castelán	39,5%
	as dúas	6,6%
	galego	53,9%
lingua ata os 13 anos	só castelán	30,4%
	máis castelán	13,3%
	máis galego	24,9%
	só galego	31,4%
lingua dos 14 ós 18 anos	só castelán	17,3%
	máis castelán	29,3%
	máis galego	38,6%
	só galego	14,8%
lingua dos 19 ós 30 anos	só castelán	5,5%
	máis castelán	43,3%
	máis galego	48,1%
	só galego	3,1%
lingua dos 31 en diante	só castelán	0,7%
	máis castelán	42,9%
	máis galego	54,0%
	só galego	2,4%
LINGUA HABITUAL	só castelán	0,7%
	máis castelán	42,9%
	máis galego	54,0%
	só galego	2,4%

Temos que lembrar en primeiro lugar que a lingua inicial é unha variable con tres valores (ademais dos que aprenderon a falar noutra lingua, que non consideraremos aquí), polo que as equivalencias coas outras cinco variables (con catro valores) non poden ser perfectas. Se comparámo-la porcentaxe de monolingües iniciais, tanto en galego como en castelán, coas de monolingües habituais das outras cinco variables vemos que nestas últimas é moito máis reducida. Coas necesarias reservas que esa comparación nos esperta, podemos porén

afirmar que, neste sector con conciencia do cambio de lingua, o bilingüismo inicial (6,6%) era moito máis reducido có bilingüismo habitual en calquera dos cinco períodos considerados<sup>118</sup>. O mesmo fenómeno de aumento das opcións bilingües pode apreciarse dando unha ollada xeral ás seguintes variables. Así, os bilingües, de seren o 38,2% ata os 13 anos pasan a se-lo 96,9% a partir dos 31 anos<sup>119</sup>.


Por outra banda, de considerarmos galegofalantes os que falan só ou preferentemente galego, obteríamos que este grupo se mantén nunhas cifras moi semellantes ó longo dos diferentes períodos vitais establecidos, con diferenzas de moi cativa envergadura: do 55,8% no período ata os 13 anos descendería ata o 51,2% no grupo de 19 a 30 anos e volvería aumentar ó 56,4% a partir dos 31 anos. Estas porcentaxes de recuperación son algo inferiores ás correspondentes ó conxunto de Galicia<sup>120</sup>, do mesmo xeito que, como acontece con calquera outra variable de uso, as cifras de galegofalantes son tamén inferiores no medio urbano ás de todo o país.

<sup>118</sup> Con todo, é evidente que esta submostra de persoas que recoñecen o cambio lingüístico nas súas vidas, na que tódalas variables presentan o mesmo número de casos e que foi construída principalmente para poder realizar comparacións entre variables, é parcial. Como xa apuntamos, os que máis cambian de lingua son os monolingües en galego, o que fai aumenta-la súa presenza nesta submostra, en detrimento dos bilingües e, sobre todo, dos monolingües iniciais en castelán, que ven substancialmente reducido o seu número. Lémbrese que as porcentaxes de lingua materna no total da poboación eran: castelán 48,7%, bilingües 15,8% e galego 35,5%. O mesmo nesgo pode verse nas porcentaxes de lingua habitual desta submostra, que tampouco responden ó total da mostra urbana. Porén, ó presentar esta variable catro categorías, igual cás dos outros catro períodos temporais, a comparación pode realizarse.

<sup>119</sup> Ó elimina-los menores de 31 anos da submostra construída para este contraste global, os resultados da variable «lingua dos 31 anos en diante», como era de esperar, pasan se-los mesmos có da lingua habitual.

<sup>120</sup> Se fixésemo-los cálculos equivalentes para o conxunto de Galicia, teríamos que nos menores de 13 anos os galegofalantes serían o 66,5%, no grupo de 14 a 18 o 64,2%, no de 19 a 30 o 64,1% e no 31 en diante o 69,6%.

Gráfico 10.3. Cambio de lingua declarado ó longo da vida.



Por outra banda, xa dixemos que a poboación urbana que reconece o seu cambio de lingua é o 56,5%. En principio, como se aprecia no gráfico 10.3, o sentido dos cambios é basicamente a redución dos monolingües en galego e en castelán, que pasan a engrosar as filas dos bilingües.

En efecto, podemos comprobar como neste sector da poboación que cambiou de lingua tanto o monolingüismo en galego coma en castelán diminuíron tremendamente entre o comezo da adolescencia e a chegada da idade adulta. Os monolingües en castelán que cambiaron de idioma supoñían no grupo ata os 13 anos o 35% da poboación con cambio de lingua. Pero na xeira seguinte (dos 14 ós 18 anos) son menos da metade (15,6%), e na mocidade xa só se mantén como monolingües o 4,9%. No final do ciclo observamos un 1% de monolingüe en castelán, que son probablemente persoas que falaban nalgunha medida galego pero que ó final acabaron castelanizando a súa conduta lingüística completamente. Neste tipo de procesos hai que considerar tamén a opción dos que realizan cambios de ida e volta. Por exemplo, seis individuos da nosa mostra monolingües en castelán ata os 13 anos

introduciron esporadicamente o galego dos 14 ós 18 e dos 19 ós 30, para a partir dos 30 anos volveren a ser monolingües en castelán. Iso é o que explica que a redución das porcentaxes de monolingües non sexa total. Así mesmo, neste 1% dos que despois dos 31 anos falan só castelán tamén atopamos 3 individuos que ata os 13 anos falaban só galego, 11 preferentemente en galego e 5 máis en castelán, pero que acabarían adoptando a decisión de falar só en castelán na idade adulta.

Algo semellante acontece cos monolingües en galego, aínda que neste caso parece que ós 19 anos este proceso está case completado (son monolingües neste idioma só o 3%).

Os bilingües que falan máis o castelán pasan de se-lo 17,8% no grupo de ata 13 anos ó 39,6% no de 14 a 18. A súa procedencia é maioritariamente urbana, hábitat no que naceu o 64,7%, mentres o 20,8% procede do rural, o 7,4% das vilas e o 7,2% naceu fóra de Galicia. Ademais, tres cuartas partes (75%) dos que nesta banda de idade pasaron a falar máis castelán eran anteriormente monolingües neste idioma, o 14,7% falaba máis galego e o 10,3% só galego. Así e todo, a distribución non é regular, xa que neste 10,3% o 60% son informantes de procedencia urbana e só o 30,4% é rural.

Como contrapartida, os que introduciron parcialmente o galego na súa conduta previa monolingüe en castelán neste período naceron na cidade no 76,2% dos casos. É dicir, que detrás dese correntemento de falantes que eran monolingües e que introduciron o galego esporadicamente hai realidades e situacións diversas, que aparentemente ocultan as cifras globais, pero que análises máis detalladas permiten apreciar. Analizando a evolución lingüística posterior deste grupo atopamos que o 84,8% seguiu falando maioritariamente castelán no período seguinte, mentres o 12,5% pasou a falar máis en galego. Existe unha maior propensión a que este último cambio o realicen persoas inmigradas á cidade desde vilas ou desde o rural, pero as diferenzas non son especialmente importantes.

O 42,8% dos bilingües que falan máis galego no grupo de 14 a 18 anos e que non presentaban ese comportamento ante-

riormente naceron na cidade e un 44,2% son inmigrantes do rural; ademais, nun 48,2% destacan como razón máis importante para o seu cambio a adaptación ó medio. Se nos fixamos precisamente neste grupo que ofrece o contorno como explicación do seu cambio e que naceu na cidade vemos que nun 72,3% dos casos no período anterior (ata os 13 anos) eran monolingües en galego e o 27,7% falaba só ou preferentemente castelán. A primeira das porcentaxes de galegofalantes non debe estrañarnos nin tampouco que sexa a adaptación ó medio a razón que explique a súa *necesidade* de comezar a falar menos en galego, e só indica como se produce esta substitución lingüística entre os galegofalantes urbanos.

No que respecta ós nados na cidade que falaban castelán e que cambiaron cara ó uso preferente do galego, o fenómeno é moi interesante. Dáse maiormente entre persoas menores de 65 anos. Entre os individuos de 16 a 25 anos e de 26 a 40 a vontade propia supón unha das razóns fundamentais (29,6% e 39,6% dos casos), mentres a adaptación ó medio é máis habitual entre as persoas de 26 a 40 anos (43,8%) e de 41 a 65 (43,3%), aínda que tamén nos menores de 26 anos (33,3%). Nestes últimos tamén a escola parece que influíu para convertelos en bilingües con uso preferente do galego (25,9% dos casos). Entre as profesións destes informantes destacan os obreiros (35,9%), os administrativos e subalternos (18,4%), os estudantes (14,9%) e as amas de casa (10,5%).

O efecto anterior vese contrarrestado pola propensión dos monolingües en galego a deixar de usa-la súa lingua habitual<sup>121</sup>. Os monolingües deste grupo –o 2,4% que fala só galego neste grupo despois dos 30 anos– son, polo tanto, persoas que chegaron a ser monolingües en galego e que antes presentaban outro tipo de usos. Votan nun 58,9% opcións políticas nacionalistas, manifestan nun 44,6% que fixeron eses

---

<sup>121</sup> Lembremos que estamos a falar en todo momento da submostra de individuos que afirman que realizaron cambios ó longo da súa vida. Polo tanto, se un individuo non cambiou de lingua, non figura nesta poboación que estamos a analizar.



cambios por vontade propia e nun 27,3% por influxo do ensino, e son xente de idade non avanzada.

Pero vexamos con algo máis devagar e detalle a evolución do cambio lingüístico consciente segundo o lugar de nacemento.

O ritmo do cambio lingüístico consciente segundo o hábitat de nacemento

Como vemos, a asociación do hábitat con estas variables é maior canto máis próximo está o período indicado na variable dependente ó nacemento. Isto quere dicir que o medio condiciona os primeiros cambios de lingua, pero que a medida que avanza o tempo existen outros mecanismos non controlados que teñen cada vez máis peso.

Táboa 10.9. Evolución do uso lingüístico segundo o hábitat de nacemento<sup>122</sup>

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
lingua ata os 13 anos	só castelán	48,1%	27,5%	9,9%
	máis castelán	21,9%	18,1%	9,9%
	máis galego	14,8%	20,7%	34,4%
	só galego	15,3%	33,7%	45,8%
lingua dos 14 ós 18 anos	só castelán	20,1%	15,0%	4,5%
	máis castelán	48,5%	34,7%	23,8%
	máis galego	25,2%	34,7%	50,6%
	só galego	6,1%	15,6%	21,1%
lingua dos 19 ós 30 anos	só castelán	5,2%	6,3%	2,3%
	máis castelán	59,7%	43,3%	31,7%
	máis galego	32,3%	47,5%	62,4%
	só galego	2,8%	2,7%	3,6%
lingua dos 31 en diante	só castelán	0,7%	1,9%	0,8%
	máis castelán	53,0%	41,1%	27,4%
	máis galego	43,4%	55,1%	69,9%
	só galego	2,9%	1,9%	1,9%

<sup>122</sup> Obsérvase que nesta e noutras táboas similares introducímo-la variable independente no eixe horizontal e a dependente no vertical, a diferenza da maior parte das táboas. Isto é debido á grande cantidade de celas (16 neste caso) que aparecerían nese eixe x de invertela orde, co conseguinte problema visual que iso provocaría nunha páxina non apaisada. Porén, a lectura debe realizarse, dentro de cada variable, de arriba a abaixo (de «só castelán» a «só galego» ou viceversa) para conseguilo 100%.

En principio, nas persoas nadas no hábitat urbano a poboación con cambios de lingua é en boa medida monolingüe en castelán ata os 13 anos (48,1%). O castelán é a lingua maioritaria nas cidades galegas desde hai bastantes décadas, e a tendencia obsérvase en calquera variable de uso, ó te-lo hábitat un peso fundamental. Ese grupo irá introducindo progresivamente o galego na súa vida, aínda que de forma esporádica (80,7%) e só en ocasións de forma preferente (17,3%). Este significativo sector de poboación son na súa inmensa maioría castelanfalantes iniciais de idade media e cambian, segundo as súas declaracións, sobre todo para adaptarse ó medio (31,1%) e por vontade propia (30,6%).

Por outra banda, os nados no rural que cambiarán de lingua, ata os 13 anos manteñen en boa medida o galego: un 45,8% é monolingüe e un 34,4% úsao preferentemente. É posible que boa parte destes individuos vivise este período da súa vida no medio rural en que naceu, polo que este mantemento do galego probablemente estea relacionado coa lingua do medio nesa altura. Entrementres, os que cambian de lingua nas vilas, nese período vital, presentan unha distribución compensada das catro opcións de uso.

O período dos 14 ós 18 anos destaca sobre todo porque unha parte importante dos monolingües en castelán nados nas cidades pasa a incorporar esporadicamente o galego no seu repertorio lingüístico (48,5%), igual que acontece no medio rural cos monolingües en galego, que incorporan máis o castelán (50,6%). No grupo dos nados nas vilas, engordan simetricamente as porcentaxes de bilingües, que duplican os monolingües en ámbalas direccións.

No período dos 19 ós 30 anos redúcense aínda máis as porcentaxes de monolingües, que case se igualan nos grupos procedentes dos tres hábitat, proceso que culminará a partir da chegada ós 30 anos. Xa que logo, no remate do proceso observamos unha práctica desaparición dos monolingües, que redonda nunha notable predominancia do bilingüismo tendente ó galego nos nados no rural e unha tendencia algo

menos notoria ó castelán entre os nacidos na cidade. A orixe vilega deita tamén resultados de bilingüismo preferentemente galegófono.

Vista a distribución disimétrica dos usos lingüísticos no seo de cada hábitat en función da idade, pode resultar de interese controlar se esta última variable é tamén rendible nun cruzamento a tres bandas coa lingua ata os 13 anos e a idade. Desta cuestión ocupámonos a seguir.

### O ritmo do cambio consciente (ata os 13 anos) segundo o hábitat de nacemento e a idade

Táboa 10.10. Lingua ata os 13 anos segundo o hábitat de nacemento e a idade

#### IDADE 16 a 25 anos

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
lingua ata os 13 anos	só castelán	49,0%	58,3%	20,4%
	máis castelán	35,4%	18,1%	22,6%
	máis galego	8,4%	16,0%	26,7%
	só galego	7,2%	7,7%	30,3%

#### IDADE 26 a 40 anos

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
lingua ata os 13 anos	só castelán	58,3%	36,7%	11,4%
	máis castelán	18,7%	25,0%	13,5%
	máis galego	13,8%	18,0%	41,0%
	só galego	9,3%	20,3%	34,1%

#### IDADE 41 a 65 anos

		HÁBITAT DE NACEMENTO		
		urbano	vilas	rural
lingua ata os 13 anos	só castelán	42,5%	20,5%	9,5%
	máis castelán	17,1%	17,0%	8,6%
	máis galego	18,7%	23,0%	33,4%
	só galego	21,7%	39,5%	48,5%

**IDADE máis de 65 anos**

		<b>HÁBITAT DE NACEMENTO</b>		
		<b>urbano</b>	<b>vilas</b>	<b>rural</b>
<b>lingua ata os 13 anos</b>	<b>só castelán</b>	31,4%	17,4%	5,9%
	<b>máis castelán</b>	9,9%	6,8%	5,2%
	<b>máis galego</b>	22,5%	20,5%	30,7%
	<b>só galego</b>	36,2%	55,2%	58,2%

Como pode verse na cuádrupla táboa precedente, en efecto, o uso lingüístico ata os 13 anos varía en cada un dos hábitat en función da idade. No grupo de 16 a 25 anos existe o mesmo número de monolingües nas cidades ca nas vilas<sup>123</sup>, mentres nos outros tres grupos de idade a porcentaxe aumenta a medida que o hábitat é menos urbano. Isto parece indicar unha maior castelanización do hábitat vilego de partida no grupo máis novo á altura case do medio urbano, mentres nos demais aínda existe unha certa distancia entre o un e o outro.

Por outra banda, podemos aprecia-las notorias diferenzas entre os niveis de uso dos diversos grupos de idade. As diminucións máis drásticas dos monolingües en galego prodúcense entre os dous grupos de idade intermedios, e na cidade tamén entre o dos máis vellos e o de 41 a 65. Por outra banda, os procedentes do rural están sempre máis instalados no galego ca no castelán nesta etapa da súa vida, aínda que nos falantes menores de 25 anos a porcentaxe apenas supera a metade dos casos (57%). Neste grupo de mozos nados no rural, así mesmo, duplícanse os castelanfalantes respecto ó grupo seguinte.

En calquera caso, queda constancia de que o control simultáneo do hábitat de nacemento e a idade permite predicir mellor o uso lingüístico neste período anterior á chegada da adolescencia. Conforme analizámo-los períodos seguintes

<sup>123</sup> Débese ter en conta, non obstante, que o número de individuos nados nunha vila ou no medio rural neste grupo de idade é bastante reducido.

(14 ós 18, 19 ós 30 e 31 en diante) a propia experiencia de vivir na cidade vai sendo cada vez máis importante, o que minimiza cada vez máis a influencia deses factores de lugar de procedencia e idade, absorbidos pola integración nun medio urbano que castelaniza, como dicimos, os usos dos que viven nel, e tamén condiciona nese sentido os posibles cambios de comportamento lingüístico que se poidan dar.

### **O ritmo do cambio consciente segundo a lingua inicial**

No cruzamento destas catro variables por lingua inicial, debemos indicar que a introdución do castelán entre os galegofalantes iniciais se produce antes cá do galego entre os castelanfalantes. Non posuímos datos de cando chegaron á cidade os nosos informantes e, polo tanto, non podemos saber exactamente cómo interferiu esta circunstancia nos procesos de cambio lingüístico. Pero é notorio que o 70,4% dos castelanfalantes iniciais que cambiaron de lingua se mantivo fiel ó seu idioma inicial ata os 13 anos, mentres só aconteceu o mesmo co 56,5% dos galegofalantes iniciais. Aínda que a maior parte dese cambio conduce a usos bilingües nos que predomina máis o idioma de partida.

En canto ó período de tempo anterior ós 14 anos, o 46,6% dos monolingües iniciais en galego que introduciron o castelán teñen entre 41 e 65 anos e o 29,4% de 26 a 40 anos. Só un 20% naceu nun hábitat plenamente urbano e o 52,7% procede do medio rural. Isto parece indicar que xa nunha idade temperá a forma de vida urbana leva asociados cambios cara á castelanización dos inmigrantes doutros hábitat. Pola contra, os individuos que, sendo castelanfalantes iniciais, introducen o galego nas súas prácticas comunicativas antes dos 14 anos, naceron nun 63,7% no centro das cidades e no 39,4% son menores de 25 anos. Un 33,9% fíxoo por vontade propia, pero un 33,1% manifesta que a razón foi a adaptación ó medio. Todo isto parece indicar que, aínda que non é unha tendencia

Táboa 10.11. Lingua declarada en diferentes períodos segundo a lingua inicial (poboación que reconece cambios lingüísticos na súa vida)

		LINGUA INICIAL		
		castelán	as dúas	galego
lingua ata os 13 anos	só castelán	70,4%	10,0%	0,6%
	máis castelán	28,0%	40,8%	3,6%
	máis galego	1,3%	43,0%	39,3%
	só galego	0,3%	6,2%	56,5%
lingua dos 14 ós 18 anos	só castelán	30,0%	7,4%	1,1%
	máis castelán	62,2%	49,8%	13,5%
	máis galego	7,0%	39,1%	61,1%
	só galego	0,8%	3,6%	24,3%
lingua dos 19 ós 30 anos	só castelán	7,7%	6,7%	1,2%
	máis castelán	76,5%	48,2%	21,7%
	máis galego	14,4%	37,8%	72,9%
	só galego	1,3%	7,2%	4,2%
lingua dos 31 en diante	só castelán	0,6%	3,3%	0,7%
	máis castelán	76,6%	42,0%	18,3%
	máis galego	21,2%	45,8%	78,9%
	só galego	1,5%	8,8%	2,2%

maioritaria, existe no medio urbano unha potencial corrente de reversión da perda do galego entre os individuos socializados en castelán, que en parte se produce porque existe algún tipo de vontade ou conciencia persoal ó respecto e en parte por unha presión que o medio exerce nas cidades galegas cara á introdución parcial do noso idioma en certos contextos comunicativos. Con todo, o fenómeno consiste basicamente na introdución do castelán como comportamento esporádico e afecta sobre todo ás cidades de Vigo (onde aparece o 37,2% dos casos) e A Coruña (23,1%) por riba das outras cinco.

No período que vai dos 14 ós 18 anos, o grupo de castelanfalantes mantense fiel á súa conduta monolingüe no 30% dos casos e os galegofalantes no 24,3%. Así, nesta altura da

vida parece que se igualan as opcións de galego e castelán entre os que cambian de idioma.

Entrementres, no período dos 19 ós 30 anos acábanse de fixa-la maior parte dos cambios de lingua: só o 7,7% segue falando o idioma inicial entre os castelanfalantes e unicamente o 4,2% entre os galegofalantes.

Chegamos así á idade adulta, que parece abeirar xa cambios pouco relevantes ou dos que, polo que observamos, os falantes urbanos teñen pouca consciencia. En realidade, na maior parte dos parámetros prodúcese unha estabilización de comportamentos, das relacións básicas de convivencia e ata hai pouco tempo alomenos tamén laborais.

**Retención lingüística da lingua inicial en diferentes períodos segundo a idade**

Observando máis polo miúdo a retención lingüística entre a lingua inicial e a habitual por períodos controlando a idade, atopamos que, efectivamente, esta retención ten variado ó longo do tempo.

Táboa 10.12. Retención lingüística das linguas maternas galego e castelán en diferentes períodos segundo a idade (na poboación que manifesta que cambiou de lingua)

		castelán		galego	
		Retención total	Lingua preferente	Retención total	Lingua preferente
lingua ata os 13 anos	de 16 a 25	60,1%	39,5%	47,4%	44,4%
	26 a 40	78,4%	20,7%	45,1%	49,1%
	41 a 65	71,6%	25,6%	59,1%	37,1%
	máis de 65	70,4%	24,7%	67,3%	31,1%
lingua dos 14 ós 18 anos	de 16 a 25	6,9%	88,3%	6,3%	67,9%
	26 a 40	37,8%	53,2%	15,6%	66,0%
	41 a 65	43,7%	47,7%	27,0%	59,5%
	máis de 65	29,6%	59,0%	34,9%	56,6%

lingua dos 19 ós 30 anos	de 16 a 25	1,1%	89,3%	1,6%	72,1%
	26 a 40	3,8%	78,1%	3,5%	75,8%
	41 a 65	14,7%	69,2%	4,0%	70,8%
	máis de 65	14,1%	66,9%	6,2%	74,6%
lingua dos 31 en diante	de 16 a 25				
	26 a 40	0,4%	77,5%	3,6%	76,9%
	41 a 65	0,3%	77,3%	1,7%	79,0%
	máis de 65	2,6%	70,5%	2,1%	80,3%

Como se pode apreciar na táboa anterior, a retención lingüística da lingua materna en forma de comportamentos monolingües varía en función da idade. Os castelanfalantes iniciais que máis mantiveron a súa lingua materna antes dos 14 anos eran os de 26 a 40 anos (78,4%), con diferenzas de ata 14 puntos respecto ó grupo de idade precedente. Pola súa banda, o grupo que máis mantivo o galego no período ata os 13 anos foi o de maiores de 65 anos (67,3%), se cadra en parte como consecuencia de emigraren á cidade –e cambiaren de lingua– algúns deles despois desa idade. En calquera caso, debemos lembrar que eses cambios se producen unicamente cara a un uso preferente do idioma inicial, é dicir, que eses falantes seguen sempre na órbita da lingua materna en máis do 95% dos casos.

Na táboa anterior tamén se poden observa-las importantes rupturas da retención lingüística que se producen entre a lingua utilizada ata os 13 anos e a usada dos 14 ós 18. No grupo de idade máis novo a diferenza é de máis de 50 puntos nos castelanfalantes iniciais, o que quere dicir que é nese período cando cambian de lingua os castelanfalantes urbanos máis novos. Naturalmente, sabemos que o cambio non abrangue camadas de poboación tan amplas nin ten tanta intensidade coma o existente no seo dos galegofalantes. Non obstante, é de destaca-lo ritmo da regaleguización parcial dese sector de poboación de lingua materna castelá: antes dos 13 anos converxeron parcialmente cara ó galego o 40 por cento da poboación, e antes dos 18 fíxoo case o 95%. Xa que logo, os cam-



bios máis significativos na retención total prodúcense nun período ben temperán. Máis temperán aínda é a perda parcial do galego<sup>124</sup>, de máis de 50 puntos antes dos 13 anos.

Todo isto indícanos que os procesos de cambio lingüístico da poboación urbana máis nova se inician nos primeiros anos de vida. E consolidanse antes dos 18 anos. Nese momento a retención total tanto da lingua materna galego como castelán é de apenas o 6 por cento. Cabe preguntarse que factores levan a que ese sector da poboación abandone, polo menos parcialmente, o seu idioma materno. Segundo as súas propias declaracións, cambiaron de idioma por vontade propia nun 36,3%, por influxo do ensino nun 31,4% e para adaptarse ó medio nun 19,3%. Xa que logo, parece que boa parte dos cambios dos castelanfalantes iniciais máis novos están vinculados a unha certa conciencia persoal, sexa esta producida polo contorno sexa polo sistema escolar. Así mesmo, existe aínda nalgúns casos unha presión regaleguizadora parcial na cidade galega, que consegue introduci-lo noso idioma de forma esporádica na vida dese 19,3% de rapaces que din cambiar polo medio<sup>125</sup>.

No período dos 14 ós 18 anos, pola súa banda, a retención do castelán é maior no grupo de idade de 26 a 40 anos (37,8%) ca no grupo de idade precedente (6,9%). Así e todo, o grupo de 41 a 65 presenta un grao de retención aínda maior (43,7%), que decrece substancialmente no de maiores de 65 anos. Tendo en conta que o índice de procedencia rural aumenta canda a idade, só cremos posible explica-las varia-

<sup>124</sup> Alguén pode estrañarse de que nas cidade galegas os nenos menores de ata 13 anos que cambiaron de lingua sigan mantendo hoxe en día o galego nun 47,4% a pesar dos fortes elementos castelanizadores que supoñen a escola, a lingua do medio social e en xeral todo o que rodea o rapaz urbano. Porén, non se debe perder de vista que o 32,1% do total de monolingües en galego de 16 a 25 anos naceu no medio rural e probablemente residise nel durante todo ou parte dese período da súa vida.

<sup>125</sup> Ademais, cómpre indicar que neste subgrupo só o 3,4% naceu no rural e o 1,3% nas vilas, o que exclúe a posibilidade de que esa circunstancia estivese marcada por unha procedencia maioritariamente non urbana.

cións neste período temporal mediante a consideración conxunta de dous fenómenos: no grupo de menores de 25 anos pode estar actuando o fenómeno da autoconciencia comentado anteriormente, mentres no grupo de maiores de 65 anos o que pode existir é unha necesidade de converxer con falantes urbanos que aínda conservan a lingua que era habitual no medio rural do que procedían. Só unha circunstancia parece apuntar en sentido contrario: a porcentaxe de inmigración ás cidades desde o medio rural produciuse sobre todo nos trinta ou corenta anos anteriores á chegada desas persoas de máis idade á cidade, polo que, de producirse esa influencia regaleguizadora, debería notarse sobre todo nos grupos de idade precedentes e non no de maiores de 65. Vexamos se esta hipótese ten algún fundamento nas razóns argüídas para o cambio por este sector da poboación urbana:

Táboa 10.13. Razóns para o cambio de lingua nos monolingües iniciais en castelán que incorporaron nalgunha medida o galego no período dos 14 ós 18 anos, segundo a idade.

		razón cambios lingua						Total
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns	
IDADE	16 a 25 anos	30,1%	33,4%	1,9%	24,7%	1,4%	8,6%	100,0%
	26 a 40 anos	29,9%	7,7%	5,3%	36,5%	5,1%	15,5%	100,0%
	41 a 65 anos	33,6%	,8%	6,2%	44,4%	1,6%	13,4%	100,0%
	máis de 65 anos	25,0%	1,0%	12,0%	48,0%	1,0%	13,0%	100,0%
Total		30,5%	15,6%	4,6%	34,6%	2,5%	12,1%	100,0%

Os datos desta táboa poderían avalar algunhas das hipóteses anteriores se aceptamos que a influencia do ensino foi o suficientemente positiva como para facer incorporar parcialmente o galego nas vidas dos mozos urbanos de 16 a 25 anos e se, asemade, damos por bo que a consideración conxunta da influencia do medio sociolaboral e mailo propio contorno poboado cunha máis alta porcentaxe de inmigrantes do rural nese grupo de maiores de 65 poden explicala intensidade da non-retención do castelán en tal período da

vida. No que se refire ós mozos de 16 a 25 anos poderíase achegar como apoio a esta argumentación que foi precisamente ese grupo de idade o que experimentou en carne propia a introdución do galego no ensino e polo tanto debería se-lo máis sensible á influencia da escola (véxase o capítulo 8, dedicado ós usos escolares). No que fai ós maiores de 65 hai que lembrar que na época en que se incorporaron ó mercado laboral (aprox. antes de 1940) a introdución neste realizábase nunha idade moi temperá; así mesmo, poderíase pensar en se o feito de viviren esa etapa da súa vida (dos 14 ós 18 anos) na Galicia prefranquista os fixo menos influíbles á imposición do castelán pola ditadura, que desde logo acadou os seus maiores graos de eficacia no medio urbano. En calquera caso, deben entenderse os argumentos anteriores como hipóteses con apoio nos datos, pero que precisan maior verificación empírica.

As columnas da táboa anterior que fan referencia ós usos lingüísticos dos 19 ós 30 e dos 31 en diante na opción «castelán» poñen de manifesto o remate deste proceso regaleguizador nos dous últimos períodos considerados, ademais da intensidade que esa regaleguización acadou. En efecto, diminúen os díxitos de retención total e aumentan os relativos ó uso preferente do castelán, aínda que en menor medida. A falta de correspondencia total entre ámbolos dous fenómenos está relacionada co incremento dos que falan preferentemente galego, que supoñerá o 21,6% no grupo de 41 a 65 anos e o 27% nos maiores de 65.

Xa que logo, podemos considerar que a regaleguización urbana en ningún caso supuxo un incremento importante dos monolingües en galego e si unha introdución relativamente esporádica do noso idioma nas prácticas dos castelanfalantes iniciais, na poboación maior como consecuencia da necesidade de interactuar co medio e na máis nova resultado dunha certa autoconciencia e maila influencia parcial do ensino.

No que se refire ó proceso de desgaleguización da poboación socializada no noso idioma, como xa dixemos, o ritmo

foi sempre máis rápido có de regaleguización. Mentres a poboación de 16 a 25 anos ós 13 anos se regaleguizara nun 39,5%, a desgaleguización afectara xa ó 52,6% nese mesmo grupo, e mentres nos de máis de 65 anos xa se desgaleguizara o 93,8% ós 30 anos, a regaleguización afectaba só ó 85,9%. E pénsese que estamos a referirnos unicamente a aqueles que recoñecen ter cambiado de lingua ó longo da vida, é dicir, ó cambio intraxeracional, sen considera-la dimensión interxeracional.

En xeral, a diminución da retención lingüística entre os galegofalantes canto menor é a idade presenta unha importante sistematicidade, coa excepción –sen demasiada fiabilidade<sup>126</sup>– do grupo de 26 a 40 anos no período ata os 13 anos (45,1%), dous puntos superior á categoría precedente. Así mesmo, no período dos 31 anos en diante, aparecen diferenzas tamén inversas, pero de moi pouca importancia e que unicamente recollen o camiño de volta que, na idade adulta, experimentan algúns individuos que previamente introduciran nalgúns situacións o castelán e que volven ser monolingües en galego. A cativeza das porcentaxes evítanos maiores comentarios ó respecto. Polo demais, a tendencia xeral descrita máis arriba ten plena validez.

En conxunto, apreciamos tamén que, no período posterior ós 31 anos, as porcentaxes de retención están relativamente compensadas. A perda de monolingües e posterior recuperación é un fenómeno moi esporádico. Cando alguén abandona o uso exclusivo dun dos dous idiomas moi raras veces o volve recuperar ó longo da súa vida. Os que o fan son un grupo residual, e a razón de tal proceso parece estar relacionada con algún proceso de autoconciencia<sup>127</sup>.

<sup>126</sup> Este fenómeno, ademais de non ser necesariamente significativo en si mesmo pola reducida diferenza das porcentaxes (2,3 puntos), presenta o problema de non existiren máis que 10 casos nese grupo de 16 a 25 anos monolingües iniciais en galego con retención total.

<sup>127</sup> Un 25,6% afirma que fixo eses cambios por vontade propia e un 48,3% dá como razón o influxo do ensino.

No que se refire ós bilingües iniciais, parecen ir experimentando pequenos cambios ó longo da vida que, partindo dunha infancia na que a proporción é relativamente equilibrada, deriva despois nun leve incremento das opcións de uso do castelán e, xa na idade adulta, dunha certa recuperación do galego.

### O cambio de lingua desde a perspectiva da lingua habitual

Analizando a cuestión desde a perspectiva da lingua habitual, podemos apreciar que o 26,4% dos actuais monolingües habituais en castelán que cambiaron de idioma estaban instalados nesta lingua de forma exclusiva antes dos 13 anos. Este dato pon de manifesto como, no sector dos monolingües actuais en castelán que recoñecen ter cambiado de lingua, un 11,1% era monolingüe en galego e dous terzos eran bilingües.

Non obstante, como o número de individuos monolingües que recoñecen cambios na súa vida é moi reducido, cada unha das celas deste cruzamento presenta un número de casos moi reducido, o que pode eiva-la súa fiabilidade. De feito, só existen 12 casos de individuos monolingües en castelán ata os 13 anos que tamén presentan esa lingua habitual, para un total de 46 casos de castelanfalantes habituais que recoñecen ter cambiado de lingua. En conxunto, o cambio de lingua foi máis intenso entre os que hoxe son bilingües ca nos monolingües, como se pode apreciar na seguinte táboa:

Táboa 10.14. Poboación con cambio consciente de idioma, segundo a lingua habitual.

		Frecuencia	%
lingua habitual	só castelán	46	1,0
	máis castelán	2267	50,6
	máis galego	2054	45,9
	só galego	112	2,5
	Total	4479	100,0

Por outra banda, eses individuos cambiaron de lingua ó longo da súa vida porque falaban só en castelán ata os 13 anos, posteriormente incorporaron o galego de xeito esporádico nas súas prácticas lingüísticas e na actualidade son novamente monolingües en castelán. Trátase logo dun camiño de ida e volta na incorporación do galego. Tal fenómeno pode observarse igualmente en calquera outro grupo (monolingües en galego e bilingües que falan máis unha ou outra lingua), e dá idea de que as evolucións lingüísticas non son en absoluto lineais nin sempre plenamente predicibles.

Entrementres, a porcentaxe equivalente entre os monolingües en galego era só o 8,9%, o que indica basicamente que o cambio de ida e volta (desgaleguización na mocidade e posterior regaleguización na idade adulta) semella máis reducido có existente entre os monolingües en castelán. Se este fenómeno, analizado desde as declaracións dos informantes sobre o propio cambio lingüístico, corresponde ó conxunto do fenómeno temos que concluír que unha vez que un falante urbano deixou de ser monolingüe moi raras veces volve selo (lembremos, 8,9%). Desde a perspectiva do bilingüismo como unha necesidade dunha comunidade onde conviven grupos lingüísticos heteroxéneos en canto á lingua, quizais este feito non resulte sorprendente nin rechamante, pero para quen considere que a existencia de falantes instalados nunha lingua para tódalas súas funcións é unha condición necesaria para a vitalidade desa lingua, o fenómeno pode chegar a considerarse preocupante.

No período dos 14 ós 18 anos o cambio cara ó monolingüismo en castelán avanza pouco máis de dous puntos (29%), pero cara ó monolingüismo en galego é moito maior (39,6%). Entrementres, as condutas bilingües están formadas xa en dúas terceiras partes.

No período seguinte (dos 19 ós 30 anos) este proceso de conversión lingüística dos que modifican o seu idioma ó longo da vida xa se encontra nunha fase moi avanzada (82% nos monolingües en castelán e 73,2% nos monolingües en galego).




Táboa 10.15. Cambios de lingua en diferentes períodos segundo a lingua habitual

		LINGUA HABITUAL			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
lingua ata os 13 anos	só castelán	26,4%	57,5%	11,2%	24,2%
	máis castelán	31,4%	23,4%	11,2%	20,2%
	máis galego	31,1%	10,4%	31,1%	46,7%
	só galego	11,1%	8,7%	46,4%	8,9%
lingua dos 14 ós 18 anos	só castelán	29,0%	26,5%	3,4%	8,2%
	máis castelán	56,7%	62,7%	14,4%	19,2%
	máis galego	14,3%	8,7%	61,4%	33,0%
	só galego		2,0%	20,9%	39,6%
lingua dos 19 ós 30 anos	só castelán	82,2%	6,9%	1,2%	1,9%
	máis castelán	17,8%	90,9%	9,1%	3,7%
	máis galego		2,1%	87,3%	21,2%
	só galego		0,1%	2,4%	73,2%
lingua dos 31 en diante	só castelán	100,0%			
	máis castelán		100,0%		
	máis galego			100,0%	
	só galego				100,0%




Como vemos na táboa anterior, no que atinxe ó detalle por lingua habitual, os cambios máis fortes nesa submostra de poboación prodúcense na etapa que vai dos 19 ós 30 anos. Naturalmente, a lingua que falan a partir dos 31 anos coincide coa habitual. Aínda que este feito é normal, tal como se recolleron os datos, semella plausible que trala chegada ó mundo dos adultos apenas se dean máis cambios lingüísticos na vida das persoas. O período crítico dos cambios, xa que logo, situaríase na década dos 20 anos, ó remate da cal a

intensidade dos cambios é, como dicimos, cativa. Finalmente, cómpre dicir que as pautas lingüísticas monolingües semellan establecerse máis tarde cás bilingües, ou polo menos así o indica o feito de que, a partir dos 14 anos, son sempre superiores as porcentaxes de bilingües habituais que xa eran bilingües cás correspondentes nos falantes monolingües.





**XI**  
**A DIMENSIÓN DIATÓPICA:**  
**A VARIACIÓN ENTRE AS SETE CIDADES**



Neste capítulo realizaremos unha análise desglosada da situación sociolingüística das sete cidades galegas. É evidente que cada unha delas por separado podería ser obxecto dunha pescuda particular, xa que posúen todas elas historias sociolingüísticas particulares. Mesmo poderíamos chegar a converter a análise de cada unha desas situacións nun capítulo –ou se cadra nun volume– diferente. Pero xa dixemos noutro lugar que a nosa investigación está centrada no medio urbano como conxunto, e que polo tanto a maior parte dos fenómenos descritos toman a Galicia urbana na súa globalidade.


Polo tanto, neste capítulo centrarémonos na análise dalgunhas variables básicas: competencias orais e escritas, lingua inicial e lingua habitual. Esta análise hanos permitir realizar unha avaliación da situación de cada cidade en relación co conxunto e así recoñecer algunhas árbores no conxunto do bosque. Non será logo unha análise exhaustiva da situación da lingua galega en cada unha das cidades, senón unha comparativa básica das sete cidades no que ós devanditos aspectos se refire. Comezaremos logo esta descrición pola lingua inicial.

### **Lingua inicial**

Na análise da lingua inicial nas sete cidades observamos un importante índice de heteroxeneidade. Presentan unha castellanización inicial máis importante, por esta orde, Ferrol,

Vigo e A Coruña. As diferenzas entre as tres son de escasa envergadura, apenas catro puntos, e indican en calquera deses casos uns niveis de castelanización avanzados, xa que máis da metade da poboación se socializou nese idioma. Nun segundo nivel habería que situalo a cidade de Pontevedra, co 44,1% de monolingües iniciais en castelán. Finalmente, no que ós castelanfalantes iniciais respecta, as diferenzas entre Ourense, Lugo e Santiago son pequenas. Nesta orde decrecente, as tres ofrecen porcentaxes de castelanfalantes arredor dun terzo do total.

Grafico 11.1. Lingua inicial nas sete cidades.



As diferenzas no bilingüismo inicial non son de consideración. Ademais da redución ata o 10,3% na poboación da Coruña, destaca a importante presenza deste fenómeno en Ourense, onde un de cada catro habitantes (25,1%) aprendeu a falar simultaneamente nos dous idiomas. Nos demais casos, os bilingües iniciais oscilan entre o 14,1% de Santiago e o 18% de Vigo.

Os galegofalantes iniciais presentan variacións importantes entre unhas cidades e outras. En realidade, na maior

parte dos casos poden considerarse espello das porcentaxes equivalentes no grupo dos castelanfalantes. Neste sentido, a cidade con máis galegofalantes iniciais é Santiago (52,5%), seguida moi de preto por Lugo (50,1%). Estas dúas son as únicas nas que estas porcentaxes constitúen máis da metade da poboación. A seguir, nun segundo nivel e por esta orde, poden situarse Pontevedra (40,8%), Ourense (38,3%) e A Coruña (35,3%). Ourense era unha das cidades con menos castelanfalantes, pero cómpre lembrar tamén o seu elevado nivel de bilingües iniciais en relación coas demais. Finalmente, debemos referirnos ás cidades de Ferrol (25,4%) e Vigo (26,6%), coa porcentaxe máis baixa de galegofalantes iniciais, pouco máis dunha cuarta parte da poboación.

Para ver con máis detalle a situación de cada cidade imos realizar unha análise histórica do que foi a lingua materna. Para iso recorreremos novamente ó ano de nacemento dos individuos nados nas cidades, e agrupámo-las respostas en grupos de 10 en 10 anos, salvo os nados antes de 1926, que aparecen na mesma categoría, xa que o número de casos entre a poboación de nacemento urbana é neste grupo moi reducido.

### **Lingua inicial nas sete cidades segundo o ano de nacemento**

Nesta análise observamos que cada cidade presenta o seu ritmo particular de substitución do galego polo castelán. Nalgunhas este proceso é xa antigo, mentres noutras se trata dun fenómeno relativamente recente.

No caso da Coruña, parece que ó longo de todo o século o castelán foi o idioma no que se socializou a maioría da poboación. O 68% dos nados ata 1926 socializouse en castelán, porcentaxe que sofre un certo incremento ata o 79,2% nos cidadáns nados entre 1967 e 1976. Polo tanto, o aumento foi de 11,2 puntos. De considerarmos algún cambio habería que situalo entre o período anterior a 1936 e o período de 1937 a 1946. Esa transición coincide, efectivamente, coa che-

gada do franquismo, e é ben sabido que A Coruña foi en certo sentido a punta de lanza da ditadura franquista en Galicia, mais non temos datos abondo para afirmar que esa circunstancia influíse dunha forma tan decisiva na transmisión da lingua.

O caso de Ferrol é sintomático, coma o da Coruña, de cidades onde o galego foi durante todo o século XX lingua inicial minoritaria. Pódese dicir que nestas dúas cidades, desde o primeiro cuarto do século XX, se transmitía máis o castelán có galego ós fillos. Xa que logo, o corte na transmisión interxeracional do idioma pode datarse nestas cidades como un fenómeno xa antigo. No caso de Ferrol, porén, as cifras de transmisión do galego son algo menos desfavorables. Con todo, máis da metade da poboación (56,1%) que naceu antes de 1926 aprendeu a falar en castelán. Os incrementos máis importantes no uso do castelán producíronse na xeración nacida despois da Guerra civil e na nacida entre 1957 e 1966. Na actualidade (xeración nacida despois de 1967) só o 4% dos rapaces ferroláns recibiron como lingua inicial o galego, e unicamente o 13,6% as dúas linguas. Trátase das cifras de presenza inicial do galego máis baixas entre as sete cidades galegas, realmente nunha situación límite.

En Vigo, a cidade máis populosa de Galicia na actualidade, a transmisión do galego existente na altura do primeiro cuarto do século XX é moi distinta da producida na Coruña ou Ferrol, as cidades máis castelanizadas, onde a perda do galego como lingua inicial é máis temperá e intensa. Ata 1926, o 48,4% da poboación de Vigo aprendía ós seus fillos a falar en galego e o 38,5% facíao en castelán. Pero no período seguinte (1927-36) a lingua máis transmitida de pais a fillos pasa xa a se-lo castelán, ó mesmo tempo que o bilingüismo inicial experimenta un incremento de 9 puntos.

No que se refire a Santiago, a evolución é ben distinta. A lingua materna maioritaria foi ata hai moi pouco tempo o galego. No primeiro cuarto do século XX aprendía a falar en galego nesta cidade o 80,9%, porcentaxe que foi diminuindo

progresivamente ata situarse na xeración nacida entre 1947 e 1956 no 49,2%. Semella que, a partir de aí o castelán pasou a ser maioritario. O bilingüismo inicial parece tamén terse incrementado máis do habitual no grupo nacido entre 1967 e 1976 (22,4%). Por iso, nese período máis próximo ó momento presente, algo máis da metade da poboación é castelanfalante inicial e o resto, a partes iguais, socializouse en galego ou nas dúas linguas. A pesar da evidente desproporción e vantaxe para o castelán que iso supón, é a cidade onde máis se está a mante-la transmisión da lingua galega.

Táboa 11.1. Lingua inicial segundo o ano de nacemento nas sete cidades

			LINGUA INICIAL			Total
			castelán	as dúas	galego	
A Coruña	ANO DE NACEMENTO	1967-76	79,2%	15,8%	5,1%	100,0%
		1957-66	76,6%	15,2%	8,2%	100,0%
		1947-56	77,2%	13,3%	9,4%	100,0%
		1937-46	76,5%	9,8%	13,6%	100,0%
		1927-36	67,2%	6,7%	26,1%	100,0%
		ata 1926	68,0%	17,3%	14,7%	100,0%
	Total		75,7%	13,4%	10,9%	100,0%
Santiago	ANO DE NACEMENTO	1967-76	56,1%	22,4%	21,5%	100,0%
		1957-66	44,8%	14,9%	40,2%	100,0%
		1947-56	32,3%	18,5%	49,2%	100,0%
		1937-46	19,6%	15,7%	64,7%	100,0%
		1927-36	17,6%	11,8%	70,6%	100,0%
		ata 1926	10,6%	8,5%	80,9%	100,0%
	Total		35,3%	16,4%	48,3%	100,0%
Ferrol	ANO DE NACEMENTO	1967-76	82,4%	13,6%	4,0%	100,0%
		1957-66	76,6%	19,1%	4,3%	100,0%
		1947-56	67,7%	16,9%	15,4%	100,0%
		1937-46	65,5%	20,0%	14,5%	100,0%
		1927-36	57,9%	17,5%	24,6%	100,0%
		ata 1926	56,1%	19,3%	24,6%	100,0%
	Total		70,6%	17,2%	12,1%	100,0%
Lugo	ANO DE NACEMENTO	1967-76	63,1%	23,3%	13,6%	100,0%
		1957-66	54,7%	20,3%	25,0%	100,0%
		1947-56	39,2%	21,6%	39,2%	100,0%
		1937-46	34,9%	25,6%	39,5%	100,0%
		1927-36	26,3%	21,1%	52,6%	100,0%
		ata 1926	17,1%	11,4%	71,4%	100,0%
	Total		45,2%	21,3%	33,5%	100,0%



Ourense	ANO DE NACEMENTO	1967-76	62,3%	26,4%	11,3%	100,0%
		1957-66	59,8%	27,2%	13,0%	100,0%
		1947-56	50,0%	27,4%	22,6%	100,0%
		1937-46	34,1%	34,1%	31,8%	100,0%
		1927-36	29,4%	27,5%	43,1%	100,0%
		ata 1926	15,9%	25,0%	59,1%	100,0%
	Total		47,4%	27,6%	25,1%	100,0%
Vigo	ANO DE NACEMENTO	1967-76	72,4%	19,6%	8,0%	100,0%
		1957-66	73,4%	15,9%	10,6%	100,0%
		1947-56	59,2%	20,9%	19,9%	100,0%
		1937-46	53,5%	16,5%	30,0%	100,0%
		1927-36	44,4%	22,5%	33,1%	100,0%
		ata 1926	38,5%	13,1%	48,4%	100,0%
	Total		62,0%	18,4%	19,6%	100,0%
Pontevedra	ANO DE NACEMENTO	1967-76	67,3%	20,8%	11,9%	100,0%
		1957-66	53,7%	15,9%	30,5%	100,0%
		1947-56	40,0%	15,0%	45,0%	100,0%
		1937-46	31,3%	12,5%	56,3%	100,0%
		1927-36	26,9%	9,6%	63,5%	100,0%
		ata 1926	22,0%	4,0%	74,0%	100,0%
	Total		44,8%	14,2%	41,0%	100,0%

Na actualidade, o nivel de transmisión do galego existente en Vigo é algo superior ó existente en Ferrol e maila Coruña. O proceso desgaleguizador está lixeiramente máis avanzado na primeira destas dúas cidades, pero as diferenzas son de escasa envergadura. Non obstante, en calquera das tres, o retroceso na transmisión do galego é moi considerable.

As cidades de Lugo e Ourense atópanse nunha situación intermedia, xa que, por unha banda, os niveis de castelanización inicial a comezos de século eran reducidos pero, por outra, hoxe presentan máis castelanización ca Santiago (que é na que máis se segue transmitindo o galego), pero menos ca en Vigo, Ferrol ou A Coruña.

En Lugo, a maior perda do galego como lingua inicial prodúcese entre a xeración nacida de 1947 a 1956 e a nacida de 1957 a 1966. Isto parece indicar que, neste caso, os anos 60 e o forte proceso de castelanización foron decisivos á hora de leva-los pais a falar en castelán ós seus fillos. Con todo, a primeira xeración maioritariamente socializada en castelán

nesta cidade será a dos nados a partir de 1967. Xa que logo, nesta cidade a desgaleguización de pais a fillos, como fenómeno xeneralizado, foi bastante serodia.

En Ourense, a situación é parecida, aínda que semella que a desgaleguización principiou antes. A perda do galego como única lingua inicialmente transmitida polos pais estivo acompañada así mesmo por unha importante presenza do bilingüismo inicial. En conxunto, esta forma de transmisión lingüística abrangueu un de cada catro ourensáns (27,6%), porcentaxe que semella terse incrementado na xeración inmediatamente posterior á guerra (34,1%) para descender de novo ó mesmo nivel.

En conxunto, parece que nestas dúas cidades os pais deixan de transmiti-lo galego ós fillos moi en conexión coa industrialización que ocorre nelas ó longo da segunda metade do século XX. As cifras máis baixas que, en xeral, presenta Ourense, están moi relacionadas coa superior porcentaxe de bilingües existente nesta última.

A situación de Pontevedra, no primeiro cuarto do século XX, seméllase máis á de Lugo, Ourense e Santiago ca á das outras cidades con maiores niveis de castelanización. Os monolingües iniciais en galego eran o 74%, porcentaxe só superada por Santiago e Lugo, e superior á de Ourense. A diminución da transmisión do galego probablemente sexa a máis importante das sete cidades. Mentres a comezos de século o 74% dos pais ensinaban ós seus fillos en galego, na actualidade a porcentaxe diminuíu ata o 11,9%. O bilingüismo inicial multiplicarase nesta cidade por 5, e pasará do 4% ó 20,8%.

Pero Pontevedra é unha cidade onde existe unha diferenza moi marcada entre o que acontece no centro da cidade e os barrios periféricos próximos e pertencentes ó mesmo termo municipal. Como explicamos, esta distinción é particularmente importante neste concello, que ten unha porcentaxe de poboación considerable concentrada nesos barrios periurbanos.

Tboa 11.2. Lingua inicial da poboacin de Pontevedra (2 hbitat)

			LINGUA INICIAL			
			casteln	as das	galego	Total
URBANO	ANO DE NACEMENTO	1967-76	77,3%	16,7%	6,1%	100,0%
		1957-66	71,4%	11,9%	16,7%	100,0%
		1947-56	63,0%	22,2%	14,8%	100,0%
		1937-46	68,8%	12,5%	18,8%	100,0%
		1927-36	60,0%	10,1%	30,0%	100,0%
		ata 1926	66,7%	6,7%	26,7%	100,0%
	Total		70,4%	14,5%	15,1%	100,0%
PERIURBANO	ANO DE NACEMENTO	1967-76	48,6%	28,6%	22,9%	100,0%
		1957-66	35,0%	20,0%	45,0%	100,0%
		1947-56	18,8%	9,4%	71,9%	100,0%
		1937-46	12,1%	12,1%	75,8%	100,0%
		1927-36	8,6%	11,4%	80,0%	100,0%
		ata 1926	2,9%	2,9%	94,3%	100,0%
	Total		21,4%	14,3%	64,3%	100,0%

No que o centro da cidade se refire, da a impresin de que non existen grandes diferenzas, xa que o casteln foi o longo do sculo XX o idioma maioritariamente aprendido polos nenos pontevedreses. Entrementes, neses barrios perifricos o galego pasou de se-la lingua en que aprenda o 94,3% da poboacin ata 1926 a unicamente o 22,9% entre 1967 e 1976. Os cambios mais importantes experimentados neses barrios aconteceron a partir dos anos 50 e 60, moi conectados os procesos de periurbanizacin que estes experimentaron. Pode falarse de que existe unha dualidade importante no proceso de desgaleguizacin interxeracional, que se vai nivelando a medida que avanza o sculo, o existir un importante proceso xeral de desgaleguizacin inicial que enchoupa non so os barrios centrais das cidades senn tamn os perifricos.

Competencias orais

A capacidade para comprende-lo galego non presenta maiores diferenzas entre as sete cidades galegas. Cmpre salientar que os niveis de compensin nula apenas suponen unhas dcimas en calquera das sete entidades analizadas. As

mesmo, as cifras de comprensión baixa acadan, como máximo, o 8,8% no caso de Vigo e o 5,7% no de Ferrol, o que en ningún caso debe tomarse como cifra de envergadura.

Polo tanto, debemos afirmar que a comprensión do galego é moi homoxénea en calquera dos núcleos urbanos do noso país. A proximidade entre as dúas linguas en contacto, galego e castelán, probablemente son argumentos máis que suficientes para explicar este feito. Así mesmo, estimamos que, como xa xustificamos para o conxunto do medio urbano galego, a maior parte deses casos están relacionados con diversas cuestións actitudinais que frean mesmo a consideración de que se comprende a lingua de Galicia.

A distribución da capacidade para falar preséntase como máis heteroxénea entre as sete cidades galegas. Mentres Ferrol e Vigo teñen uns niveis de dominio desta capacidade semellantes (moi próximos ó 70 por cento), na Coruña e Pontevedra os niveis andan ó redor do 75 por cento. E, nun terceiro nivel, estarían –por esta orde– Lugo, Ourense e Santiago, con porcentaxes que oscilan entre o 80 e o 85 por cento de persoas que dominan ben o galego oral

### **Capacidade para falar en galego por grupos de idade**

Ten especial interese a distribución da capacidade para falar por grupos de idade, que pode apreciarse na táboa 11.3. En principio, como alí se aprecia, a competencia oral medra canda a idade, como reflexo dun uso tamén maior canto maior é esta. Esta concordancia nada ten de diferencial, e non merece en si mesma maior comentario.

Non obstante, esta progresión non se cumpre en tódolos casos nin ten unha secuencia igualmente lineal. Neste sentido, na Coruña a porcentaxe de poboación con bastante ou moita competencia para falar en galego de 16 a 25 anos (78,1%) é superior á dos dous seguintes grupos de idade (26 a 40 e 41 a 65). Isto parece indicar que nesa cidade existe unha mellor percepción da capacidade para falar en galego na

Táboa 11.3. Capacidade para falar en galego por grupos de idade nas sete cidades.


% de IDADE			IDADE				Total
CIDADE			16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	máis de 65 anos	
A Coruña	SABE FALAR	nada-pouco	21,9%	30,0%	22,6%	13,5%	23,2%
	GALEGO	bastante-moito	78,1%	70,0%	77,4%	86,5%	76,8%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	SABE FALAR	nada-pouco	23,0%	16,8%	10,4%	8,0%	14,7%
	GALEGO	bastante-moito	77,0%	83,2%	89,6%	92,0%	85,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	SABE FALAR	nada-pouco	38,3%	36,1%	26,4%	26,8%	31,3%
	GALEGO	bastante-moito	61,7%	63,9%	73,6%	73,2%	68,7%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	SABE FALAR	nada-pouco	32,1%	20,2%	14,3%	12,4%	18,9%
	GALEGO	bastante-moito	67,9%	79,8%	85,7%	87,6%	81,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	SABE FALAR	nada-pouco	30,1%	20,4%	12,1%	5,6%	16,8%
	GALEGO	bastante-moito	69,9%	79,6%	87,9%	94,4%	83,2%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	SABE FALAR	nada-pouco	34,0%	35,6%	27,7%	21,8%	30,7%
	GALEGO	bastante-moito	66,0%	64,4%	72,3%	78,2%	69,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	SABE FALAR	nada-pouco	32,8%	28,9%	18,8%	25,6%	25,8%
	GALEGO	bastante-moito	67,2%	71,1%	81,2%	74,4%	74,2%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

xente nova a pesar da notable redución de uso que experimentou ese grupo xeracional. Non resulta doado realizar unha avaliación en profundidade deste feito cos datos que posuímos, pero semella en calquera caso necesario considerar que esta avaliación non se produciría se non existise a suficiente actitude positiva cara á lingua galega. De feito, se comparamos esta cifra do grupo de 16 a 25 anos entre as sete cidades podemos comprobar que é a máis alta das sete, e só se lle aproxima Santiago (77%).

En Santiago, en Lugo e en Ourense as diferenzas de competencia entre a xeración máis vella e a máis nova son máis importantes ca nas outras catro cidades. En Santiago, tales diferenzas son progresivas, e non destaca ningún grupo xeracional concreto ó respecto. En Lugo e Ourense o máis destacado é a diminución da competencia oral no grupo de idade máis novo, probablemente relacionado coa diminución do uso oral do noso idioma existente nesa xeración.

Por outra banda, cómpre sinala-la redución ó 61,7% da capacidade para falar galego na xeración máis nova de Ferrol,

Gráfico 11.5. Capacidade para ler en galego nas sete cidades.



a máis baixa de toda Galicia nese grupo de idade, en contraste co que observabamos na Coruña, e a pesar de que a diferenza no uso do galego entre unha cidade e outra non é de consideración.

### Capacidade para ler e escribir en galego

A capacidade para ler en galego presenta unha distribución de signo diferente respecto ás competencias orais nas sete cidades (gráfico 11.5). Así, a cidade cunha maior porcentaxe de poboación que afirma saber escribir bastante ou moito en galego é A Coruña (68,4%) que, como viamos anteriormente, se atopaba no grupo de menor competencia oral. Porén, a segunda cidade onde esta capacidade é maior é Santiago (64,7%), que era –neste caso si– unha das que presentaban tamén maior competencia oral. Polo tanto, non podemos establecer unha pauta fiable para vincular competencia oral e escrita nas sete cidades galegas. Deste xeito, Ferrol compórtase de forma diferente respecto á outra cidade que

inicialmente presentaba un comportamento semellante, Vigo. A pesar de que as diferenzas son reducidas, apréciase como Vigo ten un nivel de competencia lectora lixeiramente superior ó de Pontevedra, e que se distancia tamén do de Ferrol en cinco puntos. Así mesmo, a cidade con menor nivel de competencia escrita é Ourense (42,1%).

No que se refire á escritura en galego, vemos que tódalas porcentaxes de dominio do galego son sensiblemente inferiores (gráfico 11.5). Así, en ningunha das urbes galegas os que se senten seguros no seu galego chegan a se-la metade da poboación. Santiago e A Coruña son tamén as cidades con maior dominio, pero neste caso é a primeira a que presenta unha cifra lixeiramente superior nesta competencia. Así mesmo, Ferrol e, aínda máis, Ourense volven destacar por se-las cidades onde a competencia, neste caso escrita, é máis baixa. Nas outras tres, os niveis de competencia son moi semellantes.

### **Competencia escrita segundo a idade**

Se analizámo-lo que acontece en cada grupo de idade por cidades atopamos diferenzas importantes. Por unha banda, chama a atención a cidade da Coruña, pola alta competencia escrita que declaran os menores de 25 anos (80,6%), a pesar de se-lo galego unha lingua minoritaria nesa cidade e nese grupo de idade. É perfectamente plausible a existencia dunha competencia escrita sen a correspondente oral, xa que a primeira implica basicamente o dominio dun rexistro escrito estándar que, dada a proximidade entre galego e castelán, é relativamente accesible a calquera falante urbano. Non obstante, non é doado de explicar coas ferramentas das que dispoñemos por que este fenómeno é máis frecuente na cidade da Coruña ca nas outras. Se cadra, podería existir algún tipo de crenza de que declarar posuír competencia escrita –tamén en galego– reporta certo prestixio, a diferenza da oral. En calquera caso, explica-las diferenzas nos datos en cidades de tipoloxía en principio equivalente, como poden ser A Coruña

e Vigo non resulta doado, e deixaremos ese labor para estudos máis pormenorizados e con outras metodoloxías.

As diferenzas na competencia declarada polo grupo de menores de 25 anos e os seguintes varían en función da cidade de que se trate. En varias destas cidades a diferenza é o dobre respecto ó seguinte grupo de idade. Na Coruña a capacidade para escribir en galego diminúe do 80,6% no grupo de ata 25 anos ó 39,5% no seguinte grupo, en Ourense do 47,2% ó 22,6%, en Vigo do 65,7% ó 28,8% e en Pontevedra do 64,8% ó 30,1%. Polo tanto, en calquera das cidades, a diminución da competencia escrita entre os dous grupos de idade é moi importante e está relacionada coa presenza do galego no ensino. Porén, tendo en conta que non existen diferenzas importantes nesta presenza do galego entre unhas cidades e outras dentro do mesmo grupo de idade, e sobre todo nas persoas máis novas, sorprenden as variacións na competencia declarada nas diversas cidades de Galicia. Como xa dixemos, o máis probable é que se trate de oscilacións relacionadas basicamente con cuestións actitudinais.

Táboa 11.4. Competencia escrita nas sete cidades segundo a idade

% de IDADE			IDADE				Total
CIDADE			16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	mais de 65 anos	
A Coruña	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	19,4%	60,5%	82,8%	90,0%	64,5%
		bastante-moito	80,6%	39,5%	17,2%	10,0%	35,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	30,9%	58,8%	78,2%	94,0%	63,5%
		bastante-moito	69,1%	41,2%	21,8%	6,0%	36,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	46,3%	69,4%	85,4%	94,4%	74,6%
		bastante-moito	53,7%	30,6%	14,6%	5,6%	25,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	41,0%	63,8%	77,3%	93,1%	69,0%
		bastante-moito	59,0%	36,2%	22,7%	6,9%	31,0%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	52,8%	77,4%	87,7%	93,0%	78,9%
		bastante-moito	47,2%	22,6%	12,3%	7,0%	21,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	34,3%	71,2%	82,8%	88,7%	68,9%
		bastante-moito	65,7%	28,8%	17,2%	11,3%	31,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	SABE ESCRIBIR GALEGO	nada- pouco	35,2%	69,9%	85,2%	91,7%	70,3%
		bastante-moito	64,8%	30,1%	14,8%	8,3%	29,7%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%



### **Lingua habitual nas sete cidades**


Outro dos indicadores fundamentais desde unha perspectiva macrosociolingüística como a utilizada aquí é a lingua habitual. Este indicador hanos permitir compara-las prácticas lingüísticas das diferentes cidades. Probablemente sexa esta cuestión, xunto á capacidade para falar, unha das máis importantes cara a establece-la vitalidade da lingua galega. De aí a súa transcendencia nunha análise sociolingüística comparada das sete cidades do país.

Como podemos apreciar no gráfico 11.6, a cidade cun maior nivel de monolingües en galego é Santiago de Compostela, onde case un terzo da poboación (29,5%) fala sempre a nosa lingua. A seguir destaca a cidade de Pontevedra (22,3%) e, en menor medida, Ourense (15,4%) e Lugo (14,1%). No outro extremo estaría a cidade de Vigo, con só un 4,4% de monolingües, e Ferrol, cun 6,3%. A Coruña atópase nunha situación intermedia, cun 10,5% de persoas que falan sempre o noso idioma.

Unha ollada ás porcentaxes de monolingüismo en castelán permítenos apreciar algúns datos complementarios. En particular, como A Coruña e Pontevedra teñen o nivel máis elevado de monolingües en castelán (28,2% e 28,1%), unhas décimas superior ó de Ferrol, cidade que destacaba xa polas reducidas cifras de monolingües en galego. Con todo, Vigo queda nun segundo nivel no que a monolingües en castelán se refire (23,2%), aínda que non demasiado lonxe das tres cidades comentadas. O nivel de monolingües en castelán é moi semellante nas outras tres cidades: 11,2% en Santiago, 9,7% en Ourense e 9,4% en Lugo.

No que se refire ós usos bilingües, Vigo destaca por presenta-lo maior nivel de bilingües con uso preferente do castelán (41,5%), seguida de Ferrol (39,7%) e A Coruña (36,6%). Isto matiza as porcentaxes de castelanfalantes que observabamos nas cifras de monolingües en castelán, xa que nesta opción se inverte parcialmente a prelación no grao de caste-

Gráfico 11.6. Lingua habitual nas sete cidades.



lanización. Por iso pode ter interese referirse ás medias da lingua habitual en cada unha das cidades, para, mediante este indicador, establecer nunha escala o uso do galego en cada unha delas.

Desde esta perspectiva (véxase a táboa 11.5) pode dicirse que a cidade con menor uso do galego é Ferrol (2,11), seguida de Vigo (2,16) e A Coruña (2,17). Nun segundo nivel habería que situar Pontevedra (2,41) e, a seguir, Lugo (2,63) e Ourense (2,65). Finalmente, a cidade con maior uso do galego sería Santiago de Compostela (2,79). Se partimos da base de que as medias superiores a 2,5 indican un uso preferente do galego e por debaixo desta cifra unha preponderancia do castelán, en Santiago, Lugo e Ourense o galego sería a lingua máis utilizada, mentres que nas outras catro tal función corresponderíalle ó castelán.

Táboa 11.5. Medias da lingua habitual nas sete cidades galegas

A Coruña	Media	2,17
	Desv. tip.	0,96
Santiago	Media	2,79
	Desv. tip.	0,99
Ferrol	Media	2,11
	Desv. tip.	0,89
Lugo	Media	2,63
	Desv. tip.	0,84
Ourense	Media	2,65
	Desv. tip.	0,83
Vigo	Media	2,16
	Desv. tip.	0,83
Pontevedra	Media	2,41
	Desv. tip.	1,12
Total	Media	2,33
	Desv. tip.	0,94

Polo tanto, Santiago é a cidade máis galeguizada, tanto desde unha perspectiva xeral como considerando unicamente os individuos monolingües. Así e todo, a seguinte cidade con máis galegofalantes monolingües, Pontevedra, é tamén unha das que presenta un maior índice de monolingüismo castelán. Neste caso, parece que existe unha gran polarización dos usos, xa que algo máis da metade da poboación é monolingüe, ben nun idioma ben no outro. Nas demais cidades existe unha forte tendencia ó bilingüismo habitual, na maior parte delas, como dixemos, con tendencia ó emprego preferente da lingua castelá.

### Lingua habitual segundo a idade

Pero esta distribución por cidade presenta diversas particularidades ó considera-la idade do individuo. No grupo de maiores de 65 anos, é de salienta-la porcentaxe de monolingües en galego en Pontevedra, o 48,1%, mesmo superior á correspondente a Santiago –o 47%–, e ostensiblemente superior á doutras cidades máis galeguizadas como Lugo ou Ourense. No outro extremo atópase Vigo, con só un 8,4% de monolingües en galego neste grupo e, algo distanciado, Ferrol, co 15,9%.

Táboa 11.6. Lingua habitual segundo a idade nas sete cidades

			IDADE				Total
			16 a 25 anos	26 a 40 anos	41 a 65 anos	mais de 65 anos	
A Coruña	LINGUA HABITUAL	só castelán	44,4%	30,9%	22,3%	16,1%	28,3%
		mais castelán	46,0%	42,0%	33,6%	20,5%	36,6%
		mais galego	6,7%	19,7%	32,5%	38,9%	24,6%
		só galego	3,0%	7,4%	11,6%	24,5%	10,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	LINGUA HABITUAL	só castelán	16,4%	13,0%	7,7%	8,0%	11,2%
		mais castelán	48,7%	32,6%	18,5%	12,0%	28,4%
		mais galego	20,4%	33,9%	33,9%	33,0%	31,0%
		só galego	14,5%	20,5%	39,9%	47,0%	29,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	LINGUA HABITUAL	só castelán	41,6%	28,2%	22,2%	22,1%	27,6%
		mais castelán	49,0%	49,2%	34,9%	23,9%	39,6%
		mais galego	7,4%	19,9%	35,6%	38,1%	26,3%
		só galego	2,0%	2,8%	7,4%	15,9%	6,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	LINGUA HABITUAL	só castelán	15,7%	13,8%	5,7%	3,5%	9,3%
		mais castelán	56,0%	30,9%	27,7%	21,2%	32,8%
		mais galego	21,6%	44,1%	52,1%	48,7%	43,8%
		só galego	6,7%	11,2%	14,5%	26,5%	14,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	LINGUA HABITUAL	só castelán	16,6%	10,9%	6,9%	5,6%	9,6%
		mais castelán	55,2%	33,9%	22,3%	17,5%	30,9%
		mais galego	25,2%	42,7%	54,9%	42,1%	44,2%
		só galego	3,1%	12,6%	15,9%	34,9%	15,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	LINGUA HABITUAL	só castelán	29,4%	25,1%	18,8%	19,5%	23,1%
		mais castelán	57,5%	44,3%	33,5%	28,7%	41,6%
		mais galego	11,5%	26,0%	42,9%	43,3%	30,9%
		só galego	1,5%	4,5%	4,9%	8,4%	4,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	LINGUA HABITUAL	só castelán	45,0%	30,1%	17,9%	22,1%	28,0%
		mais castelán	35,7%	30,1%	19,3%	11,7%	25,1%
		mais galego	12,4%	26,0%	33,3%	18,2%	24,6%
		só galego	7,0%	13,9%	29,5%	48,1%	22,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

No grupo de 41 a 65 anos a cidade con menor presenza de monolingües en galego volve ser Vigo (4,9%), seguida de Ferrol a pouca distancia (7,4%). No outro extremo atoparíanse Santiago (39,9%) e Pontevedra (29,5%).

Non obstante, no grupo de 41 a 65 anos, se o que consideramos son persoas que falan única ou preferentemente en galego fronte ós que usan na mesma medida o castelán, Vigo, aínda tendo menos monolingües en galego, está lixeiramente máis galeguizado ca Ferrol, malia non seren as diferenzas demasiado importantes. O mesmo acontece nos grupos de 16 a 25 e de 26 a 40 anos, aínda que, como vimos, o dos maiores de 65 anos afástase desta tendencia.

Ademais, salvo nos maiores de 65 anos –onde compite con Pontevedra– Santiago é a cidade con máis monolingües en galego. Así mesmo, tamén é a cidade con máis galegofalantes (considerando estes os que falan só ou preferentemente galego), salvo no grupo de 26 a 40 anos, no que este posto é ocupado por Lugo e Ourense (55,3%) e Santiago, que ten unha porcentaxe practicamente idéntica (54,4%).

Na xeración de menores de 26 anos o galego non é a lingua máis utilizada en ningunha das cidades consideradas. Nalgunhas, como Ferrol (9,4%), A Coruña (9,7%) ou mesmo Vigo (13%) é un idioma de uso moi reducido, mentres noutras como Santiago (34,9%) ou Ourense (28,3%) aínda ten certa difusión entre a xente nova.

Na Coruña o galego só é a lingua maioritaria entre o grupo de maiores de 65 anos (63,4%), mentres no inmediatamente anterior a porcentaxe de galegofalantes diminúe ó 44,1%. Unha tendencia semellante pode atoparse en Ferrol, onde o galego está aínda menos instalado na poboación maior de 65 anos (54%), o mesmo que acontece en Vigo (51,7%).

Pontevedra atópase nun punto intermedio: o galego non é lingua minoritaria ata o grupo de 26 a 40 anos (39,9%). E, nas cidades de Lugo, Ourense e Santiago, unicamente deixa de se-la lingua máis utilizada no grupo de 16 a 25 anos.

Tendo en conta todo o anterior, é evidente que existe un importante proceso de substitución do galego polo castelán nas

sete cidades galegas. Porén, o ritmo e, sobre todo, a antigüidade do proceso varía dunhas cidades ás outras. En Ferrol, Vigo e A Coruña está moito máis avanzado e en Santiago, Lugo e Ourense o galego ten aínda unha relativa vitalidade. Por outra banda, non sabemos en que medida este proceso é irreversible e, sobre todo, se os niveis de castelanización dos grupos máis novos se han manter así ou se a incorporación ó mundo dos adultos ha producir, polo menos nalgúns casos, certos niveis de regaleguización, como vimos no capítulo 10. Polo tanto, semella arriscado postular de forma mecanicista unha desgaleguización irreversible e irrecuperable, aínda que o fenómeno está aí e queda descrito.

### **Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento**

Para coñece-la situación sociolingüística das cidades no que á lingua habitual se refire é tamén de interese coñece-las variacións existentes en función do hábitat de nacemento. A comparación do uso en cada cidade en función do hábitat permite eliminar boa parte da heteroxeneidade dos usos allea ás circunstancias particulares de cada unha das cidades. Dado que no deseño das diferentes submostras urbanas se utilizou o sistema de cotas proporcionais, pode dicirse que boa parte das variacións se deben á peculiar situación sociolingüística de cada unha das cidades.

Efectivamente, unha ollada á lingua habitual en cada un dos tres hábitat permite establecer importantes diferenzas entre unhas cidades e outras. Así, nas poboacións nadas no centro urbano volven aparecer notables diferenzas entre Santiago nun extremo e A Coruña, Vigo e Ferrol no outro. Na primeira destas cidades case un terzo da poboación nacida no centro urbano utiliza exclusivamente o galego, mentres nas tres últimas as porcentaxes están ó redor do 5 por cento dos casos.

Táboa 11.7. Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento nas sete cidades

			HÁBITAT DE NACEMENTO			Total
			urbano	vilas	rural	
A Coruña	LINGUA HABITUAL	só castelán	37,8%	12,9%	4,3%	23,5%
		máis castelán	46,0%	35,5%	26,1%	38,0%
		máis galego	12,7%	35,5%	46,6%	26,9%
		só galego	3,6%	16,1%	22,9%	11,6%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	LINGUA HABITUAL	só castelán	10,8%	15,2%	3,2%	8,6%
		máis castelán	31,8%	37,0%	16,2%	27,0%
		máis galego	27,3%	32,6%	42,3%	32,6%
		só galego	30,0%	15,2%	38,3%	31,8%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	LINGUA HABITUAL	só castelán	32,0%	20,4%	7,6%	24,9%
		máis castelán	45,5%	40,7%	27,5%	40,6%
		máis galego	17,4%	37,0%	52,0%	27,7%
		só galego	5,1%	1,9%	12,9%	6,8%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	LINGUA HABITUAL	só castelán	9,3%	15,6%	1,4%	6,2%
		máis castelán	45,8%	34,4%	15,9%	32,2%
		máis galego	34,4%	43,8%	60,4%	46,2%
		só galego	10,5%	6,3%	22,3%	15,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	LINGUA HABITUAL	só castelán	10,7%	7,6%	2,8%	7,2%
		máis castelán	41,9%	34,8%	13,4%	29,7%
		máis galego	37,4%	45,5%	58,1%	46,5%
		só galego	10,0%	12,1%	25,6%	16,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	LINGUA HABITUAL	só castelán	22,2%	18,0%	6,5%	18,5%
		máis castelán	47,6%	36,5%	27,1%	42,3%
		máis galego	26,3%	38,8%	59,0%	34,3%
		só galego	3,9%	6,7%	7,4%	4,9%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	LINGUA HABITUAL	só castelán	28,2%	18,8%	8,6%	23,9%
		máis castelán	25,1%	33,3%	24,7%	25,8%
		máis galego	22,3%	31,3%	39,8%	26,2%
		só galego	24,4%	16,7%	26,9%	24,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Se, como dixemos, se estableceron cotas de idade e sexo para o deseño destas mostras e son outros os factores que explican as diferenzas, haberá que considera-la historia social particular de cada unha desas cidades. Sen dúbida, estas parti-

cularidades de carácter metasociolóxico están detrás de cada un dos usos lingüísticos pero, neste caso, a eliminación doutros elementos, como o hábitat, ou o feito de tratarse de usos relacionados cunha determinada área da sociedade fan pensar que as diferenzas entre cidades se deben á propia natureza destas. Deste xeito, os maiores niveis de desgaleguización corresponden ós nados no núcleo das tres cidades máis industrializadas: A Coruña, Vigo e Ferrol. A poboación nacida e residente nestes núcleos é máis sensible ca ningunha outra á inercia castelanizadora existente no seo das súas microsociedades. Esta tendencia pode atoparse algo máis mitigada en Lugo e Ourense, en Pontevedra e, sobre todo, en Santiago.

O caso de Pontevedra volve manifestarse como moi especial, xa que presenta unha porcentaxe de monolingües habituais en galego de orixe urbana só superada por Santiago, pero ó mesmo tempo ten tamén unha proporción de monolingües habituais en castelán que só superan A Coruña e Ferrol, e superior mesmo ó de Vigo. De todo isto parece deducirse que a cidade de Pontevedra presenta unha estrutura sociolingüística dual e polarizada entre falantes que manteñen o galego e outros que non o utilizan nunca. Entrámbolos dous grupos xuntan algo máis da metade da poboación (52,6%).

Polo que se refire ós nados nas vilas, nalgúns casos non coinciden os niveis de uso do galego nestas e nas cidades nas que viven actualmente. Por exemplo, os nados na cidade da Coruña son os que presentan o menor índice de uso monolingüe do galego (3,6%), pero os nados en vilas que logo foron vivir á Coruña usan sempre o galego no 16,1% dos casos, porcentaxe só superada por Pontevedra (16,7%). Non obstante, as vilas de procedencia dos residentes en Vigo (6,7%), Lugo (6,3%) e, sobre todo, Ferrol (1,9%), parece que contribuíron a un moi reducido uso monolingüe do noso idioma.

No caso dos nados no rural, existe moita diferenza entre os residentes nunhas cidades e noutras. Os que se instalaban en Ferrol só son monolingües no noso idioma no 12,9% dos casos, e o 7,4% no caso dos que residen en Vigo. Estas



dúas cidades parecen manifestarse como as máis hostís cara ó mantemento da lingua dos inmigrantes galegofalantes. En Santiago, porén, mantiveron o galego o 38,3% dos inmigrantes deste hábitat, porcentaxe que se reduce ó 26,9% no caso de Pontevedra e ó 25,6% no de Ourense, pola súa vez, apenas tres puntos por riba de Lugo (22,3%) e A Coruña (22,9%).

### **Lingua habitual segundo o hábitat de residencia**

A análise da distribución da lingua habitual en función do hábitat de residencia tamén deita resultados de interese. Esta monografía está centrada nos sete termos municipais recoñecidos como urbanos e, polo tanto, a variedade do hábitat de residencia é necesariamente reducida. Con todo, poden apreciarse notables diferenzas entre o medio estritamente urbano e mailo periurbano. Na táboa 11.8 aprécianse as diferenzas entre un e outro con nitidez.

Volvemos ás consideracións realizadas anteriormente respecto á importancia de cada cidade na explicación das diferenzas entre o uso do galego nos hábitat urbanos e nos periurbanos. Aínda que cómpre volver lembra-lo diferente peso que un e outro tiveron en cada cidade, esta diferenza non constituíu no deseño da mostra unha cota igual cá idade ou o sexo; simplemente, tratouse de que a proporción de entrevistas en cada distrito e sección censual fosen proporcionais á distribución que tiñan nos datos xerais da poboación dispoñibles nese momento. De aí que na cidade da Coruña o 98,8% da poboación sexa plenamente urbana mentres en Vigo só é tipicamente urbano o 74,7% da mostra e en Pontevedra unicamente un 48,4%. Todo isto dá idea da diferente configuración de asentamentos que teñen as sete cidades galegas, e que non as fan plenamente homologables ó respecto.

Non obstante, mesmo prescindindo desas diferenzas, existe unha importante heteroxeneidade entre tódalas cidades respecto á lingua habitual. No que fai ó centro urbano, as cidades con menos monolingües en galego son Vigo (3,5%),

Ferrol (4,9%) e Pontevedra (7,4%). Noutras tres cidades os monolingües habituais en galego son un de cada dez: A Coruña (10,3%), Ourense (11,2%) e Lugo (13,5%). E, finalmente, dúas de cada dez persoas residentes no centro de Santiago (19,2%) son monolingües en galego.

Táboa 11.8. Lingua habitual segundo o hábitat de residencia

			HÁBITAT ONDE VIVE		Total
			urbano	periurbano	
A Coruña	LINGUA HABITUAL	só castelán	28,4%	23,1%	28,3%
		máis castelán	36,8%	23,1%	36,6%
		máis galego	24,6%	26,9%	24,6%
		só galego	10,3%	26,9%	10,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	LINGUA HABITUAL	só castelán	14,8%	2,8%	11,4%
		máis castelán	33,8%	14,5%	28,2%
		máis galego	32,1%	28,0%	30,9%
		só galego	19,2%	54,7%	29,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	LINGUA HABITUAL	só castelán	30,6%	16,6%	27,7%
		máis castelán	42,6%	28,5%	39,7%
		máis galego	21,9%	42,4%	26,2%
		só galego	4,9%	12,6%	6,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	LINGUA HABITUAL	só castelán	9,8%	2,5%	9,4%
		máis castelán	34,5%	5,0%	32,8%
		máis galego	42,3%	67,5%	43,7%
		só galego	13,5%	25,0%	14,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	LINGUA HABITUAL	só castelán	11,4%	4,0%	9,7%
		máis castelán	34,9%	17,1%	30,9%
		máis galego	42,5%	49,7%	44,1%
		só galego	11,2%	29,1%	15,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	LINGUA HABITUAL	só castelán	27,8%	9,4%	23,2%
		máis castelán	43,4%	36,2%	41,6%
		máis galego	25,3%	47,6%	30,9%
		só galego	3,5%	6,8%	4,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	LINGUA HABITUAL	só castelán	38,7%	18,2%	28,2%
		máis castelán	33,1%	17,9%	25,3%
		máis galego	20,8%	27,8%	24,4%
		só galego	7,4%	36,1%	22,2%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%

Como vemos, neste hábitat existen diferenzas significativas entre unhas cidades e outras, pero non tan importantes como as existentes no seo do hábitat periurbano. Isto parece indicar que existe unha forza desgaleguizadora constante, polo menos no que son as condutas monolingües. Esta capacidade desgaleguizadora semella de diferente intensidade en cada unha das cidades do país. E aquí é onde estudos doutro signo son necesarios para saber por que a poboación que vive nos barrios centrais de Santiago mantivo máis o galego cá que reside en áreas homologables de Ferrol ou Vigo.

E tamén sería moi interesante poder coñecer por que as áreas periurbanas das sete cidades seguiron ritmos de desgaleguización diferentes. Por que os cidadáns dos suburbios de Vigo, en moitos casos tan ou máis rurais cós da Coruña ou Ferrol, mantiveron en menor medida o galego. Só estudos comparados da procedencia, a integración e mailas características socioculturais deses asentamentos han permitir comprender tales diferenzas, moito máis notables neste medio periurbano ca no urbano. Así, mentres nese tipo de barrios de Vigo só un 6,8% falaba en galego, en Ourense facíao o 29,1%, en Pontevedra o 36,1% e en Santiago o 54,7%. Polo tanto as diferenzas son extremadamente pronunciadas entre a primeira destas cidades, onde os monolingües en galego non chegan a ser un de cada dez, e a última, Santiago, onde supoñen máis da metade.

Grosso modo, pode dicirse que entre un e outro hábitat as diferenzas nos índices de monolingüismo son de entre o dobre e o triplo, salvo en Pontevedra, onde a proporción é o quíntuplo. Isto probablemente tamén deba relacionarse con diferentes graos de dependencia sociocultural de cada un dos sete termos municipais respecto ó seu núcleo e con que imaxe da cidade teñen os residentes en cada un deses asentamentos.

### **Lingua habitual segundo a clase social**

A análise da lingua habitual por clase social presenta un modelo que se repite na maior parte das cidades: unha separación bastante clara entre as clases baixa e media-baixa por unha

banda e a media e a media-alta pola outra. As dúas primeiras presentan uns niveis de uso do galego sensiblemente superiores ás dúas últimas. Nalgunhas cidades as porcentaxes desas primeiras aproxímanse, sen chegar, ó 50 por cento dos casos (A Coruña e Ferrol), mentres noutras supérano amplamente (Santiago, Lugo, Ourense). En Vigo, porén, o gran corte no uso do galego parece producirse xa a partir da clase baixa.

Táboa 11.9. Lingua habitual segundo a clase social nas sete cidades

			CLASE SOCIAL				Total
			baixa	media-baixa	media	media-alta	
A Coruña	LINGUA HABITUAL	só castelán	27,2%	16,5%	30,3%	51,2%	28,3%
		máis castelán	22,8%	34,1%	39,1%	38,2%	36,6%
		máis galego	32,4%	33,7%	22,2%	7,7%	24,6%
		só galego	17,6%	15,7%	8,4%	3,4%	10,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	LINGUA HABITUAL	só castelán		8,1%	11,8%	19,5%	11,3%
		máis castelán	16,7%	13,7%	33,0%	35,6%	28,3%
		máis galego	33,3%	34,2%	29,8%	29,9%	30,9%
		só galego	50,0%	44,1%	25,4%	14,9%	29,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	LINGUA HABITUAL	só castelán	20,0%	15,7%	28,6%	48,5%	27,6%
		máis castelán	40,0%	32,4%	40,7%	42,4%	39,6%
		máis galego	20,0%	38,2%	25,4%	6,1%	26,3%
		só galego	20,0%	13,7%	5,3%	3,0%	6,5%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	LINGUA HABITUAL	só castelán	2,6%	6,1%	13,6%	16,7%	9,4%
		máis castelán	21,1%	22,4%	44,3%	61,1%	32,8%
		máis galego	39,5%	53,6%	34,6%	19,4%	43,7%
		só galego	36,8%	18,0%	7,5%	2,8%	14,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	LINGUA HABITUAL	só castelán	7,8%	3,9%	12,4%	24,6%	9,7%
		máis castelán	13,0%	21,2%	38,2%	55,4%	30,9%
		máis galego	55,8%	53,9%	38,2%	16,9%	44,1%
		só galego	23,4%	20,9%	11,2%	3,1%	15,3%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	LINGUA HABITUAL	só castelán	11,9%	18,4%	28,4%	47,6%	23,2%
		máis castelán	31,2%	39,8%	45,9%	42,7%	41,5%
		máis galego	50,0%	37,0%	21,8%	9,7%	30,9%
		só galego	6,9%	4,7%	3,9%		4,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	LINGUA HABITUAL	só castelán		18,4%	37,5%	55,6%	27,9%
		máis castelán	14,3%	15,3%	35,7%	33,3%	25,4%
		máis galego	14,3%	31,6%	18,0%	11,1%	24,5%
		só galego	71,4%	34,7%	8,8%		22,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

O caso de Pontevedra é novamente rechamante. Na clase baixa máis de dous terzos da poboación deste grupo social (71,4%) exprésase exclusivamente en galego, porcentaxe que se reduce en máis da metade na clase media-baixa (34,7%). Porén, ó considerármolos galegofalantes conxuntamente (sumando os que falan só e máis en galego) a porcentaxe redúcese en menos de 20 puntos. Polo tanto, o maior cambio na clase media-baixa semella a introdución dun comportamento bilingüe, fronte ó monolingüe da clase baixa. Ademais, a transición entre un grupo social e outro é moi brusca: na clase media só o 26,8% son galegofalantes e na media-alta unicamente o 11,1%.

En contraste con esta cidade, os casos da Coruña ou Ferrol parecen moi distintos, xa que nelas o castelán está moi introducido mesmo na clase baixa. Na primeira desas cidades a porcentaxe de galego e castelanfalantes é idéntica nesa clase, e en Ferrol a dos castelanfalantes é mesmo superior (60%).

Por outra banda, en Santiago de Compostela aparece unha certa porcentaxe de falantes monolingües en galego de clase media-alta (14,9%), e en conxunto neste grupo son galegofalantes o 44,8% da poboación. Polo demais, as porcentaxes de monolingües en galego nese grupo social non chegan ó 5 por cento. Considerando conxuntamente os galegofalantes, na clase media-alta de Lugo e Ourense falariamos de arredor do 20 por cento e, nas demais, de arredor do 10 por cento.

En definitiva, na maior parte das cidades (salvo Ferrol) podemos falar dunha dualidade entre o uso maioritario do galego nas clases baixa e media-baixa e un uso minoritario nas clases media e media-alta (coa excepción da clase media de Santiago e, en parte, a de Ourense). De todas formas, non é doado xa identifica-lo galego coas clases baixas urbanas e o castelán coas altas, como acontecía no pasado, sobre todo pola inxente cantidade de cidadáns dos grupos sociais da parte baixa da escala que se foron instalando no castelán, se cadra como unha forma de disimular a súa procedencia social ou mesmo como un xeito de favorecer-lo seu ascenso social nunha Galicia urbana na que anteriormente esta dualidade estaba plenamente vixente.

## Lingua habitual segundo os estudos

Na análise por estudos obsérvase unha oposición importante entre as persoas sen estudos ou con estudos primarios, por unha banda, e os individuos con estudos universitarios, pola outra. Nas cidades de Santiago, Lugo e Ourense, como se observa na táboa 11.10, o galego é a lingua maioritaria, pero nas restantes éo só na poboación sen estudos.

Táboa 11.10. Lingua habitual nas sete cidades segundo os estudos.

			ESTUDOS			
			ningún	primarios	secundarios	universitarios
A Coruña	LINGUA HABITUAL	só castelán	1,8%	19,9%	39,7%	39,8%
		máis castelán	5,5%	30,4%	46,0%	47,9%
		máis galego	42,2%	36,1%	10,3%	9,3%
		só galego	50,5%	13,5%	4,0%	3,0%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Santiago	LINGUA HABITUAL	só castelán		3,9%	15,4%	20,8%
		máis castelán	5,0%	12,5%	40,8%	44,8%
		máis galego	20,0%	36,8%	31,4%	24,0%
		só galego	75,0%	46,7%	12,4%	10,4%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ferrol	LINGUA HABITUAL	só castelán	5,7%	23,5%	36,5%	41,0%
		máis castelán	11,3%	37,5%	50,9%	45,0%
		máis galego	47,2%	33,6%	11,3%	10,0%
		só galego	35,8%	5,4%	1,3%	4,0%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Lugo	LINGUA HABITUAL	só castelán	1,5%	3,5%	13,8%	20,6%
		máis castelán	6,2%	21,2%	50,3%	45,8%
		máis galego	63,1%	54,0%	33,5%	25,8%
		só galego	29,2%	21,2%	2,4%	7,7%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ourense	LINGUA HABITUAL	só castelán		5,1%	15,7%	14,4%
		máis castelán	5,3%	16,5%	45,3%	51,1%
		máis galego	42,1%	56,7%	33,1%	29,4%
		só galego	52,6%	21,8%	5,9%	5,0%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Vigo	LINGUA HABITUAL	só castelán	8,0%	17,4%	28,1%	32,0%
		máis castelán	32,0%	32,9%	52,9%	51,8%
		máis galego	32,0%	44,4%	17,4%	13,1%
		só galego	28,0%	5,2%	1,6%	3,1%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Pontevedra	LINGUA HABITUAL	só castelán		14,9%	44,9%	45,8%
		máis castelán		14,6%	37,5%	41,7%
		máis galego	16,7%	34,9%	13,2%	10,8%
		só galego	83,3%	35,6%	4,4%	1,7%
	Total		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Na Coruña utilizan só ou preferentemente o galego o 92,7% das persoas sen estudos, pero no grupo con estudos primarios son unicamente o 49,6%, e nos outros dous grupos con maior nivel de formación apenas un de cada dez coruñeses están instalados no galego. A situación é semellante en Ferrol, con aínda menor presenza do galego nos dous niveis educativos máis baixos.




Polo que respecta a Vigo, a poboación sen estudos é tamén maiormente galegófono, pero a diferenza non é tan acusada coma nas cidades anteriores (un 60% fala só ou preferentemente galego). No seguinte nivel educacional incrementase moito a porcentaxe de bilingües galegófonos e redúcese drasticamente os que usan sempre o galego. Nos outros dous grupos as tendencias coinciden coas xa apuntadas para A Coruña e Ferrol.

Santiago, Ourense e Lugo teñen unhas características moi semellantes nesta distribución segundo o nivel educativo. No sector de poboación sen estudos, en Santiago o 95% fala sempre ou preferentemente en galego, mentres a porcentaxe en Ourense é o 94,7% e en Lugo o 92,3%. As diferenzas, no entanto, son máis notables nas porcentaxes de monolingües en galego (75% en Santiago, 52,6% en Ourense e 29,2% en Lugo). Unha distribución semellante pode apreciarse na poboación con nivel primario.

A cidade de Pontevedra volve presentar tamén nesta análise un comportamento peculiar. Nos grupos de estudos medios e universitarios as cifras son perfectamente homologables coas de Ferrol ou A Coruña. Así e todo, o emprego do galego no grupo con estudos primarios é semellante ó de Lugo, Ourense ou Santiago, e no grupo sen estudos a porcentaxe de galegofalantes é simplemente o 100 por cento dos casos.

**XII**  
**CONCLUSIÓN**





Nesta sección final pretendemos realizar unha síntese dos principais aspectos analizados ó longo deste volume, salientando aqueles que contrastan coa realidade do conxunto de Galicia ou ben que, pola súa capacidade interpretativa ou avaliativa, merecen especial atención.

### **Competencia lingüística**

A comprensión do galego é practicamente total no conxunto da poboación urbana galega. O 94,5% di entendela moito ou bastante, e só un 0,2% afirma non entendela nada. En realidade, as porcentaxes de falta de comprensión parecen corresponder a cuestións basicamente actitudinais alleas a esta. Neste sentido, é sintomático que mesmo o 90 por cento dos castelanfalantes iniciais din entender sen dificultades o galego.

A capacidade para fala-lo galego está tamén moi estendida. Tres cuartas partes da poboación urbana afirma saber fala-lo noso idioma, arredor do 20 por cento declara falalo pouco e só algo máis do 4 por cento di non posuír ningún dominio oral.

As capacidades para ler e escribi-lo galego están moito menos estendidas. Pouco máis da metade da poboación urbana ten un dominio efectivo dela, e só un de cada tres domina nesta medida a escritura. Por outra banda, mentres só un de cada dez habitantes urbanos non pode ler minimamente en

galego, tres de cada dez non saben escribir nin sequera un pouco no noso idioma.

Resulta sintomático comprobar como nas destrezas escritas os galegofalantes iniciais declaran ter menos competencia. Este sector de poboación declara un alto dominio da variedade oral xunto a un reducido dominio das escritas, o que permite falar dunha polaridade entre unhas e outras competencias. Por outra banda, os castelanfalantes presentan, curiosamente, máis dominio da lectura ca da capacidade para falar; é dicir, a ausencia total de uso leva os informantes a sentírense pouco seguros para falar galego. Neste sector de poboación urbana, polo tanto, as destrezas lingüísticas non son acumulativas, como adoita suceder noutras situacións de contacto lingüístico.

Así mesmo, coidamos que existe unha importante relación entre o dominio oral do galego e o seu uso. En certo sentido, a relación entre estas dúas variables é recíproca: úsase na medida en que se coñece e coñécese na medida en que se usa. Dada a proximidade entre as dúas linguas, non é difícil que, tras unha práctica non demasiado prolongada, se sinta a suficiente seguridade e dominio da súa variedade oral para poder empregalo en situacións cotiás. Porén, este tipo de contacto co idioma non habilita para interactuar en calquera situación nin garante o necesario nivel de coloquialidade, espontaneidade e variedade polilectal. Pero si capacita para as funcións comunicativas básicas que un individuo urbano precisa na súa vida diaria. Por iso, pensamos que dada a relativa proximidade entre galego e castelán, as persoas que non posúan competencia oral no primeiro poden realiza-la aprendizaxe nun período relativamente breve, como de feito acontece cos sectores de poboación que precisan aprender a falar en galego para desenvolve-la súa actividade laboral.

A análise en función da idade permite ver algúns fenómenos de interese. En primeiro lugar, a importante diferenza de competencia escrita (case 60 puntos) e lectora (40 puntos) entre o grupo máis vello e o máis novo. Entrementres, a asociación coa idade ten un signo inverso: canto meirande é

maior é o dominio oral do galego. Así, dáse a circunstancia, aparentemente contraditoria, de que o grupo de 16 a 25 anos é o que mellor competencia lectoescrita presenta e asemade menos declara saber falar en galego. Isto dá lugar, como dixemos, a que se estableza unha clara dicotomía na competencia entre o que é a parte oral e a escrita.

Con todo, na situación actual danse paradoxos como o feito de que a metade da poboación urbana monolingüe en castelán pode ler en galego, mentres só un terzo sabe falalo. Este feito reflicte, ademais da menor idade e menor competencia dos monolingües en castelán, que o ensino da lingua galega ata o de agora prestou atención sobre todo á variedade escrita da lingua, e polo tanto conseguiu mellorar aceptablemente o seu dominio na poboación urbana moza, pero apenas incidiu no dominio da variedade oral.

As competencias escritas tamén aumentan canda a clase social, mentres o dominio da fala diminúe. Unha situación moi semellante é a que se observa segundo o nivel de estudos, que dá lugar a diferenzas moi considerables (50 puntos no caso da escritura e 60 no da lectura) entre un extremo e outro da escala. Ó mesmo tempo, observamos como os niveis de competencia oral e escrita son moi semellantes entre as persoas con estudos medios e universitarios.

Da análise das variacións intergrupais nas competencias escritas dedúcese que as diferenzas teñen tanto que ver coa natureza da destreza como co idioma asociado a esta.

A eficacia do sistema escolar para conseguirlos obxectivos máis perseguidos tampouco se cumpriu en sentido estrito. Só o 67,7% dos estudantes de primaria con polo menos 5 anos de galego na escola di ler correctamente en galego e unicamente o 51,1% podería escribilo.

Mesmo así, a poboación que aprendeu o galego na escola domina sensiblemente mellor as destrezas escritas có resto, pero móstrase insegura na competencia oral, sexa por un ineficaz sistema escolar, por un inadecuado enfoque do ensino do galego ou por algunha outra razón de fondo.

Todo isto indícanos que a capacidade de produción lingüística nos diferentes niveis presenta diversas deficiencias que precisan de actuación desde diferentes ámbitos e esferas sociais para garanti-la vitalidade da lingua galega. No caso da lectoescritura, coidamos que non é suficiente cunha formación instrumental se non existe unha retroalimentación desde a sociedade, e se non se valora e demanda socialmente o coñecemento escrito do galego.

### **Lingua inicial**

No que se refire á lingua inicial, o galego é o idioma de socialización do 35,3% dos cidadáns galegos, mentres o castelán éo do 48,4% e os bilingües supoñen o 15,7% do total urbano. Unicamente o 0,6% da poboación urbana aprendeu a falar noutro idioma.

A lingua inicial da poboación urbana está moi relacionada coa idade do individuo. Así, a medida que a idade é menor, diminúen os que teñen o galego como lingua inicial e asemade aumenta o bilingüismo. En conxunto, podemos dicir que o galego deixa de ser lingua inicial maioritaria entre os menores de 41 anos.

Así mesmo, o galego está moito máis presente canto máis rural é o hábitat de nacemento, de acordo con tendencias xa coñecidas na sociolingüística galega. Mesmo así, o galego é o idioma inicial de case o 23 por cento da poboación nacida nas cidades galegas.

Como era de esperar, a poboación nacida fóra de Galicia presenta unha procedencia aínda máis castelanófona có resto. Polo tanto, o galego non supuxo para ese grupo de poboación un vínculo de identidade etnolingüística

A análise da lingua inicial segundo o ano de nacemento e a idade confirma que a finais do século XIX e comezos do XX (ata 1916) o galego era a lingua inicial maioritaria na cidade (60,5%), e só un de cada tres aprendían a falar en castelán. Para os nados entre 1917 e 1926 tamén era máis fre-

cuenta aprender a falar en galego, aínda que as diferenzas cos castelanfalantes iniciais son xa reducidas. A partir dos anos 30, os rapaces que nacían nas cidades galegas eran xa maioritariamente criados en castelán.

De acordo coas informacións que posuímos da poboación urbana nacida no medio rural, podemos afirmar que estes sectores de poboación aprenderon a falar en galego durante boa parte do século XX, malia apreciárense cada vez máis indicios da *violación do código* que supoñía para os pais rurais educa-los seus fillos en castelán. Porén, non sería ata os anos 60 e 70 do pasado século cando este proceso se espallase no mundo rural.

No mundo urbano, coincidindo coa ditadura de Primo de Rivera, a castelanización inicial avanzou dun xeito decidido. O mesmo pode dicirse dos comezos do período franquista, no que podería mesmo postularse unha certa influencia do réxime sobre a opinión pública das cidades e mailos modelos e modos de comportamento e aprendizaxe lingüística promovidos desde o sistema, aínda que sen esquecer que se trata dunha dinámica social xa en marcha no comezo do período franquista.

O bilingüismo inicial parece que se consolidaría basicamente antes de 1916 e, a partir de entón, experimentaría unha importante estabilización, con incrementos posteriores realmente pequenos.

En definitiva, coidamos que foi ó longo do século XX cando se produciu a ruptura da transmisión do galego no medio urbano. A comezos deste período a maior parte da poboación nacida na cidade aprendía a falar en galego, aínda que o proceso de substitución, desde logo, xa estaba en marcha.

En conxunto, parece que a poboación urbana nacida nas vilas partiu tamén duns inicios castelanfalantes desde comezos de século, mais non podemos precisar de que vila procedían. É probable que a vila de procedencia, as súas características históricas, demográficas e sociais, e maila súa idiosincrasia social particular, puidesen influír mesmo máis

có seu propio carácter vilego. Neste sentido, é tamén perfectamente posible e plausible que a inmigración ás sete cidades galegas se producise desde lugares xeográfica e socioloxicamente diferentes, que variase en función do período e que todo iso tivese unha importante influencia na lingua materna.

Nos barrios e hábitat periurbanos das cidades, o galego é a lingua inicial da metade da poboación e o castelán de algo menos dun terzo. No centro das cidades os termos invértese: aprendeu a falar en galego un terzo da poboación e algo máis da metade fíxoo en castelán. O bilingüismo inicial é moi semellante nos dous hábitat, aínda que algo superior no periurbano. Estas diferenzas entre medio urbano e periurbano poñen de manifesto que moitos fenómenos e comportamentos deste último hábitat son máis semellantes ós do rural ca ós do medio estritamente urbano.

As persoas sen estudos son tamén as que teñen na súa inmensa maioría (84%) o galego como lingua materna. A imaxe destas persoas de idade avanzada e sen estudos, chegadas á cidade en moitos casos despois de viviren durante unha parte da súa vida no medio rural ou vilego, sen dúbida contribuíu durante décadas a mante-la estigmatización do galego como lingua do atraso e a incultura. Algo semellante pode afirmarse da poboación con estudos primarios, aínda que neste grupo o 34,5 por cento aprendeu a falar en galego. Entrementres, o castelán é a lingua na que se socializou a maior parte da poboación de estudos medios e universitarios, o que contribuíu a mante-la imaxe de modernidade das persoas de procedencia castelanófona.

Nas familias urbanas de clase media-alta, a transmisión do galego está particularmente interrompida, xa que o 76,9% deste sector de poboación aprendeu a falar en castelán. En xeral, o galego está tanto máis presente como lingua inicial canto menor é a clase social, fenómeno inverso ó que acontece co castelán.

Coa necesaria cautela, podemos afirmar que o corte na transmisión do galego de pais a fillos se produciu en diferen-

tes momentos nas distintas clases sociais. A clase urbana media-alta deixaría de transmitilo xa nun período afastado, nunca máis tarde de principios do século XX. Seguindo con esta cautela tamén na equiparación diacrónica das clases sociais, coidamos que a clase media urbana se sumou á tendencia de educa-los fillos en castelán no período entre 1917 e 1926. Probablemente, esta clase experimentou máis ca ningunha outra a presión da *publicidade* do Estado, tendente a estende-lo castelán tanto como fose posible.

Na clase media-baixa o proceso semella que chegou a partir da posguerra española. Os nenos urbanos desta época puideron se-los primeiros en deixar de recibir maioritariamente o galego como lingua inicial. Pola súa vez, na clase baixa o corte da transmisión interxeracional semella que se produciu a finais dos 60 e comezos dos 70. Polo tanto, neste grupo social a introdución xeneralizada do castelán como lingua materna sería un fenómeno moi recente.

### Ámbito de adquisición do galego

En canto ó ámbito de adquisición do idioma, a relación entre aprender a falar en galego e facelo na familia mantense en pouco máis da metade dos casos. Semella que o intenso contacto entre os dous idiomas provoca que, aínda transmitindo a familia nuclear o galego, o neno está aprendendo tamén o castelán por osmose co ambiente castelanfalante en que se desenvolve. Porén, cando o galego non se aprende na familia, apenas funcionan os resortes que permiten a súa adquisición.

En conxunto, os cidadáns galegos adquiriron o galego na familia no 70 por cento dos casos. A escola contribuíu a que aprendesen o galego algo máis de un de cada dez individuos. Cando os rapaces acoden á escola xa está iniciado o proceso, polo que nin o momento coincide nin tampouco as posibilidades de converter esa aprendizaxe en espontánea son equiparables. Na familia, emoción e lingua poden camiñar moito



máis xuntas ca na escola, mentres a importancia e natureza dos demais entes socializadores é menor e máis heteroxénea.

A práctica totalidade dos que aprenderon a falar en galego adquiriron esta lingua na familia. Así mesmo, un 38,6% dos declarados castelanfalantes iniciais tamén adquiriron o galego na familia. Probablemente, no período de tempo que o individuo permanece nela, aínda que sexa socializado en castelán, nalgúns casos ten tempo e ocasión para aprende-lo galego.

A aprendizaxe familiar é tamén a que fai sentirse máis seguro ó falante. O 87,9% dos que aprenderon o galego neste ámbito pensa que o sabe falar ben ou moi ben, mentres na escola a porcentaxe diminúe ó 55,7%.

Canto máis novos son os individuos menos aprenden o galego no eido familiar: no grupo de 16 a 25 anos este proceso abrangue pouco máis da metade da poboación. Neste grupo a escola é a transmisora do galego nunha porcentaxe próxima á metade dos casos (43,1%). Non obstante, cómpre considerar que a escola, sobre todo na situación actual, non é quen de transmitir-lle necesaria espontaneidade e capacidade para interactuar con éxito na conversa non-formal. Así mesmo, esta aprendizaxe está a producir, fronte á familiar, unha maior pobreza polilectal e unha menor seguridade lingüística, ademais dunha menor convicción para usa-lo galego e unha inferior frecuencia de uso.

Na clase social media-alta a familia tampouco foi o medio fundamental de transmisión da lingua. Case un de cada catro cidadáns deste nivel social adquiriu o galego noutros ámbitos sociais, mentres o fixo na familia o 45,2%.

### **Lingua habitual**

No medio urbano no seu conxunto, o galego é a lingua habitual de catro de cada dez cidadáns (42,7%) e o castelán do 57,3% restante. Así e todo, a pauta máis habitual é o bilingüismo, que abrangue os dous terzos da poboación urbana

(66,7%), mentres o terzo restante mantería unha conduta monolingüe.

Existe unha importante retención da lingua inicial na lingua habitual. Con todo, este mantemento é máis alto no castelán ca no galego. Os bilingües iniciais tenden a manter esta pauta na lingua habitual, aínda que a lingua máis utilizada tende novamente a se-lo castelán. É dicir, o grao de retención lingüística é algo superior nos castelanfalantes respecto ós galegofalantes. En xeral, non se pode falar dunha recuperación lingüística intraxeracional que compense dalgún xeito a caída interxeracional do galego, como sucedía no conxunto de Galicia. As políticas postas en práctica, pola súa banda, parecen estar favorecendo aínda máis esta tendencia.

No hábitat urbano estase a producir un intenso proceso de substitución do galego polo castelán, mentres no medio rural o galego se mantén nunha maior medida. Esta constatación global, válida para o conxunto de Galicia, pode apreciarse tamén ó analiza-lo hábitat de nacemento da poboación urbana: a poboación das cidades de orixe rural mantén máis o idioma cá procedente do medio urbano, que en boa medida xa foi socializada en castelán.

Malia todo, a procedencia rural non garante un uso monolingüe do galego na cidade, fenómeno que só afecta a pouco máis de dous de cada dez individuos, aínda que si un uso preferente desta lingua (52,3%). De por parte, os cidadáns de procedencia urbana manteñen nunha medida equiparable o castelán. En calquera caso, o uso monolingüe do galego da poboación de orixe rural é o dobre có existente na poboación nacida nas vilas ou no medio urbano.

A poboación nacida fóra de Galicia é a que máis fala en castelán (88,5%), aínda que só unha ínfima parte semella ser de procedencia non-galega (con certeza trátase de descendentes de emigrantes). Isto parece indicar que o noso idioma non constituíu un vínculo de unión etnocultural para os fillos e fillas de pais galegos no exterior.

Así mesmo, observamos que existen diferenzas importantes de uso entre a poboación do centro das cidades e os

residentes na periferia destas. En realidade, se dividísemos e analizásemos con máis detalle os barrios encontraríamos aínda maiores diferenzas. Pero, dentro destes límites, apreciamos como os falantes monolingües de galego son máis do dobre nos lugares periurbanos (23,8%) ca nos plenamente urbanos (9,1%). Unha proporción inversa pode apreciarse nos monolingües en castelán. Visto doutro xeito, o galego é a lingua de algo máis dun terzo da poboación do centro das cidades, mentres nos hábitat periurbanos o galego é o idioma de dous terzos da poboación.

No que atinxe á idade, o galego é a lingua máis utilizada polo grupo de maiores de 65 anos (64,1%) e o de 41 a 65 (53,8%). Nos menores de 41 anos a lingua maioritaria é o castelán. Ó mesmo tempo, nestes últimos obsérvase unha redución case ó límite dos monolingües en galego, que no grupo de 16 a 25 anos son unicamente o 4,1% da poboación.

As diferenzas no uso lingüístico habitual entre a poboación sen estudos e con estudos primarios por unha banda, e con estudos medios e universitarios pola outra, é moi importante. Os primeiros están claramente instalados no galego, mentres os segundos utilizan dun xeito maioritario o castelán. Este feito debeu influír decisivamente na imaxe e mesmo estigmatización dos galegofalantes como persoas dun baixo nivel sociocultural, que os movementos de recuperación do galego teñen tentado compensar a través da vinculación do noso idioma con referentes de cultura.

En canto á clase social, existe tamén unha tendencia a que os grupos máis favorecidos usen máis o castelán, e os menos podentes o galego. Porén, as diferenzas non son tan importantes como podíamos observar na análise por estudos. Este fenómeno pode estar reflectindo os intentos dos individuos de clase baixa de imitar a lingua dos grupos máis altos, así como o ascenso social dalgúns persoas galegofalantes.

O movemento campo-cidade trouxo consigo que individuos de extracción galegofalante se instalasen na cidade sen abandonar en tódolos casos o seu idioma orixinario, ó mesmo

tempo que unha parte da poboación urbana da banda inferior da escala social se instalou no castelán como un intento parcial de ascenso social ou cando menos de imita-los modelos sociais de prestixio.

A familia parece se-lo único ámbito de aprendizaxe da lingua que garante unha certa vitalidade no uso da lingua galega. Os que o aprenden noutro medio usan só de xeito esporádico o noso idioma. A aprendizaxe na escola é particularmente ineficaz para garanti-lo uso do galego. Só o 3,4% dos que o aprenderon neste ámbito fala en galego.

A análise por profesións reflicte que o reducido grupo de labradores e mariñeiros constitúen o grupo profesional onde máis se fala galego. O 53,7% destes usa sempre o galego e o 37,9% utilízao preferentemente. Entre os empresarios e autónomos, obreiros e amas de casa o galego é maioritario fronte ó castelán. Aínda que, sobre todo os labradores, probablemente desenvolvesen en moitos casos as súas actividades profesionais fóra do medio urbano, a proximidade entre o elemento rural e o urbano segue estando aínda hoxe moi presente na maior parte das cidades galegas. Semella que a actividade agrícola era moi importante para a fixación das condutas lingüísticas das persoas, tanto como o propio feito de vivir no medio urbano. Noutras profesións como a dos obreiros, o galego mantense, pero en condutas bilingües. A posición na escala social dos grupos profesionais parece tan importante coma o tipo de persoas coas que é necesario interactuar nesa profesión.

As persoas con profesións asociadas tipicamente ó sector servizos, pola contra, teñen como lingua principal de instalación o castelán (profesionais liberais, persoal con titulación superior ou media, docentes, cadros medio-baixos, persoal de servizos e forzas armadas). Unha posición máis alta na escala profesional non está necesariamente asociada cun menor uso do galego. Máis ben diríamos que cada grupo profesional posúe un diferente imaxinario cultural, do que a lingua utilizada forma parte.

## **Lingua de lectura**

A frecuencia da lectura en galego é moi baixa. Porén, a oferta de materiais escritos no noso idioma é aínda reducida, e comezou a medrar só en tempos moi recentes. Por iso é normal que só o 0,3% dos cidadáns manifeste ler sempre en galego e o 3,7% o faga maioritariamente no noso idioma. Mesmo para unha persoa militante da lingua, faise necesario acudir con maior ou menor frecuencia a textos escritos en castelán. Así e todo, parece existir unha certa maior propensión a ler en galego na poboación que utiliza habitualmente este idioma.

## **Lingua de escritura**

Pola súa banda, a lingua en que se deixan as notas é unha elección que en principio depende só da persoa. Mais, para que tal elección poida realizarse, cómpre saber escribir nese idioma, cousa que, como dixemos, aínda hoxe só pode realizar un sector reducido da poboación. Así mesmo, existen inercias tendentes a utilizar sempre o castelán para actividades como a escrita, coas que non sempre é doado romper, incluso existindo a vontade para facelo. Mesmo así, atopamos máis usuarios monolingües en galego na escritura ca na lectura: o 5,9% da poboación escribe sempre en galego e o 5,5% faino maioritariamente. Esta cifra increméntase nos monolingües habituais en galego, dos cales tres de cada dez deixan as súas notas neste idioma.

## **Usos familiares**

En canto ós usos familiares, pode establecerse unha escala no uso do galego, na cal a maior utilización do galego daríase cos avós e a máis baixa cos fillos. No medio atópanse as interaccións cos pais, os irmáns e a parella. O aparente aumento no uso do galego na interacción coa parella respec-

to ó uso cos irmáns é enganoso, xa que da poboación coa que se realizan eses cálculos está excluído o grupo que non ten parella, como media de menor idade cá que non ten irmáns.

Tamén se debe ter en conta que as pautas de uso lingüístico cos avós, os pais e os irmáns se establecen normalmente na infancia, e que entre esta e a idade adulta, na que se fixa a relación lingüística coa parella e os fillos, poden mediar cambios de hábitat e/ou de comportamento lingüístico habitual.

Un de cada dez cidadáns (11,8%) considera que a parella influíu sobre a súa conduta lingüística. Aínda que as diferenzas non son demasiado importantes, estas prodúcense sobre todo no caso dos homes, que se ven condicionados por un certo maior uso do castelán por parte das mulleres.

O grupo de menores de 26 anos está instalado no castelán mesmo para falar cos familiares de máis idade (pais e avós), aínda que o seu uso do galego é superior ó que presentan en roles de idade máis parecida á súa. Este fenómeno non ocorre no grupo de 26 a 40 anos.

Desde outro punto de vista, e tomando como referencia unicamente a poboación nacida nas cidades, observamos que os nados a partir de 1957 utilizan preferentemente o castelán cos seus familiares, independentemente da idade destes. Na interacción cos pais, os nenos nados nas cidades galegas antes da guerra civil serán os últimos que falen preferentemente en galego. O fenómeno estaba sen dúbida en marcha antes da chegada do franquismo, pero probablemente este acelerouno coa súa política de freo ás linguas distintas do castelán.

O uso cos irmáns, sistematicamente menor có existente cos pais, podería ser obxecto de cambios posteriores á época da infancia e reflectir en maior medida a época adulta. O uso coa parella nas cidades está moi igualado entre homes e mulleres, e non observamos diferenzas estatisticamente significativas. O uso cos fillos reflicte un paso máis no proceso de desgaleguización da familia urbana. Semella un elo que une o proceso intraxeracional co interxeracional. Así mesmo,

o proceso de desgaleguización non remata coa constitución da parella, senón que se estende ata a relación cos fillos.

Os referentes galegófonos poden contribuír a reforza-lo emprego do noso idioma coa familia *de orientación*, pero desaparecen na *de procreación*. Nesta última, se o galego non é a lingua do pai ou da nai, existen poucas motivacións para o seu uso.

En conxunto, podemos dicir que os usos familiares son preferentemente galegófonos nas seguintes situacións: cos avós, nas clases baixa, media-baixa e parcialmente na media. Cos pais, os irmáns e a parella a lingua máis utilizada é o galego nas clases baixa e media-baixa e, finalmente, no uso cos fillos só a clase baixa se presenta como preferentemente galegofalante.

No que respecta ó hábitat, a poboación nacida nas cidades usa moito menos o galego na familia cós inmigrados. Os primeiros usan o galego cos avós na clase baixa. Na media-baixa o seu uso abandonaríase a comezos da década dos 70 e na media o proceso poderíase datar a comezos dos anos 60. Na clase media alta semella que o uso cos avós foi maioritariamente en castelán durante todo o século XX.

Cos pais, a clase baixa nacida nas cidades falaba en galego ata a década dos 60. Xa que logo, parece ser coa explosión urbanizadora cando comeza a aumenta-lo uso do castelán. Na clase media-baixa, o cambio arrinca de finais dos 50 e a primeira metade dos 60, mentres na media e media-alta parece que os nados nas cidades falaron en castelán ó longo de todo o século XX.

No uso cos irmáns, as clases baixa e media-baixa nadas nas cidades introducirán o castelán maioritariamente a partir dos anos 60. Nas clases media e media-alta de orixe urbana, a presenza do galego foi sempre minoritaria nesta interacción.

No uso coa parella, a poboación de orixe urbana seguiu ritmos diferentes segundo o período considerado. Nas clases baixa e media-baixa, o uso do galego foi maioritario ata a xeración nacida entre 1952 e 1966. Na clase media-baixa,

acontece algo semellante e nas clases media e media-alta o uso do castelán predominou ó longo de todo o século.

Cos fillos o uso do castelán foi maioritario nas clases media e media-alta ó longo de todo o século. Na media-baixa o uso do galego era maioritario aínda na xeración de posguerra e na baixa nas xeracións que terían os fillos nas décadas dos 50, 60 e 70, aínda que xa cunha presenza considerable do castelán.

En xeral, os usos da poboación urbana na familia son tanto máis parecidos canto maiores son os estudos. Máis da metade da poboación con estudos medios ou universitarios fala(ba) en castelán en calquera situación dentro da súa familia. Por outra banda, non se observan diferenzas significativas entre homes e mulleres nos usos familiares, aínda que se detecta unha lixeira menor tendencia ós usos monolingües en galego entre as mulleres.

A retención da lingua inicial no uso cos avós é maior no caso do galego ca no do castelán. O mesmo sucede na interacción cos pais e os irmáns, pero invertease coa parella e os fillos. Parece que estas dúas interaccións levan a cambia-la conduta lingüística máis nos galego ca nos castelanfalantes.

O uso do galego do pai e o da nai cos fillos son moi semellantes, e non procede ningunha análise por separado. Así mesmo, os pais utilizan máis o castelán cos fillos ca na comunicación entre eles. Tamén é moi frecuente que os pais falen en galego cos avós mentres entre eles a lingua predominante é o castelán, e o fenómeno contrario é moi infrecuente. Xa que logo, ou a presenza dos avós é un estímulo galeguizador para os pais ou a parella frea unha maior presenza do galego.

A lingua das discusións parece máis próxima á das interaccións da vida adulta. A situación coa que máis proximidade presenta nos comportamentos lingüísticos é a da lingua coa parella. Se cadra é no marco da parella onde emocións como a rabia poden saír con máis naturalidade e fluidez por causa da confianza existente. En conxunto, parece que a pre-



senza da parella dá lugar a un maior uso do galego có existente nas discusións. Respecto á lingua habitual, nas discusións os bilingües acostuman reforza-la lingua na que están máis instalados, marcando deste xeito que o acto de fala ten unha énfase especial fronte ó discurso *normal*. Xa que logo, poderíamos falar de cambios de lingua asociados a situacións de irascibilidade. Algo moi semellante aparece ó contrasta-la lingua para reprende-los fillos co uso cos fillos.

Se, por outra banda, confrontámo-la lingua para reprende-los fillos coa lingua nas discusións, decatámonos de que ámbalas condutas coinciden en boa medida cando a lingua usada é o castelán, pero non cando esta é o galego, xa que nese caso aparecen usos basicamente bilingües. En resumo, a presenza dos fillos parece favorecer un maior uso do castelán mesmo superior ó doutras situacións comunicativas caracterizadas polo elemento «tensión».

A lingua cos familiares de máis idade é semellante á pauta observada na interacción cos avós, e a lingua cos familiares máis novos aseméllase á lingua cos irmáns.

### Usos escolares

No que respecta ós usos escolares, é necesaria unha primeira constatación: o uso do galego é menor canto máis formal é a interacción no ámbito escolar. Canto máis intervéñ na interacción o axente escolar, menor presenza ten o galego. Así mesmo, a lingua utilizada cos compañeiros no recreo está moi asociada co hábitat de nacemento, que, en moitos casos, sería aquel no que se desenvolveu a vida escolar.

Nos usos escolares urbanos existe unha importante polarización entre monolingües en galego e en castelán, mentres na lingua habitual os comportamentos bilingües son moito máis numerosos. Os monolingües iniciais en galego manteñen en boa medida a súa lingua na interacción cos compañeiros no recreo, pero cambian con moita frecuencia ó castelán (64,4%) ó falaren cos profesores. Pola súa banda, os mono-

lingües iniciais en castelán manteñen normalmente a súa lingua. A presenza do galego entre os castelanfalantes parece limitarse ás situacións nas que, como nas clases de lingua galega, se require demostra-lo coñecemento do noso idioma. Entrementres, a lingua escrita na escola está completamente dominada polo castelán.

A capacidade castelanizadora da escola é tanto maior canto máis está relacionado o intercambio comunicativo coa actividade central da escola. En contrapartida, os castelanfalantes manteñen en boa medida a súa lingua habitual no uso cos compañeiros, tanto na interacción formal da clase coma na máis espontánea do recreo.

No que se refire á perspectiva histórica, parece que os usos orais na escola comezaron a reducirse dun xeito considerable a partir dos anos 40, se cadra como consecuencia da política escolar do réxime franquista e desde logo como reflexo tamén da diminución xeral no uso oral do galego na Galicia urbana a partir desa época.

Por outra banda, canto máis tempo tivo a escola para influír sobre as prácticas lingüísticas da poboación, semella que máis as castelanizou. Isto reflíctese no feito de que os grupos de maior nivel educativo son os que presentan unha maior utilización do castelán.

A poboación de orixe rural falaba nun 51,4% en galego cos compañeiros no recreo, mentres entre os procedentes das vilas a porcentaxe redúcese á metade (27,4%) e na poboación nacida no urbano a menos da terceira parte (14,2%).

A poboación que aprendeu o galego na escola apenas o utiliza precisamente no ámbito escolar en que o aprendeu.

O grupo dos estudantes fala sempre en castelán no 67,3% cos compañeiros e o 22,8% faino de forma preferente, utilización superior á que é a súa lingua habitual. Isto parece indicar que a escola segue aínda hoxe contribuíndo á xa de seu importante castelanización da sociedade galega.

O uso preferente ou único do galego entre este sector da poboación estudante é mínimo. Pero, mesmo nas interaccións

de maior espontaneidade, volve ser inferior ó da lingua habitual. Polo tanto, na actualidade o sistema escolar do noso país non só non frea a desgaleguización senón que contribúe a promovela.

### Usos no traballo

O castelán é a lingua maioritaria no medio laboral urbano galego. Unha cuarta parte dos cidadáns exprésase sempre en castelán e case unha terceira parte utilízao de forma preferente. O galego está particularmente ausente nas profesións relacionadas co sector servizos, historicamente vinculado ás clases medias e mais ó uso preferente do castelán, aínda que algo máis dunha cuarta parte dos traballadores se expresa preferentemente no noso idioma e arredor dun 15 por cento o utiliza sempre.

O uso máis elevado do galego aparece na interacción cos compañeiros (46% de galegofalantes), mentres o emprego do noso idioma diminúe na interacción cos empregados (40,4%) e, aínda máis, para falar cos superiores (30,4%). Con todo, en calquera dos tres casos o uso do galego é minoritario respecto ó castelán.

Así mesmo, un de cada catro cidadáns coida que o seu medio laboral influíu de forma importante na súa conduta lingüística. Algo máis da metade destes (o 52,9%) pensa que esta influencia o levou a falar máis o castelán, mentres o 47,1% coida que o condicionou para falar máis en galego.

A actividade de tipo agrario é a máis claramente asociada co uso do galego. Mesmo residindo en termos municipais urbanos, os labradores están inseparablemente vinculados ó uso da lingua galega (o 86,6% deles fala sempre en galego mentres se relaciona con outras persoas para desenvolve-lo seu labor). O seguinte grupo en frecuencia de uso do galego é o dos mariñeiros, pero xa moi distanciados dos labradores. Os obreiros, que por status social poderían situarse na mesma clase, están moito máis castelanizados cós dous anteriores.

O grupo de profesionais autónomos, heteroxéneo na súa constitución, forma outro colectivo cun aceptable uso do galego no contexto laboral, igual ca, en certo sentido, o dos empresarios, aínda que entre estes o monolingüismo en galego é un fenómeno ben infrecuente.

No outro extremo, no sector terciario existe un moi reducido uso do galego, entre eles os técnicos titulados superiores e medios, os profesionais liberais, os membros das forzas armadas ou o persoal de servizos. Tamén é preocupante que só un 8,4% dos ensinantes urbanos desenvolva a súa actividade sempre en galego.

En relación coa lingua habitual, observamos unha importante correspondencia entre ela e os usos laborais, aínda que as diferenzas indican como no traballo a presenza do castelán é lixeiramente superior, mesmo se é para falar cos compañeiros. No uso cos superiores obsérvase unha maior converxencia cara ó castelán mentres o uso cos empregados se encontra nunha posición intermedia entre os dous anteriores.

Non existe unha percepción maioritaria da influencia da lingua do traballo sobre a habitual. Só dous de cada dez teñen este sentimento e non varía en función da lingua inicial. Aínda que, en relación coa habitual, son os bilingües os que se dan máis conta desa influencia. O condicionamento séntese lixeiramente máis a favor do castelán ca do galego e son novamente os bilingües os que máis perciben esta situación.

### **O cambio lingüístico**

Desde unha perspectiva xeral, algo máis da metade da poboación galega (un 56,5%) é consciente de que sufriu algún tipo de cambio lingüístico ó longo da súa vida. Se seguímo-las súas declaracións decatámonos de que o maior efecto deste fenómeno foi a redución dos comportamentos monolingües. Este cambio séntese con máis intensidade entre a poboación que aprendeu a falar en galego, que afirma ter cambiado de lingua no 70,7% dos casos, mentres nos monolingües en castelán é o 57,3% e nos bilingües só o 22%.

Estes datos contrastan cos do conxunto de Galicia, onde quen máis dicía experimenta-lo cambio eran os castelanfalantes iniciais. Este feito é de capital importancia, porque indica que no medio urbano o cambio interxeracional non se ve freado, senón incrementado, polo intraxeracional. Nin a inercia social nin os contrapoderes foron quen de atallar debidamente este proceso ata o de agora, e desde a Administración galega tampouco se apoiou como cumpría a súa reversión.

Na cidade os monolingües en castelán sempre falaron este idioma, mentres os monolingües en galego son en boa medida resultado dun proceso de regaleguización. Porén, a maior parte dos cambios na cidade afectaron ós individuos que xa eran bilingües.

En canto ás causas, os que se socializaron en castelán dan como principais razóns do seu cambio a adaptación ó medio (33,7%) e unha decisión propia (30,2%). Tanto os bilingües (39,4%) coma os monolingües iniciais en galego (48,1%) dan como principal factor do cambio a adaptación ó medio.

Visto desde a perspectiva da lingua habitual, a maior parte dos cambios dos actuais monolingües en galego débese a unha vontade expresa para realízalos (48%), non sabemos se por autoconciencia da realidade cultural ou por unha militancia lingüística expresa. Tamén cómpre destacar, neste sentido, o 23,4% das persoas deste grupo que afirman verse influídas polo ensino no seu cambio, porque indica que o sistema escolar é potencialmente válido para contribuír á recuperación lingüística se se dan as condicións e, sobre todo, a vontade política necesaria.

Os cambios producidos nos individuos bilingües ou monolingües habituais en castelán foron provocados pola necesidade de adaptarse ó medio, e observamos cifras que se aproximan en diferentes medidas á metade dos casos. Aínda que nos bilingües que falan máis castelán e os monolingües neste idioma a vontade propia foi a razón de un de cada catro casos.

Na poboación de orixe urbana, o cambio provocado pola adaptación ó medio é menor e, porén, aumenta o inducido por vontade propia. Entrementres, o medio é a razón dada a case a metade dos cambios da poboación vilega e rural.

No que se refire á idade, canto maior é esta máis incidiu o medio no cambio provocado polo hábitat. E, canto menor é a idade, máis aumenta a influencia do ensino e unha vontade propia para provocar este cambio.

Considerando nunha sucesión os diferentes períodos da vida, podemos apreciar como o reducido grupo de bilingües iniciais (6,6%) que manifesta ter cambiado de lingua non concorda coa cada vez maior porcentaxe de individuos que cambiou de lingua nos sectores bilingües dos demais períodos temporais. É dicir, o cambio lingüístico consciente sénteno sobre todo os monolingües en galego e en castelán, que ó longo da súa vida van introducindo a outra lingua que non é a materna.

Entre as persoas nadas en hábitat urbano, a poboación que cambia de lingua está constituída en boa medida por monolingües en castelán, que introducen o galego para adaptarse ó medio (31,1%) e por vontade propia (30,6%). Entre os 14 e os 18 anos, unha parte importante dos monolingües en castelán pasa a incorpora-lo galego no seu repertorio lingüístico, igual que sucede cos monolingües en galego que, nesa altura da vida, xa introduciron parcialmente o castelán na metade dos casos.

A introdución do castelán entre os galegofalantes iniciais prodúcese antes cá do galego entre os castelanfalantes. Os cambios dos inmigrantes galegofalantes, así mesmo, parecen producirse bastante cedo.

Non se debe obviar tampouco o poder (re)galeguizador que a cidade exerce nalgúns casos sobre os castelanfalantes, que cambian e introducen nalgunha medida o galego. Este potencial debe ser tido en conta sobre todo para considerar que é posible condiciona-la recuperación do galego tamén nas cidades, aínda que na actualidade sexa un fenómeno minoritario.

A maior parte dos cambios parecen producirse antes dos 30 anos, e especialmente entre os 14 e os 18, cando se estabilizan en boa medida as transformacións da conduta lingüística. A partir dese momento, as oscilacións son moi escasas.

### **Análise por cidades**

Entrando xa na análise comparada das sete cidades, debemos dicir que existen notables características comúns a estas, pero tamén notables diferenzas relacionadas coa súa historia particular, tanto demográfica como socioloxicamente.

As cidades con maior nivel de monolingües iniciais en galego son Santiago e Lugo, as únicas nas que este grupo supera a metade dos casos. Nun segundo nivel teríamos Pontevedra, Ourense e A Coruña, que oscilan entre o 35 por cento desta última e algo máis do 40 da primeira. As cidades con menor número de monolingües iniciais en galego son Ferrol e Vigo, onde estes se achegan a un cuarto do total.

Pola súa banda, as cidades con máis castelanfalantes iniciais son Ferrol (58%), Vigo (55,4%) e A Coruña (54,7%). Nun segundo nivel debemos situar Pontevedra (44,1%) e, finalmente, Ourense (36,6%), Lugo (34,2%) e Santiago (33,4%). O bilingüismo inicial destaca en Ourense, onde un de cada catro se socializou nos dous idiomas. Os demais niveis de bilingüismo inicial achéganse ó 15 por cento, do que destaca Vigo co 18% e A Coruña con só o 10,3%.

Desde a perspectiva diacrónica, na Coruña semella que o castelán foi o idioma no que se lle ensinou á maioría da poboación ó longo de todo o século. En Ferrol a lingua de socialización foi tamén maioritariamente o castelán polo menos a partir do primeiro cuarto do século. Mais neste século a maior diminución produciuse na xeración nacida a finais dos 50 e durante a década dos 60.

En Vigo, porén, semella que existiu en maior medida a tradición de aprenderlles ós fillos a falar en galego ata canda menos 1926 (48,4%), pero a partir dese momento o galego

comeza a ser xa lingua inicial minoritaria, proceso que seguiría acentuándose ata a actualidade.

A situación de Santiago é ben distinta, xa que o galego foi a lingua inicial maioritaria ata hai pouco tempo. O 80,9% da poboación nacida no primeiro cuarto do século XX aprendía a falar en galego, pero foi diminuindo progresivamente ata situarse nos nados entre 1947 e 1956 case no 50 por cento. A partir de aí, o castelán comezou a se-la lingua inicial maioritaria. Na xeración máis próxima, a metade da poboación aprendeu a falar en castelán e o resto, a partes iguais, aprendeu a falar en galego ou nas dúas linguas.

As cidades de Lugo e Ourense atópanse nun punto intermedio entre as situacións descritas anteriormente, xa que por unha banda parten duns niveis moi importantes de presenza do galego como lingua inicial a comezos de século, pero por outra na actualidade presentan máis castelanización ca Santiago e menos ca Vigo, Ferrol ou A Coruña.

En Lugo as maiores perdas do galego como lingua inicial prodúcense nas xeracións nadas entre finais dos 40 e finais dos 60, pero o galego comezará a ser lingua inicial minoritaria só para os rapaces nados a finais dos 60 e despois.

En Ourense a situación é parecida, aínda que a desgaleguización inicial comezou antes. Esta cidade caracterizouse por unha notable presenza de bilingües iniciais desde o comezo do proceso desgaleguizador. Tanto en Ourense como en Lugo semella que o galego perdeu parte da súa vitalidade como lingua inicial en conexión coa industrialización da segunda metade do século XX.

En Pontevedra a situación da lingua no primeiro cuarto do século XX parécese máis á de Lugo, Ourense e Santiago ca á das cidades máis castelanizadas. Pero, en contrapartida, presenta a diminución máis importante no uso do galego, que pasou do 74% a comezos do século XX ata apenas o 12% na actualidade. Pero Pontevedra é tamén unha cidade cunha importante dualidade, que separa o centro da periferia. No primeiro, o castelán foi durante todo o século XX o idioma



inicial amplamente maioritario. Entrementres, o cambio na periferia foi espectacular: antes de 1926 o 94,3% da poboación aprendía a falar en galego, e entre 1967 e 1976 unicamente era o 22,9%. Os cambios máis importantes aconteceron nos anos 50 e 60, coincidindo cos procesos de urbanización da cidade.

A comprensión do galego é moi alta en calquera dos núcleos urbanos do noso país. En ningún deles o dominio nulo do galego acada o 1 por cento, nin o dominio escaso o 10 por cento. A maior parte desas declaracións de ausencia de dominio corresponden a cuestións actitudinais.

A capacidade para falar é moi elevada en calquera das sete cidades galegas. Santiago, Ourense e Lugo destacan por presentaren porcentaxes entre o 80 e o 85 por cento, A Coruña e Pontevedra aproxímase ó 75 por cento e Ferrol e Vigo achéganse ó 70.

No que respecta á lectura, a cidade cunha maior competencia lectora é A Coruña (68,4%), a pesar de que é unha das que menor competencia oral presenta. Pero moi preto da súa capacidade para ler atópase Santiago (64,7%), e algo por riba do 50 por cento estarían Lugo, Vigo e Pontevedra. Nun último chanzo estarían Ferrol (48,5%) e Ourense (42,4%).

Na habilidade para escribir en galego, a poboación que domina esta destreza é sempre inferior ó 40 por cento. Santiago (36,5%), A Coruña (35,5%), Vigo (31,1%) e Lugo (31%) superan o 30 por cento, e Pontevedra (29,9%), Ferrol (25,5%) e Ourense (24,5%) sitúanse por baixo desta porcentaxe.

No que se refire á lingua habitual, hai que destacar novamente a cidade de Santiago. Nela aparece o maior nivel de monolingües no noso idioma (29,5%), seguida de Pontevedra (22,3%) e, a máis distancia, Ourense (15,4%) e Lugo (14,1%). No outro extremo están Vigo (con só o 4,4%) e Ferrol (co 6,3%). A Coruña encóntrase nunha situación intermedia, co 10,5%.

Desde outra perspectiva, A Coruña (28,2%) e Pontevedra (28,1%) teñen os niveis máis elevados de monolingües en

castelán, só unhas décimas por riba de Ferrol (27,7%), cidade –como vimos– cun reducido número de monolingües en galego. Vigo queda nun segundo nivel e, finalmente, con cifras moi semellantes, arredor do 10 por cento, Santiago, Ourense e Lugo.




Tendo en conta os diferentes aspectos da lingua habitual, pode dicirse que as cidades con menor presenza do galego son, por esta orde, Ferrol, Vigo e A Coruña. Nun segundo nivel, cunha certa vitalidade do galego, deberíamos situar Pontevedra, Lugo e Ourense e, finalmente, a cidade máis galeguizada é Santiago.

\* \* \*




En conxunto, esta investigación permite confirma-lo proceso de substitución do galego polo castelán nas sete cidades do país. Existen pautas xerais de comportamento lingüístico compartidas, mais tamén ritmos e situacións sociolingüísticas diversas. As páxinas anteriores permitiron observa-los detalles desas diferenzas.

Non obstante, a situación, variada e complexa, non debe ser analizada unicamente en termos de diminución importante no uso, senón que cómpre considera-los importantes niveis de coñecemento da lingua, nomeadamente no nivel oral. Non só o noso idioma é plenamente comprendido polo conxunto da poboación urbana senón que existen aceptables niveis de dominio oral como para acometer con garantías plans de dinamización do seu uso.

O galego segue presente, en diferentes medidas, en todas as cidades do país. É evidente que estamos nun momento crucial, no que a recuperación do galego urbano é aínda posible, sempre que as actuacións ofrezan a necesaria coherencia, compromiso, firme decisión e implicación de tódolos ámbitos e axentes do conxunto da nosa sociedade.



**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**



- ALEXANDER, J.C. (1982). *Theoretical Logic in Sociology. Vol. 1, Positivism, Presuppositions, and Current Controversies*. University of California Press, Berkeley.
- (1987). «Action and Its Environments». En Alexander, J. et al. (eds.) *The Micro-Macro Link*. University of California Press, Berkeley, 289-318.
- ALONSO MONTERO, X. (1973). *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*. Akal, Madrid.
- ANDERSON, M. (1981). *Family Structure in Nineteenth Century Lancashire*. Cambridge University Press, Cambridge.
- ARACIL, L. V. (1975). «La revolució sociolingüística catalana». *Presència*, 13 de decembro.
- (1979). «Educació i sociolingüística». *Treballs de Sociolingüística Catalana* 2, 33-86.
- (1977). *Bilingualism as a Myth*. Cahiers de L'Irsce IV, Centre Universitaire de Perpignan.
- (1983). *Dir la realitat*. Edicions Països Catalans, Barcelona.
- ARZA, N. / A. Campos / D. Veiga / X. Rubal, (1990). «A situación do proceso de normalización lingüística no ensino», en *A educación en Galicia. Informe cero*. USC-Servicio de Publicacións, Santiago, 95-142.
- AXELROD, M. (1956). «Urban Structure and Social Participation», *American Sociological Review*, vol. 21, febreiro.
- AYESTARÁN ARANAZ, M. / J. DE LA CUEVA ALONSO (1974). *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974*. INCIFA, Sevilla.
- BAGNASCO, A. (1996). «Por qué chega a ser importante a análise social territorial», en P. Petsimeris, ed., 43-54.

- BARBER, C. (1952). *Trilingualism in Pascua: Social Functions of Language in an Arizona Yaqui village*. Tese de mestrado. University of Arizona.
- BARKER, G.C. (1947). «The social functions of language». *Etc.*, 2, 228-234.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1981). *Historia de Galicia. IV idade contemporánea*. Galaxia, Vigo.
- BASSETT, K. & J. SHORT (1980). *Housing and Residential Structures: Alternative Approaches*. Routledge, Londres.
- BASTARDAS I BOADA, A. (1996). *Ecologia de les llengües. Medi, contactes i dinàmica sociolingüística*. Proa, Barcelona.
- BEIRAS, X. M. / A. LÓPEZ, (1999). *A poboación galega no século XX*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela.
- BEIRAS, X. M. (1972). *O atraso económico de Galicia*. Galaxia, Vigo. [2ª ed. *O atraso económico da Galiza*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1994.]
- (1984). *Por unha Galicia liberada. Ensaíos en economía e política*. Edicións Xerais, Vigo.
- BERGER, J. / D. EYRE / M. ZELDITCH (1989). «Theoretical Structures and the Micro/Macro Problem». En Berger, J., Zelditch, M. e Anderson, B., eds. *Sociological Theories in Progress: New Formulations*. Sage, Newbury Park, Calif., 19-42.
- BERRUTO, G. (1995). *Fondamenti di sociolinguistica*. Laterza, Bari-Roma.
- BERRY, B. J. L. (1975). *Consecuencias humanas de la urbanización*. Pirámide, Madrid.
- BERRY, B. J. L. & P.H. REES (1969). «The factorial ecology of Calcutta». *American Journal of Sociology*, 74, 455-491.
- BETTINI, V. (1998). *Elementos de ecología urbana*. Trotta, Madrid. [ed. orixinal: *Elementi di ecologia urbana*. Giulio Einaudi editore, Torino, 1996].
- BLALOCK, H.M. (1960). *Social Statistics*. McGraw-Hill, Nova York.
- BLUMENFELD, H. (1967). «La metrópoli moderna», en Scientific American, *La ciudad*. Alianza Editorial, Madrid.
- BOIX I FUSTER, E. / F.X. VILA I MORENO (1998). *Sociolingüística de la lengua catalana*. Ariel, Barcelona.

- BOLTON, K. (1992). «Sociolinguistics today: Asia and the west», en Bolton, K. & Kwok, H. *Sociolinguistics Today*. Routledge, Londres-Nova York.
- BOSERUP, E. (1984). *Población y cambio tecnológico*. Crítica, Madrid.
- BOSQUE MAUREL, J. (1986). «El espacio urbano. Evolución y cambios en Geografía Urbana», en *Teoría y práctica de la Geografía*. Alhambra, Madrid.
- BREITBORDE, L.B. (1983a). «Levels of analysis in sociolinguistic explanation: bilingual code switching, social relations and domain theory», en Fishman, ed. (1983), 5-43.
- (1983b). «Rebuttal Essay», en Fishman, ed. (1983), 161-177.
- BREMBECK, C.S. (1975). *La comunidad y la escuela*. Paidós, Bos Aires.
- BULMER, M. (1984). *The Chicago School of Sociology: Institutionalization, Diversity, and the Rise of Sociological Research*. Chicago University Press, Chicago.
- (1985). «The Chicago School of Sociology: What Made It a «School»?». *History of Sociology: An International Review* 5, 62-77.
- BURGESS, E.W. (1925). «Urban areas», en T.V. Smith & L.D. White (eds.): *An Experiment in Social Science Research*. University of Chicago Press, Chicago.
- CALVET, L-J. (1987). *La guerre des langues et les politiques linguistiques*. Payot, París. [Vers. galega: *A guerra das linguas e as políticas lingüísticas*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela 1995].
- (1998). *A (Socio)lingüística*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela. [Ed. orixinal: *La sociolinguistique*. PUF, París, 2ª ed. 1996].
- CAMERON, D. / J. COATES (1998). «Some Problems in the Sociolinguistic Explanation of Sex Differences», en Coates, J. & Cameron, D., eds. *Women in their Speech Communities*. Longman, Londres-Nova York.
- CANALE, M. / M. SWAIN (1980). «Theoretical Bases of Communicative Approaches to Second Language Teaching and Testing». *Applied Linguistics* 1,1, 1-47.



- CAPEL SÁEZ, H. (1981). *Capitalismo y morfología urbana en España*. Los libros de la frontera, Barcelona.
- (1984). *Geografía Humana y Ciencia Social. Una perspectiva histórica*. Montesinos, Barcelona.
- CARBALLO, F. (1991). «Idade Moderna», en *Historia de Galicia*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 125-177.
- CARIDE GÓMEZ, J.A. (1983). «Política educativa, escolarización rural y práctica social en Galicia (1939-1970)», en VVAA. *Escolarización y sociedad en la España contemporánea (1808-1970)* (II Coloquio de Historia de la Educación), Sociedad Española de Pedagogía-Universidad de Valencia, Valencia, 599-616.
- CARIDE, J. A. / J. F. ROUCO (1990). «A Educación nos contextos sociais: a súa caracterización nos medios rural e urbano», en *A educación en Galicia. Informe cero*. ICE da USC, Santiago de Compostela, 19-50.
- CARMAN, J. N. (1962). *Foreign-Language Units of Kansas: Historical Atlas and Statistics*. University of Kansas Press, Lawrence.
- CASTELLÀ, J. M. (1992). *De la frase al text. Teories de l'us lingüístic*. Empúries, Barcelona.
- CASTELLS, M. (1969). «Vers une théorie sociologique de la planification urbaine», en *Sociologie du Travail*, 4, 413-443.
- (1972) *La question urbaine*. Ed. Maspero (col. «Textes à l'appui»), París.
- (1973). *Luttes urbaines et pouvoir politique*. Ed. Maspero (col. «Cahiers Libres»), París.
- (1983). *The City and the Grass Roots: A Cross-cultural Theory of Urban Social Movements*. Edward Arnold, Londres.
- (1986). *La ciudad y las masas. Sociología de los movimientos sociales urbanos*. Alianza Universidad, Madrid.
- CHOMBART DE LAUWE, P.-H. (1952). *L'espace social dans une grand cité*. PUF, París.
- (1965). *Des hommes et des villes*. Payot, París.
- CHOMSKY, N. (1981 [1980]). *Regras e Representações. A inteligência humana e o seu produto*. Zahar Editores, Rio de Janeiro. [ed. orixinal: *Rules and Representations*. Columbia University Press, Nova York].

- CICOUREL, A. (1981). «Notes on the Integration of Micro-and Macro-Levels of Analysis». En Knorr-Cetina, K. / Cicourel, A., eds. *Advances in Social Theory and Methodology*. Methuen, Nova York, 51-79.
- COING, H. (1966). *Rénovation urbaine et changement social*. Les éditions ouvrières, París.
- COLEMAN, J. (1987). «Microfoundations and Macrosocial Behavior». En J. Alexander et. al., eds. *The Micro-Macro Link*. University of California Press, Berkeley, 153-173.
- (1990). *Foundations of Social Theory*. Belknap Press of Harvard University Press, Cambridge.
- COLLINS, R. (1981a). «On the Microfoundations of Macrosociology». *American Journal of Sociology* 86, 984-1014.
- (1987). «A Micro-Macro Theory of Intellectual Creativity: The Case of German Idealistic Philosophy». *Sociological Theory* 5, 47-69.
- (1988). «The Micro Contribution to Macro Sociology». *Sociological Theory* 6, 242-253.
- COOPER, R. L. (1983). «Comment», en Fishman, ed. (1983), 57-61.
- COSTA RICO, A. (1989). *Escolas e mestres. A educación en Galicia da Restauración á Segunda República*. Xunta de Galicia, Santiago.
- COSTNER, H. L. (1965). «Criteria for measures of association». *American Sociological Review* 30, 341-353.
- DAVIS, J. A. (1989). «Prólogo». En J. Sánchez Carrión, *Análisis de tablas de contingencia*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- DEMATTEIS, G. (1996). «Novas formas de organización territorial», en P. Petsimeris, ed., 37-41.
- DICKINSON, R. E. (1961). *Ciudad, Región y Regionalismo*. Omega, Barcelona.
- DIJK, T. A. van (1972). *Some Aspects of Text Grammars. A Study in Theoretical Linguistics and Poetics*. Mouton, The Hague-París.
- DITTMAR, N. (1976 [1973]). *Sociolinguistics. A critical survey of theory and application*. Edward Arnold, Londres. [ed. orixinal: *Soziolinguistik: Exemplarische und kritische Darstellung ihrer*

- Theorie. Empirie und Anwendung*. Athenäum Verlag GmbH, Frankfurt].
- DOHRENWEND, B.P. / R. J. SMITH (1962). «Toward a theory of acculturation». *Southwest Journal of Anthropology*, 18, 30-39.
- DORIAN, N. C. (1981). *Language Death*. University of Pennsylvania Press, Philadelphia.
- DOROSZEWSKI, W. (1933). «Quelques remarques sur les rapports de la sociologie et la linguistique: Durkheim et F. de Saussure». *Journal de Psychologie normale et pathologique* 30, 82-91. (Reprod. en *Essais sur le langage* presentados por Jean-Claude Pariente, 99-109. Les Editions de Minuit, París 1969).
- DUBOIS, J. et al. (1993 [1973]). *Dicionário de Lingüística*. Cultrix, São Paulo. [ed. orixinal: *Dictionnaire de Linguistique*. Librairie Larousse, Paris 1973].
- DUPÂQUIER, J. (1988). «Los orígenes de la demografía histórica: su situación en Francia», en V. Pérez Moreda / D-S. Reher, eds. *Demografía histórica en España*. Ediciones El Arquero, Madrid.
- DURKHEIM, E. (1960). *Les formes élémentaires de la vie religieuse*. PUF, París.
- EUROMOSAIC (1996). *Euromosaic. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Xunta de Galicia-Centro de investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela.
- FARARO, T. J. (1989) / J. SKVORETZ, (1986). «E-State Structuralism: A Theoretical Method». *American Sociological Review* 51, 591-602.
- FARIÑA JAMARDO, X. (1990). *Os concellos galegos. Parte xeral*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FASOLD, R. (1984). *The Sociolinguistics of Society*. Basil Blackwell, Oxford-Cambridge, MA.
- FERNÁNDEZ, M. (1983a). *Conocimiento, uso y actitudes lingüísticos de los alumnos de EGB del municipio de Santiago*. Tese de doutoramento. USC, Santiago.
- (1983b). «Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgaleguización en los últimos cincuenta años», *Verba* 10, 79-129.

- (1991). «Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego», *Grial* XXIX/110, 239-262.
- (1993). «Diglossia. A comprehensive bibliography, 1960-1990, and supplements». John Benjamins, Amsterdam.
- (1995). «La lengua materna en los espacios urbanos gallegos». *Plurilinguismes*, 6 («Sociolinguistique Galicienne»), 27-53.
- (1997). «Los orígenes de la sociolingüística», en M. Casas Gómez (dir.) e Espinosa García, J. (ed.). *II Jornadas de Lingüística, 1996*. Universidad, Cádiz, 105-132.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1990). *O río do tempo. Unha historia vivida*. Edicións do Castro, Sada.
- FERNÁNDEZ RAMALLO, F. (1996). «La lengua inicial en Galicia: distribución y relaciones», en *Panorama de la Investigación Lingüística a l'Estat Espanyol. Actes del I Congrés de Lingüística General*. Universitat de València, València, 100-109.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1994). «Contribución das organizacións políticas á normalización da lingua galega (1963-1989)», en Lorenzo, R., ed. *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 6, 51-74.
- FERRÁS SEXTO, C. (1993). *Fene. Proceso de urbanización e desenvolvemento*. USC, Santiago.
- FERRATER MORA, J. (1991). *Diccionario de Filosofía*. Círculo de Lectores, Barcelona.
- FIELDING, A. J. (1996). «A contraurbanización na Europa occidental», en P. Petsimeris, ed. 81-96.
- FIGUEROA, E. (1994). *Sociolinguistic Metatheory*. Pergamon, Oxford.
- FILLMORE, C. (1979). «On fluency». En C. Fillmore / D. I. Kempler / W. Wang (eds.). *Individual differences in Language Learning and Language Behaviour*. Academic Press, Nova York.
- FISHMAN, J. A. / L. GREENFIELD (1970). «Situational Measures of Normative Language Views in Relation to Person, Place and Topic among Puerto Rico Bilinguals», *Anthropos*, 1970. [Recolido tamén en Fishman, J. A. (ed.) *Advances in the Sociology of Language II*. Mouton, The Hague, 1972].

- FISHMAN, J. A. (1965). «Who Speaks what Language to Whom and When?». *La linguistique* 2, 67-68.
- (1972a). «Domains and the Relationship between Micro-and Macro-sociolinguistics», en J.J. Gumperz / D. Hymes (eds.). *The Ethnography of Communication. Directions in Sociolinguistics*. Holt, Nova York., 435-453.
- (1972b [1982]). *The Sociology of Language*. Newbury House, Rowley. [Ed. orixinal: *The Sociology of Language*. Newbury House, Nova York].
- (1991). *Reversing Language Shift. Theoretical and Empirical Foundations of Assistance to Threatened Languages*. Multilingual Matters, Clevedon.
- (1997 [1964]). *O mantemento e o cambio de lingua como campo de investigación*. Documento de traballo nº 7 do Centro de Estudos sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural. Universitat de València. València 1997. [vers. orixinal «Language Maintenance and Language Shift as a Field of Inquiry», *Linguistics* 9, 1964, 32-70].
- FISHMAN, J.A. et al. (1966). *Language Loyalty in the United States*. Mouton, The Hague.
- FISHMAN, J.A., ed. (1983). *Levels of Analysis in Sociolinguistic Explanation*. Número monográfico do *International Journal of the Sociology of Language*, 29. Mouton Publishers, Berlin-New York-Amsterdam.
- FORRESTER, J. W. (1969). *Urban Dynamics*. MIT Press, MA, Cambridge.
- FOX, A. (1974). *Beyond Contract: Work, Power and Trust Relations*. Faber and Faber, Londres.
- FREUND, J. (1968). *Sociologie de Weber*. PUF (col. SUP), París.
- FREY, J. W. (1945). «Amish 'triple talk'». *American Speech*, 20, 85-98.
- FRIEDMANN, J. (1970). «Towards a National Urbanization Policy: Problems Decisions and Consequences», en UN: *Conference on Urbanization*. United Nations, Copenhagen.
- GABRIEL, N. de (1990). *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y Sociedad en Galicia (1975-1900)*. Edicións do Castro, Sada.

- (1988). «Escolarizaçom e prática lingüística na Galiza rural do século XIX». *Agália* 13, 35-55.
- GAL, S. (1979). *Language Shift: Social Determinants of Linguistic Change in Bilingual Austria*. Academic Press, Nova York.
- (1983). «Comment», en Fishman, ed. (1983), 63-72.
- GANS, H. (1962). *The Urban Villagers*. Free Press of Glencoe, Illinois.
- (1968). «Urbanism and Suburbanism as Ways of Life», en *Readings in Urban Sociology*, R.E. Pahl (ed.), Pergamon Press, Nova York.
- GARCÍA FERRANDO, M. (1982). *Socioestadística. Introducción a la estadística en sociología*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- GARCÍA MARCOS, F. (1999). *Fundamentos críticos de sociolingüística*. Universidad de Almería-Servicio de Publicaciones, Almería.
- GARCÍA NEGRO, P. (1993). *Sempre en Galego*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela.
- GARCÍA TURNES, B. (1999). *A lingua galega entre 1875 e 1916: situación social e consciencia idiomática*. Memoria de licenciatura (inédita). USC, Santiago.
- GEARY, D. (1982). *European Labour Protest, 1848-1939*. Croom Helm, Londres.
- GEDDES, P. (1960). *Ciudades en Evolución*. Infinito, Bos Aires.
- GERTH, H. H. / C. W. Mills (1958). *From Max Weber: Essays in Sociology*. A Galaxy Book-Oxford University Press, Nova York.
- GIDDENS, A. (1979). *Central Problems in Social Theory: Action, Structure and Contradiction in Social Analysis*. University of California Press, Berkeley.
- (1984). *The Constitution of Society: Outline of Theory of Stratification*. University of California Press, Berkeley.
- GIDDENS, A. (1995). *Sociología*. Alianza Universidad, Madrid. [Versión orixinal: *Sociology*. Polity Press, Cambridge, UK, 1993, 2ª ed.].
- GINI, C. (1963). *Esquemas teóricos y problemas concretos de la población*. Aguilar, Madrid.

- GONZÁLEZ PÉREZ, V., coord. (1991). *Los procesos de urbanización: siglos XIX*. (Actas do II Congreso da Asociación de Demografía Histórica). Diputación Provincial de Alicante, Alicante.
- GORZ, A. (1982). *Farewell to the Working Class*. Pluto, Londres.
- GOTTMANN, J. (1961). *Megalopolis*. The Twentieth Century Fund. Nova York.
- GOULD, P. (1969). «Espatial Diffusion». *Resource Paper* nº 4. Association of American Geographers, Washington D.C.
- GRIMSHAW, A. D. (1987) «Micro-macro levels», en Ammon, U., Dittmar, N. / Mattheier, K. J., eds. *Sociolinguistics*, vol. 1. Mouton de Gruyter, Berlín, 66-77.
- GUMPERZ (1972). «The Communicative Competence of Bilinguals». *Lingua* 1, 143-154.
- HABERMAS, J. (1994a). *Historia y crítica de la opinión pública. La transformación estructural de la vida pública*. Ediciones G. Gili, Barcelona.
- (1994b). *Ciencia y técnica como «ideología»*. Tecnos, Madrid (2ª ed.).
- HALL, P. (1984). *The World Cities* (3ª edición). Weidenfeld and Nicolson, Londres.
- HALLIDAY, M.A.K. (1976). *System and Function in Language*. Selected papers edited by Gunther Kress. Oxford University Press, Londres.
- HAMNETT, Ch. (1996). «O papel do mercado de traballo e das vivendas na transformación do espacio urbano», en P. Petsimeris, ed., 65-80.
- HARVEY, D. (1973). *Social Justice and the City*. Basil Blackwell, Oxford.
- (1982). *The limits to Capital*. Basil Blackwell, Oxford.
- (1985). *Consciousness and the Urban Experience: Studies in the History and Theory of Capitalism Urbanization*. Basil Blackwell, Oxford.
- (1996). «Acumulación flexible, prácticas espaciais e clases sociais», en P. Petsimeris, ed, 55-64.
- HAUGEN, E. (1953). *The Norwegian Language in America*, 2 vols. University of Pennsylvania Press, Philadelphia.

- (1956). *Bilingualism in the Americas: A Bibliography and Research Guide* (publicación nº 26 da American Dialect Society). University of Alabama Press, Alabama.
- (1987). *Blessings of Babel. Bilingualism and Language Planning*. Mouton de Gruyter, Berlín.
- HAUSER, P. M. / L. F. Schmore (1965). *The Study of Urbanization*. John Wiley and Son, Nova York.
- HAWLEY, A.H. (1950). *Human Ecology: A Theory of Community Structure*. Ronald Press Company, Nova York.
- (1968). «Human Ecology», *International Encyclopaedia of Social Science*, vol. 4. Glencoe, Free Press.
- HEATH, D. (1983). «Comment», en Fishman, ed. (1983), 89-95.
- HERMIDA, C. (1992). *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Xerais, Vigo.
- HINDESS, B. (1986). «Actors and Social Relations». En Wardell, M.L. / Turner, S., eds. *Sociological Theory in Transition*. Allen and Unwin, Boston, 113-126.
- HOHENBERG, P. M (1990). «The City. Agent or Production of Urbanization», en A.van der Woude / Jan de Vries / A. Hayani, *Urbanization in History. A Process of Dynamic Interaction*. Clarendon Press, Oxford.
- HUDSON, R. A. (1980). *La sociolingüística*. Anagrama, Barcelona. [Ed. orixinal: *Sociolinguistics*, CUP, Cambridge 1980].
- HUMPHRIES, J. (1983). *Part-time Work*. Kogan Page, Londres.
- HYMES, D. H. (1962). «The ethnography of speaking», en T. Gladwin e W.C. Sturtevant (eds.) *Anthropology and Human Behavior*. Anthropology Society of Washington, Washington D.C., 13-53.
- (1974). «Anthropology and Sociology: An overview», en Sebeok, T A., ed. *Linguistics and Adjacent Arts and Sciences*. Current Trends in Linguistics 12. Mouton, The Hague-París.
- JONES, F. E. / W. E. LAMBERT (1959). «Attitudes toward immigrants in a Canadian community», *Public Opinion Quarterly*, 23, 538-546.
- KAYSER, B. (1974). «L'eterogeneità delle aree non metropolitane», en R. Mainardi (ed.), en *Città e Regione in Europa*. Angeli, Milán.



- KELLER, S. (1968). *The Urban Neighborhood*. Random House, Nova York.
- KLOSS, H., (1966). «German-American language maintenance efforts», en J.A. Fishman et al. (1966), cap. 15.
- KNORR-CETINA, K. (1981). «Introduction: The Micro-Sociological Challenge to Macro-Sociology: Towards a Reconstruction of Social Theory and Methodology». En Knorr-Cetina, K. / Cicourel, A. (eds.). *Advances in Social Theory and Methodology*. Methuen, Nova York, 1-47.
- KOERNER, K. (1973). *Ferdinand de Saussure: Origin and development of his linguistic thought in western studies of language*. F. Vieweg, Braunschweig. [Trad. cast.: Madrid, Gredos 1982].
- (1989). *Practicing Linguistic Historiography*. John Benjamins, Amsterdam-Philadelphia.
- KRUSKAL, W.H. (1978). «The Field of Statistics». En Kruskal, W.H. / Tanur, J.M., eds. *International Encyclopedia of Statistics*, Free Press, Nova York, 1071-1091.
- LAKOFF, R. (1975). *Language and Woman's Place*. Harper/Row, Nova York.
- LEDROUT, R. (1968). *L'espace social de la ville. Problèmes de sociologie appliquée à l'aménagement urbain*. Ed. Anthropos, París.
- LEIK, R. D. / R. G. Walker (1971). «Integrated approach to measuring association», en Costner, H.L., ed. *Sociological Methodology 1971*. Josey-Bass, San Francisco, 297-301.
- LIEBERSON, S. (1980). «Procedures for Improving Sociolinguistic Surveys of Language Maintenance and Language Shift». *International Journal of the Sociology of Language* 25, 11-27.
- LISKA, A.E. (1990). «The Significance of Aggregate Dependent Variables and Contextual Independent Variables for Linking Macro and Micro Theories». *Social Psychology Quarterly* 53, 292-301.
- LOGAN, J. R. / H. L. MOLOTCH (1987). *Urban Fortunes: The Political Economy of Place*. University of California Press, Berkeley.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1991). *Aproximación a una Geografía de la Juventud: estudio socioespacial de los centros de enseñanzas medias y universitarias en Galicia entre 1960 y la actualidad*. Tese de doutoramento, USC.

- (1993). «Problemas para a delimitación dos espazos urbanos e rurais». En *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*. AGH, Santiago.
- (1996). «As novas formas de urbanización», en M. Vázquez Varela et al. *Actas A guerra en Galicia/O rural e o urbano na historia de Galicia*. AGH, Santiago, 451-487.
- LÓPEZ CARREIRA, A. (1999). *A cidade medieval galega*. Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- LÓPEZ MORALES, H. (1989). *Sociolingüística*. Gredos, Madrid.
- LÓPEZ TABOADA, J. A. (1979). *Economía e poboación en Galicia*. Edicións do Ruedo, A Coruña.
- LÓPEZ, A. (1996). *A poboación galega entre 1960 e 1991*. Consorcio da Zona Franca de Vigo, Vigo.
- LORENZO SUÁREZ, A. M. et al. (1997). *Estudio Sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, PAS e estudantes. Xuño 1996*. Universidade de Vigo-Servizo de Publicacións, Vigo.
- LYNCH, K. (1976). *La imagen de la ciudad*. Infinito, Bos Aires.
- MACKEY, W. F. (1962). «The description of bilingualism», *Canadian Journal of Linguistics* 7, 51-85.
- MALTZ, D. N. / R. A. BORKER (1982). «A Cultural Approach to Male-Female Miscommunication», en Gumperz, J., ed. *Language and Social Identity*. Cambridge University Press, Cambridge.
- MARIÑO PAZ, R. (1998). *Historia da lingua galega*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- MATTSON, K. (1978). «Una introducción a la Geografía radical», *Geocrítica*, 13. Barcelona.
- MAURE, X. (1975). «Datos sobre das actitudes do profesorado de EXB». Relatorio presentado nas *Segundas Xornadas de Bilingüismo*, organizadas polo ICE da USC, xullo 1975. Texto mecanografiado.
- MERRINGTON, J. (1982). «Del feudalismo al capitalismo», en R. Hilton (ed.), *La transición del feudalismo al capitalismo*. Crítica, Madrid.
- MERTON, R. K. (1965). *Eléments de théorie et de méthode sociologique*. Plon, París.
- MILROY, L. (1983). «Comment», en Fishman, ed. (1983), 103-110.

- MOLLÀ, T. / C. PALANCA (1987). *Curs de sociolingüística*. Bromera, Alzira.
- MONTEAGUDO, H. (1999). *Historia social da lingua galega*. Galaxia, Vigo.
- (2000). «Quinze ans de la Loi de Normalisation Linguistique en Galice (1983-1998). Notes pour un bilan». *Lengas* 47, 131-158.
- MONTOYA I ABAD, B. (1996). *Alacant: la llengua interrompuda*. Denes 10, Paiporta, Valencia.
- MORENO FERNÁNDEZ, F. (1990). *Metodología sociolingüística*. Gredos, Madrid.
- MUMFORD, L. (1966). *La ciudad en la historia*. Infinito, Bos Aires [ed. orixinal: *The City in History*. Harcourt, Brace and Company, Nova York 1961].
- MUNTANER, E. (1988). «La minorització lingüística», en Bastardas, A. / Soler, J. (eds.) *Sociolingüística i llengua catalana*. Empúries, Barcelona, 15-45.
- MURRAY, S. O (1994). *Theory Groups and the Study of Language in North America*. John Benjamins, Amsterdam-Philadelphia.
- (1998). *American Sociolinguistics. Theorists and Theory Groups*. John Benjamins, Amsterdam-Philadelphia.
- NINYOLES, R. LI. (1972). *Idioma y poder social*. Tecnos, Madrid.
- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> C. (1980). *Descrición e medida do bilingüismo en dous grupos de escolares da zona de Vigo*. Tese de doutoramento. USC, Santiago.
- OBELLEIRO, L. (1991). «Idade contemporánea», en Carballo, F. *Historia de Galicia*. Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- PARK, R. E. (1936). «Human Ecology», *American Journal of Sociology* XLII, xullo 1936, 1-15. Reimpreso en Park (1952), 145-158.
- (1952). *Human Communities*. The Free Press of Glencoe, Illinois.
- PARKIN, D. (1983). «Comment», en Fishman, ed. (1983), 111-117.
- PETSIMERIS, P., ed. (1996) *As redes urbanas (Unha nova xeografía das cidades)*. USC-Servizo de Publicacións, Santiago de Compostela. [ed. orixinal: *Le reti urbane fra decentramento e centralità. Nuovi aspetti di geografia delle città*. Angeli, Milán 1989]

- PIHLBLAD, C. T. (1932). «The Kansas Swedes». *Southwestern Social Science Quarterly*, 13, 34-47.
- PIÑEIRA MANTIÑÁN, M<sup>a</sup> J. (1995). *Aproximación a la estructura urbana de la ciudad de A Coruña: los barrios residenciales*. Memoria de Licenciatura (inérita). USC, Santiago.
- PORTELA SILVA, E. / M<sup>a</sup> C. PALLARES MÉNDEZ (1993). *Historia Medieval. Tomo II. Galicia Historia*, Hércules, A Coruña.
- PRECEDO LEDO, A. (1987). *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Xunta de Galicia-COTOP, Santiago.
- dir. (1991). *Orense, centro de equilibrio*. A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- PREISLER, B. (1986). *Linguistic Sex Roles in Conversation*. Mouton de Gruyter, Berlín.
- PRESSAT, R. (1985). *Introducción a la demografía*. Ariel, Barcelona.
- PROST, A. / G. VINCENT (1991). *La vida privada en el siglo XX*. Taurus, Madrid. [Vers. orixinal: *Histoire de la vie privée*. Editions du Seuil, París, 1987].
- PUEYO, M. (1996). *Tres escoles per als catalans. Minorització lingüística i implantació escolar a Itàlia, França i Espanya*. Pagès editoris, Lleida.
- RACIONERO, L. (1978). *Sistemas de ciudades y ordenación del territorio*. Alianza, Madrid.
- RAMALLO, F. F. / G. REI-DOVAL (1995). *Publicidade e lingua galega. Os consumidores ante o uso do galego na comunicación publicitaria e as relacións comerciais*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- (1997). *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- REI-DOVAL, G. (1996). «Lingua oral vs. lingua escrita na competencia en galego. Unha perspectiva demolingüística sincrónica», en *Panorama de la Investigación Lingüística a l'Estat Espanyol. Actes del I Congrés de Lingüística General*. Universitat de València-Servei de Publicacions, Valencia.
- (1999). *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega (1967-1997)*. Tese de licenciatura. USC, Santiago de Compostela.

- (2000a). «Matériaux pour une histoire de la sociolinguistique galicienne: antécédents et études macrosociolinguistiques empiriques (1967-1997)». *Lengas* 47, 159-191.
- (2000b). «O status da sociolingüística», no capítulo «Sociolingüística» do *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Xerais, Vigo, 346-352.
- REIXACH, M. (1990). *Difusió social del coneixement de la llengua catalana. Anàlisi de les dades lingüístiques del padró d'habitants de 1986 de Catalunya, Illes Balears i País Valencià*. Departament de Cultura-Generalitat de Catalunya, Barcelona.
- REMY, J. / L. VOYÉ (1976). *La ciudad y la urbanización*. Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid.
- REX, J. / R. MOORE (1967). *Race, Community and Conflict*. Oxford University Press, Oxford.
- RIESMAN, D. (1964). *La foule solitaire*. Arthaud, París.
- RITZER, G. (1979). «Toward an Integrated Sociological Paradigm». En W. Snizek et al., eds. *Contemporary Issues in Theory and Research*. Greenwood, Westport, Conn, 25-46.
- (1985). «The Rise of Micro-Sociological Theory». *Sociological Theory* 3, 88-98.
- (1995 [1992]). *Teoría Sociológica Contemporánea*. McGraw Hill, Madrid. [Ed. orixinal: *Contemporary Sociological Theory*, 2ª ed. McGraw Hill, Nova York].
- ROCHER, G. (1981). *Sociologia geral*. Editorial Presença, Lisboa.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1997). *La urbanización del espacio rural en Galicia*. Oikos-tau-Concello de Lalín, Barcelona.
- RODRÍGUEZ LESTEGÁS, F. (1989). *Valor y usos del suelo urbano en Lugo*. USC-Servicio de Publicacións, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. (1985). *Aproximación sociológica al uso del gallego y del castellano en Lugo y su provincia, según información de los escolares del ciclo superior de E.G.B. en los cursos 79-81*. Tese de doutoramento, inédita. USC, Santiago de Compostela.
- coord. (1998). *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (Resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*.

- USC-Servizo de publicacións e intercambio científico, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. / M. S. LÓPEZ MARTÍNEZ. (1988) *O galego na universidade*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ, F. (1976). *Conflito lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Xistral, Monforte de Lemos. 2ª ed. Santiago de Compostela, 1980. 4ª ed. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1998.
- (1976b). «La lengua», en X. R. Barreiro Fernández et al. *Los gallegos*. Istmo, Madrid.
- ROGERS, S. C. (1975). «Female forms of power and the myth of male dominance: a model of females male interaction in peasant society», *American Ethnologist*, II,4 (novembro), 727-756.
- ROJO, G. (1979). *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia*. ICE da USC, Santiago de Compostela.
- RUBAL RODRÍGUEZ, X. / M. A. Rodríguez Neira (1987). *O galego no ensino público non universitario*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- (1985). *Coordenadas e perfís sociolingüísticos do alumnado de bacharelato en Galicia*. Tese de doutoramento (inédita). USC, Santiago de Compostela.
- RUBAL RODRÍGUEZ, X. / D. VEIGA MARTÍNEZ / N. ARZA ARZA (1991). *Estudio-inventario de carácter censal sobre a situación e perspectivas do galego no ensino público non universitario (preescolar e E.X.B.)*. Xunta de Galicia, Santiago.
- (1992a). *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (preescolar e E.X.B.)*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- (1992b). *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- RUBIN, J. (1968). *National Bilingualism in Paraguay*. Mouton, The Hague.
- SALAMAN, G. (1986). *Working*. Tavistock, Londres.

- SÁNCHEZ CARRIÓN, J. J. (1995). *Manual de análisis de datos*. Alianza Universidad, Madrid.
- SANTAMARINA, A. (1998). *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. Real Academia Galega, A Coruña.
- SCHMIDT-ROHR, G. (1933). *Mutter Sprache*, Eugen Diederichs Verlag, Jena.
- SEGALEN, M. (1980). *Mari et Femme dans la société paysanne*. Flammarion, París.
- SEMSOC [Seminario de Sociolingüística da RAG] (1993). *Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá*. RAG, A Coruña.
- (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. RAG, A Coruña.
- (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. RAG, A Coruña.
- (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. RAG, A Coruña.
- SIGUÁN, M., redac. (1994). *Conocimiento y uso de las lenguas en España (Investigación sobre el conocimiento y uso de las lenguas cooficiales en las Comunidades Autónomas bilingües)*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- SKUTNABB-KANGAS, T. / R. PHILIPSON (1989). «Mother Tongue: the Theoretical and Sociopolitical Construction of a Concept», en *Status and Function of Languages and Language Varieties*. Walter de Gruyter, Berlín-Nova York, 450-477.
- SMITH, C. (1989). «Flexible specialisation, automation and mass production», *Work, Employment and Society*, 3.
- SMITH, J. / W. H. FORM / G. P. STONE (1954). «Local Intimacy in a Middle-Sized City». *American Journal of Sociology* (novembro).
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M. (1988). *Xeografía Humana*. Galaxia, Vigo.
- STEIN, M. (1960). *The Eclipse of Community: An Interpretation of American Studies*. Princeton, Nova Jersey.
- STONE, L. (1977). *The Family, Sex and Marriage in England, 1500-1800*. Weindenfeld and Nicolson, Londres.
- STRAUSS, A. (1976). *Images of the American City*. Transaction, New Brunswick, NJ.
- STRUBELL, M. (1991). «La supervivencia de las Cumunitats Lingüístiques Petites». *L'Alguer*, 11, nº 2, pp. 199-206.




- TERÁN, F. de (1982). *Planeamiento urbano en la España contemporánea (1900-1980)*. Madrid.
- TORRES LUNA, M<sup>a</sup> P. et al. (1991). *Galicia, rexión de contrastes xeográficos*. USC-Servicio de Publicacións, Santiago de Compostela.
- TROITIÑO VINUESA, M. A. (1992). *Casos antiguos y centros históricos: problemas, políticas y dinámicas urbanas*. MOPU, Madrid.
- TRUDGILL, P. (1972). «Sex, Covert Prestige and Linguistic Change in the Urban British English of Norwich». *Language in Society* 1, 179-196.
- (1983). *Sociolinguistics: An Introduction to Language and Society*. Penguin Books, Londres (2<sup>a</sup> ed.).
- (1992). «Dialect contact, dialectology and sociolinguistics», en Bolton, K. / Kwok, H. *Sociolinguistics Today. International Perspectives*. Routledge, Londres-Nova York.
- ed. (1978). *Sociolinguistic Patterns in British English*. Edward Arnold, Londres.
- TULASIEWICZ, W. / A. ADAMS (1998). *Teaching the Mother Tongue in a Multilingual Europe*. Cassell, Londres.
- VAAMONDE LISTE, A. et alli (1998). *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*. Universidade de Vigo / Concello de Vigo, Vigo.
- VAN DEN BERG et al. (1982). *Urban Europe: A Study of Growth and Decline*. Pergamon, Oxford.
- VILLARES, R. (1984). *A Historia*. Galaxia, Vigo.
- VINUESA ANGULO, J. / VIDAL DOMÍNGUEZ, M<sup>a</sup> J. (1991). *Los procesos de urbanización*. Síntesis, Madrid.
- VINUESA, J. (1975). «Sobre el concepto de área metropolitana». *Estudios Geográficos*, Madrid, 140-141.
- VRIES, Jan de (1987). *La urbanización de Europa 1500-1800*. Ed. Crítica, Barcelona.
- (1990). «On Coming to our Census: a Layman's Guide to Demolinguistics». *Fourth International Conference on Minority Languages* (vol. 1: General Papers). Multilingual Matters, Clevedon-Philadelphia, 57-76.



- (1990). «Problems in the Measurement, Description and Analysis of Historical Urbanization», en Woude, A. van der, Vries, Jan de / Hayani, A. *Urbanization in History. A Process of Dynamic Interaction*. Clarendon Press, Oxford.
- WARDHAUGH, R. (1992). *Introducción á sociolingüística*. USC-Servizo de publicacións e intercambio científico, Santiago de Compostela. [Ed. orixinal: *An Introduction to Sociolinguistics*. Basil Blackwell, Oxford / Cambridge, MA., 2ª ed. 1992].
- WEBER, M. (1958). *The City*. Free Press Paperback, Nova York.
- WEINRICH, U. (1953). *Languages in Contact. Findings and problems*. Publications of the Linguistic Circle of New York, nº 1, New York.
- WILEY (1988). «The Micro-Macro Problem in Social Theory». *Sociological Theory* 4, 20-40.
- WILLEMS, E. (1943). «Linguistic changes in German-Brazilian communities». *Acta americana* 1, 448-463.
- WILLIAMS, G. (1978). «Industrialisation and Ethnic Change». *American Ethnologist*, vol. 5, nº 3, 618-632.
- (1987). «Bilingualism, Class Dialect and Social Reproduction». *International Journal of the Sociology of Language* 66, 85-98.
- (1992). *Sociolinguistics. A Sociological Critique*. Routledge, Londres.
- WOLF, L. (1969). «The metropolitan tidal wave in Ohio, 1900-2000». *Economic Geography*, 45.
- WRIGHT, Ch. R. / H. H. HYMAN (1958). «Voluntary Association Membership of American Adults: Evidence from National Sample Surveys». *American Sociological Review*. vol 23, xuño.
- ZÁRATE MARTÍN, A. (1991). *El espacio interior de la ciudad*. Síntesis, Madrid.

## **APÉNDICE**

### **TÁBOAS XERAIS**



Táboa 1. Capacidade para entende-lo galego

		ENTENDE O GALEGO			
		nada	pouco	bastante	moito
LINGUA INICIAL	galego		1,3%	41,3%	57,4%
	castelán	0,4%	9,1%	43,1%	47,4%
	as dúas		2,3%	46,3%	51,4%
	outras		13,5%	45,2%	41,3%
LINGUA HABITUAL	só castelán	1,0%	16,4%	43,1%	39,5%
	máis castelán		3,8%	43,4%	52,8%
	máis galego		1,3%	44,7%	54,0%
	só galego			37,1%	62,9%
IDADE	16 a 25 anos	0,0%	4,5%	42,3%	53,2%
	26 a 40 anos	0,4%	5,0%	43,5%	51,1%
	41 a 65 anos	0,2%	5,8%	41,7%	52,2%
	máis de 65 anos		5,8%	46,4%	47,9%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	0,1%	5,3%	44,4%	50,2%
	vilas		4,5%	37,2%	58,3%
	cural		2,7%	41,7%	55,6%
	fora Galicia	1,5%	12,4%	43,0%	43,1%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	0,3%	5,5%	41,5%	52,7%
	periurbano	0,0%	4,5%	49,2%	46,3%
	familia		2,3%	43,2%	54,5%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	escola		5,6%	45,2%	49,2%
	amigos		7,1%	43,2%	49,7%
	veciños		16,6%	48,8%	34,6%
	traballo		3,2%	46,0%	50,8%
	outros		10,4%	26,3%	63,3%
	ningún		2,4%	52,1%	45,4%
ESTUDOS	primarios	0,3%	6,4%	46,9%	46,3%
	secundarios	0,1%	5,1%	43,3%	51,5%
	universitarios	0,1%	3,7%	32,0%	64,2%
CLASE SOCIAL	baixa		6,5%	46,3%	47,2%
	media-baixa	0,0%	6,5%	49,7%	43,7%
	media	0,4%	4,3%	39,1%	56,1%
	media-alta	0,1%	5,2%	32,2%	62,5%
	empresarios	0,2%	7,6%	36,7%	55,5%
PROFESION	tit sup/media		3,7%	36,5%	59,9%
	prof. liberais		7,2%	27,3%	65,5%
	docentes	0,1%	4,0%	25,6%	70,3%
	FFAA	0,5%	3,7%	36,4%	59,4%
	admin. subalt.	0,3%	5,3%	44,0%	50,4%
	servizos	0,2%	8,7%	46,0%	45,1%
	autónomos		5,2%	46,6%	48,2%
	labradores		0,3%	51,7%	48,0%
	marineiros		4,4%	40,7%	54,9%
	obreiros	0,2%	4,7%	48,5%	46,7%
	estudantes	0,1%	2,4%	40,4%	57,2%
	amas casa	0,5%	7,5%	45,4%	46,6%
	non activos		11,8%	37,5%	50,7%
	home	0,1%	3,8%	41,8%	54,3%
	muller	0,3%	6,5%	44,0%	49,2%

Táboa 2. Capacidade para falar en galego

		FALA O GALEGO			
		nada	pouco	bastante	moito
LINGUA INICIAL	galego		3,0%	45,1%	51,9%
	castelán	8,4%	34,6%	35,2%	21,8%
	as dúas		14,6%	48,0%	37,4%
	outras	8,0%	38,6%	31,1%	22,3%
LINGUA HABITUAL	só castelán	19,0%	47,9%	21,7%	11,4%
	máis castelán	0,0%	26,2%	44,6%	29,2%
	máis galego		2,0%	50,5%	47,5%
	só galego		0,4%	37,7%	62,0%
IDADE	16 a 25 anos	2,4%	27,2%	38,7%	31,7%
	26 a 40 anos	4,9%	23,9%	39,1%	32,0%
	41 a 65 anos	4,6%	16,6%	41,0%	37,8%
	máis de 65 anos	3,5%	12,7%	46,0%	37,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	2,5%	23,7%	42,2%	31,7%
	vilas	1,4%	15,5%	42,1%	40,9%
	rural	0,8%	8,3%	44,0%	46,9%
	fora Galicia	23,5%	37,5%	22,6%	16,4%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	4,7%	22,0%	39,1%	34,2%
	periurbano	1,4%	13,2%	47,4%	38,0%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia		12,1%	45,7%	42,2%
	escola		38,2%	36,8%	24,9%
	amigos		37,5%	35,1%	27,4%
	veciños		51,7%	32,2%	16,1%
	traballo		40,9%	38,5%	20,6%
	outros		49,2%	30,8%	20,1%
ESTUDIOS	ningún	1,4%	4,4%	49,5%	44,6%
	primarios	3,6%	17,2%	43,8%	35,4%
	secundarios	4,1%	26,0%	39,4%	30,3%
	uiversitarios	5,3%	24,6%	33,3%	36,8%
CLASE SOCIAL	baixa	2,5%	16,0%	48,7%	32,8%
	media-baixa	2,4%	18,0%	46,4%	33,2%
	media	5,0%	21,2%	37,3%	36,5%
	media-alta	7,9%	29,7%	28,0%	34,4%
PROFESIÓN	empresarios	4,0%	17,3%	37,1%	41,6%
	tit sup/media	4,6%	30,1%	36,9%	28,5%
	prof. liberais	9,6%	24,2%	25,5%	40,7%
	docentes	4,5%	21,7%	29,2%	44,6%
	FFAA	8,6%	14,3%	36,4%	40,8%
	admin. subalt.	4,3%	21,0%	42,8%	31,9%
	servizos	5,0%	27,5%	37,9%	29,6%
	autónomos	4,0%	17,4%	41,6%	36,9%
	labradores	0,7%	1,9%	52,7%	44,7%
	marineiros	0,6%	5,2%	40,6%	53,6%
	obreiros	2,8%	14,2%	46,6%	36,4%
	estudantes	1,8%	27,9%	37,5%	32,8%
	amas casa	5,9%	19,8%	41,1%	33,3%
	non activos	10,7%	30,5%	36,7%	22,1%
SEXO	home	2,9%	16,4%	42,0%	38,8%
	muller	5,1%	23,6%	39,6%	31,7%

Táboa 3. Capacidade para ler en galego

		LE EN GALEGO			
		nada	pouco	bastante	moito
LINGUA INICIAL	galego	8,2%	41,0%	33,1%	17,7%
	castelán	11,3%	29,4%	36,7%	22,6%
	as dúas	6,2%	35,0%	34,2%	24,5%
	outras	13,4%	45,8%	21,5%	19,4%
LINGUA HABITUAL	só castelán	16,7%	34,2%	31,7%	17,4%
	máis castelán	6,8%	29,8%	37,9%	25,4%
	máis galego	7,0%	38,2%	36,0%	18,8%
	só galego	10,7%	38,7%	28,7%	21,9%
IDADE	16 a 25 anos	3,5%	20,6%	41,8%	34,1%
	26 a 40 anos	7,2%	31,3%	37,6%	23,8%
	41 a 65 anos	11,5%	40,6%	31,8%	16,2%
	máis de 65 anos	18,4%	45,8%	26,9%	8,9%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	8,5%	32,6%	35,7%	23,2%
	vilas	7,3%	34,1%	34,1%	24,6%
	rural	8,3%	40,0%	34,6%	17,1%
	fora Galicia	19,1%	29,7%	32,5%	18,6%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	9,1%	32,8%	35,4%	22,7%
	periurbano	10,9%	41,3%	33,1%	14,7%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	8,0%	36,6%	34,8%	20,6%
	escola	2,3%	22,1%	44,9%	30,7%
	amigos	8,8%	29,9%	37,9%	23,4%
	veciños	17,1%	45,6%	27,2%	10,1%
	traballo	9,8%	25,0%	41,1%	24,1%
	outros	7,9%	29,3%	34,1%	28,7%
ESTUDIOS	ningún	26,1%	58,8%	13,5%	1,7%
	primarios	12,3%	43,9%	33,0%	10,8%
	secundarios	5,3%	26,6%	40,4%	27,7%
	universitarios	5,1%	18,5%	36,4%	40,0%
CLASE SOCIAL	baixa	11,1%	43,9%	32,7%	12,3%
	media-baixa	11,7%	40,3%	34,3%	13,7%
	media	7,8%	31,0%	35,6%	25,6%
	media-alta	8,8%	20,2%	35,6%	35,5%
PROFESIÓN	empresarios	9,2%	41,5%	32,6%	16,7%
	tit sup/media	5,2%	26,1%	34,4%	34,2%
	prof. liberais	5,0%	22,0%	43,1%	30,0%
	docentes	3,8%	14,6%	33,0%	48,6%
	FFAA	15,2%	28,2%	34,3%	22,3%
	admn. subalt.	7,1%	31,7%	38,6%	22,5%
	servizos	13,8%	32,6%	33,8%	19,7%
	autónomos	11,5%	46,4%	31,1%	11,0%
	labradores	16,9%	55,9%	23,0%	4,1%
	maríneiros	3,9%	34,4%	44,4%	17,3%
	obreiros	9,5%	39,8%	35,4%	15,6%
	estudantes	2,3%	18,5%	42,0%	37,3%
	amas casa	16,1%	44,0%	30,6%	9,3%
	non activos	9,8%	35,3%	29,7%	25,2%
SEXO	home	7,1%	30,6%	37,5%	24,8%
	muller	11,5%	37,6%	32,8%	18,1%

Táboa 4. Capacidade para escribir en galego

		ESCRIBE O GALEGO			
		nada	pouco	bastante	moito
LINGUA INICIAL	galego	33,3%	43,3%	14,9%	8,5%
	castelán	34,6%	31,2%	21,8%	12,5%
	as dúas	24,9%	37,1%	23,0%	15,0%
	outras	45,6%	25,6%	16,5%	12,3%
LINGUA HABITUAL	só castelán	47,4%	27,2%	16,5%	8,9%
	máis castelán	25,1%	35,1%	25,0%	14,8%
	máis galego	31,4%	42,0%	17,6%	9,0%
	só galego	31,8%	41,7%	13,4%	13,1%
IDADE	16 a 25 anos	7,9%	25,7%	39,1%	27,2%
	26 a 40 anos	27,5%	39,4%	21,5%	11,6%
	41 a 65 anos	42,4%	40,5%	11,6%	5,5%
	máis de 65 anos	57,2%	34,1%	6,0%	2,7%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	27,8%	35,9%	22,9%	13,4%
	vilas	33,3%	35,7%	19,6%	11,4%
	rural	34,3%	42,9%	15,0%	7,7%
	fóra Galicia	54,1%	21,2%	13,5%	11,2%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	32,3%	35,9%	19,7%	12,1%
	periurbano	34,4%	37,6%	19,1%	8,9%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	30,3%	39,9%	19,1%	10,8%
	escola	7,0%	30,1%	38,3%	24,7%
	amigos	41,2%	32,8%	17,0%	9,1%
	veciños	59,5%	29,8%	8,4%	2,4%
	traballo	38,6%	32,1%	12,7%	16,6%
	outros	32,3%	37,9%	18,3%	11,6%
ESTUDIOS	ningún	61,4%	36,6%	2,1%	
	primarios	43,2%	41,2%	12,6%	3,0%
	secundarios	19,8%	33,2%	30,0%	17,0%
	universitarios	19,0%	28,4%	26,5%	26,1%
	baixa	33,9%	44,2%	16,3%	5,6%
CLASE SOCIAL	media-baixa	37,1%	38,7%	17,5%	6,6%
	media	30,3%	34,5%	20,7%	14,5%
	media-alta	26,4%	29,7%	24,3%	19,6%
	empresarios	41,0%	40,5%	12,3%	6,2%
PROFESIÓN	tít sup/media	25,2%	39,3%	19,3%	16,3%
	prof. liberais	36,4%	26,9%	23,6%	13,1%
	docentes	15,5%	22,3%	29,6%	32,6%
	FFAA	40,4%	38,9%	13,7%	7,0%
	admin. subalt.	30,7%	38,2%	21,0%	10,1%
	servizos	37,0%	35,7%	19,8%	7,4%
	autónomos	40,9%	38,2%	16,1%	4,7%
	labradores	47,8%	45,1%	5,1%	2,0%
	maríneiros	31,7%	44,7%	19,9%	3,7%
	obreiros	35,4%	43,6%	15,2%	5,8%
	estudantes	5,8%	23,0%	40,1%	31,1%
	amas casa	49,9%	38,2%	9,7%	2,2%
	non activos	22,9%	38,9%	22,0%	16,2%
SEXO	home	27,2%	37,9%	21,7%	13,2%
	muller	37,3%	34,9%	17,8%	10,0%

Táboa 5. Lingua inicial

		LINGUA INICIAL			
		galego	castelán	as dúas	outras
LINGUA HABITUAL	só castelán	0,9%	97,0%	1,0%	1,1%
	máis castelán	13,0%	63,4%	23,2%	0,4%
	máis galego	63,1%	14,2%	22,2%	0,5%
	só galego	92,2%	4,1%	3,3%	0,3%
IDADE	16 a 25 anos	12,2%	68,9%	18,2%	0,7%
	26 a 40 anos	27,3%	55,6%	16,2%	0,8%
	41 a 65 anos	45,2%	39,0%	15,4%	0,4%
	máis de 65 anos	59,8%	27,9%	12,0%	0,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	22,9%	59,6%	17,5%	0,1%
	vilas	44,7%	38,0%	17,3%	
	rural	70,2%	14,5%	15,2%	0,1%
	fora Galicia	3,1%	85,3%	6,5%	5,1%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	31,8%	52,6%	15,2%	0,5%
	periurbano	50,4%	30,5%	18,2%	0,9%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	52,5%	25,5%	21,8%	0,2%
	escola	0,1%	94,5%	4,4%	1,0%
	amigos	0,4%	94,6%	4,0%	1,0%
	veciños		93,1%	4,5%	2,3%
	traballo		95,8%	1,5%	2,8%
	outros	1,3%	94,9%	3,7%	0,2%
ESTUDIOS	ningún	84,0%	8,1%	7,7%	0,2%
	primarios	49,7%	34,5%	15,4%	0,5%
	secundarios	15,9%	65,9%	17,9%	0,4%
	universitarios	13,5%	68,7%	16,6%	1,2%
CLASE SOCIAL	baixa	50,4%	29,5%	19,2%	0,9%
	media-baixa	45,4%	38,1%	16,0%	0,5%
	media	29,3%	54,3%	15,8%	0,6%
	media-alta	11,8%	76,9%	10,9%	0,3%
PROFESIÓN	empresarios	45,4%	34,5%	19,3%	0,9%
	tit sup/media	9,8%	76,0%	14,0%	0,2%
	prof. liberais	5,4%	77,3%	14,7%	2,5%
	docentes	21,9%	62,0%	14,7%	1,4%
	FFAA	40,4%	41,4%	18,2%	
	admin. subalt.	28,2%	56,6%	14,6%	0,6%
	servizos	28,7%	56,0%	14,9%	0,3%
	autónomos	53,5%	29,6%	16,7%	0,2%
	labradores	92,5%	2,9%	4,6%	
	maríneiros	64,5%	21,4%	14,2%	
	obreiros	44,4%	37,4%	17,8%	0,4%
	estudantes	8,6%	72,0%	18,7%	0,7%
	amas casa	48,0%	37,7%	13,6%	0,6%
	non activos	11,6%	73,3%	13,8%	1,3%
SEXO	home	34,2%	48,0%	17,3%	0,5%
	muller	36,1%	48,8%	14,4%	0,7%



Táboa 6. Ámbito de adquisición do galego

		ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN					
		familia	escola	amigos	veciños	traballo	outros
LINGUA INICIAL	galego	99,7%	0,0%	0,1%			0,2%
	castelán	38,6%	22,3%	14,5%	9,0%	5,4%	10,2%
	as dúas	92,7%	2,9%	1,7%	1,2%	0,2%	1,1%
	outras	31,9%	20,1%	13,1%	19,7%	13,6%	1,6%
LINGUA HABITUAL	só castelán	26,0%	29,8%	14,0%	12,8%	4,2%	13,2%
	mais castelán	62,8%	13,8%	9,1%	4,7%	3,9%	5,7%
	mais galego	92,4%	0,9%	3,1%	1,3%	1,2%	1,0%
	só galego	97,2%	0,7%	1,0%	0,2%	0,1%	0,9%
IDADE	16 a 25 anos	51,4%	43,1%	2,8%	0,8%	0,8%	1,1%
	26 a 40 anos	66,1%	5,6%	11,1%	4,9%	3,6%	8,6%
	41 a 65 anos	78,4%	0,5%	7,3%	5,7%	3,1%	5,0%
	máis de 65 anos	83,6%	0,1%	4,7%	6,2%	2,1%	3,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	62,4%	16,4%	8,2%	4,8%	2,7%	5,6%
	vilas	77,1%	3,7%	6,5%	5,8%	1,2%	5,6%
	rural	93,3%	1,0%	2,2%	1,8%	0,6%	1,1%
	fóra Galicia	35,4%	14,5%	16,4%	10,5%	10,4%	12,9%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	66,3%	12,0%	8,0%	4,8%	3,0%	5,9%
	periurbano	85,2%	6,6%	2,9%	3,4%	0,8%	1,1%
ESTUDOS	ningún	96,4%		0,9%	2,0%	0,4%	0,4%
	primarios	80,8%	3,5%	5,4%	5,2%	1,6%	3,5%
	secundarios	57,7%	23,6%	7,9%	3,9%	2,4%	4,4%
	universitarios	53,2%	16,6%	11,0%	3,8%	5,5%	9,9%
CLASE SOCIAL	baixa	83,6%	5,2%	4,4%	3,1%	1,2%	2,5%
	media-baixa	77,9%	7,5%	4,7%	4,4%	1,9%	3,6%
	media	65,6%	13,2%	8,4%	4,7%	2,8%	5,3%
	media-alta	45,2%	18,6%	12,3%	4,5%	6,9%	12,5%
PROFESIÓN	empresarios	77,6%	1,3%	8,2%	4,8%	3,5%	4,7%
	tit sup/media	51,2%	2,5%	16,8%	5,9%	8,5%	15,1%
	prof. liberais	43,5%	4,8%	16,4%	7,1%	11,7%	16,5%
	docentes	57,3%	6,7%	12,4%	2,7%	7,8%	13,1%
	FFAA	74,3%	4,2%	9,2%	4,4%	3,4%	4,5%
	admin. subalt.	65,1%	4,1%	11,8%	6,0%	4,8%	8,1%
	servizos	66,8%	11,8%	7,7%	4,7%	3,2%	5,8%
	autónomos	83,2%	2,0%	5,2%	4,0%	2,4%	3,2%
	labradores	98,7%			1,0%		0,3%
	maríneiros	76,2%	2,3%	12,5%	3,1%	3,2%	0,8%
	obreiros	78,1%	5,0%	6,3%	3,7%	3,1%	3,7%
	estudantes	47,3%	47,7%	2,7%	1,1%		1,2%
	anas casa	82,6%	1,9%	4,8%	7,2%		3,4%
	non activos	52,3%	28,5%	8,8%	5,3%		5,2%
SEXO	home	67,6%	10,8%	9,0%	3,5%	3,9%	5,2%
	muller	71,9%	11,1%	5,4%	5,3%	1,5%	4,8%

Táboa 7. Lingua habitual

		LINGUA HABITUAL			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	,6%	13,2%	55,3%	30,9%
	castelán	43,1%	46,8%	9,1%	1,0%
	as dúas	1,3%	52,7%	43,5%	2,5%
	outras	41,6%	23,3%	28,5%	6,5%
IDADE	16 a 25 anos	32,1%	51,0%	12,9%	4,1%
	26 a 40 anos	23,6%	39,6%	27,9%	8,9%
	41 a 65 anos	16,6%	29,7%	40,2%	13,6%
	máis de 65 anos	14,8%	21,1%	39,2%	24,9%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	24,3%	43,0%	23,5%	9,2%
	vilas	14,9%	36,0%	37,6%	11,5%
	rural	4,5%	22,1%	52,3%	21,1%
	fora Galicia	56,0%	32,5%	9,5%	2,0%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	24,1%	38,2%	28,6%	9,1%
	periurbano	10,2%	25,1%	40,9%	23,8%
ESTUDIOS	ningún	2,5%	9,7%	42,0%	45,9%
	primarios	15,1%	27,1%	41,9%	15,9%
	secundarios	29,1%	47,5%	19,4%	4,0%
	universitarios	31,5%	48,2%	15,8%	4,5%
CLASE SOCIAL	baixa	13,6%	24,2%	43,4%	18,8%
	media-baixa	14,3%	30,4%	39,6%	15,8%
	media	25,2%	40,1%	25,5%	9,1%
	media-alta	40,2%	42,3%	13,1%	4,3%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	6,7%	33,5%	42,7%	17,1%
	escola	49,3%	47,2%	2,6%	0,8%
	amigos	35,9%	48,0%	14,4%	1,7%
	veciños	51,5%	38,9%	9,1%	0,4%
	traballo	29,4%	55,0%	15,3%	0,3%
	outros	48,2%	42,8%	6,7%	2,2%
PROFESIÓN	empresarios	14,0%	30,2%	42,8%	13,0%
	tit sup/media	34,0%	50,1%	13,2%	2,7%
	prof. liberais	29,3%	57,2%	11,7%	1,8%
	docentes	25,6%	42,2%	24,7%	7,5%
	FFAA	18,4%	33,7%	42,9%	4,9%
	admin. subalt.	23,1%	40,7%	29,3%	6,9%
	servizos	24,3%	42,7%	29,2%	3,8%
	autónomos	12,6%	26,5%	43,4%	17,4%
	labradores	1,6%	1,3%	33,1%	64,0%
	maríneiros	2,8%	18,3%	48,8%	30,1%
	obreiros	11,7%	30,9%	43,2%	14,2%
	estudantes	35,1%	52,6%	8,8%	3,5%
	amas casa	20,7%	26,6%	36,4%	16,3%
SEXO	home	17,6%	36,7%	34,1%	11,6%
	muller	24,8%	34,9%	28,3%	12,0%

Táboa 8. Lingua de lectura habitual

		LINGUA DE LECTURA HABITUAL			
		sempre en castelán	máis castelán	máis galego	sempre galego
LINGUA INICIAL	galego	42,5%	51,9%	4,9%	0,6%
	castelán	51,7%	45,5%	2,7%	0,1%
	as dúas	36,1%	59,6%	4,2%	0,1%
	outras	55,3%	38,0%	6,7%	
LINGUA HABITUAL	só castelán	69,3%	30,1%	0,5%	0,0%
	máis castelán	42,7%	54,6%	2,7%	0,0%
	máis galego	36,0%	58,3%	5,4%	0,3%
	só galego	39,4%	50,0%	9,2%	1,5%
IDADE	16 a 25 anos	34,6%	60,0%	5,3%	0,1%
	26 a 40 anos	44,1%	51,6%	3,3%	0,4%
	41 a 65 anos	51,3%	44,9%	3,3%	0,3%
	máis de 65 anos	54,9%	43,5%	1,3%	0,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	45,4%	50,9%	3,5%	0,3%
	vilas	47,7%	48,2%	3,7%	0,4%
	rural	43,4%	51,5%	4,7%	0,4%
	fóra Galicia	55,6%	41,7%	2,7%	
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	46,1%	49,9%	3,8%	0,2%
	periurbano	46,3%	49,7%	3,5%	0,5%
	ningún	55,7%	41,5%	2,6%	0,3%
ESTUDIOS	primarios	52,0%	45,0%	2,6%	0,3%
	secundarios	41,5%	53,9%	4,3%	0,2%
	universitarios	36,1%	57,8%	5,9%	0,2%
CLASE SOCIAL	baixa	49,7%	46,9%	2,8%	0,6%
	media-baixa	49,3%	47,9%	2,4%	0,4%
	media	44,2%	51,1%	4,6%	0,2%
	media-alta	41,4%	53,4%	5,1%	0,1%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	42,3%	53,1%	4,3%	0,4%
	escola	39,9%	56,2%	3,8%	0,1%
	amigos	52,0%	45,4%	2,4%	0,1%
	veciños	67,0%	31,9%	1,2%	
	traballo	51,1%	45,4%	3,1%	0,4%
	outros	54,0%	42,0%	3,8%	0,3%
PROFESIÓN	empresarios	50,0%	47,3%	2,6%	
	tit sup/media	40,8%	55,7%	3,3%	0,2%
	prof. liberais	40,0%	54,7%	5,3%	
	docentes	27,6%	58,8%	13,5%	0,1%
	FFAA	53,1%	45,9%	1,0%	
	admin. subalt.	47,1%	48,3%	4,2%	0,4%
	servizos	55,1%	40,9%	3,7%	0,3%
	autónomos	51,3%	45,5%	2,9%	0,3%
	labradores	46,8%	49,4%	3,0%	0,8%
	mariñeiros	46,4%	53,6%		
	obreiros	47,7%	48,8%	3,0%	0,6%
	estudantes	29,8%	64,9%	5,2%	0,1%
	amas casa	56,9%	41,3%	1,7%	0,1%
	non activos	48,9%	47,0%	3,3%	0,8%
SEXO	home	41,9%	53,4%	4,3%	0,4%
	muller	49,7%	46,9%	3,2%	0,2%

Táboa 9. Lingua de escritura (notas breves)

		LINGUA NOTAS			
		sempre en castelán	máis castelán	máis galego	sempre en galego
LINGUA INICIAL	galego	64,2%	13,7%	10,1%	12,1%
	castelán	88,1%	7,9%	2,1%	1,9%
	as dúas	72,9%	15,6%	6,2%	5,2%
	outras	81,6%	12,3%	1,7%	4,5%
LINGUA HABITUAL	só castelán	98,6%	1,3%		0,0%
	máis castelán	85,3%	12,6%	1,4%	0,7%
	máis galego	62,7%	17,0%	12,8%	7,5%
	só galego	50,6%	9,0%	9,6%	30,8%
IDADE	16 a 25 anos	75,0%	12,8%	5,6%	6,6%
	26 a 40 anos	73,2%	12,9%	6,8%	7,2%
	41 a 65 anos	80,3%	10,0%	4,9%	4,8%
	máis de 65 anos	83,6%	7,7%	3,9%	4,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	78,8%	11,2%	5,0%	5,0%
	vilas	75,0%	11,3%	7,1%	6,6%
	rural	71,1%	12,7%	7,3%	8,9%
	fora Galicia	88,9%	6,4%	2,3%	2,5%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	78,9%	11,0%	4,9%	5,2%
	periurbano	71,4%	11,9%	8,1%	8,7%
ESTUDIOS	ninguén	75,2%	9,2%	4,6%	11,0%
	primarios	80,2%	9,3%	5,3%	5,2%
	secundarios	76,2%	13,0%	5,3%	5,6%
	universitarios	73,5%	13,4%	5,8%	7,4%
CLASE SOCIAL	baixa	72,9%	11,7%	6,1%	9,2%
	media-baixa	77,3%	10,5%	6,4%	5,7%
	media	78,2%	11,2%	5,0%	5,6%
	media-alta	77,7%	12,7%	3,6%	6,1%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	71,7%	13,0%	7,3%	8,0%
	escola	87,1%	10,1%	1,7%	1,1%
	amigos	84,2%	9,6%	2,9%	3,1%
	veciños	95,2%	4,4%		
	traballo	80,1%	13,4%	4,6%	1,9%
	outros	89,9%	4,0%	2,9%	3,3%
	empresarios	80,2%	11,2%	4,4%	4,2%
PROFESIÓN	tit sup/media	78,1%	13,2%	3,3%	5,5%
	prof. liberais	79,2%	17,3%		3,4%
	docentes	62,0%	15,1%	9,8%	13,0%
	FFAA	80,5%	14,0%	2,8%	2,8%
	admin. subalt.	76,7%	10,8%	6,3%	6,1%
	servizos	81,6%	10,2%	5,1%	3,2%
	autónomos	80,5%	8,8%	3,9%	6,8%
	labradores	64,2%	11,7%	12,6%	11,6%
	mariñeiros	67,7%	9,7%	10,1%	12,5%
	obreiros	73,7%	13,6%	6,4%	6,2%
	estudantes	76,5%	13,1%	4,8%	5,6%
	amais casa	84,9%	6,3%	4,4%	4,4%
	non activos	79,2%	12,4%	4,1%	4,4%
SEXO	home	72,1%	14,2%	6,6%	7,1%
	muller	82,2%	8,5%	4,3%	4,8%

Táboa 10. Lingua cos avós

		LINGUA COS AVÓS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	1,1%	0,7%	4,3%	93,8%
	castelán	61,4%	15,6%	10,8%	12,2%
	as dúas	8,0%	14,3%	24,2%	53,5%
	outras	33,6%	11,2%	19,5%	35,7%
LINGUA HABITUAL	só castelán	92,0%	4,5%	2,5%	1,0%
	máis castelán	31,0%	23,1%	17,6%	28,4%
	máis galego	2,5%	1,8%	11,6%	84,1%
	só galego	0,8%	0,2%	0,9%	98,1%
IDADE	16 a 25 anos	44,2%	16,3%	14,2%	25,3%
	26 a 40 anos	33,9%	9,8%	10,5%	45,8%
	41 a 65 anos	21,4%	6,5%	9,4%	62,6%
	máis de 65 anos	13,7%	6,0%	7,5%	72,9%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	38,6%	13,1%	12,0%	36,3%
	vilas	24,4%	8,6%	12,5%	54,5%
	rural	6,9%	3,3%	6,9%	82,9%
HÁBITAT ONDE VIVE	fóra Galicia	53,9%	9,0%	12,1%	25,0%
	urbano	32,7%	10,7%	10,9%	45,8%
	periurbano	16,7%	5,7%	9,7%	67,9%
ESTUDIOS	ningun	1,3%	2,6%	7,9%	88,3%
	primarios	18,7%	6,4%	8,3%	66,6%
	secundarios	41,0%	14,5%	13,8%	30,7%
	universitarios	44,8%	12,9%	12,9%	29,4%
CLASE SOCIAL	baixa	13,9%	6,2%	6,8%	73,0%
	media-baixa	21,5%	8,2%	10,1%	60,2%
	media	34,6%	10,8%	11,1%	43,5%
	media-alta	50,0%	13,3%	13,6%	23,1%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	12,8%	8,4%	12,2%	66,6%
	escola	66,3%	17,9%	8,2%	7,5%
	amigos	63,2%	10,8%	9,4%	16,5%
	veciños	79,2%	7,6%	6,2%	6,9%
	traballo	70,1%	19,0%	5,6%	5,2%
	outros	76,7%	10,4%	4,2%	8,6%
PROFESIÓN	empresarios	18,6%	7,8%	9,8%	63,8%
	tit sup/media	46,7%	12,2%	16,3%	24,7%
	prof. liberais	37,5%	13,7%	22,3%	26,4%
	docentes	41,2%	9,2%	10,9%	38,6%
	FFAA	15,9%	8,1%	11,1%	64,9%
	admn. subatr.	34,8%	11,2%	9,0%	45,0%
	servizos	36,0%	7,4%	10,4%	46,2%
	autónomos	17,0%	5,9%	9,3%	67,8%
	labradores	0,5%		2,4%	97,1%
	mariñeiros	10,8%	3,1%	2,0%	84,2%
	obreiros	19,5%	9,0%	10,2%	61,4%
	estudantes	47,7%	16,2%	15,1%	21,0%
	amas casa	21,3%	6,8%	8,3%	63,6%
	non activos	50,5%	13,2%	12,1%	24,2%
SEXO	home	27,0%	9,3%	11,7%	51,9%
	muller	31,6%	10,0%	9,7%	48,7%

Táboa 11. Lingua cos pais

		LINGUA COS PAIS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	1,3%	1,7%	5,1%	91,9%
	castelán	71,6%	15,3%	6,2%	6,9%
	as dúas	14,3%	25,2%	21,7%	38,8%
	outras	42,3%	8,3%	16,9%	32,5%
LINGUA HABITUAL	só castelán	98,0%	1,3%	0,3%	0,4%
	máis castelán	45,0%	28,2%	10,9%	15,9%
	máis galego	3,7%	4,2%	13,0%	79,0%
	só galego	0,1%		1,2%	98,7%
IDADE	16 a 25 anos	56,3%	19,0%	8,0%	16,8%
	26 a 40 anos	40,2%	13,0%	8,9%	38,0%
	41 a 65 anos	27,5%	8,8%	8,6%	55,0%
	máis de 65 anos	20,4%	6,9%	7,2%	65,5%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	47,1%	15,5%	8,4%	29,0%
	vilas	31,5%	10,7%	9,6%	48,2%
	rural	8,6%	4,7%	7,9%	78,8%
	fóra Galicia	66,0%	13,3%	8,4%	12,3%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	40,2%	12,6%	8,4%	38,9%
	periurbano	19,9%	9,3%	8,3%	62,6%
	ningún	3,3%	1,6%	7,7%	87,4%
ESTUDOS	primarios	24,8%	7,9%	8,0%	59,3%
	secundarios	50,4%	16,3%	10,1%	23,2%
	universitarios	54,0%	18,3%	7,6%	20,0%
CLASE SOCIAL	baixa	19,4%	7,4%	6,8%	66,4%
	media-baixa	26,9%	10,8%	8,7%	53,7%
	media	42,1%	12,7%	8,5%	36,7%
	media-alta	61,1%	16,5%	6,7%	15,8%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	16,8%	12,8%	9,9%	60,5%
	escola	81,3%	12,8%	3,5%	2,5%
	amigos	72,7%	12,2%	7,0%	8,0%
	veciños	83,0%	7,6%	5,7%	3,7%
	traballo	76,5%	12,6%	8,2%	2,8%
	outros	83,8%	6,0%	4,8%	5,4%
PROFESIÓN	empresarios	22,9%	8,8%	11,9%	56,4%
	tit sup/media	60,3%	16,2%	7,1%	16,4%
	prof, liberais	53,8%	22,1%	11,7%	12,4%
	docentes	45,2%	18,9%	7,8%	28,1%
	FFAA	31,5%	10,8%	5,7%	52,0%
	admin. subalt.	39,0%	12,9%	9,8%	38,2%
	servizos	41,2%	10,7%	10,3%	37,8%
	autónomos	18,6%	8,3%	12,2%	60,9%
	labradores	0,7%	0,3%	2,7%	96,2%
	marineiros	16,9%	3,2%	6,2%	73,7%
	obreiros	25,6%	10,0%	8,7%	55,7%
	estudantes	61,6%	19,7%	6,9%	11,8%
	amas casa	28,0%	7,9%	7,5%	56,7%
	non activos	58,4%	17,2%	9,9%	14,5%
SEXO	home	34,3%	12,2%	9,4%	44,1%
	muller	37,9%	11,7%	7,5%	42,8%

Táboa 12. Lingua cos irmáns

		LINGUA COS IRMÁNS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	3,4%	5,0%	10,2%	81,4%
	castelán	76,1%	14,9%	4,5%	4,6%
	as dúas	26,5%	25,6%	18,3%	29,6%
	outras	56,0%	6,0%	19,5%	18,5%
LINGUA HABITUAL	só castelán	99,2%	0,7%	0,0%	0,0%
	máis castelán	55,6%	30,0%	6,7%	7,7%
	máis galego	5,6%	6,1%	20,0%	68,3%
	só galego	,1%	0,2%	0,2%	99,5%
IDADE	16 a 25 anos	69,6%	14,9%	3,4%	12,1%
	26 a 40 anos	46,4%	14,7%	7,3%	31,6%
	41 a 65 anos	28,7%	12,3%	12,1%	46,8%
	máis de 65 anos	21,9%	8,1%	11,6%	58,5%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	53,2%	15,1%	7,7%	23,9%
	vilas	34,7%	15,4%	10,9%	39,0%
	rural	11,3%	8,1%	11,4%	69,3%
	fora Galicia	74,0%	11,5%	3,5%	9,0%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	45,0%	13,3%	8,6%	33,1%
	periurbano	25,5%	11,2%	10,1%	53,1%
ESTUDIOS	ningún	4,5%	3,5%	10,3%	81,7%
	primarios	27,1%	10,8%	11,5%	50,5%
	secundarios	60,3%	16,2%	5,9%	17,6%
	universitarios	62,4%	16,6%	3,5%	15,5%
CLASE SOCIAL	baixa	24,6%	11,7%	8,7%	55,0%
	media-baixa	31,6%	11,9%	10,3%	46,2%
	media	47,2%	13,6%	8,4%	30,8%
	media-alta	66,5%	14,9%	4,7%	13,9%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	22,9%	14,0%	11,2%	51,9%
	escola	88,8%	8,2%	1,3%	1,7%
	amigos	69,0%	18,0%	7,3%	5,7%
	veciños	78,2%	12,7%	6,0%	3,1%
	traballo	81,9%	10,3%	5,3%	2,5%
	outros	82,5%	9,3%	3,0%	5,2%
PROFESIÓN	empresarios	28,7%	12,1%	11,6%	47,6%
	tit sup/media	63,8%	20,4%	4,0%	11,8%
	prof. liberais	60,3%	17,8%	8,5%	13,4%
	docentes	48,7%	18,9%	9,8%	22,5%
	FFAA	28,6%	13,3%	11,4%	46,8%
	admin. subalt.	44,2%	17,0%	8,0%	30,8%
	servizos	48,8%	12,2%	8,4%	30,6%
	autónomos	21,3%	11,2%	13,8%	53,8%
	labradores	2,3%		2,9%	94,8%
	maríneiros	11,0%	8,1%	8,1%	72,8%
	obreiros	29,4%	12,6%	12,5%	45,5%
	estudantes	75,1%	13,7%	3,0%	8,2%
	amais casa	30,3%	10,1%	10,2%	49,4%
	non activos	73,9%	10,1%	2,2%	13,8%
SEXO	home	40,7%	12,5%	9,5%	37,3%
	muller	41,8%	13,3%	8,4%	36,6%

Táboa 13. Lingua coa parella

		LINGUA COA PARELLA			
		só castelán	mais castelán	mais galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	7,4%	7,0%	10,8%	74,8%
	castelán	69,4%	18,3%	6,5%	5,8%
	as dúas	24,2%	24,5%	18,9%	32,4%
	outras	53,4%	9,3%	17,3%	20,0%
LINGUA HABITUAL	só castelán	98,1%	1,8%	0,1%	0,1%
	mais castelán	51,7%	35,8%	7,8%	4,7%
	mais galego	6,1%	7,6%	21,3%	65,0%
	só galego	0,1%		0,3%	99,6%
IDADE	16 a 25 anos	58,3%	17,4%	6,8%	17,5%
	26 a 40 anos	47,7%	16,3%	9,0%	27,1%
	41 a 65 anos	31,8%	13,8%	11,3%	43,1%
	mais de 65 anos	23,0%	11,7%	10,6%	54,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	43,3%	17,3%	9,1%	30,3%
	vilas	35,8%	15,0%	12,1%	37,2%
	rural	13,1%	11,1%	13,0%	62,7%
	fora Galicia	78,8%	10,2%	5,3%	5,7%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	40,5%	15,4%	10,4%	33,6%
	periurbano	18,6%	10,0%	9,5%	61,8%
ESTUDIOS	ningún	6,8%	4,4%	10,2%	78,5%
	primarios	26,4%	12,6%	12,0%	49,0%
	secundarios	52,9%	20,6%	9,4%	17,2%
	universitarios	63,3%	17,6%	5,6%	13,5%
CLASE SOCIAL	baixa	20,3%	12,3%	11,8%	55,6%
	media-baixa	25,5%	12,8%	11,9%	49,7%
	media	42,8%	15,9%	9,4%	31,9%
	media-alta	69,5%	14,3%	5,2%	10,9%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	21,5%	14,0%	12,3%	52,2%
	escola	72,4%	18,6%	3,9%	5,0%
	amigos	62,5%	21,4%	8,4%	7,7%
	veciños	72,4%	16,5%	6,0%	5,1%
	traballo	72,6%	16,0%	8,8%	2,6%
	outros	76,9%	15,7%	2,1%	5,3%
PROFESIÓN	empresarios	29,4%	14,5%	13,6%	42,5%
	tit sup/media	69,2%	15,9%	5,5%	9,5%
	prof. liberais	77,0%	14,1%	6,8%	2,2%
	docentes	54,5%	16,0%	7,2%	22,2%
	FFAA	41,3%	17,5%	9,7%	31,5%
	admin. subalt.	44,9%	20,4%	9,7%	25,0%
	servizos	46,5%	14,8%	11,2%	27,4%
	autónomos	23,0%	13,1%	13,0%	51,0%
	labradores	1,9%	0,8%	2,7%	94,7%
	mariñeiros	13,3%	6,6%	15,9%	64,1%
	obreiros	26,2%	15,2%	12,5%	46,1%
	estudantes	77,7%	13,0%	3,1%	6,1%
	amas casa	32,9%	12,0%	10,0%	45,0%
	non activos	66,2%	17,8%	4,4%	11,6%
SEXO	home	33,8%	15,6%	11,3%	39,3%
	muller	38,3%	13,4%	9,5%	38,9%



Táboa 14. Lingua cos fillos

		LINGUA COS FILLOS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	14,3%	18,1%	18,4%	49,2%
	castelán	73,5%	17,7%	6,0%	2,8%
	as dúas	28,3%	31,9%	24,4%	15,3%
	outras	50,2%	9,6%	19,0%	21,2%
LINGUA HABITUAL	só castelán	99,5%	0,4%		0,1%
	máis castelán	61,5%	34,2%	4,0%	0,6%
	máis galego	11,5%	24,7%	33,9%	30,0%
	só galego	0,5%	1,3%	2,6%	95,6%
IDADE	16 a 25 anos	61,9%	14,5%	6,7%	16,9%
	26 a 40 anos	49,5%	23,0%	12,1%	15,4%
	41 a 65 anos	38,2%	20,3%	15,8%	25,6%
	máis de 65 anos	29,5%	14,7%	14,7%	41,0%
HÁBITAT DE NACIMENTO	urbano	46,3%	21,2%	12,5%	20,0%
	vilas	38,4%	22,9%	14,4%	24,3%
	rural	22,0%	20,3%	19,1%	38,6%
	fora Galicia	80,1%	9,5%	6,5%	3,9%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	44,9%	20,5%	13,4%	21,2%
	periurbano	22,9%	17,9%	18,1%	41,1%
ESTUDIOS	ningún	10,4%	9,7%	14,6%	65,2%
	primarios	33,7%	19,9%	17,2%	29,2%
	secundarios	55,8%	23,0%	11,0%	10,2%
	universitarios	63,5%	21,4%	6,9%	8,2%
CLASE SOCIAL	baixa	28,5%	15,7%	17,5%	38,3%
	media-baixa	31,4%	19,2%	16,4%	33,0%
	media	46,0%	21,3%	13,3%	19,3%
	media-alta	69,2%	19,2%	5,4%	6,2%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	27,0%	22,0%	17,6%	33,3%
	escola	82,3%	7,3%	7,8%	2,6%
	amigos	65,4%	22,0%	7,6%	5,0%
	veciños	73,8%	18,1%	7,0%	1,1%
	traballo	77,7%	15,0%	4,3%	3,0%
	outros	78,6%	13,4%	4,7%	3,3%
PROFESIÓN	empresarios	35,0%	20,3%	16,5%	28,2%
	tit sup/media	69,2%	18,5%	7,3%	5,0%
	prof. liberais	74,0%	19,7%	2,4%	3,9%
	docentes	51,0%	23,2%	10,1%	15,7%
	FFAA	47,4%	19,7%	13,6%	19,3%
	admin. subalt.	49,8%	22,7%	12,9%	14,5%
	servizos	51,5%	22,6%	10,9%	15,0%
	autónomos	55,8%	15,1%	22,2%	27,0%
	labradores	2,3%	1,2%	13,6%	83,0%
	maríneiros	24,4%	13,2%	18,2%	44,3%
	obreiros	29,9%	21,0%	17,6%	31,6%
	estudantes	51,9%	39,4%	4,7%	4,0%
	amas casa	40,5%	20,2%	13,8%	25,4%
	non activos	75,8%	9,2%		15,0%
SEXO	home	37,3%	19,0%	16,0%	27,7%
	muller	42,9%	20,7%	13,1%	23,3%

Táboa 15. Lingua nas discusións

		LINGUA NAS DISCUSIÓNS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	4,5%	6,9%	17,3%	71,3%
	castelán	66,9%	18,0%	8,8%	6,3%
	as dúas	20,9%	22,7%	25,5%	30,9%
	outras	50,9%	15,7%	14,0%	19,4%
LINGUA HABITUAL	só castelán	94,5%	4,4%	0,6%	0,4%
	máis castelán	46,0%	33,7%	14,1%	6,2%
	máis galego	2,7%	5,7%	29,3%	62,2%
	só galego		0,1%	1,5%	98,4%
IDADE	16 a 25 anos	54,1%	18,9%	11,0%	15,9%
	26 a 40 anos	44,4%	14,0%	13,8%	27,7%
	41 a 65 anos	29,0%	14,4%	16,5%	40,1%
	máis de 65 anos	21,3%	11,0%	15,2%	52,5%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	43,7%	16,9%	14,0%	25,4%
	vilas	30,5%	15,1%	15,8%	38,7%
	rural	12,8%	11,6%	18,1%	57,6%
	fora Galicia	75,0%	11,4%	6,5%	7,1%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	41,5%	15,7%	14,0%	28,8%
	periurbano	20,2%	11,0%	16,2%	52,7%
ESTUDIOS	ningún	5,7%	5,4%	10,0%	78,9%
	primarios	25,0%	12,8%	17,8%	44,5%
	secundarios	51,4%	17,8%	12,7%	18,0%
	universitarios	57,3%	17,9%	9,9%	14,9%
CLASE SOCIAL	baixa	22,3%	12,4%	15,2%	50,1%
	media-baixa	27,6%	13,4%	16,1%	43,0%
	media	43,2%	16,1%	13,9%	26,8%
	media-alta	62,1%	15,0%	9,0%	13,8%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	20,3%	14,5%	18,2%	47,1%
	escola	73,1%	16,9%	5,6%	4,4%
	amigos	57,8%	20,9%	11,7%	9,7%
	veciños	70,7%	19,4%	7,0%	2,9%
	traballo	67,0%	15,2%	9,5%	8,3%
	outros	73,6%	14,1%	7,5%	4,8%
PROFESIÓN	empresarios	25,9%	16,3%	18,9%	38,8%
	tit sup/media	60,9%	21,2%	7,8%	10,1%
	prof. liberais	73,4%	8,9%	13,2%	4,6%
	docentes	51,0%	16,4%	10,4%	22,2%
	FFAA	33,5%	15,1%	18,8%	32,5%
	admin. subalt.	43,2%	14,7%	14,0%	28,1%
	servizos	47,4%	11,6%	16,0%	25,0%
	autónomos	21,5%	12,1%	21,5%	44,9%
	labradores	2,0%	0,7%	6,7%	90,6%
	marineiros	11,3%	5,3%	26,0%	57,4%
	obreiros	24,7%	14,9%	16,7%	43,7%
	estudantes	59,0%	18,7%	10,0%	12,3%
	amas casa	29,5%	13,1%	15,5%	41,8%
	non activos	53,9%	18,5%	11,3%	16,4%
SEXO	home	35,4%	15,0%	15,5%	34,1%
	muller	39,3%	14,6%	13,6%	32,5%

Táboa 16. Lingua para reprende-los fillos

		LINGUA PARA REPRENDER FILLOS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	10,2%	13,0%	17,2%	59,5%
	castelán	74,1%	15,4%	6,4%	4,1%
	as dúas	28,7%	23,6%	21,6%	26,1%
	outras	44,6%	5,8%	22,3%	27,2%
LINGUA HABITUAL	só castelán	97,3%	2,6%		0,1%
	máis castelán	61,2%	29,3%	6,6%	2,8%
	máis galego	8,5%	16,0%	30,1%	45,5%
	só galego	0,3%	1,3%	1,8%	96,6%
IDADE	16 a 25 anos	53,4%	18,0%	7,3%	21,2%
	26 a 40 anos	49,6%	15,8%	12,5%	22,1%
	41 a 65 anos	35,9%	16,1%	15,2%	32,7%
	máis de 65 anos	28,4%	12,9%	10,9%	47,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	45,4%	16,6%	12,4%	25,6%
	villas	35,6%	18,2%	13,3%	32,9%
	rural	19,7%	15,2%	17,4%	47,6%
	fóra Galicia	80,6%	8,6%	5,7%	5,0%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	44,0%	16,4%	13,5%	26,1%
	periurbano	20,6%	12,5%	13,7%	53,2%
ESTUDIOS	ningún	9,6%	6,7%	11,6%	72,2%
	primarios	30,1%	16,3%	15,9%	37,6%
	secundarios	55,9%	17,2%	12,3%	14,6%
	universitarios	67,2%	13,5%	7,2%	12,1%
CLASE SOCIAL	baixa	24,5%	16,8%	12,4%	46,3%
	media-baixa	28,8%	15,5%	15,7%	39,9%
	media	45,8%	15,7%	12,8%	25,8%
	media-alta	71,7%	13,0%	6,9%	8,4%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	24,9%	16,7%	16,5%	41,9%
	escola	77,2%	13,7%	5,4%	3,7%
	amigos	68,3%	18,3%	7,5%	5,9%
	veciños	73,4%	18,8%	6,3%	1,5%
	traballo	78,7%	9,3%	9,3%	2,6%
	outros	81,6%	9,5%	4,0%	4,9%
PROFESIÓN	empresarios	31,1%	17,3%	15,3%	36,3%
	tít sup/media	68,7%	14,6%	9,0%	7,7%
	prof. liberais	82,3%	7,3%	3,8%	6,6%
	docentes	59,8%	12,2%	8,7%	19,3%
	FFAA	45,5%	16,2%	13,2%	25,0%
	admin. subalt.	51,4%	16,2%	10,9%	21,5%
	servizos	52,3%	19,6%	9,4%	18,6%
	autónomos	27,6%	15,3%	21,9%	35,2%
	labradores	0,8%	0,7%	9,3%	89,1%
	maríneiros	23,0%	10,4%	15,5%	51,1%
	obreiros	29,2%	16,1%	16,4%	38,3%
	estudantes	62,0%	22,9%	5,6%	9,5%
	amas casa	36,6%	16,3%	14,0%	33,0%
	non activos	62,9%	26,9%		10,2%
SEXO	home	37,8%	14,4%	14,1%	33,7%
	muller	40,2%	16,4%	13,2%	30,2%

Táboa 17. Lingua cos familiares máis vellos

		LINGUA COS FAMILIARES MÁIS VELLOS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	1,1%	2,0%	11,0%	85,9%
	castelán	61,0%	19,0%	10,9%	9,2%
	as dúas	10,1%	20,7%	25,6%	43,6%
	outras	50,7%	6,4%	19,8%	23,1%
LINGUA HABITUAL	só castelán	93,5%	4,7%	1,3%	0,5%
	máis castelán	32,1%	30,2%	18,1%	19,5%
	máis galego	1,6%	3,3%	20,5%	74,6%
	só galego			0,4%	99,6%
IDADE	16 a 25 anos	48,5%	19,9%	11,5%	20,1%
	26 a 40 anos	34,5%	13,1%	13,8%	38,5%
	41 a 65 anos	22,8%	9,8%	14,6%	52,7%
	máis de 65 anos	16,7%	9,5%	11,1%	62,7%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	39,3%	16,6%	13,7%	30,3%
	vilas	26,5%	11,2%	14,9%	47,4%
	rural	6,8%	5,8%	12,3%	75,0%
	fora Galicia	61,3%	12,4%	11,3%	15,0%
HABITAT ONDE VIVE	urbano	34,0%	13,9%	12,8%	39,3%
	periurbano	17,8%	8,7%	15,2%	58,2%
ESTUDIOS	ningún	2,2%	4,1%	9,7%	83,9%
	primarios	20,7%	9,6%	13,7%	55,9%
	secundarios	42,8%	17,7%	13,3%	26,3%
	universitarios	46,7%	17,0%	13,1%	23,3%
CLASE SOCIAL	baixa	19,4%	6,7%	14,5%	59,3%
	media-baixa	21,9%	12,3%	13,3%	52,6%
	media	35,7%	13,9%	13,4%	37,1%
	media-alta	53,4%	14,3%	11,2%	21,1%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	13,1%	12,1%	15,8%	59,0%
	escola	70,6%	19,3%	5,8%	4,4%
	amigos	59,8%	15,3%	12,7%	12,2%
	veciños	70,8%	13,0%	9,9%	6,4%
	traballo	65,4%	18,3%	9,4%	6,9%
	outros	73,7%	11,1%	6,4%	8,8%
PROFESIÓN	empresarios	20,1%	10,2%	16,2%	53,6%
	itit sup/media	48,0%	18,3%	17,1%	16,6%
	prof. liberais	47,0%	16,8%	19,5%	16,6%
	docentes	40,2%	10,2%	16,2%	33,4%
	FFAA	24,8%	14,7%	11,9%	48,7%
	admin. subalt.	34,5%	14,1%	14,7%	36,7%
	servizos	34,5%	13,3%	12,5%	39,6%
	autónomos	19,0%	9,2%	12,1%	59,8%
	labradores	0,7%	0,7%	3,1%	95,5%
	marineiros	6,0%	10,4%	11,8%	71,7%
	obreiros	20,2%	11,6%	16,4%	51,8%
	estudantes	52,3%	21,2%	9,8%	16,8%
	amas casa	23,8%	9,4%	11,7%	55,1%
	non activos	61,7%	10,6%	11,7%	16,0%
SEXO	home	27,3%	13,3%	15,3%	44,0%
	muller	33,7%	12,5%	11,5%	42,2%

Táboa 18. Lingua cos familiares máis novos

		LINGUA COS FAMILIARES MÁIS NOVOS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	7,0%	17,5%	23,6%	51,9%
	castelán	72,0%	19,0%	5,9%	3,1%
	as dúas	26,7%	33,7%	21,5%	18,1%
	outras	51,0%	7,3%	28,3%	13,4%
LINGUA HABITUAL	só castelán	97,8%	1,7%	0,5%	
	máis castelán	52,6%	37,2%	7,0%	3,2%
	máis galego	6,7%	21,5%	36,6%	35,2%
	só galego	1,5%	2,3%	6,1%	90,1%
IDADE	16 a 25 anos	64,0%	18,5%	7,8%	9,7%
	26 a 40 anos	44,7%	21,9%	12,7%	20,7%
	41 a 65 anos	31,6%	22,3%	18,6%	27,5%
	máis de 65 anos	26,6%	17,5%	19,8%	36,1%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	50,5%	21,6%	12,7%	15,2%
	vilas	35,4%	23,8%	18,1%	22,7%
	rural	13,5%	21,3%	20,3%	45,0%
	fora Galicia	74,7%	11,1%	8,7%	5,6%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	44,7%	21,4%	13,7%	20,2%
	periurbano	27,0%	18,1%	19,8%	35,0%
	ningún	8,6%	14,6%	19,1%	57,7%
ESTUDOS	primarios	29,7%	20,5%	20,2%	29,6%
	secundarios	55,6%	22,9%	9,0%	12,5%
	universitarios	59,3%	20,3%	8,1%	12,3%
CLASE SOCIAL	baixa	26,6%	13,3%	18,7%	41,4%
	media-baixa	30,9%	22,1%	19,2%	27,8%
	media	47,6%	21,3%	12,3%	18,8%
	media-alta	65,7%	16,1%	6,8%	11,5%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	23,7%	24,3%	19,3%	32,7%
	escola	81,1%	13,8%	3,6%	1,4%
	amigos	68,1%	19,7%	8,6%	3,7%
	veciños	76,3%	14,3%	8,0%	1,4%
	traballo	74,1%	13,9%	9,2%	2,8%
	outros	79,8%	10,9%	4,3%	5,0%
PROFESIÓN	empresarios	30,4%	22,1%	20,3%	27,1%
	tít sup/media	62,0%	20,5%	8,5%	8,9%
	prof. liberais	58,9%	21,4%	10,6%	9,1%
	docentes	49,4%	19,8%	11,0%	19,8%
	FFAA	38,8%	17,7%	17,8%	25,7%
	admin. subalt.	42,7%	24,7%	13,4%	19,1%
	servizos	47,3%	17,2%	17,8%	17,8%
	autónomos	24,6%	22,2%	20,9%	32,3%
	labradores	3,5%	4,8%	14,7%	77,0%
	marineiros	20,9%	27,6%	12,4%	39,0%
	obreiros	29,1%	22,5%	20,4%	28,0%
	estudantes	68,4%	18,8%	5,4%	7,4%
	amas casa	34,2%	20,8%	16,9%	28,1%
	non activos	69,4%	15,7%	5,9%	9,0%
SEXO	home	37,9%	21,6%	16,1%	24,4%
	muller	44,2%	20,0%	13,8%	21,9%

Táboa 19. Lingua en que escribe na escola

		LINGUA ESCRITURA NA ESCOLA			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	89,0%	8,7%	0,8%	1,6%
	castelán	70,6%	28,2%	0,9%	0,3%
	as dúas	73,0%	24,8%	2,0%	0,2%
	outras	62,3%	33,9%	3,8%	
LINGUA HABITUAL	só castelán	71,2%	28,5%	0,2%	0,1%
	máis castelán	60,5%	29,3%	1,0%	0,2%
	máis galego	87,9%	10,2%	1,1%	0,8%
	só galego	85,9%	8,1%	2,1%	3,8%
IDADE	16 a 25 anos	22,0%	73,8%	3,2%	1,0%
	26 a 40 anos	87,6%	11,8%	0,5%	0,2%
	41 a 65 anos	97,3%	1,5%	0,3%	0,9%
	máis de 65 anos	96,6%	1,8%	0,5%	1,2%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	71,5%	26,5%	1,1%	0,9%
	vilas	88,4%	9,5%	1,0%	1,1%
	rural	90,6%	8,0%	0,9%	0,6%
	fora Galicia	61,7%	37,1%	1,2%	
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	78,0%	20,5%	0,9%	0,6%
	periurbano	76,2%	20,8%	1,4%	1,6%
	ningún	96,0%	2,2%		1,8%
ESTUDIOS	primarios	90,5%	8,1%	0,4%	1,0%
	secundarios	56,4%	40,8%	2,3%	0,5%
	universitarios	69,2%	29,2%	1,2%	0,3%
CLASE SOCIAL	baixa	80,3%	18,1%	0,4%	1,2%
	media-baixa	80,6%	17,3%	1,0%	1,1%
	media	76,0%	22,4%	1,1%	0,5%
	media-alta	71,8%	27,0%	0,8%	0,4%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	81,6%	16,4%	1,1%	0,9%
	escola	26,4%	71,4%	1,5%	0,7%
	amigos	91,7%	6,3%	0,9%	1,0%
	veciños	96,1%	3,7%		0,3%
	traballo	93,5%	6,5%		
	outros	93,3%	6,3%	0,2%	0,2%
PROFESIÓN	empresarios	94,4%	4,3%	0,6%	0,7%
	tit sup/media	90,4%	9,2%	0,3%	
	prof. liberais	92,3%	7,7%		
	docentes	89,4%	9,3%	0,8%	0,5%
	FFAA	90,4%	6,4%	3,2%	
	admin. subalt.	86,6%	12,6%	0,3%	0,5%
	servizos	79,5%	18,3%	1,0%	1,2%
	autónomos	89,8%	9,0%	0,6%	0,7%
	labradores	92,9%	3,9%	0,8%	2,4%
	marineiros	90,8%	6,9%		2,3%
	obreiros	84,3%	14,1%	0,9%	0,6%
	estudantes	21,4%	74,2%	3,4%	1,0%
	unha casa	94,2%	4,8%	0,1%	0,8%
	non activos	59,1%	40,2%		0,7%
SEXO	home	77,1%	20,9%	1,4%	0,6%
	muller	78,1%	20,3%	0,7%	0,9%

Táboa 20. Lingua utilizada cos profesores

		LINGUA COS PROFESORES			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	67,4%	13,9%	5,7%	13,0%
	castelán	71,9%	25,3%	1,9%	0,9%
	as dúas	64,3%	29,1%	4,4%	2,3%
	outras	58,6%	37,7%	3,8%	
LINGUA HABITUAL	só castelán	76,2%	23,6%	0,2%	0,1%
	máis castelán	66,6%	29,0%	2,9%	1,5%
	máis galego	71,2%	17,1%	5,8%	5,9%
	só galego	58,4%	9,4%	6,1%	26,1%
IDADE	16 a 25 anos	26,6%	63,6%	6,2%	3,5%
	26 a 40 anos	79,3%	15,1%	2,7%	3,0%
	41 a 65 anos	84,5%	6,5%	2,6%	6,4%
	máis de 65 anos	75,2%	8,0%	4,8%	12,1%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	66,8%	26,6%	3,2%	3,5%
	vilas	78,2%	13,6%	3,4%	4,8%
	rural	71,7%	12,4%	5,2%	10,7%
	fora Galicia	64,5%	31,3%	2,6%	1,7%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	70,5%	21,4%	3,4%	4,7%
	periurbano	62,2%	24,0%	5,0%	8,8%
	ningún	56,9%	4,2%	7,0%	31,9%
ESTUDIOS	primarios	76,2%	12,9%	3,8%	7,0%
	secundarios	55,6%	37,3%	4,3%	2,7%
	universitarios	68,1%	27,3%	2,5%	2,1%
CLASE SOCIAL	baixa	67,6%	21,8%	4,2%	6,5%
	media-baixa	66,9%	20,8%	4,9%	7,4%
	media	70,2%	22,2%	3,2%	4,4%
	media-alta	71,7%	25,4%	0,9%	1,9%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	68,4%	19,6%	4,6%	7,5%
	escola	33,2%	62,3%	3,1%	1,4%
	amigos	87,3%	10,0%	1,8%	0,9%
	veciños	96,3%	3,4%		0,3%
	traballo	92,1%	7,4%	0,5%	
	outros	92,6%	5,5%	0,6%	1,3%
PROFESIÓN	empresarios	81,7%	6,7%	4,2%	7,4%
	tit sup/media	84,3%	13,3%	1,7%	0,8%
	prof. liberais	90,6%	8,1%	1,3%	
	docentes	85,6%	11,9%	1,5%	1,0%
	FFAA	76,1%	15,0%	2,6%	6,3%
	admin. subalt.	79,8%	14,3%	2,4%	3,6%
	servizos	73,2%	19,1%	4,6%	3,0%
	autónomos	74,6%	13,5%	4,0%	7,9%
	labradores	56,4%	9,4%	8,0%	26,2%
	marifeiros	81,5%	7,1%	6,3%	5,1%
	obreiros	69,7%	19,4%	3,8%	7,2%
	estudantes	26,0%	64,5%	6,1%	3,4%
	amas casa	82,1%	8,6%	2,8%	6,5%
	non activos	61,2%	30,9%	3,6%	4,3%
SEXO	home	67,1%	23,0%	4,4%	5,5%
	muller	70,5%	20,9%	3,1%	5,5%

Táboa 21. Lingua cos compañeiros na clase

		LINGUA COS COMPAÑEIROIS NA CLASE			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	27,3%	9,8%	15,1%	47,8%
	castelán	83,9%	12,9%	2,0%	1,2%
	as dúas	53,2%	24,2%	10,1%	12,4%
	outras	48,7%	22,9%	9,8%	18,6%
LINGUA HABITUAL	só castelán	95,3%	4,1%	0,0%	0,5%
	máis castelán	70,1%	21,6%	4,2%	4,1%
	máis galego	36,5%	13,1%	17,3%	33,2%
	só galego	19,7%	5,7%	8,2%	66,4%
IDADE	16 a 25 anos	59,3%	28,6%	6,0%	6,2%
	26 a 40 anos	64,8%	13,0%	6,2%	16,1%
	41 a 65 anos	56,6%	7,4%	10,0%	25,9%
	máis de 65 anos	45,9%	7,5%	10,7%	36,0%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	66,3%	15,9%	6,7%	11,2%
	vilas	59,9%	10,3%	9,0%	20,8%
	rural	36,8%	9,8%	12,0%	41,5%
	fora Galicia	77,1%	15,4%	2,8%	4,7%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	62,2%	13,3%	6,9%	17,6%
	periurbano	41,3%	15,5%	13,1%	30,1%
ESTUDIOS	ningún	20,5%	4,5%	10,3%	64,7%
	primarios	50,4%	9,5%	10,8%	29,4%
	secundarios	65,4%	21,2%	5,4%	8,0%
	universitarios	72,3%	16,1%	4,8%	6,9%
CLASE SOCIAL	baixa	40,9%	13,6%	12,5%	33,0%
	media-baixa	49,6%	14,3%	10,8%	25,2%
	media	63,8%	13,5%	6,3%	16,3%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	media-alta	77,7%	11,5%	2,8%	7,9%
	familia	46,3%	14,7%	10,8%	28,1%
	escola	74,2%	22,0%	2,6%	1,3%
	amigos	87,5%	8,0%	2,2%	2,2%
	veciños	92,7%	5,2%	1,5%	0,7%
PROFESIÓN	traballo	91,7%	6,7%	0,4%	1,2%
	outros	93,3%	2,7%	1,8%	2,2%
	empresarios	53,7%	8,5%	10,1%	27,7%
	tit sup/media	78,2%	12,9%	2,9%	6,0%
	prof. liberais	85,8%	5,7%	2,5%	6,0%
	docentes	75,1%	8,9%	5,2%	10,7%
	FFAA	49,5%	15,8%	7,0%	27,7%
	admin. subalt.	65,3%	13,1%	6,5%	15,1%
	servizos	65,6%	13,9%	6,7%	13,7%
	autónomos	47,4%	10,9%	8,9%	32,8%
	labradores	16,2%	3,5%	8,0%	72,3%
	mariñeiros	36,3%	17,1%	8,5%	38,1%
	obreiros	49,5%	12,3%	13,9%	24,4%
	estudantes	61,0%	29,5%	4,8%	4,7%
	amais casa	57,0%	7,6%	8,2%	27,2%
	non activos	78,4%	13,0%	2,8%	5,8%
SEXO	home	54,2%	15,6%	9,7%	20,5%
	muller	61,6%	12,1%	6,8%	19,5%



Táboa 22. Lingua cos compañeiros no recreo

		LINGUA COS COMPAÑEIROIS NO RECREO			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	17,7%	7,5%	15,0%	59,8%
	castelán	83,4%	12,7%	2,5%	1,4%
	as dúas	48,7%	23,0%	11,6%	16,8%
	outras	54,7%	13,8%	9,8%	21,7%
LINGUA HABITUAL	só castelán	97,4%	2,0%		0,6%
	máis castelán	67,8%	21,6%	4,8%	5,8%
	máis galego	26,9%	11,4%	18,2%	43,4%
	só galego	11,9%	3,7%	7,6%	76,8%
IDADE	16 a 25 anos	64,4%	23,1%	5,7%	6,9%
	26 a 40 anos	59,7%	13,3%	7,3%	19,7%
	41 a 65 anos	48,2%	7,6%	10,4%	33,7%
	máis de 65 anos	37,6%	6,6%	11,1%	44,8%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	64,4%	14,8%	6,6%	14,2%
	vilas	53,3%	9,4%	9,9%	27,4%
	rural	26,7%	8,7%	13,2%	51,4%
	fora Galicia	7,0%	13,0%	4,1%	5,9%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	57,6%	12,2%	8,0%	22,2%
	periurbano	37,5%	14,0%	11,1%	37,5%
ESTUDIOS	ningún	15,3%	1,9%	9,3%	73,6%
	primarios	42,7%	9,0%	11,0%	37,3%
	secundarios	65,2%	18,7%	6,7%	9,5%
	universitarios	71,1%	14,9%	4,9%	9,1%
CLASE SOCIAL	baixa	36,7%	9,9%	9,6%	43,8%
	media-baixa	43,4%	13,7%	11,9%	31,0%
	media	60,3%	12,2%	6,8%	20,7%
	media-alta	76,2%	11,0%	2,3%	10,5%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	39,5%	13,7%	11,4%	35,4%
	escola	80,0%	16,4%	2,4%	1,1%
	amigos	84,2%	9,1%	2,8%	4,0%
	veciños	90,9%	6,2%	2,3%	0,6%
	traballo	89,0%	9,3%	,4%	1,2%
	outras	92,5%	3,3%	2,0%	2,2%
PROFESIÓN	empresarios	40,5%	12,1%	9,8%	37,6%
	tit sup/media	74,8%	14,3%	3,5%	7,5%
	prof. liberais	81,1%	7,6%	3,8%	7,5%
	docentes	70,7%	10,9%	5,5%	12,9%
	FFAA	42,7%	13,3%	4,7%	39,3%
	admin. subalt.	61,4%	12,0%	7,7%	18,8%
	servizos	59,5%	12,0%	10,8%	17,7%
	autónomos	39,6%	12,5%	8,1%	39,9%
	labradores	7,4%	1,5%	7,6%	83,4%
	mariñeiros	26,3%	8,7%	9,9%	55,1%
	obreiros	42,8%	12,3%	13,6%	31,3%
	estudantes	67,3%	22,8%	4,9%	5,0%
	amas casa	49,9%	6,7%	9,1%	34,2%
	non activos	75,6%	15,7%	2,8%	5,8%
SEXO	home	49,6%	14,4%	9,7%	26,3%
	muller	57,3%	10,0%	7,6%	24,1%

Táboa 23. Lingua do lugar de traballo

		LINGUA LUGAR DE TRABALLO			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	8,9%	19,0%	37,8%	34,3%
	castelán	41,2%	40,1%	15,2%	3,6%
	as dúas	17,0%	38,9%	36,5%	7,5%
	outras	43,1%	12,2%	38,4%	6,3%
LINGUA HABITUAL	só castelán	72,4%	22,7%	4,8%	0,1%
	máis castelán	28,7%	54,5%	14,4%	2,4%
	máis galego	5,9%	23,0%	54,4%	16,7%
	só galego	1,0%	5,5%	19,3%	74,3%
IDADE	16 a 25 anos	37,2%	35,3%	19,5%	8,0%
	26 a 40 anos	27,9%	35,8%	24,6%	11,6%
	41 a 65 anos	21,9%	31,0%	30,2%	16,9%
	máis de 65 anos	21,1%	22,1%	29,5%	27,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	26,4%	35,6%	24,8%	13,1%
	vilas	25,4%	29,9%	27,8%	16,9%
	rural	15,1%	24,8%	35,4%	24,8%
	fora Galicia	47,2%	33,5%	16,1%	3,3%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	27,6%	33,9%	25,8%	12,7%
	periurbano	15,3%	23,2%	33,1%	28,4%
ESTUDIOS	ningún	8,6%	11,1%	23,3%	57,0%
	primarios	19,7%	24,9%	34,7%	20,8%
	secundarios	33,7%	37,6%	21,5%	7,1%
	universitarios	31,9%	44,0%	17,7%	6,4%
CLASE SOCIAL	baixa	21,5%	30,4%	26,7%	21,4%
	media-baixa	21,2%	25,5%	32,2%	21,1%
	media	26,7%	35,8%	25,1%	12,4%
	media-alta	39,6%	38,9%	15,9%	5,6%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	16,6%	29,5%	32,7%	21,3%
	escola	41,9%	43,1%	12,6%	2,4%
	amigos	40,1%	38,3%	17,3%	4,3%
	veciños	52,5%	35,8%	10,8%	0,9%
	traballo	13,9%	47,9%	31,0%	7,2%
	outros	43,1%	39,0%	12,7%	5,3%
PROFESIÓN	empresarios	20,3%	27,3%	38,3%	14,0%
	tit sup/media	31,8%	48,5%	15,8%	3,9%
	prof. liberais	33,3%	46,4%	15,7%	4,5%
	docentes	28,7%	42,1%	20,8%	8,4%
	FFAA	36,5%	31,0%	28,9%	3,7%
	admin. subalt.	31,7%	37,8%	22,4%	8,2%
	servizos	38,1%	38,8%	18,6%	4,5%
	autónomos	28,7%	25,1%	25,9%	20,4%
	labradores	2,8%	0,9%	9,3%	87,0%
	mariñeiros	9,6%	13,4%	38,2%	38,8%
	obreiros	17,9%	26,5%	36,2%	19,4%
	estudantes	81,6%		18,4%	
	non activos	25,3%			74,7%
SEXO	home	18,8%	31,3%	32,9%	17,1%
	muller	35,6%	32,8%	18,1%	13,5%

Táboa 24. Lingua cos clientes (profesionais liberais)

		LINGUA COS CLIENTES			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego		36,4%	43,4%	20,2%
	castelán	31,8%	61,1%	5,9%	1,2%
	as dúas	29,5%	31,5%	31,6%	7,3%
	outras	28,5%	35,7%	35,7%	
LINGUA HABITUAL	só castelán	84,0%	16,0%		
	máis castelán	11,6%	77,0%	9,9%	1,6%
	máis galego		48,0%	52,0%	
	só galego				100,0%
IDADE	16 a 25 anos	100,0%			
	26 a 40 anos	14,1%	65,7%	15,2%	5,0%
	41 a 65 anos	43,0%	44,5%	10,8%	1,7%
	máis de 65 anos		100,0%		
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	15,1%	69,5%	11,1%	4,4%
	vilas	20,6%	62,7%	16,7%	
	rural	35,8%	26,0%	29,4%	8,8%
	fóra Galicia	56,3%	40,4%	3,4%	
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	31,9%	53,5%	11,6%	3,0%
	periurbano		84,0%	16,0%	
ESTUDIOS	universitarios	30,0%	55,4%	11,8%	2,9%
CLASE SOCIAL	media-baixa		100,0%		
	media	24,1%	55,6%	12,8%	7,5%
	media-alta	36,8%	50,8%	12,3%	
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	16,9%	55,6%	20,5%	7,1%
	escola	36,4%	63,6%		
	amigos	33,5%	54,4%	12,1%	
	veciños		100,0%		
	traballo	56,5%	29,5%	14,0%	
	outros	7,9%	92,1%		
PROFESIÓN	tit sup/media	57,0%	43,0%		
	prof. liberais	27,1%	55,9%	13,7%	3,3%
	admin. subalt.		100,0%		
	autónomos		100,0%		
SEXO	home	28,3%	56,6%	12,9%	2,3%
	muller	39,0%	48,8%	6,1%	6,1%

Táboa 25. Lingua cos compañeiros

		LINGUA COS COMPAÑEIRÓS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	8,9%	12,4%	29,0%	49,7%
	castelán	55,3%	26,5%	12,1%	6,2%
	as dúas	19,1%	30,5%	32,4%	18,0%
	outras	52,5%	5,9%	27,4%	14,2%
LINGUA HABITUAL	só castelán	97,0%	2,7%	0,3%	0,1%
	máis castelán	36,2%	47,0%	12,7%	4,1%
	máis galego	5,7%	14,0%	46,7%	33,6%
	só galego	0,9%	0,3%	7,6%	91,2%
IDADE	16 a 25 anos	48,3%	22,0%	16,3%	13,4%
	26 a 40 anos	37,4%	24,4%	19,4%	18,7%
	41 a 65 anos	26,5%	21,6%	24,7%	27,2%
	máis de 65 anos	25,1%	15,5%	22,4%	37,1%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	34,5%	24,9%	20,6%	20,0%
	vilas	29,0%	21,9%	21,7%	27,4%
	rural	16,4%	17,1%	28,2%	38,4%
HÁBITAT ONDE VIVE	fóra Galicia	66,3%	18,1%	9,6%	6,0%
	urbano	35,8%	22,8%	21,0%	20,4%
	periurbano	17,1%	17,7%	24,7%	40,6%
ESTUDOS	ningún	6,4%	6,0%	20,4%	67,2%
	primarios	23,3%	17,7%	26,0%	32,9%
	secundarios	42,8%	25,9%	19,1%	12,2%
	universitarios	44,5%	28,4%	15,4%	11,7%
CLASE SOCIAL	baixa	24,3%	20,7%	21,1%	33,9%
	media-baixa	24,7%	18,2%	26,6%	30,5%
	media	35,9%	24,6%	19,2%	20,4%
	media-alta	53,9%	21,7%	14,0%	10,4%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	19,4%	21,4%	26,8%	32,4%
	escola	58,0%	27,5%	10,9%	3,6%
	amigos	50,9%	27,1%	12,8%	9,2%
	veciños	67,5%	20,5%	8,3%	3,6%
	traballo	38,0%	30,5%	20,4%	11,1%
	outros	60,9%	22,7%	8,3%	8,2%
PROFESIÓN	empresarios	27,5%	24,4%	26,2%	21,9%
	tít sup/media	46,8%	33,9%	13,2%	6,2%
	prof. liberais	54,7%	26,7%	9,3%	9,3%
	docentes	38,1%	27,2%	18,7%	16,0%
	FFAA	39,5%	22,8%	23,6%	14,0%
	admin. subalt.	40,4%	25,5%	19,6%	14,5%
	servizos	50,9%	19,1%	18,1%	12,0%
	autónomos	26,6%	18,6%	23,1%	31,7%
	labradores	1,7%	0,7%	7,3%	90,3%
	maríñeiros	10,4%	8,0%	27,5%	54,0%
	obreiros	23,2%	19,0%	26,9%	30,9%
	estudantes	55,1%	26,5%	18,4%	
	non activos	25,3%			74,7%
SEXO	home	24,4%	21,7%	26,1%	27,9%
	muller	45,5%	22,1%	14,3%	18,1%

Táboa 26. Lingua cos empregados

		LINGUA COS EMPREGADOS			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	15,9%	11,9%	26,3%	45,8%
	castelán	58,4%	22,6%	11,7%	7,3%
	as dúas	20,9%	31,7%	31,9%	15,5%
	outras	49,0%		30,0%	21,0%
LINGUA HABITUAL	só castelán	95,9%	3,4%	0,5%	0,3%
	máis castelán	37,9%	44,4%	12,3%	5,3%
	máis galego	11,0%	11,3%	43,8%	34,0%
	só galego	2,5%	1,2%	9,6%	86,8%
IDADE	16 a 25 anos	51,3%	17,5%	11,8%	19,4%
	26 a 40 anos	40,5%	24,5%	18,3%	16,7%
	41 a 65 anos	36,0%	19,4%	21,2%	23,4%
	máis de 65 anos	39,2%	15,7%	22,0%	23,2%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	39,4%	26,0%	19,8%	14,8%
	vilas	32,3%	20,7%	21,0%	26,0%
	rural	25,3%	14,8%	23,7%	36,2%
	fora Galicia	71,4%	12,3%	9,7%	6,5%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	41,7%	21,5%	18,8%	18,0%
	periurbano	18,0%	14,7%	26,3%	41,0%
ESTUDOS	ningón	5,4%	11,1%	27,4%	56,1%
	primarios	27,5%	14,4%	25,9%	32,2%
	secundarios	46,7%	24,6%	16,1%	12,6%
	universitarios	47,7%	24,8%	14,6%	12,9%
CLASE SOCIAL	baixa	35,3%	17,5%	16,7%	30,5%
	media-baixa	31,5%	15,7%	26,3%	26,4%
	media	39,9%	23,3%	17,7%	19,2%
	media-alta	56,1%	18,9%	14,9%	10,2%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	25,9%	20,7%	24,8%	28,6%
	escola	56,4%	27,2%	12,8%	3,6%
	amigos	52,3%	23,9%	15,0%	8,8%
	veciños	62,2%	23,7%	10,1%	4,0%
	traballo	43,8%	22,8%	16,5%	16,9%
	outros	63,5%	21,0%	8,3%	7,2%
PROFESIÓN	empresarios	28,7%	20,3%	25,9%	25,1%
	tit sup/media	48,6%	30,6%	14,1%	6,7%
	prof. liberais	54,2%	26,3%	6,5%	13,0%
	docentes	40,1%	19,0%	20,2%	20,6%
	FEAA	58,2%	17,2%	12,9%	11,7%
	admin. subalt.	46,6%	24,8%	16,4%	12,3%
	servizos	61,4%	15,7%	12,0%	10,9%
	autónomos	25,0%	20,7%	24,1%	30,2%
	labradores	6,9%		18,1%	75,0%
	marifeiros	5,8%	12,8%	24,1%	57,2%
	obreiros	26,5%	14,3%	25,6%	33,6%
	home	31,8%	20,8%	22,7%	24,7%
SEXO	muller	55,6%	20,6%	12,6%	11,2%

Táboa 27. Lingua cos superiores

		LINGUA COS SUPERIORES			
		só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
LINGUA INICIAL	galego	26,3%	17,3%	23,7%	32,8%
	castelán	70,6%	17,7%	6,5%	5,1%
	as dúas	40,9%	26,6%	21,9%	10,6%
	outras	55,3%	6,5%	26,7%	11,5%
LINGUA HABITUAL	só castelán	98,3%	1,5%		0,2%
	máis castelán	60,4%	29,8%	6,2%	3,6%
	máis galego	26,6%	21,1%	34,2%	18,0%
	só galego	3,8%	5,9%	10,3%	80,0%
IDADE	16 a 25 anos	62,8%	16,4%	8,9%	11,9%
	26 a 40 anos	52,5%	19,9%	13,1%	14,5%
	41 a 65 anos	46,7%	19,3%	17,8%	16,2%
	máis de 65 anos	47,2%	16,9%	16,6%	19,3%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	53,7%	21,0%	12,7%	12,6%
	vilas	44,3%	20,5%	16,5%	18,7%
	rural	35,3%	17,6%	21,8%	25,3%
	fora Galicia	77,4%	10,5%	8,3%	3,8%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	54,1%	18,4%	14,1%	13,5%
	periurbano	34,8%	21,6%	19,0%	24,6%
ESTUDOS	ningún	28,8%	8,9%	18,9%	43,3%
	primarios	44,3%	17,8%	18,9%	19,1%
	secundarios	59,3%	20,4%	10,7%	9,6%
	universitarios	57,2%	20,6%	11,0%	11,2%
CLASE SOCIAL	baixa	48,9%	19,9%	12,5%	18,7%
	media-baixa	43,6%	18,9%	19,0%	18,5%
	media	53,8%	19,4%	13,0%	13,8%
	media-alta	66,2%	15,1%	9,7%	9,0%
ÁMBITOS DE ADQUISIÓN	familia	38,8%	21,1%	19,6%	20,4%
	escola	67,7%	24,2%	4,8%	3,4%
	amigos	70,9%	15,2%	6,6%	7,3%
	veciños	77,5%	13,4%	8,0%	1,0%
	traballo	63,2%	14,9%	8,8%	13,1%
	outros	75,1%	14,6%	4,1%	6,2%
PROFESIÓN	empresarios	57,8%	9,8%	21,7%	10,7%
	tít sup/media	60,6%	25,2%	8,7%	5,5%
	prof. liberais	68,5%		31,5%	
	docentes	48,9%	19,1%	13,5%	18,5%
	FFAA	58,9%	19,8%	15,3%	6,0%
	admin. subalt.	57,1%	19,5%	12,9%	10,4%
	servizos	67,9%	14,4%	9,7%	7,9%
	autónomos	55,0%	15,5%	12,4%	17,1%
	labradores	5,9%	2,9%	21,8%	69,3%
	marineiros	27,6%	14,6%	11,1%	46,7%
	obreiros	41,0%	19,1%	19,5%	20,4%
	estudantes	55,1%	35,6%	9,3%	
	non activos	25,3%			74,7%
	home	42,6%	20,6%	18,3%	18,5%
SEXO	muller	63,5%	16,3%	9,6%	10,7%

Táboa 28. Condicionamento da lingua do traballo sobre a habitual

		CONDICIONAMENTO DA LINGUA	
		si	non
LINGUA INICIAL	galego	19,8%	80,2%
	castelán	20,1%	79,9%
	as dúas	18,1%	81,9%
	outras	37,8%	62,2%
LINGUA HABITUAL	só castelán	5,4%	94,6%
	máis castelán	28,1%	71,9%
	máis galego	23,6%	76,4%
	só galego	5,7%	94,3%
IDADE	16 a 25 anos	17,1%	82,9%
	26 a 40 anos	19,1%	80,9%
	41 a 65 anos	20,8%	79,2%
	máis de 65 anos	19,8%	80,2%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	18,7%	81,3%
	vilas	18,9%	81,1%
	rural	22,3%	77,7%
	fora Galicia	18,6%	81,4%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	20,5%	79,5%
	periurbano	16,5%	83,5%
ESTUDOS	ningún	15,5%	84,5%
	primarios	20,1%	79,9%
	secundarios	18,4%	81,6%
	universitarios	20,2%	79,8%
CLASE SOCIAL	baixa	17,7%	82,3%
	media-baixa	18,8%	81,2%
	media	20,6%	79,4%
	media-alta	19,9%	80,1%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	19,3%	80,7%
	escola	13,3%	86,7%
	amigos	17,3%	82,7%
	veciños	14,9%	85,1%
	traballo	59,0%	41,0%
	outros	19,6%	80,4%
PROFESIÓN	empresarios	20,8%	79,2%
	tit sup/media	23,5%	76,5%
	prof. liberais	16,5%	83,5%
	docentes	20,4%	79,6%
	FFAA	32,0%	68,0%
	admin. subalt.	19,2%	80,8%
	servizos	20,9%	79,1%
	autónomos	22,6%	77,4%
	labradores	1,8%	98,2%
	marífeiros	19,9%	80,1%
	obreiros	18,8%	81,2%
	estudantes	18,4%	81,6%
	non activos		100,0%
SEXO	home	20,9%	79,1%
	muller	17,8%	82,2%

Táboa 29. Sentido do condicionamento da lingua do traballo sobre a habitual

		SENTIDO CONDICIONAMENTO	
		a favor do castelán	a favor do galego
LINGUA INICIAL	galego	87,5%	12,5%
	castelán	22,6%	77,4%
	as dúas	63,1%	36,9%
	outras	28,4%	71,6%
LINGUA HABITUAL	só castelán	74,0%	26,0%
	máis castelán	40,5%	59,5%
	máis galego	67,6%	32,4%
	só galego	25,0%	75,0%
IDADE	16 a 25 anos	43,4%	56,6%
	26 a 40 anos	40,1%	59,9%
	41 a 65 anos	58,4%	41,6%
	máis de 65 anos	72,4%	27,6%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	42,5%	57,5%
	vilas	58,2%	41,8%
	rural	78,4%	21,6%
	fora Galicia	18,2%	81,8%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	52,5%	47,5%
	periurbano	54,7%	45,3%
ESTUDIOS	ningún	83,2%	14,8%
	primarios	62,4%	37,6%
	secundarios	48,4%	51,6%
	universitarios	31,1%	68,9%
CLASE SOCIAL	baixa	65,4%	34,6%
	media-baixa	59,2%	40,8%
	media	49,7%	50,3%
	media-alta	35,4%	64,6%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	69,6%	30,4%
	escola	24,2%	75,8%
	amigos	43,4%	56,6%
	veciños	27,4%	72,6%
	traballo	2,7%	97,3%
	outros	8,2%	91,8%
PROFESIÓN	empresarios	55,3%	44,7%
	tit sup/media	31,2%	68,8%
	prof. liberais	16,3%	83,7%
	docentes	25,4%	74,6%
	FFAA	95,6%	4,4%
	admin. subalt.	54,4%	45,6%
	servizos	68,3%	31,7%
	autónomos	80,1%	19,9%
	labradores	19,3%	80,7%
	maríneiros	53,7%	46,3%
	obreiros	50,0%	50,0%
	estudantes		100,0%
SEXO	home	48,6%	51,4%
	muller	60,8%	39,2%



Táboa 30. Poboación que falou (ou non) sempre a mesma lingua

		FALOU SEMPRE A MESMA LINGUA	
		si	non
LINGUA INICIAL	galego	29,3%	70,7%
	castelán	42,7%	57,3%
	as dúas	78,0%	22,0%
	outras	39,5%	60,5%
LINGUA HABITUAL	só castelán	96,8%	3,2%
	máis castelán	19,3%	80,7%
	máis galego	17,5%	82,5%
	só galego	87,9%	12,1%
IDADE	16 a 25 anos	49,7%	50,3%
	26 a 40 anos	41,7%	58,3%
	41 a 65 anos	40,0%	60,0%
	máis de 65 anos	47,6%	52,4%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	45,3%	54,7%
	vilas	38,6%	61,4%
	rural	34,3%	65,7%
	fora Galicia	61,6%	38,4%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	42,9%	57,1%
	periurbano	46,1%	53,9%
ESTUDIOS	ningún	53,4%	46,6%
	primarios	41,3%	58,7%
	secundarios	45,3%	54,7%
	universitarios	45,5%	54,5%
CLASE SOCIAL	baixa	43,0%	57,0%
	media-baixa	40,5%	59,5%
	media	44,8%	55,2%
	media-alta	50,3%	49,7%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	38,6%	61,4%
	escola	52,1%	47,9%
	amigos	37,6%	62,4%
	veciños	54,7%	45,3%
	traballo	29,7%	70,3%
	outros	50,9%	49,1%
PROFESIÓN	empresarios	38,4%	61,6%
	tit sup/media	45,6%	54,4%
	prof. liberais	41,4%	58,6%
	docentes	36,6%	63,4%
	FFAA	31,6%	68,4%
	admin. subalt.	38,9%	61,1%
	servizos	39,9%	60,1%
	autónomos	41,1%	58,9%
	labradores	67,4%	32,6%
	maríneiros	39,4%	60,6%
	obreiros	39,0%	61,0%
	estudantes	51,8%	48,2%
	amas casa	45,7%	54,3%
	non activos	58,2%	41,8%
SEXO	home	40,8%	59,2%
	muller	45,7%	54,3%

Táboa 31. Razón dos cambios conscientes de lingua

		RAZÓN CAMBIOS LINGUA					
		por vontade propia	por influxo do ensino	por razóns de traballo	para adaptarme ó medio	considerac social do galego	por outras razóns
LINGUA INICIAL	galego	15,0%	15,2%	9,0%	48,1%	1,1%	11,0%
	castelán	30,2%	11,2%	10,2%	33,7%	3,2%	11,6%
	as dúas	27,4%	9,7%	11,3%	39,4%	4,3%	7,8%
	outras	2,7%	4,5%	6,7%	77,1%	2,3%	6,8%
LINGUA HABITUAL	só castelán	24,1%	10,5%	4,3%	49,6%		11,5%
	máis castelán	25,1%	12,7%	11,1%	37,4%	2,3%	11,4%
	máis galego	19,5%	12,4%	9,2%	45,8%	2,0%	11,0%
	só galego	48,0%	23,4%	4,3%	11,9%	8,1%	4,4%
IDADE	16 a 25 anos	29,3%	29,1%	4,1%	27,3%	1,9%	8,2%
	26 a 40 anos	23,7%	12,2%	11,4%	37,0%	3,5%	12,2%
	41 a 65 anos	22,2%	7,8%	10,6%	45,9%	2,0%	11,5%
	máis de 65 anos	16,0%	6,0%	13,3%	52,1%	1,3%	11,2%
HÁBITAT DE NACEMENTO	urbano	27,5%	13,9%	9,5%	34,9%	2,7%	11,5%
	vilas	23,0%	8,7%	8,4%	47,0%	2,9%	10,1%
	rural	17,3%	12,9%	10,4%	46,3%	1,7%	11,3%
	fora Galicia	16,4%	9,2%	13,1%	51,8%	1,8%	7,8%
HÁBITAT ONDE VIVE	urbano	24,0%	11,8%	10,5%	40,8%	2,4%	10,7%
	periurbano	19,3%	17,4%	7,7%	41,0%	1,9%	12,7%
	ningún	13,0%	1,1%	12,0%	60,1%	1,5%	12,3%
ESTUDOS	primarios	20,4%	9,6%	9,8%	47,6%	1,7%	10,9%
	secundarios	24,6%	21,4%	7,2%	32,3%	1,8%	12,6%
	universitarios	29,3%	14,0%	12,0%	30,5%	4,6%	9,6%
CLASE SOCIAL	baixa	20,6%	11,6%	10,6%	48,7%	,6%	7,9%
	media-baixa	19,7%	10,1%	9,1%	46,8%	2,2%	11,9%
	media	25,2%	14,8%	10,4%	36,9%	2,5%	10,3%
	media-alta	31,3%	14,2%	11,0%	24,8%	3,4%	15,3%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	21,3%	12,2%	8,4%	44,1%	2,4%	11,6%
	escola	25,8%	40,9%	3,4%	18,8%	2,3%	8,7%
	amigos	36,9%	2,2%	6,4%	40,4%	3,2%	10,9%
	veciños	22,9%	2,1%	7,7%	53,6%	1,6%	12,0%
	traballo	14,6%		59,2%	22,2%	0,5%	3,7%
	outros	33,5%	1,7%	21,3%	29,2%	2,0%	12,1%
PROFESIÓN	empresarios	18,7%	9,5%	15,8%	42,9%	0,6%	12,4%
	tit sup/media	29,8%	7,5%	19,8%	30,3%	2,2%	10,4%
	prof. liberais	26,5%	6,0%	16,9%	37,0%	3,3%	10,3%
	docentes	27,0%	16,5%	17,1%	21,6%	7,3%	10,6%
	FFAA	18,9%	6,6%	24,2%	41,4%	2,7%	6,3%
	admin. subalt.	22,2%	8,9%	16,1%	38,9%	3,0%	11,0%
	servizos	18,3%	7,4%	21,4%	41,9%	2,6%	8,4%
	autónomos	18,6%	8,3%	13,6%	44,9%	2,8%	11,8%
	labradores	21,2%	11,9%	1,3%	56,7%	1,9%	7,1%
	marceiros	17,1%	5,3%	12,7%	56,2%		8,7%
	obreiros	20,3%	10,3%	11,7%	45,8%	1,1%	10,8%
	estudantes	31,5%	33,9%	0,1%	23,6%	2,4%	8,6%
	amas casa	22,9%	9,5%	0,6%	51,0%	2,1%	13,8%
	non activos	27,1%	13,7%	2,0%	40,1%		17,1%
SEXO	home	22,9%	12,3%	13,5%	39,9%	2,0%	9,5%
	muller	23,5%	13,3%	6,7%	41,4%	2,6%	12,5%

Táboa 32. Indicadores sociolingüísticos das cidades

		CIDADE						
		A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Vigo	Pontevedra
LINGUA INICIAL	galego	34,9%	51,9%	25,4%	49,9%	37,9%	26,5%	40,6%
	castelán	54,4%	33,0%	57,7%	34,1%	36,2%	55,1%	43,8%
	as dúas	10,3%	14,0%	16,5%	15,7%	24,8%	17,9%	14,9%
	outras	0,5%	1,1%	0,3%	0,3%	1,0%	0,4%	0,7%
ENTENDE O GALEGO	nada	0,3%	0,2%	0,5%	0,4%	0,1%	0,1%	0,2%
	pouco	4,5%	2,3%	5,9%	4,2%	1,8%	8,8%	3,9%
	bastante	29,6%	27,1%	45,8%	39,5%	61,4%	51,3%	52,5%
	moito	65,6%	70,4%	47,8%	55,9%	36,7%	39,8%	43,4%
FALA O GALEGO	nada	4,5%	1,9%	6,5%	3,5%	1,0%	5,0%	4,4%
	pouco	18,7%	12,7%	24,8%	15,4%	15,7%	25,8%	21,5%
	bastante	32,1%	31,1%	39,4%	39,3%	54,4%	46,0%	45,6%
	moito	44,6%	54,2%	29,3%	41,8%	28,9%	23,2%	28,5%
LE O GALEGO	nada	6,2%	8,2%	12,7%	9,7%	12,4%	9,3%	14,9%
	pouco	25,6%	30,2%	38,8%	36,9%	45,4%	37,6%	33,6%
	bastante	35,9%	30,8%	28,4%	35,7%	33,1%	38,2%	33,8%
	moito	32,2%	30,9%	20,1%	17,8%	9,1%	14,9%	17,7%
ESCRIBE O GALEGO	nada	26,9%	26,7%	40,3%	29,1%	40,9%	34,0%	38,8%
	pouco	37,6%	36,8%	34,2%	39,9%	38,1%	34,9%	31,3%
	bastante	19,7%	19,4%	15,2%	19,5%	16,1%	22,4%	18,5%
	moito	15,7%	17,2%	10,3%	11,5%	4,9%	8,7%	11,4%
LINGUA HABITUAL	só castelán	28,3%	11,3%	27,7%	9,4%	9,7%	23,2%	28,1%
	máis castelán	36,6%	28,3%	39,7%	32,8%	30,9%	41,5%	25,2%
	máis galego	24,6%	31,0%	26,2%	43,7%	44,1%	30,9%	24,4%
	só galego	10,5%	29,5%	6,4%	14,1%	15,4%	4,4%	22,3%
ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	familia	64,1%	80,1%	69,8%	79,1%	77,9%	65,7%	71,8%
	escola	12,8%	6,4%	12,1%	8,7%	6,4%	12,7%	11,1%
	amigos	10,4%	4,7%	5,7%	4,6%	7,6%	6,3%	4,7%
	veciños	3,9%	1,6%	5,6%	2,9%	5,2%	5,5%	5,9%
	traballo	2,9%	2,7%	2,3%	1,5%	1,7%	3,1%	2,7%
	outros	5,9%	4,4%	4,4%	3,2%	1,2%	6,8%	3,7%

## ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN.....	9
I. O MEDIO URBANO NA INVESTIGACIÓN DO COMPORTAMENTO .....	17
Os procesos de urbanización no mundo contemporáneo .....	21
A evolución da poboación urbana.....	25
Os procesos de urbanización en Galicia .....	26
A poboación urbana de Galicia na actualidade.....	28
II. LINGUA E SOCIEDADE EN GALICIA (SÉCULOS XIX E XX) .....	47
III. SOCIOLINGÜÍSTICA E METODOLOXÍA .....	63
Os estudos sobre o mantemento e a substitución lingüística .....	68
A achega de Fishman (1964).....	68
A reformulación –parcial– do modelo de Fishman (1991) .....	74
As causas da substitución lingüística .....	76
A crítica do modelo fishmaniano: Williams (1992) .....	79
O modelo de Susan Gal .....	82
O modelo analítico do proxecto Euromosaic .....	85
Metodoloxía .....	92
Cuestionario e mostraxe .....	92
A cidade .....	94
O habitat .....	99
A profesión.....	101
A clase social .....	103
Os estudos .....	104
Variables dependentes analizadas .....	105
Aclaración sobre procedementos estatísticos .....	110
IV. LINGUA INICIAL E ÁMBITO DE ADQUISICIÓN DO GALEGO .....	111
O estudo da lingua inicial ou materna .....	113
A lingua inicial no medio urbano .....	125
Lingua inicial segundo a idade .....	127
Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento .....	129
Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento	

e a idade.....	134
Lingua inicial segundo o hábitat de residencia .....	138
Lingua inicial segundo os estudos.....	138
Lingua inicial segundo a clase social .....	140
Lingua inicial segundo a clase social ó longo do século XX .....	141
Lingua inicial segundo a profesión .....	145
Lingua inicial segundo o ámbito de adquisición do galego .....	146
Ámbito de adquisición do galego .....	148
Ámbito de adquisición do galego segundo a idade .....	151
Ámbito de adquisición segundo os estudos.....	152
Ámbito de adquisición do galego segundo o hábitat de nacemento .....	154
<b>V. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA .....</b>	<b>157</b>
O estudo da competencia lingüística ou coñecemento da lingua .....	159
A competencia lingüística no medio urbano .....	163
Competencia lingüística segundo a lingua inicial .....	168
Competencia lingüística segundo a lingua habitual .....	173
Competencia lingüística segundo a idade.....	178
Competencia lingüística segundo a clase social .....	181
Competencia lingüística segundo os estudos .....	183
Competencia lingüística segundo se estudase galego na escola .....	184
Competencias efectivas segundo a lingua inicial na poboación que estudou galego na escola .....	189
Competencias efectivas segundo a lingua habitual na poboación que estudou galego na escola .....	191
Competencias efectivas segundo o nivel de estudos na poboación que estudou galego na escola .....	193
<b>VI. LINGUA HABITUAL E USOS ESCRITOS .....</b>	<b>197</b>
O estudo do uso lingüístico.....	199
Lingua habitual en tres xeracións .....	202
Lingua habitual segundo a lingua inicial.....	205
Lingua habitual segundo o dominio do galego oral .....	208
Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento .....	209
Lingua habitual segundo o hábitat de residencia .....	211
Lingua habitual segundo a idade .....	214
Lingua habitual segundo os estudos .....	216

Lingua habitual segundo a clase social .....	218
Lingua habitual segundo o ámbito de adquisición do galego .....	220
Lingua habitual segundo a actividade profesional .....	221
Lingua habitual segundo o sexo .....	223
O uso escrito do galego.....	226
Lingua de lectura .....	226
Lingua de lectura segundo a lingua habitual .....	227
Lingua de escritura (notas breves) .....	228
Lingua das notas breves segundo a lingua inicial .....	229
Lingua das notas breves segundo a lingua habitual .....	230
Lingua das notas breves segundo a competencia escrita .....	231
<b>VII. USOS NA FAMILIA .....</b>	<b>233</b>
As interaccións lingüísticas familiares .....	242
Usos familiares segundo o hábitat de nacemento .....	248
Usos lingüísticos segundo a idade .....	250
Usos familiares da poboación orixinaria das cidades segundo a idade.....	252
Usos familiares segundo a clase social.....	259
Usos familiares da poboación nacida nas cidades segundo a clase social, no século XX.....	260
Usos familiares segundo os estudos .....	268
Usos familiares segundo o hábitat de nacemento e de residencia .....	270
Usos familiares segundo o sexo .....	273
Usos na familia segundo a lingua inicial .....	276
Usos familiares segundo a lingua habitual .....	279
Usos da poboación urbana na familia segundo a lingua que lles falan nesas interaccións.....	281
Lingua utilizada cos avós e lingua que falan os avós cos informantes .....	282
Lingua utilizada cos pais e lingua que falan os pais cos informantes.....	284
Outros usos familiares .....	286
Lingua dos pais cos avós segundo a lingua dos pais entre si ....	287
Lingua dos pais cos fillos segundo o hábitat de nacemento destes e a súa idade.....	289
Lingua nas discusións .....	290
Usos lingüísticos en situacións emocionais de rabia:	

a acción de reprende-los fillos e as discusións .....	294
Lingua cos familiares de maior e menor idade .....	297
<b>VIII. USOS NA ESCOLA .....</b>	<b>301</b>
A escola e a substitución lingüística .....	307
A presenza do galego na escola .....	313
Usos no ámbito escolar .....	316
Usos escolares segundo a lingua inicial .....	318
Usos escolares segundo a lingua habitual .....	322
Usos escolares segundo a idade .....	324
Usos escolares segundo os estudos .....	328
Usos escolares segundo o hábitat de nacemento .....	329
Usos escolares segundo o ámbito de adquisición do galego .....	331
Usos escolares segundo a profesión .....	332
Usos lingüísticos dos estudantes .....	332
<b>IX. USOS NO TRABALLO .....</b>	<b>337</b>
As prácticas lingüísticas laborais da poboación galega .....	339
Usos laborais segundo a profesión .....	342
Uso no lugar de traballo dos docentes .....	346
Uso cos compañeiros segundo a idade .....	348
Uso cos compañeiros segundo o hábitat onde vive .....	348
Uso no lugar de traballo segundo a lingua habitual .....	350
Uso cos compañeiros segundo a lingua habitual .....	350
Uso cos superiores segundo a lingua habitual .....	351
Uso cos empregados segundo a lingua habitual .....	352
<b>X. A DIMENSIÓN DIACRÓNICA: O CAMBIO INTRAXERACIONAL CONSCIENTE .....</b>	<b>355</b>
O cambio de lingua consciente segundo a lingua inicial .....	358
O cambio consciente segundo a lingua habitual .....	360
O cambio de lingua segundo o hábitat de nacemento .....	361
Razóns do cambio de idioma .....	362
Razóns do cambio de lingua segundo a lingua inicial .....	363
Razóns do cambio de idioma segundo a lingua habitual .....	364
Razóns dos cambios de lingua segundo o hábitat de nacemento .....	366
Razóns dos cambios de lingua segundo a idade .....	367
Razóns do cambio de idioma segundo o ámbito de adquisición do galego .....	368
A dirección e o ritmo do cambio lingüístico consciente .....	368

O ritmo do cambio lingüístico consciente segundo o hábitat de nacemento .....	376
O ritmo do cambio consciente (ata os 13 anos) segundo o hábitat de nacemento e a idade .....	378
O ritmo do cambio consciente segundo a lingua inicial .....	380
Retención lingüística da lingua inicial en diferentes períodos segundo a idade .....	382
O cambio de lingua desde a perspectiva da lingua habitual .....	388
 <b>XI. A DIMENSIÓN DIATÓPICA: A VARIACIÓN ENTRE AS SETE CIDADES</b> .....	393
Lingua inicial .....	395
Lingua inicial nas sete cidades segundo o ano de nacemento .....	397
Competencias orais .....	402
Capacidade para falar en galego por grupos de idade .....	403
Capacidade para ler e escribir en galego .....	405
Competencia escrita segundo a idade .....	406
Lingua habitual nas sete cidades .....	408
Lingua habitual segundo a idade .....	410
Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento .....	413
Lingua habitual segundo o hábitat de residencia .....	416
Lingua habitual segundo a clase social .....	418
Lingua habitual segundo os estudos .....	421
 <b>XII. CONCLUSIÓNS</b> .....	423
Competencia lingüística .....	425
Lingua inicial .....	428
Ámbito de adquisición do galego .....	431
Lingua habitual .....	432
Lingua de lectura .....	436
Lingua de escritura .....	436
Usos familiares .....	436
Usos escolares .....	440
Usos no traballo .....	442
O cambio lingüístico .....	443
Análise por cidades .....	446
 <b>REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS</b> .....	451
 <b>APÉNDICE: TÁBIOAS XERAIS</b> .....	473



